







# Revista Galega do Ensino

---





# Revista Galega do Ensino

---

## COMITÉ DE REDACCIÓN

Ana María Platas Tasende / Dirección  
M. del Mar Lorenzo Moledo / Subdirección  
María Natividad Rodríguez López / Secretaría  
Javier Vilariño Pintos / Ilustración

---

## CONSELLO ASESOR

Antonio de Ron Pedreira  
Agustín Dosil Maceira  
Constantino García González  
Carlos García Riestra  
Xesús P. González Moreiras  
Venancio Graña Martínez  
José Eduardo López Pereira  
Senén Montero Feijóo  
José Carlos Otero López  
Carlos Pajares Vales  
Vicente Peña Saavedra  
María Pilar Mar Pérez Marsó  
Ángel Rebolledo Varela  
Manuel Regueiro Tenreiro  
María Jesús Suárez Sixto  
José Luis Valcarce Gómez

---

## TRADUCCIÓN E CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA

Begoña Méndez Vázquez

---

## COLABORACIÓN, CORRESPONDENCIA, INTERCAMBIO E PEDIDOS

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria  
Dirección Xeral de Política Lingüística  
Edificio Administrativo San Caetano  
15704 Santiago de Compostela  
*e-mail:* revista.galega.ensino@mail.xunta.es





**Número especial**

***Balances dun século***

**Volume II**

**HUMANIDADES**

**COORDINADORA**

*Ana María Platas Tasende*

*O Comité de Redacción non asume  
necesariamente as opinións expostas  
polos autores*

Prohibida a reprodución total ou parcial  
do contido sen a autorización expresa da RGE

© Xunta de Galicia

Edita: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria  
Dirección Xeral de Política Lingüística

Imprime: Grafinova, S. A.

Depósito Legal: C - 818 - 96

ISSN: 1133 - 911X





## Índice

### *Presentacións*

- ❧ Presentación  
*Manuel Fraga Iribarne* pág. 15
- ❧ Para unha fin de século  
*Celso Currás Fernández* pág. 17
- ❧ Limiar  
*Ana María Platas Tasende* pág. 19

### *Colaboracións*

- ❧ Cen anos de Historia  
*Xosé Ramón Barreiro Fernández* pág. 23
- ❧ Políticas de inmigración e multiculturalismo en Europa  
*Ramón Máiz* pág. 37
- ❧ A Filosofía no século XX  
*Manuel Maceiras Fafián* pág. 55

❧	A Ética ou o preguntar polo ben <i>Alfonso Pérez de Laborda</i>	páx. 85
❧	Pensamento relixioso no século XX <i>Manuel Cabada Castro</i>	páx.111
❧	A democracia en Europa: entre o final da utopía e a fin da Historia (reflexións sobre un século) <i>Roberto L. Blanco Valdés</i>	páx.133
❧	Trazos xurídicos dun século <i>Pedro Ortego Gil</i>	páx.155
❧	A Psicoloxía no século XX. Balance e perspectiva no limiar dunha nova centuria <i>Helio Carpintero</i>	páx. 177
❧	A Educación do século XX: unha mirada a propostas, avances e herdanzas <i>Alejandro Mayordomo</i>	páx. 199

❧	A Lingüística no século XX <i>Francisco García Gondar / Guillermo Rojo</i>	páx. 221
❧	Un século de Literatura <i>Luis Iglesias Feijoo</i>	páx. 247
❧	A Pintura e o Debuxo no século XX. O mercado da liberdade <i>Lino Cabezas Gelabert</i>	páx. 267
❧	Apuntamentos sobre a Arquitectura do século XX <i>José Manuel García Iglesias</i>	páx. 287
❧	O Teatro no século XX <i>César Oliva</i>	páx. 311
❧	Contribucións cinematográficas a un século que remata <i>Ángel Luis Hueso Montón</i>	páx. 333
❧	Unha reflexión sobre a Música do século XX <i>Roberto Relova Quinteiro</i>	páx. 353

***Premios  
Nobel***



*Premios Nobel de Literatura*

pág. 373



*Premios Nobel da Paz*

pág. 380

***Normas para  
os autores***



*Comité de Redacción*

pág. 387



# *Presentacións*



## PRESENTACIÓN

Cómpre —e bo sería facelo con talante e espírito críticos— un repaso ás evolucións e variacións habidas nas diferentes áreas do coñecemento no que o xénero humano está inmerso e se desenvolve.

É costume das nosas culturas occidentais facer balances periódicos dos logros acadados a partir das propostas presentadas. Deste xeito avalíanse moitas veces os resultados nas áreas científicas e técnicas nas que as posibilidades de lograr metas están supeditadas de continuo á metodoloxía e, sobre todo, á tecnoloxía alcanzable en cada momento.

Outra cousa é o pensamento, a ideoloxía, o criterio ou criterios con que se elixe unha liña de actuación. Isto non é cuestión de menor importancia, pois sabemos que as conductas mudaron a miúdo os rumbos da nosa historia.

Desde as ideoloxías ata as maquinarias científicas e técnicas, todo pode quedar obsoleto. Adaptarse ós tempos ten moito que ver con ser capaces de coñece-lo pasado e entende-la súa evolución nos diferentes ámbitos da actuación humana. Este coñecemento e mais este entendemento poderán ofrecernos un punto de apoio para seguirmos avanzando en ciencia, en tecnoloxía, en pensamento, e axudarannos outrosí a discernirmos entre o que é verdadeira evolución e o que é un simple cambio.

A *Revista Galega do Ensino* —non podía ser doutra maneira— súmase a esas reflexións con este número extraordinario, *Balances dun século*, dedicado a comprobalas evolucións e pescudar nos métodos baixo diferentes puntos de vista, coa calidade e o rigor ós que xa nos ten acostumados.

*Manuel Fraga Iribarne*  
Presidente da Xunta de Galicia





## PARA UNHA FIN DE SECULO

Os remates dos séculos inclinan sempre á reflexión. Non ía ser menos o deste, tan axitado nos terreos da historia, da sociedade e da política coma innovador nos eidos do pensamento, das diversas ciencias, das comunicacións, do ensino, das leis ou das artes.

A *Revista Galega do Ensino*, coa que esta Consellería, desde hai anos, quere ofrecer ó profesorado vías de expresión dos seus achados e de actualización dos seus coñecementos, comprácese en editar, con motivo destas datas tan singulares, un número especial no que se recollen estudos varios sobre o século XX.

As particulares visións dun nutrido grupo de especialistas en diferentes disciplinas sobre os principais acontecementos, as ideas ou os descubrimentos máis transcendentales deste século demostran canto houbo de inqedanzas, canto de inventos e de poderosa forza creativa na última centuria, que parece se-la porta que abre ó infinito as posibilidades da nova, na que tan axiña nos corresponde entrar.

Sen dúbida, estes *Balances dun século* han gozar dunha entusiasta acollida por parte dos lectores e servir de punto de referencia para docentes e estudiosos interesados no desenvolvemento da cultura. Moito do que acadaron os nosos predecesores lémbrese nas seguintes páxinas. Algúns, por certo, nin sequera foron os nosos predecesores: son os nosos coetáneos, e viven e alentan canda nós mentres lle arrincan ó mundo os seus máis agochados segredos e nos entregan os logros finais das súas incontables horas de dedicación. Non pode ser outra a maneira de conquistar un futuro que xa é presente.

Celso Currás Fernández  
Conselleiro de Educación  
e Ordenación Universitaria



## LIMIAR

Parece lóxico que diversas publicacións periódicas dediquen centos de páxinas e numerosos monográficos á análise dos aspectos máis caracterizadores deste século XX que agora acaba. Tal circunstancia non pasou inadvertida ós responsables da *Revista Galega do Ensino*, que, desde hai tempo, queriamos ofrecer unha ollada comprensiva do que sucedeu nas distintas facetas da actividade humana, convencidos de que tódalas voces ían ser diferentes, e todas poucas, para proceder ó estudio de cen anos tan polémicos. Así xurdiu *Balances dun século*, que sae dividido en dous volumes dedicados respectivamente ás Ciencias e ás Humanidades.

Para unha publicación dirixida ós docentes tíñase que intentar a maior amplitude posible no sometido a exame, co fin de non deixar fóra moito do que un espectador aséptico considerase esencial. Calquera lector, sen embargo, poderá botar en falta determinadas materias, feitos ou invencións. Non se perseguíu a exhaustividade, senón compendiar e valorar algo do máis relevante.

Polo que respecta ás disciplinas de base humanística, tampouco foi doado escollelas debido ós límites que impoñía a extensión do volume. Procurouse que as elixidas formasen un corpus coherente e que os ilustres autores que asinan os artigos esbozasen panoramas do século XX ou abordasen cuestións concretas de transcendencia extraordinaria acaecidas no seu discorrer. Tanto as opinións individuais como o resultado da súa integración no conxunto habían ser de interese e utilidade para os destinatarios. Todo o labor se subordinou a esta esperanza.

A Dirección da RGE desexa manifesta-lo seu agradecemento ós colaboradores que escoitaron a súa chamada e a do profesor Carlos Pajares, e dirixir así mesmo un recordo agarimoso a aqueles que, sen formaren parte do abnegado Comité de Redacción, prestaron axudas inestimables.

Por último —o último, desde a Biblia, é case sempre o primeiro— quede constancia da gratitude debida a don Celso Currás Fernández, Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, pois, sen o seu apoio e a súa tolerancia, a *Revista Galega do Ensino* non podería segui-la traxectoria de liberdade que vén amosando.

*Ana María Platas Tasende*  
Directora da *Revista Galega do Ensino*  
Coordinadora do volume de Humanidades





# *Colaboracións*



## CEN ANOS DE HISTORIA

---

*Xosé Ramón Barreiro Fernández\**  
Universidade de Santiago  
de Compostela

Se hai algo que define o século XX é o proceso imparabile cara á integración do mundo. Había unha fronteira, imposible de violar, que pretendía presentar un modelo alternativo ó do liberalismo e ó do capitalismo. Resistiu durante décadas, pero esa derradeira fronteira tamén caeu. A URSS hoxe é xa historia e os cidadáns das repúblicas ex soviéticas soben, en marcha, a ese tren.

A integración faise en torno a un modelo económico que os estados asumen e a unhas normas de convivencia política que, cada vez, deixan menores marxes de autonomía a cada un dos estados en beneficio dun poder supranacional. Neste contexto é practicamente imposible que os conflitos interestatais non atopen unha solución de consenso. Por iso, hoxe as guerras están localizadas nos suburbios da gran cidade global, constituída polos estados que lideran o proxecto integrador.

A globalización é algo máis cá integración. Pretende, utilizando os espectaculares avances tecnolóxicos, con-

figurar unha cultura única, impoñer un novo código de valores e mesmo substituí-la pluralidade idiomática por unha linguaxe común. Pensamento único, moral única, idioma único é, no fondo, a grande utopía que perseguen os adoradores do progreso. ¿Chegaremos a iso? As páxinas que seguen pretenden historia-lo evidente proceso de integración que é, sen dúbida, a característica máis sobresaliente destes últimos cen anos. A globalización, en troques, é un fenómeno iniciado, en camiño, pero aínda está lonxe de aniñar nas consciencias de millóns de humanos. E mentres non domine a conciencia será unha batalla perdida.

### 1. A ECONOMÍA, MOTOR DO CAMBIO

---

#### 1.1 A FORMACIÓN DUNHA ECONOMÍA INTEGRADA

---

Unha das características do período comprendido entre 1870 e 1914 foi a integración da economía mundial nun conxunto interdependente nun

\* Catedrático de Historia Contemporánea

grao que resulta inconcibible en épocas anteriores.

O núcleo dese proceso foi Europa, cos Estados Unidos como centro subsidiario. Deste núcleo saíron os impulsos que abriron grandes extensións do Globo para a exploración e a penetración europea e americana.

O funcionamento dun único sistema multinacional de comercio mundial, con centro en Londres, foi imposible coa adopción do patrón ouro polas moedas dos principais estados europeos. Engádesa a isto o investimento estranxeiro, é dicir, a transferencia de capitais desde os estados máis avanzados ós máis pobres, que era un fenómeno exclusivo de Europa e de Norteamérica.

Gran Bretaña constituíuse na maior fonte de investimento no estranxeiro e Londres era o centro bancario máis importante ata 1914. No ano 1914 os investimentos británicos alén mar ascendían a 4000 millóns de libras, mentres que os de Francia, Alemaña, Bélxica, Holanda e os Estados Unidos non chegaban ós 5500 millóns de libras.

Capitais destes países abriron os camiños de ferro no mundo axudando a intercomunicación. En 1870, Europa tiña abertos 97.250 quilómetros, os Estados Unidos e Canadá 90.643 e o resto do mundo 14.650. Pero no ano 1911 había no mundo 1.060.000 quilómetros abertos, dos cales 281.750 pertencían xa ós países alleos a Europa, Estados Unidos ou Canadá.

Paralelamente, o comercio exterior triplicou o seu volume entre 1870 e 1914.

O proceso de integración económica anda a par do proceso da emigración mundial. As grandes correntes emigratorias proceden sempre de Europa e secundariamente da China, Xapón, e África. A medida que o capital estranxeiro abría nos novos países fontes de riqueza, o caudal emigratorio rebordaba, en beneficio daqueles países que entraban no desenvolvemento: os Estados Unidos, Centroamérica, Sudamérica e, subsidiariamente, Australia e Nova Celandia. É dicir, a emigración segue inexorablemente o camiño do investimento europeo.

Marcar estes feitos históricos non comporta, pola nosa parte, ningún tipo de xuízo ético ou simplemente económico. Ben sabemos que os investimentos europeos só pretendían a multiplicación do capital e o beneficio. Sen dúbida o sistema axudou e mesmo acelerou o progresou económico dos países prestameiros cando os investimentos serviron para a construción de infraestructuras, pero cando servían para outros intereses, os préstamos non fixeron máis que hipoteca-lo futuro destes países e convertíanse en formas máis sutís de colonialismo e dominación.

## 1.2 A CRISE DO SISTEMA

O proceso de integración económica experimentou retrocesos e crises que tiveron unha influencia decisiva na



construcción social e política do mundo.

A sobreexplotación laboral que impuña o sistema capitalista, mesmo nas nacións que lideraban a economía mundial, e a explotación colonial sobre os países máis débiles produciron movementos, rebeldías e ata a gran revolución socialista que fragmentou o mundo durante case un século.

Ademais destas crises, o propio sistema capitalista experimentou a chamada Gran Depresión, con epicentro no ano 1929, pero cunha maior extensión no tempo que obrigou a reformu-



A Gran Depresión nos EUA. Os cidadáns que perderon na Bolsa tanto diñeiro coma o que se gastou na Gran Guerra ofrecen o seu traballo por un dólar á semana.

la-los principios e as estratexias económicas no ámbito nacional e internacional.

Na análise que o socialismo facía do problema das relacións entre capital e traballo non se pretendía reduci-lo progreso económico que, evidentemente, beneficiaba o propio proletariado, senón que se tentaba elimina-la dialéctica capital-traballo mediante o sistema de eliminación do capitalismo como sistema, non como factor de riqueza. Para iso era preciso conquista-lo Estado pola clase traballadora (a chamada Dictadura do Proletariado) e impoñer un capitalismo de Estado que por ser un Estado proletario, automaticamente eliminaba aquela dialéctica.

Foi así como apareceron os movementos socialistas no mundo, con tódalas súas variantes, empregando estratexias de loita ata que no ano 1917 por fin se impón a Dictadura do Proletariado en Rusia.

Aparecía desta forma un modelo económico e tamén social e político enfrontado ó modelo capitalista na súa fase de integración mundial.

A Primeira Guerra Mundial, que afectaba os principais estados, permitiulle ó comunismo ruso irse consolidando pouco a pouco. Comezou a expansionarse no seu hábitat máis ou menos histórico, foi construíndo unha articulación pluriestatal que deu orixe á unión de repúblicas socialistas soviéticas, e cando considerou que estaba suficientemente consolidado o sistema iniciou a súa expansión ideolóxica e



A Gran Depresión en Francia. Os folguistas pedindo traballo ou pan.

diplomática. Foi daquela cando os chamados países capitalistas comprenderon que o comunismo ruso non era unha anécdota na historia, era unha seria ameaza ó modelo occidental.

Cando chegou o momento da Gran Depresión, os analistas do comunismo creron ver confirmadas tódalas hipóteses da autodestrución do sistema capitalista.

Xa sabemos que a depresión foi causada pola crise financeira. A grande alza especulativa de finais dos anos vinte, que xa era un síntoma de debilidadade do investimento, deu paso á caída

precipitada da cotización de valores en outubro de 1929. No conseguinte esforzo para atopar liquidez, os fondos volveron ós Estados Unidos, causando o derrubamento da insegura prosperidade europea. Cando Inglaterra abandonou o patrón ouro, permitindo a depreciación da libra esterlina en setembro de 1931, practicamente o mundo enteiro se veu afectado. Na maior parte dos países industrializados máis da cuarta parte da poboación activa quedou sen traballo. Os prezos e salarios caeron en picado, a produción industrial de Alemaña e dos Estados Unidos descendeu ó 53 % do nivel de 1929.

Parecía que o sistema capitalista entraba en crise definitiva e a URSS agardaba tranquila o momento do derrubamento absoluto para, sen esforzo, impoñe-lo seu modelo alternativo no mundo.

Pero o modelo comunista non foi o único que ofertou unha saída naquela situación crítica. No centro e no sur de Europa, nos países con escasa consolidación do sistema liberal, apareceu un novo modelo alternativo: o nacionalsocialismo.

O nacionalsocialismo acusaba o capitalismo salvaxe, e o modelo de Estado liberal que o fixera posible, de ser responsable da crise económica, é dicir, do paro, dos salarios baixos, das crebas bancarias. Nacía, xa que logo, o nacionalsocialismo cunha veta revolucionaria e anticapitalista. Pero, a diferenza do comunismo, non pretendía elimina-lo capitalismo senón sometelo ó Estado, o novo Estado. O Estado nacionalsocialista era un ente que totalizaba todo o poder posible: o económico, o social, o político. O Estado asumía co poder a responsabilidade de arbitrar sistemas de xustiza para tódolos que aceptaran e asumiran os principios do Estado. Os que se negaran eran reos de lesa patria.

Os novos Estados alemán e Italiano crearon unha mística popular, radicalmente unitaria, antiliberal, anti-comunista, que produciu de inmediato importantes éxitos económicos capaces de consolidalo ante a opinión pública.

O estatalismo do sistema de seguida se converteu nun hipernacionalismo. A grande industria orientouse decididamente cara á produción bélica e mentres crecía o emprego e subían os niveis económicos, o país preparouse para aquilo ó que a súa propia dinámica o levaba: para a guerra.

Xa sabemos que aquel modelo tivo que ser destruído por unha guerra mundial, a Segunda, que producirá importantísimos efectos na reordenación do sistema capitalista.

### 1.3 A RESTAURACIÓN DO SISTEMA DE ECONOMÍA INTEGRADA

A Segunda Guerra Mundial eliminou nos Estados Unidos as consecuencias da Gran Depresión. As necesidades de produción masiva para cubri-las necesidades da guerra permitiu recupera-la súa economía.

A paz non representou ningunha interrupción seria para a tendencia ascendente que se prolongou durante vinte anos, triplicando o produto interior bruto dos Estados Unidos entre 1950 e 1980 e duplicando a renda *per capita*.

A restauración dos sistemas de economía integrada significou o traslado do liderado económico mundial de Europa ós Estados Unidos. Foi isto posible pola conxunción de varios factores: o aumento da poboación, os avances tecnolóxicos, a aparición de novos bens de consumo, o repentino aforro dos gastos de guerra, os

programas de rearmamento relacionados coa Guerra Fría.

A intelixente política de Truman-Marshall de facer grandes empréstitos a Europa resultou perfecta para a centralización do poder económico nos Estados Unidos: axudaba á reindustrialización de Europa, abríanse por conseguinte amplos mercados no Vello Continente para os produtos americanos e as economías europeas quedaban definitivamente atadas ó dólar como unidade monetaria.

Neste momento, sen embargo, e aínda que os Estados Unidos seguen a mante-lo seu liderado, reforzado polo seu poder militar e político especialmente desde a desarticulación da URSS, creáronse outros dous focos de potencia económica que, se ben naceron integrados cos de Estados Unidos, poden significar no futuro o relevo de tal liderado. Referímonos á CEE e a Xapón.

Co fin da ocupación en 1951, Xapón iniciou un extraordinario crecemento económico que lle permitiu, ó cabo de vinte anos, converterse nunha potencia mundial, desde o punto de vista económico, porque politicamente nunca exerceu o liderado.

Nos anos cincuenta desenvolveron a súa industria pesada. Foi así como o Xapón se converteu no principal constructor de barcos no mundo, e o terceiro país maior produtor de ferro e aceiro.

A partir dos anos sesenta a industria xaponesa empezou a fabricar produtos de consumo de alta tecnoloxía (automóbiles, televisores, cámaras e ordenadores) dirixidos en gran parte ós mercados de exportación de todo o mundo. Os gigantes industriais xaponeses (Mitsui, Toyota, Mitsubishi) estableceron plantas de produción e montaxe no estranxeiro sobre todo no sueste asiático, pero tamén en Europa e mesmo no Estados Unidos de América.

A súa extraordinaria expansión económica fúndase na peculiar relación entre a empresa e os empregados, baseada no vello concepto da lealdade de grupo, e nunha moi intelixente intervención do Estado a través do poderoso Ministerio de Comercio e Industria Internacional, o MITI.

O espectacular crecemento económico xaponés realízase, sen embargo, dentro do modelo do capitalismo liberal e non pon en perigo —ó contrario, refórzao— o sistema de economía integrada vixente xa en todo o mundo.

Polo que respecta á CEE, lembremos que foron os seis países da Comunidade Europea do Carbón e o Aceiro, formada no ano 1952, os que no ano 1957 puxeron as bases do chamado entón Mercado Común Europeo.

No ano 1973 incorporáronse Inglaterra, Irlanda e Dinamarca, e a partir deste momento e dadas as extraordinarias vantaxes para o crecemento económico dos países, a CEE foi aumentando os seus efectivos, constituíu a moeda única que se imporá proximamente, e

non pasa pola mente de ningún dirixente rachar un sistema que coordina positivamente as economías nacionais.

A CEE tamén se sitúa no sistema de economía integrada e, sobre todo, é un mecanismo que impedirá no futuro que as diferencias interestatais teñan que recorrer á guerra como fórmula para solucionar-los problemas.

Por iso hoxe os analistas do fenómeno económico falan dunha *Triade* de bloques, formada polos Estados Unidos-Canadá, pola CEE e por Xapón cun mesmo concepto de economía.

## 2. AS CONSECUENCIAS: UN MUNDO SEN GRANDES GUERRAS PERO CON POBREZA

O feito de que a economía lograra a súa integración e vaia camiño da globalización non significou que a repartición de riqueza fora equilibrada nin xusta. Falamos de globalización pero sempre daqueles estados prósperos ou, dito dunha maneira máis gráfica, só 1/5 da poboación mundial participa da riqueza do mundo mentres que as 4/5 partes seguen a vivir na pobreza. Máis alá das consideracións éticas que poderíamos facer, interesa agora tiralas consecuencias de tal situación da propia racionalidade económica.

### 2.1 A DESCOLONIZACIÓN E A INTEGRACIÓN ECONÓMICA

O fenómeno da descolonización que, a partir do remate da Segunda Guerra Mundial, se foi xeneralizando, non veu acompañado dunha integra-

ción das economías dos novos estados na economía mundial. Quen hoxe contemple un mapa de Asia, de África ou mesmo de Oceanía, decátase de seguida de que un enxame de novos estados ocupa o lugar que hai só cen anos tiñan os grandes países colonizadores de Europa.

O escaso rendemento da maior parte destes novos estados foi o resultado do seu rápido crecemento demográfico que non contaba cun paralelo aumento da renda nacional. É certo que a explosión demográfica comezou a diminuír a finais dos anos oitenta, pero o aumento demográfico a longo prazo seguiu sendo un gravísimo problema. Por outra parte, a mellora dos servizos sanitarios reduciu os índices da mortalidade, especialmente da infantil, e ampliou a esperanza de vida, pero sempre en zonas con faltas de alimentos, como a África sahariana, e a fame seguiu e segue a facer estragos.

Pero non é só a presión demográfica a causante desta situación catastrófica. Nos anos oitenta hai unha radical desviación dos mecanismos económicos nos países desenvolvidos: o cambio do comercio ó capital, é dicir, que o mecanismo máis importante de incidencia no segundo mundo xa non vai se-lo comercial senón o investimento directo estranxeiro (IDE). O investimento directo estranxeiro medra trinta veces máis rápido entre 1984 e 1990 có comercio. Por outra parte, o crecemento de artigos para o comercio mundial diminúe do 8,5 % en 1988 ó 3 % en 1991.





A descolonización trouxo consigo un enxame de novos estados (Tomado de *La Tierra*. Edit. Salvat).

O investimento directo, é dicir, a adquisición de bens materiais nun país estranxeiro, foi importante mentres foron baixos os custos de man de obra, e iso explica a atracción do IDE por parte de moitos países subdesenvolvidos, o que significou unha importante axuda. Pero hoxe cos avances tecnolóxicos que permiten acurta-los ciclos de produción gracias á maquinaria asistida por ordenador, o baixo custo da man de obra pasou a un segundo lugar á hora de atraer capital estranxeiro.

Por iso caeu así mesmo nos anos noventa o IDE dun 25 % a un 16 % e os grandes prexudicados son aqueles países que precisaban emprega-lo seu excedente demográfico e atraer capital para o seu desenvolvemento.

Debe engadirse a isto que a Tría-de (CEE, Xapón e Estados Unidos-Canadá) crearon fortes barreiras restrinxindo o acceso ós mercados mundiais. É dicir, que a integración económica, e moito máis a globalización, aumenta a distancia entre un mundo desenvolvido, consumista, con acceso practicamente a tódolos bens e un mundo atrasado, pobre e que non ten resoltos os niveis de supervivencia.

¿Significa isto que é preciso agardar a que a propia dinámica do capitalismo chegue a unha fase na que se precise novamente man de obra procedente do segundo mundo? Entón teríamos que dudar da ética dun desenvolvemento económico que impide que 4/5 partes do mundo teñan acceso á supervivencia. Pero quizais estas

reflexións as fagamos a xente normal e non os economistas nin os políticos.

## 2.2 A SUPERVIVENCIA EN PERIGO

O novo sistema económico e político de carácter integrador e mesmo globalizador pode gabarse do fin das grandes guerras. Están aínda sen curar as cicatrices que deixou a Segunda Guerra Mundial: cincuenta millóns de civís e militares mortos (entre eles vinte millóns da URSS, seis millóns de xudeus, catro millóns e medio de polacos), outros tantos millóns de feridos, vinte de desterrados e exiliados. A economía europea en creba e a Rusia europea en ruínas.

Hoxe certamente resulta case imposible que en Europa poida haber unha nova guerra mundial. A integración económica e política está en condicións de garantir que os conflitos interestatais se poidan resolver pola vía do consenso e non a través da irracionalidade da guerra.

As guerras son agora periféricas e están localizadas, aínda que xeograficamente afecten o corazón de Europa. Pero hai outros perigos moi graves que ameazan incluso a supervivencia humana. Só citaremos tres.

O primeiro é o control da tecnoloxía, especialmente daquela dedicada á guerra. Desde o descubrimento e a utilización da bomba atómica e posteriormente da bomba de hidróxeno mailos posteriores inventos, corre pola conciencia do home reflexivo unha especie de medo cósmico. O feito, ademais, de

que se trate de mecanismos mortíferos controlados por escasas persoas no mundo non axuda precisamente a evita-la angustia. Desde a destrución da URSS sabemos que determinados aparellos e compostos circulan sen control polo mundo. É a consecuencia do almacenamento de poderes destrutivos durante a longa Guerra Fría.

O segundo gran perigo constitúeo a produción e distribución de drogas. No ano 1992, un informe dos Estados Unidos dicía que o negocio anual da droga mobilizaba 500.000 millóns de dólares, negocio só superado polo comercio mundial de armas. Emporiso, a comercialización da droga é un fenómeno inseparable da integración económica. As facilidades que a nova economía dá para as transaccións e o branqueo de diñeiro e maila eliminación de fronteiras financeiras, permiten un tráfico mundial de millóns de dólares facilmente camuflables.

No ano 1998, calculábase que só nos Estados Unidos se branquearon 85.000 millóns de dólares. Catro anos despois, no 1992, aumentara a 250.000 millóns.

A produción de drogas ofrece unha fonte vital de moeda forte e emprego. Só en Bolivia, cunha poboación de 6,5 millóns de habitantes, o 25% da poboación activa traballa directa ou indirectamente na produción e comercio da droga. Por conseguinte, a droga é o factor principal da economía deste país.

No ano 1990 os cultivadores peruanos de coca obtiñan uns ingresos por hectárea quince veces superior ós que cultivaban café, e vinte e cinco veces superior ós cultivadores de arroz.

A caída dos controis na Unión Soviética facilitou a aparición de novas zonas de produción de marihuana no leste de Europa. Só no ano 1992, púidose comprobar que en Ucraína 1.200.000 hectáreas estaban destinadas a produción de marihuana.

O capitalismo salvaxe, a filosofía de gañar ó prezo que sexa, o afán depredatorio de miles de compañías está detrás doutro gravísimo problema: a degradación ambiental. A emisión de polución e gases con efecto invernadero, resultado principalmente da dependencia continua de combustibles fósiles como fontes de enerxía barata, expoñen a Terra a un potencial requentamento que é desastroso para o clima.

A economía dos países superindustrializados, causantes en gran parte da contaminación, permitiralles adaptar novas tecnoloxías menos prexudiciais. Sen embargo, estes países temen a aparición dun novo obstáculo ó seu crecemento económico.

Os países industrialmente máis débiles procuraron compensacións dos máis ricos para adaptaren a súa produción a plans modelos. As Nacións Unidas fixaron en 125.000 millóns de dólares a achega mínima para fomentar un desenvolvemento sostible e non pernicioso (un 0,7 % da renda). Os países máis desenvolvidos só aceptaron

unha compensación de 55.000 millóns de dólares (o 0,45 % da renda).

As Nacións Unidas desempeñaron un papel destacado ó trata-lo tema da degradación do medio. Gracias ó seu esforzo foi posible a Conferencia da ONU sobre Medio Ambiente, celebrada en Río de Xaneiro (un dos países máis prexudicados polo liberalismo salvaxe e incontrolado) no mes de xuño de 1992. Participaron 185 estados e 131 xefes de Estado. Os avances da conferencia foron diversos, axudaron a crear unha mentalidade e preocupación pola supervivencia do planeta, pero as resolucións máis importantes, aquelas que afectaban os intereses económicos dos países máis industrializados, foron bloqueadas sistematicamente.

### 3. EVOLUCIÓN E RUPTURAS SOCIAIS

Non todo o que afecta o século foi creación súa. O século XX foi o século da liberación social, filosófica e política. Foi o século da burguesía e do proletariado, dúas clases que substitúen historicamente a aristocracia e o clero no control da sociedade. Foi o século do laicismo, é dicir, da construción dunha imaxe do mundo non sometida ós dictados das relixións e das igrexas, non por exclusión das crenzas senón pola redución da orde relixiosa ó mundo privado. Foi o século da prensa, do comercio libre, da electricidade.

Sen embargo, a aceleración experimentada en varios sectores levou a



comunicación e o progreso a situacións nunca imaxinadas.

### 3.1 A ALDEA GLOBAL

Cando se pensa e se fala das grandes batallas gañadas pola información só se fai desde unha perspectiva humanitaria, beneficiosa para a sociedade. Hoxe, evidentemente, estamos moito mellor informados que hai un século: sen saírmos da propia casa, pola radio, a prensa, a televisión, a internet, temos acceso a todo o mundo.

Pero esquecemos que todo iso é un negocio, que todo se fai porque xera beneficios e esta contrapartida poucas veces se ten en conta. Máis aínda: o control dos medios de comunicación imposto polos elevados recursos que hoxe supón crealos, recursos impensables sen unha dependencia dos centros de poder económico, filtran a información, o que ten consecuencias quizais máis nefastas ca antes. Que trece millóns de españois estean pendentes da 'información' do *Gran Hermano* fai tremar. É dicir, eses trece millóns son os que deciden qué partido e qué persoa gobernan España.


Cando tivo lugar a chamada invasión de Iraq, o mundo enteiro tivo só a información que lle chegou por unha canle, información previamente pactada co Goberno dos Estados Unidos. Por conseguinte, a globalidade da información non significa necesariamente maiores marxes de liberdade e de opinión. É o negocio que multiplica

os seus beneficios a cambio dunha información controlada. ¿Somos por iso máis libres agora ca no século XIX cando podiamos dispor dunha información moito máis limitada pero plural?

### 3.2 A LIBERACIÓN DA MULLER

Estamos posiblemente ante o feito máis innovador da sociedade, un feito revolucionario.

As mulleres sempre traballaron, especialmente as do campo que colaboraban de cotío no traballo agrícola e levaban en exclusiva o traballo da casa. O que significa a liberación da muller é a súa incorporación ó mercado de traballo, a dispoñibilidade dun soldo propio e, xa que logo, o dereito a



*Rosie 'a remachadora'* foi un símbolo no que se vian representadas as traballadoras da industria nos EUA.

face-lo que queira coa súa vida. Liberación sen independencia económica é unha utopía.

A liberación da muller reformulou todo o tema da familia. Aínda que subsisten amplos sectores que por motivos relixiosos e ideolóxicos rexeitan o traballo da muller, estamos ante un fenómeno que medra, que xa non se detén e que alterará no futuro a composición familiar e o papel de cada un dentro da familia.

### 3.3 A CRISE RELIXIOSA

En douscentos anos a sociedade europea pasou de vivir tutelada pola Igrexa a vivir conforme a outro modelo no que aínda que o cristianismo ten unha considerable forza, carece sen embargo dos controis sociais de que antes dispuxo.

Sabían moi ben os pontífices do século XIX cando condenaron o laicismo que a sociedade camiñaba en dereitura a un modelo no que o compromiso relixioso era algo privativo dun mesmo e non un modelo de obrigado cumprimento social.

O proceso de laicización non só comporta a liberdade para ritualizar ou non a vida, vai moito máis alá e pon en dúbida o dereito a fixar unha lexislación de acordo cos preceptos relixiosos. Temas como o do divorcio, o aborto voluntario, a eutanasia, a homosexualidade, etc., enténdese que teñen que ser lexislados non conforme a unha

perceptiva relixiosa, senón estrictamente social.

O proceso de liberación está, entón, a medio camiño aínda, pois a meta parece ser que ningunha instancia relixiosa, ningunha crenza, deba interferir no sistema de autorregulación da sociedade.

En España a duración do franquismo ata 1975 retardou este proceso. A Igrexa católica española descoñecía que baixo a tona dunha confesionalidade imposta había unha radical oposición a un modelo de relixiosidade que se cría era ó mesmo tempo o modelo social de convivencia. Cando o episcopado espertou do seu longo sono atopouse cunha España na que a indiferencia relixiosa é unha actitude tan xeneralizada que igual produce actos de deferencia que non de relixiosidade ritual (para bautizos, vodas, primeiras comunións e enterros) como ó mesmo tempo de defensa de actitudes tan irreconciliables con esa deferencia como optar polo divorcio, polo aborto, etc.

Iso, máis a crise de vocacións que está esgotando tódalas reservas de man de obra sacerdotal posible (mesmo o recurso a diáconos e diaconisas) conduce a Igrexa española a unha crise de identidade, de non saber qué camiño coller ou qué aposta facer. Eliminada a pastoral do compromiso, a Igrexa española parece unha nave sen guía, unha especie de holandés errante condenada a sobrevivir sen porto nin acougo.

#### 4. CONSIDERACIÓN FINAL: A GLOBALIZACIÓN E AS CULTURAS MINORITARIAS

A eliminación da bipolaridade, que foi a característica máis acusada da política internacional desde o remate da Segunda Guerra Mundial, e a consecuente primacía do bloque occidental, especificamente dos Estados Unidos de América, na dirección do mundo, o proceso de conquista de tódolos espazos económicos polo sistema capitalista, practicamente sen alternativa —agás algúns países que manteñen o modelo socialista residual—, a concentración en moi poucos entes e persoas do poder decisorio en materia económica, informativa e política, a universalización da información de forma que en poucos segundos chega dun extremo a outro do mundo, todos estes fenómenos e outros que sería longo expoñer levaron a varios analistas do mundo contemporáneo a falar do fenómeno da globalización (dos medios, económica e política) e mesmo da fin da historia por non se albiscar, polo de agora, unha alternativa.

Non me interesa agora formula-la cuestión da fin da historia, tese que xa recibiu diversas e sólidas correccións, senón preguntarme cál pode ser-lo futuro que lles queda ás culturas minoritarias, como a nosa, se están chamadas a desaparecer, asimiladas por unha gran cultura mestiza que se está a crear.

Para situar axeitadamente a cuestión, invitámo-los lectores a teren en conta as seguintes consideracións:

1) É un feito empiricamente verificable que na medida en que crece o chamado proceso de globalización, medra igualmente a tensión centrífuga nos estados, provocando a aparición de novos estados. Non nos referimos só a aquelas nacionalidades que agardan a independencia —casos do Canadá Francés, do Sáhara Occidental ou Timor—, senón ós novos estados que apareceron en Europa no momento do derrubamento da URSS: Letonia, Lituania, Estonia, Bielorrusia, Armenia, Xeorxia, Acerbaixán, Ucraína, Kazaxstán, Quirguizistán, Tadjikistán, Uzbekistán, Turkmenistán. Ou ós estados que aparecen no centro de Europa, como Eslovaquia, Eslovenia, Croacia, Bosnia e Macedonia.

A constitución dun novo estado non só significa a aparición de novas fronteiras, de novas moedas, de novos centros de decisión económica e política, significa así mesmo un incremento e acrecentamento dos caracteres culturais propios, un reforzamento da identidade. Todo isto coincide con ese proceso de globalización mundial e deberá incluírse nas análises feitas non poucas veces desde as grandes metrópoles, é dicir, sen pisa-la realidade que está a agromar a fío.

2) Simultaneamente ou en relación con este mesmo fenómeno, está o proceso de rexionalización, polo menos en Europa, proceso que ten un



A Sede do Concello de Europa en Estrasburgo. ¿Cara a unha Europa das rexións?

tratamento importante na política da CEE. Debería saberse que a CEE protexe e fomenta a Europa das rexións, destinando importantes cantidades orzamentarias a favorece-los procesos de crecemento económico rexionais e mesmo a cultura das nacionalidades. Non poucos proxectos de sociolingüística que se están a facer en Galicia, Cataluña e o País Vasco, por referírmolos a tres nacionalidades de España, están subvencionadas por Europa.

3) O fenómeno da globalización está coincidindo en toda Europa cunha reviviscencia dos movementos nacionalistas. Quizais o fenómeno teña moito que ver precisamente con esa globalización, porque os pobos, por unha especie de instinto de conservación e de supervivencia, néganse a entrar nunha dinámica de suicidio da súa identidade.

¿Poderá a globalización producir unha civilización asimiladora de tantas culturas no mundo sen que iso produza a dinamitación do propio modelo globalizador? Os historiadores estamos afeitos a concibi-lo mundo en perspectivas globais e de séculos, e por iso non nos deixamos arrastrar pola proximidade dos acontecementos. Sabemos que Roma, unha perfecta máquina asimiladora, foi incapaz de borralas culturas indíxenas. Sabemos que o imperio español, con todo o seu inmenso peso, non deu eliminado tantas e tan diversas culturas en Europa, en América e mesmo na Península. Todo iso sabémolo os historiadores porque sabemos tamén que os pobos tardan en morrer.

#### BIBLIOGRAFÍA

- Barraclough, G. (ed.), *Atlas of World History*, Londres, Time Books, 1993.
- Portelli, *Les régimes politiques européens*, París, 1994.
- Rodríguez Yuste, J., *Galicia en el contexto del regionalismo europeo*, en Gloria Morán (coord.), *Nacionalismo en Europa*, A Coruña, 1997, páxs. 237-255.
- Sweeney, e Van Gerwn (eds.), *More Europe?*, Kampen, Kok Pharos, 1997.



## POLÍTICAS DE INMIGRACIÓN E MULTICULTURALISMO EN EUROPA

---

Ramón Máiz\*

Universidade de Santiago  
de Compostela

A construción política de Europa cuestiona a autocomprensión tradicional dos Estados nación en, polo menos, tres niveis diferenciados: 1) a institucionalización política supranacional europea que, sexa nunha perspectiva profunda de federalismo, sexa nunha máis restrictiva de intergubernamentalismo, supón unha crecente cesión de soberanía por parte dos Estados membros cara á UE; 2) as ascendentes demandas de descentralización, autonomía política e cultural das rexións e nacionalidades subestatais como actores específicos da UE; e 3) o ineludible carácter multicultural e poliétnico da UE derivado das cada vez maiores achegas migratorias. Serán estas últimas as que nos ocupen nas liñas que seguen, tendo en conta o seu relevo como fenómeno social e político en si mesmo, pero tamén para a redefinición democrática e social da cidadanía da propia UE así como dos Estados membros.

Unha constatación impónse con rotundidade: mentres o debate teórico e normativo, así como as experiencias

institucionais no que se refire ós dous primeiros aspectos precitados, coñecen un desenvolvemento importante, a *política* de inmigración padece, pola contra, dun déficit patente de elaboración e execución. De feito, ata hai pouco tempo a chamada política de inmigración non era máis que un apéndice adxectivo da política de seguridade e orde pública. É dicir, primaba, e aínda segue sendo así en moi boa medida, unha consideración da inmigración como 'problema', o que se traduce nun enfoque exclusivamente en termos de control policial da estranxeiría, de porcentaxes, de cotas, etc., mesmo cando se postula como defensa dos propios inmigrantes fronte ás redes mafiosas. As conclusións da conferencia de Tampere (1999) e os cambios nas políticas de inmigración en Francia, Alemaña e Inglaterra, con ser positivas, non poden ocultar, non só feitos como o triunfo en Austria de Haider, os reiterados casos de xenofobia en Alemaña, ou os xermolos de cariz racista de El Ejido en España, senón, a un nivel menos rechamante pero máis relevante, a

\* Catedrático de Ciencia Política.

ausencia de avances substantivos na ampliación da esfera da cidadanía e con ela do pluralismo e, ó cabo, da democracia mesma en Europa. Pois, amais de todo iso, conséntase unha evidencia: a UE carece dunha verdadeira política pública de inmigración que supere a esfera da orde pública e a seguridade, da eficacia policial, en fin, a autoevidente e incuestionada dicotomía cidadanía/ estranxeiría.

A política do *multiculturalismo* no eido da inmigración implicaba tradicionalmente a necesidade de introduci-la igualdade e o recoñecemento como eixe da reinterpretación da cidadanía, sobre a base da aceptación dos grupos étnicos na súa cultura tradicional e da man de políticas de adscrición étnica asignada que dotan os grupos con especiais medidas de protección cultural da súa diferenza, dentro do respecto ós principios básicos do ordenamento xurídico do país receptor. Pero a realidade foi teimuda e solapou a perspectiva multicultural con outras menos tolerantes de longa traxectoria en Occidente e mesmo chegou a contaminar aquela, malia a bondade das súas intencións, con asuncións en extremo discutibles e negativas consecuencias no tratamento do fenómeno migratorio. Nunha intervención como esta, que pretende dar conta con carácter introductorio dalgúns problemas políticos que presenta a inmigración para a idea de nación monocultural (con o sen Estado de seu), así como para os estatutos de cidadanía e nacionalidade tradicionais en Europa, cómpre comezar

por aclararmos analiticamente tres diferentes modelos de tratamento político dos fluxos migratorios, que moi a miúdo se superpoñen nas experiencias concretas de cada país:

1. Modelo *asimilacionista*: esta perspectiva caracterízase por: *a)* entender que tanto o grupo maioritario como os minoritarios posúen unhas fronteiras culturais definidas, cristalizadas arredor dun conxunto de valores dados e inmutables a curto prazo; *b)* que a cultura maioritaria do país receptor é superior en civilización á das minorías inmigrantes; *c)* que o horizonte de permanencia no país de acollida se vincula ó esfarelamento no espazo público dos trazos diferenciais do grupo minoritario; e *d)* non se facilita de ningún modo a participación dos inmigrantes na política inmigratoria, sempre nas exclusivas mans dos cidadáns do país receptor. A asunción desde a cal se interpreta a relación entre o grupo nacional e os inmigrantes é de *competencia*, de tal xeito que o grupo dominante asenta unilateralmente as bases de acceso ás esferas públicas desde o seus principios políticos e necesidades do mercado laboral.

O inmigrante que queira acceder á nacionalidade deberá manter no estrito ámbito privado as prácticas culturais que poidan xerar tensión coas maioritarias, prácticas que, deste xeito, resultan excluídas da dimensión pública e, polo tanto, sentenciadas á lenta desaparición pois ningunha lingua ou cultura pode manterse viva moito tempo sen expresión pública. A *toleran-*



*cia* concíbese como un deixar facer en tanto non interfira o máis mínimo coas prácticas establecidas da cultura maioritaria, e compatibilízase coa *ghetización* cultural e política e o traballo nos segmentos inferiores do mercado laboral.

2. O modelo *integracionista* mantén, pola súa banda: *a)* a falla de participación dos inmigrantes no deseño e execución da política migratoria, que seguen estando reservados ós cidadáns; pero, a diferenza do asimilacionismo, asume unha posición máis flexible no que se refire ás variacións no contido e os límites culturais, de tal xeito que: *b)* mantendo a posición de preeminencia política da cultura maioritaria, *c)* postula políticas máis activas cá pura tolerancia, de interculturalidade e *respecto*. Fronte á asimilación, a integración como esixencia para cos emigrantes, adoita permitir unha maior práctica pública da relixión, a cultura, os costumes, pero sempre segundo decisión última reservada só ós nacionais.

3. No modelo *multicultural* clásico, por último, postúlase, a diferenza dos anteriores, aberto en dous sentidos capitais: *a)* favorece-la pluralidade e a práctica pública das culturas inmigrantes, pero sempre desde o recoñecemento da diferenza de grupo na súa formulación tradicional; e *b)* permitir unha relativa participación dos inmigrantes nas políticas e xestión das diferenzas culturais. Todo isto pode xustificarse normativamente desde unha perspectiva ben de dereitos colectivos, ben de dereitos individuais, pero o ele-

mento decisivo do multiculturalismo consiste precisamente en proporcionar-lles estatuto público de recoñecemento ás demandas dos inmigrantes. Tal recoñecemento da diferenza, a tolerancia activa, sen embargo, xerou diversos problemas, nos que a boa intención de fuxir do asimilacionismo e a aculturación se traduciu nunha consideración estática, pechada e tradicionalista das culturas dos grupos minoritarios que levaría a privilexia-las elites fundamentalistas, a non distinguir entre primeira e segunda xeración de inmigrantes, a desatende-la dimensión da igualdade de dereitos individuais e sociais, ou a *ghetización* á marxe do diálogo coa cultura maioritaria.

Pois ben, o feito é que o panorama europeo de políticas de inmigración contempla unha superposición de medidas debedoras destes tres modelos e se ben, segundo cada país, predomina unha delas, mesmo nos máis asimilacionistas se produciron reformas nas políticas de inmigración que proceden das outras perspectivas integracionista ou do primeiro multiculturalismo. Ollemos, brevemente, os casos ilustrativos de Alemaña, o Reino Unido e Francia, para, finalmente, sintetizar-mos algunhas conclusións e perspectivas ó respecto.

En Alemaña —con seis millóns de inmigrantes nos anos noventa, dous millóns deles Turcos— atopamos un peculiar asimilacionismo, vinculado á conciencia nacional traumática do país na posguerra e elaborado arredor de dous postulados: 1) un nacionalismo



Arriba, refuxiados turcos, 1912. Abaixo, refuxiados albanokosovares, 1999.

*étnico* que outorga a nacionalidade segundo o criterio de procedencia étnico-cultural e lingüística; e 2) o principio contrafáctico de que “Alemaña non é un país de emigración”.

Desde que nos anos cincuenta se invitara os traballadores italianos e españois a contribuíren ó desenvolvemento económico como man de obra de baixa cualificación, o estatuto dos inmigrantes foi precisamente o de ‘traballadores invitados’ (*Gastarbeiter*); deles esperábase que volveran á súa terra de orixe en rematando o contrato de traballo. Nos anos sesenta o recoñecemento á clase traballadora europea inmigrada desde Portugal, España, Italia e, crecentemente, Turquía, pola súa contribución ó ‘milagre alemán’, á reconstrución da economía e benestar do país, a penas deu conta de conflito ningún como evidencian o minucioso cumprimento da normativa asimilacionista e a perspectiva da temporalidade a medio prazo. As cousas mudaron progresivamente, así e todo, cando a partir de 1973 a crise económica e o aumento do paro supuxeron a aparición dun excedente, mesmo alemán, de man de obra. Isto traduciríase nun cambio de óptica, e a política de invitación foi substituída pola da ‘suspensión de recrutamento’ de traballadores (*Anwerbestop*), e os incentivos selectivos positivos e negativos para potencia-la volta á casa da man de obra inmigrada.

De feito, ó fío da crise económica e o paro, comezaría a producirse unha reformulación do marco interpretativo previo: os inmigrantes pasaban a



constituír un *problema* que se presentaba crecentemente (de modo moi especial respecto dos turcos) desde un discurso que subliñaba ata as entón cegas diferencias culturais e as dificultades que para a convivencia supuña a presenza masiva de traballadores dotados de tradicións, valores e prácticas diferenciadas.

Con este fin, o concepto étnico de nación vixente en Alemaña exercería tódalas súas potencialidades conflictivas. Pois o caso é que, a diferencia do concepto *cívico* de nación dominante nos países da Europa occidental, nos que a nacionalidade se define desde o punto de vista territorial do Estado e a adhesión ós principios políticos que o conforman, o concepto *étnico* alemán de nación fundaméntase na pertenza a un grupo nacional maioritario, lingüística e culturalmente unificado, interpretado como unha 'comunidade de destino' (*Schicksalsgemeinschaft*). Esta comunidade de destino expresa a idea dunha esencia nacional do espírito do pobo (*Volksgeist*), que mantén e debe manter incólume a súa esencia nacionalitaria co paso dos séculos. Pero ademais, este concepto *völkisch* de nación alemana fúndase, ó fío da crise económica, cunha adicional dimensión de resentimento histórico herdada do pasado. Así, a inexistencia dunha tradición liberal interna hexemónica, e a natureza exteriormente forzada polas potencias occidentais da transición á democracia en Alemaña, fúndese cun discurso da diferenza étnico-culturalmente baseado: nos/eles, propio/

/allego... que sería reformulado desde as posicións ideolóxicas de extrema dereita da man da dialéctica schmittiana amigo/inimigo.

Así, nunha tradición que se remonta a 1913, en Alemaña a nacionalidade confírese pola vía da descendencia (*ius sanguinis*), e non por nacemento ou residencia no territorio (*ius soli*). E deste xeito, o que comezara no seu día constituíndo unha medida defensiva etnicista contra as inmigracións eslavas e xudías no flanco leste do Reich, remanecería por riba dos cambios no sistema político ata a actualidade, en razón no só da tradición histórica do nacionalismo organicista alemán, baseado na raza ou na lingua, senón por mor da presenza da outra Alemaña no leste, tras do Muro.

Desde estes postulados, así como desde os graves problemas derivados da escisión de Alemaña, a política de inmigración (*Ausländerpolitik*) percorreu un complexo e aínda contradictorio itinerario. En efecto, unhas veces predominou unha nada plausible política de repatriación dos traballadores estranxeiros trala compensación económica previa; noutras, unha política de asimilación/integración da segunda xeración a través de educación especial e a oferta de empregos. A fusión de ámbalas dúas perspectivas ten producido políticas peculiares como a paradoxal 'integración temporal', coa que, como ocorreu, por exemplo, no Länder de Baviera, o rexeitamento das políticas federais de integración alemanizante e a educación nas linguas de orixe

tiñan como razón de ser, non a asunción dunha política multicultural senón, desde unha óptica conservadora e anti-inmigrante, 'facilitar' ós traballadores inmigrados o regreso ós países de orixe. Non se trata de negalo relevo dos contratos de traballo temporais de inmigración, mesmo necesarios para non desposuí-los países de orixe dos seus sectores máis dinámicos, senón de inserilos nunha política que non incentive e mitifique a permanencia. Neste sentido a experiencia alemana e europea é definitiva: a ausencia de flexibilidade, a rixidez das políticas (anti)inmigratorias na regulación de fluxos, incentivou claramente a permanencia como obxectivo estratéxico dos inmigrantes.

Un peculiar modelo asimilacionista, no sentido arriba explicado, predominou durante moito tempo tanto nas políticas socialdemócratas como nas conservadoras. Mesmo cando se insistía en que as políticas de inmigración procuraban non a asimilación pura e simple, senón a integración, isto é, o respecto ás culturas individuais dos inmigrantes, poñíase a continuación encima da mesa en interminables debates os temores á alienación (*Überfremdungängste*) que os grupos que tentan conserva-la súa cultura poderían sufrir por parte da poboación alemana. Outro tanto acontecía co postulado de que a patria (*Heimat*) constituía un dereito humano colectivo que debería orienta-lo retorno dos inmigrantes, movidos pola conciencia da perda, da

ausencia do chan patrio (*Heimatlosigkeit*).

Incluso a ocasional e minoritaria invocación ó 'multiculturalismo' realizada nos anos oitenta por algúns grupos políticos y relixiosos, postulábase como un argumento contra a 'xermanización masiva' dos inmigrantes. A concesión de dereitos de grupo minoritario, faltos de base territorial, convertíase así nunha especie de especular reformulación da tese oficial, a separación entre a maioría etnicamente definida como alemana e os inmigrantes. O recoñecemento de protección constitucional das 'minorías étnicas' servía logo para o mantemento da diferenza etnicista entre a maioría alemana e os grupos inmigrantes. Desta sorte, ó cabo, o acceso á cidadanía plena, a inclusión política na comunidade resultaba imposibilitada.

Velaí cómo un mesmo fío argumental, unha mesma asunción subxacente, a saber, o concepto étnico de nación, viña residindo tras das posicións, en principio moi separadas, dos autoconsiderados amigos dos inmigrantes (*Aussländerfreunde*) e dos abertamente declarados inimigos dos estranxeiros (*Aussländerfeinde*). Mesmo no discurso dos sectores máis sensibles ó problema do Partido Socialdemócrata e os Grünen, se metía ocasionalmente o concepto etnicista de nación. Os slogans do tipo: "¡Estranxeiros! ¡non nos deixedes sós cos alemáns!", célebres nos anos noventa, seguen mantendo inconscientemente a distancia étnica entre a maioría nacional e as

minorías inmigrantes, entre estranxeiros e cidadáns.

Quizais un dos debates de maior interese se desencadearía a finais dos oitenta con motivo dos plans Zimmermann. En efecto, o primeiro informe, aparecido en 1984, postulaba a limitación ós seis anos a idade máxima para os fillos de estranxeiros se reuniren cos seus pais en Alemaña, e tiña por obxectivo declarado o mesmo que adoitaba presidi-la política oficial gobernamental daqueles anos; a saber: a redución activa do número de estranxeiros que vivían en Alemaña. O segundo plan, en 1988, postulaba un sistema de rotación cunha estadía máxima no país de recepción de oito anos. En ámbolos casos as medidas xustificábanse por mor do perigo que para o mantemento da nación étnico-cultural alemana e o seu Estado derivaba da masiva chegada de inmigrantes. O razoamento non deixaba de ser paradoxal: habida conta de que se asumía a necesidade de respecta-la cultura dos inmigrantes, renunciando a unha política asimilacionista de aculturación, deducíase disto unha potencial debilitación dos sinais de identidade puramente alemáns, no momento mesmo en que o país estaba sumido na recuperación da súa dignidade nacional a través dunha dolorosa autocrítica do seu pasado. En definitiva: a inmigración, por mor do pluralismo democrático contemporáneo, sería igual a multinacionalidade e isto implicaría, sempre segundo Zimmerman, unha multitude de problemas con grupos

minoritarios no seo dun Estado uninacional e monocultural. De resultas destes enfoques, que evidenciaban o escaso que fora o debate dun problema capital na Alemaña contemporánea, formaríase unha ampla coalición de igrexas, sindicatos e organizacións varias da sociedade civil para demanda-la ampliación da Lei de estranxeiría e mesmo se reforzaría a destitución de Zimmerman.

Así e todo, a lexislación que sería aprobada no Bundestag en 1990, contra os votos dos socialdemócratas e os verdes, incorporaría algúns elementos de apertura respecto á estranxeiría, pero mantería substancialmente os fundamentos anti-inmigración das políticas anteriores. Así, por exemplo, eliminábase a discrecionalidade da Administración en temas como a naturalización no país ou o dereito de residencia, e fixébanse criterios normativos específicos para eses efectos. Pero, doutra banda, o concepto de nación étnica seguía a impedi-la concesión, segundo o *ius soli*, do dereito por nacemento á nacionalidade alemana de modo automático, a dobre cidadanía, así como o dereito dos estranxeiros a participaren nas eleccións locais. Os inmigrantes, considerados como 'conciudadáns estranxeiros' (*ausländische Mitbürger*), seguían a ser caso á parte no referente ó estatuto de cidadanía.

A isto cómpre engadi-la interferencia crecente, no que se refire á inmigración turca, do control confesional islámico do Estado de orixe. En efecto, a máis importante organización de

asociacións musulmanas, a DITIB, dependía e depende directamente do primeiro ministro turco, pola vía dos consulados turcos de Alemaña, e controla non só as posicións políticas e demandas dos emigrados, senón os fluxos mesmos da inmigración mediante o control das redes migratorias.

A reunificación alemana a partir de 1989 viría complicar aínda máis as cousas. Á masiva chegada de 'alemáns étnicos' (*Aussiedler*) do Leste engadírase un arrequento dos exiliados políticos do sueste europeo (nomeadamente da ex Iugoslavia) a un ritmo de milleiros por ano. Por vez primeira isto produciría unha nidia división, en torno ás políticas de inmigración, entre esquerdas e dereitas alemanas, tendo como pano de fondo as ata entón compartidas teses da nación étnica. Así, os verdes e os socialdemócratas tomarían posición a prol da reconsideración do estatuto dos inmigrantes e exiliados, tentando impulsar reformas aperturistas na lexislación de estranxeiría e cuestionando así mesmo o ata entón indiscutido concepto étnico de nacionalidade que se traducía, por exemplo, na concesión automática de cidadanía e benestar social ós alemáns do Leste. A CDU, pola contra, asumiría unha posición nacionalista alemana da man da unificación, e do lema "Sómo-lo pobo" ("Wir sind das Volk") pasaría a postular a nova nación alemana reunificada ("Wir sind ein Volk"), que defende a concesión inmediata dos beneficios da cidadanía e benestar ós alemáns do Leste, mentres que se mantiñan as res-

tricións migratorias do *ius sanguinis*: "Os alemáns deben posuír prioridade moral, política e constitucional sobre os estranxeiros".


Polo demais, cómpre insistir no feito de que un tercio, preto de dous millóns dos inmigrantes en Alemaña, son de procedencia turca. Pois a partir dos oitenta o islamismo, a miúdo en forma integrista, estendeuse extraordinariamente, ata o extremo de que a ducia de mesquitas existentes nos anos setenta se pasou a máis de mil cincocentas nos noventa, e máis dun tercio da poboación emigrante calcúlase hoxe como de obediencia islámica. As organizacións integristas (especialmente no Val do Ruhr) como os Suleimanes, con máis de douscentos dez centros e deza-oito mil militantes activos, exerceron grande influencia nos primeiros noventa, da man dun discurso illacionista que dificultou extraordinariamente a negociación de políticas de multiculturalismo e recoñecemento. Sen embargo, recentemente, as cousas teñen mudado da man dun novo liderado da segunda xeración turcoalemana, crecidos e formados en Alemaña, o que debilita de xeito importante o crecemento do integrismo. Así, agromaría paseniño un novo movemento turco centrado na defensa das condicións de vida dos inmigrantes canda as demandas de recoñecemento multicultural, e disposto a participar na redefinición cívica do país, fronte á tradicional asunción de que "Alemaña non é un país de inmigración", que cobrou especial forza en Berlín (EATA) e

Hamburgo. Ábrese deste xeito novas posibilidades de diálogo e entrada na esfera pública da poboación emigrada e as súas demandas, mais, así e todo, o proceso de redefinición cívica e multicultural, con espacio así mesmo para unha conciencia democrática e plural de patria alemana menos traumática, a penas se ten iniciada e moitas políticas seguen sendo debedoras aínda das teses iniciais anti-inmigración.

No Reino Unido, as perspectivas inmigratorias e anticoloniais sobrepóñense polo feito de que a parte máis importantes da inmigración procede do Caribe e a India. Desta sorte, o problema da ‘raza’ traduciuse nun argumento implícito que derivou nunha moi restrictiva política de inmigración. Agora ben, en contraste con Alemaña, o Reino Unido ten articulada unha peculiar síntese entre unha política restrictiva de inmigración cunhas políticas públicas de estilo norteamericano —“race relations management”—. Isto é, procedeuse progresivamente nunha perspectiva de recoñecemento que, se ben cun moi reducido abano de políticas de discriminación positiva a favor das minorías étnicas, considerou estas como parte lexítima dunha sociedade multirracial, que aposta pola tolerancia recíproca (*mutual tolerance*). Daquela, excluídos da comunidade nacional en canto *black people* caribeños ou paquistanís, mesmo en segunda xeración, estes inmigrantes dispoñen paradoxalmente de cidadanía, con semellante estatuto á dos ingleses desde o comezo. Isto, pola súa vez, tendo en conta a

apertura da estrutura de oportunidade política que supuña para as organizacións e movementos defensores dos intereses dos emigrantes, traduciuse nunha meirande mobilización étnico-política das súas identidades, como os conflitos abertos ou a axitación na propia Gran Bretaña contra Salman Rusdhie por parte dos islamistas radicais, nos anos oitenta, puxo de relevo.

O punto de partida, con todo, ó fío da transformación do Imperio en Estado-nación, foi a exclusión dos inmigrantes —*colored*— dunha etnificada comunidade nacional británica. Na constelación imperial dunha periferia colonial negra e unha cerna branca na metrópole, a división entre nós e eles —*ins and outs*— seguiu liñas manifestamente raciais. Dende os sesenta a restricción da inmigración faríase cre-



A *fatua*, ou decreto do aiatolá Jomeini, desatou a caza do escritor Salman Rushdie.



cente e atoparía a súa cristalización na Immigration Act do 1971 coa introdución da “patrial clause”, que vinculaba o dereito de residencia á esixencia, de netas connotacións raciais, de posuír polo menos un avó británico. A mensaxe subxacente non deixaba lugar a moitas dúbidas ó respecto: “Britain preferred white immigrants” (na polémica frase de *The Economist*).

En 1981, e baixo goberno conservador, a British Nationality Act axustaría a lei de nacionalidade ó restrictivo réxime de inmigración preestablecido, fixando un triple chanzo selectivo: británico, territorio dependente e cidadanía ‘de ultramar’, concedendo o dereito de entrada e residencia só os cidadáns británicos.

A frase que mellor define a política de inmigración británica daqueles anos, pronunciada por Thachter —“firm but fair”— enmarca as dúas características sobranceiras da política migratoria practicada: 1) a ausencia de calquera relación coas necesidades económicas do mercado laboral; e 2) unha obsesión polo control e expulsión do país de todo “negro de máis” (sic) (“extra black”). A decadencia económica do imperio e os prexuízos raciais reflectíanse deste xeito nunha restrictiva política de inmigración que, mesmo bordeando ou incumprindo a legalidade humanitaria internacional, se prolongaría en medidas como a denegación de permiso de visita a membros da familia, identificacións humillantes e fichado policial dos visitantes etc. A mensaxe, en definitiva, transmitida

polas políticas conservadoras, pero sen grande oposición polos laboristas, era clara: “blacks are unwanted”.

Deste xeito, unha contradictoria política de estranxeiría púñase en práctica da man do illamento da UE: discriminación contra as minorías étnicas á entrada no país, mentres, por outra parte, se tentaba progresivamente, non só neles pero sobre todo nos concellos laboristas, remove-la discriminación contra destas minorías no seo da sociedade ó fío do lema “good race relations”.

De feito, a contrapartida do severísimo control migratorio foi a paseniña posta en pé, no Reino Unido, dun complexo e elaborado sistema de harmonización das relacións de raza (*race relations*). Abandonando explicitamente unha perspectiva asimilacionista, executáronse medidas varias de integración, de flexibilización cultural, de igualdade de oportunidades e mesmo de mantemento do liderado tradicional dos grupos inmigrantes. As tres principais *race relations acts* do 1965, 1968 e 1976, regularían un abano progresivamente amplo de medidas de loita contra a discriminación que afectaban a temas varios: desde a non discriminación de acceso a lugares públicos (contra o uso de avisos do tipo “no dogs, no blacks”), asistencia de profesionais pagos por fondos públicos para a defensa en caso de vulneración de dereitos, ata as máis indirectas formas de discriminación racial, establecendo a Comisión de Igualdade Racial. Organismo este último con capacidade

de investigar e asesorar-lo Goberno na materia. Paralelamente, como xa temos apuntado, unha tupida rede de concellos integraron o Race Relations Council (RRC) que en 1991 agrupaba máis de oitenta en toda Gran Bretaña con máis de seiscentos funcionarios.

Agora ben, lonxe de proseguir unha liña norteamericana de acción afirmativa, o modelo inglés ficou sempre en medidas de tipo “color blind”—isto é, en igualdade cos británicos sen incorporar medidas adicionais especialmente favorables ás minorías— en distribución de traballos, alugueiro de vivendas municipais e servicios sociais. Así e todo, tralos graves incidentes de Brixton de 1981, moitos concellos adoptaron medidas de discriminación positiva (*positive action*) a prol das minorías étnicas emigrantes tendentes a mellora-las súas condicións de vida, vivenda, asistencia social e traballo. Incluso no Goberno se desenvolveu un programa de “ethnic monitoring” dos funcionarios, co fin de emenda-la subrepresentación das minorías étnicas. Isto abriría unha porta progresiva a políticas de multiculturalismo ata entón alleas ó modelo inglés.

Así, a política de tolerancia e integración daría lugar a unha serie de medidas adicionais, especialmente dirixidas ás minorías hindí e musulmanas, de exención, por exemplo, das regras de matrimonio, do uso de turbantes e vestimentas mesmo en postos públicos que requiren uso de uniforme estandarizado etc., de xeito que a posesión de pasaporte británico resultaría

compatible co mantemento da cultura, en sentido amplo, e relixión propias deses grupos.

Especialmente interesante foi a evolución seguida en materia de Educación tralo *Swann report*. En efecto, este informe definía os individuos mediante a súa pertenza de grupo e consideraba o goberno inglés de modo ningún ‘neutral’, senón responsable da asistencia ás minorías para estas manterem a súa diferenza identitaria no seo dun marco común de valores compartidos. Deste xeito criticábase, asemade, as políticas *color blind* por desprezaren unha dimensión capital de fornecemento da identidade para os inmigrantes. Ó fío do debate xerado polo informe, produciuse unha grande activación de políticas locais e gobernamentais, así como de autoorganización das minorías en defensa dos seus dereitos de grupo: contratación de mestres de procedencia étnica para o ensino nas escolas dos barrios con forte presenza migratoria, formación específica (*race awarening training*) do profesorado en tódolos niveis educativos, subliñado do compoñente étnico cultural dos currículos a prol dos fillos de emigrantes, cambio de programas educativos para os facer sensibles á cultura e historia das principais etnias inmigrantes presentes, etc.

De resultas do devandito, as políticas de emigración acadaron no Reino Unido un cariz moito máis rico como se pode cotexar, por exemplo, no seu tratamento diferenciado por xeracións e orixe dos inmigrantes. Desde o punto

de vista das xeracións, a política de inmigrantes de primeira xeración adoitaba ser restrictiva e orientada cara á provisión social e de pragmática autoaxuda. Pero en canto á segunda xeración, vinculada ás novas demandas do desemprego e frustración da xuventude nos ghettos, prestouse moita máis atención a políticas de impacto e discriminación positiva.

No que atangue ás *orixes*, as diferencias entre os caribeños, dunha banda, e indios e paquistanís doutra, motivaron que as políticas de emigración se atoparan con grandes dificultades derivadas da súas moi diferentes demandas; pois sendo cidadáns británicos os primeiros e sentíndose rexeitados pola traza racial da cidadanía británica, mobilizaríanse contra o sistema, mesmo con gran conflictividade, a prol do seu recoñecemento e integración plena de acordo coa letra do seu estatuto. Cousa ben distinta aconteceu cos hindús e paquistanís, comunidades sempre máis illacionistas, con demandas centradas na súa vida de grupo, de respecto á súa cultura e recoñecemento a súa diferenza relixiosa, e mobilizados ocasionalmente da man dos grupos integristas polo que consideraban ataques á súa cultura coma cando o caso Rusdhié.

Atención á parte, por último, merecen as políticas antirracistas aplicadas desde os concellos; é exemplar o Ethnic Minorities Committee do Greater London Council na súa loita contra a subrepresentación das minorías ou celebracións de gran repercusión públi-

ca como o ano antirracista de 1984. Así e todo, esta evolución non sería un camiño lineal, nin moito menos, pois as políticas laboristas de estranxeiría e inmigración xerarían, por mor da súa radicalidade multicultural, reaccións importantes desde o ámbito conservador da opinión pública, suscitando o rexeitamento organizado como anti-antirracismo; ou pola súa inxenuidade do 'politicamente correcto', concedendo excesivo protagonismo ó liderado integrista dalgunhas comunidades de emigrantes, que aproveitarían a fiestra de oportunidade que se lles abría para bloquea-lo diálogo intercultural e reforza-lo tradicionalismo illacionista do grupo.

De xeito ben diverso, mesmo oposto ó de Gran Bretaña, o caso de Francia resulta significativo polos problemas derivados dunha óptica inicialmente asimilacionista nun país de crecente achega inmigratoria. En síntese: 1) unha tradicional e intensa aculturación e asimilación nos valores nacionais republicanos franceses como base da cidadanía vai da man da 2) importantísima presenza de musulmáns como compoñente central do fluxo inmigratorio no país (máis de tres millóns). Perspectiva migratoria desde o Magreb que no futuro non fará senón, con toda certeza, acrecentarse: por poñer un dato que o evidencie, mentres as previsións demográficas para o Magreb son pasar de 210 a 373 millóns no ano 2025, Europa descenderá de 373 millóns no 2000 a 371 en 2025.



As políticas fortemente asimilacionistas e aculturadoras, o crecente desemprego e ghetización da poboación magrebí inmigrada, fixeron agromar un crecente xiro integrista, non só da primeira senón mesmo da segunda xeración, cara ó Islam. Os prexuízos dun Islam autoritario (por non existir separación entre o temporal e o espiritual), a imaxe do terrorismo de guerra santa, por outra banda, desenvolveu, ó fío da crise económica dos oitenta e primeiros noventa, estereotipos e fobotipos como estandarte de partidos nacionalistas de extrema dereita en Francia.

Todo isto sobre un fondo estruturalmente conflictivo; a saber: a secularización do Estado francés reforzaba e se superpoñía ó proceso de construción dunha identidade nacional francesa, de tal xeito que: 1) o asimilacionismo na cultura nacional do país de recepción non permite máis que a consideración privada das culturas, linguas, etc., dos inmigrantes; e 2) o Estado laico impón que a relixión musulmana, en pé de igualdade formal con tódalas outras relixións, fique no dominio privado.

A todo isto cómpre engadirmos un factor xa subliñado ó falarmos de Francia: a intervención política dos países de orixe tentando controla-las súas poboacións emigradas. Inicialmente a liña seguida por Marrocos e Alxeria era a non integración dos seus emigrantes en Francia; forneciáse deste xeito unha peculiar coincidencia de Hassan II e Le Pen contra a flexibilización do asimilacionismo francés, para asegurarse o

remanecer dos vínculos coa terra nai, a expectativa de retorno e, así, as remesas dos emigrantes. Na actualidade, pola contra, apóianse as demandas de acceso á nacionalidade francesa, desprazándose o control ó factor relixioso, central nestas comunidades, e procurando a influencia, en definitiva, a través dunha poboación emigrada confesionalmente cativa.

A mobilización dos movementos islamistas, instrumentalizando o descontento da marxinación urbana mailo paro, e as contraproducentes políticas de asimilación e discriminación, a ampliación de oportunidades no mercado traballo, xerarían novas demandas nos anos noventa fronte ás cales as políticas gobernamentais non deron aínda solución.

Así, en primeiro lugar, como ten subliñado Sami Nair, sitúase o problema da interlocución, isto é, quen representa os emigrantes do Magreb en canto musulmáns de relixión en sentido xenérico. Pois a dinámica de mobilización polo islamismo radical e a intervención dos gobernos de orixe, actúa sobre un déficit propio da relixión musulmana; a saber: a carencia dunha estrutura de goberno representativa no Islam sunnita e a peculiar estrutura de representatividade do Islam chífita. Por unha banda, a estrutura laica do Estado francés reclama a negociación permanente con tódalas Igrexas; por outra, ó non dispor o Islam de Igrexa lexitimada e representativa, conduce a que a dificultade do diálogo semelle por momentos insuperable.

Emporiso, as políticas recentes abrirían canles de negociación mediante a reunión co Ministerio do Interior dos representantes das federacións, mesquitas e personalidades representativas varias, sobre a base do respecto do dereito positivo francés e non do dereito de estuto persoal do Islam. O que implica, por exemplo, a aceptación do dereito de familia francés fronte ó musulmán, baseado na desigualdade estrutural da muller, principio este republicano indeclinable para o Estado receptor.

Estes procedementos, axustados polo demais á tradición musulmana da consulta, iluminaron, por exemplo, o acordo de xaneiro de 2000, no que se flexibiliza o marco asimilacionista clásico, introducindo elementos de tolerancia multicultural antes impensables, pero mantendo o respecto á lexislación e principios políticos do Estado francés. O punto de partida, comparado con Alemaña, é ben distinto: precisamente porque non se nega a evidencia, nin se entende que a perspectiva da inmigración sexa por forza a temporalidade, deséñanse crecentemente políticas de diálogo e interculturalidade, na que ámbalas culturas entran en contacto, negocian e se modifican.

Deste xeito, o novo multiculturalismo evita o que Taguief ten denominado *retorsión*, é dicir, que o respecto ás culturas dos inmigrantes na súa diferenza as supoña cristalizadas nas súas formulacións tradicionais, de forma que se reforce a diferenza, fronte ás similitudes; se eliminan as tensión

internas entre as diversas versións dunha mesma cultura; e, en fin, se bloquea a apertura a outros horizontes, ó diálogo e á indeterminación, tendo en conta que toda cultura está sempre refacéndose e adaptándose.

A necesidade de apertura vén demostrada no fracaso das tentativas de introducir en Francia (como en Inglaterra) as políticas multiculturais, do estilo 'iguais pero separados'. Como exemplo ben claro podemos apunta-lo problema nas políticas educativas nas que as diferenzas entre a primeira e segunda xeración teñen amosado en Francia a necesidade de diferenciarlo tratamento duns e outros. Así, no caso dos inmigrantes de primeira xeración, portadores dos códigos culturais do país de orixe, trátase ante todo de respectar tradicións e sistemas de valores xa establecidos mentres non vulneren o núcleo duro da legalidade vixente (igualdade ante a lei, igualdade da muller etc.). Ende ben, no caso dos emigrantes de segunda xeración, un multiculturalismo inxenuo e reduccionista ten motivado en Francia (así como no Reino Unido) que non se reflexionara sobre o que implica a elección *a priori* da asignación de identidade étnica, nos termos herdados pola tradición da súa comunidade, ós rapaces obxecto directo das políticas educativas. De feito, os especialistas franceses teñen insistido en que malia que os fillos dos emigrantes do Magreb son os verdadeiros receptores das políticas educativas para emigración, os modelos de adscrición étnica asignada producen, de feito,

unha desconsideración da súa posición social específica, equiparándoa sen máis coa dos seus pais, cando o seu proceso de socialización en Francia resulta ben diferente e, deste xeito, bloquéase a posibilidade de desenvolver identidades de seu. Así, mentres nos Estados Unidos (ou na Arxentina) as políticas de estranxeiría de adscrición territorial din que os fillos dos inmigrantes son por definición nacionais, en Francia son considerados como segunda xeración da etnia de orixe dos seus pais, aínda que se lles recoñeza legalmente a nacionalidade do país de acollida ou o dereito a optaren por ela baixo certas condicións.

A experiencia francesa nas políticas educativas dirixidas ós emigrantes puxo de relevo os límites da política do recoñecemento baseada na homologación dos grupos de inmigrantes sen considera-la súa xeración e procedencia. Constatouse, por exemplo, que os nenos da segunda xeración de emigrantes non teñen máis horizonte vital de experiencia có da sociedade receptora, a diferenza dos seus pais, ancorados na memoria familiar. O horizonte vital da xuventude, a súa actividade social, os seus afectos, expectativas, recordos e posibilidades de promoción están completamente condicionados polo seu inserimento na sociedade de acollida. No colexio, cos seus compañeiros, desexaban ser considerados como franceses, e tratalos de modo diferenciado, mesmo desde unha perspectiva multicultural e de respecto, adoita ser vivido e experimentado

como exclusión ou rexeitamento. Ademais, os vínculos coa cultura de orixe dos seus pais resultan máis ben febles, a penas un referente simbólico distante, de pouco relevo desde o punto de vista da experiencia vital. Deste xeito, os especialistas teñen subliñado algo impensable desde o multiculturalismo clásico, a saber, que resulta tan negativa a marxinação xerada polo asimilacionismo etnocéntrico, aculturizador co obxectivo de facer esquece-las raizames orixinarias, como un inxenuo respecto á diferenza que tende a reifica-la diferenza étnica mediante a adscrición étnica asignada colectivamente, o que se traduce moitas veces na ghetización das minorías e empece de feito a libre escolla e elección identitaria por parte de cada individuo.

Todas estas experiencias e moitas outras, fortemente tinguidas en cada país da propia tradición cultural e experiencia política derivada da súa construción como Estados, achegan interesantes elementos de grande utilidade para países que comezan a enfrontarse por vez primeira con fluxos migratorios substantivos. Tal é o caso de España, tradicional fornecedor de emigrantes, desde unha grande inesperienza política e inxenuas pseudoasuncións (“España no es un país racista”) como se ten posto de manifesto na rediscusión da lei de estranxeiría 4/2000. Tamén resulta de relevo para unha política de emigración por parte da UE que ata agora adoptou a posición de ‘Europa fortaleza’, pechada e

restrictiva desde formulacións de orde pública e seguridade.

Unha política multicultural de inmigración de segunda xeración, que tome o concepto de *política* en serio, ten que discorrer por novos vieiros iluminados polo camiño percorrido por países como os devanditos, a partir da inicial constatación da emigración como fenómeno político complexo. Tres conclusións se presentan como especialmente relevantes para estes efectos:

1) A necesidade perentoria de reconsiderar-la filosofía antiinmigratoria cristalizada no sistema de cotas. Este sistema presupón que a acollida de inmigrantes cumpra dúas condi-

cións: 1ª) que se axuste ás demandas conxunturais do mercado de traballo e 2ª) que sexan fáciles de integrar porque non teñan características culturais (e tras dese termo agóchanse en ocasións perspectivas raciais) en exceso diferenciais coas do país receptor. O obxectivo en consonancia é unha inmigración considerada como *problema* e, polo tanto, tradúcese en materia de orde pública, non política e cultural, e na conseguinte estigmatización dos 'sen papeis', conceptuados non por azar como 'ilegais' (De Lucas). Deste xeito, a visión exclusivamente policial do fenómeno prolóngase nunha privación de dereitos humanos e sociais ós 'sen papeis', e mesmo na súa privación do



A imaxe da xuventude emigrante é persistente.

máis fundamental dos dereitos: “o dereito a ter dereitos” (H. Arendt). Isto implica xa que logo o debate dos criterios tradicionais de inclusión na nacionalidade e a cidadanía, baseados no “así se fan as cousas aquí” (“so we do things here”), na escisión irreparable entre cidadáns e estranxeiros. En definitiva, trátase de pensa-la ampliación dos dereitos, o pluralismo das sociedades modernas como sociedades complexas, non como mero *feito* que cómpre aturar, senón como *valor* democrático. Pero isto require a curto prazo a apertura do espazo público á participación activa dos propios inmigrantes

2) A urxencia de reformula-lo recoñecemento, non como o mero respecto a unha cultura inmigrante tomada nos termos dados, como cristalizada e pechada de antemán na tradición de orixe, senón como un proceso aberto de recreación, de redeseño e de participación dos seus membros na súa construción; así como de diálogo intercultural, de adaptación e flexibilidade a outros horizontes, de elección persoal desde a autonomía de cada participante. Toda cultura é un proceso de redefinición constante por parte dos seus membros, de diálogo entre ‘os de dentro’ e ‘os de fóra’, un proceso, en suma, de interminables modificacións, adaptacións e reacomodacións. Moitas veces, sen embargo, da man do multiculturalismo de primeira xeración, a cultura devíña unha gaiola, unha prisión, concibida desde o punto de vista da súa concepción orixinaria, prístina, e a relación con ela concibida desde a

autenticidade que poñía os seus membros ante a disxuntiva da socialización pasiva nela, ou no seu abandono e aculturación. Pola contra, se a cultura é un proceso de creación colectiva, debe garantirse, canda o recoñecemento e a protección, a libre participación na conversación que a redefine, a apertura e interculturalidade que permitan atender simultaneamente dous aspectos fundamentais: 1) como contexto de sentido na que se desenvolven os emigrantes, netamente diferenciados por xeracións e 2) desde a posibilidade de elección e mesmo mestizaxe garantida a cada individuo singular

3) En terceiro lugar, nun contexto de globalización crecente, a regulación de fluxos desde cada Estado debe abordarse desde un dobre horizonte: 1) política comunitaria europea tal e como se comezou a debater timidamente en Tampere (“enfoque global da inmigración”), cara a unha regulación conxunta dos fluxos cos países de orixe e 2) complementar esta última cunha política de *co-desenvolvemento* (informe Tapinos de 1994) debidamente expurgada de dominación encuberta. Só desta sorte os países da UE evitarán tralo espolio de materias primas incorrer, quéirano ou non, no espolio da materia gris dos países subdesenvolvidos.

Só deste xeito, que a penas asoma no horizonte de Europa, só considerada a emigración desde o punto de vista da súa entrada na esfera pública de participación e discusión, poderá romperse coa dicotomía entre



cidadáns e inmigrantes, poderá tomar-se o pluralismo en serio como compoñente central da democracia, poderá, en fin, substituírse unha óptica de “choque de civilizacións” (Huntington), por outra de solidariedade, xustiza social e enriquecedor multiculturalismo.

### ALGUNHAS LECTURAS

---

Barbadillo, P., *Extranjería, racismo y xenofobia en España*, Madrid, CIS, 1997.

Brubaker, R., *Citizenship and Nationhood in France and Germany*, Cambridge, CUP, 1992.

Cesarini & Fulbrook, *Citizenship, nationality and migration in Europe*, Londres, Routledge, 1997.

Chemillier, M., *Sans Papiers: l'archaïsme fatal*, París, La Découverte, 1999.

Ferrajoli, L., *Igualdad, Diferencias, desigualdades*, México, Fontamara, 1999.

Lucas, J., *Puertas que se cierran: Europa como Fortaleza*, Barcelona, Icaria, 1996.

Lucas, J., e S. Naïr, *Inmigration et thématiques identitaires*, París, Kimé, 1997.

Rubio, R., *Inmigration as democratic challenge*, Cambridge, CUP, 2000-06-30.



## A FILOSOFÍA NO SÉCULO XX

Manuel Maceiras Fafián\*  
 Universidade Complutense  
 Madrid

O século XX legou á historia do pensamento unha indubidable secuencia de novidades porque nel se formularon con orixinalidade non poucas intuicións implícitas en filosofías anteriores. Foi rico e fecundo, particularmente na súa primeira metade, disentindo esta opinión da que ve nel só continuísmo. A súa heteroxénea totalidade pode ser evocada simbolicamente ó lembrar que en 1900 Husserl remata as súas *Investigaciones lógicas* e Freud publica *La interpretación de los sueños*. É tamén o ano da morte de Nietzsche (a súa obra dará os seus froitos ó longo do século) e do nacemento de H.-G. Gadamer, centenario e aínda activo, cunha obra que transloce a pluralidade de tentativas que recobren a diacronía dos cen anos.

Como subsolo da heteroxeneidade, sobresaen dúas grandes secuencias de ideas. A primeira é a fenomenoloxía, de filiación kantiana, que recobre coa súa evolución e diversidade tódolos anos do século, desde 1900. A segunda, herdeira do XIX, vincúlase a Nietzsche

e Freud, presentes, con diverso signo, en case tódalas filosofías actuais. Pero elas non foron as únicas nin as súas interpretacións homoxéneas.

Advertindo o carácter inevitablemente reduccionista e fragmentario de toda síntese, a que formulamos neste 'balance' non pretende ser extensiva, citando todo e a todos. O seu propósito encamiñase a facilita-la comprensión do contexto filosófico do século a través da aproximación a figuras, asuntos ou problemas esenciais que revestiron singular orixinalidade ou foron significativos pola súa influencia, únicos criterios que guiaron a arriscada selección. A comprensión buscada parece que pode alcanzarse a partir das seguintes referencias temáticas:

- 1.- O prerracional e o inconsciente.
- 2.- A fenomenoloxía e a súa extensión.
- 3.- Presupostos e actitudes existencialistas.
- 4.- A linguaxe e a súa influencia.
- 5.- Nova mentalidade na epistemoloxía científica.
- 6.- Reflexión social e comunicativa.
- 7.- Balance dunha economía doméstica.

\* Catedrático de Filosofía.

## 1. O PRERRACIONAL E O INCONSCIENTE

Para evitarmos ambigüidades, adiantemos que os conceptos 'prerracional' e 'inconsciente' expresan aquela realidade ou realidades ás que non poucas filosofías do século lles atribúen a capacidade de previr e determina-la orde da razón e da conciencia. Realidades heteroxéneas e diversas con formas de influencia igualmente desiguais.

O século XIX continúa a tradición que entronca co concepto de *vis viva* de Leibniz, 'principio interno' responsable dos cambios dunha 'percepción' a outra na mónada<sup>1</sup>. O chamado 'panerxetismo' leibniziano adquire unha formulación xeneralizada en Schelling<sup>2</sup>, pero é Schopenhauer quen 'naturaliza' tal principio dinámico a través do concepto de Vontade<sup>3</sup>. A Vontade enerxía, unha e universal, esencia do mundo, por un proceso de participación individualízase e constitúese en substancia de cada un dos seres da natureza, que non son senón as súas manifestacións fenoménicas: a gota de auga, o animal, a planta, cada un dos seres humanos, o propio pensamento ou a vontade individual... son determinacións singulares e visibles da esencia invisible e única que é a Vontade. En paralelo con este contexto, a segunda metade do século XIX vese percorrida pola suxestiva discusión verbo do vita-

lismo, fomentada polas novas ideas biolóxicas darwinistas. Tanto o enerxetismo naturalista como as concepcións vitalistas transmiten, de modo inmediato a Nietzsche e Freud, de modo mediato a todo o ambiente de entre séculos, a lección de que, sobre todo no ser humano, unha realidade natural, prerracional e preconsciente, debe ser recoñecida como o substrato sobre o que asentan razón e conciencia. Estas, en consecuencia, non son autónomas e independentes senón condicionadas e derivadas.

É ben sabido que Nietzsche sitúa ese fondo esencial na realidade da vida, entendida como síntese biolóxica, psíquica e espiritual, que fai xerminar e é fonte de exuberancia na natureza, impulsión e plenitude de vigor no ser humano, con capacidade para rexenerarse a si mesma. O que sintetiza no concepto simbólico de 'impulso dionisiaco', evocando a Dionisos, deus do viño e da éxtase, entendido como abandono da identidade cotiá. Para Nietzsche, a primitiva cultura grega caracterizouse polo espírito dionisiaco, situación que axiña se perverteu, se seguímo-la tese da súa primeira obra<sup>4</sup> (1872) na que se propón mostrar cómo o dionisiaco/impulsivo é reprimido e posto baixo a prevención do 'espírito apolíneo' asociado ós valores do lóxico, o clásico, o moral, en fin, o racional e razoable, que pasaron a ser, seguindo

1 Leibniz, *Monadología*, 11, 17, 64, Madrid, Ed. Facultad de Filosofía, UCM, 1994.

2 Schelling, *Sistema del idealismo trascendental*, Barcelona, Anthropos, 1988.

3 Schopenhauer, *El mundo como voluntad y representación*, Bos Aires, El Ateneo, 1950.

4 Nietzsche, *El Nacimiento de la tragedia*, Madrid, Alianza, 1973.



os gregos, pauta de referencia para a ontoloxía e a moralidade da cultura occidental. Nela, Apolo, deus da luz e das formas, da razón e da norma, suplantou a Dionisos, espontaneidade e vigor sen medida. Esta orixinaria perversión de valores prodúcese co paso da traxedia antiga de Esquilo e Sófocles, onde o destino irracional se impón con vigor, á comedia nova de Eurípides. Pero a perversión axiolóxica refórzase por obra do racionalismo de Sócrates, asociado co espírito sacerdotal preceptista xudaico e co moralismo cristián<sup>5</sup>. Entre todos farán triunfar definitivamente o racional/normativo en detrimento do irracional/espontáneo. *Así habló Zaratustra*<sup>6</sup> (1883-1884) quere expresar, na mentalidade de Nietzsche, o belo simbolismo da existencia que debe volver repo-la primacía dos valores dionisiacos orixinarios, transmutando os que a nosa cultura considera valores lexítimos, aqueles regulados pola lóxica e a moral.

Freud, pola súa parte, non está lonxe da herdanza de Schopenhauer, a pesar do seu profesado descoñecemento. Citamos xa *La interpretación de los sueños* (1900)<sup>7</sup>, pero toda a obra freudiana se configura a partir da súa analítica das instancias psíquicas, *Id*, *Ego*, *Super/ego*. O *Id* é o lugar da pulsión como pulsión, ámbito da represión (primaria e secundaria) e instancia que exerce eficacia determinante sobre as outras dúas: conciencia (*Ego*) e cultura

(*Super/ego*) non son senón epifenómenos derivados da eficiente acción do *Id* (*El Yo y el Ello*). O *Id*, chamado 'inconsciente' na primeira denominación freudiana, está constituído por pulsións ou impulsións, en forma de desexos, fantasías, idealizacións..., non sometidas ás coordenadas espacio-temporais nin ó principio de identidade, segundo a lóxica consciente. Sendo a súa condición última de orde filoxenética-mítica, é, pola súa vez, de carácter represor, en canto que, sen ser perceptible polo Eu, remite á súa propia irracionalidade inconsciente contidos da experiencia ordinaria.

A presenza e eficiencia das ideas de Nietzsche e Freud nas filosofías do século XX é unha evidencia pouco discutible. E isto porque a esencia do seu xeito de pensar se sustenta na convicción de que, non só na orde psíquica, canto se presenta á razón e á conciencia como evidente e indubidable debe ser considerado, en principio, incerto e problemático, mesmo falso, xa que a responsabilidade última do sentido e da verdade radica nunha orde oculta e disfrazada. Debido a isto, a actitude da filosofía debe ser de desconfianza e o seu método consistirá, esencialmente, en crítica ou analítica encamiñada a reduci-lo visible ou consciente ó invisible e oculto. Non en van ambos, con Marx, son recoñecidos como 'filósofos da sospeita'. Tal actitude tivo amplísimo eco nas filosofías contemporáneas

5 Nietzsche, *La Genealogía de la moral*, Madrid, Alianza, 1972.

6 Nietzsche, *Así habló Zaratustra*, Madrid, Alianza, 1972.

7 Freud, *Obras completas*, Madrid, Biblioteca Nueva, 1948-1968, 3 vols.

de moi diverso signo. Poden citarse, entre moitas outras, filosofías sociais como as de Mounier, Althusser ou Habermas, o existencialismo de Sartre e Camus, a antropoloxía de Lévi-Strauss, as hermenéuticas de Gadamer e Ricoeur, e notables interpretacións da relixión e da cultura (Marcuse). O chamado ‘pensamento débil’ (Vattimo) quere, ó cabo, poñer de manifesto non tanto a debilidade do pensamento canto a falta de fortaleza do seu fundamento, asumindo os seus autores a vinculación Nietzsche/Heidegger<sup>8</sup>.

Pasados xa cen anos desde a primeira edición de *La interpretación de los sueños* de Freud e da morte de Nietzsche, ambos fóronse liberando das interpretacións reduccionistas; tanto das que fixeron deles clave dun vitalismo autosuficiente ou consigna dunha ontoloxía irracional, como das que só souberon entendelas como proclama do ateísmo anticristián ou síntese dun zoolóxico pansexualismo. De Nietzsche e Freud quédanos, no balance do século, a lección de que unha ‘arqueoloxía’ —segundo a expresión de Merleau-Ponty retomada por Ricoeur— tan real e eficiente como inadvertida, é subsolo sobre o que se edifica a orde da conciencia, e da razón, e da cultura en xeral, tamén a daquelas creacións que temos por máis espirituais. Arqueoloxía que debe ser primeiro coñecida para ser logo interpretada e orientada reflexivamente a favor da razón, a conciencia, a creación e a liber-

dade. Para iso cómpre comezar por un primeiro momento crítico e de negación, nihilista en relación cos valores alienados pola aceptación acrítica inconsciente, para proceder logo a reconstruí-los verdadeiros e xenuíños, a través da liberdade consciente. De aí que a forza de tales ideas alcance de cheo a nosa actual situación.

Henri Bergson (1859-1941) inscríbese na tradición do ambiente ‘vitalista’, con independencia de Nietzsche e Freud. En analoxía con Husserl, el representa a vontade de non reducir a realidade a aquilo que os resultados da ciencia empírica alcanzan. De aí a súa reivindicación da conciencia como realidade e actividade non susceptible de ser aprehendida pola ciencia ou a psicoloxía, e a inadecuación do bioloxismo para dar conta do carácter creativo inherente á propia evolución biolóxica. A vida, a intelixencia e a conciencia caracterízanse polo seu poder de inventar e, en consecuencia, non son identificables co que xa son<sup>9</sup>. Aínda que menos estudiaa, mesmo hoxe a obra de Bergson supón a reivindicación de que os sentimentos, paixóns, sensacións, a propia liberdade e demais datos inmediatos da conciencia, non esgotan nin limitan a súa propia realidade, o que boa parte da bioloxía actual subscribiría. Con grande influencia no ambiente da filosofía europea, case ningún dos intelectuais franceses do século foi alleo ó seu

8 Vattimo e Rovatti, *El pensamiento débil*, Madrid, Cátedra, 1983.

9 Bergson, *Oeuvres*, París, PUF, 1970. *La evolución creadora*, México, Aguilar, 1963.

maxisterio: entre moitos, Malraux, Sartre, Maritain, Mounier, Marcel.

## 2. A FENOMENOLOXÍA E A SÚA EXTENSIÓN

No balance global do século tampouco parece dubidoso afirmar que a Fenomenoloxía de Husserl, tanto pola súa propia obra como polas súas numerosas derivacións, supuxo a corrente de pensamento máis significativa, aínda con plena vixencia hogano. O seu estímulo é o novo clima intelectual de inicios de século, cando as concepcións globais do mundo do XIX (Hegel, Schopenhauer) son suplantadas polos saberes científicos e pola profusión de *teorías do coñecemento*, que nacen co propósito de esclarece-la xénese dos propios conceptos científicos. A materia, o átomo, a electricidade, a enerxía, o son, a natureza da xeometría, o concepto de número e de conxunto, etc., foron motivando o desenvolvemento de numerosas ciencias que van ser chamadas ‘ciencias da natureza’. En paralelo, Dilthey<sup>10</sup> teima en revalidar un método para as denominadas ‘ciencias do espírito’ —Historia, Psicoloxía, Filosofía, etc.— a través do concepto de ‘conciencia histórica’, fundada na dualidade da ‘vivencia’, que é acto subxectivo pero indisociable da experiencia obxectiva e histórica. Concepto que será retomado criticamente por Husserl, Ortega y Gasset, Heidegger e Gadamer.

A nova situación é percibida, con anterioridade a Husserl, por H. Cohen (1842-1918) que coa súa obra *Kants Theorie der Erfahrung* (1871) marca o inicio e a tendencia da chamada Escola de Marburgo, completada por P. Natorp e E. Cassirer. Reinterpretando o kantismo, esta oríentase a poñer de manifesto, por unha parte, a estrutura *a priori* da razón e a súa autonomía congnooscitiva; por outra, supón a novidade de advertir que o *a priori* adquire sentido obxectivo só a partir do desenvolvemento dos conceptos científicos. Husserl advirte a complexidade intelectual implícita nos novos coñecementos, de tal modo que a xustificación da ciencia e dos seus métodos fica por baixo da diversidade evolutiva da súa filosofía. Así queda en evidencia se se atende a obras incipientes como *Filosofía de la Aritmética* (1891) e *Investigaciones lógicas* (1900-1901)<sup>11</sup> e a escritos últimos, como os recollidos en *La crisis de las ciencias europeas y la fenomenología trascendental* (1936)<sup>12</sup>. Para Husserl non abonda recoñecer, con Kant, que a estrutura *a priori* da razón (entendemento) garante a universalidade e necesidade das leis científicas. Kant, por outra parte, deixara en evidencia a insuficiencia do empirismo e de toda pretensión de funda-lo coñecemento científico nos únicos e simples datos experimentais, se ben estes son condición necesaria de todo coñecemento científico. Husserl percibe a insuficiencia da solución kantiana

10 Dilthey, *Introducción a las Ciencias del Espíritu*, Madrid, Alianza, 1987.

11 Husserl, *Investigaciones lógicas*, Madrid, Alianza, 2ª ed, 1985.

12 Husserl, *La crisis de las ciencias europeas y la fenomenología trascendental*, Barcelona, Crítica, 1991.

porque nela non se aclara cómo sexa posible a ensamblaxe da estrutura *a priori* da razón/entendemento coa experiencia, para a constitución do coñecemento obxectivo. O seu propósito orientarase entón a describir por qué se produce tal ensamblaxe.

Non se pode describir sen datos de experiencia. Pero supón tamén: *a)* recoñecer que toda experiencia vai asociada á ‘vivencia’ pola cal recoñecemos como propio o acto mesmo de experimentar; *b)* entender que todo dato ou experiencia supón ou implica a esencia da que é manifestación. A esencia é a estrutura necesaria das cousas e, polo tanto, a condición para que estas se manifesten, é dicir, para que haxa fenómenos. Cun exemplo: a experiencia de que “*estou lendo un libro que me agrada*”, leva implícita a miña vivencia ou recoñecemento de que é un acto que eu executo, que fai parte de min; pola súa vez, tal experiencia supón a esencia ‘libro’ e a esencia ‘agradable’. A fenomenoloxía será o empeño por describir esta relación do suxeito que experimenta e do obxecto experimentado como entidades só intelixibles a partir da súa relación mutua. O que quedará máis claro a partir dos dous supostos seguintes.

2.1 Malia a insistencia na vinculación suxeito/obxecto, a fenomenoloxía parte do recoñecemento da primacía da subxectividade, tanto na súa dimensión gnoseolóxica, coma na axiolóxica,

afectiva, etc. É o suxeito, o ser humano, quen impón sentido ó mundo. Por iso, antes dos coñecementos experimentais (deste libro, dun metal que se dilata ou un electrón que se despraza) deben describirse as condicións de intelixibilidade das formas puras do pensamento, co fin de clarifica-las categorías lóxicas e gramaticais que fan posible que poidamos pensar e coñecer calquera obxecto, ‘un obxecto en xeral’.

Esclarecidas tales categorías, faise posible falar dunha comprensión *a priori* do mundo, en canto que toda experiencia del se realizará conforme e a partir de tales categorías de intelixibilidade. Tal propósito impulsa obras temperás de Husserl como as *Investigaciones lógicas* (1900), continúaase en *Ideas relativas a una fenomenología pura y una filosofía fenomenológica* (1913)<sup>13</sup> e culmina nas *Meditaciones cartesianas* (1931)<sup>14</sup>. Non se pode dicir que a fenomenoloxía, neste contexto, sexa allea a un certo racionalismo idealista coa non pequena invitación a facer da subxectividade o lugar onde toda certeza atopa o seu fundamento. Isto implica que a experiencia, o mundo, o histórico, a obxectividade en xeral, aparecen como o dubidoso e incerto, que adquire sentido só a partir da súa vivencia na conciencia.

Sen embargo Husserl é reiterativo en afirmar que a ‘intuición orixinaria’, aquela sobre a que debemos fundar nosas certezas, non pode ser un ‘eu

13 Husserl, *Ideas relativas a una fenomenología pura y una filosofía fenomenológica I*, México, FCE, 1985; *Ideas relativas a una fenomenología pura y una filosofía fenomenológica II*, México, UNAM, 1997.

14 Husserl, *Meditaciones cartesianas*, Madrid, FCE, 1985.

penso' ó estilo cartesiano, senón 'as cousas mesmas', tal como son directamente intuídas e vivenciadas pola conciencia. Pero 'as cousas mesmas', tal como aparecen nas vivencias, non se reducen ó seu sentido natural ou a simples fenómenos psíquicos, senón que teñen o valor de fenómenos ou manifestacións de esencias, como acabamos de dicir. *Fenómenos* que presupoñen un *logos* do que o fenómeno é só manifestación. Polo tanto, o fenómeno non nos manifesta algo que se agocha detrás del, senón aquilo que se abre ou se fai aparente pola súa mediación.

2.2 A primacía da subxectividade non prexulga nin o solipsismo nin a súa autosuficiencia. A fenomenoloxía, tanto a de Husserl como as posteriores derivacións, tipifican isto mesmo a través do concepto de 'intencionalidade' que expresa o carácter dinámico e activo da subxectividade en canto que, en primeiro lugar, "a conciencia é sempre conciencia de algo". Non cabe, pois, falar de conciencia sen actos que teñan por finalidade 'algo', isto é, unha realidade transcendente ó propio acto. En segundo lugar, o algo, o obxecto, o mundo e as cousas... teñen sentido na medida en que son significativas para un suxeito. Isto quere dicir que as esencias teñen existencia pola súa vivencia na conciencia a través da mediación da súa manifestación fenoménica. Esta dobre relación é constituínte do modo de darse a situación do home co mundo, de tal xeito que xa non cabe preguntarse polo sentido dun con independencia do outro. A conciencia,

pois, non 'está' no mundo, senón que este é a condición para a súa constitución e desenvolvemento. O mundo, pola súa vez, non é reducible á obxectividade que as ciencias describen, senón que el é aquilo que se dá na certeza da vivencia. Perde, polo tanto, o seu carácter de 'en si', que inxenuamente acepta a actitude natural, posto que o seu verdadeiro 'ser' é o de ser 'fenómeno', isto é, manifestación de esencias.

O concepto de 'intencionalidade' está presente xa nas primeiras obras de Husserl, que acabamos de citar, pero a súa insistencia no recurso ás 'cousas mesmas' acentúase nas da última década da súa vida (¿baixo o influxo de Heidegger?), motivadas pola correlación conciencia/mundo. Así o confirma o concepto de 'mundo da vida' (*Lebenswelt*) ó que recorre en escritos finais como é *La crisis de las Ciencias europeas*. O 'mundo da vida' é o suposto real, o fondo de experiencia configurado polas formas de vida, de cultura, de comunicación, etc., que constitúen o subsolo primordial sobre o que se alianza o coñecemento científico e a acción moral.

Os presupostos da fenomenoloxía foron fecundos en tódolos campos da reflexión filosófica que durante o século XX non abandonará xa a súa convicción fundamental, segundo a cal conciencia e mundo son indisolubles. A reinterpretación dos supostos fenomenolóxicos no ámbito ontolóxico, existencial, ético, estético, relixioso, etc., foi unha constante do século.

De modo inmediato tivo na *Gestalttheorie* ou 'teoría da forma', amplos resultados no campo da Psicoloxía contemporánea, se ben pasando dos postulados husserlianos sobre as esencias a un realismo das formas, deducido da análise experimental. Merleau Ponty<sup>15</sup> é un expoñente significativo da vontade de fidelidade a Husserl, pero ilustrado polo naturalismo da Gestalt. Nicolás Hartmann (1882-1950) aplícaos, entre os primeiros, a unha ontoloxía realista, mesmo positivista, que considera o coñecemento como transcendente á conciencia, mantendo que as cousas e o



Nicolai Hartmann. [...as cousas e o mundo non se reducen a ser obxecto para un suxeito, porque se fundan no ser.]

mundo non se reducen a ser obxecto para un suxeito, porque se fundan no ser. As cousas e o mundo son, si, 'obxectadas', en canto se ofrecen a ser coñecidas por un suxeito, pero non 'obxectivadas', xa que ningún coñecemento alcanza por enteiro o dominio e a representación exhaustiva do obxecto. En todo coñecemento sempre queda un residuo, un 'máis alá' incognoscible ou 'transubxectivo', que vai pospoñendo o seu límite, nunha aproximación cada vez máis preto do ser, sen posibilidade de acadalo. Na medida en que o coñecemento progresa do material ó orgánico, ó espiritual e social, vaise deseñando paulatinamente o sentido do ser. Teses que se perfilan nunha extensa obra que culmina na síntese que leva o título suxestivo de *El nuevo camino de la ontología* (1941).

Non menos significativa foi a aplicación axiolóxica da Fenomenoloxía por obra de Max Scheler (1874-1928); a súa obra principal, *El formalismo en la ética y la ética material de los valores* (1913-1916), aínda é invocada nos nosos días como modelo de 'ética material dos valores', contraposta ó (mal) chamado 'formalismo kantiano'. Scheler toma moi poucas suxestións de Husserl, pero parte da analogía entre coñecemento e sentimento. Se Husserl fai unha fenomenoloxía aplicable ó primeiro tomando a vivencia como punto de partida para a intuición de esencias (lóxicas), do mesmo modo se dan experiencias e vivencias de obxectos que o

15 Merleau-Ponty, *Fenomenología de la percepción*, Barcelona, Península, 1975.



entendemento non capta, pero cunha vivencia polo sentimento que revela que existen con independencia do suxeito. Estes obxectos ou esencias reais son os valores, indisociables das nosas experiencias das cousas, nas que radican, como as súas calidades materiais. Eles son apprehendidos por unha intuición sentimental, acto específico ou modo concreto de sentir, distinto do sentimento. A partir de aquí Scheller tipifica unha *ordo amoris* ou escala de valores, que regula a orde paralela da obriga moral e de conducta, e serve de suposto para unha metafísica da persoa e da comunidade de persoas que influirá notablemente nas filosofías existencialistas e personalistas (Mounier, Sartre, Marcel, Lévinas, Ricoeur). A súa presenza encóntrase tamén en Heidegger e é asunto obrigado, de modo xeneralizado, nos tratados de ética ata a actualidade.

Dentro do amplo contexto configurado pola Fenomenoloxía, sobresaí a filosofía de M. Heidegger (1889-1976), se ben el será, en gran medida, máis a súa contrapartida cá súa continuidade. Non é Heidegger alleo ás 'filosofías da vida' e ó neokantismo que, como xa recordamos, recobren os intereses entre os séculos XIX e XX. Aristóteles está igualmente presente na súa obra, pola súa formación clásica. Sen embargo, as teses husserlianas sobre a vinculación conciencia/mundo e a intencionalidade son perceptibles como substrato subxacente á súa filoso-

fía que, ó cabo, suporá a subversión da propia Fenomenoloxía. Así é porque para Heidegger o ser humano, antes que suxeito de coñecemento enfrontado a un mundo de obxectos e antes que conciencia intencional, é 'ser-no-mundo', 'ser aí' (*Dasein*), ente que, con tódolos demais entes 'intramundos', constitúe o mundo. Isto quere dicir que a Fenomenoloxía debe deixar de ser ciencia descritiva da conciencia e das vivencias, para se converter en interpretación da vida fáctica, da situación mundana deste ente, o humano, que ten como modo de existir o de formar parte do mundo. De aí que a Fenomenoloxía deba transmutarse en 'hermenéutica da facticidade'. A súa obra principal, *Ser y Tiempo* (1927)<sup>16</sup>, quere ser unha analítica 'fenomenolóxica' do 'ser aí', na vontade de ser fiel á divisa 'ás cousas mesmas'. E 'a cousa' por excelencia é, para Heidegger, o ser, fundamento do ente que é o *Dasein* ou 'ser aí', e de tódolos demais entes, que se abre ou manifesta só a través do 'ser aí'. Por iso a pregunta polo sentido do ser non pode formularse senón por mediación do 'ser aí', que é o ente polo que se manifesta. *Ser y Tiempo* convértese así nunha descrición do 'ser aí' como ser-no-mundo, coa temporalidade como estrutura.

Heidegger continúa este proxecto tamén despois do chamado 'xiro' (*Kehre*) da súa filosofía, se ben agora a súa hermenéutica do 'ser aí' se continúa por mediación da atención ó

16 Heidegger, *El ser y el tiempo*, México/Madrid, FCE, 1980.

sentido da linguaxe dos 'pensadores fundamentais' (os presocráticos, pensadores do fundamento) e dos poetas (*Holzwege, Unterwegs zur Sprache*)<sup>17</sup>. Son igualmente notables os seus escritos sobre a técnica, entendida como produción que se encamiña a descubrir ou revela-lo oculto e, polo tanto, sitúase no proceso cara á verdade. Isto converte a técnica na metafísica do noso tempo, en canto que a súa esencia consiste nesa tafera de desocultamento.

A filosofía de Heidegger converterase axiña na referencia unánime para tódalas filosofías do século, tanto en Europa como en América. Inspiradora para os existencialismos, ela ábrelle-lo paso ás correntes hermenéuticas de Gadamer e Ricoeur, que retoman as teses husserlianas da intencionalidade a través da concepción heideggeriana do ser-no-mundo. Para Gadamer<sup>18</sup>, a abstracta temporalidade de Heidegger adquire concreción ó entender que a conciencia se configura e comprende a través dunha tripla experiencia ligada á tradición na que se reconece pertencente: estética, histórica e lingüística. A filosofía, en consecuencia, debe ser hermenéutica ou interpretación das vivencias estéticas, dos efectos que a historia exerce sobre a conciencia e, en fin, dos textos e das lin-

guaxes, que son o ámbito privilexiado para a comprensión que un suxeito pode acadar de si mesmo, da súa situación no ser e das súas relacións comunicativas. Ricoeur, pola súa parte, cun propósito inicial inspirado na Fenomenoloxía encamiñado á comprensión das estruturas da subxectividade (*Le volontaire et l'involontaire*), evoluciona cara a unha hermenéutica na cal a comprensión do ser humano, en tódolos ámbitos da súa experiencia, vaise facendo posible só a través da interpretación das linguaxes, sobre todo das simbólicas. Tal comprensión será sempre parcial e continxente, e a ontoloxía non pasará de ser sempre 'militante', en canto dependente das linguaxes que se interpreten<sup>19</sup>.

As teses husserlianas, reinterpretadas a través da ontoloxía do 'ser aí', inspiran igualmente obras como a de E. Lévinas que, apartándose do principio husserliano da reciprocidade, entende que a relación intersubxectiva debe asentarse no principio (¿máis heideggeriano?) da alteridade<sup>20</sup>. Isto supón que o acto ético primordial non é 'eu podo' ou 'eu debo', senón 'velaquí estou', xa que a obriga se orixina no outro que me interpela e obriga polo feito mesmo de ser diferente. De aí a obriga moral de respecta-la alteridade, pero coa salvagarda da diferenza.

17 Heidegger, *Caminos de bosque*, Madrid, Alianza, 1998; *De camino al habla*, Barcelona, Ed. del Serbal, 1992.

18 Gadamer, *Verdad y Método*, Salamanca, Sígueme, 1977.

19 Ricoeur, *Tiempo y narración*, México, 1998, 3 vols.

20 Lévinas, *De otro modo que ser o más allá de la esencia*, Salamanca, Sígueme, 1987.



### 3. PRESUPOSTOS E ACTITUDES EXISTENCIALISTAS

Boa parte do século estivo marcada pola forma de pensar 'existencialista', con notables representantes (Jaspers, Sartre, Marcel, Camus), pero a súa extensión supera a filosofía e alcanza a novela, o teatro, a poesía, a pintura e a música... Un balance non pode deixar de valoralo xeneralizado clima intelectual existencialista, se ben con formas e en grao moi diferenciados. Por iso falamos de 'presupostos' e 'actitudes' existencialistas, xa que o seu significado non se reduce ás filosofías que se acubillan baixo a súa denominación.

O existencialismo tampouco non se localiza unicamente no ambiente intelectual de entreguerras nin no da última posguerra. Se xermolou e se fixo moda, para algúns, neses momentos, os seus problemas pasan definitivamente á filosofía actual e convértense en referencia para a segunda metade do século porque, con novidade e radicalismo, trae ó primeiro plano un dos problemas fundamentais da ontoloxía clásica: o da continxencia existencial do ser humano.

É Kierkegaard (1813-1855) quen, impulsado por un inqueda romanticismo, presenta a existencia como un proceso de superación incesante e asemade problemático, pois que o tránsito entre os estadios existenciais —estético, ético e relixioso— se realiza por mediación da angustia e da desesperación<sup>21</sup>.

Nietzsche, pola súa parte, pon en dúbida, con decidido antiintelectualismo, toda fundamentación ontolóxica da existencia a par que trae a primeiro plano o seu carácter creativo. Non é pequena a influencia das correntes estéticas expresionistas que, como mostra a obra de Kandinsky (*De lo espiritual en el arte*, 1912), se motivan por categorías dinámicas, pola potencialidade emotiva das cousas, pola súa espiritualidade e forza irracional, e non polo realismo ou o racionalismo das formas. Non menos significativa é a música, especialmente a de Mahler, na que de modo case xeneralizado se intúen o tremor, a angustia, a desolación, como se aprecia en *Canto de la tierra*. É igualmente significativa a obra de Dostoiévski pola súa constante presentación da liberdade asociada á responsabilidade da elección persoal, sempre problemática e incerta (*Los hermanos Karamazof*). Significación singular tivo a obra de Kafka (1883-1924), quen en 1917 coñece a Kierkegaard e escribe, inspirado nel, os seus *Aforismos*. Xa en *La metamorfosis* (1912) simbolizara a posibilidade da perda da propia identidade, e en *El castillo* o ser humano é aguillado pola expectativa de certezas e seguridades, incesantemente ansiadas, pero nunca alcanzadas. Toda unha rede de inquietudes nas que se atopa inmersa a condición humana, refeitas en forma de expectativas (¿esperanzadas?) pola obra de A. Camus (1913-1960), desde *El extranjero*

21 Kierkegaard, *El concepto de la angustia*, Madrid, Guadarrama, 1965.

ó seu testamento filosófico, *El hombre rebelde*, motivo do seu desacordo con Sartre.

Miguel de Unamuno non é alleo a tales actitudes, ben perceptibles en toda a súa obra, e agudizadas no noso filósofo pola problemática explícita suscitada polo conflito entre fe e razón (*La agonía de cristianismo*). Unamuno inscríbese na tradición, que el remite a Espinosa fronte Descartes, da precedencia do 'ser sobre o pensar' (*Del sentimiento trágico de la vida*), que entronca a súa filosofía con Schopenhauer, Nietzsche e Freud. Kierkegaard é a súa referencia inmediata, tanto na concepción da existencia como na súa interpretación da fe cristiá: para un coma para outro, 'ser cristián' é tarefa, loita cotiá contra a dificultade de crer, contra unha razón que di non e un corazón que di si.

Atendendo as filosofías máis significativas, os problemas que o existencialismo legou ó século poderían recapitularse arredor dos seguintes.

### 3.1 A DISTINCIÓN 'SER-EU-MESMO' / 'SER-EN-SÍ'

O existencialismo ten como fondo a diferenza entre 'ser-obxectivo', 'ser-eu-mesmo' e 'ser-en-sí'. Filosofías como as de Jaspers, Sartre e Marcel, establecen unha explícita distinción entre o puramente obxectivo, natural e impersoal, susceptible dunha ontoloxía igualmente obxectiva, e a esfera do humano e libre, onde a persoa individual é a referencia ontolóxica básica

(ser-eu-mesmo). Vinculado á liberdade, o ser-eu-mesmo está ante a expectativa, ante o que pode ser e non é, ante o 'ser-en-sí', que representa plenitude, idealidade transcendente ó 'eu mesmo'. A existencia, pois, precede e revela a esencia, o 'ser-en-sí', que para realizarse necesita do existente. Jaspers dirá que o 'ser-en-sí' é un concepto límite ó que tende o existente, pero que nunca alcanzará.

A mediación entre o 'ser-eu-mesmo' e o 'ser-en-sí' é a liberdade. Esencial ó 'eu mesmo', a liberdade é o movemento necesario do eu cara á realización do 'ser-en-sí'. Dito doutro xeito: a liberdade é o movemento do eu por se-lo que aínda non é. Situación que Sartre radicaliza ó dicir que a nada habita o seo do ser; ela é equivalente a un burato no ser, como o dun verme nunha mazá. O eu está por forza impedido a encher ese burato, a realizar 'esa nada que é'. Por iso somos necesariamente libres<sup>22</sup>.

### 3.2 A RECUPERACIÓN DO SINGULAR

O subxectivismo que Kierkegaard enarbora fronte a Hegel réalzase ó entende-la existencia como proxecto que se vive subxectivamente: o ser humano é un facerse persoal e non un feito (*faciendum* e non *factum*, dirá Ortega). Isto trae a primeiro plano a categoría da 'posibilidade', en gran medida tomada de Kierkegaard, na súa dobre dimensión: negativa, en canto que o existente pode non ser, alienarse

22 Sartre, *El ser y la nada*, Bos Aires, Losada, 1976.

e perderse no mundo da banalidade; positiva, en canto que o existente pode 'ser máis', 'ser doutro modo', 'ser mellor'. Xa que logo, a vida é drama persoal por dobre motivo. En primeiro lugar, porque é nela onde a liberdade debe realizarse, pero sen que no empeño a asista máis tutela que a da súa propia responsabilidade. O ser humano está na vida sen proxecto nin modelo definido, pendente dos camiños da súa liberdade, 'xecto no mundo', dirá Heidegger. E, en segundo lugar, porque se non hai esencia previas, o que o existente singular escolle e se impón persoalmente, elévase a modelo para toda a 'humanidade'. Co cal a elección singular compromete a humanidade como totalidade, reiterando a Kierkegaard.

### 3.3 O CORPO COMO SÍNTESE E COMO SÍMBOLO

As filosofías existencialistas trouxeron ó primeiro plano, con orixinalidade respecto á tradición filosófica, a consideración do corpo como 'símbolo' da 'continxencia necesaria' do ser humano. O corpo é, pola súa vez, 'síntese' que involucra a existencia coa herdanza, o temperamento, a involuntariedade e inconsciencia coa carga de sentimentos, da dor á alegría, que todo iso leva implícito. Sartre (*El ser y la nada*) describe cómo o corpo introduce elementos que rebordan a conciencia e o 'eu penso': paixóns, apetitos, enfermidades, a morte..., de tal modo que o 'eu son' non se dá comprendido senón a partir de tal recoñecemento. En Marcel o corpo é 'misterio' e non 'problema',

xa que o seu coñecemento non pode ser cousificado, como o de calquera outro obxecto; só accedemos a el como misterio, isto é, participando nos seus propios actos.

### 3.4 OS OUTROS E A COMUNICACIÓN

A comunicación entre existentes é asunto no que converxen os existencialismos, pero tamén problema sobre o que se fan diverxentes as súas opinións. Certo que o existente debe realizarse singularmente, pero iso non evita que a existencia fáctica sexa un *mit sein*, un 'ser con', en canto que os outros son —como a liberdade— necesidade na continxencia da existencia. Sartre fará da comunicación un dos asuntos esenciais da súa reflexión. Para el a existencia é 'existencia diante doutro', o que fai dela unha especie de aparecer diante do outro, por iso debo recoñecer que 'eu son como o outro me ve' e necesito del para a miña propia realización. En consecuencia, a comunicación despersonaliza, obxectiva e cousifica, en canto que o outro non me ve como un eu subxectivo, senón como un obxecto que contempla. A comunicación, máis que achegar entre si os dous Eu, convérteos en obxectos de mutua despersonalización e, polo tanto, equivale a unha negativización ou negación alienante da subxectividade. A comunicación entre subxectividade é a dos escravos atados ó banco común da galera.

G. Marcel, en contradicción con Sartre, ve na comunicación a esencia da ontoloxía existencial. O 'ser con' é só

propio da persoa. Polo 'con' compénsase dialecticamente a vida como compromiso persoal e risco sen tutela. Agora ben, a comunicación de persoas require a participación de cada cal no 'misterio' que o outro é, o que impide consideralo obxecto e esixe respectalo co rango de *alter ego*<sup>23</sup> do que necesito para completa-lo meu *ego*. De aí que "la única desventura es ser sola", confesa Rosa, personaxe do seu drama *El corazón de los otros*.

Pola súa banda, K. Jaspers fai da comunicación unha categoría esencial da existencia, do coñecemento e da filosofía mesma. A existencia auténtica é só concibible como comunicación interexistencial, en canto que o 'si mesmo' auténtico non se alcanza senón a través doutro 'si mesmo', de tal modo que 'o amor combativo' define a existencia non alienada. Pola súa vez, a verdade é un itinerario só alcanzable a partir de puntos de vista diversos, incluso diverxentes, coa súa comunicación constituída na estrutura de todo coñecemento verdadeiro e de toda filosofía non dogmática<sup>24</sup>.

#### 4. A LINGUAXE E A SÚA INFLUENCIA

Os problemas da linguaxe non son novos en Filosofía. Poderíase lembrar a Platón e Aristóteles e as polémicas medievais arredor da significación, que G. de Ockham culminará con mentalidade de innegable actualidade. A

relación clásica entre filosofía e linguaxe vén marcada por unha preponderancia de problemas especificamente filosóficos e polas teorías do coñecemento, que foron influíndo sobre as concepcións lingüísticas. No século XX, pola contra, as teorías sobre a linguaxe e moi en especial a nova lingüística, van determinar moi profundamente as formas de pensar, provocando un notable xiro no clima filosófico do século.

Desde dúas perspectivas pode establecerse un balance significativo que dea conta da novidade que significou este que chamaremos 'xiro lingüístico da filosofía'.

##### 4.1 A FILOSOFÍA ANALÍTICA

Con amplísima repercusión durante boa parte do século, a chamada 'filosofía analítica' vén motivada pola inspiración de B. Russell e de L. Wittgenstein, se ben o seu núcleo fundamental se encontra no chamado Círculo de Viena, a partir do cal se consolida unha metodoloxía inspirada na das ciencias experimentais. Un amplísimo panorama de figuras e tentativas logra que as correntes analíticas sexan as máis universalmente divulgadas no noso século, tanto en Europa como en América do Norte. En 1910, Russell edita a súa versión definitiva de *Principia Mathematica*, en 1921 Wittgenstein publica o *Tractatus Logico-Philosophicus* e contra os anos vinte fúndase o Círculo de Viena, no que par-

23 Marcel, *El misterio del ser*, Edhasa, Barcelona, 1971.

24 Jaspers, *Filosofía de la Existencia*, Aguilar, Madrid, 1965.



Ludwing Wittgenstein é un dos creadores da chamada 'Filosofía analítica' que máis amplamente repercute, durante boa parte do século, sobre o pensamento filosófico.

ticipan Schlick, Neurath, Carnap, Waismann, ó que se adhiren as simpatías do Círculo de Berlín onde están Reichenbah, Dubislav, Köhler, entre outros. En 1930 fundan a revista *Erkenntnis*, dirixida por Carnap e Reichenbach, que se converte no órgano oficial do movemento analítico. O nazismo provoca o traslado ós Estados Unidos de moitos destes investigadores. En 1938 iníciase en Chicago, pola súa inspiración, a publicación da *International Encyclopedia of Unified Science*, e

en 1949, dirixido por Ph. Frank, fúndase en Boston o Institute of the Unity of Science. Como é perceptible xa polos títulos, o seu obxectivo é traballar para a configuración dun concepto de ciencia unificado por unha única metodoloxía.

Na complexidade dos seus presupostos e influencias poden distinguirse tres grandes liñas na filosofía analítica, todas con grande influencia tanto na filosofía coma na metodoloxía científica.

A primeira está representada polo chamado 'empirismo lóxico' (Russel, Carnap, Schlick) e móvese en torno á idea fundamental de establece-los sistemas conceptuais da ciencia. Para iso propónse construír unha linguaxe simbólica unívoca na que se elimine todo signo que non teña unha referencia na realidade (cousa, feito, elemento demostrable). Deste modo a significación vén determinada por criterios empíricos, isto é, polo 'principio de verificabilidade'. Carnap, nun escrito sintomático, proporá que a metafísica prescindida de toda a súa terminoloxía non referendada pola experiencia empírica, o que equivalería a elimina-la propia metafísica<sup>25</sup>. Aínda que revisado, a aplicación do principio de verificabilidade supuxo unha crítica moi severa para os saberes non propiamente experimentais, que a mentalidade analítica relega ó ámbito de linguaxes emotivas e sen valor de verdade. Só o experimentable (ou matematizable) debería ser

25 Cf. Ayer, *El Positivismo lógico*, México, FCE, 1965. Art. cit., páxs. 66-87: "La superación de la metafísica mediante el análisis lógico del lenguaje".

atendido como coñecemento lexítimo, coa conseguente redución do ámbito tanto do saber como do real. O empirismo lóxico continuou tamén a discusión, herdada do século XIX, sobre o fundamento da matemática coa crítica ó apriorismo sintético kantiano, resaltando os aspectos analíticos da linguaxe matemática. Pola súa vez, supuxo unha grande achega á renovación da lóxica, asociándoa a formulacións simbólicas.

A segunda serie de ideas procede, de modo moi singularizado, do propio Wittgenstein, con influencia en toda a filosofía posterior. Na súa primeira grande obra, o *Tractatus*<sup>26</sup>, a linguaxe é tomada como patrón de realidade, de tal xeito que “los límites de mi lenguaje significan los límites de mi mundo” (Prop. 5.6). Por iso “de lo que no se puede hablar, sobre eso debemos callar” (Prop. 7). A linguaxe, pois, é imaxe do mundo, figura ou figuración da realidade e o sentido dun enunciado estriba na súa capacidade descritiva da realidade, en proximidade ó ‘empirismo lóxico’. Na súa segunda grande obra, *Investigaciones filosóficas* (1953), Wittgenstein opta por un cambio de rumbo facendo da linguaxe usual o filtro a través do cal considerámo-la realidade. Pero na nosa linguaxe usual ou ordinaria hai formas variadas e diversificadas nas que o significado dos termos vén determinado polo uso. Cada forma ten as súas regras de uso, como sucede nos xogos. Non é, pois,

posible unha visión única e homoxénea do mundo e das cousas, xa que a linguaxe non é uniforme. Máis que de linguaxe, deberíamos falar con máis propiedade de ‘xogos de linguaxe’. A filosofía debe ser unha loita contra a confusión mental a través da análise da diversidade de formas lingüísticas.

A terceira liña da filosofía vén representada, ata os nosos días, pola chamada ‘filosofía da linguaxe usual’. Motivada polas ideas do segundo Wittgenstein, quedou asociada á Universidade de Oxford e á filosofía do ‘sentido común’ de Moore. Aínda que comparte co empirismo lóxico a tese do non sentido das proposicións metafísicas, mantén como medio de análise a linguaxe usual ou ordinaria, considerándoa ámbito privilexiado polo seu máximo poder descritivo da experiencia humana. A verdadeira linguaxe non é, pois, a unívoca construída polos lóxicos, senón a común, coas súas ambigüidades e imprecisións. Debe terse en conta que os propios enunciados da linguaxe usual encerran, ademais da dimensión lingüística ou locucionaria, a dimensión intencional do falante ou ilocución, e a súa vontade pragmática ou perlocución, pola que este tende a producir efectos reais. A análise do acto lingüístico na súa totalidade é para Austin o medio máis adecuado para esclarecer, non só os procesos subxectivos, senón, e sobre todo, os procesos comunicativos<sup>27</sup>. Searle (*Actos de habla*), continúa esta tradición que

<sup>26</sup> Wittgenstein, *Tractatus Logico Philosophicus*, Madrid, Alianza, 1973; *Investigaciones Filosóficas*, Barcelona, UNAM/Crítica, 1988.

<sup>27</sup> Austin, *Cómo hacer cosas con palabras*, Madrid, Alianza, 1982.



nos nosos días segue tendo amplísima presenza por dous camiños: primeiro pola súa vinculación coas teses lingüísticas da hermenéutica fenomenolóxica, como no caso de Ricoeur; segundo, pola súa amplísima presenza na teoría da acción comunicativa de Habermas.

Ademais da súa específica contribución á metodoloxía lóxica e científica, a filosofía analítica supuxo unha reiterada e severa advertencia para que a filosofía e, en xeral, os saberes non experimentais, se impoñan métodos e linguaxes que, se non son reducibles á experimentalidade ou á matematización, non por iso poden eludi-lo imperativo do rigor lóxico, da precisión analítica e a obriga de aducir boas razóns e argumentos razoables compartibles. E isto porque todo discurso que reclame o rango de saber, se non o de ciencia, debe poder someterse a procesos de validación, de discusión e de confrontación. A filosofía e outros saberes análogos, se queren ter presenza no campo do coñecemento lexítimo, están obrigados a evita-lo verbalismo e desbotar toda linguaxe arbitraria ou incompreensible, que non estea xustificada por algún tipo de razón lóxica ou experiencia, aínda que esta non sexa de orde empírica.

#### 4.2 O ESTRUCTURALISMO E A SÚA INFLUENCIA

A lingüística contemporánea ten a súa referencia máis significativa no *Curso de Lingüística general* de De Saussure, publicado en 1916, que introduce as teses estruturalistas, amplamente aceptadas pola lingüística con-

temporánea, entre outros polo Círculo lingüístico de Praga (Jakobson, Troubetzkoy) e pola Escola de Copenhague (Hjelmslev, E. Alarcos). As teses estruturalistas encontrarán ampla aceptación en diversos campos das chamadas 'ciencias humanas' e tamén no contexto específico da filosofía. Do *Curso...* e das súas interpretacións máis formalistas, dedúcense en filosofía os seguintes presupostos, que afectarán de cheo o clima filosófico do século: *a)* a lingua (distinguíndoa da fala) é un sistema de diferencias no cal non hai termos absolutos: diferencia entre fonema e fonema no morfema, entre signifiante e significado no signo, entre signo e signo nos enunciados; *b)* a negatividade, polo tanto, constitúese en principio de significación, en canto que cada elemento (fonema, signo) significa máis polos outros, polo que non é, ca por si mesmo; *c)* a significación ten orixe inmanente e inconsciente, xa que procede da propia estrutura diferencial/negativa, sen recurso ó suxeito falante (antisubxectivismo) e prescindindo da cousa dita ou referencia (antiobxectivismo). Coma calquera outro sistema semiótico ou formal (matemático), a lingua significa con independencia do que fala e daquilo sobre o que se fala.

Estes supostos van cruza-la fronteira da metodoloxía (lingüística) para pasar á ontoloxía, provocando a xeneralización dun modelo estruturalista de pensamento, aplicable tanto ó suxeito individual coma ás realidades colectivas. Tal modelo podería resumirse

como segue: A) A realidade debe ser interpretada como un sistema de signos, significativos e operativos a partir da súa propia combinatoria, con independencia dos suxeitos que operan neles. O suxeito é só operador dunha lóxica que o precede, a da estrutura na que está inscrito. A orde social, económica, consumo, usos familiares, costumes..., son sistemas de comunicación significativos a partir das regras da súa propia combinatoria estrutural. B) A precedencia da estrutura fai que o suxeito sexa máis produto ou resultado ca produtor responsable. A intervención subxectiva é só un efecto supraestructural, pois o sistema impón a súa lóxica antisubxectivista e antipsicoloxista. O antisubxectivismo amplíase como antihistoricismo en canto que o sincrónico estrutural adquire primacía sobre o diacrónico. C) A negatividade, o que 'cada un non é', o outro, éríxese en principio do que cada un pode ser. A orixe do sentido desprázase, polo tanto, cara á relación, as relacións (de forza), no seo do sistema ou estrutura. D) A consecuencia, para unha ontoloxía do suxeito, é a interpretación funcional da subxectividade, en canto que cada un (signo, suxeito) significa en virtude do lugar que ocupa ou papel que desempeña no sistema no que está inscrito (social, económico, produción, consumo, etc.).

A xeneralización do estruturalismo faise explícita na inmensa obra de Lévi-Strauss aplicándoo á interpretación do parentesco, do pensamento mítico, da historia e do pensamento en

xeral (*Antropología estructural, I, El pensamiento salvaje*). Lacan aplícao á interpretación do Inconsciente (*Escritos*) e Althusser á análise económico social a partir da función das ideas marxistas (*Leer el Capital*). M. Foucault, nunha obra extensa, retoma os presupostos anteriores en relación a diversos ámbitos de prácticas e saberes (loucura, exclusión carceraria, sexualidade) cunha conclusión xeneralizada: o ser humano, en tódalas súas ordes existenciais, da moral á psicolóxica, da estética á de consumo, é "máis un suxeitado ca un suxeito". A súa condición é ser un sometido á secuencia de epistemes ou conxunto de saberes e prácticas que configuran cada época. A consistencia da súa identidade subxectiva é similar á dun rostro na area da beiramar, que se esvae coa primeira onda (*Las palabras y las cosas*).

Como derivación do formalismo estruturalista, poden entenderse as ideas de J. Derrida, aínda que con Nietzsche e Heidegger ó fondo. Para el todo texto, a linguaxe como tal, non é máis que un xogo de signos que se ofrece ó lector exento de referencia a un logos ou significado, posto que a significación deriva da tensión entre a estrutura do texto e o acto de ler. Certo que a tradición occidental foi logocéntrica, sometendo o significante á orde do significado, pero tal modo de pensar debe dar paso ó pensar gramatolóxico que ve na linguaxe un conxunto de *grammata* ou sinais, sen horizonte hermenéutico determinado, aberto á expectativa xerada polas súas



renovadas lecturas. Trátase, pois, de deconstruí-lo significado para abrir paso ás expectativas que cada lector achega desde a súa singular situación<sup>28</sup>.

As teses estruturalistas penetraron profundamente no ámbito científico, no biolóxico especialmente. Máis alá da moda que supuxo nos anos sesenta, segue a ser hoxe a seria advertencia sobre a insuficiencia do atómico, do individual, do subxectivo, ou do simplemente persoal ou singular, e suxíre interpreta-la realidade, o mundo e a sociedade, como realidades vertebradas por relacións. Por este camiño, o realismo científico e o social asócianse co formalismo estruturalista para definir ou describi-lo suxeito actual como un ser 'de relacións' que se constitúe pola confrontación coas estruturas de poder, políticas e de consumo, cada vez máis determinantes<sup>29</sup>.

## 5. NOVA MENTALIDADE NA EPISTEMOLOXÍA CIENTÍFICA

O século XX supuxo un notable cambio de mentalidade en relación co alcance e a significación das ciencias. O século XIX seguira confiando no carácter universal e necesario das verdades e as leis científicas, continuando unha epistemoloxía que se configurara de Galileo a Kant. Non é que se rexeite no noso século o valor das leis científicas, pero, ó tempo que se cuestiona o valor

absoluto da propia razón (Freud, Nietzsche), a ciencia vai sendo entendida como empeño revisable, cuestionable nos seus propios resultados. A esta nova mentalidade contribúen, coas conclusións das xeometrías non euclidianas (Riemann, Lobachevsky), a teoría da relatividade de Einstein e a teoría cuántica de M. Planck, que poñen en evidencia a non identidade entre o microcosmos, o meso e o macrocosmos, e revelan a falta de analogía entre os seus fenómenos. Debido a isto, o noso século é percorrido por unha nova mentalidade que ve en cada ciencia un sistema de signos, adecuado para a descrición e comprensión dos fenómenos, tecnicamente operativo, pero sen desbotar que poidan darse outros igualmente válidos.

Neste novo contexto, a epistemoloxía máis próxima á reflexión filosófica introduce algunhas notables novidades, tanto polo que se refire á verdade e ó significado das teorías científicas, como polo papel que se outorga ós elementos ateoréticos (psicolóxicos, sociolóxicos) na formulación de enunciados científicos.

5.1 Polo que se refire á *significación das teorías e verdades científicas*, no noso século foise abrindo paso a idea segundo a cal a obxectividade da verdade científica debe socializarse, e a comunicación entre investigadores, a discusión e a transferencia de resultados... deberá ser práctica asociada á

28 Derrida, *De la Gramatología*, Bos Aires, Siglo XXI, 1971.

29 Touraine, *Crítica de la Modernidad*, Madrid, Temas de Hoy, 1993; Giddens, *Modernidad e identidad del yo*, Barcelona, Península, 1997.

afirmación de que ‘algo’ é ‘cientificamente verdadeiro’. De aí a esixencia de somete-las teorías, non só á proba dos feitos, senón á confrontación con outras teorías, evitando toda verificación illada (Duhem-Quine). Pola súa vez, non é incongruente aceptar que dúas teorías, en aparencia non concordantes, poden dar conta dos mesmos fenómenos. E isto porque dunha teoría científica podemos mostra-la súa falsidade, pero non a súa verdade<sup>30</sup>. Isto supón que a teoría ha poder ser posta a proba (testada) e dispoñer de elementos para que outra teoría poida contradicila. Unha teoría científica instaura ou configura un campo experimental, pero, na medida en que evoluciona a investigación, vaise impondo a súa revisión. A teoría, polo tanto, instaura unha certa racionalización dunha parcela de realidade, pero non é garantía da plenitude do seu coñecemento. Por iso a ciencia contemporánea se desenvolve a partir de hipóteses, modelos e previsións que será necesario logo ir corroborando ou rectificando.

5.2 Verbo da incidencia de *factores ateoréticos*, o século foi prolixo na advertencia sobre a influencia das condicións sociolóxicas en todo proceso de coñecemento. O asunto xa o adianta D. Mannheim en *Ideología y Utopía*<sup>31</sup> (1ª ed., 1929), obra de gran significación no contexto das ideas do século —se ben hoxe menos atendida— que suxire o concepto de ‘socioloxía do coñecemen-

to’. Hoxe falamos máis de ‘socioloxía da ciencia’ para advertir sobre a serie de factores que interveñen no seu desenvolvemento e, incluso, nas súas conclusións. Th. Kuhn (*La estructura de las revoluciones científicas*) insistiu en que a ciencia non se desenvolve en virtude dun progreso promovido pola lóxica da súa propia racionalidade, senón a través de momentos excepcionais ou feitos significativamente revolucionarios, que provocan o salto dun *paradigma* ou outro novo, entendendo por paradigma o conxunto de conceptos e métodos comúns nun determinado momento ou época. Pola súa parte, Habermas analiza os factores non intelectivos que determinan as condicións da propia racionalidade. Segundo el, a razón mobilízase estruturalmente por categorías non teóricas que chama ‘intereses’ —práctico, técnico, autorreflexión—, inherentes ó exercicio mesmo do entendemento, que determinan a esfera da racionalidade científica<sup>32</sup>.

Durante a segunda metade do século foi significativa a preocupación pola teorización sobre a metodoloxía científica, vinculando linguaxe, lóxica e filosofía da ciencia. Sen embargo, malia a súa fecundidade bibliográfica, os avances neste terreo parece que quedaron no desenvolvemento da lóxica e dos procedementos formais, con notables achegas en relación coas linguaxes das ciencias e da teoría de sistemas,

30 Popper, *La lógica de la investigación científica*, Madrid, Tecnos, 1962.

31 Mannheim, *Ideología y Utopía*, Madrid, Aguilar, 1973.

32 Habermas, *Conocimiento e interés*, Madrid, Taurus, 1982.

pero sen grandes consecuencias para o progreso da ciencia como tal.

É igualmente notable a reflexión sobre o sentido antropolóxico da tecnociencia e as súas consecuencias para a liberdade. Desde Max Weber<sup>33</sup>, unha reflexión ampla foi chamando a atención sobre a nova situación do noso século. Por unha parte, a tecnociencia levou o ser humano á súa propia exaltación en canto que todo semella alcanzable; por outra, a imaxe que nos facemos do mundo é a que nos procura a tecnociencia. En fin, a tecnociencia desenvólvese en virtude do seu propio determinismo, en gran medida alleo ó control moral, só sometido á lóxica do proceso investigador, sen fins éticos previos. Heidegger (*Escritos sobre la técnica*) advirte de tal situación; H. Jonas suxire repensa-lo futuro da humanidade a partir dos poderes da tecnociencia actual, sobre todo no ámbito biolóxico, reformulando bioloxicamente o imperativo kantiano: obra de tal modo que a vida da humanidade futura poida ser coma a de hoxe<sup>34</sup>. A chamada Escola de Frankfurt (Marcuse, Adorno, Horkheimer) supuxo unha ampla chamada de atención sobre as capacidades alienantes que pode supoñer a tecnociencia, por outra parte necesaria, en relación coa perda de identidade e de liberdade.

Nos nosos días, o chamado 'pensamento posmoderno', nun dificilmen-

te tipificable manierismo en virtude da profusión bibliográfica, é a advertencia ou, se se prefire, o diagnóstico da situación de diseminación das identidades, da vixencia do pluralismo ou da pluralidade, en tódolos ámbitos e en tódolos sistemas de valores, na profesión do continxentismo radical que caracteriza a nosa actualidade. É o froito dunha fin de século que se desprende do contexto intelectual dos seus primeiros dous tercios<sup>35</sup>.

## 6. REFLEXIÓN SOCIAL E COMUNICATIVA

Aínda que a bibliografía sobre sociedade e comunicación foi heteroxénea en asuntos e calidade e inabarcable en cantidade, ela estivo esencialmente orientada á exposición e divulgación. O resultado foi a aparición de magníficos manuais de Socioloxía e sobre os máis diversos problemas sociais, pero coa ausencia de filosofías ou teorías sociais orixinais e innovadoras. Isto non impide que aparezan obras de notable orixinalidade.

Jacques Maritain (1882-1973) é unha das figuras do século, hoxe pouco valorada mesmo nos medios tomistas nos que se incribe o seu pensamento. Con independencia de acordos ou desacordos co seu xeito de pensar, non ter en conta a Maritain pode obedecer a dúas razóns: descoñecemento da súa influencia e ignorancia dos seus

33 Weber, *La ciencia como vocación*, Madrid, Alianza, 1967.

34 Jonas, *El principio de responsabilidad*, Madrid, Círculo de Lectores, 1995.

35 Cf., como síntese última deste ambiente, J. L. Pinillos, *El corazón del laberinto*, Madrid, Espasa, 1997.

escritos<sup>36</sup>. A súa figura e obra, sen embargo, representaron unha referencia de innegable modernidade, non só para o tomismo e o neoescolasticismo, senón tamén para a filosofía universitaria en xeral e non menos para medios intelectuais socialistas e marxistas, que se debatían nos paradoxos dun socialismo chamado humanista e opresor de media Europa baixo o totalitarismo máis radical. O personalismo de Mounier<sup>37</sup> nace tamén con inspiración en Maritain, quen afronta as contradicións do seu tempo a partir da riqueza do tomismo máis orixinal, o vinculado á defensa da persoa como realidade espiritual, libre e comunitaria, con ideais non reducibles á pura materialidade. Na súa amplísima reflexión, o cristianismo é para Maritain a síntese humanista de valores morais, sociais, políticos, etc. Os seus puntos de vista foron de grande influencia, tamén para a difusión da doutrina social da Igrexa, cunha presenza de alcance nos medios intelectuais (e políticos) cristiáns dos Estados Unidos, Hispanoamérica, Italia, Francia e, en menor medida, tamén de España. O seu *Humanismo integral*, editado por primeira vez en 1936, recolle as conferencias pronunciadas en agosto de 1934 (!) na Universidade Internacional Menéndez Pelayo de Santander. A súa influencia contribuíu tamén a un novo clima nos medios da filosofía escolástica, que no século experimentou unha notable renova-

ción, empezando por Francia e Alemaña, coa incorporación dos problemas propios da ciencia e do ambiente do século. Unha amplísima e sólida bibliografía así o demostra.

Ó longo do século, as referencias de fondo seguen sendo o marxismo, por unha parte, e a reflexión sobre a sociedade liberal e democrática, por outra. O marxismo sintetiza a tradición da chamada 'sociolóxica do conflito' que retoma as contradicións entre individuo e sociedade; as teorizacións liberais remítense xenericamente a Kant, insistindo en que a liberdade individual é orixe e principio da orde social intersubxectiva, sen contradición, polo tanto, entre ambos.

As ideas marxistas serán obxecto de interpretacións e lecturas diversas, mesmo contradictorias, pero que amosan a súa vixencia intelectual ó longo do século. No ámbito estritamente soviético, a Academia de Ciencias continúa a difusión do pensamento de Marx, Engels e Lenin, fieis a un escolasticismo nada crítico, esencialmente sectario e obediente á dictadura política. O Instituto Marx-Engels de Moscova propiciará a edición MEGA das obras de Marx. Pero o marxismo foi obxecto de atención amplísima fóra dos ambientes comunistas. E. Mounier ve no marxismo a crítica previa e necesaria para facer posible un humanismo personalista (*Manifiesto al servicio del*

36 J. Maritain, *Oeuvres complètes*, París, Ed. Univ. Fribourg Suisse/Saint Paul, desde 1984, 15 vols. Descoñécese xeralmente a súa densa e enorme obra: 15 volumes con máis de mil páxinas cada un.

37 *Esprit*, fundada en 1932 e os seus demais proxectos iniciais, fráguaos Mounier en contacto con Maritain, do que se afasta amigablemente debido á esixencia de maior 'ortodoxia' católica que lle solicitaba.

*personalismo*); Althusser faino obxecto dunha interpretación estruturalista das forzas sociais (*Leer El Capital*); E. Boch teoriza sobre a simbiose entre escatoloxía da esperanza e expectativa dunha sociedade socialista (*El Principio Esperanza*); Garaudy vincula marxismo e realización histórica do cristianismo (*Marxismo del siglo XX*), nunha liña que será seguida polos movementos Cristiáns polo Socialismo; H. Lefebvre asóciase a un humanismo non alienado por medio da restitución do sentido da praxe e pola crítica ó Estado (*El materialismo dialéctico*); M. Henry introdúcese na obra de Marx a partir da seriedade analítica da fenomenoloxía (*Marx I: une philosophie de la réalité, Marx II: une philosophie de l'économie*); G. Lukács, a partir de teses marxistas, é autor dunha notable e amplísima interpretación da literatura, da arte, da filosofía, etc. (*Estética, El Alma y sus formas, La novela histórica*, etc.). Por último, o marxismo é amplamente atendido en ámbitos e institucións non marxistas, incluso explicitamente antimarxistas, como demostran obras de tan notable rigor como a de J.-Y. Calvez, *El pensamiento de Carlos Marx*. Por programas e publicacións pode apreciarse que é ensinado regularmente en universidades católicas (Comillas, Lovaina, Gregoriana, Instituto Católico de París).

O pensamento sociolóxico non derivado das ideoloxías do conflito ten no noso século continuidade na sólida tradición dun amplo liberalismo xurídico e político que, con múltiples formulacións, fai pivotar sobre o indi-

viduo libre e responsable a orde social e colectiva. Coas secuelas neokantianas de principios de século, en tan heteroxénea tradición sobresaen dúas figuras senlleiras: Max Weber e Hans Kelsen. Max Weber (1864-1920), sintetizando idealismo e neokantismo, é un dos fundadores da filosofía social contemporánea. Apartándose de todo transcendentalismo ou totalitarismo social, entende que a sociedade non é comprensible con independencia da acción (*Handeln*) dos individuos. Deste modo, o obxecto da filosofía social ou socioloxía é “a acción social significativa”. Toda acción, en efecto, non se pode reducir ó subxectivo porque ninguén obra sen ter en conta a resposta (intersubxectividade) que vai recibir. Por iso será necesario distinguir entre os fins subxectivos dun axente e o sentido social, histórico e cultural que deriva da súa acción ó procurar tales fins. A ciencia social non pode reducirse ó psicoloxismo que se dirixe a intencións senón que debe ser comprensiva dos procesos reais que deles emerxen. Weber distingue catro tipos de acción: tradicional, afectiva, racional por relación a valores e racional por relación a un fin. Se a primeira e a segunda teñen menor significación social, a terceira vincúlase á ‘ética da convicción’ que afecta as concepcións morais e o uso da liberdade por cadaquén; a cuarta asóciase á ‘ética da responsabilidade’ que compromete a propia liberdade de acción cando se quere ou se debe obter un fin. O home político non é alleo á tensión entre ambas, sometido á contradicción entre conviccións asociadas e valores, con

independencia das consecuencias e responsabilidades derivadas de obrigas e fins socialmente esixibles<sup>38</sup>. A obra de Weber e a súa teoría da acción estará xa moi presente na filosofía social posterior, tamén pola súa previsión sobre a insuficiencia do capitalismo e da súa burocracia para satisfacer os ideais morais dos cidadáns. Prevé así a crise do propio sistema capitalista e a chegada dun 'poscapitalismo', do que hoxe falamos.

Hans Kelsen (1881-1973) é a outra gran figura máis estrictamente xurídica, que se relaciona intelectualmente con personaxes do Círculo de Viena, Carnap entre outros, tamén con Freud e coa Sociedade Psicanalítica, na Viena das dúas primeiras décadas do século. Kantiano no esencial, tanto na teoría do coñecemento como na diferenciación entre ser/deber ser, apártase de Kant pola non aceptación do dereito natural. Kelsen entende que o dereito é constitutivo ou esencial, en canto que os individuos non forman Estado ata que unha norma regula as súas conductas mutuas. O Estado, pois, non é de orixe natural ou social, posto que a orde normativa é o que o constitúe. Así pois, o concepto sociolóxico de Estado presúpon o concepto xurídico e non viceversa. O poder non pode ser exercido senón a partir de tal orde xurídica, e a norma ten significación obxectiva só se se conforma a unha norma obxectiva superior. De aí a esixencia da lexitimación constitucional do modo máis autó-

nomo posible por parte dos individuos, para reducir ó mínimo as contradicións da democracia representativa. Esta está sempre en risco de caer na autocracia porque a representación se reduce a ficción formal e o sistema somete os individuos a normas elaboradas sen o seu coñecemento e participación (*La teoría pura del derecho*).

Non é allea a ámbalas tradicións, a marxista e a liberal, a que se coñece ata os nosos días como Teoría crítica, motivada inicialmente polo marxismo e polas crises da cultura liberal, e que de feito tomou o rumbo dun liberalismo que orientou o seu propósito final cara á autonomía do individuo e a súa liberación fronte ás instancias de dominación: inconsciente, estado totalitario, ideoloxías, sociedade de consumo. No seu propósito primeiro, a teoría crítica entende que os ideais do liberalismo burgués só poderían ser alcanzados a través do socialismo inspirado no ideal marxista, que implica un momento revolucionario. A tal suposto engadíase a expectativa da superación inminente do sistema capitalista, segundo a convicción de Lukács, para quen o proletariado é suxeito e obxecto da historia e, polo tanto, o materialismo dialéctico é a única forma adecuada para interpreta-la realidade (*Historia y conciencia de clase*, 1923).

Con tales supostos, un grupo de intelectuais, xudeus e burgueses, fundan en Frankfurt, en 1923, o Instituto para as Investigacións Sociolóxicas. Co


38 Weber, *La ética protestante y el espíritu del capitalismo*, Barcelona, Península, 1969.



seu primeiro director, Grünberg, de conviccións marxistas, nel están Horkheimer, Adorno, Benjamin, Marcuse, Fromm. O triunfo do nacionalsocialismo provoca o escepticismo sobre os seus propósitos, e en 1934 moitos dos seus fundadores se ven obrigados a emigrar ós Estados Unidos. De regreso a Alemaña despois da guerra, Adorno e Horkheimer recoñecen o fracaso do seu ideal ó constatar que as masas proletarias foron gañadas polos ideais capitalistas, a par que deben recoñecerlo fracaso do socialismo real nos países comunistas. De aí que os seus propósitos se orienten agora cara á salvagarda da particularidade, da autonomía e da capacidade crítica do individuo. A isto se debe a súa crítica a Hegel, a Husserl e as disputas con Heidegger. Pero tamén a crítica a Marx e Engels (Adorno).

Na heteroxeneidade das súas obras, a crítica diríxese agora á nova alienación que se xera a partir da situación social derivada dun capitalismo que sustenta e é sustentado pola organización e a xestión burocrática, cada vez máis complexas, e pola utilización da ciencia e da técnica ó servizo do consumo. É un estado de cousas novo, ó que responde o concepto de 'razón instrumental' polo que se quere sinalar que o coñecemento é medio e instrumento ó servizo da técnica que, pola súa vez, somete o propio individuo á

súa lóxica<sup>39</sup>. Sen embargo, a esencia do individuo non é redimible senón a través da 'dialéctica negativa', isto é, pola conciencia da contradicción entre o real —o que é— e os seus ideais —o que poder ser—<sup>40</sup>. Marcuse, desde os Estados Unidos, será reiterativo na denuncia da decepción do individuo particular ante o fracaso da civilización, no noso tempo só dominada polo consumo<sup>41</sup> (*El hombre unidimensional*). Fromm, compaxinando crítica con sistemas establecidos, con clara tendencia moralizadora, dedica as súas obras a mostrar que é posible a felicidade e a vida auténtica, individual e persoal, no seo da sociedade actual (*El arte de amar*, *El miedo a la libertad*).



Herbert Marcuse insiste moito sobre a decepción do individuo particular fronte ó fracaso da civilización.

39 Horkheimer, *Crítica de la razón instrumental*, Bos Aires, Sur, 1969.

40 Adorno, *Dialéctica negativa*, Madrid, Taurus, 1975.

41 Marcuse, *Eros y civilización*, Barcelona, Seix Barral, 1968, e *El hombre unidimensional*, Barcelona, Planeta, 1985.

Jurgen Habermas, discípulo de Horkheimer, é quen na actualidade reinterpretar non poucas teses de Weber e da Teoría crítica. Menos motivado pola crise dos valores do individuo liberal, diríxese máis explicitamente á situación real do suxeito/cidadán no contexto da sociedade capitalista e tecnocientífica. Para Habermas, á razón son inherentes o 'interese técnico', que orienta cara ó dominio da natureza, e o 'interese práctico' que orienta cara á comunicación. Pero é igualmente necesario o desenvolvemento do 'interese crítico' ou autorreflexión, para que nin técnica nin ideoloxía desvirtúen o sentido da intencionalidade moral e da racionalidade. O positivismo actual elevou como única racionalidade a inherente ás ciencias positivas, asociadas ó interese técnico e lexitimadas como único saber a través dun discurso ideolóxico que, invocando a primacía da racionalidade científica, posterga o ámbito das ciencias morais e da liberdade. Esta nova ideoloxía tende a xustificar que moralidade e racionalidade sexan postergadas ou supeditadas á eficacia organizativa. A crítica ten que se dirixir a esta ideoloxía xeneralizada como condición para que o home das sociedades capitalistas avanzadas poida vivir motivado por ideais de liberdade, solidariedade, xustiza e igualdade, na expectativa dunha vida 'máis moral'. Debe ser esta unha racionalidade moral, sen límites positivistas nin coaccións ideolóxicas, que ben pode ser

chamada 'postindustrial' ou 'poscapitalista', en canto que xa non se satisfai cos logros do consumo e da organización das sociedades tecnificadas.

Na mesma intención de lexitimar-la vida moral e política, Habermas suporá unha notable revitalización dos problemas fundamentais da ética a través da coñecida como 'ética comunicativa', baseada na pragmática universal da linguaxe. A linguaxe, pola súa propia natureza, encamiñase a producir efectos (pragmática). Entre eles o de entenderse e chegar a acordos facendo compatible individuo e comunidade. A partir da confianza nesta función pragmática, a 'discusión entre interlocutores' semella se-lo medio máis eficaz para establecer criterios comúns de acción que, por seren acordados, estarán exentos de coacción e serán útiles para unha comunicación universal sen límites. A discusión debe esixir veracidade de todos, ter en conta as formas de vida concreta e concluír co sometemento dos diversos dialogantes ó principio do 'mellor argumento', aquel que sexa aceptado por todos como mellor fundado. Deste modo será factible unha ética 'democrática', pero non positivista, en canto que apunta a un ideal de comunicación cada vez máis universalizable e, xa que logo, non sometida ó que imponen os feitos ou a conxuntura<sup>42</sup>. Apel advirte que, para facer posibles os acordos, débese recorrer a unha instancia 'transcendental' ou *a priori* comunicativa, retomando a

<sup>42</sup> Habermas, *Teoría de la acción comunicativa*, I e II, Madrid, Taurus, 1987, e *Pensamiento postmetafísico*, Madrid, Taurus, 1990.



Kant, que na razón sirva de fundamento á pragmática universal<sup>43</sup>. Pola súa parte, Rorty opta pola renuncia á argumentación, convertendo o diálogo en simple concorrencia de puntos de vista, sen preferencia para a racionalidade de ningunha das partes e sen horizonte desexable de sentido compartible. Intencionalmente neutro, o diálogo aproxímase máis á conversa intranscendente ca á transferencia de razóns (dia/logos) para poder establecer unha racionalidade moral aceptable comunitariamente<sup>44</sup>.

## 7. BALANCE DUNHA ECONOMÍA DOMÉSTICA

No balance do século non sería equitativo deixar fóra a filosofía española, desigual pero con notable significación. Sen entrar na discusión sobre xéneros, Unamuno reitera que a filosofía se desenvolveu no ámbito español máis a través de formas literarias ca por medio de sistemas conceptuais: ela está, sobre todo, na poesía dos místicos ou no *Quixote*. Tal convicción parece hoxe tan certa coma cando el a escribía en 1905 (*Vida de Don Quijote y Sancho*). De aí que, avaliando filosoficamente o século, non poida ser pasada por alto a propia Xeración do 98. Obras poéticas

como a de Antonio Machado ou Ramón del Valle-Inclán son o testemuño dunha reflexión, non lexicalizada conceptualmente, pero que implica unha fonda interpretación de realidades antropolóxicas, psíquicas, sociais, históricas, etc., de innegable fondura. O que Unamuno enriquece coa variedade de xéneros e asuntos de evidente actualidade se se ten en conta o papel que condece ó ámbito sentimental. María Zambrano, pola súa parte, será igualmente exemplo sobresaliente de cómo a intuición poética franquea o paso á reflexión, practicando a solicitude de Heidegger. E, con máis proximidade ó noso contexto, obras como a de Rosalía de Castro, Otero Pedrayo e a do propio Valle-Inclán, foron fitos simbolizadores na historia da espiritualidade, en sentido hegeliano, de tan notable significación como as filosofías conceptuais<sup>45</sup>.

Ortega y Gasset é unha das personalidades máis suxestivas no panorama intelectual internacional do século XX. Por riba de acordos ou desacordos, Ortega representa unha forma orixinal do exercicio reflexivo motivado e impulsado pola experiencia cotiá. Da ontoloxía á socioloxía, da estética á ética, a reflexión de Ortega nace do ámbito mesmo do vivido, conducido á

43 Apel, *La transformación de la Filosofía*, I e II, Madrid, Taurus, 1985.

44 Rorty, *La filosofía y el espejo de la naturaleza*, Madrid, Cátedra, 1980.

45 Do poeta, a metáfora e dos símbolos..., orixinase a "vehemencia ontolóxica" (Ricoeur) pero o filósofo está obrigado a repensar conceptualmente o que neles é só intuición emotiva. Neste empeño parécenme exemplares non poucos traballos. Citarei algúns máis próximos: C. Balíñas, *Rosalía de Castro, entre a poesía e a Política*, Vigo, Ed. Patronato, 1987; *Descubriendo a Otero Pedrayo*, Santiago de Compostela, Fund. Univ. de Cultura, 1991; X. L. Barreiro Barreiro (coord.), *O Pensamento Galego na Historia*, Santiago de Compostela, 1990. Barreiro é igualmente autor dun notable estudo sobre *Mundo, hombre y conocimiento en Amor Ruibal* (1978). Desde unha metodoloxía máis antropolóxica, son significativas para a relación simbolismo/concepto, as obras de M. Gondar

comprensión pola expresión conceptual e lingüística en extremo suxestivo. Nel repercute todo o contemporáneo e vivo: a filosofía, a arte, a política, a sociedade..., pero tamén a vida cotiá, dos touros á sexualidade ou o deporte. A súa forma de filosofar a partir do máis inmediato é exemplo sen parangón nas filosofías europeas. Máis alá dos seus asuntos e opinións, Ortega segue sendo hoxe mestre para o exercicio do pensamento activo e comprometido, pola súa perspicacia e a súa forma singular de exercer-la capacidade analítica e crítica, dotado de extrema agudeza para elevarse do anecdótico e accidental ó categorial e substancial. Non son mérito menor as súas interesantes previsións en relación coa cultura europea e española. Se todo isto é evidente nas súas obras maiores, éo moito máis en escritos tan heteroxéneos como os recollidos en *El espectador* ou en *El hombre y la gente*. A vida intelectual española deste século resulta incomprendible sen Ortega. Sen establecer parangóns, a figura de Eugenio D'Ors é igualmente prototípica dun pensamento elaborado a partir da experiencia social e cultural cunha concepción non intelectualista da vida humana.

A pesar do desenvolvemento do krausismo no século XIX e a súa influencia na vida intelectual española —da Xeración do 98 e a Institución Libre de Enseñanza— é tópica a afirmación segundo a cal o escolasticismo foi a filosofía máis oficial e socialmente

dominante no ambiente intelectual español do século XX, paulatinamente cambiante a partir da década dos anos sesenta. Isto non impediu que, especialmente por influencia da fenomenoloxía, se produciran obras tan significativas como as de X. Zubiri e Amor Ruibal. A prolixa obra de Zubiri é bo exemplo de cómo os grandes conceptos metafísicos seguen a ser operativos na actualidade. Atento á fenomenoloxía de Husserl, Zubiri soubo trae-lo fondo esencial do seu aristotelismo á comprensión dos grandes problemas da antropoloxía fundamental.

Non cabe dúbida sobre a significación da obra de Amor Ruibal no contexto dunha filosofía ilustrada pola tradición que, sen embargo, el retoma e interpreta con notable orixinalidade, fronte ó uso que dela fixera a escolástica, da que é perceptible a súa distancia. Con personalidade propia, a súa reflexión entra de cheo na modernidade do século, por triple motivo: pola advertencia sobre o respecto 'ás cousas mesmas', con independencia da fenomenoloxía, fiel a un realismo que sabe inscribi-la individualidade no transcendente; por traer a primeiro plano e tira-las consecuencias do carácter determinante da relación e do relacional, o que será xa unha constante do século; pola importancia que na súa obra se concede á linguaxe como ámbito privilexiado a partir do cal pode avanzar a reflexión.

## BIBLIOGRAFÍA

O recomendable é a aproximación ás grandes obras que marcan a filosofía deste século e que fomos citando en notas ó pé de páxina. Delas recapitulámo-las seguintes:

- Ayer, A. J., *El positivismo lógico*, México, FCE, 1965.
- Foucault, M., *Las palabras y las cosas*, Madrid, Siglo XXI, 1970.
- Freud, S., *La interpretación de los sueños*, Madrid, Alianza, 1985.
- Gadamer, H. G., *Verdad y Método I*, Salamanca, Sígueme, 1977.
- \_\_\_\_\_*El giro hermenéutico*, Madrid, Cátedra, 1995.
- Habermas, J., *Pensamiento postmetafísico*, Madrid, Taurus, 1990.
- Heidegger, M., *El ser y el tiempo*, México/Madrid, FCE, 1980.
- \_\_\_\_\_*Caminos de bosque*, Madrid, Alianza, 1995.
- Husserl, E., *La idea de fenomenología*, Madrid, FCE, 1982.
- \_\_\_\_\_*Problemas fundamentales de la fenomenología*, Madrid, Alianza, 1994.
- Jaspers, K., *Filosofía de la existencia*, Madrid, Aguilar, 1965.
- Lévinas, E., *De otro modo que ser o más allá de la esencia*, Salamanca, Sígueme, 1987.
- Marcel, G., *El misterio del ser*, Barcelona, Edhasa, 1981.
- Mounier, E., *Introducción a los existencialismos*, en *Obras, III*, Salamanca, Sígueme, 1990.
- Nietzsche, F., *El nacimiento de la tragedia*, Madrid, Alianza, 1973.
- \_\_\_\_\_*Así habló Zaratustra*, Madrid, Alianza, 1972.
- Ortega y Gasset, J., *El tema de nuestro tiempo*, en *Obras, III*, Madrid, Alianza, 1983, páxs. 141-203.
- \_\_\_\_\_*El hombre y la gente*, en *Obras, VII*, páxs. 69-272.
- Ricoeur, P., *Sí mismo como otro*, México, Siglo XXI, 1996.
- \_\_\_\_\_*La metáfora viva*, Madrid, Cristiandad, 1980.
- Sartre, J. P., *El ser y la nada*, Bos Aires, Losada, 1976.
- \_\_\_\_\_*El Existencialismo es un humanismo*, Bos Aires, Ediciones del 80, 1982.
- Unamuno, M., *Del sentimiento trágico de la vida*, Madrid, Espasa, 1990.
- Wittgenstein, *Tractatus Logico-Philosophicus*, Madrid, Alianza, 1973.
- \_\_\_\_\_*Investigaciones Filosóficas*, Barcelona, UNAM/Crítica, 1988.
- Zambrano, M., *Hacia un saber sobre el alma*, Madrid, Alianza, 1986.
- Zubiri, X., *Sobre el Hombre*, Madrid, Alianza, 1986.



## A ÉTICA OU O PREGUNTAR POLO BEN

Alfonso Pérez de Laborda\*  
Facultade de Teoloxía San Dámaso  
Madrid

Enrique Rivera de Ventosa, doce amigo  
*In memoriam*

### I

Non vou dicir nestas páxinas por onde discorreu a ética no século XX, nin tampouco vou facer unha prospectiva dos camiños que seguirá no século XXI, como non sexan senón os comentarios necesarios que nos saian ó paso sobre as distintas éticas posibles, xulgándoas desde o que puidera chegar a ser a que aquí se presenta, se é que, finalmente, se formula unha ética, aquela que me parece fundadora para o hoxe que vivimos. ¿Que temos que indicar sobre a ética? ¿Como podería acontecer que nada tiveramos que dicir sobre ela?<sup>1</sup>

Mais, ¿Que é a ética? Comezarei por unha distinción neta entre moral e ética. Platón dicía con razón que de palabras non se discute. Aquí entenderei moral no sentido do que concirne ó comportamento, e ética será a filosofía da moral. Moral, pois, sería o que toca ó esforzarse nun xuízo, un discernimento crítico do quefacer, dos quefaceces, os comportamentos realizados, e tamén a pregunta polas condicións do que facer, dos comportamentos por realizar —por algunhas desas condicións, seguramente—; o seu labor estaría en busca-los criterios para xulgar eses quefaceces, tomándoos cada vez nos seus contidos inmediatos. Polo

\* Catedrático de Antropoloxía Filosófica.

<sup>1</sup> Este texto vén tras outros anteriores dos que quere continua-lo pensamento e sen os cales dificilmente poderá ser ben comprendido. A eles remito: "Leibniz y la innecesariadad mundanal de Dios", *Cuadernos salmantinos de filosofía*, XII (1985), 45-65; "Racionalidad, realidad y verdad", *Cuadernos salmantinos de filosofía*, XIX (1992), 5-40; "El hombre, metáfora de Dios, o la primacia de la metáfora en el hablar sobre Dios", *Cuadernos salmantinos de filosofía*, XXI (1994), 105-134; "Teoría de la verdad: Sobre ciencia y verdad", *Diálogo filosófico*, 38 (1997), 203-214; "De si hay Dios. Breve tratado filosófico sobre si hay Dios", *La Ciudad de Dios*, CCXII (1999), 527-597; "Sobre qué Dios es el que hay: ¿analogía del ser o univocidad del ente?", *Revista española de teología*, LVIV (1999), 385-411; "De qué decir del ser del Dios que hay desde la analogía" (que espero que se publique algún día); "¿Hablar de Dios un filósofo? Sí claro", *Revista Católica Internacional Communio*, 20 (1999), 40-59; "¿Hay Dios?", *Alfa y omega*, 11 novembro 1999, pax. 5; "La metáfora de los tres lugares", relatorio no Congreso habido na Facultade de Teoloxía San Dámaso, do 16 ó 18 de febreiro de 2000 (de próxima publicación); "La plenitud del ser, o la búsqueda de la verdad" (de próxima publicación).

tanto, no referente á moral, sempre haberá dúas vertentes: a pregunta insoslaible e persistentemente renovada polo *qué facer*, repetida en cada situación nova e cambiante, e as respostas obtidas e asentadas, que se fan hábito, costume, algo aceptado como o que semella obvio e cotián, o *quefacer*. Pero, logo, reflexionamos con coidado sobre todo iso, o conxunto enteiro dos faceres que facemos, internándonos así no terreo da moralidade; e levada a reflexión a un grao amplo de xeneralidade, máis aló da consideración particular do *qué facer* e do *quefacer*, da pluralidade do *qué facer* e dos *quefaceres*, máis aló da concreción de *quefaceres* feitos comportamento —polo tanto, feitos corporalidade—, máis alá das consideracións do suxeito dos comportamentos, no lugar onde se tenden os alicerces nos que, ó cabo, todo aquilo se construíu e se relaciona, comezamos a construí-la ética; nótese que, desde aí, a moralidade comeza a aparecérsenos aínda como discernimento e ligazón cos nosos comportamentos e coas nosas corporalidades, por máis que busque xa xeneralidades; por iso, aínda nos sabe a pouco, quixeramos ir alén. Consequientemente, nun lugar que vén logo, a filosofía de toda aquela práctica sería a ética; unha nova práctica, pero, esta volta, práctica de reflexión, de busca de alicerces, de punto arquimedeano, se o houber e o atopasemos. A ética, a filosofía da moral: a consideración dos fundamentos últimos do *qué facer* e do *quefacer*, a reflexión sobre isto no grao filosófico da xeneralidade fundadora. Para principiar coa ética,

entón, haberá que comezar a falar do *qué facer* e do *quefacer* desaparegándonos das súas concrecións, buscando os motores últimos que os fan posibles, que lles dan o seu sustento último, a súa coherencia, se é que a tiver e fosemos quen a albiscala.

É obvio que aí, nesa práctica, coma en todo o demais da nosa acción racional da razón práctica, hai preguntas e respostas sobre *qué facer*, pensamos —ou non pensamos— *qué faremos*, e logo, *tralo facer*, vendo *qué ocorre*, os seus resultados e consecuencias, instalados xa no *quefacer* —satisfeitos con el, quizais, aínda que poida tamén que moi insatisfeitos—, pensamos o que fixemos, se ben, evidentemente, antes desa reflexión xeral, hai un *qué facer* e o *quefacer* que se fai hábito, polo que nos atopamos coa corporalidade do *quefacer*, damos co *quefacer* feito corporalidade, coa práctica do *facer* que se nos fai corporalidade. Por iso, a ética é o que vén despois desa práctica, e porque esta se deu antes.

Emporiso, cómpre notar que tamén ela é unha práctica, unha práctica de reflexión, reflexión filosófica sempre; tamén ela é unha acción racional da razón práctica. Primeiro dáse a pregunta polo *qué facer*, despois a acción do *quefacer*, e logo, evidentemente, é aí, nesa práctica, onde comeza o estadio da reflexión: *¿que farei?*, *¿que fixen?*, *¿está ben o que fixen?*, *¿foi conveniente o que fixen?*, *¿foi inconveniente?*, *¿podo facer mellor o que fixen?*, *¿como farei ben o que teño que facer?*, *¿haberá algunhas condicións para ver*

de qué xeito facer ben iso que hei facer?, ¿onde están as razóns ou as causas de por qué foi mal feito iso xa feito? Un continuo preguntar con respostas que levan a novos quefaceres que, pola súa vez, vanse facendo corporalidades. Pero un continuo preguntar que non só é individual, aínda que así formulara ata o de agora as preguntas, senón que tamén é societario: ¿que faremos?, ¿que fixemos?, ¿foi conveniente o que fixemos?, ¿podemos facer mellor o feito?, ¿como faremos mellor o que temos que facer?, ¿haberá algunhas condicións para isto?, ¿onde están as razóns ou as causas de por qué se fixo mal iso que xa está feito? Porque, evidentemente, hai non só un qué facer e un quefacer individuais, senón que hai un qué facer e un quefacer colectivo, societario, o cal tamén queda feito hábito nas corporalidades. Sen esquecer que a ética, en definitiva, ten que ver de maneira decisiva coas preguntas en plural, para este comezo da indagación, empañareime sobre todo coas preguntas en singular. A conxugación en plural queda, como un reto, para máis adiante.

Encontrámonos así nunha primeira reflexión, non tanto na reflexión do qué facer que se me converte en quefacer, senón sobre todo, despois, nas voltas que dou sobre iso feito, sobre se pode melloralo, sobre cómo facer no presente e no futuro, buscando sempre algunhas pautas xerais de actuación, se as encontrase, se as houber. Pero xa de primeiras, nesa palabra, 'melloralo', hai un contido de mellor, é dicir, algo que ten unha relación directa e esencial

co aínda nin sequera mencionado, o bo: mellor, podo facelo mellor, é dicir, podo facelo máis-bo.

¿Que significaría ese mellor, máis-bo? Varias cousas; unha delas: eu imaxinei, desexei e falei do qué facer e fíxeno, e despois, quizais, a realización non foi exactamente o que imaxinara, desexara e falara; imaxinárao e desexárao mellor do que logo me saíu, así que hai aí un malfacer do quefacer, e de novo incluso, indo máis atrás, quizais se trate dun malfacer do mesmo qué facer. Pero, entón, vindo xa desde a reflexión do qué facer, toda reflexión sobre o quefacer, o feito e o que imos facer porque se nos conformou xa como práctica do quefacer, tanto cando sexa mirando cara ó pasado coma cando sexa mirando o presente ou o futuro, entramos sen ningunha dúbida na reflexión do mellor e do peor e, polo tanto, aínda que sexa dun xeito vago, inexperto, esbozado, nunha reflexión do bo e do malo.

Polo de agora, tal vez non sexa máis que unha comparación coas imaxinacións e desexos previos, o que pensamos antes do cara a ónde nos había levar ese qué facer meditado; unha comparación, unha reflexión, unha crítica do ónde nos levou, que de seguro non era enteiramente o que esperabamos, que era peor do que esperabamos ou, ó contrario, poida que fora mellor do que criamos que ía ser. Sempre un xogo de comparacións entre o imaxinado e desexado co que entendemos ter realizado. En todo caso, pois, hai sempre como comezo da reflexión unha



comparación con esa imaxinación primeira, feita de primeiras, polo que nela nos vemos, de entrada, con palabras que veñen entretrecidas con mellor ou peor, bo ou malo; en comparación, pois que aínda, certamente, non é ben e mal, unicamente é mellor-do-que, mellor do que esperaba, ou peor-do-que, peor do que cría, sen embargo, xa entramos en consideracións de mellor e peor, máis-ben e menos-ben do que eu agardaba, do que quixen.

Toda reflexión, toda pregunta sobre o qué facer e o quefacer, polo tanto, está tinguida con esa tonalidade do *mellor-peor* e, se ben aínda de maneira moi vaga, do *ben-mal*. Na esencia mesma de cómo se realiza na nosa práctica o acto de preguntar reflexivamente buscando respostas para a nosa acción, dáse esa esencial comparación entre previsións e resultados, entre desexos e consecucións, entre imaxinacións e corporalidades.

Así, parécenos un apuntamento de moralidade, un paso máis alá da moral, se por esta entendémo-lo referente a cada unha das accións que foren, o xuízo apegado aínda ás prácticas producidas, e se por moralidade, en cambio, agora entendemos un primeiro esbozo da necesidade dunha maior xeneralidade na reflexión sobre iso que nos semellou como mellor e peor, bo e malo. Sen embargo, moralidade aínda non sería ética, estaría demasiado apegada aínda ó qué facer e ó quefacer. Ética, pois, sería a moralidade tomada como reflexión, a reflexión xeral sobre ela. Moralidade sería a reflexión que

estamos facendo sobre o qué facer, e o quefacer do xa feito, pero non tomados en cada unha das súas accións, senón nun principio de xeneralidade; unha reflexión na que se nos aparece aquilo que ten que ver con quen é o facedor dos comportamentos e das reflexións sobre eles. Moral sería, en cambio, un esbozo xa de reflexión sobre o qué facer e o quefacer, pero na concreción particular dos seus contidos específicos. Moral, moralidade e ética, polo tanto, teñen que ver sempre xa coa reflexión, nunca son pura concreción do qué facer ou do quefacer, senón a reflexión sobre eles, nun subir e baixar continuos na escala da xeneralidade. Moral e moralidade terían que ver coas cuestións do qué facer e do quefacer; ambas se diferenciarían só no grao de xeneralidade co que as abordarían, aquela na especificidade de cada unha, de cómo nos enfrontamos a eses actos específicos que realizamos, esta nas xeneralidades de qué sexa iso de 'qué facer' e 'quefacer' que facemos e do seu alcance, e de cómo estas inflúen e se converten en acción nosa, de cómo nos enfrontamos a eses actos xerais que realizamos. Ética —acabamos de apuntalo e ímolo ver en seguida— aínda que construíndose con elas, é outra cousa.

Agora ben, no que iamos dicindo ata agora apareceunos xa algo que nos é dado como un *en-esperanza*. Miramos con coidado o que iamos facer e esperabamos certos resultados, o que nos levou á acción, mais obtemos uns resultados que de maneira moi normal non se corresponden por enteiro coas nosas



esperanzas. Actuabamos, por así dicir, en-esperanza. Logo, nun acto posterior, cando reflexionamos —xa o vimos—, vémonos impulsados a falar de mellor ou peor, precisamente cando poñemos en comparación aquilo que se nos daba en-esperanza con iso obtido *en-realidade*. Pois ben, é nese xogo entre o en-esperanza e o en-realidade onde se nos dá o xogo de mellor-peor, e en puro esbozo dásenos xa o xogo de ben-mal.

Pero unha esperanza que por veces tamén ocorre que se nos quedou curta. Porque pode suceder que o que aconteceu como froito do noso actuar foi mellor do que criamos. Estas consideracións ábrennos a un diálogo, unha retrocesión constante, entre o que esperabamos e o que resultou, entre o en-esperanza e o en-realidade. Desde esas iniciais esperanzas podemos imaxinar novas preguntas de qué facer e, actuando, alcanzar novos quefaceres que responden a esas esperanzas, e, quen sabe, xa como en segundo grao, puidera ser que esas esperanzas se nos quedaran en pouco, porque nos decatamos de que podemos máis, somos capaces de mellor, de mellorar —e tamén de empeorar, é evidente—, e así aparécenos que o en-esperanza non é un dato inamovible que se nos dá de primeiras, porque nós podemos aumentala nosa esperanza, alimentar máis e máis o noso en-esperanza do noso preguntar e do noso responder actuando como cramos conveniente en busca do en-realidade.

Pero, vista esa posibilidade de quefacer mellor, o empeorar é tan ob-

vio que, en seguida o vemos, a acción que cara a aquel nos leva non nos completa; o empeorar é unha posibilidade real e absoluta, sen dúbida, e en moitas ocasións a única; pero esa esperanza na imaxinación, no desexo, fainos que sexa, certamente, o melloramento, o *amelloramento*, o que nos tensa, o que nos fai vibrar, o que ansiamos considerar como máis propiamente noso, aquilo polo que actuamos. E, se así vale dicir, entre o *apeoramento* e o *amelloramento*, este último vai por diante en canto que nos toma por de dentro asentando en nós, pois énos un reto, énos unha posibilidade que debe sen ningunha dúbida conseguirse, dándose en nós, polo tanto, como unha carreira cara a ese amelloramento, cara ó que é mellor, cara a comportamentos, cara a novas preguntas de qué facer, cara a novos quefaceres, corporalidades, relacións e criterios, cara a pensamentos e críticas de pensamento que nos abren portas (non debería ter utilizado esta metáfora, pois daría a impresión de que, previamente á nosa acción e á nosa reflexión subseguinte, as portas estaban aí, e non é ese o caso), que nos abre un mundo (tampouco debería dicilo así, porque parece entón que só poderíamos imaxinar mundos posibles, o que tampouco é o caso, porque na mesma esencia da nosa imaxinación está o non nos cinguir ó posible, senón o pensar e desexar ardentemente mundos imposibles), por iso, será mellor dicir: que, índonos alén do meramente mundanal, ensánchanno-la realidade, dándonos novas posibilidades de xogo, de xogo de realidades. Dito

nunha palabra: temos vontade de amelloramento.

Nótese, polo tanto, que xa pasamos aquí do *mundo á realidade*, un paso que de forma ineludible só se realiza a través de nós, '*corpo de home*' —na súa unidade-dual de corpo de home e corpo de muller—, e do que este significa, incluíndo a construción das súas corporalidades. Sendo así, a ética en ningún caso é labor mundanal, que se dá dentro do mundo e o conxunto das súas posibilidades, senón que se nos dá no acceso á realidade.

Aí sería, pois, onde se nos vai suscitar, onde se nos está presentando xa o problema da moralidade. Desexos, imaxinacións, construcións que nos estiran; que tiran de nós na acción, para a acción, que nos fan producila, que nos levan cara a adiante, que se converten en relacións con outros, con nós mesmos, que se converten en corporalidades, que son xa construción creativa de realidade. E alí é onde está formulado o problema do amelloramento, o problema do mellor, do cómo pasar deste amelloramento —que sería aínda consideración primeira da moralidade das nosas accións— a unha consideración real da moralidade, xa non co mellor, co amelloramento, senón co ben. Aí é, se cadra, onde está o paso da moralidade, ou desa moralidade primeira, á filosofía da moralidade, á ética, a falar do ben.

¿Por que falar de ben? De primeiras, quizais, falaremos de ben porque falamos de mal, porque falamos de

peor, de apeoramento, porque falamos de confusión, porque falamos de malos resultados, porque falamos de que non construímo-lo que desexabamos e non imaxinabamos, ou que imaxinabamos e non desexabamos; porque as cousas non nos resultan segundo as nosas esperanzas, porque o en-realidade decepciona o en-esperanza. Pero isto significa entón que as nosas esperanzas están aí, diante nosa, roídas polos nosos desexos e imaxinacións que xamais cesan. Por iso encontramos que algo hai que cambiar na nosa práctica, e temos que cambiar porque, se non, todo o edificio caería pola súa base, e ese edificio é nin máis nin menos que o noso concreto edificio '*corpo de home*', arrastrado sempre —case sempre, mellor— pola ansia anhelosa do amelloramento. Por iso, o paso do en-esperanza ó en-realidade é o que nos abre un portelo á consideración non xa de mellor, de amelloramento, senón de ben, dándoseno-lo ben, polo tanto, entrando nese en-realidade. Todo isto, evidentemente, nun xogo sutil entre razón e vontade.

Porque, é claro, para iso, para ese apeoramento, non pagaría a pena tanto buscar, tanto preguntar, tanto esforzo de actuar, porque o noso empeño non levaría a nada, non desembocaría en ningures. Pero mirémolo máis polo mítido: ¿non pagaría a pena qué? A resposta xorde axiña: non pagaría a pena *ser*, non pagaría a pena ese longo proceso de ir sendo que desemboca en ser de verdade na realidade. É esencial considerar, pois, que descubrimos e

sabemos ben que somos capaces de máis, que somos capaces de mellor. E esa capacidade que temos, que se nos dá, que se nos esixe, que está implícita na carreira infatigable do preguntar e do responder na acción, que fai parte esencial da nosa práctica, non se nos esixe desde fóra, senón que, ó contrario, nós mesmos nola esiximos para a creación diso que somos: 'corpo de home', porque o decisivo deste non é iso que mundanalmente se lle dá nos seus constrinximentos constitutivos, senón iso que son os enormes graos de liberdade que o constitúen, de xeito tal

que o 'corpo de home', vindo de aí, dos seus constrinximentos, non mira xa ningún pasado evolutivo, senón un futuro creador, con liberdade creativa, dándose naquel o paso definitivo do mundo á realidade. O 'corpo de home', coas súas relacións cos demais e as corporalidades que produce, é o lugar no que dá ese paso: sendo unha parte do mundo, o 'punto vermello' da árbore da evolución<sup>2</sup>, ábrese connosco á realidade, ábrese-no-la realidade; vendo o en-realidade, como antes dicíamos, facémonos creadores de realidade. Por iso, o xogo entre o en-esperanza e o en-



*Home nunha paisaxe.* Alberto Giacometti, 1958.  
[somos figuras nunha paisaxe, como me gusta dicir.]

-realidade é así parte esencial desa creación productiva de realidade, máis alá do que, xa desde agora, non nos é senón (mero) mundo.

Este xogo creador ten que ser, xa que logo, unha creación de ben.

Pero, ¿que significa unha creación de ben? Porque creamos, creamos realidade, creamos relacións corporais, creamos relacións con nós mesmos que van configurando iso que somos como 'corpo de home', internamente e nas nosas relacións societarias, creamos corporalidades; somos figuras na paisaxe, como me gusta dicir. E ¿de que maneira pode aí aparecer o ben, ten que aparecer o ben, aparece o ben? Un primeiro barrunto disto obtense na consideración de que nos encontramos anteriormente diso mellor, de que podemos mellor, de que sabemos mellor, de que queremos mellor, do amelloramento contraposto ó empeoramento; dese dicirnos a nós mesmos de contino: fagamos mellor, actuemos mellor, creemos mellor, convencidos de que aí está o noso ser futuro, o noso verdadeiro ser. Un ser, ademais, que en ningún momento deixou de ser 'corpo de home'.

Tódalas consideracións de moralidade non nos marcan aínda de xeito preciso a dirección do ben, pero vemos xa algo decisivo, que teñen como notas esenciais ser algo que non se nos dá en estaticidade, é dicir, niso que nos ofrece

o mero estar no mundo, no puro e mero ser derivado do feixe de constrinximentos que conforma o noso 'corpo de home' —o lugar, pois, onde os constrinximentos, en sorprendente novidade, se abren como liberdade, o lugar onde se dá o paso, profundamente mesturado, de ser-mundanal a ser-en-realidade—, senón que o ben se nos dá no ser, no ser en-realidade. Así, o ben relígaseme co ser, quizais non sexa senón outro nome do ser, a consideración do mesmo ser desde outro respecto, dos aspectos do en-realidade que se dan no seu xogo co en-esperanza.

Porque nesa fluxión, nesa fluencia do ir sendo, que dándonos un en-realidade nos abre á realidade, somos, é dicir, imos sendo. Mais, ¿imos sendo, que? Ser; queremos ser e imos sendo plenitude de ser. Imos camiñando, si, pero ¿cara a onde? Cara a esa plenitude de ser: o 'corpo de home', nas súas propias relacións, nas relacións con outros, na produción das corporalidades, camiña en dereitura a unha plenitude de ser. Consecuentemente, esa plenitude de ser que de forma tan creativa se nos presenta á reflexión, preséntasenos na realidade como o ben ó que aspiramos. Mellor, quizais, o ben que nos aspira.

É verdade que alguén pode dicir que non, que aí non se dá senón un puro relativismo —ou, peor aínda, unha mera chanfaina de palabras—, que o amelloramento ó que nos referi-

2 Remito ás miñas páxinas: "Sobre dónde existe el 'árbol' de la evolución de los seres vivos", en *Origin of Intelligent Life in the Universe*, Villa Monastero, setembro 28-outubro 1, 1998, Varenna (Lecco) Italia (de próxima publicación); e, simplificado: "Atapuerca y el árbol de la evolución", *Alfa y omega*, 8 xullo, 1999, páxs. 3-5.

mos non é senón unha maneira de falar. É posible, pero coído que non é real, e non creo que poida ser así polas relacións que a realidade ten coa verdade. Poida que se diga que son eu, que somos nós os que impoñemos dirección ó amelloramento. Non o dubido, pero ben que así fose, o decisivo está en que, aínda que se cadra só desa maneira, xa a ten; por creada de cabo a rabo por nós que fose esa imposición, sen embargo, con todo e con iso, marca decisivamente o noso reflexionar e o noso actuar, e márcao con algo que semella ser unha dirección, como mínimo un esbozo dun cara a ónde na resposta.

## II

¿Cómo establecer de forma cabal a relación entre ser e ben? Máis atrás quedaba só insinuada, pero aínda, creo, non ben establecida; con todo, o dito anteriormente pode ser interesante no que, buscando, atopamos.

Falabamos do amelloramento, do mellor, si, pero aínda non queda fundado o ben. Funda a ilusión, polo que acontece, entón, que a ilusión ten que ser ilusión de mellor, debido a que, vivindo de ilusións como vivimos —pode dicirse que o ‘corpo de home’ é un animal de ilusións—, ¿pódese ter ilusión polo peor? Mellor indica unha comparación, mais aquí só é como un primeiro grao onde aínda non hai outro termo para comparar; falamos de mellor pero parecería que non temos termo de comparación verdadeira, sendo unha ilusión de mellor-ca-antes.

Pero así, sen dúbida, mellor indica xa unha dirección, un camiño, unha fluencia, que nos vén situada no tempo das nosas ilusións, pois nel é onde efectuámo-las comparacións entre o que se nos daba en-esperanza e o que obtivemos en-realidade. Unha fluencia que sinala algo; quizais iso que sinala sexa, precisamente, o ben, en todo caso algo que parece estar máis alá do que temos ó alcance dos nosos faceres, e que no camiño da fluencia, no xogo dos en-esperanza e os en-realidade, semella indicar sempre un máis alá dos nosos en-realidade. Con ese mellor, pois, dáse unha sinalización, pero aínda non queda claro cara a ónde sinala. En todo caso parece sinalar un ‘ben ilusionante’. E temos vontade dese ben ilusionante.

Pero podemos ir máis aló, pois quedanos sempre unha posibilidade, a de reflexionar sobre quén somos nós, quén somos ó ser iso que somos: ‘corpo de home’, xa que todo o que imos dicindo nestas páxinas ten que ver con el, sae del, é a súa acción, a súa reflexión. Por iso, unha antropoloxía adecuada ó que en realidade somos creo que pode ofrecérno-la luz que buscamos. Desexo e imaxinación son compoñentes esenciais do ‘corpo de home’, e polo xogo que eles nos dan precisamente dicimos esa palabra: mellor; precisamente falamos de amelloramento. Así pois, o desexo, a imaxinación e a palabra, a acción e o preguntarse por ela, recollidas e rexidas no que pode pola razón e levadas adiante pola vontade, son as que sinalan en nós a

dirección do noso camiño, e serán elas seguramente as que nos indiquen iso que ventamos ó final da dirección sinalada, abríndosenos así o camiño que nos leva da ilusión anhelada á realidade, do 'ben ilusionante' ó ben, o cal ha quedarnos marcado para sempre con ese trazo distintivo, precioso, de ser unha ilusión anhelada, de ser algo querido con sede de vontade.

¿Todo unha mera imaxinación? Quizais, repito. Pero ¿é que o 'corpo de home' ten (meras) imaxinacións? É obvio que en todo o demais non, ¿será posible que só aquí —e nalgúns outros puntos que nos tocan de preto, polos que discutimos con paixón, nos que se nos enche a vida— as teña? Os desexos e as imaxinacións son os que nos fixeron vivir, fannos vivir, farannos vivir, dannos vontade de vivir, porque vivir é nin máis nin menos que estar cargado de proxectos, imaxinacións e desexos, o resto, sabémolo, é malvivir. Por eles somos creativos, capaces de quere-lo imposible, e de alcanzalo tantas veces. Endexamais nos deixaremos reducir ó xogo dos posibles: o imposible é o que dá ás decisivas á nosa capacidade de creatividade. Os posibles serían os nosos conxinximentos, o imposible a nosa liberdade. E temos sede de liberdade, temos sede de imposibles, temos vontade de imposibles.

Pois ben, quizais nesa sinalización cara a un máis alá ó que podemos ilusionadamente ir é onde está a proximidade ou a igualdade ou o ser outro nome diso que habemos ser, que desexamos ser, que haberemos de ser por-

que aí está o noso ser futuro, o noso verdadeiro ser, e un ser, ademais, sabémolo xa, que en ningún momento deixou de ser 'corpo de home'.

Pero iso significa que o ser é tamén un ser máis alá. É unha fluencia do que vai sendo, pero que nos leva a un definitivo ser; mais un definitivo ser, ¿de que?, ¿de quen?, ¿como? Imos indo, e ese ir indo vainos facendo ser. Hai como un máximo, unha plenitude onde seguir sendo no ser, de ser un si mesmo que nos saca desa fluencia que é a fluencia puramente temporal, porque certamente unha fluencia puramente temporal no ir sendo lévanos de xeito decisivo á corrupción ou á morte —á corrupción e á morte de toda anhelosa ilusión—, e aí, desa fluencia, xorde un desexo de ser, unha vontade de ser, de chegar a ser plenamente, de ser en definitiva unha realidade de ser, e esa realidade de ser sería o que nos marca o ben ó que aspiramos, o cal sería así outro nome desa realidade de ser definitiva, de ser en plenitude. Definitiva no sentido de lugar aspirante, que nos aspira contra si, como ideación máxima, como desexo absoluto, como un lugar último ó que merece a pena ir para ser, o para qué derradeiro de todo facer, o lugar da nosa plenitude, o lugar do noso descanso. Ese ser que desta maneira non é xa meramente un ser temporal, que non é unha ultimidade na temporalidade, senón unha ultimidade na posesión de si, unha ultimidade na plenitude do amelloramento; e esa ultimidade precisamente non se



presenta na frecha do tempo, senón, se vale dicilo así, na frecha do ben.

A plenitude de ser é o noso máximo ben. É o ben definitivo que nos constitúe, e quizais isto si sexa unha apertura ó ser e, asemade, noutro respecto, unha apertura ó ben. E como obvia e evidentemente ese ser que somos, ese ser último, pleno, definitivo que aspiramos a ser e que nos dá o noso propio ser, propio, meu, que nos aspira, ese ser é observado, é dado por un Ser, un ser con maiúscula, un acto de ser que nos fai ser iso que somos, podemos falar da plenitude do noso ser. Se iso é así, como creo que o é, como creo é razoable pensar que o é, porque o ser que somos ten evidente necesidade de fundamento, entón ese acto de ser que somos é doazón do Ser; por iso, ese ser que somos é un ser dado, un ser en plenitude, e da mesma, noutro respecto, é tamén o ben, e nese mesmo respecto acontece que o Ser é tamén o Ben.

Segundo imos vendo, o ben estaría ligado así con iso que se nos dá no ser; o ben aí estaría, pois que finalmente o que se nos dá é o ser. É verdade que como imposible-posibilidade témoloo dado desde o principio, xa que sómolo que somos, 'corpo de home', coas infinitas posibilidades desexosas, imaxinativas, de fala e sentido, que se nos dan, que nos permiten aspirar ó imposible, crealo, e que, polo tanto, se nos dan de maneira que enxergamos máis, sempre máis. Pero ¿máis que?: a posibilidade de ser, mesmo de aspirar a se-lo imposible, a ser en plenitude. Pero, ¿de ser,

que?: quen imos sendo, e de selo de verdade, de selo finalmente de verdade, e deixárnolo ser de verdade, na plenitude dos anos, na 'completude' da vida, como se dicía dos vellos patriarcas. Ser é decisivo para nós, mais queremos que só sexa o ser en plenitude.

¿Que é, pois, o que se nos dá?: ser. Daquela, ese ser que se nos dá finalmente é un ben, ese é o ben, é o que se nos dá como ben, é o ser que nos aparece como ben, radicalmente como ben, como a profundidade mesma e última do desexoso, do que semellaba imposible; como aquilo que, véndoo como ben, comprendéndoo como ben, discernimos que é unha felicidade sorprendente a que se nos ofrece, a que se nos doa.


Isto sería algo, quizais, do que toca a esa relación entre ser e ben. Pero resulta entón que a ética non é a busca da felicidade. Non, a felicidade non a atopamos como engadido ó irmos atinando e encontrándonos coa plenitude do noso ser; o vivir énos xa unha felicidade, o ir sendo énos xa unha felicidade, o encontrarse con que ó cabo habemos chegar a ser, con que, sendo, seremos ser que se nos dá en plenitude. Iso é xa unha felicidade, e ademais é unha felicidade que nos vén apuntada, esbozada desde sempre, desde o feito mesmo de irmos existindo, de existirmos como 'corpo de home', de comezar a existir, aínda que se dera o caso terrible de que fosemos un 'monstro', un 'corpo de home monstruoso', o cal, evidentemente, suscita ó momento o problema do sufrimento —podería

dicirse da dor, pero gustaríame reser-  
va-la palabra dor ó que ten que ver co  
máis animal do noso corpo, da nosa  
maneira corpora-animal, de ser corpo,  
en cambio o sufrimento sería a dor do  
'corpo de home'—, o sufrimento que  
sempre nos axexa, que nos fai dicir tan-  
tas veces: buscamos felicidade e topa-  
mos co sufrimento.

### III

O ben, ¿tería que ver co deber?  
Coido que non, e paréceme de extre-  
mada importancia decatarse de que  
non. Vexamos por qué.

O deber sería a actitude racional  
de cumprimento-diso-que-atopamos-  
-como-esixindo-o-noso-facer-fóra-de-  
-toda-vontade, aquilo que encontra-  
mos en nós mesmos como un imperati-  
vo de absoluta universalidade, de  
obrigado cumprimento na nosa racio-  
nalidade práctica, sendo aquilo que  
debe rexer sempre os nosos comporta-  
mentos. O ben dependería en última  
instancia, pois, dunha actitude nosa,  
mellor, unha actitude nosa porque se  
encontra ínsita en nós pero unha actitu-  
de que encontramos como obrigatoria  
para facermos ben iso que habemos de



*El grito*. Luciano Díaz Castilla, 1980 [...o sufrimento que sempre nos axexa...]



facer; pero, por máis que se diga que ela é unha actitude de racionalidade práctica, en nada sae da nosa propia práctica ou da nosa reflexión sobre ela, senón que nos atopamos con ela vixiando o conxunto enteiro dos nosos comportamentos e das nosas reflexións sobre eles, planando sempre por riba destes. Xa que logo, o deber sería algo previo ós nosos quefaceres, regularíaos por enteiro, para sempre e na súa mesma raíz; tódolos nosos comportamentos deberían estar ordenados por iso, tinguidos polo deber, coloreados do deber coma do cristal co que miramos, sen o que nin sequera poderíamos mirar, e que é previo a calquera acción. O deber, pois, onde estaría a esencia mesma da moralidade, sería algo que se nos dá como condición previa a calquera acción posible. O deber tomaría posesión de nós mesmos antes de comezarmos calquera acción. Así, o comportamento enteiro da nosa vida individual e colectiva debería aterse á ética do deber. Nesta perspectiva, a ética consistiría no desenvolvemento ordenado das nosas accións rexidas na súa mesma maneira de ser levado por esa actitude nosa de total e definitiva aceptación do deber. O deber sería algo radicalmente noso, en canto que tinguiría calquera acción posible, pero, por outro lado, estaría por enteiro fóra dos nosos desexos, imaxinacións ou palabras, e, sen embargo, regularíaos por enteiro, domesticaríaos. O deber sería o levar tódalas cousas ó reino dos posibles, os posibles que se nos dan, desbotando de raíz e con inusitada violencia os imposibles. Trasladaría ó terreo da

moralidade ou da ética —pois, ¿que diferencia podería agora haber entre ambas?— o que aborrecemos da ‘unicidade do ente’ fronte á ‘analoxía do ser’, facendo daquelas o ámbito dos posibles en lugar de facelas o ámbito dos imposibles ós que nos levan desexos, imaxinacións, palabras e accións, todo o que somos e queremos ser como ‘corpo de home’.

Pero coido que non, que as cousas da moralidade e da ética non se nos dan así. Máis aínda, creo que se fosen así, se se nos deran así, a lousa da desgracia nos esmagaría; que toda a creatividade dese estraño e magnífico ser ó que vou chamando ‘corpo de home’, na súa identidade-dual de corpo de home e corpo de muller, desaparecería baixo a acción da tesoiras castradora. Pois, en definitiva, ¿non son estas as mesmas tesoiras capadoras que Jacques Monod quería que utilizáramos para deixar fundamentado de forma cientificamente segura o ‘principio de obxectividade’? Por iso sería tan importante non caermos feridos baixo a súa terrorífica acción, salvaxemente realizada, por riba, coas nosas propias mans. O ben non se nos dá nun deber, envolto no papel do deber, coma se, tropezándonos co pormenorizado ámbito dos nosos deberes, encontráramos que o atérmonos a eles é un deber imperativamente absoluto, e o ben estivera nese aterse.

En realidade, neste xeito de entender a moralidade, o deber sería sempre un deber-ser, e un deber-ser que se daría só no reino da razón

práctica, é dicir, do que habemos facer dunha maneira conducida polo que se supón a racionalidade, no ámbito da cal suplantaría sempre e en todo o ser, ata o punto de que, de darse ese, sería só naquilo que ten que ver coa pura razón, nunca coa racionalidade da nosa acción. Sendo así, o deber-serponse fóra do xogo das nosas imposibles-possibilidades que antes consideraba na recreación sutil que se nos daba no paso dos en-imaxinación ós en-realidade. Por onde esta resulta ser unha ética de constrinximentos, en ningún caso de liberdades. É verdade que ese deber-ser regulador de tódolos nosos comportamentos, pero dado de antemán, fóra deles, aínda que normalizador dictatorial de tódalas súas posibilidades, indica, regulándoo, o-que-sempre-e-en-cada-momento-temos-que-facer, coa pretensión de que aí se nos ofrece a liberdade, liberdade perfecta. Pero, pola contra, creo que esa liberdade é unha por sempre inalcanzable liberdade, ata o punto, parece, que se tivera sido alcanzable, non se trataría xa de cumprimento do deber-ser. O deber como imperativo absoluto e universal para unha liberdade absoluta e universalmente inalcanzable.

Deste xeito, queda fixado como liberdade iso que se nos dá como obrigatorio e rotundo constrinximento, do que endexamais poderemos saír. A liberdade fáisenos así o inalcanzable, aquilo ó que nunca poderemos chegar, que temos vedado por sermos quen somos. A liberdade é así unha porta que se nos presenta sempre pechada,

que xamais poderemos abrir; un limiar polo que, nesta vida mortal, nunca transitaremos. A ética do deber resulta, pois, unha visión rotundamente negativa da moralidade da nosa acción, nunca máis dedicada xa á reconfortante busca da *vita beata* ou da felicidade, sempre sabéndose incapacitada para o que supón se-la liberdade. Unha ética, por dicilo de xeito gráfico, do máis negro pesimismo luterano, que deixa todo á 'acción da gracia rotundamente inmerecida', pero que seguramnete nos deixa instalados no máis puro desalento de toda acción-possible, e castrados para toda acción-imposible, separados cortantemente da vontade. Unha ética, ademais, é obvio, que levará ó cabo a unha liberdade que, abafada e aburrida, se considerará en seguida como desligada por completo de todo deber-ser e que, de aí, pensará que todo ser é sempre e só un ser-en-(mera)-liberdade, coma se a liberdade fora só un desliarse de todo o que puidera ser atadura con ese pesante e obsesivo deber-ser que agora nos oprime ata esmagarnos co seu constrinximento de obriga, unha obriga dada para nós antes de calquera elección; así, unha liberdade que, simplemente para ser, deixando de lado ese deber-ser, para desliarse del, e por telo crido previamente —tal terá sido o seu tremendo erro de orixe—, remata por se desligar de toda encarnación, de toda carnalidade, considerando como liberdade algo que en ningún caso poderá ser xa a liberdade do 'corpo de home', senón que, esquecido da realidade das súas propias corporalidades, fará que parta

ás carreiras na procura do unicornio. Polo tanto, unha ética do 'deber da liberdade' coa que hai que romper amarras para que se perda na deriva.

Así, na ética do deber, quizais, o ben non sería outra cousa que levar a linguaxe de obrigas imperativas —¡falsas obrigas!— iso que nestas páxinas vou querendo dicir, e por onde de toda evidencia resultará un fundamental anquilosamento da relación apuntada entre ser e ben, coma se o tiveramos todo demasiado claro, como se as cousas se nos deran de claridade en claridade, o que tampouco aquí é o caso.

O ben, daquela, ¿tería que ver cos valores? Creo que tampouco.

Non é que estea en contra dos valores, nin moito menos, pero coido que por eles non pasa a esencia mesma da moralidade, a cal mira, creo, cara a outros lugares, lugares de ser.

A cuestión dáse en ver ónde os valores están colocados. Eles non son o ben, non constitúen, polo tanto, o punto de busca da ética, pero, evidentemente, penden do que ela termine por resultarnos. Os valores daríanse, por dicilo así, no terreo da moral. Se cadra os valores non son outra cousa senón o que ten que ver coa polaridade última do qué facer e dos quefaceres. Os núcleos nos que van callando o noso qué facer e os nosos quefaceres, unha vez discernidos, non en canto tales, pois entón só terían nome de comportamento, senón en canto que mostradores dunha polarización diferenciada cara á que nos imos ir dirixin-

do. Os valores, así, serían os polos diversificados cara ós que, na nosa reflexión sobre o qué facer e os quefaceres, encarrearámo-lo emperrenchamento racional que dirixe a nosa acción racional da razón práctica. Por iso non hai 'valor', senón 'valores'.

Os valores serían como a concreción encarnada nos varios respectos que nos interesan para a nosa acción futura daquilo que máis arriba chama-ba amelloramento. No discernimento dos distintos faceres albiscamos nodos e contranodos. Os nodos supoñemos, e disto imos tendo experiencia, que producirán o amelloramento; os contranodos, pola contra, o apeoramento. De aí, no camiño da ida —porque, habémolo ver, hai un camiño de volta desde o ben—, vanse constituíndo os valores como os lugares polos que teremos que transitar na acción que nos propoñemos; os valores, pois, son cousa nosa, aínda que con toda a enorme complexidade de todo aquilo que é 'cousa nosa'. Serían, así, indicación de camiños seguros —que nos van parecendo seguros— para chegar ós lugares onde ir, ós que pensamos que paga a pena pagnar por ir, pois esforzándonos en transitar por eles témo-la certeza racional —emperrenchamento racional da razón práctica, como adoito denominar— de que chegaremos alí onde queremos chegar, ó lugar do amelloramento. E así, por ser unha concreción encarnada, teñen os valores tanto que ver coa construción das nosas corporalidades. Son como os puntos nodais de referencia que nos sinalamos para conseguir

amelloramento de accións concretas e dos seus resultados en corporalidades. Os valores resultan os variados nodos reflexivos dese emperrenchamento racional da razón práctica, o seu destilado último, coma se foran a pancarta que arrastra unha procesión de seguidores, porque lles marca con claridade os obxectivos que se queren para o seu qué facer e os seus quefaceres, polos que se loita, que se imaxinan e desexan como camiño preferente para chegar alí onde se fala.

Xa que logo, non son os valores, nin moito menos, os que ocupan o lugar central da ética. Si ocupan, seguramente, lugar central na moral, mesmo pode que a moral termine sendo unha moral de valores. Pero estes non son algo que se nos dá en ningunha espida obxectividade senón que son destilado último das nosas construcións para a acción, producidos polos nosos propios emperrenchamentos racionais nos que nos facemos fortes niso que imos sendo. No que denomino camiño de volta, cando construíamola ética, partindo do ben encontrado, entón, tamén aquí, teremos que volver sobre a moral dos valores para coonestalos en coherencia con iso que, entón, será o noso punto central que modere e ilumine todo comportamento.

Pero, entón, ¿serán os valores, e finalmente, a moralidade ou a ética, algo en última instancia reducible a pura e dura socialidade? Ó meu parecer, obrigadamente debo responder que tampouco.

A maneira de pensar aquí empeñada indica algo decisivo, demasiadas veces esquecido: a moralidade é unha das nosas corporalidades, e das máis importantes, pero isto non significa que sexa un (mero) constructo das maneiras societarias de facer. En que isto sexa así como digo nos xogámo-lo conxunto enteiro do que imos pensando, pois se resulta que todo o que concirne á moral é puro constructo societario, pura e dura invención da sociedade, todo o que veño dicindo é rematadamente falso.

Unha primeira razón obvia é que todo comportamento societario foi e é comportamento de individuos que gañaron a partida e converteron as súas preferencias en corporalidades de acción comunitaria acatadas ou aceptadas por todos —o que dá non pouca modularidade a esa conversión—, impostas para todos, o que tantas veces obriga á disensión. Só non sería así se se retrotrae o comportamento humano a un puro e simple instinto que vai medrando desde o reino animal máis baixo ata o comportamento ético máis refinado, o que, hoxe por hoxe, seméllame un emperrenchamento moi pouco racional, moi pouco defendible, segundo a miña opinión, de maneira limpamente racional.

Pero hai máis. Creo que todo o que coñecemos sobre o que somos empúrranos á posibilidade do paso da pregunta por 'qué é o home' á pregunta por 'quén é o home', paso ó que, ó meu entender, finalmente nos vemos empurrados con absoluta necesidade

racional. É aquí onde o 'principio de obxectividade' —coa autoutilización das súas tesoiras de castrar— revela as súas carencias esenciais, indicando a necesidade dun 'principio antrópico' que nos acompañe ata os límites mesmos da mundanalidade, abríndosenos así o ancho mundo da realidade; onde superamos amplamente a nosa rica instintualidade de corpo animal, para, sendo 'corpo de home', como figuras nunha paisaxe, adentrarnos a grandes pasos e para sempre nesa realidade que se nos aparece agora como creada por nós e para nós. Que sexa así sinala, creo, a construción persoal dos comportamentos morais, aínda que, sempre, sabendo que estes, ó se faceren corporalidades, dásenos como que faceres recibidos directamente do comportamento societario. Pero a historia indícanos unha e outra vez cómo se dá a ruptura e a construción das corporalidades morais, sempre nun xogo no que o persoal e o colectivo se aúnan de maneira case inextricable. Tamén aquí se dá o xogo de circularidades: dásenos que teñámo-la posibilidade de recrear ata o imposible, e esa recreación de novo é un dársenos; o que tanto xogo proporciona, un novo episodio do xogo entre constrinximentos e liberdades.

¿Caeremos, por aí, no escepticismo de que todo vale, de que todo é igual, de qué máis dá? Claro que non.

O escepticismo todo o rebaixa, pero non sinala ren, non indica ren, non abre porta ningunha, nin sequera a imposible porta do desexo, senón que as pecha. Destrúe, non constrúe.

Descreativiza, non crea. Por temor ó sufrimento, desconfía da felicidade. Poderíase pensar que a moral e o ben non sexan máis que esencia mesma da raza, da animalidade. Non. Poderíase pensar que a moral e o ben non sexan máis que unha introxeción dentro do noso comportamento, do noso dicir, do noso falar, do que a sociedade pensa, pero isto é unha sandez, pois a sociedade pensa porque antes foi pensado por 'corpos de home'. Iso paréceme que non ten sentido ningún.

É verdade que moito do que somos, do que imos sendo, do que amelloramos, se nos dá no xogo das circularidades, en retrocesión, dásenos en relación, dásenos en corporalidade, por suposto, pero a punta última da eticidade, da moralidade, da filosofía da moral, da filosofía do que facer, da ética, é unha imposible-posibilidade, e esa punta é, para nós, unha verdadeira realidade. É algo ó que podemos aspirar, é algo que nos arrastra, que nos sorbe o siso. É algo ó que decididamente imos; é algo para o que témo-la enteira vontade. Pero todo isto nada ten de escepticismo, en nada pode parecerse a este: é emperrenchamento racional.

¿Será, finalmente, que a ética debe levarse a ese lugar do indicible, do místico, fóra do muro pechado do que ten un dicir de racionalidade? Xaora que non.

Case polos mesmos anos en que Miguel de Unamuno escribía marabillosamente *El sentimiento trágico de la vida*, Ludwig Wittgenstein realizou

unha arriscada operación coa razón. Viu con claridade que a razón está ligada de xeito inextricable con proposicións, que é nelas onde se dá o uso da razón, pero que, sen embargo, non tódalas proposicións son constitutivas de racionalidade, senón só aquelas que están ben construídas, ben construídas segundo a lóxica, que só elas teñen sentido, e que as outras, as demais, tódalas demais, son proposicións sen sentido, vans ruídos cargados de aire. Wittgenstein construíu un solidísimo muro dentro do que quedaban pechadas as proposicións con sentido, as construídas de maneira lóxica, as que producen coñecemento, aquelas que constitúen a ciencia. Os nosos dicires sobre o mundo están aí, pechados dentro do muro. Ningún dicir sobre o mundo con sentido, isto é, os dicires que de verdade digan algo sobre o mundo, se atopa extra muros. Intra muros, pois, non é que se atope o mundo, nin moito menos, senón os nosos dicires con sentido sobre o mundo, velaí o elenco global, infinito, seguramente, de tódalas frases posibles que teñan ou vaian ter sentido.

Certo que Wittgenstein, construído o muro —muro no que quedaban pechados os que querían vivir no mundo—, no canto de se pechar con el, como fixeron os seus ‘discípulos’ do Círculo de Viena, e tantos con eles, deuse présa en saír extra muros, que é onde el quería vivir, ámbito onde atopaba a vida de verdade, a que lle pagaba a pena vivir. Pero, feito todo isto, acontecía que dese ‘ámbito (de realida-

de)’ no que a el lle merecía a pena vivir, no que tiña vontade expresa de vivir, tiña o todo agás unha cousa: a palabra. Por efecto da súa xenial construción, Wittgenstein ficaba fóra do muro, ceibe, liberado, pero sen razón, sen ‘saber’, porque si, nun ámbito que desta maneira si é o da vida, pero, asemade, é o puro ámbito da irracionalidade, onde atopa o seu vivir, a ética, a estética, a relixión, a amizade, a aventura, e tantas cousas máis, todas elas sumidas agora, sen embargo, nun reino de silencio: sen palabras. Ámbito onde non hai razón, onde non hai palabra; balbordo si, aínda que el persoalmente non era alguén dado a este, pero de certo que non palabra razoable, proposicións con sentido, saber, coñecemento de mundo: e sobre o que non se sabe, o mellor é calar. Nube do non saber, ámbito do inexpresable, unha vez que, con Wittgenstein, non se quere ser irracional falando do que non se pode falar. Pero, facendo tal cousa, dividindo o mundo na súa zona intra muros e na súa zona extra muros, o mundo wittgensteiniano devén, na miña opinión, un mundo de irrealidades, pois toda realidade ten palabra, máis aínda, deberemos dicir que, de verdade, a realidade é creada pola palabra.

Ese muro tan laboriosamente construído por Wittgenstein caeu hai moito. Era o muro dos unicornios. Pois os emperrenchamentos ós que aquí me refiro —coa terrible ambigüidade que sempre arrastran consigo, pois ningunha acción da razón camiña ‘de verdade en verdade’, o cal nin de lonxe



significa que o problema da verdade non sexa algo decisivo e central, algo informulable, algo irresoluble, xa que sen a 'busca da verdade', sen a 'verdade encontrada', tódalas demais palabras caen en ruidoso marasmo de irracionalidade—, tamén son racionais, tanto como poidan selo os da máis rigorosa lóxica ou os que constrúen as teorías científicas máis aceptadas, hoxe, pola comunidade toda dos científicos.

O noso, polo tanto, é ser e ben. No título destas páxinas fálase da pregunta polo ben, pero, en cambio, non se di: a busca da felicidade. En ningún caso, pois, como indiquei antes, trataríase de que haxa unha felicidade, e que o ben consista en ir cara a aló, que o do ben consistiría en buscar e atopala felicida-



Ludwig Wittgenstein, filósofo austríaco que examinou a relación entre a linguaxe e o mundo.

de. Outra cousa distinta será que preguntando polo ben, de súpeto, encontremos que iso é unha gran felicidade. Claro que o que acabo de dicir ten o perigo de caer nesa especie de ver tan rigorista do kantismo, o que aborrezo moito.

Preguntamos, pero ¿por que preguntamos? Porque temos impulsos en nós, porque temos desexo de facelo, porque temos imaxinación, porque, de non o facer, aburriríámonos, porque o desexo nos empurra —é certo que algunha vez haberá que falar, aínda que polo de agora non o entendo de maneira clara, non só sobre o desexo, senón tamén sobre a inhibición—. Ese desexo ó que me refiro é un desexo filosófico, non un desexo puramente carnal, de mera carnalidade; é un desexo tamén de razón, é un desexo de entrever, de enxerga-lo entrevisto e corricar por alí, é un desexo de xogo, é un desexo de amplitude, de amplitude imaxinativa, é unha vontade de desexo; é verdade que se trata dun desexo carnal no sentido de que expresa algo que nos configura no noso propio ser 'corpo de home', pero non é un desexo de mera carnalidade —mais, ¿algo no 'corpo de home' é mera carnalidade?, só podería selo aquilo que responde á pregunta de 'qué é o home', e non de 'quén é o home', aínda que, mirado de preto, nin sequera iso é pura materialidade—.

Ese desexo non é, sen máis, desexo de felicidade, e tampouco acontece que, polo de agora, nese camiñar noso empurrado por unha especie de terror

rigorista, finalmente nos leve a algo que sexa a felicidade. Non, non creo nesa felicidade que é só final, como non haxa felicidade en cada un dos desexos, das imaxinacións, das accións, como non haxa xogo precioso, gracioso, en todo o que facemos, enchéndonos por dentro e, en definitiva, facéndonos felices, e deixa-la felicidade ó que atoparemos ó final de camiños profundamente infelices e aterrorizados polo deber, no meu pensar é puro engano. Todo o noso é vontade de desexo, vontade de felicidade. Claro está que non todo é desexo gracioso e camiño de rosas, simplemente, quede claro que a concepción aquí apuntada nada ten que ver cun rigorismo do deber, que ó cabo tería como premio a felicidade, o que sería entón o ben. Non, diso nada.

#### IV

En todo o que concirne á cuestión do comportamento e dos seus criterios, polo tanto, teremos que nos ater a tres ámbitos; ámbitos distintos, aínda que estean estreitamente relacionados entre si.

A moral, por un lado, onde se trata das cousas referentes ós qué facer e os quefaceres, e o xuízo e criterios de discernimento para tomalos ou deixalos na futura acción, que podería chegar a constituír, quizais, algo así como unha 'moral dos deberes'. Aquilo que, vistas con coidado as cousas do qué facer, nos impoñemos como resultado cabal das nosas accións sucesivas e, feitos corporalidades, aceptamos como aqueles quefaceres que regulan e facili-

tan a nosa vida; aínda que, por suposto, hai aquí continuas correccións en retroactividade, e tamén —¿como ía ser doutro xeito?— emperrenchamentos racionais. Por suposto que, se ben aquí, como xa anunciei, só poño énfase nos aspectos máis individuais da cuestión, deixando para outra ocasión os decisivos aspectos societarios, esa 'imposición' e ese 'emperrenchamento' a que acabo de referirme levan consigo un xogo de extremada sutileza entre os aspectos individuais e societarios do discernimento do comportamento da acción e dos seus resultados. En todo caso, será un primeiro esbozo do ver ónde-me-leva-en-realidade-a-miña-acción-de-comportamento, en qué nos afastamos do que, con ela, queríamos en-esperanza, qué estamos construíndo (e destruindo) con ela. Quedarmos aí sería demasiado curto, pero agora as nosas preguntas buscarán aspectos de maior xeneralidade, non tanto en, por así dicir, cada grupo de comportamentos que nos impoñemos e no que nos emperramos nunha maneira de facer, senón en cuestións da xeneralidade do facer do comportamento como acción global nosa.

Nese camiñar preguntando, polo tanto, vén logo a moralidade, onde nos enfrontamos coas maneiras radicais deses qué facer e quefaceres que se van facendo corporalidades como froitos da nosa ininterrompida acción, pero abstraéndonos agora desa concreción das consideracións morais sobre ela e as súas concretas consecuencias; onde se nos formularán con suficiente



xeneralidade as cuestións referentes ó suxeito moral —suxeito individual e suxeito societario, colectivo— e a dirección global do que vai sendo a nosa acción comportamental e do que busca en verdade, así pois, do ver a-onde-medirixe-unha-acción-que-co-meu-comportamento-desvela-quén-vou-sendo-de-verdade; e en canto é aí onde se fai esa reflexión que leva máis alá dos actos morais, tería que ver, seguramente, coa cuestión das preferencias racionais de quen se sabe suxeito volitivo dos seus actos e preocupado da súa maneira voluntaria de actuar, é dicir, tería seguramente que ver cunha ‘moralidade das virtudes’. Porque é aí onde descubrímo-los nodos e contranodos que sinalan os puntos de coagulación ós que debe referirse de contino o noso propio comportamento na súa xeneralidade; por iso a moralidade ten que ver de maneira moi especial co suxeito desa acción, que é quen asume e ordena os ditos nodos como lugares que sinalan a dirección global que voluntariamente toma para o seu comportamento. De novo aquí deben darse as consideracións do suxeito individual e do suxeito societario. E dos sutís xogos que se dan entre ambos, porque esa voluntariedade non significa unha liberdade sen asidoiros; tamén aquí se dá o xogo entre constrinximentos —aquilo que o societario pon para impoñernos— e liberdade —aquilo que poñemos para safarnos do societario ou para mudalo—, nunha singular loita de emperrenchamentos.

Por fin, a ética, onde nos responderíamos con toda a súa forza á pregunta polo ben, pregunta qué nos apareceu en crecente indicio nos dous ámbitos anteriores; a cal, pola súa vez, ten como dous vertentes, pois é o pináculo do que todo o da moralidade e da moral pende para existir como tal e é tamén o final dunha pirámide que se constrúe na moral e logo se adelgaza xa na moralidade, tendendo cara a ela que é o seu vértice, o vértice que a culmina e sostén, por onde de novo se nos ofrece o xogo da circularidade. Porque albiscamos cómo, finalmente, é o ben o que regula o xogo enteiro dos tres ámbitos, xa que nel é onde encontramos que se nos dá o para qué último de toda a nosa acción: actuamos sempre para ser en plenitude, ou, polo menos, en relación con esa idea regradora de ser en plenitude, pois podemos, evidentemente, querer con vontade decidida desentendernos diso e mesmo desregularnos por completo.

¿Por que é importante esta distinción dos tres ámbitos? Porque nos interesa a cuestión do suxeito, do quen imos sendo niso que son qué facer e quefaceres. Pero, sobre todo, porque a ética ten que ser incontaminada, pois ten que ver coa finalidade, cos para qué diso que imos sendo. Porque a ética ten que ver co final dos nosos desexos e imaxinacións, das nosas palabras e razóns, coa consubstancialidade última dos seus resultados; ten que ver coas imposibles-posibilidades que se nos fan realidade. Porque a ética ten que ver coa realidade, co ser, co que, sendo,

chegamos a ser e somos. Porque a ética ten que ver, en definitiva, con ese ser que, como 'corpo de home', hei ser en realidade. Por iso a ética ten que estar incontaminada do que vaian sendo os nosos comportamentos, e mesmo do que vaian sendo as nosas reflexións sobre eles. Non é que non teña que ver con eles, pero non é, sen máis, algo así como o seu derradeiro destilado, nin sequera o seu presuposto que haberá de nos rexer con man férrea. Incontaminada porque será ela a que, ó cabo, orientará e xulgará comportamentos e reflexións sobre estes; porque ela xulgará toda moral e identicamente toda moralidade, xulgará todo deber e toda virtude, incluída, claro está, a xustiza. A última palabra será a súa, porque a súa é a palabra do ser en plenitude.

Pero, nótese a importancia do que segue, esa palabra nunca deixará de ser tamén palabra nosa, palabra encarnada de 'corpo de home', como son sempre tódalas nosas palabras. E por selo será alcanzable pola acción racional da razón práctica, polo menos como o que se ve desde o portelo, o que imos vendo cando descendemos desde el cara ó outro lado da ladeira da montaña. Nada ten dun mero deber de imposición, nin dun mero valor do que nos valem, nin dun mero constructo, senón que ten que ver coa última resposta á nosa pregunta definitiva por 'quén son', por 'quén somos', sen xamais, por iso, saírnos do noso 'corpo de home'; ten que ver con aquilo que, como o que somos, 'corpo de home', habemos chegar a ser sen nunca deixar

de ser 'corpo de home'. É o respecto dese noso ser en plenitude que ilumina desde o seu propio ser iso que imos sendo, que aspiramos a ser, que desexamos ser, que imaxinamos ser, que é o ser último dos nosos dicires, das nosas lérias, que temos vontade de ser, e ese respecto é o ben. Un ser en plenitude, polo tanto, que nos é dado e que, co seu respecto de ben, marca a dirección global e última de todo o noso camiñar e de toda reflexión sobre o noso camiñar. Por iso a 'ética como preguntar polo ben' é o pináculo do que todo comportamento e reflexión sobre eles pende, sen que, como ética do 'corpo de home' que ela é, teña nada que ver cunha imposición foránea, senón que, tamén acá nun xogo de circularidades, é o final desa construción piramidal, porque, como é obvio de ver, sen os nosos comportamentos e a reflexión sobre eles non cabe ética ningunha, polo menos unha que sexa a ética do 'corpo de home'.

E agora, seguramente, témo-los elementos para, deslindando, tomar partido na discusión nas cuestións que tocan as diferentes liñas de eticidade. Como levamos visto, é a moralidade o lugar onde se conxuga o que, na xeneralidade do noso comportamento, se dá nese amor que ten que ver coa tribo, coas tradicións, pois somos tribo, somos tradición, pero non quedamos nin en tribo nin en tradición; tampouco quedamos pura e simplemente nunha moralidade da xustiza. Como se defende nestas páxinas, é o ben e non a xustiza o principal, o decisivo, o que rexe

todo o conxunto, pois, con respecto ó ben, a xustiza é, á vez, previa e un derivado; a xustiza, quizais, non sexa outra cousa que a reflexión primeira diso que xa entón, como vimos, nos aparece como a 'frecha do ben' que se dá no camiño cara á ética, e a refracción ou o reflexo do ben que se dá no camiño de volta desde a ética, nese treito do camiño global da ética que é a moralidade, a cal, pola súa vez, se monta sobre a moral dos comportamentos e tira dela.

A xustiza pode cambiar, a xustiza ten moito de consenso, aínda que non todo nela é consenso, porque se o fose, se o tivese todo de consenso, na pirámide que debuxamos non habería estirón cara a arriba, cara á ética, cara ó ben. Porque unha moralidade que se peche na xustiza —converténdoa en (mera) xustiza—, pecha o camiño a esa consideración da plenitude do ser que como 'corpo de home' somos no seu respecto de ben. Pechándose na xustiza, ademais, os seus efluvios descendentes á moral, tinguindo de (mero) xusticialismo-de-pesantez os nodos e contranodos dos que antes falabamos, facendo que, por así dicir, o único valor, que se repite en cada un dos valores, o único deber, sexa sempre a (parcialidade da) xustiza e só ela; por iso, se así fose, a única liberdade nese caso sería sempre unha liberdade do consenso. O balanceo da xustiza, froito dunha común pesantez que regule a balanza, sempre na procura dos seus consensos, sempre no xogo de basculación que conxuga tódalas posibilidades entre o 'meu' e o 'noso', buscando dig-

nos apaños racionais e consensos, por máis que cheguen a ser incluso irracionais, sería quen dera o ton global da moralidade; pero daquela non habería ningunha referencia sería ó ben, e isto podería ser así porque, evidentemente, non cabería falar de ningunha 'plenitude do ser', e moito menos aínda dunha 'completude do ser'. Unha moralidade da (mera) xustiza, claro é, que se pechou á ética, ou que converteu a ética nunha (mera) moralidade do suxeito xusticeiro e consensual; e faino porque, creo que inxustamente, decidiu que non hai *posibilidade* racional ningunha dun 'falar do ser'. Pero, entón, ¿onde queda o noso inmensamente divertido xogo das imposibles-posibilidades?, ¿non se supón como algo adquirido para todos que, contra toda verdade, utilizamos xa aquelas famosas tesoiras?

Pero o noso era ser e ben. Nese cadro, así como a ética era a busca do ben, tamén nós poderemos agora dicir da moralidade que é a busca da xustiza, pero unha xustiza que está engarzada na fluencia da 'frecha do ben'. O cal ha supornos, logo, establece-las pertinentes relacións entre ética e moralidade, entre ben e xustiza. Porque onde se produce o pechamento non é na moralidade, senón na ética, é dicir, nese respecto de ser que é o ben.

Os actos en que se desenvolve a nosa acción comportamental, nos que se deu o paso do qué facer ó quefacer, convertido este, ademais, en corporalidade, son un conxunto no que tódalas relacións con nós mesmos e cos

demais, mesmo as nosas relacións cos nosos compañeiros mundanais e con todo o que é o mundo, pónense en xogo. É aí onde se dá ese xogo de equipotencias, de compoñendas prudenciais, de sopesamentos, de reparticións intelixentes e cheas de discernimento, de sopesamento de consecuencias e obxectivos en que consiste a xustiza. Porque somos de maneira absolutamente esencial e necesaria seres en sociedade necesitamos ese xogo complexo que é o da xustiza. E, non se esqueza, somos seres en sociedade en canto se nos dá o ser 'corpo de home', sen deixar de selo en todo o tempo que nos mantemos en vida. Non cabemos de ningún xeito no individualismo, incluso cando estamos radicalmente sós. Aí, nese ámbito societario e de construción de corporalidades é onde se dá a pregunta pola xustiza. Xa que logo, un dar a cadaquén o que é seu de extremada sutileza, pois sendo todos nós de nós todos, nada é esencial e soamente noso.

## V

Ata aquí foi a nosa unha construción da pirámide das nosas reflexións sucesivas verbo da nosa acción comportamental para chegar ó seu pináculo: o ben. Era un preguntar que se foi perfilando máis e máis na resposta, desde comezos aínda confusos e principais, como o que rematou sendo: unha resposta que acadou o ámbito do ben. Pois o importante está en que desde o comezo da reflexión aparece en embrión iso mesmo que logo veremos en toda a súa claridade, iso que logo se

manifestará como o que en verdade é, polo que, xa desde esa mesma orixe da reflexión sobre os comportamentos, esta queda tinguida polo ben, pois desde entón amósase como un preguntar polo ben, do que, sen embargo, só logo, ó final, tras non pouco esforzo, daremos falado con sentido. Isto deunos ocasión de ver todo o camiño realizado coma se este se tendera non nunha 'frecha do tempo', senón nunha 'frecha do ben'; polo tanto, unha frecha que apunta ó vértice da pirámide. Atópase alí, nel, recollido, unido, coonestado, composibilizado, todo o que fomos vendo da consideración da nosa acción comportamental. Valería aquí, coido, esa imaxe tan plotiniana —se ben entendendo que a miña é sempre unha racionalidade en rede, polo tanto, profundamente distinta no seu conxunto— dos innumerables raios que no centro do círculo se funden en radical unidade.

Non chegamos así a unha 'definición' —e que como tal sería meramente baleira— do que sexa o ben, ben ó contrario, no que el sexa fixemos intervi-la reflexión última e de máis en máis xeneralizadora de toda a acción moral e a consideración sobre o suxeito desa acción. Nos sucesivos xogos dos en-imaxinación ós en-realidade, descubrimos que se dá en nós a imposible-posibilidade dun ir alén que, no seu límite, funda ese ser en plenitude que en verdade somos. Máis aínda, puidemos albiscar que ese pináculo derradeiro era o para qué de toda a construción, empeñado xa desde o comezo como

algo que nos marca un cara a ónde do conxunto enteiro da nosa acción comportamental, o cal é comprendido na nosa acción reflexiva sobre ela, se a levamos, é verdade, ata as súas derradeiras consecuencias racionais. Así e todo, non perdemos de vista algo obvio, que só bosquexamos aquí os sucesivos pasos dese camiñar, as sucesivas pezas engarzadas nesa frecha, e que queda, por suposto, a presentación esmiazada do aquí simplemente apuntado no seu bosquexo racional, importante se se quere en canto é quen de situarnos e balizarnos un terreo difícil, e facéndoo direccionalmente, pois o balizamento resulta ser a xeito de frecha, pero que só é iso, un simple bosquexo.

Unha vez dilucidado, mesmo se cadra atopado, o que sexa o ben, entendemos que o descrito ata o de agora é só un camiño de ida desde a moral ata a ética, interpretándoo como preguntar polo ben. Sabendo xa cál é o lugar onde se atopa a fin dese decidido preguntar, é dicir, unha vez constituída a ética, quedaríanos iniciar un camiño de volta que, desde a ética, pasando pola moralidade, descenda ata a moral. Pois debemos preguntarnos no presente por ónde se dan os pasos e as conexións entre o ben e a xustiza, por ónde tecen as súas relacións a xustiza e o ben, a ética e a moralidade. Utilizando de novo a imaxe plotiniana —coa salvidade, repito, de que a miña racionalidade é en rede—, do centro único proceden tódolos raios do círculo, como en perfecta referencia a el, por ben lonxe que

cheguemos seguíndoos. Na pregunta polo ben, todo foi nun comezo unha dura ascensión, desde os primeiros tateos ata a plenitude da resposta. Pero todo camiño, en acción de circularidade, é de ida e volta; quedaría agora, pois, inicia-lo camiño de descenso, pero por hoxe o tempo vaise esgotando.

Por iso, ó cabo xa, a moral, en contra do que dicía primeiramente, queda 'atrapada' pola ética, como os extremos dos raios, que agora seméllannos perfectamente referidos ó centro do seu círculo. No camiño de volta descubrimos, pois, que todo el no seu conxunto foi unha construción ética, que nel todo resulta ser do ámbito da ética, pendente da ética, a cal, deste xeito, finalmente, engloba moralidade e moral. Ó principia-la reflexión sobre a acción comportamental, buscabamos camiño, abriámolo rozando ribazos; chegados ó lugar do seu descanso, entendemos que todo el é o camiño do ben, por iso, aínda que agora o tomemos como camiño de volta, xa nunca deixará de ser para nós, sen máis, 'o camiño do ben'.

Nótese, finalmente, que no empeño de percorrer ese camiño, na súa dobre modalidade de camiño de ida e camiño de volta, aínda que sexa difícil camiño de reflexión, non por iso esqueceremos algo decisivo, que é a vontade —na que se conxuntan desexo, imaxinación e palabra— a que nos arrastra con poder cara á plenitude do ser (cara ó ben). Por iso hai que dicir, con palabra terminal, que de maneira

absolutamente radical o ben é cuestión da vontade, da vontade do 'corpo de home'.

Madrid, 26 de marzo de 2000

## BIBLIOGRAFÍA SUCINTA

(tirando dela chégase a case todo)

- Camps, V., O. Guariglia, e F. Salmerón (eds.), *Concepciones de la ética*, Madrid, Trotta, 1992.
- Cortina, A., *Ética mínima. Introducción a la filosofía práctica*, Madrid, Tecnos, 1986.
- Dussel, E., *La ética de la liberación. En la edad de la globalización y de la exclusión*, Madrid, Trotta, 1998.
- Fernández, A., *Teología Moral*, vol. I, *Moral fundamental*, Burgos, Aldecoa, 2ª ed., 1995.
- Guariglia, O., *Moralidad. Ética universalista y sujeto moral*, Bos Aires, FCE, 1996.
- Libéraux et communautariens*, textos reunidos e presentados por André Berten, Pablo da Silveira e Hervé Pourtois, París, PUF, 1997.
- Mella, P., *El conflicto social en la teoría crítica de Jürgen Habermas*, Lovaina-A Nova, Université Catholique de Louvain, 1999.
- McIntyre, A., *Tras la virtud*, Barcelona, Crítica, 1987.
- Rawls, J., *Teoría de la justicia*, México, FCE, 1978.
- \_\_\_\_\_, *Liberalismo político*, Barcelona, Crítica, 1996.
- \_\_\_\_\_, *Justicia como equilibrio* [recompilación de artigos realizada por M. A. Rodilla], Madrid, Tecnos, 2ª ed., 1999.
- Rescher, N., *Razón y valores en la Era científico-tecnológica*, Barcelona, Paidós, 1999.
- Rhonheimer, M., *La perspectiva de la moral. Fundamentos de la Ética Filosófica*, Madrid, Rialp, 2000.
- Sen, A., *Sobre ética y economía*, Madrid, Alianza, 1989.
- Singer, P. (ed.), *A Companion to Ethics*, Oxford, Blackwell, 1991.
- Taylor, Ch., *Philosophical Papers*, vols. 1 e 2, Cambridge, Cambridge University Press, 1985.
- \_\_\_\_\_, *La ética de la autenticidad* [*The malaise of modernity*], Barcelona, Paidós, 1994.
- \_\_\_\_\_, *Fuentes del yo. La construcción de la identidad moderna*, Barcelona, Paidós, 1996.
- Tugendhat, E., *Problemas de ética*, Barcelona, Crítica, 1988.
- \_\_\_\_\_, *Lecciones de ética*, Barcelona, Gedisa, 1997.
- Walzer, M., *Las esferas de la justicia. Una defensa del pluralismo y la igualdad*, México, FCE, 1993.



## PENSAMENTO RELIXIOSO NO SÉCULO XX

---

Manuel Cabada Castro\*  
 Universidade Complutense  
 Madrid

As ideas e os pensamentos non se atañen á cronoloxía, aínda que é verdade que esta pode provocar no ser cultural que é a persoa humana determinados momentos fortes que fan que se pense nela ás veces dunha maneira non cotiá. Os comezos e fins de ano, de século ou de milenio (aínda que sobre estes últimos —os milenios van máis a modo— a humanidade da era cristiá non ten moita experiencia) están por iso adobiados de determinadas mitoloxías que expresan angustias, medos, esperanzas, etc. Óllase cara a adiante, pero tamén cara a atrás. Isto último, a ollada retrospectiva, é tamén sempre importante, porque o futuro baséase sempre, quéirase ou non, nun pasado que en realidade endexamais é totalmente pasado senón que segue a estar presente na conciencia ou na lembranza do que se introduce no porvir.

As ideas relixiosas son elemento constitutivo da cultura humana, entendida esta no seu sentido estrictamente antropolóxico, e están por iso, como o conxunto da cultura mesma, sometidas

a cambios, evolucións, resistencias, transformacións, etc., que non son *a priori* perfectamente deducibles. Ó meu modo de ver, a relixiosidade (entendida no seu sentido máis amplo) do século XX ten unha forte dependencia interna dos grandes movementos ideolóxicos e políticos que xurdiron no século anterior. Abonda con pensar en nomes como Feuerbach, Darwin, Marx ou Nietzsche, etc., —por non falar de Kant, que, en calquera caso, vive aínda a comezos do século XIX—, dos que non se pode dicir que nada teñen que ver co ocorrido ideolóxico, política ou relixiosamente no século que segue á súa persoal biografía no XIX. Os conflitos da relixión —entendida esta sobre todo na súa maioritaria concreción cristiá occidental— coas novas ideoloxías evolucionistas, sociais ou desmitificadoras de determinados modos tradicionais de pensa-la divindade ou a relixión, non se limitan, por conseguinte, ó século no que viven os seus ideólogos, senón que adquiren un pulo moi importante ó longo de case todo o século XX. Non se esqueza

\* Profesor titular de Filosofía.

concretamente que o movemento comunista (de tan destacada proxección ideolóxica e política en tódolos continentes) —que ten a súa orixe no pensamento de Marx e Engels— se estende en Europa por case todo o século XX ata o inicio do seu declive, simbólica e historicamente expresado na caída do muro de Berlín hai só unha década. Por outra banda e respecto de Nietzsche, que morre no ano 1900, no abrente mesmo do século XX, hai que dicir que o seu influxo ideolóxico abrangue todo este século, e segue a ser forte aínda a súa presenza na actualidade.

Pois ben, Marx e Engels aprenderon de Feuerbach a ve-la relixión ou a divindade como mera proxección da humanidade, se ben tal proxección era pensada por ámbolos dous de maneira máis directamente relacionada coa situación social ou infraestructural como simple consolo ultraterreo ou como aliada, consciente ou non, da mesma opresión capitalista. Fronte a tal situación era preciso actuar política e revolucionariamente. Neste sentido será Prometeo para Marx “o santo máis nobre do calendario filosófico”, dado que o mitolóxico titán soubo rebelarse “contra tódolos deuses celestiais e terreaus que non recoñecen a autoconciencia humana como suprema divindade”. Non pode haber dous soberanos. Hai que escoller entre o home libre ou Deus. Este (como toda ciencia ou comportamento que faga referencia á divindade) é para Engels absolutamente superfluo, dado que os problemas

humanos atopan todos a súa solución nas ciencias da natureza e da historia.

A Nietzsche, pola súa parte, non lle preocupaban, coma ós fundadores do marxismo, estrictamente os problemas sociais (estes eran asuntos da plebe, que só debía dar paso ós grandes individuos, ó ‘superhome’), pero si e moito os problemas da vida e da existencia individual. E é aquí onde Deus para Nietzsche non só é superfluo senón verdadeiramente hostil, verdadeira ‘contradicción da vida’. O Deus dos cristiáns é así, segundo Nietzsche, todo menos algo ‘divino’, é algo ‘absurdo’, ‘daniño’, ‘inmoral’, un ‘atentado contra a vida’, un ‘deus dos enfermos’. Por iso un deus así tiña que ‘morrer’ para deixar paso a un home dono de si mesmo. É así tamén como a nova da ‘morte do vello Deus’ se converte en ledicia desbordante para os ‘filósofos e espíritos libres’, porque deste xeito, coa súa morte, ábrese para a humanidade un novo horizonte de inéditas posibilidades.

Esta concepción dunha divindade ‘concorrente’ —para dicilo dalgunha maneira— co home queda así fixada, tanto no nivel teórico como social, para un gran número de mentes pensantes como algo que se acepta sen máis e sen a penas resistencia. Por outra banda, a imaxe da divindade coa que operaban tanto Marx ou Engels coma Nietzsche non era totalmente allea a determinadas concepcións presentes de feito na sociedade. A realidade é, en calquera caso, que en non poucos pensadores do século XX se mantén este esquema



ideolóxico da relación ‘concorrente’ ou competitiva Deus-home. Así, por exemplo, na crítica que fai E. Bloch a un Deus pensado por el como ‘teocrático’, ‘superposto’, ‘amo’, etc., ou nas formulacións, explícitas ou implícitas, relacionadas coa divindade ou a relixiosidade humana, tal como aparecen en autores como Sartre, Merleau-Ponty, P. Valéry, etc.<sup>1</sup>

A esta visión ‘concorrente’ da divindade fronte ó home, que se ergue como crítica da relixiosidade tradicional, vai xuntarse así mesmo unha concepción pesimista do conxunto da realidade, que ten os seus inicios ideolóxicos en Schopenhauer. O Deus tradicional desaparece desta visión, quedando substituído nela pola universal ‘vontade de vivir’, que forza o home á busca dunha felicidade imposible de acadar ou, en definitiva, fráxil e va. Deste xeito o ser humano oscila de maneira inevitable entre a dor e o aburrimiento. Idea esta, a do aburrimiento das sociedades modernas, á que lle dedicarán no século XX a súa atención tanto o marxista crítico Bloch coma o noso M. de Unamuno.

Será Nietzsche quen vinculará o seu pensamento máis directamente co de Schopenhauer. Para Nietzsche o ser humano, ceibe da divindade —que era ata agora o seu asentamento firme e o seu tradicional e seguro punto de referencia—, vai quedar en diante radical e

fundamente desorientado. A parábola nietzscheana do ‘home tolo’ expresa tanto a absoluta desorientación humana que segue ó asasinato ou ‘morte de Deus’ por parte dos homes coma a nostalgia e saudade do ‘home tolo’ polo Deus ó que busca no medio da baleira superficialidade dos homes, eses charlatáns da praza que coidan seren alleos a tales preocupacións. Nietzsche salienta así o caos absoluto producido pola destrución dun esquema interpretativo xeral de toda a realidade, como o era a crenza tradicional na divindade. O universo do home quedou agora sen ‘horizonte’ e a súa terra sen ‘sol’. Xa non hai nin un ‘arriba’ nin un ‘abaixo’. Só hai unha ‘noite’ total, un espacio baleiro e frío, unha ‘nada infinda’. A ‘morte de Deus’ é só o inicio dun ‘ensombrecemento’ que se irá alongando co paso do tempo. Nietzsche pensa que o abandono occidental da interpretación cristiá faría xurdir inevitablemente a cuestión sobre o sentido da existencia, “cuestión —engade— que precisará un par de séculos para ser percibida en toda a súa plenitude e profundidade”.

Pero o filósofo alemán non deixará de indicar, pola súa parte, que o sentido do ser humano non ha de ir pola vía da recuperación da relixiosidade tradicional ou da ascese schopenhaueriana fronte á ‘vontade de vivir’, senón pola da máxima potenciación da nietzscheana ‘vontade de poder’. En

<sup>1</sup> Para unha maior ampliación destas consideracións permítome remitir ó que teño escrito en M. Cabada Castro, *El Dios que da que pensar. Acceso filosófico-antropológico a la divinidad*, Madrid, Biblioteca de Autores Cristianos, 1999, páxs. 74-75, 77-79.

calquera caso, o sentido non lle está dado ó home sen máis, de maneira 'obxectiva' ou pasiva, senón que ten que crealo el mesmo<sup>2</sup>.

¿Non podían ser pensadas, en parte e dalgunha maneira, as mesmas guerras mundiais (sobre todo europeas) da primeira metade do século XX e tantas outras, máis ou menos locais, deste belicoso e convulsivo século XX en continuidade, por agachada que sexa, co xurdimento deste 'subxectivismo' prometeico, nietzscheanamente 'creador', derivado da busca 'desorientada' dun novo sentido que enchese o baleiro dunha relixiosidade perdida?

O pensamento de Sartre só se entende, en calquera caso, desde as anteriores coordenadas ideolóxicas. O pensador francés salienta o absurdo paradoxo e vivente contradición que é o home mesmo, unha vez rexeitada como errónea a idea relixiosa dun Deus creador. Ó abandonar esta argumentación, o ser humano carece de esencia ou de natureza e ten, xa que logo, que acceder a ela baseándose na propia liberdade; pero, por outra banda, o ser humano non é libre respecto desta mesma liberdade, ó non poder desvincularse dela. De todo isto procede a sartreana soidade e absurdez do ser humano, que non é en definitiva senón "unha paixón inútil".

Pode dicirse que co romanés E. M. Cioran chegou o pensamento do absurdo á súa máis acabada expresión, un

absurdo que abrangue tanto o ser do home como a súa idea de Deus.

A. Camus considerou, sen embargo, que a cuestión sobre o sentido da vida era a pregunta fundamental da filosofía. Pero a proposta camusiana superadora do absurdo vai tamén na liña de Nietzsche. Fronte a solucións como o simple suicidio ou o consolo dunha mera esperanza (relixiosa ou non), Camus opta pola 'rebelión', actitude esta que non ten un carácter moral ou cualitativo, senón só cuantitativo: "o que conta non é vivi-lo mellor posible, senón vivi-lo máis posible"<sup>3</sup>.

Non foi só a filosofía a que se ocupou da constatación do absurdo da existencia ou da busca dun sentido para ela, unha vez abandonadas as coordenadas relixiosas. Desde a metodoloxía psicolóxica, V. E. Frankl, o fundador da chamada 'Logoterapia' (é dicir, 'curación polo sentido'), estaría especialmente atento tamén a esta problemática relacionada co sentimento do absurdo e do baleiro da vida humana, que o logoterapeuta vienés detectou sobre todo no sector xuvenil en diversos países e baixo diferentes réximes políticos. Fronte a Nietzsche (e tamén fronte ó psicólogo A. Adler), Frankl considera, sen embargo, que non é a 'vontade de poder' a estrutura fundamental humana, senón a 'vontade de sentido'. A curación do sentimento do baleiro e da absurdez da existencia só poderá realizarse polo

2 Cf. M. Cabada Castro, *o. c.*, páxs. 189-191, 200-202.

3 A. Camus, *El mito de Sísifo. El hombre rebelde*, Bos Aires, Losada, 1967, pág. 52.

tanto na medida na que o 'logos', é dicir, o 'sentido' da vida sexa readquirido ou redescuberto pola concreta persoa humana<sup>4</sup>. As enquisas sociolóxicas confirman, por outra banda, a elevada frecuencia coa que os europeos (tamén os españois) se formulan o problema do sentido da vida, revalidando deste modo tanto os datos psicolóxicos como as previsións de Nietzsche.

Unido a todo isto está tamén unha nova concepción da liberdade, que na modernidade e sobre todo desde os escritos de Feuerbach, Bakunin, Marx, Nietzsche, etc., vai ser pensada en frontal oposición coa divindade, afectando así de maneira moi directa á relixiosidade. A visión que, por exemplo, tanto N. Hartmann como, sobre todo, Sartre teñen sobre a relación entre liberdade e divindade ou relixiosidade non é máis que unha mostra desta continuidade ideolóxica.

Naturalmente, cando filósofos, psicólogos ou sociólogos abordan os problemas relacionados coa relixiosidade están a falar dunha nova situación que se caracteriza pola súa complexidade ideolóxica e social, na que existe a convicción de que os problemas humanos non poden ter máis solución que a que a mesma humanidade, soa e sen referencia a superiores instancias, lles poida ofrecer. Durkheim revestira xa a sociedade (de xeito semellante a como fixera Feuerbach en relación coa humanidade) dun carácter

divino, 'infindo', quedando deste modo desprovista a divindade da súa realidade primaria e fundante para se converter nunha mera proxección da realidade social. Pero, ó mesmo tempo, un mundo desvinculado da súa relación tradicional coa divindade non tardará en perder tamén a auréola ou o 'engado' que dela lle proviña. Por iso falará M. Weber do 'desencantamento do mundo', no sentido da tamén chamada 'secularización' das realidades humanas. A sociedade é agora sobre todo técnica, e esta acabará pouco a pouco por facerse presente ata nos recunchos máis agachados da existencia humana.

Pero o problema da técnica non é propiamente ela en si mesma, senón o feito de que o home adquire con ela un novo e especial carácter manipulador, na liña da nietzscheana 'vontade de poder', tal como foi ben destacado por Heidegger. Isto conduce, segundo o propio Heidegger, ó encubrimento ou ocultación do 'santo', que non é senón a pegada mesma do 'divino'. En seguimento de Nietzsche, Heidegger considera que o home 'técnico' e manipulador 'mata' o Deus concibido e manipulado por el. O 'Deus morto' nietzscheano non é así para Heidegger senón o Deus domesticado polo home e posto por este ó servizo dos seus propios intereses, o Deus "co que o home fai os seus negocios". Deus resulta así empequenecido, axeitado á medida do home. Esta é a razón pola que

<sup>4</sup> En consonancia con Frankl, R. May considera tamén o sentimento do 'baleiro' (*emptiness*) como o problema principal do home de mediados do século XX.



*Jean-Paul Sartre, de Yankel.* Sartre cría que o home é o que quere ser e debe comprende-lo que é a súa natureza, que o fai capaz de enganarse.

Heidegger considera que é mellor a 'pregunta' por Deus (que leva consigo a exclusión da súa manipulación) cá satisfeita e superficial sabedoría sobre el. Compréndese que Heidegger enalce así ó 'home tolo' da parábola nietzscheana xustamente porque 'pregunta' por Deus á diferenza dos charlatáns e superficiais da praza, que non poden crer, porque non pensan e, así, non son capaces tampouco de buscar nin de preguntar. É esta superficialidade a que fai, segundo Heidegger, de tal maneira 'invisible' a Deus no mundo moderno, que só o mesmo Deus sería capaz de troca-la súa invisibilidade en visibilidade: "Só un Deus pode salvarnos", dixo Heidegger na súa famosa entrevista de 1966. De aquí tamén a súa cautela filosófica ante a problemática da divindade e a súa 'espera' ante a posibilidade de que o divino mesmo se comunicase.

Teña ou non razón Heidegger nestas súas reflexións sobre a conflictiva relación entre a técnica e a relixiosidade, o feito é que o home moderno e actual está ata tal punto mergullado na técnica que esta é vista así efectivamente na súa primordialidade vivencial de maneira practicamente unánime<sup>5</sup>. Pero, ademais, isto afecta de maneira moi importante á relixiosidade, dado que esta ten que ver desde sempre cos problemas máis fondos e esenciais da

persoa ou do grupo humano no que a persoa vive. Se —segundo o dito por Tresserras— a 'televisión' e a 'tecnoloxía' ocupan o primeiro lugar nesta autoapreciación das vivencias máis sobresañtes do século, veñen a presentárselle así á relixiosidade actual problemas e desaxustes como estes ós que el mesmo alude (que non deixan ademais de estar —como é doado ver— en continuidade co dito por Nietzsche e Heidegger sobre a 'superficialidade' dos que non atenden nin entenden o 'home tolo'):

El ambiente virtual y distraído habitúa a tener experiencias periféricas. Se habla a veces de un conflicto entre la Iglesia y los medios de comunicación de masas. La raíz de este conflicto está justamente en la dicotomía banalidad-radicalidad. La experiencia de lo religioso comporta radicalidad, introspección, compromiso, pasión, diálogo tenso con el misterio. La experiencia mediática, en cambio, es etérea, obvia, fácil, alejada de cualquier complejidad, fugaz [...] La experiencia religiosa, por el contrario, es una experiencia límite, arrebatadora u oscura, pero siempre fuerte [...] Así, el lenguaje religioso pasa a ser un lenguaje marginal [...] De aquí se sigue tanto la subcultura del fenómeno religioso como la inexpresabilidad de la experiencia trascendente<sup>6</sup>.

A tendencia moderna á chamada 'privatización' da relixión ten aquí unha das súas raíces, aínda que é verdade que contribúen a ela tamén de

5 "En junio del año pasado, los periódicos publicaron una noticia curiosa. La Editorial Harper Collins había lanzado a la calle una iniciativa con vocación polémica. A los Collins se les ocurrió definir el siglo con cien palabras que los lectores de *The Times* habrían de elegir. Y el 4 de junio de 1998 daban a conocer el resultado de la encuesta. Según las preferencias expresadas por el público, la palabra que mejor describía nuestro siglo era televisión. Los términos siguientes era: tecnología, comunicación, globalización, chip y holocausto" (M. Tresserras, "El hecho religioso en un mundo mediático", *Misión Abierta*, 1999, núm. 8, outubro, páx. 14).

6 M. Tresserras, *o. c.*, páx. 16.

xeito moi importante outros factores como a crecente autonomía dos individuos, a complexización e diversificación das dinámicas sociais, a presenza simultánea e mercantilización de distintas ofertas relixiosas, etc.

Os indubidables éxitos das ciencias posibilitaron tamén unha ideoloxía teórica afín a elas, que pouco podía favorecer-la mentalidade relixiosa. Refírome ás correntes teóricas relacionadas co positivismo lóxico e, sobre todo, neste contexto, a R. Carnap e A. J. Ayer. Aquí, a mesma palabra 'Deus' non ten sequera cabida, dado que para este modo de pensar só ten sentido ou significado o que é experimentalmente 'verificable'. E aínda que os neopositivistas ou positivistas lóxicos non son estrictamente nin ateos nin agnósticos, dado que estas dúas últimas posturas parten do suposto de que a expresión 'Deus' é, en calquera caso, significativa (o que é negado polos primeiros), o feito é, sen embargo, que a postura agnóstica (de forma máis ou menos estricta) irá tomando pouco a pouco o relevo da anterior postura máis estrictamente atea.

A este tipo de agnosticismo vincúlase tamén directamente a estendida indiferencia relixiosa da época actual, que non é mera conclusión teórica senón o resultado da confluencia nela dunha serie de motivacións e factores moi diversos de tipo vivencial e social, ós que acertadamente alude o estudioso das relixións J. Martín Velasco, como

son o desenvolvemento económico dos anos cincuenta xunto coa masiva emigración do mundo rural ás grandes cidades, a crecente industrialización, a ampla transformación dos métodos de produción, a elevación xeral do nivel de vida, a democratización da cultura, etc., que levan consigo cambios nas formas de pensar e de vivir, na xerarquía de valores, etc.<sup>7</sup> Verbo deste último punto, J. Kerkhofs indica que importantes sociólogos, ó interpretaren o material relacionado cun coñecido estudio sobre os valores actuais dos europeos, chegan á conclusión de que o declive da práctica relixiosa está causado de maneira primaria polo racionalismo occidental e pola perda da comprensión tradicional da vida e do mundo<sup>8</sup>. Unha e outra causa están de feito intimamente relacionadas entre si, xa que os simbolismos tradicionais vinculados a importantes experiencias humanas non atopan doado acomodo no ámbito dunha mentalidade racionalista e tecnocrática. Abonda con pensar, por exemplo, na dificultade que se lle presenta a calquera persoa afeitada a un medio rural, en permanente e directo contacto persoal polo tanto coas misteriosas realidades do cosmos, da vida e da morte —experiencias que poderían denominarse 'teoxenéticas' (é dicir, posibles xeradoras de relixiosidade)—, cando por unhas ou por outras razóns ten que cambia-lo seu hábitat tradicional por outro industrial, desruralizado e despersonalizado.

7 Cf. J. Martín Velasco, *El malestar religioso de nuestra cultura*, Madrid, Paulinas, 1993, páx. 88.

8 Cf. J. Kerkhofs, "Europa necesita terapia...", *Misión Abierta*. 1999, núm. 8 (outubro), páx. 10.



Por outra banda, tales cambios, motivados fundamentalmente por razóns de tipo económico ou de adquisición dun, aparentemente polo menos, máis elevado e pracenteiro modo de vida, teñen como consecuencia o feito de que unha relixiosidade vinculada ata agora case exclusivamente coa negatividade das carencias e necesidades veña a estar de máis na nova situación e se troque polo tanto en algo inútil, sen valor ningún. Ortega y Gasset referíase sen dúbida a este tipo de relixiosidade tradicional que entra en crise na modernidade, cando escribe:

Por vez primera en esta civilización sienta el hombre que la vida merece la pena de ser vivida. Esto trae consigo un cambio en la actitud ante la religión [...] En la vida pobre el individuo necesita tanto de Dios que vive *desde Dios* [...] Pero al hincharse aquélla [la vida misma] y enriquecerse éste [el mundo], lo cismundano intercala su grosor creciente entre el hombre y Dios y los separa [...] La irreligiosidad es el resultado<sup>9</sup>.

En realidade este tipo de relixiosidade, á que aquí se refire Ortega e que xorde e funciona unicamente en conxunción coas carencias humanas, é a que está na base da crítica que realizara xa Feuerbach, no século XIX, a este modo de pensar a Deus e a relixión en relación coa negatividade humana, que o filósofo alemán pola súa parte coida-

ba que pertencía á esencia mesma da relixión<sup>10</sup>.

Pois ben, a relixión e, máis concretamente, as igrexas cristiás do século XX recibiron un forte impacto como consecuencia destes cambios ideolóxicos e sociais, sobre todo porque era a estas, en canto lugar e manifestación da relixiosidade oficial, ás que se dirixía de maneira máis directa a crítica ilustrada. H. Küng considera que a este respecto hai unha continuidade na maneira de exercerse esta crítica desde o século XVIII ata a actualidade: “Hai algo común —escribe o teólogo suízo— á primeira crítica ilustrada da relixión do século XVIII, á clásica do XIX e comezos do XX e á actual: rexeitamento de relixión está en conexión con rexeitamento de relixión institucionalizada, rexeitamento de cristianismo con rexeitamento de cristiandade, *rexeitamento de Deus con rexeitamento de igrexa*”<sup>11</sup>.

Por outro lado, determinados representantes cualificados, sobre todo da teoloxía protestante do século XX, insistiron pola súa parte tan decididamente na especificidade e primariedade da revelación ou comunicación de Deus ó home fronte a calquera tipo de razón ou sentimento natural, que,

9 J. Ortega y Gasset, *Origen y epílogo de la filosofía*, Madrid, Espasa-Calpe, 1980, pág. 111.

10 Velaquí algúns textos feuerbachianos: “Deus xorde do sentimento dunha carencia” (L. Feuerbach, *Sämtliche Werke*, Stuttgart-Bad Cannstatt, Frommann Verl. Günther Holzboog, 1959, vol. VI, pág. 90). “Canto máis baleira é a vida, tanto máis pleno e concreto é Deus. O baleiramento do mundo real e a plenificación da divindade é un mesmo acto. Só o home pobre ten un Deus rico. O que o home bota de menos [...] iso é Deus” (o. c., pág. 89s). “A noite é a nai da relixión” (o. c., pág. 233).

11 H. Küng, *Existiert Gott? Antwort auf die Gottesfrage der Neuzeit*, München/Zürich, R. Piper, 1978, pág. 364.

como consecuencia diso, a distancia entre a dimensión humana e a divina non fixo máis que aumentar, co conseguinte prexuízo tamén en definitiva para a propia relixiosidade. Tal é o caso da chamada 'teoloxía dialéctica' de K. Barth, que rexeita calquera maneira de 'precomprensión' ou 'conexión' por parte da persoa humana en relación coa divindade, ou —aínda que en menor medida— o de R. Bultmann. Non faltan intérpretes do moderno proceso relixioso, como E. Schillebeeckx, que ven neste modo de pensar teolóxico unha das causas que de feito conduciron, polo menos en parte, á chamada 'teoloxía da morte de Deus' dos anos sesenta, na que a reflexión teolóxica partía da constatación do ensombrecemento ou situación crepuscular dunha determinada relixiosidade.

Os enfrontamentos armados internacionais ou nacionais, e neste último caso especialmente a Guerra Civil española, non deixaron de afectar dunha ou doutra maneira tamén á credibilidade dunha Igrexa na que algúns dos seus mandatarios non souberon manter sempre unha postura independente e apartidista, fiel á súa alta función moral e relixiosa. Foi con posterioridade a estes enfrontamentos da primeira metade do século e despois tamén da aparición da problemática relacionada coa relixiosidade (máis arriba mencionada), xurdida en conexión co crecemento industrial e económico iniciado na segunda metade deste mesmo século, cando a Igrexa católica se decidiu no Concilio Vaticano II a un



[...cando a igrexa católica se decidiu no Concilio Vaticano II a un intento de *aggiornamento* dos modos tradicionais de pensar e de vivi-la fe cristiá...]

intento de *aggiornamento* dos modos tradicionais de pensar e de vivi-la fe cristiá, cunha especial atención á nova situación cultural e social. Nesta importante asemblea, de innegable influo sobre a xeral mentalidade relixiosa, foron en boa parte de feito recoñecidos diversos postulados tradicionais, explícitos ou implícitos, da cultura laica como, por exemplo, a autonomía das realidades temporais, das ciencias, etc. (Constitución *Gaudium et spes*), a liberdade relixiosa (Declaración *Dignitatis humanae*), etc., coas consecuencias que



de aquí derivaban en relación coas relixións non cristiás (Declaración *Nostra aetate*), etc. Foi, por iso, a raíz das perspectivas abertas por este Concilio, cando se iniciaron encontros ou reunións de diálogo entre cristiáns e marxistas, así como tamén o espírito ecuménico cobrou novo pulo, chegando a adquirir forma simbólica na común oración dos líderes relixiosos pola paz do mundo en Asís, á invitación de Xoán Paulo II, o 27 de outubro de 1986. Non se pode esquecer tampouco, a este respecto, a recente “Declaración conxunta sobre a xustificación”, asinada en Augsburg o 31 de outubro de 1999 pola Igrexa católica e a Federación Luterana Mundial.

O encontro da relixión e, máis concretamente, do cristianismo coa modernidade non se realizou, sen embargo, sen fortes tensións e disparidades internas, entre, por exemplo, posturas como a da denominada primeira teoloxía política, a da posterior teoloxía da liberación, etc., por unha banda, e movementos de signo integrista ou restauracionista de época máis recente, por outra. Isto último podería deberse á comprensible reacción de determinados sectores eclesiais fronte á situación creada polo feito de que nos países de tradición cristiá

los cristianos —segundo a constatación de J. Martín Velasco— estamos viviendo, sobre todo en la segunda mitad del siglo XX, el cambio de unas sociedades y una cultura impregnadas de religiosidad

cristiana a otras en las que la forma de pensar, de sentir y de vivir se han alejado del influjo oficial del cristianismo, dando lugar, por vez primera en muchos siglos, a la extensión generalizada de mentalidades, culturas y formas de vida ajenas a la inspiración cristiana<sup>12</sup>.

É comprensible tamén que á Igrexa non lle resulte doado o proceso de inserción nesta nova e complexa situación, tal como indica o mesmo Martín Velasco ó dicir que

hay que reconocer que la Iglesia está haciendo poco por repensar el sistema de mediaciones de la vida cristiana en el terreno de las formulaciones racionales, de las normas éticas, de la organización de las instituciones, de la celebración litúrgica, para hacerlo compatible con las nuevas condiciones de vida y para que sirvan de medio de expresión a los hombres y mujeres que viven en ellas<sup>13</sup>.

De aquí a non infrecuente afirmación de que se cre en Deus, pero non na Igrexa.

É ben sabido que ó ser humano, dado que é un ser eminentemente ‘cultural’, non meramente ‘natural’, lle afectan de maneira moi decisiva os cambios culturais, ó non dispor de maneira natural ou automática de respostas axeitadas para as novas situacións. Agora ben, ó formar parte o elemento relixioso da esencial dimensión cultural humana, está el tamén necesariamente afectado por estes cambios. Dicía con razón H. de Lubac que “a humanidade imaxina que perde a Deus cada vez que abandona un sistema de pensamento”<sup>14</sup>. De aquí os

12 J. Martín Velasco, *o. c.*, páx. 8-9.

13 *Íd.*, *o. c.*, 51.

14 H. de Lubac, *Sur les chemins de Dieu*, París, Aubier-Montaigne, 1966, páx. 207.

intentos de regreso a épocas anteriores, supostamente máis relixiosas, facilmente observables en momentos de fortes cambios culturais<sup>15</sup>. Pero estas tentativas non poden ter resultado positivo, porque a historia (e a chamada 'cultura' con ela) nunca volve para atrás. É preciso, máis ben, afondar, tanto reflexiva como experiencialmente, na nova situación para poder inserir ou descubrir nela unha relixiosidade á que o ser humano, en canto tal, dunha ou doutra forma, nunca poderá renunciar. Esta actitude deberá ser tanto máis radical canto máis profundo sexa o cambio cultural. Velaquí, por exemplo, o que indica R. Panikkar en relación cos desafíos da época moderna ó problema de Deus:

El replanteamiento de la noción de Dios no es solamente una especie de modernización y adaptamiento, sino que lleva consigo una revolución radical, comparable a una nueva mutación de la conciencia de la humanidad, como quizá ha sucedido pocas veces en la historia del hombre sobre la tierra<sup>16</sup>.

Pois ben, intentarei seguidamente aludir a algúns síntomas ou manifestacións desta reformulación do problema da divindade e da relixión que pouco a pouco foron aparecendo, en relación coa nova situación cultural, ó longo do século XX e que na súa derradeira

década semellan incluso terse intensificado.

Parece, en primeiro lugar, que a insistente crítica do XIX á relixión, que se fai presente aínda con forza en boa parte do século XX, non afecta no seu radicalismo ó fondo mesmo da relixión, senón só a determinados modos históricos ou circunstanciais de concibila ou de vivila. É neste sentido como o filósofo E. Trías propón recentemente

corregir el modo frívolo y banal con que la tradición moderna e ilustrada ha solido situarse en relación al hecho religioso, al que ha considerado por lo general como una supervivencia que la Razón debería paulatinamente relegar hasta conseguir su plena extinción<sup>17</sup>.

Esta censura da crítica relixiosa ilustrada abrangue tamén a mesma postura posmoderna: "el tema religioso —afirma— ha constituido el gran tema olvidado y censurado por toda la tradición moderna y postmoderna; en general por la tradición *ilustrada*"<sup>18</sup>. Trías, pola súa parte, propón, coa seguinte significativa declaración, darlle cabida na reflexión a importantes feitos culturais, modernos ou actuais, relacionados coas relixións:

Intento [...] salir del marco asfixiante de las tradiciones universitarias académicas, en las que se mantiene el postmodernismo, tratando en cambio de captar los movimientos históricos reales que se

15 J. Martín Velasco alude neste contexto a determinados intentos restauracionistas dos anos vinte e trinta deste século XX. Cf. *id.*, *o. c.*, páxs. 42-43.

16 R. Panikkar, *El silencio del Dios*, Madrid, Guadiana de Publicaciones, 1970, pág. 232.

17 E. Trías, *Pensar la religión*, Barcelona, Destino, 1997, pág. 18.

18 E. Trías, *o. c.*, pág. 37 (tamén *id.*, *o. c.*, pág. 39). "Tanto el modernismo como el postmodernismo han sido ciegos en relación a la relevancia de ese 'hecho religioso' que no permite simplificaciones como las que son canónicas en toda la tradición ilustrada y moderna. En dicha tradición la religión ha sido reducida a aspectos parciales de su compleja existencia" (*id.*, *o. c.*, pág. 38).

hallan presentes en este fin de milenio. Y allí descubro lo que en las tradiciones académicas tiende a ocultarse por cuanto constituye, acaso, algo que no es del todo ‘políticamente correcto’; pero que es, sin duda, el gran *novum* de estos tiempos: el resurgir de las grandes religiones históricas<sup>19</sup>.

Este rexurdimento das relixións está directamente en relación con algo que a filosofía non deixou de salientarse case sempre, dunha forma ou doutra, fronte ás pretensións absolutistas das ciencias empíricas. É iso de feito o que neste contexto Trías volve retomar como relevante en relación coa importancia de “pensa-la relixión” na situación da fin do século:

Constituyen [la técnica y la ciencia] un referente al que apelar en multitud de asuntos que atañen a los medios con los cuales organizamos nuestra realidad convivencial. Pero a medida que avanzamos hacia el final de milenio se va teniendo cada vez más claro que la técnica y la ciencia no son capaces de instituirse como factores generadores de fines últimos; no son creadoras de valores. Ciertamente orientan nuestra conducta y alientan nuestros pasos en la dirección que les es característica. Pero los fines y los valores se hallan en una galaxia cultural a la cual ni la ciencia ni la técnica acceden<sup>20</sup>.

No seo mesmo do posmodernismo filosófico e nun autor tan representativo neste movemento como G. Vattimo aparece, por outra banda, a idea de que boa parte dos principios básicos da mesma ontoloxía ‘débil’ —á que Vattimo chega a considerar como “una transcripción del mensaje cristiano”<sup>21</sup>— como tamén o feito mesmo da ‘secularización’ moderna<sup>22</sup> están en relación con contidos esenciais da revelación ou tradición cristiá. Vattimo resume así a súa tese, que el considera, para si mesmo, como un verdadeiro ‘descubrimiento’:

Lo que creo que se puede decir en términos de un pensamiento no metafísico es que gran parte de las conquistas —teóricas y prácticas, hasta llegar a la organización racional de la sociedad, al liberalismo y a la democracia— de la razón moderna están arraigadas en la tradición hebraico-cristiana y no son pensables fuera de ella<sup>23</sup>.

Pero non se trata só da compoñente cristiá ou hebraico-cristiá de elementos fundamentais da modernidade, senón do feito de que a crítica mesma da modernidade á relixión veu resultar á fin de contas errónea. Vattimo é ben explícito:

19 E. Trías, *o. c.*, páx. 36. Cf. tamén *íd.*, *o. c.*, páx. 15.

20 E. Trías, *o. c.*, páx. 16. Ver tamén J. M. Mardones, *Síntomas de un retorno. La religión en el pensamiento actual*, Santander, Sal Terrae, 1999, páxs. 11, 117.

21 Cf. G. Vattimo, *Creer que se cree*, Barcelona, Paidós, 1996, páx. 43.

22 Velaquí o que afirma Vattimo: “Secularización como hecho positivo significa que la disolución de las estructuras sagradas de la sociedad cristiana, el paso a una ética de la autonomía, al carácter laico del Estado, a una literalidad menos rígida en la interpretación de los dogmas y de los preceptos, no debe ser entendida como una disminución o una despedida del cristianismo, sino como una realización más plena de su verdad, que es, recordémoslo, la *kénosis*, el abajamiento de Dios, el desmentir los rasgos ‘naturales’ de la divinidad” (*íd.*, *o. c.*, páx. 50).

23 *Íd.*, *o. c.*, páx. 81. Ver tamén *íd.*, *o. c.*, páxs. 38-46.

El hecho es que el 'fin de la modernidad' o, en todo caso, su crisis ha traído consigo también la disolución de las principales teorías filosóficas que pensaban haber liquidado la religión: el cientifismo positivista, el historicismo hegeliano y, después, marxista. Hoy ya no hay razones filosóficas fuertes y plausibles para ser ateo o, en todo caso, para rechazar la religión<sup>24</sup>.

En realidade, o que aquí se constata é algo ó que tanto M. Scheler como Blondel aludiran xa con anterioridade en relación coa relixión en xeral e que agora, na época actual, fenomenólogos e sociólogos do feito relixioso veñen a confirmar. En efecto, Scheler fala da inevitabilidade do que el chama o 'acto relixioso', aínda que este poida estar desviado do seu obxecto propio que é a divindade, cando afirma: "a conciencia finita *non* pode *escoller* entre crer ou non crer en algo [...] *En consecuencia, o home ou cre en Deus ou cre nun ídolo. ¡Non hai outra alternativa!*"<sup>25</sup>. Scheler fala neste contexto da 'idolatración' ou divinización do Estado, do diñeiro, do saber, etc. E nesta mesma liña vai o pensamento de Blondel cando analiza detalladamente as 'idolatrías' moder-

nas da ciencia, da ética ou da propia metafísica<sup>26</sup>.

Se ámbolos filósofos falaban desta 'desviación' da relación relixiosa cara a algo que desde o punto de vista obxectivo non ten un carácter divino, serán os estudiosos do feito relixioso os que aludirán pola súa parte a unha 'transformación' da relixión (sen que esta en si mesma desapareza) na época moderna. Nos seus escritos, M. Eliade aprendeunos a saber descubri-lo 'sagrado' das relixións primitivas na 'profanidade' moderna. Escribía así a mediados deste século o grande historiador das relixións: "La mayoría de los hombres 'sin religión' siguen comportándose religiosamente, sin saberlo [...] Hay más: el hombre moderno que se siente y pretende ser arreligioso dispone aún de toda una mitología camuflada y de numerosos ritualismos degradados"<sup>27</sup>. Outros falan dunha 'relixión invisible' (Th. Luckmann), dunha 'metamorfose do sagrado' (J. Martín Velasco)<sup>28</sup>, etc. A existencia e proliferación actual dos chamados 'novos movementos relixiosos'<sup>29</sup> vén sendo unha boa mostra desta

24 *Id.*, *o. c.*, páx. 22.

25 M. Scheler, *Vom Ewigen im Menschen*, Bern, Francke Verl., 1954 [Gesammelte Werke, Bd. 5], páx. 398s. As cursivas son de Scheler.

26 *Cf.* M. Blondel, *L'action*, París, Alcan, 1936-37, vol. II, páxs. 332-338.

27 M. Eliade, *Lo sagrado y lo profano*, Barcelona, Labor, 1985, páx. 172. Ver tamén *id.*, *o. c.*, páxs. 172-177.

28 *Cf.* J. Martín Velasco, *Metamorfosis de lo sagrado y futuro del cristianismo*, Santander, Sal Terrae, 1998, páxs. 9, 18, 26. Ver tamén S. Giner, *El porvenir de lo sagrado: a propósito de José Alberto Prades*. Prefacio a: J. A. Prades, *Lo sagrado. Del mundo arcaico a la modernidad*, Barcelona, Península, 1998, páxs. 11-13. A obra de José Antonio Prades traducida ó castelán co título de *Lo sagrado. Del mundo arcaico a la modernidad* (na que se inclúe o Prefacio de S. Giner) leva como título no seu orixinal francés este outro: *Persistence et métamorphose du sacré*. Neste contexto e en relación coa linguaxe eclesial sobre a moderna "cultura da increenza" di J. Vitoria que "la Iglesia española haría bien en no confundir la desinstitucionalización de la religión con la increencia" (J. Vitoria Cormenzana, *Religión, Dios, Iglesia en la sociedad española*, Santander, Sal Terrae, 1997, páx. 38).

29 J. M. Mardones fala das novas formas de relixión 'civil' (en relación co corpo, co sistema, cos nacionalismos, etc.), 'profana' (en relación co deporte, coa música, co traballo, etc.), 'mística' (New Age, etc.), 'esotéri-

mutación ou transformación relixiosa ocorrida na modernidade.

É precisamente neste contexto de plural oferta e presenza relixiosa das sociedades occidentais co conseguinte mutuo e inevitable contacto onde introduce xustamente Torres Queiruga, por exemplo, o seu suxestivo concepto de 'inrelixionación', co que quere expresalo proceso de incorporación, a modo de 'enxerto', no propio organismo relixioso de elementos doutras configuracións relixiosas diferentes, que non fan desaparecer-la propia relixiosidade, senón que contribúen máis ben á súa vitalidade e rexeneración<sup>30</sup>.

Máis alá, sen embargo, da variedade e profusión das experiencias relixiosas da modernidade —das que falan sobre todo sociólogos e fenomenólogos ou historiadores das relixións—quero aludir finalmente, aínda que de maneira obrigadamente breve, á dimensión filosófica da problemática relixiosa tal como foi analizada neste século por algúns significativos autores. As súas reflexións axudarán ó tempo a entender-lo porqué desta inesperada presenza ou rexurdimento da relixiosidade nunha época que se predicía como arrelixiosa. En realidade, os modos de realizarse culturalmente a relixión, é dicir, a religación humana coa divindade poden ser moi diferentes, incluso desconcertantes para unha mentalida-

de allea á cultura da que as crenzas ou os rituais relixiosos concretos fan parte. Pero só desde a filosofía se pode acceder en definitiva á resposta da cuestión sobre se a estrutura relixiosa pertence ou non á esencia mesma do ser humano. ¿É ou non o ser humano unha realidade que en canto tal está inevitablemente e sempre, dunha ou doutra forma, ante o Misterio que o envolve e o desborda infinitamente? Esta é unha cuestión á que non atendeu (ou simplemente rexeitou) nin a crítica relixiosa decimonónica, nin en xeral as correntes posmodernistas; non ten que ver por outra parte tampouco coa metodoloxía das ciencias sociais que se ocupan do feito relixioso.

Pois ben, hai que dicir que non deixou de haber no século XX determinados pensadores que, en certo modo a contracorrente, souberon manter viva a reflexión filosófica sobre tan importante cuestión, da que depende en definitiva unha resposta con garantías sobre a futura supervivencia ou non da relixiosidade. Unamuno foi un deles, fiel ó que el mesmo dicía: "espero muy poca cosa en el orden de la cultura —y cultura no es lo mismo que civilización— de aquellos que viven desinteresados del problema religioso en el orden metafísico y sólo lo estudian en su aspecto social y político"<sup>31</sup>. Mais tal tarefa, sobre todo na actualidade, non está exenta de dificultades, tal como o

ca', etc. Cf. J. M. Mardones, *Para comprender las nuevas formas de la religión. La reconfiguración postcristiana de la religión*, Estella, Verbo Divino, 1994.

30 Cf. A. Torres Queiruga, *Do terror de Isaac ó Abbá de Xesús*, Vigo, Xeira Nova-SEPT, 1999, páxs. 236-237.

veu a confirmar Trías ó falar da polémica xurdida ante a súa proposta sobre “la necesidad de pensar la religión en este fin de milenio como asunto ineludible y de primer orden en el terreno filosófico”<sup>32</sup>.

Pola miña parte aludirei, sen pretensións de exhaustividade, só a algúns puntos concretos nos que a reflexión deste século semella ter axudado dalgunha maneira á comprensión da religiosidade humana.

Hai que recoñecer que a crítica relixiosa decimonónica axudou, en calquera caso, indirectamente ós posteriores pensadores da relixión a utilizaren unha linguaxe sobre a divindade que evitase converter esta nunha realidade *máis*, finita coma as outras, non divina polo tanto. Só así pode, en efecto, a divindade ser pensada como transcendente e ó tempo como íntima a toda a realidade, sen se facer ‘concorrente’ co ser humano á maneira feuerbachiana ou nietzscheana. Isto fai, ademais, coherente e comprensible a denominada ‘ruptura de nivel’, que os fenomenólogos da relixión consideran como actitude típica do home relixioso ante a experiencia do transcendente. Autores como P. Tillich, H. de Lubac, K. Rahner, E. Schillebeeckx ou X. Zubiri realizaron nesta liña un meritorio labor.

Por outra parte, dado que as dificultades para a valoración obxectiva das experiencias humanas en relación

coa relixión proviñan de fronte ideoloxicamente tan diferentes como a filosofía analítica, por unha banda, ou a teoloxía dialéctica protestante, por outra, é preciso lembrar aquí tanto a Wittgenstein coa súa atención non só ó ‘místico’ (en relación co feito mesmo do ser do mundo) senón tamén á “variedade dos xogos da linguaxe” (no contexto ideolóxico da filosofía analítica), como unha vez máis a K. Rahner ou E. Schillebeeckx, que sobre todo fronte a Barth e ós seus epígonos salientaron de maneira decisiva a importancia de que a crenza relixiosa conecte coas experiencias humanas básicas, se non quere ela mesma condenarse ó illamento e solipsismo do fideísmo.

A divindade é transcendente e inabarcable; sen embargo, habita tamén no máis íntimo da nosa intimidade, como dixera Agostiño de Hipona. Esta case imposible estrutura humana que xorde da súa misteriosa relación coa divindade foi —en parte polo receo dos teístas ante o perigo do panteísmo e tamén debido naturalmente á crítica do ateísmo á relixión— practicamente esquecida ou non pensada na modernidade despois de Hegel. Abonda con lembra-lo impacto producido no gran público, nos anos sesenta, polo escrito *Honest to God* (“Sincero para con Dios”) do bispo anglicano John A. T. Robinson, no que se rexeitaba a concepción dun Deus ‘fóra’ ou ‘máis alá’ do mundo. Foron aquí tamén Rahner e Zubiri

31 M. de Unamuno, *Obras Completas*, Barcelona-Madrid, Vergara-Afrodisio Aguado, 1951-1958, vol. XVI, páx. 121.

32 Cf. E. Trías, *o. c.*, páx. 17.





Karl Rahner arriscouse a propugna-la realidade *en* Deus á maneira do *panenteísmo*.

consecuentes e arriscados propugnadores desta visión da realidade *en* Deus, ó xeito non do panteísmo, senón do *panenteísmo*. Desde esta concepción da misteriosa, íntima e indestruible relación home-Deus, é certamente máis doado non sorprenderse ante a aludida supervivencia da relixión en contextos culturais que semellaban non serlle en absoluto propicios.

No ámbito cultural do século XX, moi centrado nas ciencias positivas, non era fácil pensa-la finitude das realidades e da mesma mente pensante

como posibilitadas en si mesmas pola infinitude (que polo menos desde Descartes vén sendo sinónimo da divindade), tal como así o fixeran importantes pensadores da tradición. Sen embargo, destacados filósofos deste século como G. Siewerth, M. F. Sciacca, J. Nabert ou o mesmo P. Ricoeur, entre outros, atrevéronse a reflexionar fondamente nesta implicación finito-infinito que está na base de toda formulación rigorosa do problema de Deus e da relixiosidade humana. Isto conduciu loxicamente a unha visión da relixiosidade e do pensamento humano acerca da divindade como precedidos en certo modo pola mesma divindade, que coa súa presenza provoca ou suscita a dinámica (en definitiva, polo tanto, non meramente subxectivística) do espírito humano. Fitos importantes deste modo de reflexión son, ademais dos xa ditos, A. Amor Ruibal, M. de Unamuno, M. Blondel, M. Scheler, E. Levinas, J. Manzana Martínez de Marañón, etc. O mesmo Vattimo parece aludir dalgunha maneira a este tipo de 'precedencia' cando apunta a que "es constitutivo de la problemática religiosa precisamente el hecho de ser siempre la recuperación de una experiencia hecha ya de algún modo"<sup>33</sup>. Habería que aludir aquí ademais, desde o punto de vista da fenomenoloxía da relixión, ás achegas de J. Martín Velasco coas súas pertinentes reflexións sobre a 'iniciativa' da divindade, entendida como 'Misterio', na

33 G. Vattimo, *o. c.*, páx. 10.



xénese e estrutura do comportamento relixioso.

O pensamento sobre o 'absurdo' (que dificulta a actitude relixiosa) e sobre a busca de sentido na existencia é, como xa sabemos, un tema característico da modernidade. Non deixou de haber tamén, con todo, pensadores que elaboraron as súas reflexións en relación con esta temática, como Unamuno ó pensa-la divindade en conexión non co 'por qué' senón co 'para qué' (é dicir, co sentido) do universo e da existencia humana<sup>34</sup> ou tamén outros como M. Horkheimer, R. Garaudy e incluso o Wittgenstein dos *Diarios*, nos que se vén a identificar 'sentido' e 'Deus'.

O 'absurdo' está en relación co mal, co sufrimento, coa morte, en definitiva coa limitación humana. ¿Estará esta, sen embargo, e de maneira positiva, relacionada tamén co descubrimento da divindade? K. Jaspers, coa súa idea da experiencia da 'Transcendencia' nas 'situacións-límite', así o viu, o mesmo que É. Gilson, ó analiza-la xénese da creenza relixiosa en relación coa experiencia humana do mal. De feito, o propio Vattimo volve, no ámbito da posmodernidade, a darlle unha certa anuencia a este tipo de consideracións ó indicar el mesmo que "el problema de Dios se plantea en cone-

xión con el encuentro de un límite, con el darse de una derrota"<sup>35</sup>.

Pero a experiencia da divindade non está só en relación cos límites do ser humano, entre outras razóns porque, como ben dixera Hegel, dos límites non se é consciente se non se está xa sobre eles. E isto quere dicir, como sostían xa Descartes ou Malebranche, que o saber ou a experiencia do infinito debe preceder en certo modo a do finito. Foi neste contexto sistemático sobre todo o filósofo alemán G. Siewerth quen no século XX soubo poñer coherentemente en relación a experiencia relixiosa coas primarias e fundamentais vivencias de amor e acollemento nos comezos do existir humano, fronte ás teorías proxectivas de S. Freud, na liña de psicólogos como P. Bovet, J. Piaget ou C. G. Jung. Se ó ser humano sen recepción de afecto non lle é posible sobrevivir, tal afecto é percibido pola nacente persoa humana como algo que non ten límites, como infinito. Velaquí como deste xeito o infinito da divindade se lle amosa a todo ser humano no abrete mesmo do seu vivir, asentando así para sempre os alicerces dunha relixiosidade persistente<sup>36</sup>.

En continuidade experiencial con estas vivencias, outros pensadores deste século aludiron ó fondo relixioso que é posible adiviñar tamén na

34 Cf. M. de Unamuno, *o. c.*, páx. 280-283.

35 G. Vattimo, *o. c.*, páx. 16. Vattimo engade aquí mesmo: "¿Se descubrirá, pues, a Dios sólo allí donde se choca con algo radicalmente desagradable? ¿Por qué la costumbre de decir 'que sea lo que Dios quiera' sólo cuando algo va verdaderamente mal y no, por ejemplo, cuando se gana la lotería?". Ver tamén *id.*, *o. c.*, páx. 12s.

36 Ocupeime desta visión de Siewerth en *Sein und Gott bei Gustav Siewerth*, Düsseldorf, Patmos, 1971 (Trad. francesa: *L'être et Dieu Chez Gustav Siewerth*, Lovaina, Peeters, 1997). Para unha maior comprensión da

relación persoal co 'tí', que se amosa dalgún modo para M. Buber como 'incondicionado' e para E. Levinas (ou J. Manzana) como 'rostro' que, revestido dos caracteres cartesianos da infinitude (divindade), provoca e obriga á subxectividade a respectalo e amalo. Estas reflexións levinasianas son, ó meu modo de ver, de enorme importancia para entender o porqué do estraño dato, constatado pola socioloxía actual, da moi elevada proporción de persoas dispostas a da-la súa vida por outras persoas, proporción significativamente superior á das dispostas a dala pola súa relixión. Isto quere dicir que o comportamento relixioso se despraza na actualidade de maneira especial cara á dimensión ética, sen que por isto deixe de seguir habendo aquí verdadeira relixiosidade. Trátase só dunha relixiosidade —a teor do dito máis arriba— 'transformada'. Non poucas das análises de R. Garaudy van tamén, de maneira máis ou menos explícita, nesta dirección.

En realidade, o que aquí se di respecto da relación individual ou persoal 'eu-tí' pode ser aplicado en igual medida á visión xeral da conexión entre moralidade e relixiosidade. Xa Nietzsche criticara a incoherencia sistemática de Schopenhauer ó propugnar este unha ética (a súa ética da compaixón) tendo rexeitado previamente o teísmo,

dado que só este pode, segundo Nietzsche, garantir aquela. Esta mesma razón vén a estar presente tamén en M. Horkheimer cando na súa polémica contra o positivismo sostén que non é posible nin a moral nin a verdadeira política sen ingredientes teolóxicos. Pouco importa aquí que esta dimensión teolóxica sexa ou non explicitamente recoñecida como tal, como ben salientou polo súa parte o teólogo K. Rahner ó afirmar que alí onde se acepta a absoluta obriga da conciencia se está aceptando de feito, sáibase ou non, a Deus en canto fundamento dese carácter absoluto da obriga moral<sup>37</sup>.

A moralidade está, por outro lado, posibilitada en si mesma pola liberdade. Pois ben, cara á visión desta como intimamente vinculada coa divindade dirixíronse tamén os esforzos especulativos dalgúns pensadores deste século, que deste modo intentaron contrarresta-la oposta concepción 'moderna' dunha liberdade enfrontada coa divindade. Unha vez máis foron aquí especialmente meritorios, entre outros, G. Siewerth, K. Rahner e tamén X. Zubiri, ó pensaren a liberdade desde o seu fundamento divino, absoluto e radicalmente libre, que é precisamente o que fai posible a específica fenomenoloxía da liberdade humana.

Dada esta fonda conexión interna entre a realidade finita e a divindade,

temática da afectividade na súa relación coa relixiosidade ver tamén o meu escrito *La vigencia del amor. Afectividad, hominización y religiosidad*, Madrid, San Pablo, 1994 (Trad. portuguesa: *A vigencia do amor. Afectividade, humanização e religiosidade*, Petrópolis, Vozes, 1998).

<sup>37</sup> De feito, o Concilio Vaticano II admitiu a posibilidade de salvación dos non crentes que atenden á "chamada da conciencia".

que se manifesta no modo máis íntimo de ser do home, non é nada estraño que desde diversos puntos de vista se viñese incluso a rexeita-la mesma posibilidade dun verdadeiro ateísmo teórico (non 'práctico' ou de comportamento moral, naturalmente), entendido como actitude de fondo (non meramente explícita ou interpretativa), tal como afirmaron, dunha ou doutra maneira, autores como Blondel, Scheler, Unamuno, Maritain, Tillich, Gilson, Sciacca, H. de Lubac, Rahner, Schillebeeckx ou Zubiri. Máis que de verdadeiro ateísmo, trataríase —segundo a expresión de P. Teilhard de Chardin— dun 'teísmo insatisfeito'.

Finalmente e en síntese, tanto a relixiosidade como o pensamento sobre esta gozaron no século XX, pese á crítica á relixión herdada do século XIX, de excelente saúde, que seguramente se manterá e fortalecerá no próximo século. Como di S. Giner: "Los dioses no tienen la menor intención de desvanecerse"<sup>38</sup>...

## BIBLIOGRAFÍA

Berger, P., *Para una teoría sociológica de la religión*, Barcelona, Kairós, 1971.

Cabada Castro, M., *El Dios que da que pensar. Acceso filosófico-antropológico a la divinidad*, Madrid, Biblioteca de Autores Cristianos, 1999.

Díaz-Salazar, R., e outros (ed.), *Formas modernas de religión*, Madrid, Alianza, 1994.

Duch, L., *Religión y mundo moderno. Introducción al estudio de los fenómenos religiosos*, Madrid, PPC, 1995.

Durkheim, E., *Las formas elementales de la vida religiosa*, Madrid, Alianza, 1993.

Eliade, M., *Lo sagrado y lo profano*, Barcelona, Labor, 1985.

Estruch, J., *Innovación religiosa. Ensayo teórico de sociología de la religión*, Barcelona, Ariel, 1972.

Giner, S., *El porvenir de lo sagrado: a propósito de José Alberto Prades*. Prefacio a: Prades, J. A., *Lo sagrado. Del mundo arcaico a la modernidad*, Barcelona, Península, 1998, páxs. 11-16.

Mardones, J. M., *Para comprender las nuevas formas de la religión. La reconfiguración postcristiana de la religión*, Estella, Verbo Divino, 1994.

\_\_\_\_\_, *Síntomas de un retorno. La religión en el pensamiento actual*, Santander, Sal Terrae, 1999.

Martín Velasco, J., *El malestar religioso de nuestra cultura*, Madrid, Paulinas, 1993.

\_\_\_\_\_, *Metamorfosis de lo sagrado y futuro del cristianismo*, Santander, Sal Terrae, 1998.

- \_\_\_\_ "El siglo de una gran mutación religiosa", *Sal Terrae*, 1999, núm. 1.029 (diciembre) 879-891.
- Panikkar, R., *El silencio del Dios*, Madrid, Guadiana de Publicaciones, 1970.
- Tresserras, M., "El hecho religioso en un mundo mediático", *Misión Abierta* 1999, núm. 8 (octubre) 14-22.
- Trías, E., *Pensar la religión*, Barcelona, Destino, 1997.
- Vattimo, G., *Creer que se cree*, Barcelona, Paidós, 1996.
- Vitoria Cormenzana, J., *Religión, Dios, Iglesia en la sociedad española*, Santander, Sal Terrae, 1997.
- Weber, M., *Ensayos sobre sociología de la religión*, Madrid, Taurus, 1984-1988.





# A DEMOCRACIA EN EUROPA: ENTRE O FINAL DA UTOPIA E A FIN DA HISTORIA (REFLEXIÓNS SOBRE UN SÉCULO)

Roberto L. Blanco Valdés\*  
Universidade de Santiago  
de Compostela

“Pero sempre existe un goberno. A cuestión é,  
polo tanto, a quén pasou”

*Leccións sobre a filosofía da historia universal*  
G. W. F. Hegel

## 1. A CENTURIA DOS SÉCULOS, O SÉCULO DO PENSAMENTO

Se a centuria que comezou en 1700 foi a da Ilustración e a das revolucións que fixeron virar de xeito radical a evolución da humanidade —a norteamericana e a francesa—, e a que comezou en 1800 terminou por se-la do Estado, é dicir, a da extensión e consolidación daquel poderoso Leviatán iluminado polo movemento liberal no que, como Tocqueville había escribir en *A democracia en América*, “tódolos poderes semellan acudir por si sós cara ó centro, acumulándose nel cunha sorprendente rapidez, de xeito tal que o Estado acada de súpeto os límites extremos da súa forza”, a nosa última centuria, a que arrincou en 1900, podería caracterizarse, moi probablemente, como a dos moitos séculos a un tempo:

porque o de 1900, que foi, sen dúbida, o da emancipación das mulleres no eido familiar, cultural e laboral, resultou tamén o século das sucesivas revolucións científicas e técnicas, como resultou o da conquista do espacio; pero a centuria que agora rematamos non sería menos o século da persecución da enfermidade e o da loita polo alongamento dos límites da vida, cá das guerras nas que os mortos se contaron por millóns e nas que se cometeron os máis horrendos xenocidios; o século XX foi o século, así mesmo, da descolonización, e, de xeito paralelo, tanto o da pluralidade cultural que xorde da eliminación das barreiras materiais ós movementos xeográficos dos homes e das súas producións de todo tipo, canto o do renacemento e reivindicación das identidades culturais. Si, certamente, todo iso, e moito

\* Catedrático de Dereito Constitucional.

máis que aínda podería subliñarse, definiu os cen anos longuísimos que transcorren entre o 1900 e o 2000. Creo, sen embargo, que o feito máis relevante do período, do que resultaron consecuencia, en gran parte, moitos dos que acaban de apuntarse, rematou por ser, ó cabo, o do impresionante poder do pensamento para cambia-los límites e imposicións da realidade.

Refírome, claro, ó poder do pensamento no sentido en que a el se tiña referido o gran filósofo de Xena, cando insistía na definitiva relevancia das ideas como dato histórico esencial no que a Revolución Francesa obtivera a fonte inspiradora do seu comezo e as súas orixes. Nas *Leccións sobre a filosofía da historia universal*, de 1830, escribe Hegel: “O pensamento que considera como o supremo as determinacións universais e atopa que o que existe está en contradición con elas, sublevouse contra o estado existente. A determinación extrema que o pensamento pode achar é a da *liberdade da vontade*”. Dese poder estou a falar, precisamente: do que deriva da liberdade da vontade, do pensamento que vai ser quen de imaxinar —o mesmo no eido político e social, ca no cultural ou no tecnolóxico-científico— moito máis alá das barreiras do existente, moito máis alá das limitacións de cada presente histórico concreto, e que vai, dese xeito, a ser quen de producir —material e intelcualmente— o mesmo as máis grandes creacións da historia humana, que algúns dos seus máis aterradores pesadelos. Como é sabido, non casualmen-

te, o mesmo século XX que pensará a posibilidade de loitar contra o determinismo da enfermidade e da vellez cunha intensidade que haberá facer del, como acabo de dicir, o século da superación das fronteiras intrínsecas da vida, haberá ser tamén, ó cabo, o que pense o xenocidio dos xudeus ou dos xitanos como instrumentos dunha delirante política racial.

E é que a liberdade da vontade permitirá, por vez primeira no devir da humanidade, pensar como posible o que ata entón non fora pensado endexamais, ou fora, en todo caso, pensado sempre como utópico. O século XX foi, por iso, en máis dun sentido, o do final das utopías, un final este que haberá ser intuído por Marcuse como unha das definitivas posibilidades da centuria. Aínda que ó servizo da realización das súas propias utopías, tal ía se-la idea apuntada na célebre conferencia dictada en 1967 polo filósofo marxista na Universidade Libre de Berlín:

Este final da utopía —isto é, a refutación das ideas e das teorías que teñen utilizado a utopía como denuncia das posibilidades histórico-sociais— pódese entender agora, nun sentido moi preciso, como final da historia [...] no sentido de que as novas posibilidades dunha sociedade humana e do seu mundo circundante non son xa imaxinables como continuación das velas, non se poden representar no mesmo continuo histórico, senón que presupoñen una ruptura precisamente co continuo histórico...

O século XX abrirá, á fin, e nunha medida que o propio Marcuse non tería sequera imaxinado cando pronuncia a súa anticipadora conferencia berlinesa, unha porta para lle poñer fin á (unha)



historia, co cal daba coherencia ó seu propio nacemento, que foi tamén, con claridade, o da ruptura e a descontinuidade.

## 2. A GRANDE GUERRE E O FINAL DO VELLO MUNDO: O AMENCER DA DEMOCRACIA

De feito, o século XX só desde o punto de vista cronolóxico comeza en 1900 (ou en 1901, segundo se vexa): historicamente, haberá que esperar ata a *Grande Guerre*, o acontecemento que, verdadeiramente, e con extraordinario traumatismo, dará inicio a unha *nova* centuria para tódolos efectos. É o principio da continuidade (cronolóxica) pugnando co da ruptura e a descontinuidade (histórica): unha ruptura, esta, que ten sido admitida de tal xeito que non é estraño que as análises do novo século se inicien cando a guerra. Velaí, implícita a tese da ruptura, na monumental *Enciclopedia de Historia Universal*, dirixida polo catedrático de Harvard William L. Langer, que dedica o seu cuarto volume *O século XIX* e o quinto ó período que vai *Da Primeira á Segunda Guerra Mundial*. Velaí, brillantemente exposta, na interesantísima obra de Arno J. Mayer, *A persistencia do Antigo Réxime*, que argumenta de xeito non facilmente refutable cómo os elementos premodernos vixentes na Europa anterior á Guerra do 14 “non eran os restos decadentes e fráxiles dun pasado practicamente desaparecido, senón a esencia mesma das sociedades civís e políticas presentes en Europa”. O final da Guerra non só abriu, pois, a

porta ós felices anos vinte —que inventarán o charlestón e contribuirán en Occidente ós primeiros pasos firmes no proceso de emancipación das mulleres e da xuventude; ou que verán o desenvolvemento impresionante do cinematógrafo, da aviación e os automóbiles— senón tamén, e sobre todo, a un cambio substancial da forma en que o mundo se tiña ata entón organizado, e do xeito en que as sociedades viñan sendo gobernadas. Arno J. Mayer recórdanos, por exemplo, cómo o funeral polo rei inglés Eduardo VII, celebrado en maio de 1910, confirmou, no seu fasto, a autenticidade da influencia que mantiñan os reis europeos xa iniciado o novo século: “O 20 de maio, cuns dous millóns de persoas formando solemnes ringleiras nas beirarrúas, un cortexo funerario verdadeiramente extraordinario acompañou os restos do Rei Eduardo á estación de Paddington, desde a cal un tren levou o ataúde ata o castelo de Windsor para soterralo na cripta debaixo da capela de San Xurxo”.

Certamente, antes da Guerra do 14, a vida política dos Estados europeos seguía xirando sobre os monarcas e as súas cortes, os vellos partidos de notables e as tradicionais burocracias militares e civís, como a vida económica seguía sendo predominantemente campesiña e a vida social tiña aínda unha pegada rural indiscutible, de xeito tal que en toda Europa as nobrezas territoriais ocupan un lugar predominante nos eidos económico, político, social e cultural. Non é, así pois, de

estrañar que nunha guía para polemistas e lectores de diarios publicada por John Bertram Askew en 1903, nin o problema da democracia —nin o da dictadura— figurasen nunha lista na que se incluían os douscentos cincuenta temas máis controvertidos para a opinión pública do tempo: alí estaban a cuestión da posible remuneración dos parlamentarios, ou a das liberdades de palabra e de opinión, ou a da liberdade relixiosa... pero non a cuestión da democracia.

E, sen embargo, os efectos da Guerra van ser politicamente impresionantes, ata o punto de que unha boa parte dos acontecementos que se producen tralo asinamento do armisticio camiñarán na dirección de ampliala democracia: en 1919 apróbase en Bélxica unha nova lei electoral que introduce o sufraxio universal e concede dereitos políticos a certa clase de mulleres; no mesmo ano adóptase en Francia unha lexislación electoral que inclúe unha forma electoral proporcional; tamén en Italia, igualmente en 1919, unha nova lei electoral introduce o sufraxio universal e o sistema francés de escrutinio de lista e fórmula electoral proporcional; os cambios son aínda máis transcendentais en Alemaña, onde o 31 de xullo de 1919 se aproba a Constitución democrática de Weimar; en Austria, onde o 1 de outubro do ano seguinte se aproba tamén un texto constitucional federal e democrático; ou en Checoslovaquia, que, outrosí en 1920, adopta unha Constitución demo-

crática que segue moi de preto o modelo francés republicano.

Todo isto vaise traducir na aparición de dúas realidades —e dos dous conceptos cos que, desde entón, as designamos— que van constituír unha das contribucións fundamentais do pensamento político no intre de entreguerras: dunha banda, a realidade da aparición e fortalecemento progresivo dun novo tipo de partidos ata entón descoñecidos, os chamados partidos políticos de masas —socialdemócratas primeiro e, máis tarde, comunistas—, realidade que, favorecida pola extensión do sufraxio universal e a introdución de sistemas de proporcionalidade electoral, fará xurdi-lo concepto de *Estado de partidos*, como forma de designa-lo Estado democrático no que aqueles se converten en instrumento esencial de participación política e social e de funcionamento institucional dos réximes políticos. Hans Kelsen, un dos máis importantes xuristas europeos do momento, deixará constancia do cambio producido pola nova realidade dos partidos políticos de masas nunha obra aparecida en Alemaña en 1920 que é fundamental para entende-los debates xurídico-políticos do tempo, *Esencia e valor da democracia*, obra na que, despois de apunta-la evidencia de que “o individuo illado carece por completo de existencia política positiva por non poder exercer ningunha influencia efectiva na formación da vontade do Estado” e constatar que, consecuentemente, “a democracia só e posible cando os individuos, a fin de

conseguiren unha actuación sobre a vontade colectiva, se reúnen en organizacións definidas por diversos fins políticos, de xeito tal que entre o individuo e o Estado se interpoñan aquelas colectividades que agrupan en forma de partidos políticos as vontades políticas coincidentes dos individuos”, conclúe: “Só por obcecación ou dolo pode sosterse hoxe a posibilidade da democracia sen partidos políticos. A democracia, necesaria e inevitablemente require un *Estado de partidos*”.

Doutra banda, e sumándose ó proceso mencionado, a aparición das primeiras declaracións constitucionais de dereitos sociais, debido ó pulo, moi especialmente, dos novos partidos políticos de masas, levará o xurista socialista Herman Heller a sistematizalo concepto de *Estado social* a finais dos anos vinte, como aquel tipo de Estado que non se limita a contemplar, desde a óptica liberal tradicional do *laissez faire-laissez passer*, as desigualdades sociais e económicas *naturalmente* existente no corpo social, senón que dispón a creación de toda unha serie de mecanismos e instrumentos destinados a tenta-la superación, sequera limitada, das máis escandalosas de entre elas, por medio fundamentalmente da acción pública. É dicir, da acción dos novos poderes dun Estado en proceso de profunda democratización.

Pero o avance democrático dese período fructífero ía dar, ó cabo, sen embargo, nun auténtico cataclismo político, social e cultural, de tremendas consecuencias para Europa e para o

mundo en xeral: o avance progresivo e imparable dos fascismos, que tentarán por medio da guerra e o terror —como xa o tentara o comunismo, a través do dirixismo autoritario, nun proceso que se iniciara na década anterior—, atopar unha fórmula, histórica e teórica, alternativa á da democracia liberal e ós condidos políticos que a viñan definindo.

### 3. AS ILUSIÓN DE SUPERACIÓN DA DEMOCRACIA LIBERAL: O COMUNISMO E OS FASCISMOS

A da guerra non foi, certamente, a única ruptura que marca o inicio da centuria, pois, de feito, en plena guerra ten lugar a primeira das moitas revolucións de tipo comunista que ían caracterizar case ata o final o seu decurso en todo o mundo: a revolución comunista *fundadora*, a bolxevique, que triunfa en Rusia en 1917. Dirixidos por un comité revolucionario militar e axudados polos soldados da gornición de



O buque *Aurora* dispara desde o río Neva sobre Petrogrado.

Petrogrado, os mariñeiros do Kronstadt e a Garda Roxa dos traballadores, os bolxeviques asaltan en outubro o Palacio de Inverno dos Tsares, fanse co control dos organismos estatais e arrestan os membros do goberno provisional que, encabezado polo príncipe Giorg Lvov, se constituíra uns meses antes. O triunfo da revolución bolxevique, que se traducirá finalmente —hoxe o sabemos— nunha das máis graves catástrofes da historia humana, suporá a primeira tentativa de superación da democracia liberal e de construción dun réxime político e, alén diso, dunha enteira sociedade, a partir de principios diferentes, cando non antitéticos, ós que ata entón, iniciado xa o século XX, viñan definindo unhas democracias que van pasar a ser cualificadas, en adiante, de burguesas: a pluralidade política, que se expresaba na liberdade de asociación e de constitución libre de partidos; a separación e control mutuo dos poderes estatais; o recoñecemento —constitucional ou legal— das liberdades e dereitos cidadáns; e, en suma, o chamado Estado de dereito, é dicir, un tipo de Estado que somete a súa actuación a normas públicas procedentes de poderes representativos do corpo electoral.

Fronte a esta construción, que se fora perfeccionando, con avances e retrocesos, ata a profunda crise democrática que se inicia ó final dos anos vinte e ó comezo dos trinta en gran parte dos países europeos, a Revolución Rusa, e a posterior construción

na denominada desde entón Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas (URSS) dunha chamada sociedade comunista, vai iluminar un modelo que se pretende alternativo, e superador, do modelo da democracia liberal. Un novo modelo, o comunista, que se concibe teoricamente a partir dunha *teoloxía* contida xa nas contribucións orixinais dos *pais fundadores do socialismo científico*, Karl Marx e Friedrich Engels, por máis que só o leninismo faga posteriormente daquela teoloxía unha práctica histórica concreta. Ó grito final de “¡Proletarios de tódolos países, unídevos!”, o *Manifesto Comunista*, publicado por primeira vez en Londres en febreiro do 48, contiña xa, de certo, os fundamentais elementos *doutrinais* da teoloxía comunista: a afirmación da loita de clases como motor da historia humana, a consideración do proletariado como unha clase portadora dos intereses obxectivos de toda a sociedade en constante proceso de crecemento e de empobrecemento como consecuencia da dinámica acumulativa da explotación capitalista, e, en fin, a afirmación da revolución socialista como única saída á confrontación entre proletarios e burgueses e como único camiño para a construción, non dun novo réxime de dominación política, senón dun réxime que poría fin a tal dominación, abrindo o paso á nova sociedade comunista: “Os comunistas —escriben Marx e Engels no parágrafo final do *Manifesto*— consideran indigno ocultalas súas ideas e propósitos. Proclaman solemnemente que os seus obxectivos só poden ser acadados derrocando

pola violencia toda a orde social existente. As clases dominantes poden tremeter diante da Revolución Comunista. Os proletarios non teñen nada que perder nela máis que as súas cadeas. Teñen, en troques, un mundo que gañar”.

Claro que no manifesto tamén se faría referencia ó instrumento esencial a través do cal tería lugar tal suposto remate da dominación dos homes sobre os homes: “O proletariado —escriben os *pais fundadores*— haberá de utiliza-la súa dominación política para quitarlle a burguesía gradualmente ó capital, para centralizar nas mans do Estado os instrumentos da produción, o que fará xurdi-lo Estado organizado en clase dominante”. Só Lenin, sen embargo, e transcorrido máis de medio século, exporá en toda a súa centralidade decisiva a idea da dictadura do proletariado, fundamental na teoría da construción histórica da sociedade comunista: “A transición do capitalismo ó comunismo —escribe Lenin en 1917, na súa obra *O Estado e a revolución*— non pode, naturalmente, por menos de proporcionar unha enorme abundancia e diversidade de formas políticas, pero a esencia de todas elas terá que ser necesariamente unha: a *dictadura do proletariado*”.

A transcendencia histórica profunda deste soño da razón —que, coma os de Goya, vai rematar por producir monstros— non pode ser captada, en todo caso, sen ter en conta a dimensión universal da utopía comunista. “En

resumo —escriben Marx e Engels nas liñas finais do *Manifesto*— os comunistas apoian por onde queira todo movemento revolucionario contra o réxime social e político existente”. Esta pretensión ecuménica do movemento comunista, que haberá espalla-lo seu modelo polos cinco continentes durante toda a centuria, terá a súa expresión máis sobresaínte na sucesiva constitución de *Internacionais*, a terceira das cales, a chamada *Komintern*, creada en Moscova en marzo de 1919 coa finalidade de se converter nun gran cartel de partidos comunistas en defensa da revolución bolxevique e das súas conquistas para o proletariado, terá unha importancia decisiva para a evolución do pensamento socialista, pois rematará por consuma-la ruptura definitiva e radical entre socialdemocracia e comunismo, é dicir, entre dúas formas antitéticas de entende-la loita pola emancipación dos traballadores e pola igualdade económica e social nas sociedades capitalistas avanzadas.

A diferenza, que non é outra á fin que a que existe entre a defensa da democracia representativa e a da dictadura como formas de gobernar sociedades desenvolvidas e complexas, pode apreciarse de xeito insuperable no contraste entre as respectivas concepcións de dous dos representantes máis senlleiros de cada un deses dous socialismos contrapostos. Mentres Lenin escribirá na súa obra *O Estado e a revolución* que:

a doutrina da loita de clases aplicada por Marx á cuestión do Estado e da revoluc-

ción socialista, conduce necesariamente ó recoñecemento da dominación política do proletariado, da súa dictadura, é dicir, dun poder non compartido con ninguén e sostido directamente na forza armada das masas.

Karl Kautsky, o gran líder da *II Internacional* e un dos teóricos máis significativos da socialdemocracia alemá, fará unha defensa pechada da democracia representativa nunha obra esencial do pensamento socialista —*O parlamentarismo, a lexislación directa polo pobo e a socialdemocracia*— aparecida xa en 1893:

Só alguén politicamente cego —escribe Kautsky— pode hoxe aínda afirmar que o sistema representativo asegura o dominio da burguesía tamén cando rexe o dereito electoral universal, e que para derrocala habería que suprimir primeiro o sistema representativo [...]. O que cómpre facer non é elimina-lo sistema de representación, senón rompe-lo poder do Goberno fronte ó Parlamento e, ó mesmo tempo, facilita-lo acceso do proletariado ó Parlamento a través da igualdade do dereito ó voto, da distribución proporcional dos distritos electorais, da protección do segredo ó voto, de períodos lexislativos curtos, da total liberdade de imprenta, de reunión e asociación e, sobre todo, da ampliación do dereito ó voto a tódolos cidadáns que teñan cumpridos os vinte anos. Esta é unha das principais tarefas da clase traballadora na súa loita polo poder político.

As reivindicacións de Karl Kautsky, que conforman, como facilmente pode verse, un auténtico programa de reformas democráticas, hoxe afortunadamente indiscutible e indiscutido, vai ser duramente impugnado no seu tempo, sen embargo, desde a ortodoxia comunista: Lenin escribe en 1918 unha refutación politicamente furibunda fronte ás teorías

as do *traidor* Kautsky (*Contra o revisionismo. A revolución proletaria e o renegado Kautsky*), ó seu xuízo responsable de ter convertido a Carlos Marx nun “vulgar liberal”, obra onde poden xa apreciarse con absoluta claridade as concepcións políticas de fondo que desembocarán na dictadura soviética e na catástrofe final do stalinismo.

Pero non soamente desde a ortodoxia comunista será impugnado o programa do socialismo democrático: tamén os movementos da dereita autoritaria, que medran por Europa coma unha hedra velenosa a partir de mediados da década dos vinte, asumirán unha parte decisiva da tarefa de supe-la por eles considerada *ingobernable* democracia liberal e levaranlles, como pola man, ós europeos, o máis tremendo dos seus cataclismos colectivos: o dos fascismos e, despois, e como consecuencia da súa victoria política parcial, o da hecatombe doutra guerra, a segunda de dimensión mundial nun cuarto de século tan só. A progresión do totalitarismo vai ser, de certo, ben vertixinosa: en outubro de 1922 terá lugar en Italia a “Marcha sobre Roma” de Benito Mussolini, episodio case que iniciático da posterior victoria do fascismo en 1925; en xuño de 1923 fórmase en Bulgaria o goberno de Zankov, a consecuencia dun golpe de Estado militar; outro golpe militar leva en España, o mesmo ano, ó xeneral Primo de Rivera a suspender-la Constitución e apoderarse pola forza do poder; en 1926 ten lugar en Polonia o



golpe de Estado de Pilsudski e en Portugal o do xeneral Gomes da Costa; o Rei Alexandre de Iugoslavia dá un golpe de Estado en 1929. Pero o círculo do totalitarismo non se pechará ata que en 1933 Adolf Hitler chegue ó poder en Alemaña, en 1934 Dollfuss establece a súa dictadura protofascista en Austria e en 1936 o xeneral Franco se subleve contra o goberno constitucional da II República española.

Como xa apuntei anteriormente, a instauración final das dictaduras totalitarias (fascista) en Italia e (nacionalsozialista) en Alemaña, e a de tódolos demais sistemas de tipo totalitario ou autoritario que se construíron contemporaneamente noutros Estados europeos a imitación dos modelos italiano e alemán, xerará o segundo grande intento, xunto co ensaio comunista, de superación da democracia liberal. De feito, e malia as súas apreciáveis diferencias, é posible falarlos xenericamente dos fascismos para describir unha ideoloxía que presenta certas características comúns e que se define sobre todo pola súa pretensión de se constituír en modelo alternativo ó democrático: a concentración nun único partido, ríxida e xerarquicamente organizado, e no caudillo que o dirixe, de tódolos recursos do poder político estatal, poder que se *con-funde* materialmente co partido e coa elite responsable da súa dirección; a negación, consecuentemente, dos principios definidores do Estado (burgués) de dereito e do Estado democrático: do pluralis-

mo político e da súa expresión electoral por medio do exercicio do dereito de sufraxio individual, da división entre os poderes políticos do Estado (lexislativo, executivo e xudicial), e da clara separación entre o Estado e a sociedade que se garante por medio dun sistema de liberdades individuais e dereitos persoais; a utilización da violencia e do terror como instrumento de dominación e de goberno; o nacionalismo expansionista, de base racial e historicista, vinculado a un militarismo belicista; o irracionalismo e o elitismo; e, en fin, o corporativismo, que converte as organizacións sociais de todo tipo en simples correas de transmisión das decisións e dos valores ideolóxicos do líder e da minoría dirixente.

Como é sabido, o totalitarismo dos fascismos levou as comunidades nacionais que tiveron que vivir baixo a súa man de ferro a auténticas catástrofes políticas, sociais e culturais, e a un indescribible sufrimento individual e colectivo, catástrofes e sufrimento que os campos de concentración exemplifican de xeito arrepiante e insuperable. O nacionalismo expansionista, agresivo e belicista levou, polo seu lado, primeiro a maior parte dos países europeos e, despois, algunhas das que entón comezaban a ser xa grandes potencias, a unha Guerra devastadora que habería de deixar un herdo temporalmente moi longo e politicamente moi pesado: o da guerra fría e a polarización do mundo en bloques.




#### 4. OS DEBATES DA POSGUERRA: ENTRE A DINÁMICA PARTIDISTA DEMOCRÁTICA E A CONFRONTACIÓN POLÍTICO-IDEOLÓXICA DE DOUS MODELOS CONTRAPOSTOS

En todo caso, a derrota militar dos réximes fascistas vai eliminar unha das dúas fronteiras nas que a democracia tivera que bate-la súas armas na primeira metade da centuria. E isto porque malia a supervivencia de dictaduras que se reclamaron desafiación nos seus momentos iniciais —a de Franco no noso país e a de Salazar en Portugal—, o fascismo pasou a ser despois da Guerra só o nome co que se designaba un pesadelo do pasado. Pero a ruptura da gran coalición aliada que combaterá contra o Eixe transformou case de inmediato ás dúas grandes potencias vencedoras —os Estados Unidos e a URSS— en adversarios, e fixo da Europa que xurdirá dos acordos de Ialta e de Postdam un territorio que se convertía de feito en fronteira material entre o leste e o oeste. Dese xeito, o desencadeamento da chamada guerra fría, determinante xa da dinámica mundial ata a caída do muro de Berlín, manterá en Europa unha dobre liña de competición/confrontación ideolóxica e política, que sen dúbida vai servir para explicar unha boa parte dos debates que percorren o pensamento político europeo na segunda metade da centuria: por unha parte, a competición electoral dereita/esquerda no interior dos réximes representativos que conforman a chamada Europa occidental, competición que se resolve a través da

loita electoral libre e democrática, nun contexto de crecente cooperación interestatal que se vai consolidando ano tras ano e que fará vivir a Europa o seu máis longo período de paz en moito tempo; pola outra, a confrontación entre capitalismo e socialismo, que é fundamentalmente, aínda que non só, unha confrontación territorial entre a Europa occidental e a oriental, na que ten a súa privilexiada proxección a que enfrenta o leste co oeste, ou, por mellor dicir, os Estados Unidos, e os seus aliados militares e políticos, coa URSS e os seus satélites.

Os efectos destas reflexións, o verdadeiramente transcendente é que esas dúas liñas de confrontación que acaban de apuntarse non percorren camiños paralelos, senón que teñen decisivos puntos de contacto: téñenos, en primeiro lugar, porque a confrontación entre capitalismo e socialismo vai ser tamén unha confrontación entre a democracia liberal e a chamada democracia popular, que nega de plano os principios básicos daquela: o pluralismo, a



Documento orixinal da fundación da CECA.



Jean Monnet e o ministro de Exteriores alemán, Hallstein (de perfil), asinan a fundación CECA en 1951. O primeiro paso para a unidade europea deuse no ámbito do mercado do carbón e do aceiro.

separación de poderes e o Estado de dereito; pero téñenos, ademais, porque a competición política democrática entre a esquerda e a dereita estará determinada durante moitos anos en Europa occidental, tamén, pero non só, pola discusión sobre a suposta superioridade do modelo soviético respecto do democrático-burgués, así chamado en tal contexto de debate.

En Europa occidental, que cede con toda claridade trala guerra o papel protagonista político e económico mundial a Norteamérica, o debate ideolóxico e político situarase, de certo,

entre o que convencionalmente chamamos a esquerda e a dereita, ou o que, para os tempos era o mesmo, entre as forzas conservadoras vertebradas ó redor das ideoloxías democrata-cristiá e liberal-conservadora e as forzas da esquerda debedoras das concepcións da socialdemocracia e o comunismo. As primeiras —que, segundo destaca Robert Nisbet no seu estudio sobre o *Conservadorismo*, se vertebran en torno a varios valores esenciais: historia, tradición, propiedade, autoridade, liberdade e relixión— manifestaranse defensoras das tradicións herdadas do pasado nos eidos social e cultural, da

democracia representativa no político e do liberalismo non intervencionista no económico, hexemonizarán os réximes políticos da maior parte dos países do centro e sur de Europa ata os últimos compases do século e alternaranse no goberno coas maiorías socialistas nos do norte desde as primeiras eleccións celebradas na posguerra. A súa evolución en calquera das tres fronte mencionadas foi, en todo caso, a propia do seu concreto tempo histórico, alén da influencia indiscutible que no cambio dalgunhas das súas concepcións puideron ter varios dos acontecementos máis relevantes da segunda metade da centuria: por exemplo, o asinamento ó longo dos cincuenta dos tratados constitutivos das Comunidades Europeas, proceso este do que as propias forzas conservadoras foron en gran medida protagonistas e promotoras; a celebración a comezos dos sesenta das sesións do Concilio Vaticano II, movemento de cambio relixioso que habería ter unha influencia moi significativa nos partidos entroncados coa tradición democrata-cristiá; o comezo a mediados dos cincuenta da guerra de Vietnam, que fortalecerá a posición proamericana das forzas da dereita europea e o antiamericanismo das da esquerda; a construción en 1961 do Muro de Berlín, que contribuirá decisivamente a darlle relevancia política en Europa á Guerra Fría; ou, en fin, a Revolución de Maio do 68, que tenderá a polarizalo enfrontamento dereita/esquerda ó facer xurdir unha nova esquerda antisistema portadora de valores parcialmente

diferentes os da máis *clásica* esquerda occidental.

E é que o campo da esquerda ía estar en Europa Occidental escindido basicamente entre as dúas tradicións xa referidas, a tradición socialdemócrata, que entroncaba, dun xeito ou outro, coa socialdemocracia clásica existente antes da Guerra, e a comunista, defensora ata os anos sesenta, case que de xeito monolítico, do modelo soviético. A esas dúas tradicións, moi maioritaria a primeira nos países do centro e norte de Europa e significativamente presente a segunda nos do sur, virían engadirse logo outras tradicións minoritarias, as máis importantes das cales serán a maoísta, fortalecida tralo éxito na China da Revolución de Mao Tse-Tung en 1949, e as opcións antisistema da chamada *nova esquerda* nacidas coa revolución do 68 en varios países europeos. Fronte ó tradicionalismo cultural e o liberalismo político e económico das forzas da dereita, as da esquerda mostraranse en conxunto defensoras de cambios substanciais nos eidos social e cultural (regulación sobre o divorcio, despenalización parcial do aborto, reivindicación dos dereitos da xuventude e das mulleres, cambios nos costumes, modificación das relacións tradicionais home/muller e fillos/pais, etc.), dun afondamento do sistema democrático no eido da política (mediante a combinación dos mecanismos da democracia representativa, típicos do liberalismo burgués, e da que comezará a coñecerse desde entón como a democracia participativa) e

dun activo papel do Estado no eido da economía, mediante a posta en práctica dunhas políticas, as keynesianas, que desde os anos trinta pasarán a coñecerse polo nome de quen as defendera en Norteamérica trala durísima crise do ano 29: John Maynard Keynes, partidario do impulso desde o Estado de políticas de déficit susceptibles de posibilitaren unha acción pública sostida de loita contra o ciclo recesivo xerador de crises recorrentes do capitalismo, e dunha redistribución da renda e da riqueza susceptible, pola súa vez, de mante-lo consumo das clases economicamente máis febles, e a demanda global no conxunto do sistema. A sistemática aplicación deste tipo de políticas por parte das socialdemocracias gobernantes nalgúns dos países do centro e do norte de Europa dará lugar, ó longo dos anos cincuenta e sesenta, á creación dun peculiar tipo de Estado democrático, o Estado de benestar (*welfare stata*), no que a democracia non se concibirá xa soamente como un instrumento para a participación de todos no funcionamento do réxime político, senón tamén como un decisivo instrumento da política estatal ó servizo da superación das desigualdades económicas, sociais e culturais.

A socialdemocracia experimentará, de tódolos xeitos, un proceso de profunda modernización do seu discurso e das súas propostas programáticas como consecuencia do propio cambio que se vai producir nun dos máis importantes partidos socialdemócratas de Europa a finais da década dos cin-

cuenta: en 1959 o Partido Socialdemócrata alemán aproba, no curso dun congreso extraordinario, o seu programa de Bad Godesberg, que supón o abandono dalgunhas das máis clásicas posicións socialdemócratas: a afirmación da pluralidade ideolóxica interna do partido; a superación da tradicional posición de enfrontamento coa Igrexa e a afirmación, no seu lugar, dunha nova posición de colaboración; a afirmación da lealdade constitucional e dos métodos democráticos na loita política polos obxectivos do partido; o abandono do dogma das nacionalizacións e a afirmación da libre competencia e da libre iniciativa empresarial como elementos importantes da política económica socialdemócrata; a consideración do partido non unicamente como un partido dos traballadores, senón como un partido de todo o pobo; e, en fin, a crítica radical ó comunismo:

Os comunistas —proclama a introdución do programa de Godesberg— oprimen radicalmente a liberdade. Violan os dereitos do home e o dereito á libre determinación dos homes e dos pobos. Contra este aparello implacable érguense actualmente, en medida crecente, as mesmas poboacións dos países rexidos polos comunistas. Alí tamén se están a producir transformacións. Alí estase tamén a acrecenta-la vontade de liberdade que ningunha dominación pode, co tempo, afogar completamente.

Exactamente dese xeito ía acabar sucedendo. De feito, e como xa apuntei liñas máis arriba, a dinámica democrática de competición electoral dereita/ /esquerda, activa en Europa Occidental desde a caída dos fascismos e a recuperación da democracia, e a propia

dinámica de competición dentro da esquerda entre partidos socialdemócratas e partidos comunistas, vaise ver arreo entrecruzada pola propia confrontación dos dous modelos de sociedade vixentes no continente desde o asinamento dos acordos que fixan nel as respectivas zonas de influencia: o do capitalismo (e a democracia liberal) e o do socialismo (e a democracia popular). E isto porque os partidos comunistas manifestaranse ata os remates da década dos cincuenta e comezo da dos sesenta, con maior o menor énfase dependendo dos países e das diferentes conxunturas, como avanzados defensores do modelo socialista e das que entón se supuña constituían as súas indiscutibles conquistas económicas e sociais. De feito, ata moi avanzados os cincuenta non se van producir no seo dos partidos comunistas as primeiras reaccións indicativas dun rexeitamento, sequera larvado, do modelo soviético: os iniciais síntomas de cambio serán os posteriores ó esmagamento polos tanques soviéticos da revolución de Hungría do 1956 e, sobre todo, os que subseguen ó golpe que para moitos comunistas de Occidente supuxo o comezo do proceso da chamada *desestalinización*.

Un proceso que ten lugar a penas tres anos despois do pasamento de quen fora desde o seu ascenso ó poder na URSS un semideus para os seus concidadáns, abraiados ou aterrados polo seu poder omnímodo, e para unha boa parte do movemento comunista internacional: Joseph Vissarionovich Stalin.

Morto dunha apoplexía o 5 de marzo de 1953 e sucedido por Nikita Jruschov, este último pronunciará no XX Congreso do Partido Comunista da Unión Soviética, celebrado en febreiro de 1956, a conferencia celeberrima sobre o culto á personalidade. Por ela, escribe Leszek Kolakowski, na súa obra fundamental sobre *As principais correntes do marxismo*, souberon os delegados no Congreso do PCUS e soubo o mundo enteiro “que quen tiña sido o líder da humanidade progresista, a inspiración do mundo, o pai do pobo soviético, o mestre da ciencia e da cultura, o supremo xenio militar, e, ó mesmo tempo, o maior xenio da historia, era de feito un torturador paranoico, un asasino de masas e un ignorante militar que levará o Estado soviético ó bordo do desastre”. Como é lóxico, a desestalinización abriu unha fenda entre o movemento comunista en Occidente e o que entón comezará a chamarse de forma xeneralizada socialismo *real* —termo que servirá para designa-la realidade do modelo supostamente dexenerado dunha hipotética e posible sociedade socialista *auténtica*— que futuros acontecementos posteriores virían ensanchar ata os límites mesmos do insuperable: a represión armada polas tropas soviéticas da Primavera de Praga, en 1968, marcará, finalmente, un punto de ruptura neste proceso de distanciamento ó provoca-las primeiras reaccións públicas significativas no comunismo occidental contra o dirixismo do PCUS.

Praga significa, de feito, o comezo dunha dinámica de illamento dos países do leste e do modelo socialista que conducirá, dúas décadas despois, á caída do muro de Berlín, símbolo da final creba do modelo: nesa dinámica de illamento da URSS e os seus satélites desempeñará un papel fundamental a popularización, fóra das fronteiras da primeira, do fenómeno da disidencia interna, e a crítica radical ó comunismo que, como una versión anovada do fascismo, gañará terreo na opinión pública europea trala revolución francesa de maio do 68. Téñase en conta, polo que se refire ó primeiro dos fenómenos citados, que en 1970 Alexandr Solzhenitsin, unha das figuras máis sobresaíntes da disidencia soviética, e autor dunha obra narrativa marcada pola denuncia do stalinismo e das súas aterradoras consecuencias sobre o pobo ruso, vai obter o premio Nobel de literatura: para entón, o gran novelista de Rostov tiña escrita xa unha das súas obras máis famosas, *Un día na vida de Iván Denisóvich* (1962), obra que remataba con aquela arrepiante descrición do final da xornada de Shújov, un preso do *gulag*:

Durmíase Shújov plenamente satisfeito. Moitas cousas lle saíran ben no día: non o meteran no calabozo, non mandaran o equipo de Vivendas Socialistas, ó medio día gañou unhas gachas, o xefe pechou ben a porcentada, a parede levantouna Shújov con alegría, non o colleran coa folla no rexistro, pola noite gañou algo con César e comprou tabaco. E non se puxo enfermo, puido con el. Pasara un día sen desgusto ningún, case que ledó.

Xunto a popularización da disidencia, que a concesión do premio Nobel a Solzhenitsin elevou a cotas nunca antes coñecidas no mundo occidental, unha parte dos intelectuais mozos que o maio francés converte de súpeto en *gurús* do novo pensamento contribuíron tamén decisivamente, na súa obsesiva cruzada antimarxista, ó desprestixio do modelo soviético. Un daqueles mozos, Bernard Henry-Levy, escribiría un libro que gozou entón de moito público —*A barbarie con rostro humano*— que comezaba cunha frase que supuña toda unha declaración dos novos principios ideolóxicos que se querían defender: “Son fillo natural —dicía Henry-Levy— dunha parella diabólica, o fascismo e o stalinismo [...] Non coñezo outra revolución que poida servir de exemplo neste século, que esta da peste parda e do fascismo roxo”.

Entra entón, dentro da lóxica, que no contexto que definen as circunstancias apuntadas, a mediados da década dos setenta saltara ás primeiras páxinas da prensa un neoloxismo —o de *eurocomunismo*— que ía facer pronto fortuna e significa-lo último intento por “salva-los mobles”, se se me permite a expresión, dun movemento comunista xa entón en claro retroceso. Como Fernando Claudín, o grande analista do fenómeno, deixou escrito no seu libro *Eurocomunismo e socialismo*:

a intervención militar de Moscova [en Hungría e Checoslovaquia] achegou unha nova proba máis irrefutable ca ningunha outra anterior, de ata qué punto



o réxime edificado baixo Stalin e consolidado polos seus sucesores era incompatible co socialismo democrático, é dicir, co verdadeiro socialismo. Esta demostración colocou entre a espada e a parede os partidos comunistas de Europa Occidental...

Certamente, o eurocomunismo, contemporaneamente presentado polos seus protagonistas —sobre todo polos comunistas italianos, franceses e españois— como unha nova vía de acceso democrática a unha sociedade socialista, que non podía, por socialista, ser máis ca democrática, non foi en última instancia máis que resposta a ese emparedamento dunhas forzas políticas obrigadas polas circunstancias da historia a ter que elixir entre a súa tradicional lealdade á *patria soviética* e a súa necesidade de competir no mercado democrático despois de que o socialismo real entrara en aberto retroceso. En todo caso, sen embargo, a derrota final dos últimos vestixios do autoritarismo de tradición fascista no continente Europeo —as dictaduras española e portuguesa— a mediados dos setenta, o crecente proceso de unión económica e política de Europa, e a crise imparable dos países do mundo socialista —desprestixiados coma nunca desde o triunfo da Revolución do 17 no exterior e obrigados a facer fronte a gravísimas crises económicas e políticas no interior— ía dar ó cabo coa apertura dunha nova situación na que, por primeira vez en todo o século, a democracia parecía ser en Europa o único horizonte de futuro e o único modelo ó que aspirar.

## 5. A VICTORIA DO PRINCIPIO DEMOCRÁTICO: A CAÍDA DO MURO DE BERLÍN, O DOMINÓ DAS LIBERDADES NA CORTINA DE ACEIRO, E O RENACER DA EUROPA EN GUERRA

Como había recoñecer despois con humildade quen entón era presidente da República Francesa e un dos máis influentes líderes políticos na Europa do momento, o socialista François Mitterrand, case que ninguén crería en 1988 que en 1989 había derrubarse o muro de Berlín. Pero, contra todo prognóstico previsible, o proceso de crise do mundo europeo socialista será vertixinoso e imparable en canto a URSS afrouxa a súa presión sobre os países situados na área de influencia soviética. En marzo de 1985 Mijaíl Gorbachov, líder do que de contado ía coñecerse como *perestroika*, convértese en Secretario Xeral do PCUS e a penas transcorridos catro anos, en abril do 89, celébranse na gran república oriental as primeiras eleccións parcialmente en liberdade. Desde esa data, e nun prazo de non máis de medio ano, ponse en marcha un auténtico *dominó* de cambios de modelo económico e político, que vai facer desaparecer nun tempo *récord* a vella armazón das democracias populares situadas tras do que ata entón fora por algúns denominado en Occidente a *cortina de aceiro*: en xuño, os membros do sindicato Solidariedade vencen nas primeiras eleccións parcialmente libres celebradas en Polonia, e en agosto un intelectual católico, Tadeusz Mazowiecki, convértese en primeiro ministro do país; en outubro





Unha das causas da caída do muro de Berlín foi a apertura de fronteiras por parte de Hungría, que facía pouco que se convertera nunha democracia.

Erich Honecker perde o poder na República Democrática Alemana e o 9 de novembro ábrese o muro de Berlín; no mesmo mes, Todor Jivkov cae en Bulgaria, tras do cambio que fixera en outubro a Hungría deixar de ser unha democracia popular; en decembro Nicolás Ceaucescu é expulsado violentamente do poder en Romanía e no mesmo mes, terminando case o ano 89, o escritor disidente Vaclav Havel é eli-

xido presidente da República de Checoslovaquia. Aínda con tódalas dificultades do momento e por riba das moi diferentes situacións dos diversos países afectados polos cambios, o principio democrático semella abrirse paso pouco a pouco: certamente, nun contexto de gran complexidade vanse celebrando eleccións libres e vanse elixindo lexislativos e executivos democráticos que representan as respectivas

maiorías cidadás. O tránsito vai ir, claro, acompañado pola apertura duns sistemas económicos ata entón planificados, que terán que entrar a marchas forzadas no, para eles, difícilísimo camiño da economía de mercado, e polos intentos de modernización económica, social e tecnolóxica de sociedades que as ditaduras comunistas mantiveran nun atraso pavoroso.

Pero, en todo caso, non ían se-los problemas ligados á democratización, á modernización ou a apertura ó mercado das súas economías os máis graves que ía provocar na zona a caída do modelo socialista: e iso porque o proceso de liberación do antigo xugo dos partidos únicos e dos seus *luminosos* dirixentes traduciríase moi pronto nunha explosión de reivindicacións territoriais que, por momentos, pareceu colocar a Europa nos intrins posteriores ó final da Gran Guerra do 14. Aínda que as consecuencias máis visibles desa explosión nacionalitaria afectarían o antigo imperio soviético, que ía ver cómo se independizaban territorios dun lado e doutro da antiga Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas (Estonia, Letonia, Lituania, Ucraína, Chechenia), as máis dramáticas foron, sen dúbida ningunha, as que supuxeron o desmembramento da antiga Iugoslavia, territorio no que se inicia en 1991 un devastador conflito armado que fará renacer todo aquilo que Europa parecía ter esquecido desde o final da Segunda Guerra Mundial: a propia guerra, en primeiro termo, pero tamén algunhas das súas máis tremen-

das lacras asociadas: o racismo, o nacionalismo xenófobo e violento, os campos de concentración, os desprazamentos masivos de poboación e os xenocidios.

Curiosamente, dese xeito, mentres Europa Occidental afondaba ano tras ano un proceso de unidade que a adopción da Acta Única Europea en 1985 pareceu facer xa irreversible, unha parte da antiga Europa socialista entraba nun camiño de atomización territorial que multiplicaba os mini-Estados e dificultaba o proceso de construción dunha verdadeira Europa unida, que se estendera desde o océano Atlántico ata os Urais. Por iso a historia da victoria, por ampliación do seu *espacio vital*, do principio democrático, que resultaba, certamente, paralela á que se viña producindo en todo o mundo, e que levou a alguén a popularizala tese da fin da propia historia, era tamén a da aparición dalgúns dos desafíos cos que tería de enfrentarse un novo século que era, nesta ocasión, tamén, novo milenio.

## 6. O SÉCULO XXI: ¿A FIN DA HISTORIA?

No verán de 1989 un entón descoñecido Francis Fukuyama, director adxunto da Oficina de Planificación Política do Departamento de Estado norteamericano, publicaba na revista *The National Interest* un longo artigo titulado “¿A fin da historia?”, que axiña ía transformarse nun texto de referencia indispensable no debate

político e intelectual provocado pola chegada ó poder de Gorbachov, a posterior caída do muro de Berlín e tódolos seus acontecementos asociados. Recorrendo á imaxe acuñada por Hegel, cando, tras identifica-la victoria de Napoleón sobre os prusianos na batalla de Xena (1806) co triunfo dos principios da Revolución francesa, proclamaba, na súa obra *A fenomenoloxía do espírito*, que a historia rematara en 1806, a tese de Fukuyama é que os acontecementos que se están a producir no mundo ó final da década dos oitenta marcan un triunfo do liberalismo e do pensamento liberal que supón tamén *a fin ha historia*:

O século XX ten visto o mundo desenvolvido sometido a un paroxismo de violencia ideolóxica, no cal o liberalismo loitaba contra os vestixios do absolutismo, logo do bolxevismo e do fascismo, e ó final, contra os do marxismo posto ó día, que ameazaba con conducir á apocalipse total da guerra nuclear. Pero o século que comezou cheo de confianza no triunfo irrefutable da democracia liberal occidental semella ter descrito un círculo e ter chegado case que de novo ó punto de partida: non a unha 'fin da ideoloxía' e a unha converxencia entre capitalismo e socialismo, como se predixera, senón a unha inquebrantable victoria do liberalismo económico e político.

Alén dos excesos, evidentes ó meu xuízo, da formulación de Fukuyama —pois o capitalismo actual dos países máis desenvolvidos é, efectiva e innegablemente, un sistema *mixto* influído de xeito determinante pola idea orixinariamente socialista da igualdade, de xeito tal que o triunfo da democracia liberal nin supuxo nos oitenta, nin supón dúas décadas despois, o triunfo das ideas do liberalismo

*económico*— serviu para chama-la atención —velaí o seu éxito inmediato— dun fenómeno dificilmente discutible: o da victoria, por desaparición dos opoñentes, do modelo de democracia representativa que, nado coas revolucións americana e francesa, fora impugnado ó longo do século por dous modelos alternativos finalmente fracasados: o do fascismo e o do comunismo. Un simple dato pode servir para confirmar esta evidencia: mentres en 1900 existían no planeta nove países democráticos con sufraxio universal masculino, no 2000 existen oitenta e oito Estados onde poden votar homes e mulleres e onde os cidadáns gozan de liberdades civís e políticas. Outro, ademais, vén confirma-la transcendencia do anterior desde o punto de vista da extensión *popular* da democracia: a comezos do século XX a democracia era o réxime político do vinte por cento dos países da comunidade internacional, nos cales vivía entón un dez por cento da poboación mundial; cen anos despois, os países democráticos son o corenta e seis por cento e a poboación que neles vive o corenta por cento da mundial.

Polo tanto, ¿a fin da historia? Non o parece, a pesar de todo. Ou polo menos, non máis ca cando Hegel o proclama en 1806, nun momento no que, de feito, os grandes principios da Revolución —a liberdade, a igualdade e a fraternidade—, é dicir, os da historia que entón se abría, a penas estaban a comeza-lo seu lento camiñar polos vieiros do planeta. Lonxe diso, penso

que a victoria, por máis que aínda parcial e cuantitativa e cualitativamente limitada, do paradigma democrático, establece posibilidades descoñecidas no pasado e novos retos, que son xa os do máis próximo futuro.

¿Posibilidades? Sen ningún xénero de dúbidas: a de loitarmos contra os desequilibrios internos e a pobreza en tódolos territorios nos que as institucións democráticas —máis ou menos estabilizadas, máis ou menos eficaces— conviven aínda con niveis escandalosos de desigualdade e inxustiza. E a de loitarmos igualmente, desde o punto de vista das relacións internacionais, contra os actuais desequilibrios norte-sur, que son tamén, aínda que non só, desequilibrios entre os Estados onde existen liberdades políticas e civís e aqueles nos que a ausencia parcial ou total dunhas ou doutras é o habitual. Hoxe, máis que nunca, sabemos que as solucións ós problemas do subdesenvolvemento e da miseria non dependen xa fundamentalmente das posibilidades do avance tecnolóxico, que convive coa presenza da idade media en moitas partes do planeta, senón da busca de novos equilibrios —internos e internacionais— que pasan decisivamente polo universo da política. Hoxe máis ca nunca quedou claro que só a democracia é a solución dos problemas políticos, pero tamén dos problemas económicos xeradores de atraso e de desigualdade social e cultural. A victoria do paradigma democrático é, ten que ser, xa que logo, a da afirmación de que só desde procesos política e econo-

micamente autocentrados é hoxe posible loitar contra as máis graves e escandalosas lacras do planeta: as do autoritarismo e a miseria.

¿Retos?: tódolos que acaban de subliñarse como posibilidades, pois cada unha delas enfronta o mundo a un reto moi difícil. Pero tamén os que son característicos das democracias avanzadas: o de loitar contra o nacionalismo xenófobo e identitario que renace en moitos Estados de Occidente, o de enfrontalos problemas de madurez da democracia (fundamentalmente o da corrupción e o da apatía democrática) e o de converte-la globalización nun dos aliados do progreso evitando que esta poida derivar nun adversario dun mundo máis equilibrado no económico, máis integrado no social e máis plural no cultural. Dese xeito, e se, como dicía ó principio destas páxinas, o século XVIII foi o da Ilustración e as revolucións liberais, o XIX o da consolidación do Estado como aparello de dominio e o XX o do pensamento que derivou da liberdade da vontade do individuo, podería dicirse que o XXI debера se-lo da liberdade da vontade dos pobos do planeta, que non deberían ter que estar xa condicionados dun xeito infranqueable polas súas orixes históricas á hora de tentar busca-lo seu camiño en dereitura á liberdade, á igualdade e á fraternidade. Trataríase, emporiso, de rachar xa de vez con aquel determinismo cego, e por cego indiscutiblemente inxusto, que tan certeiraamente describía Tocqueville, cando en *A democracia en América* escribía

que “ós pobos sempre lles afecta a súa orixe” e que “as circunstancias que acompañaron o seu nacemento e axudaron ó seu desenvolvemento inflúen sobre todo o resto da súa existencia”.

### BIBLIOGRAFÍA CITADA

- Claudín, F., *Eurocomunismo y socialismo*, Madrid, Siglo XXI, 1977.
- Fukuyama, F., “¿El fin de la historia?”, en *Claves de Razón Práctica*, núm. 1 (abril de 1990).
- Hegel, G. W. F., *Lecciones sobre la filosofía de la historia Universal*, Madrid, Alianza Editorial, 1980.
- Henry-Levy, B., *La barbarie con rostro humano*, Barcelona, Monte Ávila, 1978.
- Kautsky, K., *Parlamentarismo y democracia*, Madrid, Editora Nacional, 1982.
- Kelsen, H., *Esencia y valor de la democracia*, Barcelona, Labor, 1934.
- Kolakowski, L., *Las principales corrientes del marxismo*. Vol. III: *La crisis*, Madrid, Alianza Editorial, 1983.
- Langer, W. L., *Enciclopedia de historia universal*, vols, IV e V, Madrid, Alianza Editorial, 1990.
- Marcuse, H., *El final de la utopía*, Barcelona, Ariel, 1981.
- Marx, K., e F. Engels, *Manifiesto Comunista*, en K. Marx, e F. Engels, *Obras escogidas*, II vols., Madrid, Akal, 1975.
- Mayer, A. J., *La persistencia del antiguo régimen*, Madrid, Alianza Editorial, 1984.
- Nisbet, A., *Conservadurismo*, Madrid, Alianza Editorial, 1995.
- Tocqueville, A. de, *La democracia en América*, II vols., Madrid, Aguilar, 1989.
- Soljenitsin, A., *Un día en la vida de Iván Denisóvich*, Barcelona, Plaza y Janés, 1979.
- Uliánov, V. I. (Lenin), *El Estado y la revolución*, Madrid, Ayuso, 1975.
- *Contra el revisionismo. La revolución proletaria y el renegado Kautsky*, Madrid, Fundamentos, 1975.





## TRAZOS XURÍDICOS DUN SÉCULO

---

*Pedro Ortego Gil\**  
Universidade de Santiago  
de Compostela

*Tempus fugit.* ¿Cabería afirma-lo mesmo do Dereito? Non hai unha resposta unívoca a tan complexa cuestión. En todo caso, a evolución xurídica non se axusta á lenta variación cronolóxica. O cambio de milenio non afecta o Dereito, ou máis ben os diferentes Dereitos con vixencia no orbe. Principios e normas xurdidos hai dous mil anos, ós que se uniu a interpretación dos glosadores e comentaristas pouco despois do ano mil, chegan adaptados e modificados ó terceiro milenio. Caería nun erro quen pense que por superar uns díxitos no calendario se producirá indefectiblemente unha transformación no Dereito.

Máis aínda. A finais do século XVIII iniciouse en Europa, e desde aquí estendeuse paulatinamente a outros continentes, unha nova etapa na lenta transformación do Dereito marcada pola Codificación. De entre tódolos códigos, o máis importante, o político, tamén impuxo o seu nome neste pequeno segmento da evolución xurídica. De aí que se fale do Constitu-

cionalismo e a Codificación para referirse ó período no que aínda nos encontramos.

A vixésima centuria, sen embargo, perfilou os contornos do que haberá de se-lo camiño xurídico, polo menos, do século que abre o terceiro milenio. A consolidación do chamado Estado de Dereito nun ámbito territorial cada vez máis amplo facilitará a extensión real a tódolos seres humanos sen distinción dos dereitos e liberdades declarados universalmente.

En España comezámo-lo século XX cunha Constitución da centuria anterior, a de 1876, e unha Monarquía constitucional que derivou cara a unha dictadura na súa fase final. A súa caída facilitou o chegada da República e unha nova concepción política reflectida na Constitución de 1931, non só cambiou o sistema político de goberno senón que se iniciou o camiño para dar unha nova estrutura ó Estado, o cal ía acompañado dun amplo recoñecemento de dereitos e liberdades para os cidadáns.

\*Catedrático de Historia do Dereito e das Institucións.



Unha guerra deu paso a un réxime autoritario que promulgou un conxunto de sete leis fundamentais. Esta peculiar configuración normativa do esquema político superior presentaba dous grandes núcleos a semellanza dos textos constitucionais: a parte orgánica —das Cortes de 1942, de Referendo Nacional de 1945, de Sucesión á Xefatura do Estado de 1947, de Principios do Movemento Nacional de 1958 e Orgánica do Estado de 1967— e a parte dogmática —Foro do Traballo de 1938 e dos Españois de 1945—.

O restablecemento da Monarquía a finais de 1975 e as súas consecuencias políticas máis inmediatas reflectíronse na Lei para a Reforma Política aprobada en referendo a finais de 1976, corpo dispositivo que marca a ponte da transición á democracia e o Estado de Dereito, consolidado nun amplo texto constitucional de consenso, capaz de articular no político-xurídico as aspiracións máis diversas. A nova configuración e articulación das administracións públicas ou o máximo recoñecemento ós dereitos dos cidadáns sen distinción ou discriminación, permitiron afirmalo Estado de Dereito.

Partamos, non obstante, de dous ámbitos diferentes. As ramas do Dereito público foron crescendo a un ritmo, certamente, imparable, invadindo, cada vez máis, aspectos da vida humana persoal e colectiva. Amplas ramas do Dereito privado, pola contra, seguiron máis apegadas á tradición de séculos. As transformacións, en suma, dentro de cada ámbito particular do

ordenamento xurídico sufriron avatares diferentes, marcados tanto polas transformacións políticas como polos movementos socioeconómicos.

A todo isto hai que agrega-la aparición durante o século XX, ou polo menos desde finais do século XIX, de novas ramas do ordenamento xurídico, froito das necesidades derivadas da convivencia social. Así, por exemplo, mesmo cando contara con importantes antecedentes, o Dereito do traballo como rama independente consolidábase; o mesmo cabe dicir do Dereito financeiro e do Dereito tributario; o da Facenda Pública; do Dereito comunitario; Dereito ambiental; do Dereito urbanístico; do Dereito... Mentres, o Dereito privado a penas viu nacer algunha rama esgazada, como o Dereito agrario. Transformacións que tamén tiveron o seu reflexo sobre as ensinanzas dadas nas Facultades de Dereito.

Esta foi unha das causas, non a única, pola cal foron xurdindo paulatinamente un conxunto de ramas xurídicas que se foron separando dos diferentes troncos comúns, ata conseguir ter entidade propia. A necesidade de estudar e coñecer estes novos Dereitos contemporáneos propiciou a especialización xurídica: na docencia a través de novas materias; na vida profesional coa aparición de novas figuras encargadas de dar resposta ós problemas que se presentan en cada unha delas.

Noutras ocasións, a aprendizaxe do pasado marcou novas pautas xurídicas, como a importancia adquirida

por algúns ordenamentos supranacionais sobre os estatais, ó convertérense aqueles no *dereito común* de tódolos sometidos ó seu ámbito territorial, a semellanza, salvando a distancia temporal, co Dereito Romano-Canónico o *Ius commune* dos séculos medievais e modernos. Isto produciu unha dimensión máis ampla no seo dos diferentes ordenamentos nacionais, nos que se mesturan de forma complementaria, e non sempre harmoniosa, normas que proceden de institucións diversas, tanto daquelas soberanas coma doutras que recibiron algunhas as súas importantes facultades de forma voluntaria —cabe lembra-la entrega de soberanía en aspectos fundamentais que fixeron os Estados da Unión Europea—. Isto provocou alteracións substanciais nos ordenamentos propios, ó se xera-la obriga de adaptarse fielmente ás normas supranacionais.

Tal influencia dos ámbitos xurídicos internacionais sobre os Dereitos estatais viuse reflectida de maneira substancial na transcendental importancia adquirida polas regulacións dos Dereitos humanos. Cos antecedentes revolucionarios de finais do século XVIII e o reflexo que tiveron nas construcións constitucionais durante as dúas últimas centurias, desde mediados do século XX teñen vixencia universal, en boa medida pola súa concreción normativa, os dereitos considerados como básicos e substanciais do ser humano. A Declaración Universal de Dereitos Humanos do 10 de decembro de 1948 —con antecedentes

desde 1776 e 1789— foi trasladada —xa que non tiña forza obrigatoria para os Estados, pero si moral ou ética— a numerosas constitucións e normas que as desenvolveron, e mostra disto é a Constitución española de 1978 e o desenvolvemento lexislativo do seu Título primeiro. Outro tanto cabe aducir do Pacto internacional de dereitos económicos, sociais e culturais de 1966; da Declaración (1959) e posterior Convención (1989) dos dereitos do neno; ou da Declaración (1967) e a Convención (1979) sobre a eliminación de tódalas formas de discriminación contra a muller. Nun nivel territorial máis restrinxido, cabe mencionala Convención Europea para a salvagarda dos dereitos do home e das liberdades fundamentais de 1950, que favoreceu a existencia dun conxunto de medios legais para facelas respectar e favorecelo seu exercicio.

Outro factor que cómpre considerar é a incidencia dos cambios políticos acaecidos na esfera internacional e a súa posible repercusión no nivel estatal, posto que todos eles implican necesariamente un conxunto de modificacións imprescindibles para adapta-la realidade xurídica á política. Neste sentido, por exemplo, a descolonización de territorios africanos ou asiáticos, desde mediados do século XX, levou á independencia a un bo número de Estados que promulgaron constitucións, nun principio, adaptadas ós esquemas da antiga metrópole, é dicir, a esquemas europeos; se ben, con posterioridade, os diferentes

acontecementos destes países xeraron códigos políticos presidencialistas ou de partido único, nos que os dereitos humanos están ben lonxe de acadarse.

Mesmo coa aludida matización, existe certa tendencia á unificación en grandes campos do Dereito internacional, o cal repercute en cascada sobre os Dereitos estatais superando, non sen certos atrancos, os obstáculos derivados das peculiaridades nacionais. Aínda son escasos estes esforzos, máis apreciábeis en grandes rexións continentais —como a Unión Europea ou Mercosur— e centrados sobre cuestións económicas ou novas ramas xurídicas —Dereito aéreo—. Algúns pasos lévanse andado na represión criminal a escala mundial e nas vías procesuais para o axuízamento e castigo de certos delitos por Tribunais internacionais. As dificultades, que nalgúns supostos se poderán superar nun futuro non moi distante, encóntranse no ámbito privado, pois rota a unidade substancial que existiu en boa parte de Europa desde a Baixa Idade Media ata o século XVIII gracias ó *Ius commune* e a súa aplicación subsidiaria en tódolos Estados, faise moi dificultosa, polo menos, unha homoxeneización supra-territorial.

É evidente a xeneralización de textos constitucionais, incluso do Estado de Dereito, pero isto non impide adverti-la distancia, ás veces abismal, entre a teoría legal e a realidade práctica. Por moita presión que faga a sociedade na regulación de certos dereitos —dereito ó traballo, acceso á

vivenda, respecto ás minorías, ós inmigrantes, dereito á educación, por exemplo—, outras forzas poden face-lo contrapeso ante os órganos parlamentarios e gobernamentais na correspondente normativa que reconece e protexe tales dereitos e liberdades, políticas, sociais, económicas ou xurídicas.

Á mencionada condición de cidadáns e os conseguíntes dereitos políticos ou cívicos en xeral coa que chegamos ó século XX, fóronse unindo, de xeito paulatino, as condicións de traballador —cunha eclosión fulgurante de normas que xeraron o Dereito do traballo e da Seguridade Social—, de consumidor e usuario —coas transcendentais repercusións no ordenamento xurídico máis actual—, de seres ociosos —que requiren unha íntegra formación cultural e que han completa-la súa capacidade intelectual con tempos de ocio— e, por último, a máis recente de seres integrados nun medio que hai que respectar e conservar —o que desembocou nunha inxente produción normativa co obxectivo fundamental da defensa ambiental—. Sen esquecer que para chegar a conseguí-la satisfacción nestas facetas temos que ser, asemade, contribuíntes.

Prodúcese, sen embargo, nestas cuestións certa contradicción. Pídeselle ó Estado que protexa as liberdades dos cidadáns e que garanta os seus dereitos reconecidos nos textos constitucionais; pero, ó tempo, aquel invade aspectos esenciais da actividade humana. O dato máis significativo é o número crecente de leis, decretos e todo tipo de

normas emanadas dos poderes políticos. Este crecemento do ordenamento xurídico, ó longo do século XX, lonxe de ser aritmético é realmente proporcional. A consecuencia disto é un intervencionismo estatal, reclamado ou non, en aspectos económicos e sociais ata ese momento deixados ó libre albedrío dos cidadáns. Neste sentido, as Cortes aprobaron nos últimos vinte anos preto de mil catrocentas disposicións entre leis, validacións de decretos-leis e delegacións legislativas.

O individualismo liberal do século XIX, aínda que non desaparecera de todo, quedou postergado ó mencionado intervencionismo do Estado en numerosos sectores da actividade socioeconómica dos cidadáns. Os factores que provocaron esta situación son moi variados, desde a ampliación das estruturas administrativas e as súas competencias en vastas materias como a educación, a saúde, as obras e os servizos públicos, o fomento da industria, a agricultura, a pesca ou o comercio, en definitiva, a súa participación na planificación máis ou menos intensa da economía; a tendencia á implantación do Estado de Dereito manifestada nos esforzos por garantir as liberdades democráticas e os mesmos dereitos a tódolos cidadáns; a tendencia á unificación xurídica nacional e incluso internacional en moitas materias que afectan ós cidadáns; a necesaria protección social sobre amplos sectores sociais, garantindo a asistencia médica e educativa, así como o amparo dos dereitos laborais ou intelectuais, entre outras.

Punto especialmente crucial con referencia ó último aspecto citado é a multiplicación de normas que ampararon a igualdade entre homes e mulleres ó longo de todo o século XX. A aceptación na maioría dos ordenamentos do sufraxio universal a finais da década de 1910, ata o recoñecemento do principio de que “a igual traballo, igual salario”, fóronse borrando vellas discriminacións como o predominio do principio de masculinidade ou a necesidade de completa-la capacidade xurídica da muller para a realización da maior parte das relacións contractuais, en especial da muller casada. A equiparación plena entre homes e mulleres foise conseguindo pola vía normativa de forma moi lenta e complexa, a pesar do cal non se pode falar aínda dun recoñecemento universal. E esta progresiva tendencia á igualdade permitiu, de forma paralela, ir eliminando outras antigas discriminacións nas relacións paternofiliais, como puidera se-la equiparación entre os chamados hoxe fillos matrimoniais e extramatrimoniais, ou o mesmo recoñecemento dos dereitos do neno.

A propia necesidade de protección dos máis desfavorecidos reflectiuse nos ordenamentos xurídicos. Non só as protestas sociais, tamén un criterio permanente por mellora-la vida dos seres humanos, propiciou normas encamiñadas a rexeitar calquera discriminación por razón de orixe, por problemas físicos ou psíquicos, idade, etc.; e favoreceuse, amparada pola legislación, a integración de persoas que pre-



Tanto na lexislación do Estado coma na proveniente da Comunidade Europea, a saúde laboral é un tema amplamente tratado.

sentan minusvalías nun plano de igualdade. Con moitas dificultades, as minorías van sendo protexidas, polo menos por unha conciencia social e xurídica que ten como verdadeiro sinal de identidade o ser humano considerado en si mesmo. A asistencia sanitaria obrigou os Estados a promulgar normas transcendentais para facela chegar a todos.

Esta tendencia manifestouse, ultimamente, na necesidade de recoñecer nos ordenamentos xurídicos un con-

xunto de dereitos ás persoas procedentes doutros lugares, que chegan buscando traballo ou fuxindo da represión política dos seus países de orixe. Neste sentido, cabe mencionala Lei Orgánica do 1 de xullo de 1985, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España, e o Regulamento de execución, aprobado por Real Decreto do 2 de febreiro de 1996; Lei do 26 de marzo de 1984, reguladora do Dereito de Asilo e da Condición de Refuxiado, e o seu Regulamento e normas complementarias do Tratado da Unión Europea e sobre

Protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Fundamentais.

Incluso, o amplo campo das relacións laborais e de protección social permitiu desenvolver unha, cada vez máis, abundante lexislación sobre estas cuestións. O século XX preséntase como o das conquistas por parte dos traballadores dun conxunto de dereitos, regulados polo Estado e amparados por grandes organizacións sindicais que fan presión sobre aquel. Con validez case universal, agás nalgúns lugares onde aínda se dá a explotación das persoas, hoxe recoñécese a xornada laboral de menos de 40 horas semanais, as pensións de velez, as vacacións pagadas, a seguridade social, a libre sindicación, os convenios colectivos ou o dereito de folga.

A realidade palpable do tradicional principio en virtude do cal “o descoñecemento das leis non exime do seu cumprimento”, a pesar de estar consagrado en numerosas normas e facilitar-se tal coñecemento mediante a súa publicación nos diarios oficiais ou bases de datos, está moi lonxe de ser certo. Abonda con achegarse ós andeis onde se gardan encadernados os tomos do Boletín Oficial do Estado ou dos diarios oficiais das Comunidades Autónomas, sen esquecer-las normas promulgadas por outras institucións inferiores, ou ás coleccións lexislativas máis coñecidas para asegurarse desta realidade. Sen esquecer-las modificacións que, sobre os máis variados asuntos, se fan en numerosas leis a través da Lei de orzamentos de cada ano. A regu-

lación normativa dunha mesma materia pode estar publicada no Diario da Europea, o Boletín Oficial do Estado, no Diario Oficial de Galicia e, ás veces, nas ordenanzas municipais. Ademais, non tódolos textos que se publican conteñen disposicións normativas en sentido estricto, polo que se os cidadáns pretenden coñecer calquera regulación xurídica o máis fácil, aínda que non sempre o máis económico, é acudir ós profesionais do Dereito.

A regulación de certas materias, con todo, lonxe de poder encadrarse como antano no seo dunha única rama do Dereito, é obxecto na actualidade de concorrencia normativa desde ángulos xurídicos en ocasións moi distantes. Isto propiciou, ademais, que os nidios perfís que caracterizaban e puideran separar aquelas ramas se borrarán ou esvaerán.

E aínda que se puidera pensar que, ante tal avalancha de textos normativos, o Dereito vai parello ou é reflexo da evolución social, isto non sempre é así. Denúnciase arreo a lentitude na formulación xurídica para solucionar non poucas situacións problemáticas, o atraso na súa tramitación parlamentaria ou a insuficiencia dalgunhas das súas medidas. Moi poucas destas disposicións, ademais, afectan ó Dereito civil ou ó penal, mentres que as que inciden nos Dereitos administrativo, fiscal, tributario ou laboral crecen de modo galopante. Tal actividade non é propia ou peculiar de ningún Estado, pois está xeneralizada por tódalas partes.



Vistos, a grandes trazos, certos aspectos esenciais da evolución xurídica do século XX, cómpre introducirmos no mundo xurídico que nos resulta máis próximo, o español e, por extensión, o galego. Con independencia das transformacións políticas habidas en España e, como resulta evidente, as súas consecuencias no ordenamento xurídico, os esquemas substanciais responden con certo atraso á evolución xeral detallada.

No campo do Dereito público e, en concreto, do administrativo, viron a luz, ó longo da centuria que abandonamos, transcendentais leis que regularon a actuación das institucións administrativas —aí están os corpos normativos polos cales se regula o réxime local e, sobre todo, as administracións central e territorial— xunto doutras que pretenden suxeitalas complexas estruturas administrativas a certos comportamentos na súa relación cos cidadáns. Os exemplos máis coñecidos son os das Leis da xurisdicción contencioso-administrativa de 1956, derogada pola promulgada en xullo de 1998; de Réxime Xurídico da Administración do Estado de 1957 e de Procedemento Administrativo de 1958, refundidas na Lei do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, tanto no seu texto de 1992 como de 1999; ou a Lei de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado de 1997. Normas que habería que ampliar con algúns textos similares das Comunidades Autónomas.

A estrutura territorial do Estado durante boa parte do século que conclúe articulouse sobre as provincias e os municipios. O primeiro cuarto da centuria estivo marcado polas Leis provincial e municipal procedentes da Restauración. A chegada de Primo de Rivera ó poder supuxo certo cambio reflectido nos Estatutos municipal (1924) e provincial (1925). A Segunda República andou vacilante na configuración dos órganos de goberno destes niveis administrativos, xa que partiu do restablecemento das Leis municipal de 1877 e provincial de 1882, aínda que a primeira foi modificada en 1935. Con posterioridade promulgáronse diferentes Leis de réxime local, tanto de bases coma textos refundidos, entre elas, a de 1945 desenvolvida en 1950 e a súa refundición en 1955, a do 19 de novembro de 1975 —data certamente emblemática— e o último texto aprobado en 1985. Non obstante, nestes aspectos é preciso ter en conta as competencias asumidas na actualidade polas Comunidades Autónomas.

Emporiso, o máis singular da configuración territorial do Estado xorde durante a Segunda República, aínda que houbo que esperar ó restablecemento da Monarquía para que aquel obxectivo asentara de vez: os Estatutos de Autonomía. Pasouse dunha estrutura fortemente centralizada a unha configuración autonómica nos territorios que con máis afán o pediron no tránsito do século XIX ó XX. Na etapa republicana chegaron a promulgarse os Estatutos do País Vasco e Cataluña,



mentres o de Galicia era aprobado en plebiscito. O proxecto quedou axiña frustrado e volveuse á ríxida centralización xerárquica. O rexeitamento a esta, unha vez implantado o sistema democrático, permitiu volve-la mirada á concepción autonómica dos diferentes territorios que conformaron España, o que deu orixe, primeiro, ós entes preautonómicos e, máis tarde, ás Comunidades Autónomas. Establecéronse non só nos mencionados senón que se xeneralizou a todo o Estado. Polo tanto, non pode estraña-la cualificación de "España das Autonomías". Correspondeulle á Constitución de 1978 propicia-la nova realidade territorial recollida nos Estatutos de Autonomía do País Vasco e Cataluña (1979), Galicia (1981), Andalucía e Asturias (1981) ata os de Extremadura, Baleares, Madrid e Castela-León (1983), sen esquece-los das cidades de Ceuta e Melilla (1995). Algúns deles foron obxecto de modificacións, pero os catro primeiros xunto cos de Canarias e Navarra permaneceron inalterados.

A actuación de tódalas instancias administrativas está indefectiblemente unida á obtención de recursos económicos. A determinación dos ingresos e gastos do sector público plásmase cada ano nas leis de orzamentos aprobadas polas Cortes. Elemento imprescindible nos cálculos da Facenda pública é unha eficaz captación de recursos tributarios. Ó longo do século XX en España foron varias as reformas tributarias que intentaron, na maioría dos casos sen o conseguir, alcanza-la eficiencia. Boa

parte delas derivaron de acontecementos políticos relevantes: a de Fernández Villaverde tralas perdas coloniais, a de Calvo Sotelo que creou os monopolios durante a Dictadura de Primo de Rivera, a de Larraz trala Guerra de 1936-1939, a de 1964 froito dos Plans Nacionais de Desenvolvemento e as dos gobernos democráticos para axustala nosa economía dentro da Unión Europea, dentro dun marco económico mundial. Na actualidade prima nestas normas a volatilidade, pois en poucos meses se converten en Historia do Dereito financeiro e tributario.

Por outra parte e desde a perspectiva do Dereito privado entendido nun sentido amplo, non hai que esquecer que entre 1881 e 1889 se promulgaron a Lei de axuizamento civil, de axuizamento criminal e os Códigos civil e de comercio. Coas súas oportunas modificacións, as dúas primeiras estiveron vixentes case todo o século XX ata que, como consecuencia da Constitución de 1978 e a necesaria adaptación á situación social, foron derogadas por outras concordes ás novas circunstancias. Pola contra, os citados códigos aínda continúan vixentes, a pesar de que a aparición de novos problemas, sobre todo no ámbito mercantil, deu orixe á promulgación dun número considerable de normas especiais, capaces de enche-las lagoas dos corpos decimonónicos sen necesidade de proceder á complexa tarefa de elaborar uns novos textos.

O Código civil, aínda cando permaneceu como un único corpo legal,

sufriu ó longo da súa vixencia numerosas, importantes e substanciais reformas, mantendo, non obstante, o seu número de artigos e estrutura básica. De entre estas reformas cabe mencioná-las que se levaron a cabo durante a Segunda República en materia de familia, divorcio ou matrimonio civil; as rebaixas da maioría de idade —ós 21 anos en 1943, por exemplo—; a nova regulación que se deu en 1958 a numerosos preceptos que afectaban, fundamentalmente, a capacidade xurídica da muller, suprimindo limitacións e recoñecéndolle certos dereitos nos ámbitos familiar e sucesorio; ou a do Título preliminar verificada de acordo coa Lei de Bases do 17 de marzo de 1973 e o Decreto do 31 de maio de 1974 que continúa o texto articulado, dando un novo perfil ás cuestións esenciais de calquera ordenamento xurídico.

Como a calquera transformación política lle seguen en cascada outras xurídicas, a partir da Transición democrática introducíronse substanciais modificacións nos meses de maio e xullo de 1981 polo que se refire a aspectos básicos da convivencia familiar, como a separación, o divorcio e o procedemento para resolvelos, así como unha nova regulación en materia de filiación, patria potestade e do réxime económico-matrimonial. En virtude da Lei do 3 de marzo de 1989 establecéronse medidas para favorecer a igualdade de trato á muller, cuestión ampliada con posterioridade na Lei do 15 de outubro de 1990 de reforma do Código civil en aplicación do principio

de non discriminación por razón de sexo.

A necesidade de enche-las lagoas do Código civil en aspectos moi concretos supuxo a aparición de textos normativos coa finalidade de responder ás solucións que demandaba a sociedade. Quizais un dos puntos máis interesantes é o referido ós arrendamentos rústicos —obxecto de regulación legislativa moi importante entre 1935 e 1980—, coas peculiaridades dos máis antigos —os chamados arrendamentos históricos, de gran repercusión en Galicia—; ou os arrendamentos urbanos, en especial os alugueiros de vivendas de suma transcendencia para a maioría das familias —desde a Lei de Bases de 1955, o texto articulado do ano seguinte, a Lei de 1964 e a súa última regulación de novembro de 1994—.

Do Dereito propiamente civil fóronse esgazando de forma paulatina, se ben aínda non adquiriron vida propia dentro das ensinanzas universitarias, o Dereito hipotecario e o Dereito notarial, o Dereito agrario —hoxe xa admitido nalgunhas universidades como materia optativa—, etc.

Por outra parte, a Lei de Bases de 1888 para a redacción do Código civil dispoñía que o Goberno, oída a Comisión Xeral de Codificación, presentaría ás Cortes uns Apéndices coas institucións forais que se habían conservar. Este obxectivo non se cumpríu malia que se elaboraron algúns traballos preparatorios; publicouse unicamente o Apéndice de Aragón en 1925.



Pouco a pouco estase a logra-la igualdade da muller no traballo e noutros ámbitos da vida cotiá.

Ante as críticas que recibiu este texto e por non se ter conseguido o obxectivo marcado, desde os foros doutriniais propiciouse a busca de novas solucións. A pesar do tempo transcorrido, os Apéndices non se promulgaban e a cuestión civil foral mantíñase vixente. Trala celebración dun Congreso Nacional de Dereito civil en Zaragoza en 1946, adoptáronse unha serie de conclusións co obxectivo final de elaborar un Código civil xeral para toda España. O paso intermedio sería a compilación das institucións forais non desaparecidas ou obsoletas, restable-

céndoa e tendo en conta a súa vixencia; investigar sobre as fontes xurídicas xerais e as institucións forais; e a futura realización dun novo Congreso de Dereito civil para determina-la forma e o carácter do novo Código civil xeral. Un Decreto de 1947 e outras disposicións creaban as comisións que redactarían as Compilacións dos Dereitos civís forais, promulgadas entre 1959 (Biscaia e Álava) e 1973 (Navarra). A Compilación de Dereito civil especial de Galicia foi aprobada o 2 de decembro de 1963.

En todo caso, este réxime foi alterado polas respectivas asembleas lexislativas das Comunidades Autónomas a partir do recoñecemento que desta competencia recolle o artigo 149.1.8ª da Constitución e o seu desenvolvemento estatutario, o que permitiu promulgar novas disposicións que compendian, actualizan —superando incluso a terminoloxía medieval— e adecúan á Norma fundamental os seus respectivos contidos. As institucións que regulan afectan, con carácter xeral, ó réxime económico-matrimonial, ó Dereito sucesorio, ás servidumes e dereitos reais e á regulación de contratos de natureza agraria. Ó abeiro deste marco promulgouse a Lei de Dereito civil especial de Galicia do 24 de maio de 1995.

No ámbito xurídico mercantil cabe recordar que o Código de comercio, promulgado o 22 de agosto de 1885, continúa vixente a pesar de regular aspectos xa superados como consecuencia da axilidade na actividade mercantil. Intentou, no seu momento, derroga-las limitacións dos españois para negociar, potenciación do Rexistro mercantil, liberdade de forma nos contratos, etc. Non obstante, tivo notables carencias, de maneira que aínda manteñen a súa vixencia certos artigos do Código de 1829 en cuestións procesuais de creba e, sobre todo, porque a materia contractual avanza tan rapidamente que naceu antigo. O defecto non era novo, pero hoxe en día agrávase a situación. O xiro comercial, a internacionalización da economía e a rapidez das modernas comunicacións de todo

tipo motivaron unha profunda transformación na actividade mercantil, á que non sempre dá solucións rápidas o ordenamento xurídico, con independencia da integración legal de figuras creadas á marxe das canles xurídicas admitidas. Sirva como mostra a contratación bolsista, regulada pola Lei de Mercado de Valores de 1988, amais das normas que inciden nas institucións de investimento colectivo e nas entidades de capital-risco.

A evolución do Dereito mercantil obrigou a dictar unha serie de leis especiais naquelas cuestións non suficientemente reguladas polo Código de comercio, como tamén nas que xurdiron con posterioridade á súa publicación. Aí están as Leis de Sociedades Anónimas (1952, substituída en 1959, obxecto de novas regulacións parciais ata refundirse no texto de decembro de 1989), de Responsabilidade limitada (de 1953, modificada en 1989 e, por fin, a Lei do 23 de marzo de 1995), de Sociedades Anónimas Laborais (Lei de abril de 1986), de Cooperativas (Leis de 1987 e 1999), do Contrato de Seguro (Lei do 8 de outubro de 1980), Cambiaria e do Cheque (1985), de Ordenación do comercio polo miúdo (Lei do 15 de xaneiro de 1996), por exemplo.

Particularidades importantes xeraron, pola súa vez, novas ramas separadas do tronco común do Dereito mercantil: o Dereito industrial, o Dereito da navegación aérea, etc. Xurdiron novas leis para regular aspectos esenciais nestes puntos, como a Lei xeral de telecomunicacións de 1998, a Lei xeral de

publicidade de 1988, a Lei do Sector eléctrico de 1997, a Lei de ordenación dos transportes terrestres de 1987 mailo seu Regulamento de 1990, a Lei de defensa da competencia de 1989, a Lei de competencia desleal de 1991, a Lei de patentes do 20 de marzo de 1986, a Lei de marcas do 10 de novembro de 1988, o Estatuto da propiedade intelectual (RDL do 12 de abril de 1996), a Lei do 16 de xullo de 1992 de Industria, etc. Este é, sen embargo, un campo moi aberto a regulacións internacionais, pese ás necesarias matizacións xurídicas en cada Estado.

Sen dúbida a rama xurídica á que afectan máis os cambios políticos é o Dereito penal. Neste sentido, son varios os códigos que tiveron vixencia ó longo do século XX. A entrada nesta centuria fíxose co Código Penal de 1870, que xa desde os últimos anos do século XIX e os comezos do seguinte recibiu bastantes censuras, que se foron facendo cada vez máis duras ata descalificalo en conxunto. A pesar delas prolongou a súa vixencia durante máis de medio século, sacando o período 1928-1931 no que rexeu o Código aprobado pola Asemblea Nacional a instancias do Gabinete de Primo de Rivera, se ben nunca un texto semellante foi obxecto de tan duras críticas.

Proclamada a República, un Decreto do 15 de abril de 1931 dictado polo Goberno provisional anulou —que non derogou— o Código de 1928, restablecéndose a vixencia de 1870. Non obstante, por non se encontrar conforme ó novo marco político,

dispúxose a redacción dun anteproxecto, ó que precedeu unha Lei de Bases aprobada polas Cortes. O Código penal foi publicado o 5 de novembro de 1932. Recolleu os principios políticos e constitucionais vixentes —supresión do adulterio e do amancebamento, creación do delito de usura—, acrecentou a tendencia humanitaria sobre o delincente, optou a clasificación das infraccións en delitos e faltas, reduciu as agravantes, aumentou as atenuantes e suprimiu a cadea perpetua e a pena de morte. Así e todo, esta restableceuse para os delitos de terrorismo en 1934. Durante a súa vixencia, os cambios no Consello de Ministros propiciaron diversas leis especiais de represión criminal e a consecuencia foi un endurecemento da situación real.

Os primeiros gabinetes do xeneral Franco comezaron a elaborar un novo proxecto de Código penal adaptado á ideoloxía triunfante. Os intentos de reforma non fructificaron ata 1944, partindo da introdución de substanciais modificacións no Código de 1932 —maior severidade das penas, admisión da pena de morte, inclusión de novas agravantes—. Por Decreto do 23 de decembro de 1944 aprobouse e promulgouse o Código penal. A abundante lexislación penal extravagante ó Código, motivou que este fora obxecto de novas e profundas reformas en 1963 e 1973, orixe esta última dun texto refundido.

Durante a Transición política, este Código penal foi obxecto de profundas reformas —en especial a urxente e par-

cial levada a cabo en xuño de 1983, ou a actualización que se fixo seis anos despois—, mentres que de modo paralelo se elaboraban novos proxectos que finaban durante os primeiros trámites parlamentarios. A promulgación do Código penal a finais de novembro de 1995 no foi pacífica. Se con anterioridade foran os cambios políticos os efectos da transformación da normativa criminal, na actualidade a maioría das alteracións prodúcense como consecuencia da presión social, ou máis ben da opinión pública, ante a sensibilidade que producen na nosa cidadanía a comisión de determinados delitos. Non se pode esquecer que mentres os códigos decimonónicos tiñan unha vontade de permanencia indefinida, na actualidade as modificacións no ámbito criminal sitúan o Código de 1995 na perspectiva contraria: frecuentes reformas.

Na actualidade vai adquirindo entidade propia o Dereito penitenciario, como rama especializada dentro do campo máis amplo del Dereito penal, unido ou non á Criminoloxía. Advirtase, neste sentido, que unha das primeiras leis aprobadas trala Constitución de 1978 foi a Lei xeral penitenciaria en 1979, modificada ó concluír 1995. Tamén este ano se adoptou unha medida de gran transcendencia, xa que se produciu a abolición da pena de morte en tempo de guerra por Lei do 27 de novembro de 1995.

Con relación á configuración do Poder Xudicial, a norma que estivo vixente durante máis dun século foi a promulgada o 15 de setembro de 1870

co nome oficial de Lei provisional sobre a organización do poder xudicial. A Lei sería posteriormente completada mediante a Lei adicional do 14 de outubro de 1882, na que se introducía o xuízo oral público en primeira instancia para os procesos criminais. Aquel corpo legal estivo vixente durante máis de cen anos ata ser derrogado o 1 de xullo de 1985 pola nova Lei Orgánica, reformada en 1988—o que permitiu a creación dos xulgados do penal—, 1994, 1997 e 1988. Nela regúlase a planta e organización dos Tribunais, establécese o modo de selección dos xuíces, ó tempo que se declaran os principios de inamovibilidade e responsabilidade destes. De acordo coas novas necesidades foi preciso elaborar unha nova Lei de planta e demarcación xudicial de decembro de 1988, pois a grandes trazos mantíñase a distribución territorial do século XIX. Foi tamén modificado o procedemento de acceso dos xuíces á carreira xudicial.

Estas leis de organización xudicial víronse completas en dous momentos diferentes con cadansúa lei do xurado, pola Lei do 27 de xullo de 1933 durante a República e coa Lei Orgánica do 22 de maio de 1995. Esta última, desenvolvemento dun precepto constitucional que tiña como obxecto fundamental facilita-la participación activa dos cidadáns na Administración de xustiza.

Cabe resaltar, por último, a intervención de certos órganos xurisdiccionais superiores, en especial dos Tribunais Superiores de Xustiza en



determinadas comunidades, e do Tribunal Supremo no ámbito do Estado, na fixación da doutrina legal. Incluso hai que salienta-la transcendental importancia que ten a xurisprudencia emanada do Tribunal Constitucional (regulado pola Lei Orgánica do 3 de outubro de 1979, modificada en 1985, 1999 e 2000), así como doutras institucións xudiciais internacionais, pois as súas decisións repercuten na configuración da armazón xurídica interna, como o Tribunal das Comunidades Europeas con sede en Luxemburgo, o Tribunal de Dereitos Humanos de Estrasburgo ou o Tribunal Internacional da Haia.

Pola súa parte, a Lei de axuizamento civil, promulgada o 3 de febreiro de 1881, permaneceu vixente coas necesarias adaptacións nalgúns asuntos —como a urxente, xeral e profunda verificada en 1984— ata a súa derrogación pola Lei do 7 de xaneiro de 2000. Unha vida similar tivo a Lei de axuizamento criminal de 1882, considerada durante moito tempo como unha excelente lei procesual que, con retoques substanciais e parciais para a súa adaptación ós cambios en materia de política criminal, rexeu máis dun século. Das reformas efectuadas na lei procesual criminal cabe resalta-las levadas a cabo pola Lei do 28 de xuño de 1933 sobre recursos de casación —modificada en datas recentes—, as Leis do 8 de xuño de 1957 e 30 de xullo de 1959 sobre o procedemento de urxencia para resolver certos delitos, do 11 de novembro de 1980 de axuizamento oral de delic-

tos dolosos, menos graves e flagrantes, do 28 de decembro de 1988 sobre o procedemento abreviado, ou a Lei Orgánica do 24 de maio de 1984 de *habeas corpus*.

Tódalas reformas verificadas ó longo do século XX en España tenderon en materia procesual a conseguir unha redución na tramitación dos xuízos e a conseguir un abaratamento do custo da xustiza para os cidadáns facilitando en certos casos a súa gratuidade, queixosos, coma nos vinte séculos anteriores, da lentitude na resolución dos conflitos que máis lles afectaban. Desde a perspectiva estrictamente xudicial, tratouse de delimitar, cada vez máis, os supostos de casación e evitar que as vías procesuais se converteran nun medio para atrasar inevitablemente a súa primixenia función: facer xustiza.

Doutra parte, a mencionada condición de traballadores xerou, desde finais do século XIX, pero sobre todo do que acaba de rematar, o xurdimento dunha rama xurídica autónoma de gran repercusión na nosa vida: o Dereito laboral. As conquistas efectuadas polos traballadores asalariados durante a segunda metade do século XIX conduciron á promulgación en España dun pequeno número de disposicións reguladoras da actividade laboral. A partir de 1873 iníciase un longo camiño que permitiu a configuración do Dereito do traballo como unha verdadeira rama con entidade propia. O camiño é fecundo desde as primeiras leis reguladoras de





Cando un conflito colectivo acaba nunha folga á que ten dereito o traballador, tamén os usuarios teñen dereito a uns servizos mínimos.

aspectos tan esenciais hoxe en día como a xornada de traballo ata a promulgación do Estatuto dos Traballadores. Foron infinidade de preceptos os que se dedicaron a regula-los contratos de traballo, os convenios colectivos, as relacións laborais especiais, a representación dos traballadores, o dereito de sindicación, as folgas e outros conflitos colectivos, as sociedades laborais (Lei do 24 marzo de 1997) ou as cooperativas (Lei do 16 de xullo de 1999). O mesmo cabe sinalar sobre todo o referente á asistencia social ós traballadores, recollido para España no R.D.L. do 20 de xuño de 1994 polo que se aprobou o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.

O século XX comezaba coa promulgación das Leis do 30 de xaneiro de 1900 sobre accidentes de traballo e do 13 de marzo de 1900, que estableceu as condicións de traballo das mulleres e dos nenos; ás que seguiron, entre outras, a do 8 de marzo de 1904 sobre descanso dominical; a do 27 de abril de 1909 que permitiu a obreiros e patróns formar e soste coalicións e folgas; a do 20 de febreiro de 1912, coñecida como *Lei de la Silla*, de acordo coa cal “toda empleada podrá utilizar su asiento mientras no lo impida su ocupación”. Un Decreto do 20 de xuño de 1902 regula, por primeira vez no noso Dereito, o contrato de traballo como contrato intervido pola Administración e non deixado en exclusiva ó albedrío das partes. Regulación esta última superada bastantes anos despois pola Lei de contrato de traballo do 21 de novembro de 1931.

Anos máis tarde fóronse regulando outras conquistas laborais. Así, en virtude do Real Decreto do 3 de abril de 1919, estableceuse a xornada máxima legal en oito horas diarias ou corenta e oito semanais. Obxecto de nova regulación pola lei sobre xornada máxima legal do 9 de setembro de 1931.

Parte destas conquistas mantivéronse no Foro do Traballo da época franquista. Pero o transcendental cambio político que supuxo a Transición política e as novas concepcións que regulaban a actividade laboral en países do noso contorno, obrigaron a introducir unha profunda reforma de regulación na normativa sociolaboral,

froito da cal é o Estatuto dos Traballadores do 10 de marzo de 1980 e a posterior Lei básica de emprego do 8 de outubro de 1980. A abundancia de normas sobre esta materia deu lugar ó R.D.L. do 24 de marzo de 1995 polo que se aprobou o texto refundido do mencionado Estatuto.

O complemento necesario para poder obter e, de se-lo caso, pór en práctica as reformas sociolaborais, deu orixe a un conxunto nada desdeñable de institucións nas que participaron dun xeito ou doutro o Goberno, os patróns e os obreiros. Xurdiron, entre outros, o Instituto de Reformas Sociais creado por Real Decreto do 23 de abril de 1903; o Instituto Nacional de Previsión, creado por Lei do 27 de febreiro de 1908; ata chegar á primeira creación do Ministerio de Traballo en virtude dun Real Decreto do 8 de maio de 1920. Con maior repercusión práctica foron establecidos os Tribunais Industriais mediante Lei de 1922 e, con posterioridade, os Xurados Mixtos por Lei do 27 de novembro de 1931. O cambio de réxime deu lugar ós chamados sindicatos verticais, nos que participaron empresarios e traballadores, así como ó establecemento da xurisdición laboral ou social. A chegada da democracia deu paso á liberdade de sindicación, á constitución de asociacións empresariais, a novos foros institucionais como o Consello Económico Social, etc.

A todo este conglomerado de normas, sería preciso agrega-las que regularon as prestacións sociais dos obrei-

ros e desempregados, as que incidiron sobre os accidentes de traballo, o control da aprendizaxe laboral, as retribucións salariais e un longo etcétera, no que merecería unha especial mención a regulación dos dereitos de sindicación e folga. En todo caso, a influencia de certos convenios internacionais nesta materia repercutiu favorablemente no noso ordenamento.

Á condición de traballadores unímo-la de usuarios, reivindicando a necesaria protección por parte do Estado o cal, pola súa vez, xerou un amplo espectro de normas a un ritmo crecente. Fronte ás industrias, sociedades ou sectores económicos poderosos, a lexislación tratou de protexe-los individuos particulares debido á súa situación máis débil nas relacións contractuais que asinan con aqueles. Aparecen, por iso, Leis como a do 13 de xullo de 1998 de venda a prazos de bens mobles ou a do 23 de marzo de 1995 de crédito ó consumo, e a máis importante: a Lei xeral para a defensa de consumidores e usuarios de xullo de 1984, que foi singularizada para os diferentes sectores, xunto co Real Decreto de 1990 sobre o dereito de representación, consulta e participación daqueles.

Esta necesidade de protección foise ampliando ante a gran cantidade de datos manexados tanto polas empresas como pola propia Administración, información na maioría dos casos sensible para as nosas vidas, e ante o imparable avance tecnolóxico os Estados tiveron que establecer restric-

cións para preservar a intimidade dos cidadáns. Nesta liña enmárcanse a Lei Orgánica de tratamento automatizado de datos de carácter persoal do 29 de outubro de 1992, que veu complementa-la Lei Orgánica de protección do dereito ó honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, do 5 de maio de 1982, reformada en 1985.

Apuntei máis arriba que, como seres que habitámo-la Terra, estamos obrigados a conservala. A presión social e de coñecidas organizacións internacionais levou consigo o xurdimento nas dúas últimas décadas do século XX dunha nova rama do Dereito, cada vez máis puxante pola influencia que sobre ela exercen ámbitos tan variados como o xurídico, a bioloxía, a sanidade en xeral, a educación ética ou a química, por exemplo. O Dereito ambiental—sen dúbida sobre o de ‘medio’, posto que a protección ten que ser completa— implicou que tódalas administracións públicas, desde as municipais ás estatais, pasando por territoriais, ou as grandes institucións internacionais sexan conscientes da necesidade de fixar normas de obrigado cumprimento e severos castigos para facilitar a conservación da natureza. Neste sentido, a histórica regulación de montes continúa sendo de grande importancia neste ambiente conservacionista.

Coa finalidade de avanzar un pouco máis nesta materia e obter resultados adecuados, dictáronse nos últimos anos do século algunhas disposicións interesantes, como a Lei do 22 de decembro de 1972 de protección do

ambiente atmosférico, a Lei do 27 de marzo de 1989 de conservación de espazos naturais e da flora e fauna silvestres, ou o Real Decreto do 7 de decembro de 1995 que estableceu medidas para garantir a biodiversidade. Como complemento daquelas engadíronse desde hai varias décadas os preceptos dedicados a regular as actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas ata concluír máis recentemente coa Lei de residuos do 21 de abril de 1998.

Incluso, unha maior atención ó desenvolvemento científico nestas e outras áreas viuse no seu momento amplamente favorecida pola creación do Consello Superior de Investigacións Científicas, ademais das tarefas que levan a cabo as universidades. Esta actividade foi obxecto de regulación específica na Lei de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica do 14 de abril de 1986. Desde o punto de vista político-administrativo creáronse un Ministerio, conselleiras, direccións xerais e concellerías de Medio Ambiente.

Como complemento imprescindible para un axeitado desenvolvemento humano aparece o ocio das persoas e a súa formación cultural, consideradas en sentido amplo, que tamén foron obxecto de regulación. E os Estados non só han propiciar a formación intelectual senón tamén a deportiva dos seus cidadáns en calquera nivel. Non pode estrañar, polo tanto, a promulgación no ordenamento español dunha Lei do deporte en 1990 ou outras

normas complementarias destinadas a racionalizar determinados espectáculos deportivos e o fomento do chamado deporte de base. Outro, nun ámbito certamente diferente, é a preocupación polo mantemento do noso rico e variado patrimonio histórico, obxecto de regulación xeral pola Lei do 25 de xuño de 1985, ademais de certos desenvolvementos específicos que levaron a cabo as Comunidades Autónomas.

A educación ocupou, outrosí, unha destacada atención por parte dos lexisladores. O dereito a obter unha educación digna, no marco dun Estado de Dereito, propiciou en España, trala promulgación da Constitución, unha especial consideración cara ó ensino nos seus diferentes niveis. Froito de tal interese foi a promulgación da Lei do 3 de xullo de 1985 reguladora do dereito á educación e da Lei orgánica de ordenación do sistema educativo, do 3 de outubro de 1990, máis coñecida polas súas iniciais, ambas modificadas en novembro de 1995, e outras disposicións complementarias para favorecer a escolarización xeral da poboación máis nova.

Estas transformacións no ordenamento xurídico español e internacional, ás que fixemos alusión, onde maior —e en non poucas ocasións, lenta— repercusión tiveron dentro do sistema educativo, como resulta obvio, foi nos plans de estudio das facultades de Dereito. A aparición de novas ramas xurídicas esgazadas das tradicionais obrigou a incluílas naqueles, aínda que na maioría das ocasións como materias

optativas, posto que se considera que a formación básica e substancial de todo xurista sempre pasa polas chamadas disciplinas troncais.

O Plan de Estudios do 3 de febreiro de 1883, que sobreviviu ata ben entrado o noso século, abrogou o título de bacharel en Leis, para quedaren reducidos os graos a licenciado e doutor. Fóronse separando materias —o Dereito Penal do Dereito Mercantil, o Dereito Administrativo do Dereito Político— ou creando algunhas máis —Historia do Dereito, Dereito Internacional Público, Dereito Internacional Privado, Dereito do Traballo—. Os oito anos da Licenciatura —un de preparatorio na Facultade de Filosofía e os restantes na de Dereito—, quedaron reducidos paulatinamente a seis —preparatorio e cinco cursos xurídicos— e, por fin, en 1928 ós cinco cursos que, na maioría das universidades, se desenvolven na actualidade.

A Real Orde reguladora do plan de estudos xurídicos do 1 de agosto de 1928 implicou unha redución e simplificación das fórmulas herdadas do século XIX. Desapareceron tódalas disciplinas non vinculadas ós coñecementos non xurídicos, se ben se mantivo o ensino da Economía. As materias formativas permaneceron, en consonancia coa aptitude ideolóxica gobernativa, para instruír un tipo de mentalidade xurídica cuns fundamentos e uns valores moi tradicionais. Neste sentido, o Dereito Romano, o Dereito Natural e a Historia do Dereito configuráronse

como materias de iniciación para a formación do futuro xurista.

A proclamación da Segunda República non supuxo unha modificación substancial no esquema do ensino universitario do Dereito. A pesar do cal, e como resulta obvio, a reforma céntrase máis ben nunha reacción antidictatorial, pois as normas promulgadas, basicamente en 1931, limitáronse á anulación dos plans de estudio da etapa precedente e a restablecelos vixentes con anterioridade ó golpe de Primo de Rivera.

Trala efémera vixencia do Plan de 1943, naceron os sete plans de estudos de 1944, apoiándose para a súa configuración no Plan de 1928, máis acorde cos postulados ideolóxicos da nova etapa, mesmo cando introduciron certas innovacións, como a inclusión do Dereito do Traballo en cuarto curso.

Con independencia das reformas verificadas en 1953, o esquema seguía sendo o tradicional da primeira metade do século. A partir de 1965 establecéronse innovadores plans en Sevilla e Valencia. O Plan de Estudos para a Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela, aínda vixente, permitiulles ós estudantes dos tres últimos cursos a partir do Curso Académico 1966-1967 configurar parcialmente o contido da licenciatura, pois deberían matricularse polo menos en dúas materias optativas das ofertadas por aquela.

A Lei de reforma universitaria, do 25 de agosto de 1983, abriu o camiño

para a reforma dos plans de estudio. O desenvolvemento regulamentario, polo que respecta ó ámbito xurídico, levouse a cabo por Real Decreto do 26 de outubro de 1990, no que se estableceu o título oficial de Licenciado en Dereito e as directrices xerais propias dos plans de estudio conducentes á obtención daquel. A súa elaboración reservouse a cada universidade, con resultados nada prometedores. Ata a definitiva aprobación polo Consello de Universidades dos novos plans de estudos particulares, atopámonos nun período transitorio, polo menos en Santiago e A Coruña, posto que a Facultade de Dereito de Ourense xa conta co seu novo plan.

Gracias á actividade docente facilitouse o estudio e comprensión das grandes construcións normativas e doutrinarias, nacionais e foráneas, o que propiciou unha estreita conexión entre as ideas xurídicas predominantes no contexto europeo, polo menos, e as que con posterioridade se implantaron en España. As ideas de Kelsen, Weber, Jellinek, Del Vecchio, Bobbio, Hart, entre outros, influíron na evolución xurídica hispana, sen esquecer españois como Ortega ou Legaz, por exemplo. Do mesmo modo, a actividade internacional desenvolvida por institucións como a Organización das Nacións Unidas ou a Organización Internacional do Traballo, entre unha longa lista, influíron na adopción de criterios e normas novas no noso ordenamento xurídico. Esta recepción viuse facilitada pola iniciativa previa de

importantes xuristas vinculados á Universidade que mantiveron fecundas relacións con colegas ou foros estranxeiros.

En boa medida, os que construíron ó longo do século XX as normas que conformaron o ordenamento xurídico, no que de primixenia elaboración teñen, foron os principais docentes universitarios especializados naquelas materias obxecto de regulación. É certo que as leis emanan das Cortes, dos Parlamentos en xeral; pero non o é menos que a función de preparación dos ditos textos correspondeulles ós profesores de Dereito. E isto, sen menoscaba-la importancia dos corpos xurídicos das diferentes administracións e, por suposto, dos deputados e senadores na adopción definitiva da norma, o que supuxo a necesaria influencia de correntes doutrinarias europeas e americanas no noso ordenamento. A experiencia xurídica doutros

Estados permitiu estudia-las súas vantaxes e inconvenientes antes de adaptalas á realidade española. E, ó contrario, os modelos xurídicos españois, en especial os máis recentes, tiveron influencia evidente na configuración legislativa doutros Estados. En suma, unha manifestación máis da aludida tendencia á uniformidade ou homoxeneización supranacional, sen chegar a romper-la idiosincrasia xurídica de cada Estado.

Non pode haber conclusión nesta apertada síntese. O devir xurídico continúa a súa imparable secuencia evolutiva, con independencia de que os *tempos* sexan diferentes en cada unha das ramas do ordenamento xurídico que consideremos ou das institucións por elas reguladas. No seu interior, forzas opostas enlazan a tradición secular coas innovacións xurídicas derivadas do desenvolvemento social, político ou económico.







## A PSICOLOXÍA NO SÉCULO XX. BALANCE E PERSPECTIVA NO LIMIAR DUNHA NOVA CENTURIA

*Helio Carpintero\**  
Universidade Complutense  
Madrid

A Psicoloxía, concibida como ciencia positiva, é xa un saber centenario. A finais do século XIX, a conxunción dunha serie de circunstancias creou o espacio onde efectivamente naceu esta ciencia, que converteu o seu desenvolvemento en trazo distintivo da nosa época.

Coma en moitos outros casos, a nova disciplina científica veu a recubrir un espacio que estivera antes na órbita da Filosofía. No noso caso, é notorio que desde o comezo da reflexión filosófica na Grecia antiga, esta ocupouse de coñecer e analiza-la mente humana, os seus varios tipos e temperamentos e ata os factores determinantes que impulsan a vida individual e maíla colectiva. Pero todo ese esforzo estaba orientado á construción dunha filosofía.

Ó se constituír hai pouco máis dun século, ese saber acerca da mente como ciencia, e non como Filosofía, ese cambio, enmarcouse nunhas circunstancias precisas, e tivo unhas consecuencias determinantes do seu futuro.

### AS FADAS DERREDOR DO BERCE

As creacións do home son sempre nalgún sentido fillas da súa época; o nacemento da ciencia psicolóxica, tamén. Hai algunhas circunstancias presentes naquela hora coas que hai que contar para comprende-lo acontecido.

Unha é a decadencia da Filosofía, como consecuencia da bancarrota do idealismo alemán e a emerxencia do cientificismo positivista. Contra os anos setenta, ata un espírito filosoficamente innovador como Franz Brentano chegou a dicir que o verdadeiro método da filosofía era o da ciencia natural. Reivindicaba, coma moitos outros, a volta á experiencia concreta, tralo ocaso dos sistemas do idealismo.

A segunda é a aparición do evolucionismo, que había aliña-lo home co resto das especies biolóxicas. Con isto, a mente humana e a animal convertéronse en etapas sucesivas dun mesmo desdoblamento, e o seu estudio pedía

\* Catedrático de Historia da Psicoloxía.

unha actitude e enfoque comúns (Pinillos, 1975). E tanto a mente coma o organismo comezaron a ser vistos como realidades definidas polo seu valor biolóxico de adaptación e supervivencia (Gruber, 1980).

A terceira vén sen dúbida dada polos éxitos da ciencia do século XIX no proceso de transformación do mundo. A química abriu horizontes inmensos á industria, a fisioloxía á medicina, a física ás comunicacións, á mecanización da produción e á revolución industrial. Incluso o impresionismo en pintura e o naturalismo na novela levan a pegada do influxo da ciencia do seu tempo.

A Psicoloxía naceu así baixo o signo dunha naturalización empírica da mente, dunha inmensa fe na ciencia, que aspiraba a ordena-la totalidade do saber, e por iso —aínda que non nos primeiros momentos— axiña entrou na órbita dos saberes técnicos con valor de utilidade para o benestar humano. Ademais, por mor do seu 'anti-filosofismo', botou a andar cunha renuncia explícita a formula-los problemas últimos da natureza do seu obxecto, conformándose con descubrir leis do mundo de fenómenos que integran a experiencia. Todo isto fixo deste saber algo aberto, sen límites ríxidos, xustificado máis polos seus efectos que polos seus principios, pola súa práctica máis que pola súa teoría. A súa orientación fortemente empírica, unida a esa certa indefinición teórica, fixo posible a aparición de innumerables variedades de escolas e tendencias (Carpintero,

1996). E esta diversidade teórica acabou por aparecer como unha característica súa (Staats, 1983; Yela, 1989).

## A PAISAXE DO SÉCULO XX

---

Aínda que calquera relato histórico da Psicoloxía do século XX comezará sempre por mostra-la existencia dunha gran pluralidade de escolas, convirá aquí trazar só un mínimo bosquejo do que foi esa historia, para logo subliña-los trazos e feitos máis sobresaíntes.

Para empezar, nótese que desde un primeiro momento, xunta o estudio descritivo dos feitos mentais, xurdiron dúas liñas explicativas diferentes: a que os relacionaba coa estrutura biolóxica dos individuos (Psicoloxía fisiolóxica) e a que os poñía en conexión cos marcos sociais e históricos que tamén os condicionan. O frecuentemente chamado 'fundador' da Psicoloxía científica, Wilhelm Wundt (1832-1920), dedicou a cada aspecto unha obra fundamental: nun caso son os *Grundzüge der physiologischen Psychologie* (*Fundamentos de psicología fisiolóxica*) —que foi medrando sen parar desde a primeira á quinta edición—; no outro, a súa voluminosa *Völkerpsychologie* (*Psicoloxía dos pobos*), esta de orientación socio-etnolóxica. Desde entón a Psicoloxía seguiu crecendo en contido en ámbolos campos, pero conservando sempre unha triple inspiración ben diferenciada: a perspectiva 'xeneralista', que inclúe a estrutura dos procesos; a dunha

Psicoloxía social atenta á consideración do interindividual e grupal, e a psicofisiolóxica arredor das bases biolóxicas dos feitos mentais e conductuais. Por iso unha e outra vez se tendeu a caracterizar esta ciencia como 'bio-social', onde o guión cumpre á vez funcións de conexión e separación.

A Psicoloxía nacera coa aspiración de formular leis empíricas que describiran, e de ser posible explicaran, a multitude de fenómenos e vivencias que forman a experiencia ou vida mental. Ó longo do século foron aparecendo cambios profundos nos modelos teóricos utilizados, así como unha continua expansión dos campos de estudo.

Tratemos de delinea-las diferentes vías de desenvolvemento, tanto teóricas como aplicadas. O cadro, aínda que esquemático, tal vez poderá ser útil para evocar de golpe unha imaxe, sequera só aproximada, desta ciencia.

## AS GRANDES ESCOLAS

---

A influencia de Wundt na ciencia posterior non se pode facer de menos. Tense dito que as diferentes tradicións nacionais que tiveron consistencia ó longo do século terminan sempre por mostrar unha conexión co laboratorio do grande investigador alemán. Durante anos, ese laboratorio foi a meca desexada para os psicólogos novos experimentais do mundo enteiro. Xa entrada a nova centuria, a súa influencia decreceu por varias razóns: o seu

rexeitamento a experimentar no laboratorio os procesos mentais superiores, o seu crecente interese polos estudos etnopsicolóxicos, mesmo a súa forte politización xermánica na Primeira Guerra Mundial... (Rieber, 1980).

Wundt buscou describir esa estrutura da experiencia, e se por un lado chegou a unhas unidades relacionadas directamente co funcionamento orgánico (sensación e sentimentos), por outro atendeu ó cambio que introducen na vida mental as diferentes épocas históricas, as sucesivas mentalidades que dominaron a evolución humana. O seu proxecto quedou en seguida escaso para as demandas dos seus discípulos.

Xurdiron alternativas á pretensión do seu 'estructuralismo' de establece-la estrutura e xénese dos procesos conscientes. Estrictamente contemporáneo seu foi o 'funcionalismo', baseado no evolucionismo, que antepón a tódalas outras a pregunta do 'para qué', da funcionalidade e valor adaptativo daqueles procesos. O 'funcionalismo' —algo moito máis amplo e flexible ca unha escola, pero con certos trazos que o delimitan fronte a outras posicións— abrollou no mundo anglosaxón con forza —William James e John Dewey son dúas figuras ben notorias—, estendeuse polos países occidentais (Inglaterra, Suíza, Holanda, etc.), e, como logo imos ver, abriu a vía que había desembocar nas varias formas de Psicoloxía aplicada (Caparrós, 1986).

Contra o ano 1900 xurdiron dous vigorosos grupos fóra da tradición wundtiana. Por un lado, o fisiólogo Ivan Pavlov (1849-1936) descubriu o condicionamento clásico, unha forma moi básica e potente de aprendizaxe asociativa amplamente estendida pola escala animal ata o home. Desde aí, a súa teoría expandiuse a outros temas psicolóxicos como un estudio da 'actividade nerviosa superior'. Pola súa parte, o psicopatólogo Sigmund Freud (1856-1939), polos mesmos anos, abordou o estudio da mente desde os niveis inconscientes, creou un modelo de desenvolvemento mental fortemente apoiado na evolución do dinamismo sexual desde os seus inicios infantís e creu poder explicar desde ese primeiro núcleo as máis amplas construcións culturais —arte, relixión, normativa social—, convertendo a Psicoloxía nunha hermenéutica do desexo (Polaino, 1981).

O interesante é que ámbolos movementos, pensados e concibidos por médicos, aínda que desde situacións empíricas ben distintas, representaron unha ruptura da unidade da nova ciencia experimental recentemente constituída, e os efectos desa disgregación aínda se deixan sentir hoxe, ó cabo do tempo.


Nos anos vinte xurdiron novas opcións teóricas. Destacan aquí dúas escolas, nadas dentro da tradición psicolóxica clásica, que aparecen claramente contrapostas: unha é o conductismo americano, a outra, a psicoloxía da Gestalt.

A escola conductista pretendía explica-la conducta desde asociacións entre estímulo e respostas, concibidos como elementos atómicos que entrarían na construción dos repertorios de conducta máis complexos; a outra, a psicoloxía 'da Forma ou da Gestalt', toma a conducta nas súas formas globais, complexas, e explícaa mediante totalidades que se dan na experiencia e no organismo.

O 'conductismo' orixinouse no mundo norteamericano. John B. Watson (1878-1958) puxo en marcha, en 1913, esta 'Revolución conductista', que logo se estendería trala Segunda Guerra Mundial a gran parte das nacións occidentais. O afán por facer da Psicoloxía unha 'ciencia natural' empurrou a intentar unha ciencia 'sen conciencia' —unificando en gran medida o saber sobre o home e o das especies animais, ó facelos coincidir no estudio da conducta, a actividade adaptativa visible e observable. E ó especificar esta nas súas dúas formas básicas posibles —innata e aprendida— converteu case todo o inmenso campo psicolóxico nun vasto capítulo dominado polo concepto de aprendizaxe. Entre 1920 e 1960, aproximadamente, no mundo americano 'psicoloxía' quería dicir, sobre todo, ciencia da aprendizaxe —as súas causas, os seus modos, os seus factores influentes, as súas condicións biolóxicas—. E unha aprendizaxe estudiada en infinitas ocasións aproveitando as habilidades e condicións da rata de laboratorio. Un gran conductista de mente ampla e con

sentido do humor, Edward C. Tolman, dedicoulle o seu principal libro a "M.N.A.": o *Mus Norvegicus Albino*, ou rata branca (Tolman, 1932), e non lle faltaba razón para facelo.

No outro extremo habería que situa-los psicólogos da Forma ou Gestalt. Orixinariamente alemáns (Max Wertheimer, Kurt Koffka, Wolfgang Köhler, Kurt Lewin), tamén animados polo propósito de aproxima-la Psicoloxía á Ciencia natural, afirmaron que no estudio da experiencia é a totalidade a que determina e condiciona o valor das súas distintas partes, igual



No ano 1932 o conductista Edward C. Tolman dedicoulle o seu principal libro a ' M.N.A.: *Mus Norvegicus Albino* ou rata branca.

que o campo físico impón a súa determinación ás partículas que nel se moven. Percibimos figuras sobre certos fondos, proxectamos accións sobre un dinamismo xenérico, sentimos unha dor sobre un fondo de cenestesia, construímos unha figura de personalidade sobre outras posibles... A totalidade, sempre, contén a clave para comprender-los elementos.

Os conductistas e xestaltistas tenderon a achega-la Psicoloxía á Ciencia natural e, en xeral, á Física. Os primeiros interesáronse polo operacionalismo do físico Bridgmann, os segundos, pola física do campo de Einstein e de Broglie e a matemática topolóxica. Opostos en moitas cousas, os seus esforzos por facer da Psicoloxía unha ciencia rigorosa parecen aproximalos. O seu destino histórico semella estar marcado máis pola condición nacional dos seus promotores ca polo fondo último das súas propostas teóricas. Os conductistas eran americanos; os gestaltistas, alemáns, e isto foi decisivo no contexto da Segunda Guerra Mundial, como en seguida diremos.

Os conductistas impuxeron unha Psicoloxía puramente obxectiva. Desterraron a experiencia inmediata da súa construción intelectual. Tenderon a repudiar toda a experiencia subxectiva como mentalismo, e trataron de converter aquela, fose cognitiva ou afectiva, en pura conducta. Era difícil chegar máis lonxe no camiño que se arredaba da tradición de Wundt.

A chegada dos ordenadores —máquinas que manipulan símbolos e producen resultados con sentido— abriu o camiño antes vedado dunha Psicoloxía que puidera á vez estar interesada por comportamentos efectivos e polos plans, normas e regras con que os sistemas intelixentes rexen as súas operacións. O home e os animais próximos ó seu nivel evolutivo poderían polo menos ser comparados a ordenadores en canto que son sistemas operativos controlados por regras. Os ‘cerebros electrónicos’ —termo familiar co que se designaron os computadores— poderían dar ideas para comprender os outros cerebros, os naturais e biolóxicos. Desde os anos sesenta atraeu os psicólogos esa posible comparación (Rivière, 1991). O resultado foi un novo cambio, especialmente no mundo de influencia anglosaxona, que fai outra volta da Psicoloxía unha ciencia da mente. Esta, mediante representacións e regras, axusta o comportamento ó contorno: a Psicoloxía volveuse ‘cognitiva’.

Neste horizonte levouse a conxunción a actividade procesadora do sistema humano con dous modelos converxentes pero distintos. Un, a súa comparación co funcionamento dun computador, de modo que este puidera producir resultados —decisións, xuízos, clasificación— análogos ós producidos por sucesos reais. Os especialistas en intelixencia artificial e ciencia da computación produciron toda unha serie de exploracións sobre o tema (Adarraga e Zaccagnini, 1994). É un

campo de interrelación entre aquelas disciplinas e a Psicoloxía. A segunda —e hoxe enormemente fortalecida— liña de exploración nace dos tremendos avances técnicos das neurociencias e, en particular, das técnicas de neuroimaxe. A análise das pautas de actividade cerebral en distintos tipos e momentos da súa execución e maila súa correlación coas estruturas determinadas de actividade mental están permitindo novos progresos á Psicoloxía, sobre todo no campo da Neuropsicoloxía (León Carrión, 1995).

Como se ve, os modos de exploración e os sistemas conceptuais con que se abordou o coñecemento da nosa vida mental non deixaron de progresar. Lonxe de estar ante un saber concluso e pechado, os psicólogos teñen hoxe aínda a impresión de achárense nunha hora de alborada. Dispoñen de numerosas técnicas coas que poder traballar. Tal vez falta o plan xeral de campaña, que ofrezca a perspectiva global do que hai por facer. Se cadra, en suma, a construción dun ‘sistema’. Mentres chega, os investigadores acumulan informacións parciais coa esperanza de que á fin o crebacabezas encontrará a súa forma plena de significación e de sentido. A Psicoloxía entra, no século XXI, co espírito de invención e exploración que tivo na súa hora primeira.

Este esquema sucinto deixa na sombra, non obstante, o gran número de peripecias que nesa ciencia sobreviñeron na centuria que remata. Haberá agora que revisalas para ter unha idea máis cabal do sucedido.



## AS INFLUENCIAS SOCIAIS. GUERRAS MUNDIAIS. CIENCIA SOVIÉTICA

---

A Psicoloxía xurdiu como un saber teórico, pero andando o tempo foise poñendo de manifesto a súa capacidade para resolver cuestións de moi diverso feito social. A súa significación como saber aplicado ía chegar, co tempo, a equipararse coa súa condición de ciencia pura.

Inicialmente, fóronse perfilando tres grandes campos de intervención. Un, directamente relacionado coa escola e os nenos; outro, o amplo mundo dos trastornos do comportamento, que deu lugar á Psicoloxía clínica; finalmente, o variado campo da industria, as institucións sociais, e incluso, aínda máis en concreto, o mundo relacionado coas grandes sacudidas bélicas que tiveron lugar na centuria. As demandas que foron apareceron en cada caso terminaron por exercer unha profunda influencia no desenvolvemento da Psicoloxía. Vexamos de modo moi sumario algúns dos fitos.

No campo da Psicoloxía escolar, hai que lembrar que en data tan temperá como 1899 William James, nunhas conferencias psicolóxicas ós mestres (*Talk to teachers*) xa afirmou a utilidade da súa ciencia para fundamenta-la metodoloxía de ensino e para ilustra-lo mestre sobre “cómo aprenden os nenos”; en 1903, E. L. Thorndike publicou un texto sobre a materia, e algo parecido sucede noutros países europeos; en Alemaña, Ernst Meumann

(1862-1915) tratou de aplicar sistematicamente a Psicoloxía de Wundt á Pedagogía (*Vorlesungen...1911-14*). Pero sobre todo, por necesidades xurdidas ante a escolarización obrigatoria, en 1905 Alfred Binet (1857-1911), en Francia, construíu co médico Theodor Simon (1873-1961) un test de intelixencia que ía converterse nunha proba de alcance universal, gracias ó seu valor práctico.

Desta sorte, o estudio do neno, da súa capacidade de aprender e das limitacións que poden sobrevirle, discapacitándoo para adquirir unha formación, foise consolidando entre os psicólogos, en interacción fecunda cos educadores. De entre as innumerables institucións e grupos que promoveron o seu estudio, hai que recordar, pola enorme influencia que no seu tempo exerceu, o Instituto Jean Jacques Rousseau, de Xenebra, fundado en 1912 por Edouard Claparède (1873-1940) e Pierre Bovet (1876-1944), que marcou un novo nivel no campo de colaboración entre Psicoloxía e Pedagogía. O conductismo achegou as súas técnicas de modificación de conducta para controlar situacións na aula e remediar déficits menores de rendemento dos escolares; logo, o cognitivismo fomentou as análises dos procesos de comprensión e de construción social do coñecemento, a atención á diversidade de formas de intelixencia, o fomento e educación da creatividade, e moitos outros temas relacionados coa aprendizaxe mailo ensino. Hoxe é un campo enorme, moi especializado, abarcador



de aspectos múltiples relacionados coa práctica educativa e a personalidade e dotes dos nenos (Gallagher,1994; Pailincsar, 1998; Gardner, 2000). O seu estudio conduciu, ademais, a formular teorías amplas do desenvolvemento da cognición humana, con alcance para a xeneralidade da Psicoloxía; sobresaee neste punto a obra de Jean Piaget (1896-1980), figura de primeira magnitude na escena contemporánea.

O campo da Psicoloxía clínica medrou dun modo espectacular ó longo do século, converténdose en moitos lugares na primeira opción profesional dos psicólogos mozos. En efecto, tralo estudio dos procesos mentais pronto se ía aborda-lo dos seus trastornos e anomalías. Nesta tarefa os psicólogos atopáronse moitas veces situados a carón dos médicos e psiquiatras, ás veces enfrontados, outras en estreita cooperación. En realidade, o psicólogo tende a considera-lo trastorno como unha conducta defectuosa e maladaptativa, máis ou menos modificable mediante cambio de vivencias e hábitos, mentres o psiquiatra ve alí unha enfermidade con algunha especie de base orgánica, e tratable mediante remedios biofisiolóxicos (entre ámbolos extremos viría situarse a intervención psicanalítica, de índole máis ben psicolóxica pero realizada usualmente por médicos, polo que non me referirei aquí a ela).

Entre as figuras pioneiras cabe mencionar, xa en 1896, nos Estados Unidos, a Lightner Witmer (1867-1956), quen iniciou un tratamento cun neno

con problemas de dislexia a petición da súa mestra, estableceu unha pequena clínica na Universidade de Pensilvania e tratou de promover a aplicación dos saberes psicolóxicos ó remedio de deficiencias no comportamento. Pola súa parte, en Alemaña, un psiquiatra discípulo de Wundt, Emil Kraepelin (1856-1926), comezou a utilizar probas psicolóxicas para realizar un diagnóstico, convencido da utilidade deses medios para o mellor coñecemento dos trastornos mentais.

De contado, tanto en Europa como en América, fóronse multiplicando as probas diagnósticas e os modos e institucións para a intervención. En relación coas probas, J. McKeen Cattell, nos Estados Unidos, comezara a falar de 'tests mentais' en 1890; o interese por estes estendeuse axiña. Así, en Italia, G. C. Ferrari (1863-1935) e G. Guicciardi, editaron uns *Testi mentali per l'esame degli alienati (Tests mentais para o exame de alienados,1896)*; pouco máis tarde, o belga O. Decroly, con R. Buyse, editaron 'A práctica dos tests mentais' (*La pratique des tests mentaux, 1908*) e en 1914, G. M. Whipple, nos Estados Unidos, reuniu en dous volumes un *Manual of Mental and Physical Tests*. Uns anos máis tarde (1938), Oscar Buros (1905-1978) fundou un anuario para a descrición e estudio de tests: o *Mental measurements Yearbook*, repertorio xa clásico neste campo. Algúns instrumentos alcanzaron difusión universal, como o MMPI (1943) ou o test de Rorschach (1921). Doutro lado, a creación de centros de tratamento atendeu


mozos maladaptados ou con atraso mental (como os centros creados por Healey nos Estados Unidos, ou Decroly en Bélxica). Así, foi crescendo a confianza dos primeiros psicólogos en canto á súa capacidade para interviren con personalidade e eficacia nese complexo e vasto campo. En particular, como consecuencia do conductismo desenvolveuse unha aproximación á psicopatoloxía fundada na ciencia da aprendizaxe —a terapia de conducta, tal vez iniciada por M. C. Jones en 1924, nos EUA, e logo fundada na obra converxente de H. J. Eysenck, B. F. Skinner e J. Wolpe—, así como outras de orientación humanista e sistémicas (A. H. Maslow, C. Rogers, E. Berne, Pearls, etc.), atentas a reexaminar funcionalmente o sistema de valores e a visión do mundo do paciente. En xeral, tivo grande aceptación a proposta que nos Estados Unidos se fixo a mediados de século, dun modelo de psicólogo clínico ('modelo de Boulder') que habería ser non só terapeuta senón tamén investigador (Raimy, 1950). Logo, multiplicouse a presenza do psicólogo nos sistemas de saúde, realizando tarefas de prevención de enfermidade, cooperación con grupos sanitarios e de apoio emocional e cognitivo ós pacientes (Rodríguez Marín, 1998). En xeral, o psicólogo clínico enfróntase hoxe a un dilatado campo de cuestións no que sobresaen os temas das perturbacións do desenvolvemento intelectual, os trastornos emocionais (depresión, ansiedade, estrés) e as varias formas de inadaptación no marco das relacións interpersoais e sociais.

Pola súa parte, a Psicoloxía industrial mereceu pronto a atención de científicos e de empresarios, ó advertirse que a mellor adaptación do home ó seu posto de traballo tiña condicións vantaxosas para o traballador e a súa seguridade e satisfacción no emprego, ó tempo que a utilización de obreiros máis capacitados producía beneficios económicos ás súas empresas. Así, en 1908, Parsons creou en Boston (EUA) unha oficina vocacional, A. G. Christiaens (1860-1937) outro centro en Bruxelas, e o movemento da orientación profesional foise difundindo por diversos países. Paralelamente, xurdiron grupos interesados no estudio e organización científica do traballo, núcleo dos estudos de F. W. Taylor (1856-1915), logo xerme dunha vasta corrente que ía organizar reunións e publicacións, e que atraeu a atención de enxeñeiros e gobernos a este tipo de enfoque da actividade industrial, axitada por outro lado polas organizacións sociolaborais defensoras da persoa e dos dereitos do traballador.

Moitas outras aplicacións xurdiron, tralo contacto activo dos psicólogos e a sociedade. Unha delas foi o estudio da calidade e veracidade dos testemuños entre testemuñas chamadas a declarar na corte xudicial. William Stern (1871-1938), Otto Lipmann, Karl Marbe en Alemaña, Binet en Francia, e en seguida outros autores noutros países, deseñaron probas para calibrar a fidelidade das declaracións dos diferentes individuos ante unha situación definida. Dábase así un paso interesante, ó

mostra-la utilidade das novas técnicas en campos tan serios e importantes como o da Administración de xustiza. Outra aplicación foi a psicoloxía do anuncio industrial e comercial, campo no que foi pioneiro o americano Walter Dill Scott, quen introduciu as técnicas experimentais xa en 1902 para deseñar anuncios dunha compañía de ferrocarrís.

O complexo mundo aplicado deu cun espírito comprensivo capaz de ofrecerlle unha estrutura conceptual que lle proporcionou unha estrutura intelectual coherente; trátase do psicólogo alemán Hugo Münsterberg (1863-1916), logo durante moitos anos activo nos Estados Unidos, autor duns *Fundamentos de psicotecnia* (*Grundzüge der Psychotechnik*, 1914) e de numerosos



*O mundo dun mesmo*, Moon Runner Desing Ltd.

Existen profundas diferencias psíquicas entre uns individuos e outros, de modo que as súas reaccións e rendementos ante as diferentes situacións forzosamente han ser distintas.

estudios aplicados ó campo da industria e a escola.

Desde entón ata hoxe, numerosas investigacións exploraron as múltiples dimensións do individuo que posúen relevancia para o funcionamento das organizacións —aptitudes, habilidades, fatiga, motivación, socialización, etc.— mentres outras foron clarificando as demandas obxectivas que estas imponen ós individuos —liderado, sistemas de *roles*, clima social, etc.—. A Psicoloxía, neste terreo, móvese en estreita relación coas ciencias do *management*, os estudos de grupos, as ciencias da empresa, e convertéronse nun campo con singularidade propia, como Psicoloxía das organizacións (Peiró, 1983,1990).

A base destes estudos atópase na existencia de profundas diferencias psíquicas entre uns individuos e outros, de modo que as súas reaccións e rendementos en diferentes situacións —de aprendizaxe, formación, traballo, etc.— forzosamente han ser distintas. Un xenial psicólogo inglés, Francis Galton (1822-1911), iniciara xa no século XIX a análise desas diferencias, relacionándoas coa herdanza individual de cada un; mesmo deseñou probas para a súa avaliación, pero sobre todo, abriu o campo amplísimos do seu estudio, que continuaron J. McK. Cattell nos Estados Unidos e William Stern (1871-1938) e Otto Lipmann (1880-1933) en Alemaña, entre outros (Fernández Ballesteros, 1980). Aquí atendeuse preferentemente á comparación entre individuos e á análise dos rangos de varia-

ción das súas habilidades. Esta perspectiva diferencialista foi esencial para promover a creación de probas de avaliación de individuos, así como para dar unha sustentación científica ós movementos reivindicativos contra a marxinação e a segregación de grupos, o que achegou á Psicoloxía fortes cargas ideolóxicas (Jacoby e Glauberman, 1995). Como pode inferirse facilmente de todo isto, esta ciencia veu situarse no centro de innumerables conflitos sociais, con carga política de vario signo, e sempre ligados a concepcións socioantropolóxicas definidas que influíron no destino de boa parte das teorías implicadas.

#### OS AVANCES DA PSICOLOXÍA DURANTE AS GUERRAS MUNDIAIS

A Primeira Guerra Mundial (1914-1918) puxo a Psicoloxía sobre o mapa americano, dixo Cattell (Samelson, 1979). A necesidade de asignar miles de homes a postos técnicos de perfil moi variado representou un gran problema, ó que algúns psicólogos crearon deber enfrontarse. A Sociedade Americana de Psicoloxía (APA) creou un comité, en 1917, baixo a presidencia de R. M. Yerkes, que ideou dúas probas de intelixencia xeral para seleccionar candidatos. Sobre a base da experiencia xa considerable de avaliación de intelixencia, o comité construíu dous famosos tests, un para suxeitos instruídos e lectores, outro para os que non sabían ler nin escribir. A primeira coñécese como proba 'Army Alfa', a outra,

como 'Army Beta'. Ambas amosan correlacións altas cando se compararon con medidas de distintos tipos de criterio de rendemento. O resultado satisfizo as autoridades e demostrou a eficacia desas técnicas.

Tamén en Europa tivo a guerra as súas consecuencias. Necesitábase seleccionar futuros pilotos de aviación, e a isto se dedicaron A. Gemelli en Italia, Camus e Nepper en Francia, ó tempo que no exército alemán se aplicaban estas técnicas para seleccionar oficiais e especialistas técnicos. Deste xeito, o conflito bélico tivo, como efecto marginal, incrementa-la solidez e reputación dos psicólogos aplicados. E nos anos da Segunda Guerra Mundial habería xa un amplo núcleo de especialistas ó servicio dos distintos exércitos, que ampliarían os seus traballos en múltiples direccións: o deseño de accións de propaganda destinadas a modifica-las actitudes das poboacións civís, a atención ós combatentes con padecementos mentais, a selección de persoal, etc. Isto deu orixe a unha 'psicología militar' e, sobre todo, á inclusión de modo normal de grupos psicotécnicos nos exércitos dos países desenvolvidos.

Se as guerras evidencian o impacto da vida social sobre o progreso desta ciencia, tamén outros cambios e acontecementos políticos o amosan igualmente. Poucos casos se poden comparar, non obstante, co acontecido en Rusia.

Alí, os tremendos cambios experimentados pola sociedade condiciona-

ron de modo moi forte a Psicología que cultivaban. Baste notar que, nos primeiros anos do século XX, na Rusia tsarista, houbo, entre outras cousas, unha escola de tradición wundtiana, liderada por G. Chelpanov (1862-1936), o mesmo que sucedía noutros lugares. A revolución soviética de 1917 impuxo en cambio unha Psicología fundada na obra de K. Marx, que mantivo o seu imperio inalterado ata a caída do réxime en 1990. Nese longo período púidéronse sinalar algunhas etapas, estreitamente relacionadas coa aparición e efectivo dominio político exercido por J. Stalin (1879-1953). A influencia deste autócrata deixouse sentir en tódolos eidos sociais e culturais; en Psicología, impuxo unha visión dialéctica, que desde 1950 se puido conxugar coa concepción fisiolóxica liderada por I. Pavlov. Marxismo e pavlovianismo fixeron da 'actividade' humana o obxecto da Psicología; o seu estudio levouse a cabo gracias á contribución de figuras como A. Luria, A. Leontiev e outros, fortemente inspirados polas ideas de Lev Vigotski sobre o desenvolvemento sociohistórico da personalidade humana. A caída do réxime soviético en 1990 entrañou un cambio na teoría psicolóxica rusa, que semella ter tornado cara a sistemas de Psicología humanista desenvolvidos en Occidente e ata entón prohibidos alí (Shuare,1990).

Como se ve, o pensamento psicolóxico está sempre estreitamente ligado coas situacións sociopolíticas, o que non se pode deixar de relacionar coa

implicación directa que a Psicoloxía ten sempre coas concepcións antropolóxicas, usualmente conectadas de varias maneiras coas ideoloxías dominantes nunha sociedade.

## AS POLÉMICAS DO SÉCULO

Non hai ciencia empírica que non conteña, na historia do seu desenvolvemento, algunhas polémicas e controversias famosas, resultado da confrontación de puntos de vista discrepantes sobre problemas de feito. A necesidade de avalialos datos desde sistemas conceptuais distintos xera, como é lóxico, tales discrepancias.

Non se trata de facer unha historia de controversias. O que nos interesa é mostrar cómo a historia da Psicoloxía no noso século deu cabida a varias delas; o seu recordo e exame botan algunha luz sobre o sentido mesmo desta ciencia, examinándoas moi brevemente.

A primeira que imos considerar aquí é a que enfrontou os primeiros psicólogos a propósito da cuantificación e a medida dos procesos mentais. A Psicofísica, en pleno século XIX (G. T. Fechner, 1860) levou a cabo un estudio cuantitativo das relacións entre estímulos e sensacións. Dominaba en ciencia a idea de que era preciso medi-los fenómenos para poder coñecelos adecuadamente. Non obstante, a intención de medi-lo psíquico parecíalles a moitos algo inaceptable. Pensaban que se trataba dun continuo fluír de calidades na

experiencia consciente, onde non cabía achar unha unidade rigorosa nin, polo tanto, unha medición. O filósofo Henri Bergson (1859-1941) insistiu en que toda cuantificación do psíquico falseaba os seus datos radicais; carentes de partes, neses procesos os cambios de intensidade serían en realidade variacións cualitativas (Bergson, 1889). Figuras como William James ou Hugo Münsterberg sustentaron posicións análogas. Aínda en 1932, un comité da Asociación Británica para o Avance da Ciencia examinou a posibilidade desas medicións de sensacións, e ó cabo duns anos elaborou unhas conclusións negativas (Campbell, 1938, 1940; Jañez, 1992, 33). A pesar disto, L. L. Thurstone animouse a construír escalas subxectivas, movido coma outros investigadores polo afán de axustarse a un modelo científico cuantitativo de ciencia natural. Para a súa teoría encontrou o referendo dunha teoría sumamente xeral, na que medir sería asignar números a obxectos ou acontecementos segundo regras (Campbell, 1940; Guilford, 1954; Stevens, 1952). Isto é factible incluso cos sentimentos e outros estados psicolóxicos. Paralelamente, o desenvolvemento dos tests abriu outro camiño que resultou sumamente fértil: a análise matemática das correlacións entre puntuacións de diversos tests, ou 'análise factorial'. A partir de certas ideas do inglés Ch. Spearman, púidose determinar por varios métodos uns 'factores' cos que cabe explicar e reconstruír aquelas correlacións analizadas (Yela, 1956). Este permitiu afondar na estrutura hipotética de constructos



complexos como os de intelixencia ou a personalidade, describindo núcleos relativamente definidos dentro deles. Esa 'cuantificación operativa' difundíuse a outros campos da Psicoloxía ata resultar absolutamente normal.

Outra longa e complexa polémica é a que enfrontou, e aínda en certo modo o segue facendo, os partidarios do emprego dos tests para a avaliación da intelixencia fronte a aqueles que os consideran inadecuados.

Xa vimos que nos Estados Unidos tales tests alcanzaran un valor social indiscutible trala Primeira Guerra Mundial, cando se construíron e aplicaron dous tests colectivos, o Army Alfa e o Beta, que se xulgaron moi efectivos. Isto tivo consecuencias. Supoñíase que a intelixencia medida estaba baseada en aptitudes mentais innatas. Ó aparecer diferencias entre suxeitos de varias razas xurdiron disensións e acusacións de racismo. Houbo quen afirmou que o 89 % dos negros parecía mostrar debilidadade mental (Gould, 1987, 241), e algúns reafirmaron así as súas políticas segregacionistas ou as restricións á inmigración en EUA ("Immigration Restriction Act", 1924) que xa se viña operando. A polémica estaba servida entre partidarios dunha intelixencia puramente herdada e os defensores dunha intelixencia 'adquirida' (*natura versus nurtura*). Un educador inglés, H. Gordon, informou de que as medidas que ofrecían nenos pertencentes a grupos socialmente privados comezaban sendo normais e coa idade ían diminuindo, como resultado do ambiente

adverso; tamén argumentaron en favor dunha visión ambientalista autores como o famoso periodista Walter Lippmann, ou psicólogos como W. C. Bagley. Estas críticas obrigaron a depurarla construción de tests. Aínda nos nosos días son moitos os que consideran preferibles as probas proxectivas, cualitativas, para o estudo da personalidade, a pesar das innegables virtudes e rigor de moitas das psicométricas.

Tamén por mor desas tensións, nalgúns países, como a Rusia soviética, chegouse a prohibi-lo uso dos tests e a psicotecnia que estes facían posible. As autoridades soviéticas, en efecto, mantiñan a tese de que a conciencia dos individuos depende esencialmente das relacións económicas e productivas existentes na súa sociedade. Unha teoría hereditarista da intelixencia e uns tests que mediran esta resultaban ser cousas 'burguesas' e contrarrevolucionarias que viñan a perturba-la doutrina establecida. Como consecuencia disto, en xullo de 1936 decretaron a prohibición do uso de tests en escolas e fábricas, mediante un documento famoso, "Sobre distorsións paidolóxicas no Comisariado de Educación", que representou un duro golpe á práctica dos psicólogos aplicados na Unión Soviética durante moitos anos.

As polémicas non cesaron de xurdir, dadas as implicacións sociais e políticas que os tests presentan (Gould, 1981). En tempos recentes, a oposición entre innatismo e ambientalismo volveu enfrontar figuras como H. J. Eysenck e L. Kamin, (1983), e máis



recentemente aínda, remanece na amplísima discusión (Jacoby e Glauberman, 1995) xurdida da publicación dun estudio de Herrnstein e Murray (*The Bell curve*, 1994) onde se reafirman as implicacións entre grupos étnicos e intelixencia, e entre nivel de intelixencia e posición máis ou menos elevada na escala social americana.

Con todo, quizais sexa a historia das peripecias acontecidas ó tema da conciencia a que mellor perfile a evolución desta ciencia. A materia é moi complexa, e aquí non cabe abordala dun modo suficiente (Pinillos, 1983; Estany, 1999). En todo caso, hai que recordar que a Psicoloxía se iniciou como unha ciencia da experiencia inmediata (Wundt), cun suposto básico que era, precisamente, esa presenza inmediata e obxectivada de fenómenos e acontecementos a un suxeito, tamén presente a si mesmo de modo reflexivo, e que entrañaría unha esencial dualidade, a do suxeito fronte ó seu obxecto, nun acto de 'conciencia'. Dada esa presencialidade, o suxeito non só vive senón que é testemuña das súas vivencias, dando un testemuño que é 'retrospectivo', pois refírese ó inmediatamente ocorrido, convertido en obxecto xa fixado, dentro do fluír das vivencias. Pareceu por iso que esa reflexividade —ou 'introspección'— era esencial para o seu coñecemento, e pensouse que nela había de consistir o método da Psicoloxía.

As dúbidas e críticas á introspección, sen embargo, xa viñan de atrás. I. Kant, por un lado, e A. Comte, por

outro, advertiron nela graves limitacións: a súa alteración por causas emocionais; a imposibilidade de observar os actos de coñecer *in fieri*, debendo conformarse co exame dos coñecementos xa sidos; a imposibilidade de dar un contraste obxectivo ás súas informacións (Carpintero, 1996).


A principios de século, William James manifestou as súas dúbidas sobre a existencia dunha conciencia concibida como algo oposto ós obxectos; ó tratar de percibi-lo meu coñecer, só captaría "algún feito corporal" (James, 1947, 551). Un paso máis, e J. B. Watson chegou a eliminar da súa psicoloxía o estudo dos estados de conciencia (Watson, 1913), convertendo a conducta, como 'feito público' e observable en obxecto daquela, e entendendo que a introspección só informaba de 'escuras reaccións corporais' (Watson, 1970). Abriase o tempo dunha nova Psicoloxía, o conductismo, para o cal a conciencia era unicamente un residuo medieval do que non cabía facer obxecto de ciencia. En calquera caso, esta ciencia habería de construírse sen referencia ningunha a esa conciencia persoal e subxectiva.

Certamente, a 'revolución conductista' non empeceu que da conciencia se falara noutros lugares —en Moscova, Xenebra, Madrid ou Cambridge—.

Precisamente Piaget, en Xenebra, e Vigotski na Unión Soviética, inspirados polo estudio da actividade infantil, ían concibila como un espacio semántico

co, constituído mediante signos, co que o suxeito se refire á realidade e comeza por dicila a si mesmo. Ese mundo de signos implica en gran medida unha influencia social. Tamén a psicanálise de Freud concedería enorme importancia á linguaxe como vehículo de vivencias conscientes. Pero co seu desprazamento a un segundo plano en relación co inconsciente, o papel da conciencia comezou a sufrir unha eclipse, que se viu reforzada pola estreita equiparación da conducta humana coa animal, impulsada polo conductismo e continuada por biopsicólogos e etólogos. Se a isto engadímola hexemonía política dos Estados Unidos e o afundimento alemán trala Segunda Guerra Mundial, teremos unha imaxe bastante adecuada do cúmulo de circunstancias que impulsaron aínda máis, se cabe, a vixencia do 'anti-mentalismo', ata o xurdimento dunha vigorosa alternativa ó conductismo.

Acostúmase atribuírle a outra famosa polémica o valor de marca-la fin do 'imperio conductista' —se cabe chamarlle así— e a apertura a unha nova época de 'Psicloxía da mente'. É a que xurdiu entre o lingüista Noam Chomsky e o psicólogo B. F. Skinner, ó criticar o primeiro as posicións defendidas polo segundo nun libro acerca da linguaxe, ou mellor, acerca da 'conducta verbal', *Verbal behavior* (Chomsky, 1959; Skinner, 1957). A idea de explicala linguaxe en termos de mera aprendizaxe social mercé á intervención de complexos plans de reforzo resultaba, a xuízo de Chomsky, insuficiente para



Noam Chomsky. Este lingüista mantivo unha gran polémica co psicólogo Skinner polas súas ideas sobre a conducta verbal.

explica-la xeración e comprensión de frases e oracións que realiza un suxeito competente nunha lingua determinada. Esas tarefas requiren, ó seu entender, a posesión dunha 'gramática', isto é, un mecanismo xerador de frases ordenadas e organizadas segundo regras que implicarían a posesión dunha 'mente' por parte do suxeito, capaz de codificar e descodificar mensaxes segundo as ditas regras.

Esta reacción non foi un feito solitario. Foi envolta en toda unha serie de acontecementos e achados na Psico-

loxía experimental que terminaron por lle devolver un lugar dentro da teoría á mente e ós procesos conscientes (Baas, 1986; Gardner, 1987; Valiña e Martín, 1993). Constitúe o presente da nosa ciencia. É a chamada Psicoloxía cognitiva.

## OS CAMPOS ESPECIALIZADOS

A Psicoloxía medrou no século XX en innumerables direccións. Non só en campos aplicados —o deporte, a publicidade, a criminoloxía, a seguridade viaria e tantos outros mundos que integran a vida do home actual—, senón en áreas fundamentais, que representan novos niveis nos que cabe consideralos fenómenos da vida mental.

Un é o nivel constituído pola inserción do individuo nunha sociedade determinada, coa conseguinte aparición de procesos específicos dos que logo depende boa parte do seu facer individual.

Os sociólogos positivistas —Comte primeiro, Levy-Bruhl, Durkheim logo— xa advertiron que a mentalidade dun individuo en boa medida resulta da adquisición dunha mentalidade ou concepción do mundo que é de orixe social. Gabriel Tarde (1843-1904) destacou o enorme papel da imitación nesa adquisición de hábitos e valores dentro dunha sociedade; Gustavo Le Bon (1841-1913) realizou unha análise xa clásica dos procesos polos que un individuo, dentro dunha multitude ou masa, asume comportamentos colecti-

vos emocionais ó tempo que suspende os seus xuízos máis críticos e intelectivos (*La psychologie des foules*), e pouco despois, S. Freud elaborou desde a súa teoría psicanalítica de pulsións, inconsciente e represión, a idea dunha sociedade represora que evita o incesto e a agresión ó pai, e impón un mundo moral que se interioriza a través de ideais e represións.

Novos pasos conduciron a consolidar a visión da orixe social da mente humana. J. M. Baldwin, logo P. Janet, Ch. Cooley, entre outros, exploraron esa dimensión esencial de toda persoa ou 'eu' (*self*). Houbo intentos de reducir a súa orixe a un proceso de tipo instintivo (W. McDougall) ou a procesos de comunicación a través dos cales se adquiren contidos simbólicos, regras, expectativas, papeis para cubrir na interacción (G. H. Mead [1863-1931]), mesmo se vai configurando a propia conciencia, especialmente gracias á linguaxe (L. Vigotski [1896-1934]).

Os psicólogos sociais exploraron a formación das actitudes, a adquisición de papeis de xénero (masculino/feminino), os fenómenos dentro dos grupos pequenos, o desenvolvemento da actividade dentro dun marco e un clima social, os procesos de liderado, así como a constitución da conciencia moral, a formación de ideais de conducta (logro, conformidade, etc.) e os múltiples procesos mediante os cales avalían unhas persoas a outras, sintonizan as súas opinións e actitudes para lograr determinadas situacións de equilibrio consistente, ou atri-

búen a outros intencións dentro das estruturas sociais e organizacións, para mencionar só algunhas cuestións (Steiner, 1979; Munn, 1989). Todo o cal supón, sen dúbida, un plano máis complexo có dos fenómenos estritamente individuais, se ben cada vez é máis evidente que a interacción entre individuo e sociedade é esencial, e non un engadido extrínseco, á mente humana.

No outro extremo, indo do individuo cara á súa constitución biolóxica e a súa dimensión de organismo natural, a Psicoloxía, que empezou por explorar as bases fisiolóxicas dos procesos psíquicos (desde os primeiros achados dos centros cerebrais da linguaxe, como o da linguaxe falada —Broca— ou o da comprensión auditiva —Wernicke— aínda no século XIX), continuou describindo e localizando procesos, cada vez con técnicas máis sofisticadas. Ó estudio dos fenómenos sensoriais seguíronlle outros máis complexos, como o mundo das emocións —Cannon, Marañón, Papez, MacLean, entre outros—, o do soño e a vixilia —Magoun, Moruzzi, Luria, etc.—, a memoria —Hydén, Halstead, Penfield, McConnell, Rosenzweig...—, as aprendizaxes —Franz, Lashley, Hebb...—, a linguaxe, a motivación... A Psico-fisioloxía do comportamento deu grandes pasos a raíz de introducirse novas técnicas exploratorias, en particular as de neuroimaxe (por tomografía axial computarizada, por emisión de positrons, variación de fluxo sanguíneo cerebral, etc.) e, aínda máis recentemente, ó se lograr determinar, dentro

dunha exploración sistemática do xenoma, mesmo que sexa de forma inicial, a localización dos xenes implicados na xeración de diferentes procesos normais e de trastornos do comportamento. Tal coñecemento abre perspectivas extraordinariamente prometedoras. Moitas das posibilidades desta nova xenética da conducta están aínda por precisar, pero sen dúbida nos atopamos nun momento de iniciación dunha nova época.

## EN CONCLUSIÓN

---

Hai uns anos, algúns autores formuláronse o problema de se a Psicoloxía é unha ou varias ciencias, se o seu campo é delimitable arredor dun único obxecto, e se dispoñemos dun corpo conceptual e dunha linguaxe tales que caiba afirma-la unidade desta ciencia (Staats, 1983; Mayor, 1989; H. Yela, 1989); en lugar de 'psicoloxía', Koch propuxo falar de 'estudios psicolóxicos' (Koch, 1984). Sen dúbida, hai moitas razóns que levarían a acepta-la pluralidade radical neste campo. Ó longo das páxinas anteriores pódese comproba-la diversidade de perspectivas, a pluralidade de niveis de análise, a variedade de autores e obras que foron tomados como marcos de referencia, a existencia de tradicións nacionais diversas, en suma, a complexidade do campo case imposible de reducir a unidade.

Pero ó mesmo tempo, non hai dúbida de que toda esa multiplicidade

inmensa ten unha unidade histórica que a envolve. O proxecto inicial de construír unha ciencia natural verbo da mente e os problemas da subxectividade, que eran cuestións ata entón da filosofía, atopou unha resposta plenamente favorable nada, sobre todo, da vixencia do saber científico. Cumpría unha ciencia da mente, facía falta 'esa' ciencia que se propoñía —foi o mérito que atribuímos a Wundt—. Cando logo contemplámo-las múltiples construcións teóricas a que se chegou, non deixa de transparentarse, como en filigrana, o proxecto wundtiano en forma de insuficiencia, de limitación, de prisión conceptual da que foi forzoso saír. A unidade da Psicoloxía, antes que mero desenvolvemento duns principios comúns, é resultado dun proceso dialéctico de negación e superación de construcións, dentro dun xeral proxecto de comprender, co método da ciencia, a conducta humana e as determinacións mentais que a rexen e xeran.

Se a Psicoloxía fose mera teoría de salón, puro xogo de conceptos con que ocupa-la mente con certos obxectos ideais, tal vez os psicólogos terían posto todo o seu empeño en producir un sistema último, completo e coherente. Pero non o é. É un saber cunha implicación extraordinariamente forte na vida práctica, individual e colectiva, e as demandas de todo tipo que a sociedade lles fai chegar non permiten ós seus cultivadores pecharse nunha torre de marfil, e obrígaos a cadora a baixar á area da vida cotiá. Tal vez non dispoñan de instrumentos impecables, nin

poidan dar resultados fóra de toda discusión. É un saber, como o de toda ciencia, que se sabe provisional, limitado, aberto ó seu continuo reexame, sostenido polas confirmacións da experiencia pasada pero cuestionado pola do futuro, pendente de vir. Dispón o home, ademais, dunha psicoloxía do sentido común ou da linguaxe ordinaria, coa que enche as fendas que unhas ou outras teorías puideran deixar entre si. E tende ademais en ocasións a ver toda aquela pluralidade de sistemas como modos complementarios con que se tería chegado a ve-la complexísima, fluída e varia realidade da existencia humana. O século XX trouxo, sen dubidalo, a inmensa riqueza da Psicoloxía actual. Cabe pensar que o próximo século a dote, ó cabo, de unidade sistemática última e radical. É algo que está por diante, como futuro prometedor e como reto para cantos a cultivan.

## BIBLIOGRAFÍA

- Adarraga, P., e J. L. Zaccagnini, *Psicología e inteligencia artificial*, Madrid, Trotta, 1994.
- Baars, B. J., *The cognitive revolution in psychology*, Nova York, Guilford Press, 1986.
- Bergson, H., *Essai sur les données immédiates de la conscience*, en *Oeuvres*, París, PUF (orix. 1887), 1959.
- Campbell, N. R., "Symposium: Measurement and its importance for

- philosophy", *Aristotel. Soc. Suppl.*, vol.17, 1938.
- Campbell, N. R., et al., "Final report", *Advancem. Sci.* 2, 1940, 331-349.
- Caparrós, A., *H. Ebbinghaus. Un funcionalista investigador tipo dominio*, Barcelona, Eds. Universidad Barcelona, 1986.
- Carpintero, H., *Historia de las ideas psicológicas*, Madrid, Pirámide, 1996.
- Estany, A., *Vida, muerte y resurrección de la conciencia*, Barcelona, Paidós, 1999.
- Eysenck, H. J., e L. Kamin, *La confrontación sobre la inteligencia. ¿Herencia-ambiente?*, Madrid, Pirámide, (orig. 1981), 1983.
- Fernández Ballesteros, R., *Psicodiagnóstico. Concepto y metodología*, Madrid, Cincel, 1980.
- Gallagher, J. J., "Teaching and learning: new models", *Ann. Rev. Psychol.*, 45, 1994, 171-95.
- Gardner, H., *La nueva ciencia de la mente*, Barcelona, Paidós, 1987.
- \_\_\_\_\_*La educación de la mente y el conocimiento de las disciplinas*, Barcelona, Paidós, 2000.
- Gould, S., *The mismeasure of man*, Nova York, Norton, 1981.
- Gruber, H., "Darwin on psychology and its relation to evolutionary thought", en R. W. Rieber e K. Salzinger (eds.), *Psychology. Theoretical-historical perspectives*, Nova York, Academic Press, 1980, 145-176.
- Guilford, J., *Psychometric methods*, Nova York, Mc Graw Hill, 2ª ed., 1954.
- Hernstein R., e C. Murray, *The Bell curve. Intelligence and class structure in American life*, Nova York, Free Press, 1994.
- Jacoby, R., e N. Glauberman (eds.), *The Bell curve debate. History, documents, opinions*, Nova York, Random House, 1995.
- Jañez, L., "Psicofísica", en Mayor, J., e J. L. Pinillos (eds.), *Tratado de psicología general*, Madrid, Alhambra, III, 1992, 1-44.
- Koch, S., "Psychology versus the psychological studies", *XXIII Congreso Internacional de Psicología*, (IUPsyS), Acapulco, Resumos, I, 1984, 175.
- Matarazzo, J. D., "Psychological testing and assessment in the 21st Century", *Amer. Psychol.*, 47(8), 1992, 1007-1018.
- Munné, F., *Entre el individuo y la sociedad. Marcos y teorías actuales sobre el comportamiento interpersonal*, Barcelona, PPU, 1989.
- Napoli, D., *Architects of adjustment*, Port Washington, Kennikat Press, 1981.
- Palincsar, J. S., "Social constructivist perspectives on teaching, and learning", *Ann. Rev. Psychol.*, 49, 1998, 345-75.



- Peiró, J. M., *Psicología de la organización*, Madrid, UNED, 2 vols., 1983.
- \_\_\_\_\_, *Organizaciones: Nuevas perspectivas psicossociológicas*, Barcelona, PPU, 1990.
- Pinillos, J. L., *Principios de psicología*, Madrid, Alianza, 1975.
- \_\_\_\_\_, *Las funciones de la conciencia*, Madrid, R. Acad. de CC. Morales y Políticas, 1983.
- Polaino, A., *La metapsicología freudiana*, Madrid, Dossat, 1981.
- Raimy, V., *Training in clinical psychology*, Nova York, Prentice Hall, 1950.
- Rieber, R. W. (ed.), *Wilhelm Wundt and the making of a scientific psychology*, Nova York, Plenum, 1980.
- Rivière, A., *Objetos con mente*, Madrid, Alianza, 1991.
- Rodríguez Marín, J., "Psicología de la salud y psicología clínica", *Papeles del Psicólogo*, 69, 1998, 41-47.
- Sahakian, W., *History and systems of social psychology*, Washington, Hemisphere Publs. Co., 1982.
- Shuare, M., *La psicología soviética tal como yo la veo*, Moscova, Progreso, 1990.
- Skinner, B. F., *Verbal behavior*, Nova York, Prentice Hall, 1957.
- Staats, A., *Psychology's crisis of disunity. Philosophy and method for a unified science*, Nova York, Praeger, 1983.
- Steiner, I. D., "Social psychology", en E. Hearst (ed.), *The first century of experimental psychology*, Hillsdale, Lawrence Erlbaum, 1979, 513-558.
- Stevens, S. S., "Mathematics, measurement and psychophysics", en S. Stevens (ed.), *Handbook of experimental psychology*, Nova York, Wiley, 1951
- Valiña, M. D., e M. Martín, *Psicología cognitiva. Perspectiva histórica, métodos y metapostulados*, Santiago de Compostela, Tórculo, 1993.
- Watson, J. B., "Psychology as the behaviorist views it", en W. Dennis (ed.), *Readings in the history of psychology, 1948*, Nova York, Appleton, 1913, 457-471.
- \_\_\_\_\_, *Behaviorism*, Nova York, Norton, (orig. 1930) 1970.
- Yela, M., "Unidad y diversidad de la psicología", en J. Mayor e J. L. Pinillos (eds.), *Tratado de psicología general*, Madrid, Alhambra, I, 1989, 71-92.







## A EDUCACIÓN DO SÉCULO XX: UNHA MIRADA A PROPOSTAS, AVANCES E HERDANZAS

*Alejandro Mayordomo\**  
Universidade de Valencia

A complexa dinámica social desenvolvida ó longo do século, a indubiable importancia das súas contribucións culturais, ou a intensa e axitada evolución dos acontecementos políticos inflúen naturalmente no carácter e na evolución das ideas e os fenómenos educativos dese importante tempo histórico que agora remata formalmente. Non é doado, pois, expoñer resumidamente tódolos trazos e as achegas da historia educativa destes cen anos, e tamén resultaría complicado seguir nin sequera a maior parte dos episodios desta nunha etapa rica, sen dúbida, en realidades e proxectos. Polo tanto coidamos preciso seleccionar algunhas grandes temáticas que poidan servir como descritores básicos do estado da cuestión e, ó mesmo tempo, acoutar esta observación nun espacio sociocultural e político que vai coincidir co noso máis próximo contorno.

Por outra parte hai que lembrar que o século que aquí comentamos recibe no educativo unha extraordinaria herdanza do anterior, tanto respecto ós

grandes principios e tarefas que aquel definiu, como ás controversias, os atrasos e insuficiencias que xerou; recorde-mos fundamentalmente neste aspecto que o século XIX iniciou a sistematización científica da Pedagogía e o proceso de constitución dos sistemas educativos nacionais. O século XX persiste na afirmación ou cumprimento dalgúns dos trazos e propósitos sinalados con anterioridade respecto a eses puntos, pero vive tamén a distancia entre o discurso teórico e as prácticas, a tensión entre modernidade e tradición, a decisiva diferenza entre o avance científico e a vontade política de levalo á práctica. Dese xeito, a Pedagogía do período histórico que agora analizamos vai incidir de maneira moi notable no crecente desenvolvemento dun coñecemento e intervención científica sobre os procesos de ensino-aprendizaxe; ademais, os sistemas educativos estarán no centro de atención das orientacións políticas, ó tempo que seguirán o seu camiño de extensión cuantitativa e de reiterados intentos de avance na consecución de calidade e eficacia; e, en

\* Catedrático de Historia da Educación.

definitiva, progresos e resistencias, avances e frustracións, propostas de cambio e incumprimentos reais confluirán na verdadeira configuración dun panorama educativo que, desde logo, non conclúe —como veremos— senón na emerxencia de novos desafíos e retos.

## 1. UN NOVO SÉCULO, UNHA NOVA EDUCACIÓN

Co cambio de século o pensamento contemporáneo anima unha revisión de importantes aspectos relacionados co formativo. Ese momento presenta algúns feitos cheos de interese para a nosa lectura: a crítica ó positivismo e a súa redución á indagación da realidade física, o rexeitamento ó puro intelectualismo e a conseguinte preocupación polos aspectos sentimentais e volitivos da persoa humana, as tendencias culturais que puñan a énfase no 'impulso vital' que significaba a liberdade e a autonomía persoal, o interese por responder ós valores vinculados coa existencia práctica.

Todo isto ía provocar e desenvolver-lo que se deu en chamar unha 'revolución copernicana' no campo do pedagóxico, un xiro que consideraba o alumno como o centro da educación e a escola, o paidocentrismo; así, a individualidade do neno converteríase no gran recurso e obxectivo para a moderna Pedagogía, que debía dirixir a súa intervención á liberación das potencias espirituais daquel individuo, dando curso libre ós intereses do neno, fomen-

tando a súa propia actividade ou traballo pedagóxico. Desde esa perspectiva, a nova concepción educativa entraba igualmente de cheo na tarefa de resolver máis positivamente o problema da relación autoridade-liberdade no proceso da educación.

Nesa Pedagogía, pois, os valores ou os instrumentos van se-la vontade ou o interese espontáneo de quen aprende, a intuición ou experiencia, a acción persoal e a autoeducación, a utilidade dunha aprendizaxe que preparara para a vida e todo o conxunto das súas esixencias materiais e morais. Consecuentemente, esa directriz significou unha clara orientación para unha teoría educativa fundada no rigoroso coñecemento psicolóxico da infancia, sostida na aplicación ó pedagóxico do saber da psicoloxía do desenvolvemento; representou unha convocatoria a unha tarefa dedicada á realización dunha experiencia escolar axustada á autonomía do suxeito da aprendizaxe e a súa propia e concreta experiencia; e, finalmente, incidiu nunha consideración sobre a misión do profesor que lle fai abandonar-lo seu simple papel de instructor para lle atribuír e reclama-la función de guía e alento da actividade infantil. O discorrer deses avances científicos e a posta en marcha desas innovacións metodolóxicas ían ser, en primeiro termo, grandes signos do século.

Podemos revisar ó respecto a expresión dun dos máis relevantes teóricos deste movemento, Adolphe Ferrière, cando en 1922 publica *L'école active*; expresa alí unha orientación

principal para fixa-la tarefa de 'centrar' e acrecenta-las enerxías constructivas que ten o individuo que se educa: o fin da nova educación ha ser "propiciar la actividad", aquela "que parte de la voluntad y de la inteligencia personal para desembocar en un enriquecimiento intelectual, moral y espiritual del sujeto"; e iso, engade, feito sen presións, ó alumno hai que "estimularle para que actúe"<sup>1</sup>.

Ese é o sentido que contén a proposta que fan os principios da Oficina Internacional das Escolas Novas ou o ideario da Liga Internacional da Educación Nova creada en 1921. Na elaboración e difusión dese espírito traballaron de forma pioneira, experimental e innovadora numerosas institucións que seguiron o exemplo da primeira 'escola nova' inglesa, a de Cecil Reddie, en Abbotsholme; a escola de Bedales, tamén en Inglaterra; os 'fogares de educación no campo' alemáns, ou as 'escolas en comunidade' no propio ensino público alemán; as 'escolas novas' públicas de Austria; ou as francesas, que tomaron exemplo da famosa École des Roches; as 'casas dos nenos' da italiana Montessori, etc. A través desas experiencias deféndese e afiánzase o proxecto dunha educación máis viva e activa, un ensino máis respectuoso e incitador da autonomía dos escolares, dun labor educativo máis integral que comprendera non só a formación intelectual senón a actividade creativa e estética, a educación física e os depor-

tes, a educación moral, a preparación social... O seu exemplo trataba de ser un 'laboratorio' de pedagogía práctica e de converterse en experiencia e estímulo para a súa difusión e materialización xeral.

## 2. RENOVACIÓN PEDAGÓXICA

Xa desde os primeiros anos do século XX o desexo de introducir eses principios impulsa un traballo de renovación pedagóxica, que trata de articular respostas prácticas a estas tres grandes dimensións: a significación pedagóxica da infancia, as relacións entre desenvolvemento e aprendizaxe e a importancia pedagóxica do exercicio funcional ou a acción. Individualidade e actividade poderían se-los descritores ou bases máis relevantes dese novo criterio metodolóxico.

Ese proxecto ten en seguida unha primeira necesidade e repercusión. Había que coñecer máis a fondo os fenómenos da vida infantil, así como as leis que os rexen; cumpría estudia-lo neno, e nacía en consecuencia a *Paidoloxía* para observar, describir, investigar en tales aspectos. Pero, ademais, naquel triple empeño resultou preciso contar cos traballos da chamada *psicoloxía pedagóxica*, para investigar e comprender mellor o proceso da aprendizaxe infantil desde a análise evolutiva da psicoloxía da infancia e a xuventude. O desenvolvemento deses campos cobrou en-

1 A. Ferrière, *La escuela activa*, Barcelona, Herder, 1982, páx. 6.

tón un interese notorio. E se cadra un apuntamento máis, afóndase nunha tendencia *experimentalista* para pescudar con máis rigor o funcionamento dos feitos educativos; nas dúas primeiras décadas, figuras como Binet, Lay ou Meumann investigan e publican, definen máis sistematicamente, nos campos da medición e o estudo experimental da intelixencia, a didáctica ou metodoloxía experimental, a pedagogía experimental e os seus fundamentos psicolóxicos.

Por outra parte, aqueles novos folgos xeran, como xa anticipabamos, unha destacada renovación metodolóxica —da que imos resumir aquí os puntos esenciais— lembrando outra volta que o concepto dunha escola activa e dun ensino máis en contacto coa realidade é básico, sen dúbida ningunha. E así o inicio do século formula os grandes principios desa dirección. En 1912, Kerschensteiner define e precisa o concepto de ‘escuela do traballo’, insistindo nos temas da liberdade de actuación e a multiplicidade de situacións que lle permitan á intelixencia elabora-la súa propia experiencia, autoactividade “escogida libremente, o libremente desenvolvida” —fronte ó sistema verbal e libresco— que non é senón outra actividade espiritual autónoma: “El trabajo espiritual autónomo exige, empero, el mayor alejamiento posible de las viejas formas de transmisión del saber, en beneficio de la elaboración activa de las materias de enseñanza”<sup>2</sup>. Deste xeito ábrese paso a idea

—mantida por Dewey— de aprender actuando, facendo; e sempre como manifestación de necesidades, intereses e iniciativas propias e vivas. Unha educación activa que ha de ser funcional, dirá Claparède: que ha de xurdir dun interese ou necesidade natural, que ha de contar co consentimento do suxeito e cunha disciplina interior, que ha de ser espontánea, libre. E de novo podemos citar aquí as ideas de Ferrière, porque insta de contino a abrírlle ó neno o mundo e a vida, porque incita a utiliza-las enerxías interiores segundo as posibilidades de cada neno.

Desde intervencións máis prácticas, a italiana María Montessori quere preparar mestres e materiais para que poidan ser útiles á actividade persoal e ó autodesenvolvemento do neno en liberdade; en Bélxica, o doutor Decroly interésase en crear posibilidades dun ambiente onde o neno-escolar se mova a coñecer por medio do interese; e os franceses Profit e Cousinet estimulan a iniciativa e a experiencia vinculada á obra colectiva e a comunidade, engadindo a socialización como obxectivo substantivo. Algúns métodos e sistemas norteamericanos súmanse a ese labor, creando iniciativas pioneiras de experimentación e innovación pedagóxica.

O afondamento nalgunha das direccións sinaladas atopa finalmente unha lograda achega durante este século na figura de Jean Piaget; o seu estudo interésase polo pensamento e a

2 J. Kerschensteiner, *Concepto de la escuela del trabajo*, Madrid, Ediciones La Lectura, páx. 106.

linguaxe na etapa infantil, pola representación do mundo no neno, polo desenvolvemento nel do xuízo moral; o seu obxectivo e contribución son, pois, axudar ó coñecemento da estrutura do pensamento do neno ou das leis do desenvolvemento ou da maduración. A súa obra confirma a pretensión pedagóxica de formar intelixencias inventivas, o valor da conquista persoal e a autoformación, as vantaxes dos métodos activos, a importancia de axustala aprendizaxe ás condicións da base madurativa. Aprender é reinventar, escribe, actuar con iniciativa e intereses persoais. E esas son algunhas das ideas e retos fundamentais do importante alento de innovación e mellora pedagóxica que percorre o século.

### 3. DIMENSIÓNS POLÍTICAS NA EDUCACIÓN

Aquela esencial significación que á personalidade e á liberdade daba o ideario educativo desde os comezos do século viuse alterada, tamén substancialmente, por principios, proxectos e acontecementos políticos que puxeron o educativo noutro punto de mira. No rápido balance que do século estamos a facer non se pode esquecer unha mención a este referente que nega ou desvirtúa os máis xenuínos valores da acción formativa, porque tamén eles fan parte do conxunto de graves dificultades, conflitos e confrontacións ideolóxicas que compoñen a historia, a tensión producida nese tempo entre democracia e totalitarismo.

As directrices pedagóxicas do leninismo e o stalinismo, sobre todo, conformarán unha concepción educativa que serve ó afianzamento dunha sociedade rexida por unha gran disciplina centralizadora, un forte control autoritario sobre ela, e en todo caso por unha absoluta desconsideración cara ó individual e persoal; a educación —segundo o programa elaborado polo Partido en 1919— non tiña outro obxecto máis importante que formar cadros penetrados polas ideas do comunismo, dispostos a contribuír na edificación da sociedade comunista. Ninguén como o pedagogo soviético Makarenko perfilou tan contundentemente o condicionamento do *colectivo* sobre a persoa, nin a forza educadora daquel a través dos intereses da comunidade e a disciplina consciente; na súa praxe, ámbolos recursos exercitan as



A. Makarenko.

virtudes sociais do home soviético e espertan a actitude comunista do novo 'cidadán do Estado'. O mesmo Makarenko escribirá que as esixencias non dimanan da pedagogía senón da política.

Ese afán de politización dos obxectivos educativos ó servizo dunha monolítica orde social faise patente e materialízase, como é coñecido, noutras tristes experiencias totalitarias; experiencias que poñen o sentido do pedagóxico na idea de desenvolve-lo carácter e a actitude dos mozos e adultos cara a unha posición de completa adhesión e entrega ós principios dunha orientación política firme, pechada, única e determinante. Na Alemaña nazi o fin da educación é forma-lo home nacionalsocialista nos ideais políticos dese movemento; algo que cumpren non só as institucións escolares senón as importantes organizacións xuvenís. En ambas faise vivo o postulado de Kriek: os mozos han adquiri-la conciencia de que non son seres autónomos nin completos, senón só unha parte de "un todo supraordenado" que regula a súa vida e o seu destino. Pola súa parte, a "Carta della Scuola" da Italia fascista compromete a vida escolar coa formación da conciencia política, co encadramento cívico das novas xeracións. E a escola do Estado Novo portugués centra igualmente o seu obxectivo nas tarefas dirixidas a modela-la conciencia, no traballo de adoutramento ideolóxico e moral.

Pero naturalmente a incidencia do político sobre a evolución dos siste-

mas educativos no século XX tivo outros planos máis positivos e fructíferos. E nese aspecto non pode esquecerse que a época afonda sen dúbida na consecución dunha educación democrática ou unha democratización da educación; hai que recoñece-lo destacado avance histórico —máis aló de evidentes carencias, deficiencias e desigualdades— que a escolarización ten durante o século, e tanto no nivel da escolarización básica coma no que se refire ó acceso de maiores capas de poboación a estudos secundarios e universitarios. Nese punto, precisamente, hai que situar outro fito político-pedagóxico da historia dese tempo que aquí analizamos: a resposta á demanda, desde o punto de vista cuantitativo, foi considerable porque entre 1960 e 1975, e en todo o mundo, os efectivos escolares aumentaron en máis dun setenta por cento.

O concepto de 'escola única' ou 'unificada' preséntalle ó século XX a defensa e reivindicación dunha promoción educativa non condicionada por distincións de tipo económico, social, de sexo, ou de carácter relixioso ou ideolóxico. O ideario político do século iría definindo sobre ese principio os trazos e primeiras aplicacións dun modelo novo de política educativa; un proxecto que debía dar paso á aptitude como aval esencial para as posibilidades de ensino, debía garanti-la obrigatoriedade e gratuidade nunha escola básica común, debía fomenta-la responsabilidade esencial do Estado no cumprimento do servizo público da



educación, debía instaurar, en fin, unha educación laica respectuosa da conciencia infantil.

Pero, a este respecto, o período que revisamos vive tamén unha forte e continuada polémica, un importante debate cultural e político que se cualifica como a 'cuestión escolar'. E é que outra postura, sostida sobre todo pola posición doutrinal da Igrexa nas súas ensinanzas da encíclica *Divini illius Magistri*, define e defende o seu rexeitamento ó estatismo en materia de ensino, a súa condena absoluta á exclusión da relixión do mundo escolar. No marco das características básicas da educación ó longo do século que agora acaba, hai que situar como outro punto de relevo este conflito entre Igrexa e Estado en materia educativa. A fixación dun certo código para o 'dereito' escolar será outra tarefa do século.

O establecemento do marco xurídico de dereitos e liberdades no eido da educación facíase imprescindible, e a segunda metade do século sinalou con carácter internacional algúns principios fundamentais neste terreo: desde a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, proclamada polas Nacións Unidas en 1948, ata a Convención da UNESCO de 1960, relativa á loita contra as discriminacións no campo do ensino; ou os Pactos Internacionais nos que, en 1966, a Organización das Nacións Unidas afirma os dereitos económicos, sociais, culturais, civís e polí-

ticos; e, no caso europeo, a resolución do Parlamento sobre a liberdade de ensino (1984) ou a Declaración sobre Dereitos e Liberdades Fundamentais (1989). Os preceptos fundamentais ou básicos deses documentos refírense ó *dereito de toda persoa á educación, á obrigatoriedade e gratuidade do ensino elemental ou básico, ó dereito preferente dos pais a escollerem a educación dos seus fillos, á liberdade de crear centros docentes, á garantía para recibir unha educación relixiosa e moral acorde coas conviccións, etc.*

Con todo isto a historia do século XX produce a definitiva integración da educación e a obrigatoriedade escolar non só como mero precepto legal ou dereito de liberdade, senón no novo campo dos dereitos sociais. Ratifícase dese modo unha maior esixencia para o Estado, ó que non só se lle esixe non facer "sino que tamén se le pide actuar para que las libertades públicas no perezcan: los derechos de libertad o de defensa se han convertido en buena parte en derechos sociales o prestacionales"<sup>3</sup>. Outro importante fito na historia educativa.

#### 4. UNHA PREOCUPACIÓN SOCIAL SOBRE O SENTIDO E A FUNCIÓN DA ESCOLA

As dimensións ou relacións sociais dos feitos educativos tiveron tamén unha presenza real no acontecer pedagóxico do século, e unha lectura,

3 M. de Puellas Benítez, "Estado y Educación en el desarrollo histórico de las sociedades europeas", *Revista Iberoamericana de Educación*, núm. 1, 1993, pág. 54.

ás veces crítica, do papel da institución escolar no sistema social. Parécenos que este é outro dos caracteres que hai que salientar na educación e a Pedagogía do século XX: ese século vai contemplar de maneira moi ampla e ben diversa a vinculación social dos procesos e os sistemas educativos.

Por un lado aparece o pensamento interesado en facer da educación un medio para vincula-la mocidade coa vida social, para regulariza-lo funcionamento da vida cívica, mesmo para, como pretenderá Durkheim, converte-la escola en “primordial formadora moral do país”. Importantes autores da Escola Nova, que xa citamos arriba, como Dewey ou Kerschensteiner trazan unha perspectiva da educación que insiste en formar cidadáns autodeterminados moralmente e que colaboren desa forma no desenvolvemento moral da sociedade; e por iso reclaman unha organización escolar cun forte espírito social e un decidido obxectivo de cara á aprendizaxe do social. Concretamente é Dewey quen postula a idea de utilizar un criterio de valor social para a selección do coñecemento escolar, adaptándoo ás necesidades e á mellora da comunidade e recoñecendo as responsabilidades sociais da educación por medio dun programa que tende a desenvolver-la percepción e o interese sociais<sup>4</sup>.

Pero os problemas ou limitacións que se van presentando nese camiño, e

as determinacións sociais que dificultaban a superación do restrinxido marco concedido á educación nese terreo, xeraron tamén durante o século que estudiamos unha significativa crítica a certas cuestións dese ámbito. Referímonos, por exemplo, á posición de Freinet ó denunciar unha escola formadora de homes pasivos e ignorantes dos problemas sociais, unha educación que non tomou en serio o seu traballo de desenvolvemento da práctica social, que descoidou o seu imprescindible interese por cambia-lo medio e o seu papel de preparación da democracia do mañá. Unha escola que se converteu dese modo en instrumento da sociedade capitalista dominante<sup>5</sup>.

Debemos lembrar outrosí a aparición de toda unha ampla contestación á escola como lexitimadora e reproductora da realidade social; e habería que mencionar aquí a análise feita por Althusser que ten que ver coa educación como aparello ideolóxico do Estado, sinalando que a escola transmite unha determinada ideoloxía adaptada ó papel que se debe desempeñar na vida social; ou as interpretacións daqueles que, como Bourdieu e Passeron, tratan sobre a orixe ou a pertenza social como elementos definidores da posesión de capital cultural, de posibilidades educativas; ou aqueles estudos de Baudelot e Establet que afirman e proclaman, en coincidencia co anterior, que o sistema de ensino, baixo a

4 J. Dewey, *Democracia y educación*, Madrid, Ediciones Morata, 1995.

5 C. Freinet, *Las invariantes pedagógicas*, Madrid, Ediciones Morata, 1996.

aparencia de unidade, reproduce as diferencias sociais.

O que estamos indicando é que a lectura e investigación sociolóxica sobre os procesos e a institucionalización educativa foi un punto relevante no significado histórico-pedagóxico do século XX. E iso por varios razóns ou contribucións. Con toda seguridade, e sen chegar a críticas tan radicais como as antes sinaladas e outras máis, a perspectiva sociolóxica foi moi ampla durante o derradeiro tercio do século fundamentalmente, e ofreceulle ó panorama teórico e práctico da educación un mellor coñecemento de interesantes aspectos. Por exemplo, verbo da comprensión de temas como as formas e efectos de importantes determinantes sociais da educación, o cumprimento por parte desta de funcións de notable influencia na configuración de patróns de conducta social e na realización de resortes de control social, as posibilidades e límites da educación como factor de cambio ou de mobilidade social, as condicións e interaccións da escola como institución social, etc.


A incidencia desa perspectiva prodúcese tamén mediante a súa integración na consideración ou a análise do coñecemento, o currículo, a organización ou a reforma escolar. O discurso pedagóxico chegou a contar así cunha análise da socioloxía do coñecemento que resulta moi apropiado para investigar e comprende-los contextos sociais e históricos, os procesos e estruturas

dunha determinada sociedade, nos que se produce o pensamento, a actividade intelectual, as distintas conformacións culturais; nese aspecto, e nos primeiros anos trinta, a obra de Karl Mannheim —baixo a influencia de Weber— abrirá un camiño importante<sup>6</sup>. Máis tarde, xa nos setenta, a achega de Bernstein á socioloxía da educación e do currículo axudará a ve-la dependencia do coñecemento escolar respecto ás estruturas do poder que definen, distribúen e organizan os contidos e a súa transmisión, insistindo desa forma na *reproducción cultural*. E case ó mesmo tempo, xa nos oitenta, Apple prosegue o estudio das relacións entre os conceptos de hexemonía, estrutura social, ideoloxía e currículo; tratando de buscar gretas neste determinismo, e sinalando as posibilidades de transformación ou as opcións de resistencia que determinados actores da educación teñen para actuar fronte a aquel tipo de imposición, determinación ou control. Son dous 'clásicos' dunha vía crítica que foi consolidando o estudio do tema da 'regulación social' no eido pedagóxico, do que colleron bastantes alentos e preocupacións por muda-lo sentido e os modos das decisións na política curricular e das intervencións na práctica escolar.

## 5. CRISES, TRANSFORMACIÓNS, ALTERNATIVAS

As diverxencias entre o discurso teórico e os resultados prácticos conse-

6 *Ideología y utopía: Introducción a la sociología del conocimiento*, Madrid, FCE, 1987.



Portada da edición de 1980 do Informe da Comisión Internacional para o Desenvolvemento da Educación, en versión española de Carmen Paredes de Castro.

guidos, as disfuncións ou ineficacia comprobada nalgunhas respostas, así como a aparición de novas necesidades e contextos sociais, foron producindo esixencias diferentes á política e a educación, obxectivos renovados para a Pedagogía, e propostas de cambio axustadas ás transformacións sociais, culturais e económicas. O derradeiro tercio do século foi testemuña destas circunstancias, condicionamentos e solucións alternativas.

En 1972, un famoso Informe da Comisión Internacional para o Desenvolvemento da Educación, establecido pola UNESCO, sinalaba como motivos para a modernización ou innovación a preocupación existente por remediar os fallos detectados, o aproveitamento dos avances científicos destinados a racionalizar as prácticas educativas e a propia vitalidade ou impulso dos protagonistas da educación. Desde a mirada á situación do momento e desde a perspectiva de estimular posibilidades, marcábanse recomendacións e tendencias que desde entón foron cobrando relevancia no deseño das accións político-pedagóxicas; o derradeiro cuarto do século XX incidiu substantivamente en formulacións e accións relacionadas, entre outros, cos seguintes aspectos: a educación permanente como idea rectora das novas políticas educativas; a diversificación e desformalización das actividades e institucións educativas; a valoración da importancia educativa da primeira infancia; a ampliación en tempos e contidos da Educación Xeral Básica, conciliando formación xeral e técnica; a integración da tecnoloxía nos sistemas educativos; a busca dunha identidade da función docente adaptada á natureza dos sistemas educativos modernos; a pretensión de asociar educación e traballo, coa optimización da mobilidade profesional e o papel formativo das empresas; o afán por democratizar a xestión da educación<sup>7</sup>...

Esas tendencias innovadoras que, como dicíamos, marcan gran parte da

7 E. Faure, e outros, *Aprender a ser*, Madrid, Alianza Universidad-UNESCO, 1973, páxs. 261-322.

caracterización educativa destes vinte-cinco anos últimos do século, supoñen a definición dun novo papel dos profesores que a través da súa evolución achegan tamén neste período significativas dimensións. Os documentos da Conferencia Internacional de Educación convocada pola UNESCO en 1975 poden resumirnos algunhas posicións como a súa afirmación de que os profesores han ser conscientes de que non deben ter unha idea fixa sobre a súa función xa que esta se modifica segundo as influencias dos cambios producidos na sociedade. Punto clave nesa concepción é o tema do seu carácter de educadores e non de meros transmisores de información e coñecementos; ser educador —dise— significa servir de mediador entre o individuo que se educa e a masa ou conxunto de informacións, e en tanto que mediador a súa tarefa é axudar a buscar, validar, asimilar coñecementos que poidan ser base para novas aprendizaxes, ensinar técnicas de pensamento e investigación; ademais, resáltase a necesidade de establecer novas relacións cos estudantes, que deben tomar parte de forma máis activa nos procesos educativos, cos pais e co resto de docentes e outros profesionais da educación. Para isto reclámase unha mellora da preparación destes, na que a formación inicial non é máis que unha primeira etapa dun proceso coordinado e continuo; no primeiro caso, ademais dunha preparación xeral e profesional, ha pre-

verse e asegura-lo autodesenvolvemento persoal e profesional; na formación en exercicio, as políticas —engádesse— han ser flexibles, adaptadas ás necesidades e mobilizadoras do interese e a participación dos colectivos profesionais<sup>8</sup>.

Certamente os impactos do cambio sociocultural e económico sobre o feito educativo foron numerosos e difíciles. Xa no período final do século a educación —como proceso e sistema— e as políticas educativas víronse condicionadas e interpeladas por algúns feitos relacionados coa acelerada evolución e o amplo desenvolvemento da ciencia e a tecnoloxía, as importantes esixencias do desenvolvemento económico e as súas demandas de cualificación, a extraordinaria expansión dos medios de comunicación, etc.<sup>9</sup> E gustaríanos salientar brevemente polo menos tres repercusións de entre as importantes consecuencias que eses fenómenos tiveron no campo educativo. Por unha parte a necesaria vinculación da escola e o mundo do traballo, da cultura escolar e a cultura laboral; en definitiva, a pertinente adecuación das estruturas do sistema educativo ás da produción. Por outra parte aparece unha tendencia a medi-los resultados ou o rendemento do ensino, economizando recursos e buscando novas fontes de financiamento; iso significa un interese pola calidade do ensino, pero representa do mesmo modo a

8 N. M. Goble, e J. F. Porter, *L'évolution du rôle du maître*, UNESCO, París, 1977, páxs. 53-55 e 234-243.

9 J. M. Fernández Soria, e A. Mayordomo Pérez, *Política educativa y sociedad*, Valencia, Universitat de València, 1ª ed., 1993, Nau Llibres, 2ª ed., 1996.

introducción da lóxica da produtividade ou a rendibilidade dos investimentos nos sistemas educativos. Finalmente, unha terceira repercusión é a que ten que ver coa posibilidade dun novo modelo de escola que, incapaz de responder adecuadamente ós constantes e vertixinosos cambios do coñecemento, e tendo en conta a pluralidade de instancias formativas dunha 'sociedade educativa', ha realizar unha tarefa 'constructiva', moi diferente á da escola meramente transmisora; un traballo que —como sinala Tonucci— é un espacio de investigación, de reflexión, un lugar para a reestructuración e a construción do coñecemento<sup>10</sup>.

Podemos concluír agora, pois, que o século que comentamos transmítelle ó XXI unha especie de legado que pecha e abre a un tempo unha esencial reflexión sobre os obxectivos da aprendizaxe e sobre os motivos dun axeitado desenvolvemento socioeducativo. A UNESCO quixo expresar recentemente os horizontes, principios e orientacións dun tesouro que cómpre coidar, unha herdanza de fundamentos e tarefas que chegaron a ser seguridades, pero que son aínda utopías e retos. A educación entre os valores do local e do mundial, a educación para a cohesión social e a participación democrática, a educación mirando polo crecemento e o desenvolvemento humano... e a proposta de catro aprendizaxes fundamentais:

*aprender a coñecer*, é dicir, adquiri-los instrumentos do saber e da comprensión, aprender a aprender; *aprender a facer*, como forma de influír sobre o propio contorno vital desde a adquisición de competencias como a cualificación profesional, as aptitudes para o traballo en equipo, a capacidade de iniciativa, etc.; *aprender a vivir xuntos*, para participar ou cooperar cos demais, descubri-los outros, tender cara a obxectivos comúns... propicia-los valores do pluralismo ou a paz; *aprender a ser*, configurando unha personalidade propia, con autonomía, xuízo e responsabilidade persoal<sup>11</sup>.

## 6. LIÑAS DE RENOVACIÓN PEDAGÓXICA NUN SÉCULO DE EDUCACIÓN EN ESPAÑA

Cando se inicia un novo século están presentes xa no panorama pedagóxico español os grandes temas para unha reforma educativa das prácticas escolares, sobre todo en razón do alento reformador mantido pola Institución Libre de Enseñanza. Ese desexo de renovación educativa subliña tamén aquí a importancia do suxeito da aprendizaxe e a función da infancia, postula as vantaxes dunha escola activa e reivindica innovadoras referencias organizativas como a escola unificada e a graduación escolar. A historia das tres primeiras décadas do século está chea de propostas que demandan reformas

10 F. Tonucci, *¿Enseñar o aprender? La escuela como investigación quince años después*, Barcelona, Graò, 1990.

11 Informe a la UNESCO de la Comisión Internacional sobre la Educación para el siglo XXI presidida por Jacques Delors, Madrid, Santillana-Unesco, 1996, páxs. 96-109.



urxentes para a educación nacional, sinalando os indicadores pedagóxicos máis adecuados. Naquel entón tamén se coñecen, definen e ensaian algúns principios e métodos pedagóxicos; introdúcense certos cambios organizativos e metodolóxicos nun progresivo movemento de modernización pedagóxica. Razóns políticas, discurso pedagóxico e actividades ou experiencias prácticas integranse nun interesante conxunto de demandas e iniciativas, moi distantes en demasiadas ocasións de facérense realidade de forma ampla ou xeral. Cabe citar nese aspecto os traballos de recepción e difusión de novidades pedagóxicas que levan a cabo revistas como o *Boletín de la Institución Libre de Enseñanza* (1877-1936) ou *La Escuela Moderna* (1891-1934), a *Revista de Escuelas Normales* (1923-1936) ou a *Revista de Pedagogía* (1922-1936); esta última desenvolverá ademais un considerable labor de edición de publicacións que querían ofrecer traballos metodolóxicos para a aplicación práctica ás diversas didácticas especiais, sobre variados aspectos do material e a organización escolar, textos escolares e obras sobre diversos temas da cultura pedagóxica; e é preciso recorda-la existencia dun empeño en conseguir unha máis alta e cualificada formación dos docentes, que fai que se estableza en 1909 a Escola de Estudos Superiores do Maxisterio, co fin de formar profesores de Normal e inspectores e elevalo nivel profesional dos mestres; ou que motiva, tamén, que a partir de 1913 se regulen cursos de perfeccionamento para mestres do ensino primario ofi-

cial, “completando la obra que realizan las Escuelas Normales” e co obxecto de “estimular a los maestros estudiosos”. En 1931 establécese unha singular e importante reforma nos estudos do Maxisterio cun novo plan que lles esixe ós mestres unha “firme preparación pedagóxica”, e para o cal se converten as Normais en institucións profesionais con maior incidencia na especialización pedagóxica e as prácticas docentes; e en 1932, na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Madrid, creábase unha Sección de Pedagogía, xustificada polo “interés tanto científico como práctico, que en nuestro tiempo suscitan, por fortuna, cuantos problemas se refieren a la enseñanza y, en general, a la formación y cultura de la personalidad humana”, así como polo patente desenvolvemento acadado polos estudos pedagóxicos e as ciencias que lles serven de fundamento.

Outro destacado campo de desenvolvemento profesional pedagóxico é sen dúbida o relacionado coa investigación, a experimentación pedagóxica e o ensaio ou promoción de modelos e técnicas educativas. Nesta liña o Instituto Escuela creado en Madrid en 1918 —como os abertos durante a II República en Barcelona, Valencia, Sevilla e Málaga— centraban as súas tarefas e finalidades na aplicación de novos métodos educativos e no desenvolvemento de experiencias para a formación dos docentes do ensino secundario. Neste apertado repaso ha ser considerado un excelente esforzo realizado para facer posible o coñecemento



das máis modernas realizacións e concepcións metodolóxicas e organizativas do momento; un obxectivo que se impulsa promovendo as viaxes e bolsas ó estranxeiro a través da Xunta para a Ampliación de Estudos. Creado en 1907, este organismo facilitou a profesores normalistas, inspectores e mestres coñecer importantes experiencias de renovación educativa en Europa, estimulando así a introducción dese pensamento e práctica e a súa difusión polas escolas.

E algo, tamén, deberemos citar do destacable traballo de investigación, estudio e divulgación desenvolvido a prol da renovación pedagóxica; ben sexa tratando de avanzar no coñecemento e aplicacións da Paidoloxía e a Psicoloxía e Pedagogía científica, ben elaborando respostas metodolóxicas e organizativas innovadoras para o traballo escolar, para temas como a graduación escolar, a introducción do método de proxectos, a imprenta na escola, etc.


En definitiva, este momento histórico —que se estende ó longo das tres primeiras décadas do século— supón a recepción en España do movemento das 'escolas novas', e o seu afán de afondar na dimensión científica da Pedagogía ou de dar respostas válidas para a renovación didáctica. Lorenzo Luzuriaga é seguramente a figura máis destacada na cristalización dese ideal; coñecedor da teoría e as experiencias da vangarda educativa europea, membro do Comité Executivo da Liga Internacional da Educación Nova,

Luzuriaga mostra eficazmente todo o seu traballo e alento arredor dos principios da escola única e a escola activa oposta ós métodos do ensino tradicional; e desde o punto de vista político resalta nos seus numerosos traballos a necesidade dunha reforma institucional encarnada nunha escola pública e laica que faga posible a renovación pedagóxica xeneralizada. Non pode esquecerse, ademais, que as publicacións promovidas pola editorial da *Revista de Pedagogía* puxeron ó alcance dos educadores as obras de Dewey, Kerschesteiner, Claparède, Decroly, Ferrière, Petersen, Cousinet... e na revista escribirían, entre outros e ademais dalgúns dos citados, Bovet, Kilpatrick, Montessori, Piaget, Watson, etc. A modernidade pedagóxica pugnaba por introducirse e aplicarse en España, e durante o primeiro bienio republicano recibiría un impulso definitivo.

Algúns anos máis tarde, cando España entra nun proceso de desenvolvemento, os cambios nas realidades e necesidades repercutirían igualmente na evolución e transformación das formulacións pedagóxicas. Abríase así, mesmo que debilmente e con referentes distintos, unha etapa na que de novo se vai proclama-lo desexo de racionalidade técnica e renovación das prácticas escolares. Os intentos nesa orde de cousas ou intencións sucedense; lembremos algúns exemplos: en 1953, unha reforma dos cuestionarios nacionais de ensino quere inscribirse no intento de darlles ás tarefas



Adolfo Maíllo, director do CEDODEP, e un número da revista *Vida Escolar* que foi o instrumento de comunicación do mencionado organismo.



escolares un sentido didacticamente eficaz; e ese mesmo ano, a nova lei de Ensino Medio xustificaba a reorganización emprendida a prol da aplicación de métodos pedagóxicos dirixidos a perfeccionar os procedementos de índole técnica; precisamente nesa liña hai unha institución e un medio que merecen ser destacados: o Centro de Orientación e Documentación Didáctica de Ensino Primario e a revista *Vida Escolar*<sup>12</sup>. Adolfo Maíllo, director daquel organismo, adoptaría unha

posición diferente ante “el progreso pedagógico”, recoñecendo que non era adecuado caer nunha reacción contra os medios, tachándoos de inútiles, e entregarse a “una enseñanza de tipo anárquico o anticuado, como ha ocurrido, ciertamente, en los últimos años, so pretexto de que todas estas eran conquistas extranjeras y de que nuestra psicología pugnaba con ellas”<sup>13</sup>.

Desde aquela, a vontade será racionalizar cada vez máis as prácticas

12 O Centro foi creado en 1954 co nome de Centro de Orientación Didáctica; encargábase da orientación didáctica en primaria e secundaria; despois, en 1958, dedicárase exclusivamente ó Ensino Secundario, e creábase o CEDODEP de forma específica para o Ensino Primario.

13 A. Maíllo, *Los problemas de la educación popular*, Madrid, Páginas de la Revista de Educación, 1954, páxs. 29-30.

escolares; e desa maneira é evidente que nos primeiros anos sesenta aumenta de forma importante e significativa a preocupación pola organización e os resultados daquelas, sempre na crenza de que “la escuela debe ser más rentable”, na busca do logro dunha nova eficacia. A promoción da modernidade pedagóxica irá unida entón ó desenvolvemento dunha coidada organización do traballo escolar, á comprobación do rendemento dos alumnos e a unha avaliación do sistema, á mellora, en fin, do nivel de preparación ou capacitación técnico-pedagóxica dos docentes<sup>14</sup>.

No ordenamento legal do sistema educativo podemos atopar ó longo de ses anos diversos impulsos a tal orientación; a Lei de Ensino Medio de 1953 afirmaba na súa declaración de motivos o propósito de contribuír a perfeccionar os procedementos técnicos, tratando de renovar o ensino nese nivel educativo. En 1963, unha orde do 22 de abril programa a distribución de actividades escolares co obxecto de aumentar a eficacia e o rendemento da escola primaria; e en 1964, establécense uns ‘niveis mínimos’ de coñecementos, hábitos e destrezas para as diferentes disciplinas, coa intención de prestar especial atención ós exercicios e non só ás nocións, de acometer o cultivo sistemático dos hábitos e as destrezas, con vistas a unha escola *nada memorística, nada*

*libresca, moi educativa e moi activa*. Nese caso propíciase unha metodoloxía activa, polo que se lles recomenda ós mestres que eviten “el empleo de procedimientos didácticos inspirados en el memorismo, la rutina y la repetición de definiciones y clasificaciones que el niño ‘estudia’ en un determinado manual, y que, en la mayoría de los casos, no comprende”; e, polo tanto, ínstase a procurar, pola contra, motivar as ensinanza, ofrecerlles ós nenos ‘situacións de aprendizaxe’ e multiplicar as ocasións en que os alumnos exerciten as súas capacidades de observación, reflexión e expresión persoal<sup>15</sup>.

En 1965, a lei que reforma a Educación Primaria expresa o propósito de colaborar para a mellora da súa organización e rendemento. Tamén ese ano se aproban os novos *Cuestionarios Nacionales de Enseñanza Primaria*; unha medida destacada que propiciaba uns cambios considerados como unha verdadeira reforma curricular, que presentaba signos de modernización e abría perspectivas, entre outros aspectos, a enfoques do traballo didáctico máis realistas, activos e flexibles, á realización dun proceso de aprendizaxe máis axustado ás condicións ou capacidades psicopedagóxicas dos alumnos.

Coa promulgación da Lei xeral de educación, en 1970, deséñase un marco legal e un impulso político-pedagóxico

14 R. López Martín, e A. Mayordomo, “Las orientaciones pedagógicas del sistema escolar”, en A. Mayordomo (coord.), *Estudios sobre la política educativa durante el franquismo*, Universitat de València, 1999, páxs. 41-103.

15 *Vida escolar*, núms. 55-56, 1964, páxs. 1-2.

propicio ó cambio e a modernización. A lei de Villar Palasí quería responder ós problemas detectados naquel momento polo famoso Libro Branco: fracaso escolar, falta de eficacia nos métodos didácticos, carencia de orientación profesional, incapacidade para facer fronte á demanda social de educación...; e para iso o enfoque reformista de 1970 apuntaba unha política encamiñada a definir unha reforma integral do sistema educativo, a fixar e construír unha escolaridade básica sólida e suficiente, a conformar unha formación profesional relacionada co mundo do emprego, a introducir unha seria modernización pedagóxica en bastantes ámbitos do sistema educativo.

Finalmente, a Lei orgánica de ordenación xeral do sistema educativo quere ser norma e instrumento para a reforma educativa que prepare a educación dos españois cara ó cambio de século. O discurso pedagóxico, a realidade do sistema, o debate político, os avances e problemas, fóronse producindo arredor dese mandato e camiño que procura a calidade do sistema educativo e a modernización das prácticas pedagóxicas; un proceso que trata de afianzar obxectivos e tarefas que teñen que ver coa importancia que as actuais tendencias conceden á cualificación do profesorado, a autonomía organizativa dos centros, o apoio psicopedagóxico ó alumnado, a innovación curricular e metodolóxica, etc.

## 7. A EDUCACIÓN COMO CUESTIÓN POLÍTICA NA ESPAÑA DO SÉCULO XX

Sen dúbida non fai falla dicir que ese eixe de modernidade e racionalidade pedagóxica foi descontinuo e, en todo caso, non moi amplamente materializado en termos de extensión ou xeneralización. En bastantes ocasións o ordenamento legal non recolleu ou deu a axeitada canle ó impulso ou ás fórmulas renovadoras; noutras ocasións, incluso, a política manifestouse cun claro rexeitamento ó que cualificaba como inconvenientes e inutilidades dun modelo pedagóxico moderno, considerado como 'liberal', 'estranxeiro' ou 'revolucionario'. Os anos posteriores á Guerra Civil son o máis evidente e firme escenario desa consideración.

Pero onde a dimensión política cobra maior e máis influente protagonismo é na confluencia de intereses e intervencións que Estado e Igrexa manteñen no terreo do educativo. A intervención estatal, a iniciativa privada, o papel do Estado en materia educativa e o fortalecemento do ensino oficial, os dereitos e a misión da Igrexa..., a confesionalidade ou neutralidade do ensino, por outro lado, esas son as razóns dunha verdadeira 'querela' ou 'cuestión' escolar. O proxecto liberal e as posicións dos católicos pugnan por adianta-las súas medidas ou afirma-las súas ideas durante todo o primeiro tercio do século.

E ámbalas posturas viven o seu máis agudo desenvolvemento durante

os anos da II República nos que o enfrontamento se fai máis grave e definitivo. Outra volta os máis intransixentes ou radicais dun lado e doutro non quixeron resolver de forma negociada, buscando a 'fórmula de paz' que reclamara Alcalá Zamora nos debates constitucionais. Nesta ocasión falaríase de novo, por uns, de ataque directo á liberdade de ensino, de 'imposición tiránica' ou 'persecución relixiosa', e, por outros, de medidas de 'utilidade social' e 'defensa da República'.

Ó parecer de Manuel Azaña, o problema relixioso representaba substancialmente o problema da implantación e organización do laicismo do Estado, que era tanto como dicir ou sinalalo problema e a necesidade dun fortalecemento na súa constitución e organización: tratábase de conformar un Estado secularizado, laico e moderno, e nese camiño sitúase a expresión do propio Azaña respecto a que a política emprendida e as súas repercusións educativas non eran senón unha "cuestión de salud pública" para evitar que se ensinasen "lo contrario a los principios en que se funda un Estado moderno". Podemos dicir que estas dúas grandes consideracións políticas serán as que poñan as bases para argumentos e contraargumentos dunha dura batalla sociopolítica: por un lado significaba a necesidade dunha escola republicana, formadora dos seus cidadáns e da conciencia nacional, o cal esixía a consideración do ensino como unha función pública e outorgaba ó Estado o importante papel de educador; por

outro, representaba o desexo de situalo tema relixioso unicamente na esfera privada da conciencia persoal. As orientacións e dimensións básicas desa política poden resumirse nas seguintes medidas: inmediato recoñecemento da non obrigatoriedade do ensino relixioso nos establecementos escolares; constitucionalización da non confesionalidade do Estado e do seu carácter laico; disolución da Compañía de Xesús e prohibición do exercicio do ensino ás ordes e congregacións relixiosas. Cambios sen dúbida extraordinarios.

As dúas posicións, pois, aparecen ben delimitadas: para unha delas esa política preséntase como dereito e deber da República, como defensa do principio da soberanía do Estado, como instrumento de integración social a través dunha maior igualdade para o acceso á educación e como medida de respecto á futura liberdade de conciencia do neno; para a outra todo isto, pola contra, é considerado como signo de hostilidade á Igrexa e as tradicións seculares, como un claro desexo de monopolio e como tiranía que usurpa os dereitos da familia, como vía de imposición forzada de criterios ideolóxicos que haberían formar xeracións inimigas da Igrexa.

A posguerra marcará a dirección contraria ó modelo republicano; o concordato de 1953 fixaba así os puntos esenciais desa plena integración do católico no Estado, na sociedade: o ensino debía axustarse en tódolos centros docentes ós principios do dogma e a moral católica, e en todos aqueles centros

o Estado garantía o ensino da relixión católica como materia ordinaria; a Igrexa sería a encargada de vixia-la ortodoxia relixiosa dos centros, libros e materiais de ensino, e quedaba facultada para organizar e dirixir escolas públicas.

Non obstante todo iso, algún receo ou desacordo crea ás veces pequenos pero significativos e interesantes problemas. Porque non podemos esquecer que a Falange tendera desde as súas orixes cara á estatificación do sistema educativo; e é sabido tamén que falanxistas e católicos pugnarán con anterioridade á promulgación da lei de 1945 para afirmaren o seu control sobre o ensino. Certas diverxencias entre o Estado e os sectores eclesiais continuarán mostrándose con motivo da preparación da lei de Ensino Medio de 1953, e finalmente a propósito da reforma educativa de 1970. Por certo que nese último momento o conflito de intereses faise máis profundo ó incrementar o Estado a súa intervención na oferta escolar pública e abrirse a política a novos esquemas, máis distantes das primeiras e firmes defensas do principio de subsidiariedade, un concepto considerado como indiscutible durante anos. Por aí virán as principais diferencias: as propostas de financiamento do sistema escolar e o entendemento da gratuidade ían se-los principais compoñentes desa controversia, dentro dunha nova tendencia na política educativa que a Asemblea conxunta de bispos e sacerdotes cualifi-

caba mesmo como estatificadora. A posición dos católicos insistirá agora en que a política educativa non ha limitarse a recoñece-los dereitos dos pais senón que ha apoia-las iniciativas sociais no ámbito educativo: neste momento da nosa historia poñen de manifesto o seu desexo de que os motivos económicos non sexan impedimento para a elección dos centros docentes, e que non se discrimine en favor dos centros oficiais na distribución dos recursos económicos dedicados á educación, reclamando en consecuencia unha axuda pública para os seus centros co fin de garanti-la gratuidade en todos eles.

El é que nunha disposición adicional da Lei xeral de educación de 1970, ó trata-lo tema dos medios económicos que o Estado debía achegar para o seu desenvolvemento, indicábase que o Goberno atendería 'preferentemente' ás necesidades da implantación da Educación Xeral Básica e a Formación Profesional de primeiro grao para cubri-los postos escolares nos centros estatais. Pero ademais, un decreto do 22 de agosto dese mesmo ano, ó regula-la implantación da gratuidade para aqueles niveis, remitía a súa aplicación nos centros privados que non viñeran funcionando ata ese momento en réxime de gratuidade ó establecemento posterior de normas para os concertos e "a medida que (...) se extienda la obligatoriedad de la gratuidad de la Educación General Básica y de la Formación Profesional de primer grado a todo el territorio nacional"<sup>16</sup>.

16 Decreto do 22-VIII-1970, BOE do 5-IX, art. 4º.



Unha inmediata reacción e unha forte oposición producíronse con respecto a estes temas desde o episcopado e a Federación Española de Religiosos de España. Mentres, o antigo ministro de Educación Nacional, Joaquín Ruíz Jiménez, falará dun “servicio público nacional de enseñanza”.

Logo deste tempo histórico, a España da transición á democracia viuse empurrada á busca do acordo tamén en materia educativa. Chegado ese momento o país vivía a necesidade de acada-lo consenso sobre un proxecto educativo, de xerar nese terreo un marco de convivencia duradeira. Un acordo, por outra banda, que aínda conseguido e servindo de referente básico e imprescindible non eliminaría a controversia sobre vellas cuestións. Así, as orientacións políticas da Constitución de 1978 recoñecían aspectos ben significativos nos que se produce unha importante transacción entre diferentes posturas ideolóxicas que pugnarán en distintas etapas da nosa historia; é o caso da formulación do dereito a recibir na escola unha formación relixiosa e moral acorde coas conviccións persoais, e a aceptación do principio de voluntariedade do ensino da relixión nos centros escolares; ou o da proclamación da liberdade de creación de centros docentes privados, ó tempo que o recoñecemento da obriga de axudalos economicamente, e a ordenación das formas en que a comunidade educativa debe intervir no control e xestión dos centros. Desde aí, o noso presente, construír un sistema educativo integra-

do, plural, concibido como servicio público, aínda que sen monopolio dos poderes públicos; un marco que fundamentou a máis recente historia.

## BIBLIOGRAFÍA

- Dewey, J., *Democracia y educación*, Madrid, Ediciones Morata, 1995.
- Faure, E., e outros, *Aprender a ser*, Madrid, Alianza Universidad-UNESCO, 1973.
- Fernández Soria, J. M., e A. Mayordomo Pérez, *Política educativa y sociedad*, Valencia, Universitat de València, 1ª ed., 1993; Nau llibres, 2ª ed., 1996.
- Ferrière, A., *La escuela activa*, Barcelona, Herder, 1982.
- *La educación moral y cívica*, Barcelona, Editorial Laia, 1972.
- Freinet, C., *Las invariantes pedagógicas*, Madrid, Ediciones Morata, 1996.
- Goble, N. M., e J. F. Porter, *L'évolution du rôle du maître*, París, UNESCO, 1977.
- González Rodríguez, E., *Educación y sociedad en la España de Alfonso XIII*, Madrid, Fundación Universidad y Empresa, 1988.
- Informe a la UNESCO de la Comisión Internacional sobre la educación para el siglo XXI presidida por Jacques Delors*, Madrid, Santillana-UNESCO, 1996.



- Kerschensteiner, J., *Concepto de la escuela del trabajo*, Madrid, Ediciones La Lectura.
- López Martín, R., e A. Mayordomo, "Las orientaciones pedagógicas del sistema escolar", en A. Mayordomo (coord.), *Estudios sobre la política educativa durante el franquismo*, Universitat de València, 1999.
- Luzuriaga, L., *Ideas pedagógicas del siglo XX*, Bos Aires, Losada, 1964.
- Mañlo, A., *Los problemas de la educación popular*, Madrid, Páginas de la Revista de Educación, 1954.
- Mannheim, K., *Ideología y utopía: Introducción a la sociología del conocimiento*, Madrid, FCE, 1987.
- Molero Pintado, M., *La reforma educativa de la Segunda República Española*, Madrid, Santillana, 1977.
- Palacios, J., *La cuestión escolar*, Barcelona, Laia, 1978.
- Puelles Benítez, M. de, "Estado y Educación en el desarrollo histórico de las sociedades europeas", *Revista Iberoamericana de Educación*, núm. 1, 1993, páxs. 35-57.
- Tonucci, F., *¿Enseñar o aprender? La escuela como investigación quince años después*, Barcelona, Graò, 1990.





## A LINGÜÍSTICA NO SÉCULO XX

Francisco García Gondar\*  
Guillermo Rojo\*\*  
Universidade de Santiago  
de Compostela

### 1. INTRODUCCIÓN

Dise habitualmente que a historia, cando menos a dos períodos próximos, escribena sempre os vencedores e, polo tanto, manifesta a súa perspectiva —parcial e interesada— do acontecido. Aplicado á historia das disciplinas científicas, isto significa que a visión de cada período tende a concentrarse nas correntes que, con certa distancia temporal, resultan se-las máis características da época en cuestión polo grao de recoñecemento que acadaron na comunidade científica. Así, as historias da Lingüística presentan o XIX como un século dedicado ós estudos comparatistas e históricos, o cal constitúe unicamente unha parte da verdade, xa que moitos —probablemente a maioría— dos lingüistas daquela época pasaron a súa vida profesional realizando traballos (gramáticas, dicionarios, etc.) de natureza diferente á dos que aparecen mencionados nos manuais.

Hai xa corenta anos, Thomas Kuhn (1962) puxo de manifesto a inadecuación da concepción, daquela habitual, segundo a cal a historia das ciencias é un camiño que conduce de xeito gradual, pero constante, á verdade, representada sempre polo que cada época estima correcto. Kuhn mantén que as ciencias evolucionan a base de alternaren fases de estabilidade (períodos de *ciencia normal*), nas que os científicos traballan no interior dun marco conceptual ben establecido e indiscutido (un *paradigma*), e fases de cambio (períodos de *ciencia extraordinaria*), nas que o paradigma vixente ata entón acaba sendo substituído por outro que a comunidade científica estima máis axeitado. O inicio do cambio ten lugar cando o paradigma vixente empeza a ser cuestionado por científicos que descubren a existencia de feitos que ese sistema non pode explicar (*anomalías*); se as anomalías aumentan, prodúcese unha crise na que xorden propostas de paradigmas alternativos, dos que un pode chegar a prevalecer sobre dos

\* Profesor asociado de Lingüística Xeral.

\*\* Catedrático de Lingua Española

outros. Se isto acontece, iníciase un novo período de estabilidade cun novo paradigma aceptado maioritariamente pola comunidade científica.

A concepción de Kuhn foi aplicada á historia da lingüística contemporánea sobre todo polos partidarios da gramática xenerativo-transformacional. Cunha perspectiva interesada e bastante inxusta, aproximadamente entre 1965 e 1985 considerouse que estabamos asistindo á substitución do vello paradigma estruturalista, de finalidade puramente descritiva e taxonómica, polo xenerativista, de finalidade explicativa e, por suposto, o único merecente de atención<sup>1</sup>. Tal como moitos vían a situación nesa época, o cambio de paradigma estaba practicamente consolidado e quedaba simplemente agardar a que o paso dos anos e a desaparición física dalgúns irreductibles partidarios do anacrónico taxonomismo estruturalista acabase de clarificalo panorama.

Hoxe sabemos que os cambios nas ciencias son procesos bastante máis complexos e a evolución da Lingüística tampouco parece axeitarse moi ben á teoría de Kuhn. Por iso esta concepción foi deixando paso a outras menos simplificadoras dos procesos de cambio científico. Por exemplo, a noción de *programas de investigación* en longa competencia uns cos outros, cun núcleo forte que permanece inalterado

e un cinto de hipóteses complementarias que poden sufrir modificacións (Lakatos, 1969), parece moito máis axeitada para entendermos correctamente o que sucede na Lingüística e nas demais disciplinas científicas.

Nunha presentación global da Lingüística do século XX como a que ofrecemos neste traballo, non resulta posible xustificar desde a perspectiva da historia da ciencia a compartimentación coa que tratamos de reflectir a evolución da nosa disciplina ó longo destes cen anos. Sinalemos unicamente que se trata dunha fase de notable expansión da disciplina, que se manifesta no desenvolvemento de diversos programas de investigación (*vid.* §2) e mais na progresiva diversificación das perspectivas de análise da linguaxe e que se ve referendada pola súa imparable institucionalización (recoñecemento académico, creación de sociedades lingüísticas, aumento das revistas especializadas, congresos, etc.). De vulgarmos este panorama segundo a concepción kuhneana dos cambios científicos, teríamos que concluír que en ningún momento existe un período de ciencia normal no que se produza a aceptación maioritaria dun único marco teórico; a multiplicidade de aproximacións á linguaxe que conviven no tempo e compiten unhas con outras constitúe unha constante ó longo de todo o século. Aínda así, por enriba desta multiplicidade de orientacións, cremos posible

<sup>1</sup> Esta caracterización do estruturalismo e do xenerativismo en función das dúas finalidades, que reflectirían dúas maneiras antitéticas de facer ciencia (considerándose a explicativa superior á taxonómica) ten a súa orixe en Bach (1965).

identificar algúns trazos xerais que reflicten os principios cos que os lingüistas veñen enfrontando o estudio da linguaxe e que dalgún xeito representan a ‘unidade na diversidade’ da lingüística do século actual.

## 2. OS GRANDES PERÍODOS DA LINGÜÍSTICA NO SÉCULO XX

### 2.1 A HERDANZA DO SÉCULO XIX

A Lingüística decimonónica caracterízase fundamentalmente por concentrarse na comparación de linguas primeiro e no estudio da súa evolución despois. En boa medida, representa a traslación á nosa disciplina dos cambios que pola mesma época tiñan lugar noutras ciencias, algunhas delas notablemente distanciadas da nosa (Botánica, Química, Bioloxía, Anatomía comparada, Xeoloxía). O último cuarto do século XIX, dominado pola corrente dos neogramáticos<sup>2</sup>, supón a radicalización da compoñente historicista nos estudos lingüísticos e tamén da concepción mecanicista dos procesos evolutivos. Feitos como a importancia da posición do acento descuberta por Karl Verner en 1875, que conseguía explicar de xeito elegante o que ata aquel momento parecía ser unha incomprendible excepción na evolución do sistema consonántico das linguas xermánicas, dentro da familia indoeuropea, levaron a moitos lingüistas ó convence-

mento de que o estudio histórico era o único provisto de cientificidade e, por outra parte, á certeza de que a evolución das linguas (en particular, a evolución fonética) se producía dun xeito perfectamente regular (é dicir, mecánico) e, polo tanto, podía ser formulada en termos de *leis fonéticas*, que son a versión lingüística das leis físicas.

Na mesma liña, os neogramáticos estaban convencidos da posibilidade de individualizar e delimitar con toda claridade —precisamente sobre a base do seu comportamento histórico— as linguas e os dialectos. Mapas lingüísticos, fronteiras dialectais, isoglosas, etc., son nocións que teñen especial relevancia nesta época e que mostran repetidamente a confianza dos neogramáticos na posibilidade de atopar regularidades que non tivesen máis excepcións que aquelas que puideran ser explicadas mediante outras regularidades ou ben mediante o fenómeno da asociación psicolóxica de formas (a chamada *analogía*) e o préstamo.

Nas dúas primeiras décadas do século XX desenvólvense unha serie de correntes que reaccionan contra os postulados dos neogramáticos, pero sen alteraren no esencial o obxectivo historicista da súa investigación. En primeiro lugar, a Dialectoloxía, que trata de demostrar que a variación lingüística vai moito máis alá do que os neogramáticos supoñían e que as diverxencias se producen nunha especie de

<sup>2</sup> Escola de lingüistas que tivo o seu núcleo orixinario na Universidade de Leipzig pero que estendeu a súa maneira da facer lingüística ó resto do mundo occidental.

*continuum* no que as fronteiras entre dialectos non poden establecerse de forma nida. Logo a Xeografía lingüística, metodoloxía que abre a posibilidade de representar en mapas (os chamados *atlas lingüísticos*) a distribución espacial dos fenómenos e, a partir desa representación, explica-la súa difusión; a dita análise conduce a postula-la necesidade de face-la historia de cada palabra porque os factores individuais teñen un peso decisivo en cada caso: non hai historia dos sons, senón historia individual das palabras. Por outra banda, a Fonética, que empeza por eses anos a beneficiarse dos avances da Acústica con aparellos como o quimógrafo, amosa a imposibilidade de demostrar fisicamente a existencia das entidades coas que operaban os neogramáticos (o son *a*, o son *f*, etc.), xa que o mesmo son pronunciado por distintos falantes ou aínda polo mesmo falante en diferentes momentos deixa trazos distintos no papel afumado, revelando así que fisicamente nos atopamos diante de distintas entidades.

En definitiva, son varias as tendencias que nestes primeiros anos do XX están empeñadas en demostrar que nas linguas todo, ou case todo, é diferenza, irregularidade, feito individual e que, en consecuencia, hai que centrarse na diverxencia. Este interese polos feitos individuais constitúe unha manifestación do *atomismo* herdado do século anterior. A vontade de anula-la validez das construcións dos neogramáticos, inxenuas na maior parte dos casos, deixa paso a estoutras pers-

pectivas nas que o interese polo individual non permite contempla-las linguas como totalidades estruturadas e fai imposible de comprende-lo feito de que, malia a todas estas variacións, os falantes poidan entenderse. A visión proporcionada polos estudos realizados desde calquera destas perspectivas é sempre fragmentaria. Enténdese así perfectamente que moitos anos despois varios autores tiveran que preguntarse se era posible concibir unha Dialectoloxía estrutural dado que, en efecto, os postulados estruturalistas e os implícitos nos estudos dialectolóxicos levados a cabo ata aquel momento semellaban contradictorios entre si.

## 2.2 O ESTRUCTURALISMO

A situación que acabamos de describir a grandes trazos no §2.1 é o contexto no que debe situarse a reflexión teórica do lingüista suízo Ferdinand de Saussure [1857–1913], habitualmente considerado como iniciador da Lingüística contemporánea e, máis concretamente, do programa de investigación que caracteriza a Lingüística ata a década de 1970.

Segundo a análise de Coseriu (1981:37), o cambio do positivismo da Lingüística decimonónica e das súas continuacións nos primeiros anos do século XX ó antipositivismo que caracteriza unha boa parte das correntes contemporáneas prodúcese en torno a catro principios básicos: a) o *principio do feito individual*; b) o *principio da substancia*; c) o *principio do evolucionismo*, e d) o

*principio do naturalismo*. Tomaremos estes catro principios como fío condutor para intentar establece-las diferencias máis importantes coa tradición decimonónica, que son tamén —pensamos— as que poden caracterizar globalmente a Lingüística máis marcadamente propia do século XX.

Fronte ó predominio do estudio illado dos feitos individuais (o *atomismo* metodolóxico detectable na práctica tanto dos neogramáticos coma dos seus opositores), Saussure e as diversas correntes estruturalistas postulan a primacía do sistema, concibido non como simple agregado de elementos, senón como conxunto estruturado; esta nova perspectiva obriga a ter continuamente en conta que os elementos non existen comunicados, non son independentes uns dos outros, senón que adquiren a súa identidade en tanto que partes da estrutura e, polo tanto, o seu estudio illado carece de sentido; máis ben, a análise debe concentrarse nas súas relacións, porque só a partir delas é posible identificalos e defínilos.

Por outra parte, a consecuencia metodolóxica do atomismo é o empirismo radical (o empiricismo), isto é, a consideración de que a única forma posible de facer ciencia consiste en acometer, sen hipótese de partida ningunha, o estudio de fenómenos observables, desconectados entre si, coa va esperanza de que nalgún momento posterior chegaremos a telos todos estudiados e entón será

posible face-la ansiada xeneralización.

En realidade, a Lingüística da segunda metade do século XIX e comezos do XX amosou unha actitude de desconfianza fronte ás hipóteses e á teorización. A teoría concíbíase unicamente como o resultado final das xeneralizacións establecidas por vía inductiva a partir da investigación positiva dos feitos que amosan a evolución das linguas e familias lingüísticas. Pero tal forma de proceder é científicamente impracticable e estéril: necesítase unha concepción inicial, unha teoría, no interior da cal temos que intentar dar cabida ós feitos individuais, retocándoa cando é necesario e abandonándoa se se demostra finalmente a súa inadecuación. En consecuencia, deixa de ter sentido o estudio 'preteórico' ou 'ateórico', pretendidamente obxectivo e científico, dos feitos individuais. O obxecto de estudio deben se-los sistemas ou subsistemas lingüísticos, constituídos por elementos que han de identificarse e definirse a partir das súas relacións.

A inexistencia dunha auténtica teoría da linguaxe (e da lingüística) constitúe precisamente un dos aspectos máis criticados por Saussure a comezos de século, cando sinalaba que os lingüistas non eran conscientes das operacións que debían realizar ó enfrontárense co estudio da linguaxe, porque non reflexionaran abondo sobre a súa natureza e sobre as especiais dificultades que había que superar para desenvolver esa investigación; de aí que o



obxectivo último da súa calada<sup>3</sup> reflexión no ámbito da Lingüística xeral fose o de contribuír a aclara-la natureza da linguaxe e da Lingüística. Seguindo esta liña de pensamento, a Lingüística posterior traballou co suposto de que a elaboración teórica constitúe unha dimensión imprescindible do estudio científico.<sup>4</sup>

Con esta revalorización da teoría —que certamente se manifesta en graos moi diversos nas distintas correntes, pero que non deixou de gañar peso no conxunto da investigación lingüística a medida que transcorre o século e que na actualidade ocupa unha posición moi relevante— están conectadas outras características da Lingüística contemporánea que ben poderían xulgarse como consecuencias dela:

— A busca de explicitude, coa cal están moi ligados os múltiples intentos de desenvolver formalismos que eviten as ambigüidades derivadas da utilización da linguaxe natural como metalingua das descrições.

— As discusións sobre o grao de autonomía / integración da Lingüística respecto doutras ciencias e, en consecuencia, do seu status como ciencia.

— A determinación de criterios pertinentes para avalia-lo grao de adecuación das teorías.



Saussure criticaba a inexistencia dunha auténtica teoría da linguaxe.

3 Dicimos “calada” porque Saussure non publicou en vida ningún traballo de lingüística xeral, malia iniciar na década de 1890 a súa reflexión sobre os fundamentos da disciplina. Foi unha circunstancia académica —a xubilación en 1906 do catedrático de Lingüística Xeral na Universidade de Xenebra, da que tamén el era profesor— a que o levou a facer públicas as súas ideas ó asumi-la docencia desta materia durante tres cursos (1907–1911). As notas tomadas polos asistentes a eses cursos foron as que serviron de base para a redacción do *Cours de linguistique générale* (1916), obra póstuma preparada polos tamén profesores de Xenebra, Charles Bally e Albert Sechehaye, coa colaboración dun dos seus máis destacados alumnos, Albert Riedlinger. Ata os anos cincuenta esta obra practicamente constituíu a única fonte para coñece-lo pensamento saussureano e non deixa de resultar paradoxal que durante catro décadas os principios saussureanos, que tanta influencia exerceron sobre algunhas escolas estruturalistas, fosen coñecidos a través dun traballo que non saíu da pluma do propio Saussure.

4 Cualificámola como unha ‘dimensión’ e non como unha ‘etapa’ da investigación porque a ‘teoría’ e a ‘descripción’ manteñen —ou deberían manter— unha relación dialéctica na que se produce unha mutua interacción.

— A diversidade terminolóxica —motivada case sempre polo desexo de individualizar unha determinada concepción da linguaxe e do seu estudo científico—, que, xunto coa frecuente formalización das descrições, constitúe actualmente unha das maiores dificultades para o acceso ós escritos de lingüística polos non especialistas.

O *principio da substancia* refírese á identificación das entidades lingüísticas co que as manifesta nas mensaxes verbais (sons, no caso das entidades que constitúen o significante dos signos, e acepcións ou mesmo entes extralingüísticos, no caso dos significados). Fronte a esta concepción, característica dunha longa tradición na que tamén se inclúen os neogramáticos e os seus opositores, Saussure e toda a Lingüística estrutural posterior consideran as linguas como formas, como conformacións peculiares de substancias que poden chegar a ser idénticas desde unha perspectiva extralingüística. Isto significa que as entidades lingüísticas son fundamentalmente abstractas, aínda que nas mensaxes se manifesten a través de elementos concretos. Esta concepción implica que o importante nun elemento lingüístico non é a súa configuración material, senón o seu valor, é dicir, o papel que desempeña no conxunto ou, dito doutra forma, a súa función.

A consideración primaria do carácter formal dos elementos lingüísticos e a atención á función que desempeñan son os dous principios básicos que están detrás do nacemento da Fonoloxía. É realmente sorprendente que Saussure, que establece con toda claridade o principio de que o signo lingüístico consiste na unión de dúas entidades abstractas (*concepto verbal* e *imaxe acústica*, que propón chamar *significado* e *significante*, respectivamente) e tamén de que é a función a que explica o elemento, non chegara a fundar a disciplina que integra estas dúas consideracións para os elementos fónicos: a Fonoloxía. Foi o Círculo Lingüístico de Praga —no que confluiron os achados da Escola de Kazán<sup>5</sup> con algúns principios saussureanos e mais con ideas procedentes da fenomenoloxía de Edmund Husserl— o que estableceu os fundamentos desta disciplina, que se converteu no modelo de todo o estruturalismo. En efecto, como xa indicamos no parágrafo anterior, a idea dos elementos fónicos que tiñan os neogramáticos non podía obxectivarse nas imaxes físicas que producían os aparellos utilizados polos fonetistas. Polo contrario, daba máis ben a sensación de que todo era cambiante, de que non había nada máis aló das variantes individuais e momentáneas. A idea de que o sistema fónico das linguas está constituído por elementos abstractos, postulada tanto na Escola de Kazán coma no “sistema fónico psíquico” ó que se

5 Representada polos lingüistas polacos Jan Baudouin de Courtenay [1845–1929] e o seu discípulo Mikolaj Kruszewski [1851–1887].

refería Edward Sapir nos Estados Unidos, converteuse na noción operativa no mesmo momento no que se fundiu co concepto de función: na análise é preciso atender primariamente ás variacións fónicas que son distintivas, é dicir, ás variacións que asumen a función de diferenciar significados; as outras non pasan de ser diferencias momentáneas, produto da realización concreta, e por esta razón son irrelevantes para o sistema lingüístico. Con esta fusión quedan explicados xa para sempre feitos como o seguinte: en galego e castelán existen os sons [ɛ] e [e] (*e* aberto e mais *e* pechado), pero o importante cando se analiza a conformación dos dous sistemas fónicos é que esa diferenza ten un status moi diferente en cada un; no castelán aparece unicamente por factores de tipo contextual (aberto antes de certos sons e pechado antes doutros), mentres que no galego se utiliza para distinguir significados como, por exemplo, os de *unha presa de sal* (/ˈpresa/) e *temos moita présa* (/ˈprɛsa/), é dicir, ten unha función distintiva.

O importante, polo tanto, non son as diferencias substanciais, senón a utilización distintiva dalgunhas delas, a función que se lles asigna en cada lingua, os elementos abstractos, en definitiva, que constitúen cada sistema fónico. A diferenza coas perspectivas anteriores é tan profunda que Trubetzkoy chegou a afirmar que as relacións existentes entre a Fonética, ocupada dos feitos substanciais, e a Fonoloxía, centrada nos elementos

fónicos abstractos, é equivalente á que hai entre a Numismática e a Economía. Hoxe non se establece unha diferenza tan tallante entre Fonética e Fonoloxía, pero o paralelismo pretendido por Trubetzkoy é perfectamente ilustrativo do que se pensaba nos anos vinte e trinta. O éxito inmediato da Fonoloxía ten aínda outro aspecto igualmente importante: se os principios teóricos do Círculo Lingüístico de Praga se deron a coñecer no I Congreso Internacional de Lingüistas, celebrado en 1928, os traballos que inauguran a Fonoloxía diacrónica aparecen nos anos seguintes (cfr. Jakobson, 1931). Non deixa de sorprender que a aparición dunha disciplina que modifica tan radicalmente a perspectiva de análise dos elementos fónicos característica do positivismo decimonónico se produza e culmine en tan escaso período de tempo. A Fonoloxía nace, como Atenea da cabeza de Zeus, completa e provista de tódolos seus recursos metodolóxicos.

O *principio do evolucionismo*, que determina a prioridade do punto de vista histórico na tradición decimonónica, tamén sufriu unha modificación radical no *Cours* de Saussure. A pesar da súa formación neogramática, este lingüista establece a dicotomía entre o enfoque diacrónico e o sincrónico e formula con toda rotundidade o principio de que a prioridade na análise ten que corresponder ó segundo, dado que é o único que permite captar —e, polo tanto, describir— unha lingua como sistema de signos que funciona nun

momento dado. A crise pola que, como consecuencia da formulación saussureana, pasan os estudos históricos é consecuencia da súa necesidade de adaptación ós presupostos metodolóxicos estruturalistas. Dito con outras palabras, non hai en Saussure (nin na obra) negación da validez dos estudos históricos. Hai, iso si, negación de que sexan os prioritarios e, por suposto, de que sexan os únicos cientificamente xustificables, como mantiveran os neogramáticos. Polo demais, o enfoque estrutural é tan compatible cos estudos diacrónicos coma cos sincrónicos, polo que a súa inserción na metodoloxía postsaussureana é posible como simple aceptación das consecuencias dos outros dous principios. Pouco máis ou menos, é o mesmo que sucedería máis tarde cos estudos dialectais, igualmente necesitados da poda de tódalas consecuencias do atomismo e mais do substancialismo.

Por último, o *principio do naturalismo* supón que, na Lingüística positivista, os feitos lingüísticos son considerados como feitos naturais e, polo tanto, a Lingüística resulta ser unha ciencia natural que ten que axustarse como tal ós estándares e parámetros de cientificidade propios destas disciplinas. Tal actitude é a que explica as repetidas ocasións nas que a nosa disciplina, nunha actitude seguidista, intentou imita-los procedementos propios de ciencias como a Bioloxía e a Xeoloxía. A actitude contraria conduce a situa-la

Lingüística entre as disciplinas que se ocupan dos feitos culturais e que non son nin máis nin menos científicas cás outras, senón que han de fundamentala súa cientificidade sobre bases diferentes debido á diferente natureza do seu obxecto de estudio.

Neste caso, como apunta Coseriu (1981:75), a oposición entre a Lingüística preestrutural e a estrutural amósase con menos claridade que nos tres principios anteriores. En realidade, esta cuestión afecta a tódalas ciencias culturais, de modo que a Lingüística foi arrastrada en varias ocasións polo propio modelo que pretendía imitar. Por outra banda, estas diverxencias acerca da concepción dos feitos culturais, dos modelos científicos e das disciplinas próximas á Lingüística volven reaparecer en máis dunha ocasión posteriormente, como teremos ocasión de ver máis adiante.

Saussure deseñou a súa teoría da linguaxe coa aspiración de convertela lingüística nunha ciencia autónoma; a este obxectivo responde o que propón como primeiro principio: a delimitación da 'lingua' —como sistema de signos de carácter supraindividual (institución social)— fronte á 'fala' —actualización individual do sistema social que, ó mesmo tempo, representa o exercicio individual da facultade universal da linguaxe— e a consideración da primeira como obxecto de estudio da Lingüística, a partir do cal poderán ordenarse racionalmente os demais fenómenos lingüísticos. Este obxectivo segue a estar presente nas escolas

saussureanas<sup>6</sup>, no estruturalismo británico e no estruturalismo estadounidense, e pódese dicir que orienta a investigación lingüística de forma case exclusiva ata os anos sesenta, como o testemuñan os numerosos intentos de reformulación da dicotomía saussureana que se poden encontrar ó longo de todo este período.

Claro está que a busca de autonomía non implica nega-la posibilidade de relación con outras ciencias ou mesmo de integración da Lingüística nun ámbito científico máis xeral. En realidade, as relacións da Lingüística con outras ciencias ó longo do século teñen sido constantes nos dous sentidos posibles:

a) Nuns casos a Lingüística tomou doutras ciencias principios teóricos e pautas metodolóxicas. Un dos casos máis claros é, sen dúbida, o distribucionalismo, a versión do estruturalismo que maior difusión acadou nos Estados Unidos; esta corrente adoptou como modelo a Psicoloxía conductista, interpretando os actos verbais como un tipo de comportamento explicable a partir do esquema estímulo-resposta e limitando metodoloxicamente o seu obxecto de estudo á observación das manifestacións dese comportamento. No mesmo sentido pódese sinala-la influencia sobre o estruturalismo praguense da Psicoloxía descritiva proposta por Franz Brentano —fronte á

Psicoloxía xenética predominante ata entón—, a través de dous discípulos seus que ensinaron en Praga (Thomas Masaryk e Anton Marty). Un terceiro exemplo é o da influencia do antropólogo Bronislav Malinowski sobre o estruturalismo inglés, que se caracteriza por soste unha concepción contextual do significado inicialmente formulada polo primeiro.

b) Noutros casos foi a Lingüística a inspiradora de novos enfoques, sobre todo nas ciencias da cultura, a partir da interpretación dos feitos culturais como fenómenos simbólicos e, polo tanto, a consideración daquelas como disciplinas que —igual cá Lingüística— estudian sistemas de signos. É ben coñecida a influencia do programa estruturalista en Lingüística a partir dos anos trinta sobre a Antropoloxía (Claude Lévi-Strauss e a súa escola), a Socioloxía (Talcott Parsons), a Psicoloxía (Jean Piaget), a Semiótica (Roland Barthes, Algirdas Julien Greimas, Umberto Eco, Georges Mounin, Luis J. Prieto), a Poética (Roland Barthes, Tzvetan Todorov) ou a Filosofía (Jürgen Habermas, Hans-Georg Gadamer).

Como exemplo da integración da Lingüística nunha disciplina de ámbito máis xeral, hai que salienta, en primeiro lugar, a proposta de Saussure de considerala como unha parte da ciencia xeral dos signos, que el mesmo propón chamar *semioloxía* e que, pola súa vez,

6 A autonomía da Lingüística constituíu unha das teses presentadas polos estruturalistas de Praga no I Congreso Internacional de Lingüistas (1928) e aparece tamén claramente formulada no estruturalismo danés a través do chamado *principio de inmanencia* (vid. Hjelmslev, 1943).

formaría parte da Psicoloxía social (Saussure, 1983:80-81). Neste, coma en tantos outros aspectos da súa obra, Saussure non fai máis que amosarse como home do seu tempo, pois o interese polos problemas do signo empeza a manifestarse nas décadas finais do século XIX e constitúe ó longo do XX un dos grandes focos de interese científico, non só no ámbito das ciencias humanas, senón tamén no dalgunhas físico-naturais como a Bioloxía e, máis recentemente, a Neuroloxía.

Pero ó longo do século houbo tamén outros intentos de integra-la Lingüística nun ámbito máis amplo. Así, Chomsky, nun sentido diferente ó de Saussure, considera a Lingüística como parte da Psicoloxía cognitiva é, en último termo, da Bioloxía. En consonancia con esta proposta chomskiana, a constelación de intereses que amosa a ciencia cognitiva actual (da que a Lingüística se considera como unha rama) débese a que un dos seus temas centrais é precisamente o papel da computación e a manipulación de signos na cognición, entendendo que un sistema cognitivo é esencialmente un sistema procesador de signos (neste aspecto virían a coincidir homes, animais e máquinas). As novas aproximacións cognitivistas da Lingüística máis recente parecen representar, deste xeito, unha nova orientación que potencia a investigación interdisciplinar ou o desenvolvemento dunha metadisciplina (a ciencia cognitiva) na que converxerían os intereses de varias disciplinas

que abordan o estudio da cognición desde diferentes puntos de vista.

### 2.3 AS ESCOLAS ESTRUCTURALISTAS

A primeira distinción que debe establecerse dentro do programa estruturalista é a que separa as correntes que exclúen o significado como obxecto de estudio da Lingüística das que prestan atención ós dous planos do signo. A orientación iniciada por Leonard Bloomfield [1887-1949] nos Estados Unidos constitúe a mostra máis clara dun estruturalismo 'asemántico' e 'antimentalista'. Influidos nos anos vinte pola Psicoloxía conductista, debido ó seu estreito contacto co psicólogo Albert P. Weiss na Universidade estatal de Ohio da que os dous foron profesores, Bloomfield propuxo unha concepción da Lingüística bastante diferente da que pola mesma época se desenvolve en Europa, cunha metodoloxía baseada no ideal do inductivismo, do obxectivismo, da descrición científica contrastable e reproducible por procedementos mecánicos, que evitan calquera recurso á introspección, ó saber lingüístico do investigador. A súa obra *Language* (Bloomfield, 1933) desempeñou un papel fundamental na formación de varias xeracións de lingüistas estadounidenses e limitou durante tres décadas a influencia doutra gran figura, Edward Sapir [1884-1939], iniciador en América do estruturalismo 'mentalista' ou 'antropolóxico' (cfr. Sapir, 1921), que se desenvolveu só nun segundo plano. De feito, a verdadeira recuperación do



pensamento sapiriano non se produciría ata bastante tempo despois, difundida xa a metodoloxía xenerativista.

Dentro do estruturalismo europeo debemos diferenciar entre as escolas que se inspiran directamente nas ideas de Saussure das que teñen unha orixe declaradamente non saussureana. Entre as primeiras encóntranse o Círculo Lingüístico de Praga (fundado en 1926 e representado, sobre todo, por Nikolaj Sergeevič Trubetzkoy [1890–1938] e Roman Osipovič Jakobson [1896–1982]), o Círculo Lingüístico de Copenhague (fundado en 1931 e representado por Louis Trolle Hjelmslev [1899–1965]) e a Escola de Xenebra, que agrupa os que se consideran discípulos ou seguidores directos das ideas saussureanas (Charles Bally [1865–1947], Albert Sechehaye [1870–1946], Henri Frei). Independente das ideas de Saussure é o estruturalismo británico, inaugurado por John Rupert Firth [1890–1960], do que xa sinalámo-la súa característica concepción contextual do significado.

Deixando a un lado algunhas excepcións, o certo é que o distribucionalismo non tivo contacto co estruturalismo de raizame saussureana e hjelmsleviana e por iso foi moi pouco coñecido polos lingüistas europeos dos anos corenta, cincuenta e sesenta. A idea desta corrente que se estendeu en Europa foi fundamentalmente a difundida polas críticas —moitas veces simplistas e desaxustadas— procedentes da Lingüística de inspiración chomskiana. Como consecuencia dese desco-

ñecemento inicial e da interpretación nesgada que ofrecen presentacións máis estendidas, a obra de figuras tan relevantes como Zellig Sabbettai Harris [1909–1992] ou Charles Francis Hockett [1916– ] tivo entre nós unha influencia moito menor da que lles debería corresponder.

As características básicas do distribucionalismo, a súa intención declarada de obter descrições lingüísticas por procedementos puramente mecánicos, isto é, sen recurso ós saberes implícitos do investigador, teñen sen dúbida a súa orixe nos presupostos metodolóxicos conductistas, pero non son alleas a elas algunhas das características do contexto no que se desenvolvía o traballo dunha boa parte dos lingüistas estadounidenses. Mentres que o lingüista europeo traballaba adoito sobre linguas relativamente ben documentadas, coa posibilidade de rastrexala evolución dos fenómenos por un período de, por exemplo, 2.500 anos, o equivalente estadounidense do dialectólogo europeo tiña que traballar sobre unha lingua amerindia non escrita, de historia totalmente descoñecida e sen vínculo ningún coas europeas. Nunha situación deste tipo, non é nada estraño que se faga un esforzo considerable por desenvolver métodos de análise que non dependen exclusivamente dos coñecementos que o lingüista ten, como falante, da lingua que quere describir.

En Europa, a Escola de Xenebra tivo moi pouca influencia no desenvolvemento posterior das ideas do mestre,



en boa medida porque propuxo unha lingüística centrada na actividade do falante individual e as súas repercusións sobre o sistema lingüístico (cfr. a estilística de Bally ou a gramática das faltas de Frei), liña de investigación que nunca constituíu a cerna das demais escolas estruturalistas, máis interesadas en desenvolver unha lingüística da lingua. A comprensión realmente fructífera, a que supón o potenciamento dos aspectos positivos e a reformulación do aínda inmaturo que había en Saussure (ou, cando menos, no publicado no *Cours*) é a que levou a cabo Louis Hjelmslev. Partindo da concepción saussureana do signo, este autor establece a división da linguaxe en planos e estratos: todo signo está constituído por un contido e unha expresión, e en cada un destes planos debe diferenciarse un aspecto formal e un aspecto substancial; cruzando ámbalas distincións establece catro estratos (*substancia do contido, forma do contido, substancia da expresión e forma da expresión*), considerando que o signo lingüístico está constituído pola unión dunha forma de contido cunha forma de expresión. Hjelmslev tamén formula o principio do isomorfismo, segundo o cal os dous planos do signo presentan unha organización semellante que se resolve en entidades monoplanas (as chamadas *figuras*), e establece os tres grandes tipos de relacións lingüísticas

(entre constantes = *interdependencia*, entre unha constante e una variable = *determinación*, entre dúas variables = *constelación*). A *Glosemática*, que é a disciplina proposta por Hjelmslev (1943), contén todo o necesario para analizar un código semiótico de calquera tipo (non só as linguas). Lamentablemente, a súa propia xeneralidade fai desta 'álgebra da linguaxe' unha ferramenta escasamente útil para o coñecemento das linguas. De feito, os poucos intentos de realiza-la descrición xeral dunha lingua<sup>7</sup> non achegan nada ó xa coñecido. Outra importante eiva da aproximación do mestre danés é a súa incompreensión da sintaxe, que resulta simplemente inviable cos puntos de vista mantidos por el.

Non é a *Glosemática* a única corrente na que se pode observa-la ausencia dunha teoría sintáctica estruturalista. En realidade, o estruturalismo deseña a súa metodoloxía para aplicala ó compoñente fónico das linguas e, en menor medida, á morfoloxía (sobre todo, gracias a algúns traballos de Jakobson), pero, en xeral, fai moi pouco para levar a cabo algo semellante nos outros compoñentes lingüísticos<sup>8</sup>. A sintaxe que se practica en Europa nos anos posteriores á fin da Segunda Guerra Mundial, ata a difusión da medoloxía xenerativista, é pouco máis cá da chamada *gramática tradicional* agachada debaixo dunha

7 Cfr. Togeby (1951) para o francés e Alarcos Llorach (1951) para o castelán.

8 A aplicación dos principios do estruturalismo europeo á análise do léxico ten que esperar á década de 1960, na que empezou a desenvolverse unha lexicoloxía estrutural, gracias, sobre todo, ós traballos de John Lyons e Eugenio Coseriu.

terminoloxía aparentemente innovadora, pero habitualmente reducida a un mero trasunto do elaborado na Fonoloxía para un compoñente constituído por elementos de natureza bastante distinta.

Hai, desde logo, algunhas excepcións, pero todas se caracterizan pola súa escasa difusión fóra do seu ámbito inmediato de aparición. En primeiro termo, a obra do francés Lucien Tesnière [1893–1954], absolutamente descoñecido e illado —mesmo en Francia— ata que os seus puntos de vista<sup>9</sup>, bastante diferentes dos tradicionais que seguían inseridos na práctica da maior parte das gramáticas estruturais, inspiraron a aparición dos dicionarios (e logo gramáticas) de valencias na República alemá oriental de mediados dos anos sesenta. Non moi lonxe, a chamada Nova Escola de Praga desenvolve por esa mesma época un acercamento claramente funcionalista ós feitos lingüísticos, diferenciando na sintaxe os estratos correspondentes ás funcións sintácticas, semánticas e pragmáticas. Tamén se pode falar de sintaxe estrutural no sentido estrito da expresión na escola estruturalista británica, desenvolvida, entre outros moitos, por C. E. Bazell, Michael A. K. Halliday, John Lyons e, enlazando xa coa Lingüística de corpus, John Sinclair. Por fin, no noso país a obra de Emilio Alarcos [1922–1998], baseada inicialmente nos puntos de vista glosemáticos, pero desenvolvida logo cunha notable reelaboración per-


soal, é a que establece o marco teórico no que se formou unha boa parte dos lingüistas españois que traballan na actualidade.

Deixando a un lado a súa importancia e orixinalidade, estas catro tendencias comparten —insistimos— a súa falta de difusión e, polo tanto, de influencia, no que podemos considerala fase central do estruturalismo lingüístico europeo, desenvolvida entre 1945–1970, é dicir, nos anos anteriores á chegada a Europa da metodoloxía chomskiana.

#### 2.4 A LINGÜÍSTICA CHOMSKIANA

É a utilización do epónimo a forma que estimamos máis axeitada para referírmonos a este programa de investigación, tantas veces modificado mesmo en aspectos centrais, pero que constitúe, sen dúbida, a maior conmoción experimentada pola Lingüística no século XX e, probablemente, en toda a súa historia. En efecto, fóra de que se adopte ou non este acercamento ós feitos lingüísticos, parece obrigado recoñecer que hai un antes e un despois de Chomsky. Visto desde a nosa óptica —que é a de lingüistas de orixe e convicción funcionalista europea— a obra de Avram Noam Chomsky [1928– ] supuxo un revulsivo que produciu, por reacción, unha auténtica teoría estruturalista dos feitos lingüísticos. A obra de Simon Dik [1940–1995] constitúe probablemente o expoñente máis claro desta reacción contra a aproximación

<sup>9</sup> Reflectidos, sobre todo, en Tesnière (1959), obra que se publicou despois da súa morte.



A. Noam Chomsky. A obra deste lingüista marca un antes e un despois nos enfoques desta materia.

xenerativo-transformacional, pois profunda nos presupostos metodolóxicos da mellor tradición funcionalista, integrando ó mesmo tempo formas de achegamento ós feitos lingüísticos, problemas e obxectivos que só se fixeron explícitos coa aparición das primeiras obras de Chomsky.

Chomsky oponse ós presupostos e mais á metodoloxía distribucionalista, instaurando —coa publicación de *Syntactic Structures* (Chomsky, 1957) e logo de *Aspects of the Theory of Syntax* (Chomsky, 1965)— unha concepción da linguaxe e da lingüística radicalmente

distintas. Chomsky cre que o obxectivo da teoría lingüística debe se-la explicación (e non a simple descrición) da competencia lingüística dun falante-oínte ideal (non, polo tanto, as actuacións lingüísticas de individuos concretos nun momento determinado) que coñece perfectamente a súa lingua. Fronte ó conductismo dos distribucionalistas, establece un achegamento no que os obxectivos son o sistema lingüístico completo, as regras que interiorizan os falantes e lles permiten entender e producir expresións que nunca sentiran previamente, a aprendizaxe lingüística, o que hai de común a tódalas linguas faladas polos seres humanos ó longo da súa historia. E todo isto cun aparello formal que dá rigor e establece un modo distinto de argumentación técnica.

Nos corenta anos transcorridos desde a súa aparición, a Lingüística chomskiana mudou varias veces de modelo, integrou conceptos anteriormente rexeitados, deu orixe a unha enorme cantidade de correntes derivadas e constituíu o que sen dúbida é o programa de investigación mellor coñecido dentro e fóra da disciplina. A súa difusión nos Estados Unidos foi realmente rápida: o proceso de substitución empezou en 1957 e estaba acabado xa en 1968, coa aparición da chamada 'teoría estándar ampliada'.

A súa difusión por Europa, en cambio, presenta características especiais nas que imos deternos brevemente. O núcleo central da aproximación xenerativo-transformacional é a

sintaxe. No modelo de 1965 (a chamada *teoría estándar*), o compoñente sintáctico é o único xenerativo, mentres que o fonolóxico e o semántico son puramente interpretativos, é dicir, transforman as estruturas producidas polo compoñente sintáctico ás súas propias entidades (secuencias fónicas, conglomerados significativos). Non é difícil imaxina-lo efecto dunha aproximación destas características sobre un conxunto de correntes fragmentadas nas que, en xeral, a teoría sintáctica é algo inexistente: a Lingüística chomskiana arrasou case por completo o estruturalismo de raizame saussureana e as escolas estruturalistas europeas estiveron absolutamente desbordadas ata, polo menos, a aparición da primeira versión da *Gramática Funcional* de Dik (1978).

Por outra parte, este proceso foi realmente peculiar. As críticas de Chomsky ou dos seus seguidores ían dirixidas, como é lóxico, contra o estruturalismo tal e como se practicaba nos Estados Unidos, é dicir, contra o distribucionalismo. Pero en Europa foron case sistematicamente interpretadas como dirixidas contra o estruturalismo europeo, moi diferente do estadounidense e ó que, polo tanto, son inaplicables na maior parte dos casos. En realidade, o Chomsky dos tres primeiros modelos coñecía máis ben pouco a obra de Saussure e ignoraba por completo a de Hjelmslev, por exemplo. Por iso resulta sorprendente o seguidismo practicado con respecto á lingüística chomskiana por moitos lin-

güistas europeos que si coñecían a Saussure e a Hjelmslev e que, polo tanto, tiñan que ver con claridade que aquelas críticas tan negativas, aquelas acusacións de puro descritivismo inductivista non se compadecían en absoluto cos puntos de vista de Hjelmslev, Trubetzkoy, Jakobson ou Firth, por exemplo.

Un feito que semella intranscendente, pero que ten consecuencias que perduran ata hoxe, pode ilustrar con claridade o ambiente e tamén o sistema de traballo que tratamos de describir. Como xa sinalamos, non chega a existir realmente unha sintaxe baseada nos principios do estruturalismo europeo; aínda que a terminoloxía poida dá-la impresión de que existen grandes diferenzas entre elas, a sintaxe que se practica habitualmente en Europa en torno a 1960 é moi pouco diferente da 'sintaxe tradicional'. Nesta aproximación non opera con máis unidades que a palabra e a oración (simple ou composta). Tódolos lectores que recorden que Gili Gaya (1943) propón para unha secuencia do tipo *O can do labrego comeu a carne preparada para a miña cea* a análise en suxeito (*o can*), complemento do suxeito (*do labrego*), complemento directo (*a carne*) e complemento do complemento directo (*preparada para a miña cea*) entenderán o que queremos dicir ó indicarmos que as unidades de análise na aproximación tradicional son a oración e a palabra. Non hai unidades intermedias e, polo tanto, todo ten que ser referido a elementos que funcionan con respecto á oración.

Pola contra, os distribucionalistas, cunha técnica que pretenden aplicar de xeito mecánico, analizan unha secuencia nos seus constituíntes inmediatos, os segmentos obtidos nos seus e así sucesivamente ata chegar ós constituíntes finais, os elementos últimos da cadea en cuestión, que no ámbito da gramática son os *morfemas*. No exemplo anterior, os constituíntes inmediatos da oración son *o can do labrego* por unha parte e *comeu a carne preparada para a miña cea* pola outra. Tal sistema de análise supón forzosamente, polo tanto, secuencias intermedias ás que lles hai que dar un nome: *phrase* é o aplicado xeralmente e, segundo as características básicas dos seus elementos nucleares, clasifícanse en *noun phrase*, *adjective phrase*, *prepositional phrase*, etc. A mesma técnica de análise foi herdada pola gramática xenerativo-transformacional, que utiliza sistematicamente as mesmas denominacións e chama *phrase structure grammar* a toda esta parte do compoñente sintáctico.

Pois ben, Nicolas Ruwet, lingüista francés que fora traballar ós Estados Unidos a comezos dos anos sesenta, nun excelente libro gracias ó que moitos empezamos a entender a Chomsky (Ruwet, 1968), tropeza co problema de atopar unha tradución francesa axeitada para estes termos. En francés, *phrase* é o equivalente de *oración* e, ademais, *phrase nominale* é a denominación tradicional (igual ca en galego ou en español) para secuencias sen verbo do tipo *homo homini lupus*. A expresión *phrase nominal*, que é a primeira candi-

data para traducir *noun phrase*, non resultaba axeitada porque crearía confusión e algo semellante sucede coas outras. *Phrase* (francés) non vale, polo tanto, para traduci-lo inglés *phrase*. Ante tal problema, Ruwet decide utilizar para estas unidades o termo *syntagme* —introducido por Saussure para designar toda secuencia de elementos copresentes nunha cadea de signos e vinculados entre si— e crea-la batería de denominacións *syntagme nominale*, *syntagme verbale*, etc. A razón esgrimida por Ruwet (1968: 384) é a de que “comme le modèle de langage à états finis —qui était plus proche de la conception saussureane— est éliminé, le terme est disponible”.

Evidentemente, o estruturalismo non estaba tan esgotado como supoñía Ruwet, pero a súa proposta terminolóxica —bastante incómoda porque fai moi complicada a utilización do termo *sintagma* no seu imprescindible sentido orixinario— triunfou mesmo nas linguas con tradición de emprego de termos como *frase substantiva*, *frase adxectiva*, etc., en sentido semellante ou mesmo idéntico ó estruturalista. Se elevamos esta anécdota a categoría, poderemos obter unha idea clara da entrega total á Lingüística chomskiana que experimentou por aqueles anos a Lingüística europea.

## 2.5 A LINGÜÍSTICA DESPOIS DE CHOMSKY

O panorama da Lingüística nos últimos vintecinco anos do século resulta certamente axitado e complexo. Por unha banda, a teoría chomskiana

experimentou varias readaptacións de grande alcance que acabaron por convertela en algo bastante diferente, tanto en método coma en obxectivos, do que se postulaba nos modelos iniciais: *Rección e ligamento*, *Principios e parámetros*, *Minimismo* son algunhas das denominacións que reciben os modelos resultantes dos sucesivos axustes. Ó longo deste proceso, a ortodoxia chomskiana tamén foi aceptando gradualmente nocións que non tivera en conta ou mesmo rexeitara explicitamente. Pénsese, por exemplo, nos *casos profundos* dos primeiros traballos de Charles Fillmore nos anos setenta, que non foran acollidos na teoría nuclear, e nos *papeis temáticos*, de grande importancia en modelos posteriores. Dado que se trata de nocións bastante próximas ás funcións semánticas das que se falaba nos estruturalismos europeos reconstituídos, o exemplo serve tamén para mostrar que o radicalismo da separación inicial entre xenerativismo e estruturalismo deu paso a un fluxo de ideas moi significativo en ámbolos dous sentidos.

En efecto, a reacción contra a influencia da Lingüística chomskiana conduciu en moitos casos á investigación profunda das raíces auténticas do estruturalismo de raizame saussureana e das escolas ou autores estruturalistas que fixeran auténticas contribucións á construción dunha gramática ou unha semántica realmente estruturais. As ideas de Hjelmslev, Jakobson ou a Nova Escola de Praga, as análises de Tesnière, a concepción da análise

lingüística de Firth e a tradición a que deu lugar, actualmente representada pola lingüística sistémica de Halliday, a obra de Coseriu, as achegas de Martinet no ámbito da fonoloxía diacrónica, as elaboracións de Alarcos, etc., constitúen contribucións que, en diversas medidas e ámbitos, van facendo callar unha aproximación ós feitos lingüísticos que podemos considerar distinta da baseada nos postulados chomskianos, pero capaz de enfrontarse a problemas previamente non considerados e que foron postos enriba da mesa fundamentalmente pola obra de Chomsky. A Gramática Funcional de Dik (1978) é —como xa dixemos— un exemplo perfecto do que pretendemos indicar.

Pero sería incorrecto chegar á conclusión de que estamos agora nunha etapa na que, despois dunha fase de desenvolvemento de metodoloxías antitéticas, asistimos a unha especie de síntese ou, polo menos, a un acercamento entre os programas en conflito. En realidade, o panorama é bastante distinto. Para entendermos correctamente a situación da Lingüística no derradeiro cuarto do século XX hai que prestar atención a outros factores, bastante distantes, por certo, tanto dos presupostos chomskianos coma dos principios que dirixiron a investigación das escolas estruturalistas europeas.

En primeiro termo hai que salientalo interese que actualmente existe polo fenómeno da variación lingüística, sobre todo na dimensión sincrónica (pero con importantes efectos sobre a



concepción e a explicación do cambio lingüístico). Os traballos pioneiros de autores como William Labov (1966) ou José Pedro Rona (1970) mostraron con toda claridade que o concepto chomskiano de *competencia lingüística*, correspondente ó saber lingüístico dun falante-oínte ideal pertencente a unha comunidade lingüística supostamente homoxénea, estaba moi lonxe do que sucede na realidade. Se a Lingüística histórica e a Dialectoloxía desvelaran a variación que afecta ás linguas nas dimensións temporal e espacial, a Sociolingüística, que empezou a desenvolverse a mediados dos sesenta, proporciona unha comprensión bastante diferente. Con independencia de que as consideracións se fagan cun punto de vista global —estructuralista ou doutro tipo— a variación que estudian a Lingüística histórica ou a Dialectoloxía é a que corresponde a sistemas que non se dan simultaneamente, dado que pertencen a épocas ou áreas xeográficas distintas da mesma lingua. En cambio, a variación da que se ocupa a Sociolingüística dáse no mesmo tempo e no mesmo punto do espacio, en función de factores como clase sociocultural, sexo, idade, etc. (*variación diastrática*), ou no mesmo individuo en función do grao de formalidade da situación comunicativa (*variación diafásica*). A gramática (en sentido xeral, isto é, incluíndo tamén o compoñente fónico) variacionista supón un importante correctivo tanto ós modelos chomskianos coma ós estruturalistas clásicos, pois mostra que a competencia lingüística e a estruturación das linguas son algo

moitísimo máis complexo do suposto inicialmente.

Outro factor xeral de gran transcendencia está relacionado coa ampliación dos límites da Gramática. O teito superior da análise, tanto na gramática tradicional coma na estrutural, en calquera das súas versións, era a oración. Nos últimos anos detéctase un interese crecente polas estruturas existentes en niveis máis altos. Pero non se trata xa do que nos anos setenta se chamou *Lingüística do texto*, senón do estudio do discurso (concepto que se axusta moito máis ó que constitúe o saber lingüístico real dos falantes), das estruturas conversacionais, dos principios que rexen a interacción verbal, da argumentación. En congruencia con esta ampliación, o estudio da lingua oral está recibindo na actualidade unha atención dificilmente previsible hai vinte anos.

En tanto que a Lingüística ten como obxectivo a linguaxe humana, é evidente desde hai moito tempo que está situada no centro dunha rede de relacións que a poñen en contacto con outras disciplinas e tamén que o aprendido no estudio da linguaxe humana pode ser de grande interese para comprendermos outros aspectos da actividade humana. Nas últimas décadas do século, esas relacións cristalizaron no rápido desenvolvemento de disciplinas mixtas que supoñen a integración, nun conxunto que resulta ser diferente ou superior á suma das partes que o compoñen, de saberes procedentes dos ámbitos tradicionais da Lingüística e dalgunha outra ciencia. Así temos



—aínda que a diferentes distancias do núcleo disciplinar— especialidades como a Neurolingüística, a Etnolingüística, a Psicolingüística, a Socioloxía da linguaxe (que non debe confundirse coa Sociolingüística), a Estilística (cando menos, unha certa concepción dela) e a Lingüística forense, entre outras.

Este fenómeno quizás non sexa alleo á tendencia xeral deste final de século á integración de saberes a través de investigacións interdisciplinares. E neste contexto tamén debe situarse a chamada *Lingüística cognitiva*, que desde a década de 1980 parece desenvolverse como un novo programa de investigación (materializado nunha gran diversidade de modelos teóricos) en competencia directa coa ortodoxia chomskiana<sup>10</sup>. A Lingüística cognitiva considera a linguaxe como unha capacidade que forma parte da cognición humana e, como tal, está estreitamente ligada a outras capacidades mentais como a percepción, a categorización, os procesos de abstracción, o razoamento e as emocións; dado que entre todas elas existe interacción, a súa comprensión esixe desenvolver unha investigación interdisciplinar (actualmente representada pola *ciencia cognitiva*). Un trazo que diferencia a Lingüística cognitiva de tódalas correntes anteriores é a concepción das categorías lingüísticas como prototipos, segundo a cal un elemento se integra nunha categoría en función do seu grao de semellanza cos

elementos que se consideran centrais ou máis característicos (é dicir, prototípicos) desa categoría; isto implica nega-la existencia de límites discretos entre as categorías (fronte ós estruturalismos e á Lingüística chomskiana, que comparten o *principio de discreción*). Ademais, concibe os significados como estruturas conceptuais que deben caracterizarse con respecto a determinadas estruturas de coñecemento e, fronte á Lingüística chomskiana ortodoxa, mantén que a estrutura gramatical das linguas —en particular, a sintáctica— ten unha motivación semántica.

Desde unha perspectiva global é preciso salientar tamén o relevante lugar que na investigación lingüística máis recente ocupan os estudos de tipoloxía lingüística, que teñen como obxectivo establecer unha clasificación das linguas segundo parámetros distintos ó histórico-xenético e que se desenvolven estreitamente ligados á investigación sobre os universais lingüísticos. Certamente, nin a clasificación das linguas nin o estudo dos universais constitúen centros de interese exclusivos da Lingüística dos nosos días; os dous teñen unha respectable tradición plurisecular na que non podemos deternos aquí. En todo caso, o característico hoxe deste ámbito de investigación —que algúns chaman *Lingüística tipolóxico-universalista*— é precisamente que os dous aspectos se

10 Téñase en conta que algúns dos principais proponentes de modelos cognitivistas na actualidade son disidentes do xenerativismo (Ronald Langacker, George Lakoff, Charles Fillmore, entre outros).



Jakobson é un dos lingüistas representativos do estruturalismo clásico.

aborden conxuntamente desde múltiples perspectivas teóricas e en relación con outros problemas como a adquisición da lingua materna, a aprendizaxe de segundas linguas, as patoloxías lingüísticas, a estrutura da mente humana, a estrutura dos sistemas comunicativos en xeral, a teoría xeral de sistemas, as teorías sobre a interacción social, etc. As orixes disto deben situarse tanto nas contribucións dalgunhas figuras do estruturalismo clásico (fundamentalmente, Sapir, Trubetzkoy e Jakobson) coma no interese da Lingüística chomskiana polos principios que configuran a gramática universal; este interese contribuíu de forma decisiva a revitaliza-la investigación sobre

os universais lingüísticos, despois dun período (o estruturalista) no que o centro de interese foron máis ben as peculiaridades de cada sistema lingüístico.

Por outra parte, o enorme enriquecemento das posibilidades de aplicación dos coñecementos propios dos lingüistas fan que o ámbito coñecido co nome de *Lingüística aplicada* resulte agora considerablemente máis amplo que hai vinte anos. En efecto, o sentido inicial da Lingüística aplicada referíase á utilización para o ensino de linguas dos conceptos elaborados no estudio técnico das linguas e dos resultados obtidos nesa investigación. Agora mesmo, o termo *Lingüística aplicada* refírese a un abano de posibilidades que engloba todo aquilo que pode ser considerado aplicación dos coñecementos adquiridos na investigación básica das linguas, desde as técnicas de análise e síntese de voz ata a traducción automática, pasando, por suposto, polo ensino de linguas e o tratamento de patoloxías lingüísticas (afasias, dislexias, disgrafías, etc.).

Agora ben, sen mingua ningunha da importancia dos factores que acabamos de enumerar, o feito que estimamos decisivo na conformación da Lingüística dos últimos anos do século XX e, en consecuencia, do seu previsible desenvolvemento no próximo século é a aparición dos computadores e o seu emprego no traballo dos lingüistas. Como trataremos de mostrar a continuación, a utilización dos ordenadores supón unha forte modificación do xeito

de traballar na nosa disciplina, polo que as súas repercusións son múltiples e variadas.

En primeiro lugar, nos estudos lingüísticos, igual ca nas demais disciplinas científicas, os computadores fan moito máis simple e doado todo o relacionado coa clasificación, filtrado e explotación de datos, a aplicación de técnicas estatísticas, o almacenamento de información, etc. Gracias a isto, hoxe resulta infinitamente máis cómodo realiza-la parte matemática dunha investigación sociolingüística ou manter ó día unha base de datos sobre o número de falantes de linguas en perigo de extinción. Pero o que os ordenadores supuxeron para a Lingüística é moito máis profundo e importante: consiste na posibilidade de manexar de xeito cómodo e efectivo grandes masas de datos procedentes de textos lingüísticos realmente producidos.

A orientación descritiva da Lingüística traballou sempre, como é lóxico, con datos reais, tomados de mensaxes lingüísticas efectivamente producidas. A documentación almacenada, por exemplo, polos lexicógrafos durante anos e anos para redactar un diccionario ou os miles de papeletas que escribiron e clasificaron os autores que ían publicar unha gramática dunha lingua son exemplos ben coñecidos de documentación de fenómenos que o especialista manexa arreo. Pero os ordenadores permitiron, por primeira vez na historia, almacena-los textos íntegros e, mediante técnicas de recuperación da información en principio

bastante elementais, localizar axiña tódolos casos de interese para a investigación que se quere realizar. Esta metodoloxía é a coñecida como Lingüística baseada na análise de *corpus* (*Corpus Linguistics*).

A pesar da coincidencia no uso do termo, a Lingüística baseada na análise de *corpus* non é estrictamente unha derivación do concepto de *corpus* dos distribucionalistas, que o concibían coma unha colección pechada de enunciados pertencentes a unha determinada lingua nunha certa fase da súa historia e limitaban o seu traballo a intentar dar conta do que aparecía documentado nese *corpus*. O *corpus* textual almacenado en formato electrónico é máis ben o herdeiro metodolóxico da actitude dos lingüistas que dedicaban unha parte considerable do seu tempo a encher e arquivar papeletas, pero cun enorme salto cuantitativo e cualitativo que unicamente o uso das ferramentas computacionais pode explicar. Para reducirmonos ó esencial, na ficha recóllese normalmente un único exemplo dun fenómeno  $x$  e, polo tanto, é a consecuencia directa do que chamou a atención de alguén nun momento concreto (normalmente, polo seu carácter especial). Por outra parte, pasa-lo traballo de recolle-los casos interesantes (co relativa que resulta sempre a selección) do fenómeno  $x$  nun determinado conxunto de textos non serve de nada cando queremos emprender unha investigación sobre a presenza do fenómeno  $z$  nese mesmo conxunto de textos. En cambio, cando

construímos un *corpus*, introducimos no ordenador os textos completos ou ben fragmentos relativamente amplos deles e —o máis importante— pasamos repetidamente os nosos programas de busca sobre a totalidade do conxunto, de tal xeito que a posibilidade de obter datos é continua, faise co mesmo esforzo sobre calquera fenómeno, previsto ou non polos que construíron o *corpus* e devolve a totalidade dos casos existentes, sen filtros debidos ós coñecementos, intereses ou estado de ánimo de quen redactou a ficha.

As diferencias son, como pode apreciarse, de grande entidade. A rapidísima evolución da capacidade de almacenamento e da velocidade de proceso dos ordenadores produciu un cambio similar no tamaño dos *corpora* lingüísticos. Se o primeiro *corpus* informatizado, o construído na Brown University a comezos dos anos sesenta, constaba dun millón de formas (cantidade moi considerable para a época), agora mesmo é habitual falar de *corpora* de varios centos de millóns de palabras e non hai problemas de capacidade nin de xestión para pensar na próxima manipulación en tempo real de conxuntos de mil millóns de palabras.

Claro que hai xa bastantes anos que se considera que un *corpus* lingüístico non consiste simplemente no equivalente electrónico dos textos tal como foron publicados inicialmente. Para que os lingüistas poidan obter beneficios do seu estudio é necesario introducir nos *corpora* información gramatical

e léxica. Dito con outras palabras, non abonda que nun texto figure a forma *cheguei*, senón que necesitamos que sexa directamente recuperable a información de que se trata da “primeira persoa de singular do pretérito de indicativo do verbo *chegar*”, é dicir, a clase de palabras, o lema ó que pertence e os valores que teñen tódalas categorías gramaticais que posúe. Isto sitúa o traballo nunha dimensión totalmente distinta, porque agora se trata de facer patente no *corpus* a información que falantes e lingüistas teñen (de diferentes modos) sobre cada unha das formas que compoñen os textos. Dado que falamos de millóns de formas, é obvio que esta tarefa ten que automatizarse, co que tropeizamos co complicado problema das homografías: hai que conseguir atribuír automaticamente a cada aparición dunha palabra como *sobre* a etiqueta que lle corresponde en cada caso concreto das varias que se lle poden atribuír en abstracto (preposición, substantivo, verbo).

Por aquí entramos na outra gran faceta de uso dos ordenadores no traballo lingüístico. A que chamamos Lingüística computacional é a disciplina que se ocupa precisamente de facer posible que, debidamente programados, os computadores ‘entendan’ unha expresión formulada nunha lingua humana e, en consecuencia, poidan executa-la instrucción recibida, responder ó que se lles pregunta, traducir esa secuencia a outra lingua, etc. Todas esas utilizacións das computadoradoras requiren, como paso previo, amais da

caracterización morfosintáctica de cada forma, a análise sintáctica, semántica e mesmo pragmática da secuencia en cuestión. É, sen dúbida, un traballo apaixonante que, en certo modo, obríganos a combinar técnicas, achegamentos e estratexias múltiples para acadar los resultados apetecidos. Para conseguirmos, por exemplo, que un sintetizador de voz poida enfrontarse cun texto escrito na grafa convencional e lelo cunha entoación 'natural' é necesario investiga-la conciencia sobre as características fonéticas e fonolóxicas da lingua en cuestión, sobre as marxes de desviación que se poden aceptar, sobre as características gramaticais que deciden a entoación correspondente en cada caso, etc. E, por suposto, todo iso convertido despois nun conxunto de programas que poidan correr nun ordenador e dar resultados válidos en tempo real.

Coa introducción do compoñente computacional na nosa disciplina, a vella oposición entre o lingüista de campo, permanentemente ocupado na recolección e clasificación de datos, e o lingüista de gabinete, dedicado á reflexión introspectiva sobre características abstractas das linguas, perde a maior parte do seu sentido. Tanto a investigación básica como a investigación aplicada teñen agora en Lingüística uns límites moito mellor definidos, que son os derivados da necesidade de elaborar produtos que fagan posible que os seres humanos poidan comunicarse cos ordenadores falando de xeito moi

semellante a como o fan cando falan con outros seres humanos.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Alarcos Llorach, E., *Gramática estructural (Según la Escuela de Copenhague y con especial atención a la lengua española)*, Madrid, Gredos, 1951.
- Bach, E., "Linguistique structurale et philosophie des sciences", *Dio-gène*, 51, 1965, pp. 117-136.
- Bloomfield, L., *Language*, Nova York, Holt, 1933. Trad. cast. de Alma F. A. de Zubizarreta, con revisión de A. Escobar, *Lenguaje*, Lima, Universidad Nacional de San Marcos, 1964.
- Chomsky, N., *Syntactic Structures*, A Haia, Mouton, 1957. Trad. cast. de Carlos-Peregrín Otero, *Estructuras sintácticas*, México, Siglo XXI, 1974.
- *Aspects of the Theory of Syntax*, Cambridge, Mass., The MIT Press, 1965. Trad. cast. de Carlos-Peregrín Otero, *Aspectos de la teoría de la sintaxis*, Madrid, Aguilar, 1971.
- Coseriu, E., *Lecciones de lingüística general*, Madrid, Gredos, 1981.
- Dik, S., *Functional Grammar*, Amsterdam, North-Holland, 1978. Trad. cast. de Fernando Serrano Valverde e Leocadio Martín Min-gorance, *Gramática funcional*,

- Madrid, Sociedad General Española de Librería, 1981.
- Gili Gaya, S., *Curso superior de sintaxis española*, Barcelona, Bibliograf, 1943.
- Hjelmslev, L., *Omkring sprogteoriens grundlaeggelse*, Copenhague, 1943. Trad. cast. de José Luis Díaz de Liaño, *Prolegómenos a una teoría del lenguaje*, Madrid, Gredos, 1971.
- Jakobson, R., "Prinzipien der historischen Phonologie", *Travaux du Cercle Linguistique de Prague*, 4, 1931, pp. 247-261.
- Kuhn, Th., *The Structure of Scientific Revolutions*, Chicago, Ill., The University of Chicago Press, 1962. Trad. cast. de Agustín Contín, *La estructura de las revoluciones científicas*, México, FCE, 1971.
- Labov, W., *The Social Stratification of English in New York City*, Washington, DC, Center for Applied Linguistics, 1966.
- Lakatos, I., "History of Science and Its Rational Reconstructions", en R. Buck e R. Cohen (eds.), *Boston Studies in the Philosophy of Science*, 8, Dordrecht, Reidel, 1971, pp. 92-182. Trad. cast. de D. Ribes, *La historia de la ciencia y sus reconstrucciones racionales*, Madrid, Tecnos, 1974.
- Rona, J. P., "A Structural View of Sociolinguistics", en Paul L. Garvin (ed.), *Method and Theory in Linguistics*, A Haia / París, Mouton, 1970, pp. 199-211.
- Ruwet, N., *Introduction à la grammaire générative*, París, Plon, 1967. Trad. cast. de E. Bombín e M. Martínez, *Introducción a la gramática generativa*, Madrid, Gredos, 1974.
- Saussure, F. de, *Cours de linguistique générale*, 1916. Citamos pola trad. cast. de Amado Alonso, incluída na edic. crítica de Tullio de Mauro, *Curso de lingüística general*, Madrid, Alianza, 1983.
- Sapir, E., *Language: An Introduction to the Study of Speech*, Nova York, Harcourt, Brace & World, 1921. Trad. cast. de M. E. A. Alatorre, *El lenguaje: Introducción al estudio del habla*, México, FCE, 1954.
- Tesnière, L., *Eléments de syntaxe structurale*, París, Klincksieck, 1959. Trad. cast. de Esther Diamante, *Elementos de sintaxis estructural*, Madrid, Gredos, 1994.
- Togoby, K., *Structure immanente de la langue française*, París, Larousse, 1951.
- Trubetzkoy, N. S., *Grundzüge der Phonologie*, Göttingen, Vandenhoeck & Ruprecht, 1939. Trad. cast. de Delia García Giordano coa colaboración de Luis J. Prieto, *Principios de fonología*, Madrid, Cincel, 1973.





## UN SÉCULO DE LITERATURA

---

*Luis Iglesias Feijoo\**  
 Universidade de Santiago  
 de Compostela

Resumir en poucas páxinas a evolución da letras universais ó longo do século XX é ardua tarefa. Aceptado o reto, é indispensable evitar que a análise se converta nun catálogo interminable de nomes de autores, amoreados un tras doutro sen que caiba distingui-la súa importancia relativa. Polo tanto, a opción case obrigada consiste en sinalalas liñas mestras en que se moveu o proteico mundo da literatura desde 1901.

Con todo, hai que facer de antemán un par de precisións. Aínda que se evite a mera acumulación de apelidos prestixiosos, os nomes concretos non poden faltar. Emporiso, en xeral a súa mención debe ser tomada máis como símbolo ou sinal representativo dunha corrente ou tendencia ca como o recoñecemento dunha excelencia que tamén ha ser considerada. Nese sentido, o feito de que non se cite tal ou cal escritor de especial preferencia para un lector concreto non debe entenderse como indicio dun desprezo ou consideración de menor rango, pois o que,

desde logo, non se quere elaborar aquí é unha lista dos cincuenta (ou cen, ou douscentos...) autores máis importantes da centuria. Nada máis lonxe, pois, que calquera tentación de impoñer un canon de autores contemporáneos.

En segundo lugar, hai que recoñecer que a exposición que segue está fundamentalmente centrada na literatura occidental. Así como a ciencia integra hoxe o mesmo físicos nados en Italia que na India ou químicos de raíces xaponesas ou americanas —aínda que esa sexa unha situación bastante recente—, no terreo literario o idioma de difusión condiciona decisivamente o coñecemento dos escritores. Acaso un premio como o Nobel pode proxectar unha efémera luz sobre literaturas pouco coñecidas, pero hoxe, á parte de Mahfuz, a penas sabemos ren das letras exipcias, e pouco, ben pouco é o que os lectores coñecen da literatura asiática ou africana. Co cal non se fai un xuízo de valor, senón unha constatación de feitos. Non se trata de ter caído baixo un prexuízo eurocéntrico, senón que

\* Catedrático de Literatura.

este panorama se elabora desde un prisma fundamentalmente europeo ou, máis exactamente, occidental, e se realiza desde España, polo que non é estraño que abunden con maior frecuencia os escritores en español.

Adiantadas estas advertencias, cabe encarrarse xa co argumento central destas páxinas. O primeiro que hai que facer é formular unha pregunta urxente, radical e transcendente, que pode condicionalo todo: ¿estivemos asistindo ó derradeiro século de existencia da literatura? Ou, dito doutro xeito, ¿existirá a literatura ó remata-lo século XXI? A esta última interrogante responderían sen dúbida algúns estudiosos, entre os que contarían sociólogos e comunicólogos varios, de forma negativa. Hai os que cren que o papel que cumpriu a literatura, o mesmo có teatro, será substituído —se non o está sendo xa— por outras formas de comunicación que farán do libro un obxecto obsoleto, por infrecuente ou inútil, e mesmo parecen poñer tódolos medios para que iso suceda ó deseñalos plans de ensino, que ultimamente relegan ou simplemente eliminan a función que sempre tiveron as letras na educación.

Lonxe de tales predicións un tanto apocalípticas, que por veces semellan nacidas máis dun desexo persoal que da análise acougada da realidade, é posible augurar que no futuro seguirá existindo no ser humano a ansia de coñecer outros mundos para recoñecer mellor o propio, o mesmo

que se continuará indagando no contacto con outras vidas para enriquecelas particular de cada un. Eses mundos, esas vidas serán ficticios, pero ó padecer con elas e compadece-los que finxen vivilas, os homes do futuro seguirán mergullados na literatura para saíren enriquecidos da excursión. A literatura non será a única vía que proporcione ese gozo que representa a posibilidade de vivir, canda a nosa, outras existencias que semellan máis intensas, case sempre máis arriscadas, por veces máis nobres. Tamén está o teatro, coa súa antigüidade de séculos; o cine, co poder suxestivo que a imaxe concede; a canción, que condensa unha historia en poucos minutos; e haberá outras formas de divertirse que acaso nin sequera podemos aínda imaxinar. Non parece, pois, que atinen os agoreiros que dan por clausurada a Galaxia Gutenberg, por ben que o libro poida adquirir formas novas, e a do libro electrónico se cadra sexa unha realidade moito máis próxima do que sospeitamos...

Sentada, pois, a crenza de non estarmos realizando unha descrición funeral, que resume a fin da era da literatura, cabe deterse aínda noutra consideración previa e facerse unha pregunta formulada por pensadores e ensaístas nesta centuria, que se interrogaron acerca da lexitimidade moral da literatura. Tralas catástrofes producidas polo home neste século que agoniza, ¿que sentido ten seguir inventando mundos ficticios? Ou para dicilo coa pregunta de

Adorno<sup>1</sup>, ¿como seguir escribindo poesía despois de Auschwitz? E, sen embargo, aínda que a tendencia do mestre de Frankfurt o inclinaba a pensar que en verdade non se pode come-te-lo que lle parecía unha frivolidade, debe seguir insistíndose en que, para evita-la barbarie, a pesar dela e contra ela, a palabra libre que supón a literatura é un dos poucos instrumentos de que o home dispón.

Non se trata de caer outra volta en misonéismos anticuados ou avellentados compromisos; os escritores non son unha especie de 'cruzados da causa' na batalla a prol do espírito e contra as forzas do mal, sexan estas cales foren. Pero para evitar novas hecatombes, para conxurar Hiroshima, cómpre que o home adquira colectivamente unha conciencia crítica que a sociedade pos-moderna non parece moi disposta a favorecer. Nesa tarefa, hai que repetir, a palabra libre da literatura é ferramenta indispensable, aínda que non única.

A literatura supón sempre a proxección dunha visión crítica do mundo, pois o mero feito de compara-lo da ficción co real en que vive o lector permítelle a este obter xuízos e conclusións. E, nos mellores casos, supón enfrontalo cunhas poucas "palabras verdaderas", como dicía o poeta Antonio Machado. Ese exercicio de indagación na realidade, de ampliación do coñecemento, de descubrimento incluso de parcelas de territorios só intuídas antes é algo que

a literatura leva realizando desde os seus principios, e ben o proba o labor que Freud desenvolveu na súa investigación da psique humana, para o que foi buscar materiais e testemuños prímixenios á traxedia grega.

Cabe supoñer, polo tanto, que o home do século XXI, se segue podendo levar ese nome con orgullo e dignidade, acudirá tamén a esa fonte de dor e pracer que é o mundo da literatura. Se a conciencia universal en favor dunha sociedade menos unidimensional se acentúa, é de esperar que as letras contribúan non pouco á súa conquista. Non foi así no XX, cando guerras, xenocidios e espantos non se viron eliminados pola existencia dunha literatura crítica, pero o seu exemplo pode servir de permanente admonición para que a historia non se repita, nin como traxedia, nin como parodia.

En realidade, os albores deste século non parecían presaxiar tanta catástrofe. Desde finais do XIX estaba a vivirse —sempre polo que toca ó mundo occidental— unha situación de case irrefreable optimismo, coma se o desenvolvemento dun progreso inacabable permitise augurar un mundo sempre feliz. Era o momento histórico do auxe do imperialismo, que, sen embargo, levaba dentro de si os arantos dunha crise moi profunda. Anunciada por pensadores como Nietzsche na filosofía e Marx na teoría social, o mundo da cultura vivíaa como

1 Theodor W. Adorno, *Crítica cultural y sociedad*, Barcelona, Ariel, 1969, páx. 230. O libro é unha colección de ensaios procedentes dos seus volumes *Prismas* e *Notas de literatura*.



Flaubert e Baudelaire veñen a ser considerados como os primeiros autores 'modernos' nos seus campos respectivos da prosa narrativa e a poesía.

o desenvolvemento dun modernismo que fariamos mal en identificar co chamado Modernismo poético hispanoamericano, que é só unha das súas ramas, e acaso non a máis interesante.

Este modernismo artístico e literario desenvólvese en tódolos ámbitos, pero non ó mesmo tempo, e ocupa aproximadamente o medio século que vai de 1890 a 1939. Non se limita ó período de entreguerras, como hai anos se cría, aínda que atope nel o momento de maior esplendor. En realidade, se se examina todo o século cunha ollada globalizadora, como é agora o noso caso, é doado dividilo en tres treitos de parecida dimensión, pois cada un se estende aproximadamente por un tercio del.

Pois ben, o primeiro deles contrasta fortemente cos outros por ofrecelo espectáculo dunha riqueza de correntes, movementos, apostas artísticas e experimentos arriscados, fronte á cal os outros dous tercios se nos amosan moito máis sombrizos e apagados, trazo que se concentra sobre todo no segundo, o cal non é estraño de todo se pensamos que nel se produce a Segunda Guerra Mundial, a creación da cortina de aceiro, o consecuente inicio da guerra fría e o avance dunha onda de intolerancia, sospeita e censura que son os ambientes menos axeitados para a libre expresión artística. Acaso o paulatino relaxamento dos controis, que terá no ano 1968 unha data á vez mítica e simbólica, explique que o último tercio retome en parte un

carácter máis aberto e fecundo para a cultura.

Certamente, dado que na historia humana nada xorde da nada, hai que comprender que o que a última década do XIX comeza a desenvolver non carece de antecedentes nos tempos anteriores. No terreo artístico, pouco podería aclararse sen ter en conta o que significou a revolución producida pola pintura impresionista, pois sen ela non se entende a obra dalgúns fundadores da arte moderna como Monet, Cézanne ou Van Gogh. Polo que toca á poesía, hai hoxe acordo xeral en considerar a Baudelaire como o primeiro autor moderno, calidade que xustifican non só os seus versos, senón tamén os seus escritos en prosa. E verbo da prosa narrativa, nada sería intelixible sen consideralo labor perfeccionista de Flaubert.

Sen embargo, desde os últimos anos do século pasado a acumulación de tentativas e experimentos condénsase de tal modo e en tan varias direccións, que hai que falar por forza dun salto cualitativo. A revolución plástica é quizais máis rechamante, pois entra polos ollos coa contundencia que proporciona o visual. Pero se Matisse, Picasso, Braque ou Kandinski achegaron xa as probas da modernidade antes de 1910, o mesmo cabe afirmar respecto da literatura, na que, non obstante, son menos facilmente perceptibles ó ter que obtelas a través dun exercicio de reflexión intelectual.

Fronte á farta de realismo que se producira ó longo do XIX trala fuxidía

labarada de exaltación romántica, toda a nova xeración europea que xorde a fins de século sente o desexo de camiñar por outras vías, a miúdo decidida e explicitamente antirrealistas. Non se caerá xa nunca na inxenua pretensión de reproducir a realidade externa da vida real, empresa que, por outra parte, se descobre como estéril, a par que redundante. A realidade deixou de ter prestixio e a crise conseguinte que a súa concepción tradicional experimenta vai empurra-lo artista a crear un mundo de seu, a súa propia realidade na obra de arte, que só manterá coa 'realidade real' relacións metonímicas ou metafóricas.

Dous son os camiños principais que percorreron os literatos. Un deles vai dirixirse cara ó propio interior do home, nunha empresa cada vez máis profunda de indagación nos seus escuros abismos, nesas vastas zonas antes a penas intuídas, para o cal se precisan instrumentos formais novos. Velaí a razón dos experimentos vangardistas, que lonxe de constituíren un graúto formalismo, son intentos diversos de facerse con ferramentas capaces de dar resposta a desafíos inéditos e cada vez máis radicais.

Na lírica, o antecedente máis claro proporcionáralo xa Rimbaud, co seu navío bébedo e a súa viaxe ó inferno, ata chegar a descubrir que no estrato máis profundo pode aparecer a revelación da identidade dun co outro: "Je est un autre". Por esa vía poderemos logo atoparnos co xogo —tan pouco dramático, pero tan transcendente— do

desdoblamento en heterónimos varios, como sucede en Antonio Machado ou Fernando Pessoa e acaso tamén no Cavafis escindido entre escuro funcionario de Alexandría e desenganado espectador da vinda dos bárbaros. É Cavafis precisamente quen desenvolve o poema en segunda persona, no que se fala a si mesmo en textos como “La ciudad” (“Dices: ‘Iré a otra tierra, hacia otro mar / y una ciudad mejor con certeza hallaré’”) ou o moi famoso “Ítaca”.

Esa incerteza sobre a configuración esencial da persoa, sobre o seu estatuto individual, conducirá algún poeta, como Juan Ramón Jiménez, a venta-la presenza de alguén máis dentro do eu, que ás veces asoma no propio rostro reflectido: “Me da terror cuando miro / mi imagen en un espejo; / me parece que es la sombra / de alguien que me va siguiendo” (*Rimas*). De aí que ese “alguien” poida ás veces adquirir corporeidade: “Alguna noche que he ido / solo al jardín, por los árboles / he visto un hombre enlutado / / que no deja de mirarme” (*Arias tristes*). O poeta pode baleirarse de si mesmo (“¡Qué triste estoy sin mí!”, *Elegías intermedias*), ata chegar a recoñecer ese desdoblamento explícito:

Yo no soy yo.  
 Soy este  
 Que va a mi lado sin yo verlo;  
 que, a veces, voy a ver,  
 y que, a veces, olvido.  
 El que calla, sereno, cuando hablo,  
 El que perdona, dulce, cuando odio,  
 El que pasea por donde no estoy,  
 El que quedará en pie cuando yo muera  
 (*Eternidades*)

Por unha canle diferente, Rilke pretenderá salvar un espacio interior no home, limpo e puro, libre de contaminación coa vida cotiá. E ese ideal de pureza comparece así mesmo en líricos como Paul Valéry ou Giuseppe Ungaretti e, entre nós, no primeiro Jorge Guillén.

Camiño diferente, pero de signo similar, é o percorrido pola narrativa. Ó longo do XIX foi tentando modos e formas para acceder ó mundo interior dos personaxes. O que algúns teóricos denominan psiconarración designa o intento de penetrar no seu pensamento por medios máis sofisticados có simple estilo indirecto. En tal dirección, o estilo indirecto libre permitiu desde Flaubert que o narrador reproducira o contido da mente co ritmo dos seus vaivéns, interrogacións, admiracións e case coas súas palabras. Dostoievski, pola súa parte, afonda en abismos e subsolos que parecen o territorio da loucura, sen que falte tampouco o tema do dobre.

Nese traxecto que afonda no interior do personaxe, e que de paso resta competencias e facultades ó narrador omnisciente, que corría o risco de esmagalo lector co seu poder absoluto, cabía elixir unha focalización restrinxida, como fixo Henry James, autor que xa se proxecta cara ó noso século. Desafortunadamente, o mundo presentado transmítenos a través da visión e a mente dun personaxe, con esquecemento de toda pretensión de obxectividade, ilusoriamente perseguida pola novela realista e naturalista. Así, pode chegarse a un



grao de incerteza ante o que se narra que produce perplexidade e intriga, como en *Una vuelta de tuerca*, da que nunca saberemos se os feitos foron reais ou a mera proxección das fantasías ou temores dun personaxe.

Por este camiño alcánzase o monólogo interior, no que xa non existe lóxica, norma, nin, aparentemente, sentido, porque se dá vía libre ó contido informe da conciencia, de xeito que as palabras se engarzan en asociacións pre-rationais, para revela-lo oculto magma de arelas inconfesables, medos absurdos ou actos reprimidos, que aníñan nese continente descuberto por Freud chamado subconsciente, pero do que a intuición artística xa dera conta antes. En efecto, o monólogo interior está xa configurado en *Les Lauriers sont coupés*, de Dujardin (1888), que non por azar é escritor vinculado ó simbolismo, verdadeiro motor de impulso da modernidade artística.

Ía ser James Joyce quen explotaría a fondo o recurso do monólogo interior no seu *Ullises*, obra que produciu perplexidade, sorpresa e escándalo. Tras ela, William Faulkner recólleo para expresa-lo asfixiante mundo sureño das súas novelas, cheo de violencia e tensión, como en *El sonido y la furia* ou *Mientras agonizo*, nas que se suman as rupturas temporais e os cambios de enfoque narrativo para crear unha suxestión de turbillón que marea e confunde.

Outras vías da experiencia literaria moderna poden semellar quizais

menos aparatosas, pero non por iso resultan por forza menos transcendentales. Tralo cambio de época que se produce nos últimos anos do XIX, vaise impor un programa xeral de experimentación artística e literaria, que non fará senón incrementarse ata explotar no período das vangardas. Pero estas son o momento máis florecente dunha ebulición que estaba a desenvolverse desde vinte anos antes, polo menos. E un trazo moi notable desa ruptura é o seu carácter consciente, aínda que non sempre fose explicado coa mesma clarividencia polos implicados nela.

Base común de tódolos movementos modernos é a certeza de principiar unha batalla co propio instrumento de expresión, de maneira que, antes ca cousa ningunha, o que se produce é unha aventura coa linguaxe. A antiga separación entre poesía e prosa caerá esnaquizada, pois os creadores modernos xa non distinguen entre ambas e a súa actitude á hora de crear será de idéntico e exquisito coidado. De forma moi coherente, poderá xudir entón a arela de fundi-los xéneros ou superalos, o que vai traer consigo o nacemento da novela lírica, na que o mesmo encaixan as *Sonatas*, de Valle-Inclán, ou as novelas de Azorín e Miró, cás de Virginia Woolf ou as do ciclo *A la recherche du temps perdu*, de Marcel Proust.

Característica común a todas elas, e en xeral á literatura da modernidade, é o esquecemento da acción, da historia que se conta, como elemento esencial ou fundamental. Pola contra, o fío narrativo enmagrece ata case desaparecer,



mentres que o interese se despraza cara ás reaccións dos seres de ficción ante eses feitos a miúdo evanescentes. Xorde o interese pola perspectiva e o punto de vista, pois a realidade deixa de ser algo preestablecido e definido de vez, e asúmese, en cambio, que todo depende do lugar desde o que se observa. *Point Counter Point*, de Aldous Huxley, é significativa ó respecto, aínda que o que encarna se presenta con carácter xeral desde inicios de século.

Como consecuencia do anterior, se a focalización narrativa se multiplica, o resultado tende a ser fragmentario, e a sensación de totalidade á que aspiraba a novela decimonónica verase substituída pola precaria conciencia do transitorio. Todo parece romper en anacos e os fragmentos resultantes dan conta da crise do mundo moderno. Do mesmo xeito, o interese polo 'carácter' dos personaxes dilúese ata case desaparecer, e pulularán polas obras novas, en cambio, os homes sen vontade (cabe recorda-lo Antonio Azorín de *La voluntad*, paradoxal título de José Martínez Ruiz), grises, unilaterais, unidimensionais, testemuñas da crise do ser humano, escindido, como xa vimos, entre secretos anhelos e torpes realizacións. Ó novo personaxe daralle nome o título de Robert Musil: *El hombre sin atributos*, se ben os trazos están xa presentes así mesmo en *La coscienza di Zeno*, de Italo Svevo.

Un paso máis darase cando o personaxe novelesco deixe de ter identidade, e se converta nun esquema ou unha silueta, instalado adoito nun reino de

incomprensión que empurra ó absurdo esencial. Kafka é exemplo impar desta dirección, dun lado coa deshumanización máis radical posible, a mutación de Gregor Samsa en insecto en *La metamorfosis*; doutro, pola caída nun mundo sen sentido, cunhas normas que, con todo, hai que cumprir con puntualidade, en *El proceso* e *El castillo*.

Se a acción cede en importancia, o personaxe perde interese e a referencialidade tende a cero, nada máis lóxico que a literatura se faga adoito autorreferencial. É o propio proceso de escritura ou de creación o que pode converterse en centro de atención, de maneira que o relato se torna especular, como en *Les faux-monnayeurs*, de André Gide. Xa non vai ser posible o relato inxenuo, que simplemente quere contar algo; pola contra, comezan a espesarse as capas de sentido, de forma que, por outra vía, volve formularse a obra como un desafío para o lector, que se verá compelido a recoñecer alusións e referencias a outras obras, cando non a intentar montalas pezas espalladas que se lle ofrecen como un caos sen aparente orde.

Esta literatura autorreflexiva e especular, descubridora da *mise-en-abyme*, termo rescatado precisamente por Gide para designa-la obra que se volve sobre si, convértese en metanarración. Ó tomar conciencia crítica de si mesma, faise paradoxal e ambigua, e ademais integra elementos paródicos con moita frecuencia (pénsese só nas parodias estilísticas do *Ullises*). Ademais, ó ter en conta o sistema literario



R. Gómez de la Serna e T. S. Eliot son dous expoñentes do uso instrumental das palabras.

do que parte e no que se integra, abundarán na obra as citas, homenaxes e evocacións doutras obras literarias. Isto é o que explica a famosa acusación de 'plaxio' que se levantou contra Valle-Inclán, sen ter en conta que a evocación doutros textos é un procedemento da arte moderna. O mesmo que o cadro desde o cubismo pode integrar materiais alleos nunha colaxe, na obra moderna sucede algo similar. E isto non é privativo da prosa: a poesía de T. S. Eliot —*The Waste Land*, por exemplo— é boa mostra desa espesura de citas e alusións, que tamén suman a parodia.

Co antecedente de Huysmans, a novela pode converterse outrosí en

algo próximo á vez ó ensaio e ó manifesto. Novela-ensaio é *La voluntad*, xa citada, como o serán algunhas de Pérez de Ayala ou de Aldous Huxley, de Gómez de la Serna (*El novelista*) ou de Thomas Mann (*La montaña mágica*).

En todo caso, sublíñase o carácter de universo de ficción que o artefacto literario posúe, o cal pode chegar a potenciarse mesmo pola vía de reclamación, por parte do personaxe, dos dereitos de ser vivo, como en *Niebla*, de Unamuno, ou en Pirandello. As relacións entre vida e literatura proclaman o status fictivo desta, pero asemade alumean terreos inéditos verbo da condición do ser humano concreto.

A grande aventura da literatura do XX será, non obstante, a da linguaxe, como antes se apuntou. Ese camiño foi percorrido, en especial, polas vangardas, pero está presente en tódalas direccións, agás nas máis triviais. O creador é consciente do instrumento que emprega, a palabra, o cal non quere dicir forzosamente que o resultado non sexa imprevisto ou incluso incomprendible para el mesmo. Como sinalou Eliot nos *Four Quartets*, "So I find words I never thought to speak". A razón achegábaa el mesmo, rememorando un verso de Mallarmé: "Since our concern was speech, and speech impelled us / To purify the dialect of the tribe".

No torrente vangardista poderá convivir o furor destructivo do Futurismo e do Dadá (contra a cultura, a sintaxe e os museos) con fórmulas máis vinculadas á tradición, como o Creacionismo de Huidobro, non moi lonxe do espírito do Romanticismo, que, con todo, sinalaba o carácter autónomo da poesía: "¿Por qué cantáis la rosa? ¡oh, Poetas! / Hacedla florecer en el poema. /.../ El Poeta es un pequeño Dios".

De tódolos movementos da vangarda, no que sobresaen figuras senlleiras, como Apollinaire ou Maiakovski, a corrente posiblemente máis fecunda foi o Surrealismo, non tanto na súa vertente ortodoxa que André Breton teimaba en momificar con pretensións pontificais, como na súa rica e variada e múltiple ebulición. Nomes como os de Aragon ou Éluard son significativos de seu, pero ha terse en conta así mesmo a

importantísima extensión cara a outras manifestacións artísticas, con nomes fundamentais na historia deste século: Dalí, Buñuel, Miró, Magritte, Man Ray...

A repercusión española das vangardas non foi escasa nin demasiado serodia. Revistas como *Grecia*, *Vltra*, *Cosmópolis*, *Alfar*... foron canle para a difusión e experimentación, unido á sombra acolledora de Ramón Gómez de la Serna como exemplo de actitude aberta a toda novidade. A chamada xeración de 1927 desenvolvería o que estaba en potencia e alcanzaría unha das obras máis interesantes no campo do Surrealismo europeo, con Lorca, Aleixandre, Alberti ou Cernuda.

Case tódalas manifestacións observadas ata agora poden ser acollidas, con múltiples matices e algunha excepción, dentro da liña de atención ó individuo ou de viaxe interior á procura do 'eu' que fomos mencionando. A outra vía é a que dirixe a súa mirada cara á colectividade, ó 'nós'. Non se trata exactamente de camiños enfrontados, senón máis ben do resultado dunha ordenación que permite extrema-lo terreo para obter certa claridade e orde, polo que é moi frecuente que a primeira tendencia revele tamén aspectos sociais, mentres a segunda non desdeña o home concreto.

En efecto, unha das dimensións herdadas do século XIX foi a teorización dos problemas colectivos, que a formulación do socialismo científico por Marx e Engels converteu en

doutrina. Sen se dar sempre unha adhesión explícita ou tácita a ela, é perceptible a existencia dunha poderosa corrente literaria que se preocupa polos problemas da sociedade vista en conxunto. Presente en Gorki ou en Mann, o mesmo ca nun dos creadores de máis poderosa e fecunda imaxinación, H. G. Wells —aínda que hoxe ficara impropriamente relegado a esa temible categoría que é a de autor de libros para a mocidade—, adquirirá formulacións como a do unanimismo de Jules Romains, a novela social do primeiro Steinbeck ou a novela como expresión da colectividade que soñaba Valle-Inclán<sup>2</sup> e que tentou primeiro en *La Guerra Carlista* e logo en *El Ruedo Ibérico*, sen poder culminar tan titánica empresa.

Esta preocupación social non significa, de ningún xeito, desinterese polos aspectos formais e estruturais, e a mera mención do noso don Ramón prevennos disto. O Expresionismo dos anos vinte estivo cheo de resonancias colectivas que se estenderon por tódalas artes, e o mesmo as achamos na arte plástica de Kirchner ou Nolde coma no cine de Murnau ou Lang, no teatro de Kaiser e Toller ca na poesía de Trakl e de Benn. A voluntaria deformación que da realidade obxectiva se realizaba no Expresionismo daba conta das trampas que ameazaban o home. A isto podería sumarse o labor de denuncia explícita, xa con fondo político, que se observa en Piscator, Brecht ou Grosz e que, co-

ma no debuxo deste último, pasa directamente á caricatura.

Moitas destas formulacións teñen como núcleo a cidade, a grande urbe, considerada como metrópole xigantesca onde o individuo pasa a ser un mero sumando, un ente unidimensional sen profundidade nin importancia. Acaso foi a novela *Manhattan transfer*, de John Dos Passos, a primeira que conseguiu elevar a nivel de símbolo a entidade inquietante da moderna Babilonia. O interese pola dimensión colectiva proseguiría na súa triloxía *U.S.A.*, bo exemplo de incorporación de técnicas e estratexias narrativas moi modernas ó servizo dun interese metaliterario.

Non é estraño que no país onde se impuxo unha revolución de carácter socialista, a Rusia dos sóviets, se dera un gran pulo nesta segunda dirección que agora consideramos. Partindo do suposto de que nunha situación revolucionaria deben nacer tamén unha arte e unha literatura revolucionarias, produciuse nos primeiros tempos posteriores a 1917 unha floración de correntes e propostas que trataban de vincular a experimentación formal coa nova situación histórica en que o pobo tiña asumido teoricamente a marcha do seu destino. Esenin, Babel, Bulgákov, Maiakovski, Ilébnikov, a carón de homes de teatro e cine como Meyerhold e Eisenstein, ou de artistas como Rodchenko e Malevitch, e non menos a obra de teóricos literarios

2 Véxanse as súas declaracións concordantes en Ramón María del Valle-Inclán, *Entrevistas, conferencias y cartas*, ed. Joaquín e Javier del Valle-Inclán, Valencia, Pre-Textos, 1994, páxs. 287, 318-319 e 396.

como Jakobson, Eijenbaum, Tynjanov, Sklovski, vinculados á Opojaz e ó Círculo Lingüístico de Moscova, promoveron unha arte comprometida co proletariado, pero que investigaba nas formas e modos propios dun tempo novo.

Todo isto viuse pouco a pouco sofocado e pereceu ó cabo baixo as acusacións de tendencias burguesas e desviacionistas, que conduciron ó silencio, á represión e ás veces ó fusilamento daqueles que non coincidían coa nova ortodoxia. Esta definiuse como 'realismo socialista', que, co pretexto de que o proletariado non estaba educado para captar formas complexas, canonizou a máis burocrática e vulgar copia servil da realidade obxectiva, sempre disposta a dar bo exemplo cos seus 'heroes positivos', o que a converteu en paradigma de literatura edificante... e ó cabo inútil. A fórmula converteuse en estereotipo —e o mesmo ocorreu en arte, arquitectura, música, pintura...—, de xeito que se consagrou unha fórmula retardadora, a do realismo decimonónico, sempre vixiada pola autoridade e que derivou nun seguimento cego das directrices do Comité Central do partido. O optimismo oficial deu nun idealismo práctico, arredado de calquera trazado dialéctico, plano, romo, sen conflitos a partir dos anos trinta. Anquilosouse por decreto todo asomo de vida literaria, situación que durou ata ben avanzados os anos cincuenta. De toda a súa produción a penas cabe citar *El Don apacible*, de Shólojov, como exemplo rescatable.

Se nos detivemos en exceso en resumir un triste episodio que non merecía tantas liñas en por si, foi porque gran parte dos debates ideolóxicos e literarios desenvolvidos no segundo tercio do século XX han ter por forza como referente ese pano de fondo. É hora, pois, de entrarmos xa a consideralo segundo período en que quixemos dividi-lo noso exame e que se estende polo tercio central do século. Foi un tempo duro e difícil, sementado de horrores e miserias, que provoca a sensación, vista xa a centuria no seu conxunto, de se tratar dunha etapa máis escura cás dúas que a enmarcan.

En efecto, non se asiste impunemente a tormentas terribles sen que o espectáculo deixe de afectarnos. As purgas stalinistas, os forzados xuízos autocríticos, o desenvolvemento do *gulag* ou campos de concentración e a eliminación daqueles que non coincidían coa ortodoxia; a extensión dos fascismos e totalitarismos; a sangría humana que supuxeron as sucesivas guerras, iniciadas pola civil española, seguida pola segunda mundial e mantida por outras que foron a súa continuación, como a de Corea ou a de Indochina; o holocausto ou proxecto de eliminación xenocida de razas que se consideraban inferiores ou malditas; a represalia sobre poboacións civís, con bombardeos e matanzas; a aparición de instrumentos de destrución masiva, como a bomba atómica, e a súa utilización sobre poboacións indefensas: todo isto conforma un panorama que por

forza tiña que provocar unha triste resaca de pesimismo e desesperación.

A cultura, que sempre responde ó mundo no que xorde, por forza se viu influída por tan negro ambiente. Non pode explicarse o nacemento de filosofías como a existencialista pola acción dunha única causa, pero é indubidable que a consideración sartriana dos outros como o inferno sintoniza con ese especial desalento antropolóxico, no que o home é visto como “ser para a morte”. Na parcela concreta das letras, domina tamén a máis aceirada exhibición da violencia e o nihilismo, que ás veces descobre a proposta dunha saída case sempre incerta.

O que resulta case unánime é o esquecemento dos xogos meramente formais nos que as vangardas puideron derivar. Non se relegou a atención á construción estética, pois un artista que prescindira dela resulta un imposible lóxico, pero estaba claro que na nova etapa non valía xa o mero divertimento episódico. Os signos de que os tempos estaban cambiando percíbense con claridade nos anos trinta, segundo amosan feitos tan relevantes como o compromiso do Surrealismo coa revolución, a atención xeral polo que ocurría na Unión Soviética —non eran ben coñecidos todolos extremos—, a tendencia dos intelectuais e escritores a unírense en Alianzas Antifascistas e, entre nós, o xiro experimentado por autores tan significativos como Alberti, Lorca ou o Neruda que daquela estaba en España.

A partir dos anos corenta imos contempla-la emerxencia dunha fonda preocupación humana, encarada coa morte. Dámaso Alonso poderá empezar un poema de *Hijos de la ira*: “Madrid es una ciudad de más de un millón de cadáveres (según las últimas estadísticas)”. Pola súa parte, Blas de Otero resumirá a súa proposta: “Definitivamente cantaré para el hombre” (*Angel fieramente humano*). Unha onda de interese pola colectividade esténdese entre escritores de diferentes xeracións, e se Vicente Aleixandre, no seu poema “En la plaza”, pensa na posibilidade de fundirse nos demais, “encontrándose en el movimiento con que el gran corazón de los hombres palpita extendido”, ata chegar a ser “él también el unánime corazón que le alcanza” (*Historia del corazón*), José Angel Valente evoca en “La plaza” outra solidariedade, na que tamén “Aquí / latía un solo corazón unánime” (*Poemas a Lázaro*).

A literatura que se crea a partir de agora, aínda que non se refira de maneira directa a problemas colectivos, vai estar tinguida dunha especial violencia, signo evidente da que dominaba na vida real. Converteuse en tópico aludir á proximidade que revelan dúas obras que non tiveron punto de contacto na súa xestación, *La familia de Pascual Duarte*, de Cela, e *El extranjero*, de Camus, coas súas mortes gratuítas. Pero o aire de familiaridade non se cingue só a estas dúas obras; a fascinación polo sangue e, xa que logo, a presenza do vitalismo poderíamos achala per-





Tanto Cela como Camús tinguen as súas obras dunha violencia gratuita que estaba a acontecer na vida real.

manente en Cela e así mesmo en autores como Hemingway, Céline, Malraux...

A evolución de atrocidades a que puideron conducir os extravíos da razón explica que tamén agora se desenvolva unha dirección literaria que prolonga e afonda a liña aberta por Kafka. Privados de apoio en ningunha agarradoira lóxica, desprégase o absurdo como razón aparente do mundo, e non cabe esquecer que toda unha dirección do teatro universal dos anos cincuenta foi denominada por Martin Esslin como 'teatro do absurdo', na que introduciu autores como Beckett, Ionesco, Adamov, Genet, Albee ou Pinter, algún

dos cales tamén escribiu narracións, e na que tamén podería figurar Grass. Os personaxes destas obras quedaron, polo xeral, reducidos a meros esquemas. Non só non hai xa caracteres, senón que a penas hai trazo humano ningún que permita identificalos ou distinguilos uns doutros. O proceso de deshumanización do personaxe literario, que nos anos vinte confluía en algo similar ó traballo con monicreces, siluetas ou bonecos (Valle-Inclán, o expresionismo...), chega a un extremo e o creador agora a penas opera con meros nomes, etiquetas baixo as cales semella non haber ren. E outros autores, en aparencia ben distantes, como o



mexicano Juan Rulfo ou o italiano Buzzati, trasladan ó papel universos enigmáticos non moi afastados.

Doutro lado, a constatación dos cavorcos polos que se precipitara o home neste século levou a moitos á procura dunha obra que contribuíra a iniciar un proceso de rexeneración, no cal se revelara a condición humana e a súa situación. Houbo unha forte vaga de literatura que buscaba dar un sentido moral, individual ou colectivo, a unha sociedade desesperanzada. Aí naceu a idea do compromiso, que ás veces tivo unha lectura un tanto parcial ou limitada, por pretender convertela en instrumento ó servizo doutras instancias. A polémica entre Jean-Paul Sartre e Albert Camus, aínda que se saldou coa aparente victoria do primeiro, descubriu finalmente a actitude máis fecunda do segundo, menos disposto a abdicar da súa responsabilidade individual e moi preocupado polos problemas éticos do home concreto.

En moitos países estendeuse este desexo de implicarse nos problemas reais, e as direccións foron moi distintas, desde a dun Orwell simpatizante do individualismo anarquista ata a dun Bertolt Brecht que propuxo unha intelixente vía de saída fronte ó esquematismo do realismo socialista; o seu teatro dialéctico era unha aposta por unha literatura comprometida ata o fondo e de base marxista, pero que non renunciaba nin á experimentación formal, nin ó carácter lúdico que a obra de arte sempre leva consigo. Noutros ámbitos culturais, Buero Vallejo e Arthur

Miller representan ben a proposta dun drama que non renunciase a ser literatura e se constituíra en instrumento de reflexión para as súas sociedades.

Ese propósito de encara-los lectores coa realidade directa do contorno é o que alicerza un movemento de ancha difusión neste tempo, o neo-realismo, que tamén tivo a súa canle no cine (Rossellini, Visconti, De Sica...). Nado en Italia, onde están algúns dos seus autores máis representativos: Moravia, Pratolini, Pavese, esta corrente encontrou notable eco en España, tanto na narrativa (Aldecoa, Fernández Santos, Sánchez Ferlosio), coma no cine (Bardem). E non sería impropio de todo considerar como un eco algo serodio desta tendencia a formada polos "angry young men" británicos de finais dos cincuenta (Amis, Osborne, Sillitoe); a linguaxe máis libre destes e os seus temas sociais causaron sorpresa e indignación na anquilosada sociedade británica do momento.

Algo similar en canto á súa repercusión social, pero fundada noutras bases estéticas e sociais, representa en Norteamérica a "beat generation". Con antecedentes en canto ó tratamento da linguaxe como J. D. Salinger, Norman Mailer ou e. e. cummings, aparece nos anos cincuenta un grupo formado por Allen Ginsberg, Jack Kerouac e William Burroughs, entre os máis destacados, que supoñen unha aposta por unha forma libre, unha literatura sen estrutura e unha vida sen barreiras, das que a novela *On the road*, do segundo, se converteu en emblema. O inicio do de-

bate da contracultura, ou vida alternativa á marxe dos circuítos oficiais da sociedade, e a polémica xurdida pola creación axudada polos alucinóxenos, como vía para conseguilo acceso a formas de percepción non usuais, achan nestes autores os representantes de toda unha serie de ondas que se dispararían a partir de 1968.

En cambio, de signo diferente foi a liña francesa do chamado *nouveau roman*, na que se pretendía unha superación definitiva do psicoloxismo, pero que se concretou nunha enfática e aburrida serie de interminables descrições de obxectos, das que non só se apartaba calquera implicación subxectiva do narrador, senón que a miúdo tamén carecía da mínima achega de interese narrativo. Robbe-Grillet e Sarraute foron os portavoces máis destacados desta corrente que tamén foi cualificada como 'escola da mirada', para destacar así o peso do visual, que se fixa na superficie das cousas, de infinidade de cousas que deberan transmitirle ó lector os anacos de historia que case sempre se escamotea. Ós poucos anos, esta dirección revelou a súa condición de vía morta, malia ter sido estrañamente proposta como solución para unha novela social e comprometida, como fixo Juan Goytisolo a finais dos anos cincuenta. De todo o conxunto tal vez caiba lembrar unha autora, Marguerite Duras, e outro que en rigor non entra na súa ortodoxia, como Georges Perec.

O último tercio do noso século, que por se-lo máis próximo ofrece a dificultade dunha menor perspectiva,

descobre xa, sen embargo, algúns trazos que permiten tipificalo como máis rico e variado có anterior. Se cadra ten que ver con isto a paulatina destrución de tópicos, apriorismos e supostos dogmas que ó longo destes anos se veu producindo. Unha aura de maior liberdade creativa é perceptible nas máis diversas manifestacións artísticas, ata o punto de que nalgunha delas parece reinar máis ben a confusión e a perplexidade, como sucede hoxe mesmo coa creación plástica, na que a pintura se ve substituída por outras manifestacións de interese dubidoso, como as instalacións.

Unha sacudida xeral produciuse ademais en toda a cultura occidental co movemento xuvenil de 1968, que coincide, non por casualidade, coa fin da década dos Beatles, a contracultura californiana, o *flower power*, o interese polas místicas orientais e demais manifestacións que supoñen, antes ca nada, un desexo de marcar distancias coa aburrida, aburguesada e gris civilización coa que chocaban. Incluso desde o punto de vista visual e dos costumes cotiáns, nada foi xa igual a como fora ata entón. Se a iso sumámo-la transformación que supón máis tarde a caída do Muro de Berlín, isto é, o derrubamento dos réximes do chamado 'socialismo real', coa desaparición do Segundo Mundo e o aparente triunfo do capitalismo, enfrontámonos cun momento de cambios agudos e con consecuencias que aínda non se poden medir en toda a súa dimensión. Non é imposible que, visto

á luz do futuro, se acepte que o século XX rematou en realidade en 1989.

Polo que toca ás letras, varias direccións resaltan dentro do que semella ser unha aposta xeral pola creatividade e o rexurdimento dos desexos de experimentar. Será primeiro nos anos sesenta a explosión do chamado *boom* hispanoamericano, que non é reducible a unha única fórmula, aínda que se pretendeu acollelo baixo a torpe etiqueta de ‘realismo máxico’, que non di nada. Con percorridos diferentes, os seus autores aproxímanse no gusto pola narración, no desexo de contar historias, e na común arela de renovación formal. Son escritores de voz poderosa, na que pode elevarse a liña comprometida coa realidade política de Mario Vargas Llosa, quen, coa súa obra *La ciudad y los perros* (1962) abriu o camiño para mostrar que se podía narrar unha obra que denunciaba fortemente unha determinada situación social e política facendo uso das complexidades da conciencia, contra o que cría o estreito realismo social español do momento; doutra banda, *Cien años de soledad*, de Gabriel García Márquez (1967), mostraba a posibilidade do mito nos nosos días.

Uns autores inclinábanse máis contra o experimentalismo, como o Cortázar de *Rayuela* (1963), outros buscaban dar cauce a formas innovadoras, como a novela desde a segunda persoa en *La muerte de Artemio Cruz*, de Carlos Fuentes (1962). En case todos a sombra de Faulkner se revelaba poderosa, e ata chegar a ser dominante en Onetti, que

escribiu *El astillero* en 1962. O agobiante mundo barroco do *Paradiso*, de José Lezama Lima (1966) tiña o seu contrapunto tamén cubano no xogo coa linguaxe de Guillermo Cabrera Infante, co seu *Tres tristes tigres* de 1964.

O que destaca desta nómina, que podía ser acrecentada coa mención de Alejo Carpentier, José Donoso, Augusto Roa Bastos e outros moitos, é precisamente a súa variedade e o seu carácter torrencial. Ó longo dos anos sesenta —década na que se publican tódolos títulos mencionados—, supuxeron un poderoso sopro liberador de corsés creativos e de límites na forma de narrar. En España, tras algún momento de incerteza, o exemplo destes autores confirmou no seu camiño de experimentación algúns creadores que nunca se conformaran con repetilo mesmo esquema; quizais o caso máis claro sexa o de Camilo José Cela, que tamén seguía a súa peculiar exploración polos abismos da conciencia en obras como *San Camilo 1936* e que continuaría compoñendo logo algún dos universos narrativos máis complexos na busca de raras harmonías, que parecen rexidos polo ir e vir de motivos musicais, como *Mazurca para dos mortos* ou *El asesinato del perdedor*. Tamén coincidiu no tempo o caso de *Tiempo de silencio*, de Luis Martín Santos (1962).

Emporiso, o esplendor hispanoamericano non xurdía da nada, e existía un pouso anterior (Arguedas, Asturias, Arlt, Alegría...) que explica o seu desenvolvemento a partir dos sesenta. Tamén de antes procede outro autor

cunha obra que pode ser tomada como emblemática doutra das direccións deste período. Jorge Luis Borges representa á perfección unha liña de prosa proveitosamente construída, literaturizada, que encarna os avatares da posmodernidade. Baseada no xogo intelectual, ten en conta a súa propia materialidade e domina nela a referencialidade indirecta. Superadora de xéneros, é narración, e ensaio, e inquisición. Irónica e aparentemente distante, sábese literatura e créase desde a literatura, para mostrar que as palabras, aínda sen cambiar, non din sempre o mesmo (“Pierre Menard, autor de *El Quijote*”). Borges deu carta de natureza ó pastiche, á simulación, ó falso plaxio. Recolleu vellos mitos, como o de “El Aleph” e recréaos para os proxeccionar como emblemas do noso tempo. Aínda que pareza simplemente xogar, unha fonda preocupación se descobre no fondo: o mundo como labirinto, a identidade. Como di en “Borges y yo”: “Así mi vida es una fuga y todo lo pierdo y todo es del olvido, o del otro. No sé cuál de los dos escribe esta página”<sup>3</sup>.

Esta literatura que se sabe literatura e que está orgullosa de selo potencia a súa autorreferencialidade e con insistencia nos encontramos con que se noveliza o proceso de creación dunha novela, coma na tetraloxía *Antagonía*, de Luis Goytisolo. Pero ó mesmo tempo poderemos asistir á eliminación do plano fictivo, para toparnos coa novela de non ficción, que inaugura Truman

Capote con *A sangre fría*, e que ten cultivadores como Norman Mailer e en castelán García Márquez con *Noticia de un secuestro*. Por ese camiño de achegamento entre narración e xornalismo camiñará tamén Tom Wolfe, teorizador do *new journalism*, que tería ampla influencia no desenvolvemento dunha nova forma de escribir, máis sincopada, ás veces próxima ó mundo do pop, con autores como Raymond Carver ou Paul Auster.

Hoxe domina a incerteza e a confusión. Cada dous meses xorden correntes novas que pretenden leva-las novidades ó límite. A carón de escritores que non saben escribir aparece o auxe dos adolescentes, e pode converterse en éxito o diario dunha nena de doce anos. Se se pon de moda a narración étnica, pódese premiar a Toni Morrison, pero non é seguro que isto lle confira perdurabilidade. É evidente o peso dalgunhas direccións, como a da narración fantástica, con nomes tan sinalados como Calvino ou Cunqueiro. Na moi frecuentada novela histórica non sempre é doado diferenciar entre a obra de interese intrínseco e a fabricada ás carreiras con intención de *best-seller*. Se parece indiscutible un autor como Lampedusa, ¿onde colocará mañá a historia literaria a Gore Vidal ou a Umberto Eco, por non citar outros nomes máis improbables?

En fin, nesta fin de século en que semella establecerse una estraña alianza entre o ‘pensamento único’ do

3 Ou como acaba o poema “Límites”, de *El otro, el mismo*: “Espacio y tiempo y Borges ya me dejan”.

neo-liberalismo e o 'pensamento débil' de certos heraldos da posmodernidade, a literatura parece seguir gozando de boa saúde. Fronte ós laios xeremíacos acerca de que a civilización audiovisual arrasa co costume de ler, é posible pararse a pensar que antes de agora moitas outras civilizacións se basearon na imaxe, desde os asirios ó Románico e o Barroco, e nesas sociedades non lía practicamente ninguén. Hoxe, en cambio, faino moita xente, probablemente máis ca nunca na historia da Humanidade. E é posible que, a pouco que o pense, o home siga aferrado a esa estraña, curiosa e gratificante experiencia que supón dete-lo paso e suspende-la marcha da vida cotiá para ensumirse no que dixeron, con palabras que non poden ser superadas, algúns conxéneres que, plenos de experiencia e incapaces de calar, quixeron dar testemuño dunha forma de ve-lo mundo que ficou xa gravada para sempre. Iso é a literatura, e iso, probablemente, ha seguir sendo no século XXI.

## BIBLIOGRAFÍA

- Bonet, J. M., *Diccionario de las vanguardias en España (1907-1936)*, Madrid, Alianza Editorial, 1995.
- Bradbury, M., *El mundo moderno. Diez grandes escritores*, Barcelona, Edhasa, 1990.
- Bradbury, M., e J. McFarlane, (eds.), *Modernism. 1890-1930*, Harmondsworth, Penguin, 1976.
- Brustein, R., *De Ibsen a Genet: la rebelión en el teatro*, Bos Aires, Troquel, 1970.
- Clurman, H., *Teatro contemporáneo. De Brecht a Pinter, de Nueva York a Tokio*, Bos Aires, Troquel, 1972.
- Eco, U., *Seis paseos por los bosques narrativos*, Barcelona, Lumen, 1996.
- Esslin, M., *The Theatre of the Absurd*, Nova York, Doubleday, 1961.
- Fusi, J. P., *Un siglo de España. La cultura*, Madrid, Marcial Pons, 1999.
- Gassner, J., *Directions in Modern Theatre and Drama*, Nova York, Holt, Rinehart and Winston, 1965.
- Gómez de la Serna, R., *Ismos*, Madrid, 1931.
- Lodge, D., *El arte de la ficción*, Barcelona, Península, 1998.
- Melchinger, S., *El teatro desde Bernard Shaw hasta Bertolt Brecht*, Bos Aires, Fabril, 1959.
- Torre, G. de, *Literaturas europeas de vanguardia*, Madrid, Caro Raggio, 1925.
- , *Historia de las literaturas de vanguardia*, Madrid, Guadarrama, 1965.
- Valency, M., *The Flower and the Castle. An Introduction to Modern Drama*, Nova York, Octagon Books, 1975.
- Valverde, J. M., *Del Romanticismo a nuestros días*, en Martín de Riquer e J. M. Valverde, *Historia de la*

*literatura universal*, Barcelona, Planeta, 1968, vol. 3.

Varela Jácome, B., *Renovación de la novela en el siglo XX*, Barcelona, Destino, 1967.

Vargas Llosa, M., *La verdad de las mentiras. Ensayos sobre literatura*, Barcelona, Seix Barral, 1990.

Williams, R., *El teatro de Ibsen a Brecht*, Barcelona, Península, 1975.



## A PINTURA E O DEBUXO NO SÉCULO XX. O MERCADO DA LIBERDADE

*Lino Cabezas Gelabert\**  
Universidade de Barcelona

¿Pódese falar só de debuxo e pintura, mesmo que sexa nun balance, obviando as últimas crónicas de arte realizadas nas vésperas do ano 2000? A pregunta é pertinente ó constatar que en moitas exposicións actuais de arte se ensinan poucos debuxos ou pinturas nun panorama inzado das novas tecnoloxías e 'instalacións' de todo tipo. Se no canto de facelo cun interrogante comezamos cunha afirmación, diremos que é moi difícil tratar da pintura e o debuxo do século XX sen facermos referencia a cuestións que atanguen outras formas de arte.

Así mesmo, ¿trátase de redactalo epitafio de algo xa desaparecido ou podemos preguntarnos acerca dos elementos que manteñen a súa vixencia á marxe da inevitable evolución formal das obras? ¿Que cousas de todo o século permanecen vivas e cales quedaron relegadas de vez ó arquivo da memoria histórica?

¿Segue a ser a arte algo inquietante e molesto para a maioría? ¿Podémonos desentender, darlle as costas á

arte e descansar tranquilos afirmando sucintamente que os artistas "están a tomárno-lo pelo"? ¿Deberíamos desencantarnos polo feito de que a arte sexa un fenómeno de consumo controlado por un férreo sistema do mercado? ¿Son os valores da arte simples lanzamentos publicitarios con intereses exclusivamente comerciais?

Todas estas cuestións pódense tratar constatando que moitas manifestacións da arte actual son unha consecuencia dos antecedentes do século que deu cabo, no que o artista moderno foi case sempre un suxeito perigoso e, segundo unha expresión moi propia do período, empeñado en subverter os máis sagrados valores da sociedade burguesa.

Nos últimos cen anos, o artista foi visto pola sociedade, entre outras cousas, como o enfermo, o desgraciado, o excéntrico, o amoral, o vagabundo, o vicioso, o solitario, o pallaso, se ben, paradoxalmente, como se afirmou respecto da obra e da dramática vida de Vincent Van Gogh, ó final, este pintor

\* Catedrático de Debuxo.



no es más que un bello libro de la casa Skira, una magnífica reproducción de Braun y Compañía que pone el toque mágico, definitivo, a la decoración de una sala elegante, una película al estilo de Hollywood, una novela para lectores ávidos de extrañas aventuras, o una serie de cuadros colgados en un museo y vigilados por guardianes que los cuidan celosamente como lo que ya han llegado a ser: valores, mercancías, objetos que desencadenan la voracidad de los especuladores, de los millonarios<sup>1</sup>.

É, sen dúbida, un final sorprendente e inxusto para a vida de Van Gogh, cortada co suicidio e que foi




Figura 1. Prospecto do filme *O tolo do pelo vermello*, baseada na biografía de Van Gogh.

unha odisea interior e unha das aventuras humanas e artísticas máis importantes dos tempos modernos; poucos segundos antes de morrer Vincent, sen indicio ningún de redención, dicíalle ó seu irmán Theo: “Fracasado unha vez máis... A miseria non acabará nunca”.

A propia crónica da arte contemporánea é, en gran medida, unha historia de luces e de sombras que inclúe loitas, incompreensión, condenas e algunhas persecucións que mobilizaron moitos medios na súa contra, tanto espontáneos coma organizados.

## ARTE DEXENERADA

Nun dos episodios máis coñecidos, a estratexia propagandística do Terceiro Reich inaugurou en Múnic, o 17 de xuño de 1937, coa asistencia do propio Hitler, a coñecida exposición *Entartete Kunst* (Arte dexenerada), que sería visitada por 2.009.899 persoas. Na mostra recollíanse seiscentas cincuenta obras de cento doce artistas que representaban o cubismo, o expresionismo, dadaísmo, abstracción, etc.; unha mostra significativa das vangardas históricas que o Terceiro Reich quería ridiculizar<sup>2</sup>.

Como confrontación a esta exposición, podíase visitar paralelamente en Múnic outra mostra organizada tamén polo réxime nazi, a *Große Deutsche Kunstausstellung 1937* (Grande

1 Fayad Jamís, “Introducción”, *Cartas a Theo*, Barcelona, Barral, 1971, pág. 9.

2 Berthold Hinz, *Arte e Ideología del Nazismo*, Valencia, Fernando Torres, 1978, pág. 147 e ss.

Exposición de Arte Alemana). Aínda que só foi visitada por unha terceira parte do público que asistira á anterior, tivo a súa continuación noutras sete exposicións entre 1937 e 1944. O propio Hitler interveu coa súa censura na selección das obras, e

no discurso de apertura da segunda exposición afirmou: “mi deber era pues, trazar una línea rigurosa y asignar al nuevo arte alemán el único papel que puede jugar, obligándole a seguir el camino indicado”<sup>3</sup>.



Figura 2. Goebbels e Hitler visitando no ano 1937 a exposición de Arte dexenerada.

As dúas exposicións de Múnic celebrábanse só un mes máis tarde da Exposición Internacional de París, onde se lle mostraba ó público o *Guernica* de Picasso, unha pintura considerada por moitos como a obra máis importante de todo o século vinte. O cadro fora encargado polo Goberno da Segunda República española, que se enfrontaba no ano 1937 contra o levantamento militar que orixinou a Guerra Civil. A pintura foi exposta no pavillón

español da Exposición Internacional de París no mes de xuño dese mesmo ano.

O Goberno pretendía dar a coñecer naquela mostra os ideais democráticos e progresistas da República, postos en perigo polo levantamento armado. O tema elixido por Picasso foi o bombardeo alemán sobre a poboación civil da vila de Guernica, unha cidade desarmada e sen valor estratéxico ningún. Picasso pintou o cadro de grandes dimensións en

<sup>3</sup> *Ibidem*, páx. 171.



Figura 3. Cadro do *Guernica* de Picasso, 1937.

branco e negro, algo que pode evocarl as fotografías das crónicas de guerra da época.

Na mesma Exposición Universal de París, os militares do golpe encabezados polo xeneral Franco, a través das xestións do cardeal Gomá, participaron representando a España de Burgos grazas a que o Vaticano, tal como lembra Alexandre Cirici,

le concedió un espacio en el Pabellón Pontificio, en el que el pintor José María Sert realizó un altar dedicado a la intervención de Santa Teresa de Jesús en la Guerra Civil española. En una piedra situada en lo alto de la esfera terrestre, Santa Teresa, asistida por un cúmulo de obispos, entre cruces desechas, lograba hacer descender del cielo un Crucifijo que aparecía volando y alargando un brazo desclavado hacia ella. El suelo estaba cubierto de cruces y muertos que levantan las cabezas y abren los ojos ante la maravilla. Este espectáculo milagroso estaba encuadrado a los flancos por dos columnas portadoras de la divisa imperial, PLUS ULTRA, y por un gran corti-

naje rojo. Por cierto que las dos columnas eran rojas y con el fondo de oro de la pintura, formaban el conjunto de la bandera rojigualda. Ello fue motivo de protesta del gobierno francés, que reconocía todavía como legítimo el de la República. Esta protesta obligó a modificar el color de las columnas, que fueron repintadas en negro<sup>4</sup>.

A victoria final dos militares do golpe na Guerra Civil española é unha clave para comprender a persecución e o rexeitamento das vangardas durante a dictadura de Franco, unhas vangardas que se caracterizaran por abrir un foro de debate libre que ensinase a respectar unha cultura da democracia utilizando, moitas veces, unha arte didáctica como o teatro universitario de La Barraca de Federico García Lorca. O fusilamento do poeta granadino ó comezo do golpe militar, a morte no cárcere de Miguel Hernández ou o exilio forzoso de León Felipe son a dramática mostra na poesía do destino da vangarda durante a dictadura.

4 Alexandre Cirici, *La estética del franquismo*, Barcelona, Gustavo Gili, 1977, pág. 92.




Figura 4. *Amor intellectuallis*, retrato de Salvador Dalí por Federico García Lorca, contra 1927-28 (colección particular, Madrid).

O mesmo tempo fundábase en plena guerra a Oficina de Prensa e Propaganda baixo o terror do estafalarío xeneral Millán Astray, o mesmo que berrara “¡muera la inteligencia!” na Universidade de Salamanca en presenza de Miguel de Unamuno. Finalizada a contenda, a cultura sufrirá tamén a tutela da censura da Igrexa que, desde o século XVII, non gozaba dun poder tan extraordinario.

Igualmente nefasta para a arte foi a ditadura comunista de Stalin; a eli-

minación absoluta das vangardas xa era algo totalmente consumado na URSS dos primeiros anos trinta. Aniquilouse a arte moderna a prol da propaganda. Un feito obxectivo pon en evidencia que os réximes totalitarios, non democráticos, independentemente da súa ideoloxía, proscribiron a arte de vangarda para adoptar como estilo oficial o realismo academicista.

Como consecuencia de todas aquelas circunstancias, unha vez finalizada a Segunda Guerra Mundial, as vangardas convertéronse na expresión e na linguaxe oficial das democracias vencedoras; a partir deste momento só quedaba popularizar e converter nunha arte de masas o que fora ata entón unha arte minoritaria e carente de calquera protección oficial. As vangardas fixéronse arte oficial logo de morreren.

Prodúcese un xiro radical na aceptación da arte; todo o que era subversión tórnase espectáculo; a arte xa non provoca a ninguén. Do mesmo modo que as políticas económicas deixaron o seu lugar ás economías políticas, as políticas culturais cedéronlle o sitio ó mercado da arte para convertela en espectáculo e intégrala no consumo.

Trala posguerra, desde os primeiros anos sesenta a Arte Pop representa o comezo da nova etapa na que a arte pon os seus ollos nas imaxes do mercado e a cultura de masas; o compromiso coa loita de clases e os conflitos sociais ficaran atrás. Acuñouse un concepto de industria da cultura dominado polas leis do mercado.



Figura 5. Andy Warhol, *Latas de sopa Campbell's a cuatro cores*. Serigrafía e acrílico sobre tea. Colección Sonnabend, Nova York.

Os cidadáns converteranse en consumidores, nunha era, a actual, que ve transformarse a política en xestión; a creación enténdese en termos de produción; o entendido, o coleccionista e o afeccionado deixan paso ó investidor que busca nos 'valores' da arte unha posibilidade máis de facer rendibles os cartos.

## AS ORIXES

---

Nos anos do nacemento da Pop Art xa se podía facer unha historia da transgresión dunhas vangardas que ían quedando atrás e nas que a pintura acadara a capacidade extraordinaria de incidir e modifica-las ideas e moitos aspectos da vida cotiá.

As crónicas remontan adoito ata 1863 a orixe inmediata desa capacidade revolucionaria da pintura: cando Manet expuxo no Salón dos Rexeitados de París o seu *Xantar campestre* e provocou o escándalo na crítica oficial e no gran público por representar dous personaxes contemporáneos nun tema clásico, ademais de estar realizado cunha técnica pictórica que rompía drasticamente coa tradición. En contraposición ó rexeitamento do público, agrupáronse perante el, con admiración, os novos artistas e os impresionistas considerárono como o seu mestre; comezaba así a epopea da pintura de vangarda.

Neste punto hai que recordar que o termo vangarda é imprescindible para referirse e identifica-la pintura do século XX; sen esquecer unhas conno-

tacións bélicas que fan referencia á parte dun exército que nas batallas vai diante do corpo principal.

Deste modo, as vangardas artísticas concíbense como uns movementos culturais que se anticipan ó seu propio tempo enfrontándose ás ideas e gustos tradicionais. Esta empresa conduciu e condenou os artistas a unha situación de conflito permanente, representado a través dos diferentes 'ismos' que concretan e balizan un percorrido hoxe xa remoto; unhas vangardas adxectivadas como históricas: Fauvismo, Expresionismo, Cubismo, Dadaísmo, Surrealismo e Abstracción, entre outros.

O século fina cunha situación na que as exposicións das vangardas históricas e as últimas manifestacións artísticas se converteron nun espectáculo de masas, patrocinado polos grandes centros de arte das institucións públicas e fundacións privadas. Máis cás propias obras, o interese dos medios de comunicación céntrase na repercusión pública e o fenómeno de masas entendido como espectáculo.

A cultura crítica da arte das primeiras vangardas entra moi poucas veces en colisión coa sociedade actual. A estética converteuse en economía; os museos son parques temáticos de arte idénticos ós de Disney World ou Port Aventura. Pouco importa se son obras orixinais ou reproducións, pinturas ou esculturas, arte primitiva ou últimas tecnoloxías; o público conténtase con ter estado alí sen entender ou importar case nada do que viu, agás o




Figura 6. Folleto dunha exposición da Colección Carmen Thyssen-Bornemisza, 1999.



espectáculo dos visitantes mesmos nunha actitude reverencial e submisa ante a cultura.

## PROVOCACIÓN E ESPECTÁCULO

Nos mesmos días que recibían o ano 2000, en tódolos medios de comunicación, sen ser necesariamente prensa especializada en arte, se recollían moitas crónicas do escándalo provocado pola exposición neiorquina *Sensations*. Así mesmo, os medios de comunicación facíanse eco doutra exposición, *El arte de la motocicleta*, aberta no museo Guggenheim de Bilbao, augurándose como a de maior éxito entre tódalas celebradas ata a data no celeberrimo centro de arte.

Os dous acontecementos pódense explicar en relación co balance de todo o século que se achega á súa fin e que pretendemos abordar nestas liñas.

A exposición *Sensations* chega ás páxinas dos diarios polo escándalo e as manifestacións de repulsa representadas por uns grupos de cidadáns indignados. A diferenza desta, a exposición de motocicletas de Bilbao anúnciase como un flamante espectáculo no que participan estrelas do firmamento cinematográfico. Estes dous fenómenos arrastran os seus antecedentes ó longo de todo o século; a provocación e o espectáculo foron, sen dúbida ningunha, dúas constantes fundamentais da

cultura do século XX e da pintura en particular.

Podemos lembra-los dous acontecementos. A exposición *El arte de la motocicleta*, aberta ó público no Museo Guggenheim de Bilbao do 24 de novembro de 1999 ó 23 de abril do ano 2000 é a mesma que se celebrara anteriormente no museo homónimo de Nova York. Diseñada polo arquitecto Frank Gehry, recollía cento dez motocicletas, vehículo que, segundo os organizadores “representa una metáfora del siglo XX” e quere ser unha maneira de resaltar outras formas de arte. En declaracións á axencia EFE, “Thomas Krenn, director del museo neoyorkino, resaltó que la motocicleta incorpora mucho de los rasgos característicos del siglo que termina: la tecnología, la velocidad, la rebeldía, la transformación, el romanticismo, el riesgo, etc.”<sup>5</sup>

O acto inaugural en Bilbao contou coa asistencia do actor Dennis Hopper, protagonista da mítica película de “motos” *Easy Rider* (1969). Xigantescos paneis reproducían fotogramas de películas con actores en escenas de motocicletas: Gregory Peck, Audrey Hepburn, Steve McQueen, Marlon Brando, Robert Redford e un longo etcétera.

Polas mesmas datas, despois de pasar por Londres e Berlín, a exposición *Sensations*, desataba no Museo de Arte de Brooklyn, un aluvión de recensións en toda a prensa<sup>6</sup>. A

<sup>5</sup> Axencia EFE, 26-06-1998.

<sup>6</sup> EFEDATA. Axencia EFE SA. 23-09-1999; 27-09-1999; 30-09-1999; 02-10-1999-08.00; 02-10-1999-22.48; 09-10-1999; 01-11-1999; 15-12-1999.




Figura 7. Fotograma da película de "moteiros" *Easy Rider* (1969).

exposición integraba un centenar de obras, entre pinturas, esculturas e traballos multimedia e incluía imaxes de animais diseccionados, esculturas corporais que amosan os xenitais ou moscas esmagadas, entre outros traballos.

Nos folletos de promoción advertíase, non sen certa ironía, "Os contidos da exposición poden causar trastornos, vómitos, confusión, pánico, euforia e ansiedade. Se sofres de tensión alta, desordes nerviosas ou palpitacións, deberás consultar previamente o doutor".

A pesar de todo isto, semella que só o título dunha obra desencadeou a

polémica: *A Sagrada Virxe María* de Chris Ofili, unha representación da Virxe, de trazos africanos, salpicada con excrementos de elefante e elementos de carácter pornográfico.

A exposición tería pasado máis inadvertida sen a torpe e impagable colaboración dalgúns responsables públicos. O 23 de setembro, o alcalde republicano de Nova York, Rudolf Giuliani, cualificou de 'enfermiza' a exposición e ameazou o Museo con suspender as subvencións municipais.

Inmediatamente despois, *The New York Times* publica que o alcalde ten



Figura 8. Exposición *Sensations* no Museo de Artes de Brooklyn (1999-2000).

dereito a denuncia-la exposición pero debe entender que a Primeira Emenda limita o que el pode facer contra a arte que desaproba.

O 27 de setembro, na catedral de San Patricio, o cardeal John O'Connor di na homilía: “Estou apesarado polo que parece ser un ataque, non só á Nosa Santa Madre, senón á relixión en si mesma e dunha forma especial á Igrexa católica”.

Pola súa parte, o reverendo Herbert Doughtry, da Igrexa do Señor, no mesmo Brooklyn, declara: “Se o alcalde quere manifesta-lo seu rexeitamento pola exposición como cidadán é unha cousa, pero dicir que vai utilizar-los mecanismos gobernamentais para castiga-los organizadores, é algo que se achega ó dictatorial”. “Recordando a Voltaire cando dicía que aínda que non estou de acordo co que dis defenderei ata a morte o teu dereito a dicírelo, creo que se podería aplicar á arte: non entendo o que dis con esta obra pero

defenderei ata a morte o teu dereito a expresárelo”.

Nunha das pancartas dos católicos radicais que se manifestaban contra a exposición líase: “Hitler tiña razón cando dicía que había que se desfacer da arte dexenerada”. O 1 de outubro, *The New York Times* publicou un anuncio a toda páxina co apoio de personalidades do mundo da cultura a prol da independencia do museo, “deplorando” as intencións do alcalde neoiorquino. Un mes máis tarde, levado o conflito ós tribunais, a xuíza do distrito ordenou ó Concello restaura-los fondos ó museo, afirmando que nin o alcalde nin o Concello podían “castigar, someter a represalia, discriminar ou sancionar” a exposición. A xuíza tamén sinalaba que “non hai asunto constitucional máis grave có esforzo por parte dos funcionarios gobernamentais de censurar traballos de expresión”. “O alcalde e o Concello ameazaron cos seus actos a neutralidade que se require do Goberno na esfera da relixión”, engadía noutro momento a maxistrada.

En resumo: vemos cómo nunha destas exposicións predominaba o afán de provoca-lo público e a sociedade en xeral, mentres que na outra se trataba dun espectáculo que recorda os parques temáticos de atraccións do universo de Hollywood.

Non obstante, nos postremeiros tempos do século XX deixouse atrás o aspecto de maior importancia que caracterizou a arte máis significativa da

centuria: a súa ideoloxía e a súa implicación coas loitas sociais, convulsións políticas e conflitos bélicos de toda orde, como a expresión dunhas circunstancias históricas moi particulares.

## OS MANIFESTOS

Fálase de literatura artística en referencia ós xéneros literarios utilizados en distintas épocas para escribir sobre arte. As vangardas servíronse dun xénero específico: os manifestos.

Estes son, en xeral, escritos dirixidos á opinión pública nos que se expón e propón algún proxecto concreto; neles decláranse tanto as cousas que se queren como as que se rexeitan.

O seu contido acostuma conter algunha proposta de cambio social, descubríndose a débeda ó manifesto máis coñecido da historia deste xénero: o *Manifesto do Partido Comunista*, publicado por Marx e Engels en 1848.

Enraizado nesta tradición, o 20 de febreiro de 1909 o diario *Figaro* publicaba un dos máis famosos: o *Manifesto do Futurismo* asinado polo poeta Marinetti; nel, entre outras frases provocadoras, podíase ler: “Queremos glorificar-la guerra —única hixiene do mundo—, o militarismo, o patriotismo, o ademán destructor dos anarquistas, as belas ideas que matan e o desprezo da muller”.

Os irónicos e demoledores ataques á tradición e ó pasado tiñan o seu

contrapunto positivo: o mérito indiscutible de chama-la atención da arte cara á vida moderna, algo que o academismo de finais do século XIX non dera afrontado e que o poeta Baudelaire xa reclamaba no século XIX: “Un pintor, un verdadeiro pintor será aquel que consiga arrincarlle á vida moderna o seu lado épico e nos faga ver e sentir en qué medida somos grandes e poéticos coas nosas gravatas e os nosos zapatos de charón”.

No manifesto de Marinetti proclamábase:

Cantarémo-las grandes multitudes axitadas polo traballo ou a sublevación; as resacas multicolores e polifónicas das revolucións nas capitais modernas; a vibración nocturna dos arsenais e as obras baixo as súas violentas lúas eléctricas; as comellonas estacións que engolen serpes fumegantes; as fábricas penduradas das nubes por medio dos cordeis das súas fumaredas; as pontes de saltos de ximnastas que choutan sobre a coitelaría diabólica dos ríos delourados; os paquetes aventureiros que osman o horizonte; as locomotoras de poderoso peito que piafan polos carrís, coma enormes cabalos de aceiro embridados por grandes tubos e o esvaradío voo dos aeroplanos, con hélices que estralan coma as bandei-ras e coma os aplausos da multitude entusiasta.

O futurismo consideraba necesario o escándalo para crear unha nova arte onde as máquinas eran a fonte de inspiración. O *Manifesto dos pintores futuristas* do 8 de marzo de 1910, declaraba nun dos seus puntos: “que é mester varrer tódolos temas xa gastados, para expresa-lo torrente da nosa vida de aceiro, orgullo, febre e velocidade”.



Figura 9. Giacomo Balla, *Velocidade dun automóbil + Luz* (1913). Óleo sobre papel, Museo de Arte Moderna de Estocolmo.

## A RUPTURA COA TRADICIÓN E OS SÍMBOLOS DUNHA NOVA ERA

Unha das constantes nas vangardas históricas será, precisamente, a súa vontade e conciencia de ruptura co pasado, unha clave permanente durante todo o século. Ata hai pouco tempo, acordes con esta actitude, as críticas de arte continuaban enxalzando como algo bo todo o que supu-

ña romper con..., renovar..., transgredir...

A tradición, a historia e o pasado considerábanse como un lastre do que debería desprenderse o artista. A nova era precisaba e esixía novos símbolos; no ano 1922 Gropius manifestaba na Bauhaus que a súa responsabilidade era “educar homes que puidan recoñecer claramente, por seus caracteres fundamentais, o mundo en el que

viven, y crear, por medio de la unión de sus conocimientos con sus fantasías, formas típicas que representen simbólicamente su mundo”<sup>7</sup>.

A necesidade de novos símbolos para representa-los cambios de sensibilidade e as profundas transformacións sociais atoparon o seu acomodo na pintura abstracta, a revolución máis radical e a achega de maior importancia, desde o punto de vista formal, para a pintura moderna.

O comezo da pintura abstracta convese en datalo en 1910, cando o pintor ruso Wassily Kandinsky pintou a súa primeira acuarela abstracta. A conciencia do novo camiño da pintura está perfectamente formulada nunha coñecida definición do pintor Maurice Denis: “Recordemos que un cuadro —antes que un caballo de batalla, una mujer desnuda o cualquier otra anécdota— es esencialmente una superficie de colores combinados en un cierto orden”<sup>8</sup>.

A pintura abstracta rompía coa dependencia da representación visual coincidindo coa época dos descubrimentos da psicanálise e da psicoloxía do inconsciente. Kandinsky formulaba o seu “principio da necesidade interior” como un dos fundamentos básicos da arte abstracta. Como consecuencia disto, Kandinsky titula algunhas

das súas pinturas como *Improvisacións*, definíndoas como “Expresiones, en gran parte inconscientes y a menudo repentinamente formuladas, de hechos de carácter interior; impresiones, por lo tanto, de la ‘naturaleza interior’”<sup>9</sup>



Figura 10. W. Kandinsky, *Acuarela abstracta*, coñecida como a primeira realizada polo artista (1910). Col. Sra. W. Kandinsky, París.

O concepto de expresión antepúñase ó de representación que fora arrebatado e monopolizado pola fotografía. A relación entre arte e fotografía é, precisamente, outra das claves para comprender unha boa parte da pintura contemporánea.

Unha forma radical de pintura será a abstracción xeométrica; nela a obra do pintor holandés Piet Mondrian alcanza unha das maiores cotas de orixinalidade no panorama xeral da arte contemporánea.

7 W. Gropius, “La vitalidad de la idea de la Bauhaus” (apuntamentos do 3 de febreiro de 1922 para unha circular ós mestres da Bauhaus), recollida en, H. M. Wingler, *La Bauhaus*, Barcelona, Gustavo Gili, 1975, páxs. 69.

8 Citado en, J. Cassou, *Panorama de las artes plásticas contemporáneas*, Madrid, Guadarrama, 1961, páx. 103.

9 W. Kandinsky, *De lo espiritual en el arte*, Bos Aires, Nueva Visión, 1956, páx. 115.






Figura 11. Piet Mondrian, *Composición diagonal*, Instituto de Arte de Chicago.

As súas obras, ademais de identificar perfectamente a estética dos obxectos e as estruturas contemporáneas, relaciónanse cunha actitude case mística de contemplación do esencial. Mondrian, igual ca outros pintores contemporáneos, escribirá as súas ideas sobre a arte. No seu texto *Realidad natural y realidad abstracta*, unha obra escrita en forma de diálogo entre un afeccionado á pintura, un pintor naturalista e un pintor abstracto, escribirá:

No debemos mirar más allá de la naturaleza sino, mejor, *a través de ella*: debemos ver más profundamente, nuestra visión debe ser abstracta, universal. Entonces lo exterior se convierte para nosotros en lo que efectivamente es: el espejo de la verdad. Para llegar a ello es menester que nos liberemos del apego a lo exterior...<sup>10</sup>

## O PAPEL DO DEBUXO

Analiza-las implicacións do debuxo no decorrer dos últimos cen anos axuda a clarificar moitos aspectos da arte en xeral. Pódese lembrar que, desde o Renacemento, o *disegno* era a ciencia da arte; o debuxo —*disegno*— estaba considerado e concibíase como o paso previo e necesario para proxectar calquera obra de pintura, escultura ou arquitectura; a arte era susceptible de ser pensada e predicible e o debuxo entendíase nunha fase de estudio e preparación, como a previsión da obra futura.

Dando un xiro de cento oitenta graos, no século XX a maior parte da arte considerárase como algo de orde subxectiva, imprevisible e imposible de proxectar; o azar, a casualidade, o aleatorio, o arbitrario e o accidental son variables plenas de sentido para a nova arte. Picasso afirmará nunha coñecida frase: “eu non busco, eu encontro”. Ó artista gústalle descubrir e sorprenderse diante dos achados que non foron programados.

Nun uso voluntario desta sensibilidade, radicalizándoa, os surrealistas realizan os seus “cadáveres exquisitos”, consistentes en trazar sobre un papel con varias dobras un debuxo entre diferentes persoas sen que ningunha coñeza a achega precedente

O Surrealismo avoga por unha liberdade absoluta de inspiración que

10 Piet Mondrian, *Realidad natural y realidad abstracta*, Barcelona, Barral, 1973, pág. 22.






Figura 12. *Cadáver exquisito* realizado por catro persoas: Tzara, Hugo, Knutsen e Breton.

ha de xurdir do inconsciente do individuo. No primeiro manifesto de 1924, defínese o Surrealismo como “aquilo que a mente nos dicta cando se suprime todo control da razón e se deixa toda preocupación estética ou moral”.

Trala película *El perro andaluz* de 1929, en 1931, Salvador Dalí realiza a segunda película con Buñuel, *La Edad de Oro*, o mesmo ano que propón o seu método “parnoico-cítico” para integralos impulsos da libido e as imaxes oníricas na creación. A débeda de toda a arte e a poesía ó Surrealismo maniféstase no recoñecemento da absoluta espontaneidade creadora e automática que chega desde a figuración ata os graos máis extremos da abstracción.

Como consecuencia destes antecedentes, na posguerra xorde con gran forza nos Estados Unidos de Norteamérica a chamada *Action Painting*, pintura de acción ou pintura xestual, da que Jackson Pollock é o máis importante representante. El adoptou a técnica

do *Dripping* que consiste en derramar pingas de pintura sobre un soporte que moitas veces se pon enriba do chan, para expresa-lo propio acto físico de pintar na súa relación cos impulsos psíquicos do artista.



Figura 13. O pintor Jackson Pollock (1912-1956) realizando unha obra colocada sobre o chan.

A obra destes artistas xestuais enlazábase coas correntes europeas do Expresionismo abstracto, a última consecuencia da pintura expresionista dos países nórdicos. *O grito*, célebre cadro do pintor noruegués Edvard Munch, pode considerarse o emblema do Expresionismo que se manifesta no interese pola paixón e a liberdade emotiva.

Existen antecedentes: en 1907 o historiador Wilhem Worringer publicara a súa *Abstracción y empatía*, onde




Figura 14. Edvard Munch, *O grito*, litografía de Munch en *La Revue Blanche*, 1894.

sostén que toda arte é basicamente subxectiva; é o mesmo autor que acuña, por primeira vez, a palabra 'expresionismo'.

Segundo ese pensamento, a subxectividade pódese expresar en múltiples formas: hai personalidades doces, tranquilas, violentas, neuróticas, bondadosas ou coléricas. Todos estes tipos psicolóxicos e anímicos tamén se poden descubrir nas artes plásticas. Na pintura expresionista, o denominador común é a liberdade absoluta dunha subxectividade que se denuncia apreixada por unha sociedade que a reprime e da que cada autor intenta ceibarse.

Para o Expresionismo, a subxectividade do propio individuo e a liberación contra a represión social encontra a mellor forma de expresión nas pinturas e debuxos eróticos, o descubrimento do pracer sexual e a intimidade do corpo espido. Os debuxos eróticos de nus constitúen, deste modo, un dos máis fermosos capítulos da arte de todo o século XX; entre outros moitos, os mellores e máis coñecidos son os de Rodin, Klimt e Schiele.



Figura 15. Egon Schielle, *Muller espida coas pernas recollidas*, Graphische Sammlung Albertina, Viena.

## ESTRUCTURAS E XESTOS

As interrogantes sobre os procesos de creación non eran, en absoluto, algo novo para as vangardas; a revisión da función do debuxo na creación artística e na súa relación coa pintura víñase formulando moito tempo atrás. Desde Cézanne, de forma explícita, na arte, a concepción dunha obra non se podía entender á marxe da súa realización; segundo el, unha expresión non podía ser nunca unha tradución de algo realizado anteriormente; para este pintor, o debuxo non é independente da pintura, “o debuxo e a pintura non son xa factores distintos; débúxase tal como se pinta: canta máis harmonía hai nas cores, tanto máis preciso se fai o debuxo”<sup>11</sup>. Insistindo nestas ideas, o debuxo pasa a considerarse na arte contemporánea como algo intrínseco en tódalas obras, ou como unha obra en si mesma e non como algo instrumental, ó servizo doutra técnica artística posterior máis elaborada.

O debuxo racionaliza o concepto de estrutura na representación da natureza; nesa dirección Cézanne formula a súa coñecida sentenza: “na natureza todo está modelado segundo tres formas fundamentais: a esfera, o cono e o cilindro. Hai que aprender a pintar esas figuras tan simples, e logo poderase face-lo que se queira”. Nesta afirmación quixéronse ve-los antecedentes do Cubismo formulado por

Picasso e representado pola obra máis revolucionaria de todo o século, desde o punto de vista formal: *As señoritas de Aviñón*, pintado en 1907.

A idea de concreción e precisión do debuxo vese afectada polo concepto de acabado que tamén sofre unha transformación importante; a frase de Picasso na que afirmaba que unha obra rematada é unha obra morta, ilustra perfectamente o cambio de sensibilidade. Unha obra de arte debe evocar, suxerir; unha característica da arte contemporánea e unha idea estética que foi desenvolvida por Umberto Eco no seu ensaio *Opera aperta*, do ano 1962. Para o autor italiano a apertura é a posibilidade de múltiple interpretación dunha forma, entendendo como forma o campo dunha posibilidade. Eco afirma:

nos preguntamos con legítima esperanza si la proposición que hace el arte contemporáneo de un ejercicio continuo de la libre elección y de ruptura consciente [...] no representa un instrumento de liberación que no actúa ya sólo al nivel de las estructuras estéticas consideradas abstractamente en su evolución histórica y formal, sino al nivel de una educación del hombre contemporáneo para la autodirección<sup>12</sup>.

Nesa busca da autoafirmación, a arte contemporánea valorou a expresividade a través do xestualismo. En moitos centros de ensino propoñíase-lles ós estudantes libera-las súas forzas expresivas e creativas, desenvolver unha personalidade activa, espontánea e sen inhibicións; pretendíase adquirir un coñecemento non exclusivamente

11 Citado por, Maurice Merleau-Ponty, “Le doute de Cézanne”, en *Temps Modernes*, París, 1946.

12 Umberto Eco, *Opera aperta*, Milán, Bompiani, 1962. Traducción española: Barcelona, Barral, 1965, páx. 127.

intelectual senón emocional. Nese comportamento expresivo primábanse os aspectos puramente motores.

En consecuencia, o debuxo tamén se vai concibir, polas súas implicacións de expresión caligráfica e autográfica, como a pegada persoal do autor. Cómpre lembrar que o termo grego *graphidos* sería o equivalente da nosa palabra debuxo, aínda que significa tamén escritura, o que pon en evidencia a orixe común da escritura e o debuxo.

A escritura non só comparte co debuxo cuestións de orde estética; a caligrafía —etimoloxicamente bela escritura— é tamén a pegada da acción física de cada individuo e recoñécese como o máis propio e irreproducíble, así como a manifestación da orde subxectiva da persoa, a marca onde se manifesta a personalidade do autor. A grafoloxía pretendería atender ese aspecto na escritura. As novas tecnoloxías van poñer en crise estes conceptos ó prescindir da acción manual directa ou deixala simplemente mediatizada.

O horizonte que se albisca para o vindeiro milenio xa é un feito presente; unha arte e unha cultura en xeral definidas pola comunicación e a información da Rede, onde o importante non é a obra única e singular, a súa exclusividade, senón a súa máxima difusión a través do número de 'visitantes' da propia Rede. Do mesmo modo que os clásicos dicían que na arte era máis importante o verosímil có verdadeiro, na sociedade actual é máis importante o acto mediático producido cá propia

realidade. O papel da Academia tradicional está ocupado por unha trama de xestores de centros oficiais de arte e os medios de difusión das imaxes. O criterio do espectador baséase na mesma información da televisión ou as revistas especializadas que difunden as imaxes.

O futuro inmediato da arte semella estar tamén en Internet; a continuación do debate sobre a liberdade na arte establecerase nel; nos seus logros e miserias a débeda con respecto ás conquistas do último século é máis ca evidente.

Como resumo de todo o dito podemos concluír transcribindo unha información do sociólogo Manuel Castells, referente a que nos Estados Unidos o Tribunal supremo protexeu con reiteradas sentencias a liberdade de expresión en Internet, algunha das cales chega a dicir que “os cidadáns teñen dereito constitucional ó caos na súa libre expresión”.

## BIBLIOGRAFÍA

- Argan, G. C., *El arte moderno*, Valencia, Fernando Torres, 1975.
- Baron, S., “Degenerate Art”, *The Face of the Avant-Garde in Nazi Germany*, Nova York, N. H. Abrahams, 1991.
- Cassou, J., *Panorama de las artes plásticas contemporáneas*, Madrid, Guadarrama, 1961.

- Cooper, D., e G. Tinterow, *The Essential Cubism. Braque, Picasso & their Friends 1907-1920*, The Tate Galery, 1983.
- Gómez Molina, J. J., *Estrategias del dibujo en el arte contemporáneo*, Madrid, Cátedra, 1999.
- Huges, R., *The Shock of the New. Art and the Century of Change*, Londres, British Broadcasting Corporation, 1980.
- Hulten, P., *Futurismo & Futurismi*, Milán, Bompiani, 1986.
- Lynton, N., *Historia del arte moderno*, Barcelona, Destino, 1988.
- Rubin, W. S., *Dada & Surrealist Art*, Londres, Thames and Hudson, 1969.
- Whiting, C., *A Taste for Pop. Pop Art, Gender and Consumer Culture*, Cambridge University Press, 1997.



# APUNTAMENTOS SOBRE A ARQUITECTURA DO SÉCULO XX

---

*José Manuel García Iglesias\**  
Universidade de Santiago  
de Compostela

O exercicio da docencia universitaria ten, entre outras moitas satisfaccións, a de poder explicar determinadas materias que nos fan reflexionar sobre amplos campos de estudio dunha maneira conxunta. No contexto da posta en marcha da disciplina de Historia da Arquitectura Contemporánea, materia optativa do actual plan de estudos de Historia da Arte na Universidade compostelá, xurdiron, ó fío das clases dadas no curso 1999-2000, algúns 'apuntamentos' que son agora publicados nesta REVISTA GALEGA DO ENSINO co ánimo de ofrecer puntos de vista susceptibles de seren compartidos con outros docentes e estudiosos que se aproximen a esta temática.

## I. A MODO DE INTRODUCCIÓN

---

### UN MUNDO XURDIDO DA REVOLUCIÓN INDUSTRIAL

---

As consecuencias do que xenericamente se denomina Revolución Industrial prolónganse dalgún xeito na

arquitectura do XX que, en certa maneira, vén a extrae-las debidas consecuencias dun proceso cuns efectos que se introducen na centuria aquí considerada.

En directa relación con ese proceso industrializador han de valorarse dous feitos de singular importancia. Por unha banda, o crecemento, moitas veces vertixinoso, das cidades, o que supón a realización dunha morea de construcións dentro dunha dinámica que se mantén ó longo do século XX.

Por outra, hai que ter en conta a aplicación á arquitectura de toda unha serie de novos materiais que se van incorporando, paseniñamente, á historia da construción. Neste sentido, hai que dicir que tanto a calidade dos materiais coma a súa adaptación a labores arquitectónicos xeran unha chea de ensaios. En calquera caso, debe de considerarse que a incorporación de todo tipo de inventos á concreción de edificios supón un experimentalismo que, como modo de concibi-la Arquitectura, ten, é verdade, un amplo desenvolvemento.

\* Catedrático de Historia da Arte.

mento no século XIX e tamén, como non, na seguinte centuria. Así pois, nos dous últimos séculos, quen analice a historia da Arquitectura atopará moitos exemplos nos que se percibe un traballo concibido a partir de solucións non experimentadas abondo e, xa que logo, cuns resultados claramente mellorables.

O emprego, poño por caso, de vidros de notables dimensións xa desde comezos do XIX irá xerando unha nova consideración das posibilidades de ilumina-lo que a partir dese momento se edifique. Materiais como o formigón armado terán, como ben se sabe, todo un complexo proceso de ensaios que non facilitarán unha boa aplicación á Arquitectura ata despois de 1900.

Non hai que esquecer, polo demais, a importancia que tiveron diversos modos de intercambiar información dunha maneira habitual fundamentalmente a partir da segunda metade do XIX, cunha eficacia difusora que se mantivo en liñas xerais ó longo do XX. Estámonos a referir ó papel desenvolvido tanto polas exposicións universais coma por aquelas revistas e outras publicacións que formularon moitas veces, cunha certa vocación internacional, propostas sobre o presente e o futuro da Arquitectura entendida cada vez máis inmiscida nun panorama artístico xeral no que ten unha importancia maior, co paso do tempo, o concepto de interrelación das artes.

#### DA HISTORIA Á VIDA: O ECLECTICISMO E AS PRIMEIRAS CONTRIBUCIÓNS DO MODERNISMO

É ben coñecido que as últimas décadas do XIX teñen no chamado eclecticismo unha das súas formas de construír que debe de considerarse practicamente dominante. O punto de partida de todo un repertorio de estilos que se poden utilizar sen maiores limitacións producirá un tipo de cidade que medra compaxinando unha certa homoxeneidade formal e un desexado grao de monumentalización que vén da man desa 'historia' que se lle aplica á construción. Non hai que esquecer que as novas edificacións eclécticas empregan moitas veces novos materiais achegados polo proceso industrializador que contextualiza a sociedade da época.

Os moi diversos modernismos que poden estudiarse fundamentalmente en Europa, pero tamén en América, poden entenderse, xa a partir da última década do XIX, como un cambio substancial que ofrece unha determinada alternativa a ese eclecticismo dominante. Tense explicado o modernista no eido arquitectónico como unha reacción esteticista contra a Revolución Industrial e tamén contra os historicismos e os academicismos en xeral.

Desenvolverase o primeiro modernismo manifestando unha confianza destacable no emprego dos novos materiais, algo que se fai neste caso compatible cun interese notable polo que se pode subministrar ó mundo da



construcción desde as Escolas de Artes e Oficios, o cal implicará a aplicación de resultados propios de tal tipo de estudos nas obras que se levan a cabo con estas novas premisas. A valoración, igualmente, do imaxinario, do simbólico, e unha interpretación moi libre da natureza outorgan ideas e formas a unha Arquitectura modernista que fala con linguaxes distintas nos diferentes lugares en que se desenvolve.

O autóctono e tamén o exótico veñen a marcar ámbitos de interese que, pola súa condición, se afastan do que puidera entenderse como estilos históricos tidos en conta polos eclectistas. E cando entre os arquitectos modernistas nos atopamos con posibles formas vinculadas cun determinado estilo do pasado, adoitan estar tratadas cun grao de liberdade e unha carga imaxinativa tan grande que o resultado acadado pouco ten que ver co que xulgamos como interpretación dun eclectista.

Tanto ese posible punto de partida dunha valoración fundamentalmente imaxinativa dun repertorio de cariz histórico coma o seu interese polos resultados dunha arquitectura popular propia, así como esa valoración que se fai do artesanal, non deixan de ser acentos que poden ser analizados en moitas ocasións como froito dunha ideoloxía nacionalista subxacente en determinadas culturas que concentran os seus esforzos constructivos no modernismo; o caso catalán ha considerarse, neste sentido, claramente paradigmático.

## 2. O ACONTECER ARQUITECTÓNICO ENTRE 1900 E 1930

### O RACIONAL E O IRRACIONAL COMO DIMENSIÓNS DUNHA NOVA LINGUAXE ARQUITECTÓNICA

O variado panorama de solucións constructivas que poden albiscarse a comezos de século supón a concreción dunhas moi diversas tipoloxías que responden, bastantes delas, a criterios nos que imperan principios que, xenericamente, poden considerarse racionalistas e outras desenvolvidas desde posicións opostas a tales principios.

Desde ese entendemento amplo do racional deben contemplarse todas aquelas edificacións que responden xa a formas preestablecidas, moitas delas de raíz ecléctica, e tamén aquelas outras que, sen esquece-las esenciais do clásico, tenden a xerar unha arquitectura nova xa pola vía de principiar un proceso de desornamentación, xa pola de profundar na configuración dun gusto novo baseado en principios fundamentalmente de orde funcional e, moitas veces, de abaratamento de custos.

Pero tamén nos primeiros compases do século existe un moderno xeito de ve-la arquitectura, que vén da man do modernismo —ou *art nouveau*—, que desenvolve agora todo un mundo formal baseado na utilización de códigos onde priman os valores do natural, a asimetría, o interese polo bo facer artesanal e un rico repertorio de posibilidades xeradoras dunha

arquitectura que tende a unha exuberancia imaxinadora de vida.

A aplicación de ornatos de condición modernista a un tipo de edificación fundamentalmente ecléctica é, tamén, unha cuestión entón considerada. En calquera caso, a existencia de dous auténticos polos entre os que move-la formulación arquitectónica pode dar lugar a moi variadas posicións que mesmo darían chegada a facerse compatibles no desenvolvemento dunha mesma construción.

Deste xeito, o racional e mailo irracional son dúas opcións que poden ter cadanseu lugar incluso no discurso do mesmo arquitecto, chamado agora, no comezo do século, a cuestionarse polo menos unha serie de supostos á hora de concibi-lo seu traballo. Que agora se pondere a conveniencia do racional, o funcional, o internacional, o orgánico debe leva-lo profesional da Arquitectura, obviamente, a preguntarse pola conveniencia de 'inventar', sinxelamente, unha maneira de facer que teña unha certa dose de novidade.

Van ser unha serie de arquitectos nados sobre 1870 os chamados a moverse entre eses dous tipos de opcións que cabe considerar desde os termos de modernismo e protorracionalismo. Así, nalgúns traballos de Charles Rennie Mackintosh (Escocia) ou de Joseph Hoffman (Austria) pódese apreciar cómo se fan compatibles solucións propias de ámbalas correntes. Tanto na Escola de Arte de Glasgow (1904-1909), no primeiro caso,

coma no Palacio Stoclet (1905-1911), no segundo, vense solucións que unhas veces se entenden desde un criterio e outras doutro. Pola personalidade de quen as formula, os resultados obtidos non deben considerarse, en absoluto, como propios dunha posición de síntese senón máis ben como testemuño dunha disxuntiva na que se encontran e que finalmente levará, dunha maneira dominante, a tomar, sobre todo, posicións a prol daquelas opcións cualificables como racionalistas.

Nalgún caso, entre esa xeración de artistas que nacen contra o 1870 pódense citar figuras claramente vinculadas ó racionalismo. Precisamente nese ano nace Adolf Loos, quen a fins do XIX se encontra nos Estados Unidos e coñece directamente as experiencias da chamada Escola de Chicago. É ben significativo con respecto ó seu pensamento a súa aseveración de que "o ornamento é forza de traballo desperdiciada e, por iso, saúde desperdiciada. Así foi sempre. Hoxe significa, ademais, material desperdiciado e ámbalas cousas significan capital desperdiciado". Estamos pois ante unha postura claramente representativa do que pode entenderse como unha voluntaria linguaxe da renuncia a prol de novos horizontes na busca dunha inédita formulación arquitectónica que o mesmo Loos considera allea ó que é propiamente unha actividade artística; neste sentido chega a expresar que "a arquitectura non é unha arte... calquera cousa que teña unha finalidade concreta está excluída do ámbito da arte...".

## DOUS PUNTOS DE VISTA CONTRASTABLES: OS ESTADOS UNIDOS E FRANCIA

Nas figuras dun norteamericano, Frank Lloyd Wright (1867-1930), e un europeo, Charles-Édouard Jeanneret —Le Corbusier— (1887-1965), a historia da arquitectura do XX ten dous autores que souberon desenvolver un pensamento en constante renovación ó longo das súas traxectorias. Evidentemente, non poden subtraerse ámbalas biografías, sobre todo nos seus momentos iniciais, dunha lóxica conexión co que as súas respectivas culturas —a norteamericana e a europea— fraguaron, no que a aspectos renovadores se refire, nos últimos anos. Así, a relación entre o primeiro Wright e Sullivan é evidente, como tamén o é a dun Le Corbusier inicial co traballo de arquitectos como Garnier, Perret, Behrens ou o propio Hoffmann.

Existen, non obstante, no ambiente sociocultural, unha serie de circunstancias que animan á concreción dunha Arquitectura renovada que, en xeral, vén a considerarse como a propia xa do movemento arquitectónico moderno. A carreira imparabile dos progresos técnicos ofrece, día a día, novas posibilidades de dicción arquitectónica.

Por outra parte, vanse forxando ante o profesional da construción novas esixencias, presentadas en ocasións como novas temáticas —por exemplo, edificios de oficinas— para desenvolver, moitas veces, en tamaños antes impensados, o que, entre outras

cuestións, xesta a necesidade de novas lecturas.

Tamén, e en relación co puro exercicio da edificación, hai que ter en conta o feito de que a utilización de novos materiais supón, consecuentemente, a posta en marcha de novas linguaxes. O entendemento da reflexión no eido da Arquitectura dentro dun 'territorio' artístico de horizontes máis amplos leva os profesionais máis creativos a teren en conta as capacidades intrínsecas doutras linguaxes. É o caso da pintura, que nos primeiros compases do XX resulta tan renovadora e que ofrece, xa que logo, posibilidades ás outras artes moi dignas de ser tidas en conta.

Tense relacionado unha parte da indubidable achega de Wright co que ben pode denominarse a estética da máquina. No caso de Le Corbusier hai que destacar sobre todo as súas experiencias co formigón armado e as súas teorías urbanísticas. En ámbolos casos ha de valorarse como moi importante o peso das súas formulacións teóricas, algo que fundamenta non só a súa propia obra senón que tamén vén marcar, ó tempo, unha dirección que é tida en conta por unha parte substancial da arquitectura do seu tempo.

Contra o 1910, e co destacado papel destes dous arquitectos, comeza un tempo para a Arquitectura que algúns tratadistas consideraron desde unha óptica común que pode valorarse desde o termo purismo. Daquela, as palabras clave que se empregan nun

contexto internacional non son outras que as de ‘máquina’, ‘industria’, ‘estandarización’ e ‘planificación racional’.

Unha corrente que ten, neste momento, un especial interese na Arquitectura é a que se coñece como funcionalista. Desde este contexto alúdese ás veces a unha ‘lei do aforro’ que leva, poño por caso, a realizar edificios con teitos baixos e a emprega-lo branco na pintura de interiores. Aquela coñecida frase de Le Corbusier pola que se sinala que “a casa é unha máquina para habitar” é abondo representativa ó respecto.

A opinión de Wright, mantida nunha conferencia pronunciada por 1901 —“Arte e oficio da máquina”— manifestando unha aceptación da máquina como un instrumento importante no proceso do deseño é, tamén, sumamente significadora dun novo talento. Que sinale, polo demais, a sinxeleza como un obxectivo é, así mesmo, obviamente característico. Marca, neste aspecto, para o labor do arquitecto, posicións paralelas ás dun Cezánne —que considera a natureza mediante o cono, o cilindro e a esfera—.

Le Corbusier supón tamén un novo modo de entende-la forma de construír. As súas consideracións sobre o papel da columna ou do piar sobre a independencia funcional do ‘esqueleto’ e do muro, a súa interpretación do que chama o ‘plan libre’ e a ‘fachada libre’ ou a súa valoración da terraza-xardín presentan alternativas que moitos



Le Corbusier-Ch. Jeanneret. Villa Savoye, 1928-1930, no seu estado actual.

arquitectos terán en conta tras ser exemplarmente interpretadas en edificios como a denominada Villa Savoye, en Poissy (1928-1930).

#### POLAS SENDAS MARCADAS A PARTIR DE NOVAS PREMISAS ESTÉTICAS

Como é fácil supoñer, por moi importantes que sexan os seus respectivos legados, os exemplos de Wright e Le Corbusier han integrarse, á hora de ser debidamente valorados, nun contexto no que existen múltiples alternativas na busca da renovación. Son especialmente representativas do grao de inquedanza e da heteroxeneidade da época as que se desenvolven en Alemaña, sobre todo desde a Bauhaus, en Italia —co movemento futurista—, en Holanda —co suprematismo— e en Rusia, onde ten un particular interese o suprematismo.

En todos estes casos atopámonos con movementos que son, ante todo, esculcadores de futuro.

A importancia que poden te-los procesos de industrialización analízanse así, sobre todo, nunha Alemaña na que o xurdimento da Bauhaus ha entenderse como un lóxico desenvolvemento do Werkbund. En relación co dito centro deben valorarse as figuras de Walter Gropius, nun primeiro momento, e de, case ó tempo, Mies van der Rohe —tamén, máis tarde, á fronte da Bauhaus—. Hai que dicir que as súas premisas non xorden, nin moito menos, nun panorama homoxéneo. A obra de arquitectos como Eric Mendelson, tan próximo a posicións expresionistas, marca a existencia de alternativas certamente importantes.

Tras un primeiro período da Bauhaus en Weimar, entre 1919 e 1927, no que as posicións mantidas veñen a ser continuadoras das posicións revolucionarias de William Morris e do que supón o movemento inglés Arts and Crafts, virán, xa en Dessau —sede desta institución ata 1932— novos tempos nos que se marcan formulacións certamente salientables; por exemplo, que se entenda formalmente que baixo o coidado do arquitecto han fundirse tódalas artes, outorgándolle unha gran relevancia ó práctico. Cambia-lo uso do proxecto polo do apuntamento e o traballo en equipo como fórmula de traballo supón tamén novos fitos destacables; as propostas dos electricistas, dos enxeñeiros e dos sociólogos, entre outros, téñense agora moi en conta no desenvolvemento dun traballo que coordina o arquitecto.

Coa difusión dos gustos que propugna a Bauhaus íranse incorporando ás construcións o emprego do aceiro cromado, do aluminio, as luces indirectas, o vidro, os materiais plásticos. As obras resultantes asumirán, por outra parte, valores propios da produción industrial e tamén da puramente artesanal; e deste xeito, se a industria chega cantidade, na artesanía enténdese estar representada unha calidade tamén moi valorada.

Que se busque a sinxeleza non quere dicir que no realizado se recoñeza como válido calquera resultado. Son ben coñecidas, neste sentido, as opinións de Mies van der Rohe, quen ó tempo que fai uso do principio de “canto menos, máis” aludindo á nobreza do proxecto en función do seu menor número de liñas, sinálanos que “o edificio ha de empezar por estar ben aparelado”, dándolle valor así ó traballo do albanel e o propio doutros oficios. O pavillón alemán na exposición de Barcelona de 1929 é unha obra ben significativa das ideas que, sobre arquitectura, lle interesan a este arquitecto.

O futurismo supón a alternativa máis creativa que ofrece a Italia destes anos. O voceiro deste movemento é Filippo Tommaso Marinetti, quen eloxia afervoadamente os resultados da tecnoloxía moderna.

En Antonio Sant’ Elia (1888-1916) ten a Arquitectura o principal impulsor do pensamento futurista. Entende este movemento como positiva a imaxe dunha cidade na que prime o ruído e a

contaminación, na que a vida urbana conviva coa industria enaltecendo de forma apaixonada a valoración da máquina.

O neoplasticismo, pola súa parte, desenvólvese a partir de Holanda. Na súa posta en marcha é determinante a asociación De Stijl e, polo que se refire á Arquitectura, a figura máis senlleira é Gerrit Thomas Rietveld (1888-1964). A súa principal obra —a Casa Schröder, en Utrecht, 1924— pode considerarse como testemuño relevante do proposto pola propia De Stijl no seu segundo manifesto, que se data en 1923. Nel afirmábase: “En estreita cooperación examinámo-la arquitectura como unha unidade plástica composta de industria e tecnoloxía e establecemos que, como resultado, naceu un novo estilo”.

A proposta rusa dun maior interese é a denominada suprematismo. Kasimir Malevich é o seu principal representante. É sobre 1924 cando, desde as súas premisas, se cuestiona o seguinte: “o carro, o arado primitivo, o cabalo, a casiña de campo, a pintura de paisaxe, as estatuas da liberdade, os arcos triunfais, as fábricas de alimentos e, por riba de todo, edificios de estilo clásico... todo é eclecticismo se se mira desde a idade do avión e da radio”.

Dende ese talante, toda unha nova xeración —os irmáns Leonid (1880-1933) e Victor Vesnin (1882-1950), Konstantin Melnikov (1890-1974), Jaskov Chernikov (1899-1951)— trata de inventar unha Arquitectura realmente nova procurando forzar ó máxi-

mo as súas posibilidades creativas e empregando tódolos logros que poñían nas súas mans os avances tecnolóxicos.

## ESPAÑA

Arquitectos como os galegos Antonio Palacios e Antonio Flórez inician na Arquitectura española un achegamento ás linguaxes propias do XX. Polo que se refire ó primeiro, apréciase nalgúns detalles do Palacio de Comunicacions de Madrid (1904-1918) unha certa aproximación á arquitectura de Otto Wagner. Polo que respecta a Flórez, manifesta na concepción da Residencia de Madrid (1911-1915) unha depuración formal que expresa a partir dunha boa e simple utilización do ladrillo; o resultado acadado foi entendido polo propio Walter Gropius como un claro expoñente do novo funcionalismo.

Xa na segunda década do século, arquitectos como Casto Fernández Shaw Iturralde, Luis Gutiérrez Soto e José Manuel Aizpurúa ocupan un lugar destacado entre os que formulan desde algunhas das súas obras claros nexos coa vangarda europea.

Fernández Shaw fai uso na estación de servicio para Petróleos Porto Pi, en Madrid (1927), dunha imaxinación moi destacable e consegue unha solución próxima ás achegas futuristas. En tanto que Gutiérrez Soto, en obras como o Cine Europa (Madrid, 1928), propón no recanto que edifica unha construción en curva que, con razón,



se ten relacionado coa arquitectura de Erich Mendelsohn e Richard Neutra.

E canto a Aizpurúa, hai que lembrar que ó levanta-lo Club Náutico de San Sebastián (1928-1929) leva a cabo unha obra claramente vinculable ó espírito e as formas de Le Corbusier.

Tamén cabe incluír neste mesmo contexto a Manuel Sánchez Arcas e a Luis Lacasa Navarro, os autores do Hospital Clínico de Madrid (1928-1936), claro expoñente do interese de ámbolos arquitectos polas alternativas xeradas en Alemaña; a Bauhaus pode ser evocada, como non, desde unha obra como esta.

### 3. NOVAS DISXUNTIVAS XURDIDAS ENTRE 1930 E 1960

#### O AMERICANO

A crise económica de 1929 pode ser entendida, desde o plano da Arquitectura norteamericana, como o momento no que se levan a cabo determinadas reformulacións dignas de ser tidas en conta.

Se algúns edificios como o Chrysler Building (1929) é aínda unha construción amante do luxo, os materiais refinados e cunhas premisas que cabe vincular co *art déco*, como unha solución substancialmente alternativa ó tipo de rañaceos citado hai que sinala-la construción do Rockefeller Center, tamén en Nova York. Neste caso empeza a prima-la idea de procurar



Willen van Alen, Chrysler Building, 1927-1930, vista xeral e detalle do remate.

baixos custos sopesando axeitadamente as cuestións relativas a planificación e deseño (1929-1935).

Canto ós arquitectos, debe considerarse a figura de Frank Lloyd Wright como fomentadora tamén de cambios substanciais que se levan a cabo, precisamente, nestes anos. Xa no traballo que realiza para as oficinas administrativas da Johnson (Racine, Wisconsin, 1931-1939) manifesta un singular interese polas formas curvas que xeran, neste caso, un tipo de obra que se aproxima ós postulados organicistas.

É por 1936-1937 cando Wright levan a denominada Casa da Cascada,





F. LL. Wright, Casa da Cascada, 1936-1937.

en Bear Run, Pensilvania. Chama aquí a atención a valoración da natureza na que se inmiscie; o uso ó tempo de placas de formigón e de pedra sen pulir sinalan, así mesmo, unha determinada intencionalidade á hora de configura-la obra.

A planta redonda e a sección baileira dan lugar a unha arquitectura de valores abstractizantes no caso concreto do Museo Guggenheim, en Nova York (1946-1959). O modo en que Wright trata o problema arquitectónico propicia un revolucionario espacio para un museo no que a propia rampla que articula os distintos niveis se converte en axeitado ámbito para a arte asumindo funcións propiamente expositivas.

Mies van der Rohe asenta nos Estados Unidos tras deixar Alemaña. O seu papel vai ser relevante na configuración da arquitectura deste gran país. A consecución de estruturas nas que teñen unha importancia grande os pórticos así como a solución das fachadas a través de superficies acristaladas continuas deron corpo a un ideario que

Tafuri denominou “linguaxe da ausencia”.

Tamén a arquitectura de Eero Saarinen (1910-1961) resulta claramente significativa das contribucións que se fan desde América neste momento. Entre os seus traballos atópase a pista de hóckey David S. Ingalls Hockey Ring da Universidade de Yale (1956-1959). É esta unha obra típica do movemento organicista caracterizada pola súa planimetría elipsoidal, a súa cuberta de grandes superficies cambadas e pola maneira de aplica-lo formigón a este tipo de formas.

## O EUROPEO

O uso do formigón armado ensamblado a grandes obras públicas vai ter un desenvolvemento moi importante neste momento. Así, Robert Maillart (1872-1940) leva a cabo obras tan clarificadoras ó respecto como a Ponte sobre o Schwandbach, no Cantón de Berna, unha ponte estrada en trazado curvo na que se elimina todo aquilo que non fose estrictamente funcional, outorgándolle, deste xeito, os máximos valores á estrutura.

O movemento moderno que se desenvolve nestes anos ten, por outra parte, en Le Corbusier unha referencia fundamental que supera, pola dimensión da súa obra, o ámbito propiamente continental. Este arquitecto, como Wright, é unha constante fonte de solucións novas, capaces de xerar camiños distintos. O seu *Unité d'habitation*, en Marsella (1947-1952), achega un bo



Alvar Aalto, Villa Mairea, vista xeral do volume exterior.

número de vivendas asociadas a unha planta comercial. Desenvolve aquí, polo demais, a idea de 'deitar' un rañaceos deixando debaixo del unha ampla superficie transitable, xa que a masa do edificio está sostida por pesados soportes. O feito de concibi-la sala de estar das vivendas como espacios ós que lles corresponde unha dobre altura proporciónalle outro aspecto novo a esta construción se se ten en conta que estamos ante unha arquitectura pensada asumindo a idea de achegar desde unha única obra un bo número de espacios dedicados a habitación.

En Alvar Aalto (1898-1976) ten Europa posiblemente o seu expoñente no mundo da Arquitectura máis inno-

vador desta época. O seu interese polas formas cambadas, a súa valoración de moi diferentes materiais —entre outros, a madeira—, a súa moi atenta avaliación dos problemas constructivos xurdidos fan del un profesional moi destacado. Unha obra como a denominada Villa Mairea resulta ben representativa dun organicismo nórdico preocupado, neste caso, por adapta-la construción ós gustos —progresistas e de tendencia utópica— dunha familia en concreto, ó tempo que vincula coitadosamente o edificio en cuestión ó marco natural, boscoso, no que se integra.

Polo que respecta ó ámbito italiano, arquitectos como Giuseppe

Terragni e Ignacio Gardella moveranse, sobre todo, dentro dun racionalismo renovado. Na chamada Casa do Fascio (Como, 1932-1936) a estrutura de formigón coa que se articula o conxunto imprímelle un aspecto ó tempo austero e vigoroso, non exento dunha certa forza clásica nun espírito que, con formas monumentalizadoras, será o propio da Italia de Mussolini.

Na Alemaña de Hitler tamén será característico o desenvolvemento dunha arquitectura de formas tardoclásicas. A Adolf Hitler-Platz concibida por Wilhelm Kreis (Dresden, 1942) resulta, nese sentido, o mellor exemplo.

Xa nun momento posterior, tamén en solo alemán, cabe salienta-la importancia da obra de Hans Scharoun. No seu Auditorio da Filharmónica de Berlín faise unha sabia integración do expresionismo e o organicismo a través dunha obra na que prima o criterio de *centralidade* desenvolvido dun xeito certamente complexo.

#### O CASO HISPANO

O inicio da Arquitectura española no segundo tercio do XX está cheo de signos alusivos ó interese por involucra-lo noso panorama estético na modernidade. O edificio Carrión (Madrid, 1931-1933), levantado por Luis Martínez Feduchi e por Vicente Eced Eced, supón levar adiante unha obra na que está patente a preferencia polas formas aerodinámicas. Aínda está presente un código ornamental vinculable

ó *art déco* neste edificio plurifuncional e no que chega a usarse un tipo de viga de 31 metros de luz de procedencia alemana.

Polo que se refire a Cataluña, hai que ter en conta a relevancia que ten nos anos trinta a figura de José Luis Sert. En colaboración con Josep Torres Clavé, leva a cabo a chamada Casa Bloc (Barcelona, 1932-1936), unha obra desde a que cabe facer determinadas referencias a Le Corbusier, dentro dun espírito que intentan poñer de moda grupos como o G.A.T.E.P.A.C. e revistas como A.C.

Co triunfo do réxime franquista a Arquitectura española tende a adquirir formas propias dos réximes fascistas, fundamentalmente nas obras levantadas por iniciativa oficial. Como expoñentes senlleiros destes novos ideais pode citarse o Arco de Triunfo, na Moncloa (Madrid, 1946-1956), realizado por Modesto López e Pascual Bravo. O tema, as súas enormes medidas, a forma en que se concibe, o honor que se lle pretende outorgar a Franco, son sumamente adoutrinadores. O mesmo cabe dicir do Valle de los Caídos (1939-1959). Neste caso Pedro Muguruza e Diego Méndez González son os responsables dunha construción na que as referencias ó escurialense son igualmente significativas, e testemuñan o interese que existe por vincula-lo español do momento ás páxinas máis excelsas da historia do país.

Haberá que agardar ós anos centrais do século para atopar en España novos indicios de conexión da arquitectura que aquí se fai con experiencias realmente modernas. Tres personalidades son perfectamente distinguibles neste aspecto. Referímonos a Miguel Fisac, José Antonio Coderch e Francisco Javier Sáenz de Oiza.

O Consello Superior de Investigacións Científicas encárgalle unha serie de obras a Miguel Fisac. A través dos ditos traballos detéctase claramente o compromiso deste arquitecto cun mundo de formas renovadoras que tamén pon de manifesto no seu moi bo repertorio de igrexas levantadas nestes anos. A que pertence ós dominicos en Alcobendas (1959) amosa ese talante rigoroso e innovador.

O Coderch deste momento ten no edificio da rúa Compositor Bach 7, en Barcelona (1958-1961), un exemplo abondo representativo. O seu modo de vitaliza-la fachada co emprego de formas angulares así como o interese que manifesta por garda-la intimidade das vivendas, pechando con persianas de *librillo*-diafragma a meirande parte dos ocos, outórganlle ó seu traballo un sentido diferenciador no contexto no que insire a súa obra.

O sentido novo que Sáenz de Oiza pretende agora involucrar nos seus traballos pode verse na fotomontaxe do proxecto que realiza para unha capela no Camiño de Santiago (1954). Por medio de formas acristaladas, nas que está subxacente o interese polas

propostas de Mies van der Rohe, desenvolve unha proposta sumamente nova que se afasta moi conscientemente das formas habituais neste tipo de construcións.

#### 4. AS ACHEGAS DO TRABALLO ARQUITECTÓNICO A PARTIR DE 1960

---

A partir de 1960 a chamada Arquitectura moderna deriva nunha diversidade de solucións que Jencks aglutinou, no que el entende como un sistema bipartidista, baixo os epígrafes de tardomoderno e posmoderno, chegando a valorar toda unha serie de trazos que particularizan cada unha desas dúas tendencias.

A posición posmoderna tende a considera-lo edificio como algo que hai que vincular intimamente cun lugar e unha historia concretos. O ornamento e o simbolismo van ter, desde esta postura, unha notoria importancia.

Polo que se refire ós modos cualificables de tardomodernos, ocúpanse sobre todo dos problemas, tanto de orde técnica coma máis abstractos, propios da edificación. A preocupación polo tecnolóxico, que outorga boa parte do carácter a moitas das edificacións asimilables a esta tendencia, ten para moitos arquitectos unha relevancia fundamental.

#### O AMERICANO

---

Aínda que Louis Isidore Kahn (1901-1974) desenvolvera boa parte da

súa carreira nos inicios dos sesenta, é na última fase da súa biografía cando se poden ver no seu traballo obras realmente novas. Tanto é así que, con razón, Zevi o cualificou de “vieux prodige” lembrando cómo este mestre apuntaba que “a arquitectura é unha construción meditada de espazos. Significa crear un espazo que evoque un sentimento de uso... O proxecto dun edificio lese como unha harmonía de espazos na luz...”.

Dende este modo de razoar chega a distinguir entre espazos servidos e espazos servidores. O resultado do que pode entenderse como forma kahniana tradúcese na configuración de formas esenciais, puras, desornamentadas, aínda que non exentas de monumentalidade. A través deste tipo de posición, este arquitecto practica o que é unha auténtica revisión da modernidade mediante obras como o Centro de Artes e Estudos Británicos da Universidade de Yale (1969-1970).


Tamén Frank O. Gehry (1929) é claramente definitorio do papel senlleiro que ten América na revitalización do panorama das alternativas no mundo da Arquitectura. É recoñecido como un moi cualificado herdeiro do último Wright. A dislocación que fai do racionalismo experimentado na problemática da vivenda familiar nun determinado momento —Familian House, Santa Mónica, California, 1978—, así como o seu interese pola abstracción e a figuración que na mesma área de traballos presenta posteriormente, exemplifican a súa capacidade creativa tan valorada

en obras como o Museo Guggenheim de Bilbao, relacionado, por outra parte, co deconstructivismo, fórmula da que participa con outros arquitectos.

Foi a partir de 1972 cando adquiriron gran notoriedade internacional os “Five Architects”. Ó lado de Charles Gwathmey e John Hejduk recóllese no libro que os valora conxuntamente o traballo de Peter Eisenman, Richard Meier e Michael Graves. Naquel momento vinculábase estes mestres cun neorracionalismo propiamente norteamericano.

Ó Peter Eisenman daqueles momentos inquietábanlle sobre todo os problemas formais nos que o raciocinio desde a xeometría tiña unha grande importancia. En certo modo entronca o seu discurso de entón con determinadas posicións de Le Corbusier e Terragni. Co paso do tempo este arquitecto chegaría a ser figura principal no ámbito do deconstructivismo. O anteprojecto que presentou para a Cidade da Cultura en Santiago de Compostela (1999) foi o elixido para ser realizado. Nun espazo un tanto afastado do núcleo urbano, sobre un outeiro, Eisenman evoca o trazado das vellas rúas compostelás aproximando a súa disposición ó formato da cuncha de vieira, achegando así a idea do que vai levantar ó que, desde un plano simbólico, pode considerarse como esencia mesma do lugar para o que, neste caso, presenta o seu traballo.

Richard Meier e Michael Graves teñen puntos de partida semellantes ós



Peter Eisenman, maqueta da Cidade da Cultura, Santiago de Compostela.

de Eisenman. Tamén ha de ser moi tida en conta en ámbolos casos a contribución do purismo courbesiano e do neorracionalismo de Terragni. A partir deste tipo de conceptos Meier chega a postular-lo que pode entenderse como posta en valor, de forma actualizada, dos códigos racionalistas desenvolvidos en edificios de formas brancas como as do seu famoso Atheneum (New Harmony, Indiana, 1975-1979).

O devir biográfico de Michael Graves será substancialmente distinto. Tanto é así que a posmodernidade terá nalgúns dos seus traballos adoutrinadores exemplos. O Portland Building

(Portland, Oregón, 1980) conta cun zócolo que evoca os antigos estilóbatas gregos cun gran cubo encima sobre o que nos deixa ve-las formas dunhas pseudocolumnas xigantes. A inspiración no histórico preséntase dun modo diferente buscando unhas formas acordes cos gustos dunha clientela que poden cualificarse de 'figurativos'.

#### O EUROPEO

A personalidade de Alvar Aalto segue a presentar alternativas interesantes nesta nova fase da Arquitectura europea. Así, en edificios como o da biblioteca universitaria de Helsinki

(1962-1969), o mestre finlandés aposta por solucións que se afastan das liñas mestras do organicismo que propiciara. Na súa ansia de levar adiante unha construción consecuente coa cidade antiga, prefire para a fachada unha solución en muro-cortina que, en definitiva, concorda con fórmulas propias de Mies van der Rohe. Xa no interior deste mesmo conxunto opta, en cambio, pola planta libre. Estamos, pois, ante un arquitecto capaz de manexarse a partir dun amplo repertorio de formas superadoras do horizonte marcado pola súa propia creatividade anterior e levar adiante, deste modo, unha arquitectura na que prime a idea de conseguila mellor solución do problema arquitectónico por riba de posibles gustos vinculados co que puidera entenderse como unha determinada posición estilística.

A oferta francesa nestas décadas foi moi variada. Curiosamente supuxo unha especie de símbolo da súa arquitectura dos setenta unha obra realizada por arquitectos estranxeiros (Renzo Piano e Richard Rogers). Referímonos ó Centro Cultural de Arte Georges Pompidou (1971-1977), que é froito da selección do correspondente proxecto entre os 681 presentados. Recoñcéronse nesta proposta valores de funcionalidade, flexibilidade e polivalencia. Estamos, en definitiva, ante unha solución relacionable, nos seus principios, ós manifestados xa na década anterior polo grupo inglés Archigram, postuladores da alta tecnoloxía aplicada á Arquitectura.

Ben distinta é, pola contra, a forma con que se deseña outra grande obra pública parisiense tan importante como a Biblioteca Nacional de Francia (1989-1995), vinculable a un Dominique Perrault que propón unha gran solución de raíz racionalista, xeradora de grandes volumes transparentes que emerxen, coas súas plantas en L cada un, como libros abertos, a partir dunha gran base común. Hai que ter en conta cómo Perrault é quen de introducir unha determinada carga simbólica nunha enorme construción sen caer por iso no anecdótico e establecendo ó tempo unha especie de ponte co que puideramos valorar como unha esencia clasicista que está implícita en boa parte da arte francesa dos mellores séculos.

Polo que se refire á contribución italiana, ten en Aldo Rossi á súa máis importante referencia. O seu proxecto para o cemiterio de Módena (1971-1984) ofrécenos, na súa simplicidade, esquematismo e emprego de elementos repetidos, facetas moi particulares dun modo de facer afín á sensibilidade surrealista, próximo, por outra parte, ó minimal e tamén ó naïf. A planificación desta arquitectura *cemiterial* evócanos, polo demais, algunhas das mellores sensibilidades da Arquitectura pintada da época dos Ilustrados e, por outra parte, conecta claramente coa escola metafísica italiana.

Norman Foster (1935) é quen personaliza mellor a contribución inglesa das últimas décadas ó panorama da arquitectura internacional. A súa obra



máis significativa ata a data quizais sexa o edificio da Hong-Kong&Shanghai Banking Corporation, en Hong-Kong (1979-1986). Estamos ante un magnífico expoñente da “High Tech”, xeradora dunha arquitectura na que se relacionan principios do racionalismo con outros que proveñen do organicismo, dando lugar a unha obra na que se identifican forma e estrutura. A alta tecnoloxía xerou, deste modo, o que Jencks chama “monumento supremo do tardomoderno”, ó tempo que nos recorda que foi considerada a “oitava marabilla do mundo”.

Da obra concibida desde Alemaña nos últimos anos pode resultar un bo exemplo o concurso para a Alexanderplatz de Berlín (1993), do que resultou gañador Hans Kolhoff (1946). O debate establecido xiraba ó redor de dúas posibilidades: o interese por unha nova simplicidade ou a opción por unha experimentación de carácter vangardista. Ou tamén cabería dicir que se entende que hai dous posibles camiños: un viría marcado pola aposta pola orde; o outro, polas sendas deconstructivistas. O que se elixe é un proxecto que aposta por cuadras pechadas, rañaceos graduados e unha linguaxe, se se quere, convencional aplicada á Arquitectura.

No portugués Álvaro Siza (1933) ten a Arquitectura europea actual unha das súas voces máis significativas. O seu traballo para o Banco Pino&Sotto Maior (1971-1974), en Oliveira de Azmeis, vincula racionalismo con expresiónismo orgánico nunha construción

que se inmisce maxistralmente no lugar para o que é pensada. Esa óptima relación entre edificio e espacio adoita ser fundamental en toda a obra de Siza. Dúas arquitecturas compostelás súas —Centro Galego de Arte Contemporánea e Facultade de Xornalismo— exemplifican moi ben esta faceta tan característica da súa arte.



Álvaro Siza. Centro Galego de Arte Contemporánea, Santiago de Compostela. Detalle do interior.

## O HISPÁNICO


A calidade dos arquitectos españois en exercicio durante estes últimos anos colocou a Arquitectura actual nun alto nivel internacional. Entre os nados antes de 1936 cabe citar parte da obra

de Alejandro de la Sota, Francisco Javier Sáenz de Oiza e Julio Cano Laso.

O discorrer creativo de Alejandro de la Sota nestes anos lévanos desde obras de notorio interese desde o punto de vista tecnolóxico —no ximnasio do Colexio Maravillas de Madrid emprega traves ponte de vinte metros de luz— a outras que teñen valores fundamentalmente estéticos. Hai que ter en conta así o sentido de levidade que consegue imprimir no Centro de Cálculo de Caixa Postal, en Madrid, ou a simbiose de esencialidade e funcionalidade que sabe inculcar no edificio de Correos e Telecomunicacións de León.

Sáenz de Oiza levantou tamén algunhas das obras máis representativas da Arquitectura española dos últimos anos. O seu empeño en indagar camiños diferentes lévao, por exemplo, a aplicar con singular fortuna o uso do formigón no madrileño edificio de Torres Blancas, atendendo ós dictados das correntes organicistas e expresionistas. Uns anos despois, cando gaña o concurso restrinxido para levanta-lo Banco de Bilbao en Madrid, mestura dunha maneira realmente maxistral unha estrutura férrica autooxidante co vidro, conseguindo unha arquitectura certamente relevante.

Julio Cano foi tamén o responsable de importantes propostas realizadas ultimamente. Correspóndelle, poño por caso, o proxecto de síntese da Exposición Universal Colombina de 1992, en Sevilla. O aspecto próximo a un parque de atraccións en que se ulti-



Sáenz de Oiza, Banco de Bilbao, Madrid.

mou este conxunto non debe agocha-lo magnífico traballo urbanístico que amalgama unha serie de edificios projectados por outros autores, de valor moi desigual e que tiveron, moitas veces, na súa condición efémera, a razón que xustifica as solucións ás que respondía a súa factura.

Rafael Moneo, Ricardo Bofill e Santiago Calatrava deben entenderse, por outra parte, como figuras de singular relevancia entre os profesionais da Arquitectura nados despois de 1936.

Valorouse o traballo de Moneo como o propio dun arquitecto “conciso, incisivo, elegante”. Estamos, en calquera caso, ante un bo coñecedor da historia da Arquitectura, capaz de articular solucións que fan uso dos recursos que proporcionan os avances propios dos últimos tempos ó servizo dunha construción que aspira á consecución de formas afíns ó clásico. A fortaleza da súa linguaxe desenvólvese, ó longo dunha fecunda carreira, en obras tan significativas como o Museo Nacional de Mérida ou a próxima ampliación do Museo del Prado.

Ricardo Bofill é o máis preclaro expoñente da modernidade entre os profesionais da Arquitectura española. A súa traxectoria levouno desde a ten-

dencia realista que practicaba nos anos sesenta a optar pola concreción dun estilo que el recoñece como universal e que se basea en figuras como Palladio, Ledoux e Durand. As súas contribucións ó urbanismo son certamente importantes, e pódense entender algunhas delas como moi dignas sucesoras das achegas barrocas. “Les Echelles du Baroque”, en París (1983-1986), testemuña adecuadamente este tipo de propostas.

En Santiago Calatrava ten a Arquitectura española máis internacional un claro expoñente do formalismo neorgánico. A súa formación de arquitecto e enxeñeiro levouno á busca de resultados nos que o chamado a ser pura solución enxeñeril se traduce,



Santiago Calatrava, Ponte do Alamillo, Sevilla.

dada a expresividade que aplica á obra, nun resultado que pode ter, incluso, a consideración dunha escultura concibida a grande escala. A súa ponte do Alamillo, en Sevilla, ou a torre da Telefónica levantada en Barcelona presentan este tipo de consideracións.

Entre os arquitectos nados en Galicia e que desenvolveron no seu lugar de orixe a parte máis significativa da súa obra merecen unha cita específica Manuel Gallego e César Portela. A fundación do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia —COAG— en 1973, a da Escola Superior de Arquitectura na Coruña (1975) e a da revista especializada neste tipo de temas, *Obradoiro* (1978), han entenderse como acicates importantes para xustificar a renovación que se detecta nunha parte significativa da construción levada a cabo en Galicia nos últimos anos.

Tanto Manuel Gallego coma César Portela representan un xeito de facer moi consecuente co que a súa terra maila cultura e sociedade que a vive significan. Dende este contexto, por diferentes vías, souberon facer unha obra moi persoal. Gallego parte da arquitectura popular á hora de construí-la súa vivenda unifamiliar en Oleiros (A Coruña), adaptándolle á construción de sempre compoñentes racionalistas que fan indubidablemente actual o resultado final. Noutra obra súa tan sintomática como o Museo Provincial da Coruña, entre os moitos valores que cabe salientar do seu traballo, un dos máis senlleiros é a sensibili-



Manuel Gallego Jorroto, vivenda unifamiliar, Oleiros (A Coruña).

dade coa que trata ese espazo urbano no que se insire, vinculando a súa obra á construción barroca á que se asocia e integrando todo o conxunto museístico nun ámbito urbano sumamente heteroxéneo.

Portela leva adiante unha obra que se en parte adecua os postulados de Rossi con singular criterio ó caso galego, noutras ocasións preséntanos resultados nos que a súa lectura do que ha ser unha construción intimamente vinculada á cultura galaica é altamente eloxiable. Unha obra súa como o Faro de Punta Nariga é un prodixio de adaptación a un espazo concreto e a unha función determinada. A pedra bruta na base, a fermosura do granito rosa do Porriño no torreón cilíndrico e a cabeza-lanterna en ferro fundido configuran, neste caso, unha construción realmente lograda.

## 5. NOVAS PERSPECTIVAS PARA UNHA NOVA ARQUITECTURA

A última centuria estableceu unha singular tensión entre o que é o punto

de partida na propia historia da construción e a adopción de novas pautas, en boa medida dictadas polas achegas que supoñen os continuos valores tecnolóxicos e, tamén, as novas necesidades que a propia evolución da sociedade implica.

Que a Arquitectura ‘funcione’ foi un obxectivo que tivo, por outra parte, moi diferentes solucións ó longo destes cen anos. O racionalismo supuxo un modo de achegarse ó problema, é verdade, pero tamén o organicismo foi un movemento que quixo ser congruente con tal obxectivo.

Dentro deste longo e complexo proceso foron moitos os arquitectos que, afastándose moi consecuentemente do que puidera ser calquera tipo de relación coa historia, si en cambio apostaron por conseguilo que se pode entender como valores eternos, ou constantes, do pasado. Por esta vía de reflexión da problemática arquitectónica moitos pretenderon arreda-los seus proxectos da anécdota en tanto que outros valoraron os resultados doutros campos das Artes buscando neles ideas susceptibles de seren adaptadas ó seu traballo.

Razón, historia e técnica están, polo demais, na base de moitas das achegas dos últimos tempos. Existen arquitectos que teñen no substrato dunha cultura clásica o punto de arranque da súa función creativa. Dende esta vía enténdese o traballo de todos aqueles que cabe cualificar de neorracionalistas. Hai outros que apostan

polos valores e polas formas da historia interpretadas á luz dos novos materiais e a adecuación ás necesidades actuais. Neste tipo de discurso recoñécese, en xeral, a posmodernidade. Por outra parte, e dentro do que uns chaman tardomoderno e outros neomoderno, pódense valorar moitos tipos de resultados; entre os máis significativos encóntranse camiños como o deconstructivista e o que os valedores da alta tecnoloxía proporcionaron.

Neste punto estamos. Como sempre, nunha encrucillada de camiños e con multitude de opcións. Un mundo cada vez máis globalizado, no que impera o poder da información, subliñará a tendencia á homoxeneidade formal entre o que hoxe entendemos, aínda, como distintas sociedades e culturas.

Pero por outra parte, aí está o peso significado por cada historia propia, polos distintos patrimonios culturais sobre os que os arquitectos han de levanta-las súas obras nas diferentes latitudes. Tamén cómpre facer mención a razóns de orde económica e xeográficas como xeradoras de diferencias ás veces desexables e outras non tanto.

Rematamos. Dende a tensión entre o global e o particular hase conforma-la Arquitectura nova. Esa dobre opción —europea e americana— sobre a que proxectámo-lo desenvolvemento da Arquitectura do XX cada vez será menos nítida. Os sucesores de Eisenman ou Graves traballarán cada vez máis fóra de América, como tamén

os De Moneo ou Siza o farán en espazos alleos ó propiamente europeo.

Pero, por outra parte, o peso das necesidades, as posibilidades económicas das que se parte, os condicionamentos xeográficos... xustifican a esixencia dunha arquitectura *ad hoc*.

E dunha forma inevitable, o talento das novas xeracións de profesionais da Arquitectura seguirá tendo que projecta-la súa obra desde o concreto sen que iso lle impida, senón todo o contrario, participar dunha sociedade máis global e facer que a súa obra tamén comparta ese espírito.

#### BIBLIOGRAFÍA SELECCIONADA

- Baldellou, M. A., *Arquitectura moderna en Galicia*, Madrid, 1995.
- Baldellou, M. A., e A. Capitel, *Arquitectura española del siglo XX*, Summa Artis, XL, Madrid, 1995.
- Benevolo, L., *Historia de la arquitectura moderna*, Barcelona, Gustavo Gili, 1974.
- “El arte y la ciudad contemporánea”, en *Diseño de la ciudad* 5, Madrid, Gustavo Gili, 1986.
- Capitel A., *Arquitectura europea y americana después de las vanguardias*, Summa Artis, XLI, Madrid, 1996.
- Curtis, W., *La arquitectura moderna desde 1900*, Madrid, Hermann Blume, 1981.
- Chueca Goitia, F., “El siglo XX. Las fases finales y España”, en *Historia de la arquitectura occidental*, Madrid, Editorial Dossat, 1980.
- “El siglo XX. De la Revolución Industrial al Racionalismo”, en *Historia de la arquitectura occidental*, Madrid, Editorial Dossat, 1981.
- De Fusco, R., *Historia de la arquitectura contemporánea*, Madrid, Hermann Blume, 1981.
- Frampton, K., *Historia crítica de la arquitectura moderna*, Barcelona, Gustavo Gili, 1981.
- Futagawa, Y., e K. Frampton, *Document Modern Architecture 1851-1945*, Tokio, A.D.A. edita, 1987.
- García Iglesias, J. M., *Galicia. Hacia la Modernidad*, A Coruña, Fundación Caixa Galicia, 1998.
- Giedion, S., *Espacio, tiempo y arquitectura*, Barcelona, Científico-Médica/Hoepli, 1955.
- Gössel, P., e G. Leuthäuser, *Arquitectura del siglo XX*, Colonia, Taschen, 1991.
- Hitchcock, H.-R., *Arquitectura de los siglos XIX y XX*, Madrid, Cátedra, 1981.
- Jencks, Ch., *Movimientos modernos en arquitectura, Epílogo: tardomoderno y postmoderno*, Madrid, Hermann Blume, 1983.

- *Arquitectura internacional*, Barcelona, Gustavo Gili, 1989.
- López Vázquez, J. M., e I. Seara Morales, *Arte contemporánea*, Galicia, Arte, XV, A Coruña, Hércules de Ediciones, 1993.
- Marchán Fiz, S., *Fin de siglo y los primeros "ismos" del XX (1890-1917)*, Summa Artis, XXXVIII, Madrid, 1994.
- *Las vanguardias históricas y sus sombras (1917-1930)*, Summa Artis, XXXIX, Madrid, 1995.
- Montaner, J. M., *Después del movimiento moderno: arquitectura de la segunda mitad del siglo XX*, Barcelona, Gustavo Gili, 1993.
- Navascués Palacio, P., *Arquitectura española 1808-1914*, Summa Artis, XXXV\*\*, Madrid, 1993.
- Pevsner, N., *Pioneros del diseño moderno: de William a Walter Gropius*, Bos Aires, Infinito, 1958.
- Ramírez, J. A. (dir.), "El mundo contemporáneo", En *Historia del Arte*, 4, Madrid, Alianza Editorial, 1997.
- Tafari, M., e F. Dal Co, *Arquitectura contemporánea*, Madrid, Aguilar, 1978.
- Urrutia, A., *Arquitectura española siglo XX*, Madrid, Cátedra, 1997.
- Zevi, B., *Historia de la arquitectura moderna, Espacios de la arquitectura moderna*, Barcelona, Poseidón, 1980.







## O TEATRO NO SÉCULO XX

César Oliva\*  
Universidade de Murcia

### 1. DIVERSIDADE ESTÉTICA NA ESCENA DE ENTRE SÉCULOS

Para o teatro occidental, o principal fenómeno que presenta o século XX é a paulatina delimitación de públicos. A causa está na espléndida saúde que gozaba a escena, é dicir, na abundancia de espectadores que acudían a todo tipo de locais da época. Neles prodúcese unha pluralidade de formas escénicas definidas por dous conflitos, un social, outro literario. Comezaremos polo primeiro, pois explica de forma adecuada o segundo.

Nos últimos anos do século XIX, a burguesía, como clase próspera e vigorosa, ocupaba os principais postos da sociedade. Á súa sombra, e cada vez con maiores diferencias culturais, a obreira crecía apartada de calquera sistema educativo. Tal foi así que a burguesía, polo seu poder económico, adecuaba os seus gustos e esixencias a todo canto a rodeaba, incluída a arte

escénica. Posuidora do capital, construíu teatros da mesma maneira que moldeou a súa preferencia por comedias novas. Nelas preferiu ve-la realidade tal e como a daban os artistas de sempre, malia a ter que aturar algunhas das súas queixas. O exercicio da crítica serviulles de vacina para décadas sucesivas. Ó tempo, a clase obreira seguía atopando nas formas populares da escena o mellor xeito de ocupa-lo seu ocio. Coma en séculos anteriores, non facía falta ler nin escribir para ir ó teatro. No XIX, superada a borracheira romántica que dicía Zola<sup>1</sup>, os escenarios brindaban unha enorme variedade de xéneros, cada un deles en locais específicos, suficientes para abastece-lo mercado.

A segunda circunstancia antes mencionada procede da adscripción da burguesía á fórmula do *realismo*<sup>2</sup>, nas súas moi diversas variantes, fronte á contestación que encabezou o simbolismo decimonónico. Aínda que todos e cada un dos que se opuxeron a

\* Catedrático de Teoría e Práctica do Teatro.

1 Zola [1973] di textualmente que os románticos se “embriagaron con sus propios gritos” (páx. 105).

2 Para máis precisións sobre o termo *realismo* ver Lukacs e outros [1982].

fórmulas relacionadas coa tradición (Paul Fort, Lugné-Poe, Alfred Jarry...) procedían desa mesma burguesía, principiaron liñas alternativas na consideración artística do teatro. Esa contestación alcanzou tódalas artes, de aí que os primeiros pasos ofertados tiveran sempre difíciles recepcións: estrea de *Ubu Roi*, de Jarry, en 1896, no Théâtre de l'Oeuvre, con dirección de Lugné-Poe, e escándalo incluído; primeiras reaccións ante *Plato con fruta y copa*, de Braque, con orixinal técnica de colaxe con papel, en 1912; fracaso en París de *La consagración de la primavera*, de Stravinsky, en 1913; entre outras efemérides significativas<sup>3</sup>. Así pois, as fórmulas máis habituais hainas que considerar próximas tanto ó inmovilismo burgués coma á ignorancia das clases inferiores. Non obstante, algúns dos modelos populares orixinaron brillantes innovacións, como foi o exemplo de Wedeking, que se valeu do teatro-cabaré para as súas Lulú, en *Gnomo* (1895) ou *La caja de Pandora* (1902); ou o teatro de monicreques, que celebrou o seu primeiro congreso na Praga de 1904; como a mesma zarzuela española, procedente do sainete costumista desprezado pola intelectualidade do 98.

A situación social da Europa de entre séculos viña marcada pola actividade dos movementos obreiros, coa correspondente influencia en tódalas ordes da vida pública. Bresci asasinou a Humberto I, rei de Italia, en 1900. As

revoltas sociais cubrirían Europa ata chegar ó emblemático outubro de 1917. Ese alegre París de principios de século, capital cultural do mundo, sede da Exposición Universal e dos II Xogos Olímpicos, celebrou a V Internacional Socialista. Daquela oíase nun disco de cera a voz de Sarah Bernhart declamar "Ser ou non ser...". Nun dos hoteis do Barrio Latino morría un tal Halmont, que non era outro có escritor Oscar Wilde. Nese París de 1900, o valenciano Sorolla obtiña a medalla de honra de Belas Artes, mentres que outra española, a Bella Otero, triunfaba nun escenario tan popular como o do Folies Bergère, que era así descrito por un cronista da época: "Un teatro que non é teatro, un corredor onde quedas sentado, un espectáculo que non estás obrigado a ver, todo con dous mil homes fumando, bebendo e chanceando, e setecentas e oitocentas mulleres rindo, bebendo e ofrecéndose a si mesmas tan felizmente como poderías desexar".

O teatro realista elaborara un discurso que partía da proposta dunhas regras do xogo, dadas polo espectador, que debían quedar dentro da orde social na que se desenvolvían. Este teatro consistía, a grandes trazos, nunha estrutura en tres actos, na que o conflito estivera presente desde o comezo, fora completándose a través de distintas peripecias e se desencadeara de xeito parcial en cada final de acto, e de maneira total, coa última caída do pano. Ás veces, eses actos chegaban a

<sup>3</sup> Para máis datos sobre este momento, ver capítulo XII, II. "Simbolismo y teatro total", en Oliva/Torres Monreal [1990].



*Tartuffe*, de Molière. Dirección: Antoine. Théâtre de L'Odéon, 1907.

catro, ou partíanse en cadros, circunstancia que proporcionaba intermedios suficientes para, por un lado, alternar nos amplos vestíbulos concibidos ó respecto; e, por outro, dar lugar a que a maquinaria substituíra os pesados e detallados decorados. Entre estes, o fundamental era a sala de estar da casa, centro e eixe da vida burguesa, ademais de lóxico paso de tódolos caracteres, movidos por hábiles carpinterías teatrais. O xogo de entradas e saídas, as distintas combinacións de dialogar entre personaxes, eran a base da escritura escénica do novo modelo de comedia burguesa. Esquema que non se diferencia demasiado do establecido polo Neoclasicismo e as súas variantes

(a *pièce bien faite*), boa parte da produción de Ibsen —desde a realista á máis simbolista—, Chejov, Bernard Shaw, O'Neill e, por suposto, os españois: Galdós, Benavente e ata o propio García Lorca. En certas dramaturxias, o teatro serve tamén como acicate a un sentido nacionalista, e o realismo tín-guese de aberto compromiso social. O Abbey Theatre irlandés fundouse en 1904, e tódolos dramaturgos que por el pasaron (*Lady Gregory*, Synge, Yeats) estaban relacionados co conflito político xurdido da independencia do seu país. Irlanda abríase a unha poesía dramática baseada nas súas virtudes orixinais e o seu pertinaz sentido idealista. Pola súa parte, os irmáns Capek

satirizaron o talante burgués da comedia con *El juego de los insectos* (1920) e *R.U.R. (Fábrica Universal de Robots)* (1921). Era unha Checoslovaquia independente en 1918. De xeito similar, para os polacos o teatro era o gran signo de liberdade. O día despois da súa independencia, León Schiller fundaba o *teatro monumental*: unha arte dramática política, no seu contido, e popular en canto a público. Sen embargo, as súas formas escénicas estarán máis preto de Gordon Craig, do que foi discípulo, que do naturalismo imperante.



*El jardín de los cerezos*, de Chejov. Teatro de Arte de Moscova. Dirección: Stanislavski, 1904.

A configuración do personaxe realista antóllase imprescindible. Para o naturalismo, o personaxe era o centro e o eixe da comedia. Os autores coidaban con esmero tódolos detalles (o físico, o psíquico e ata o moral), que se describían de maneira minuciosa nas acoutacións. Stanislavski deu claves técnicas para a súa interpretación ó

falar de “la biografía del personaje establecido en los ensayos”<sup>4</sup>, ó longo dos cales o actor préstalle os seus brazos, pernas, o seu corpo e inspiración. Desa maneira o intérprete déixase levar polo personaxe, para non o contaminar coa súa propia realidade. A crítica da época ía advertir maiores virtudes na actuación conforme máis ‘vida propia’ encontrara en cada un dos personaxes.

Sen embargo, o realismo non contara cunha poética escénica específica, máis alá das imposibles teorías de Zola, que nunca souberon, ou puideron, poñerse en práctica. Os sistemas de interpretación e posta en escena quedaban ben lonxe da verdade perseguida. Tiveron que chegar os pedagogos rusos para empezar a solucionar-lo problema. O caso da estrea de *La gaviota*, de Chejov, é sumamente representativo. En 1896, cando a montaron no Teatro Alexandrine de San Petersburgo, constituíu un rotundo fracaso. Ó parecer, aqueles actores non estaban preparados para interpretar unha obra como esa. Stanislavski pediulle a Chejov que permitira a súa revisión cun elenco adestrado para esa ocasión e conseguiu que o corazón falara, que o silencio fora elocuente, que ós espectadores lles chegara unha suave melancolía, aquela resignación tan rusa dos personaxes, en opinión glosada do director. O teatro entrara nun proceso de renovación interpretativa, aínda que había tardar en chegar a outros países europeos.

<sup>4</sup> Ver *La construcción del personaje*, Stanislavski [1975]. As obras completas están editadas en castelán, por Quetzal, Arxentina, en cinco tomos; o último deles é *Correspondencias*, de 1986.

O actor seguía vivindo o ton declamatorio herdado de séculos atrás, sen que os grandes intérpretes do XIX se desprenderan de tan arraigados hábitos.

Unha nova arte, o cinematógrafo, entón ignorado como tal, había ser determinante para a modificación das estruturas interpretativas. Malia a nacer en 1895, non deu cunha linguaxe propia, máis alá da escena fotografada, ata que Griffith fixo *El nacimiento de una nación* (1915). Se ben as primeiras películas se inclinaron cara a conceptos antinaturalistas (ausencia de voz, mímica como linguaxe esencial, caracterización de arquetipos como Charlot ou Pamplinas) axiña advertiu que ía necesitar unhas formas de interpretación que deixaran anticuados os vellos excesos expresionistas. Os actores chegaban ó cine a través da naturalidade do oficio (Gary Cooper era un debutante metido a extra de cine, Cary Grant empezara no teatro como luminotécnico, Audrey Hepburn procedía da escuridade do coro de modestos musicais, Greta Garbo era empregada nunha sombreirería de Estocolmo...) aínda que, para daquela, empezábase a acepta-la doutrina stanislavskiana; esa que se resumía na diáfana sentencia "Ama a arte en ti mesmo, máis que a ti mesmo na arte".

Non se trataba tanto de renovar-la construción da comedia como de incorporar ós seus temas un novo enfoque e ata determinadas licencias de expresión. Os autores de principios de século partían dunha especial consideración social do teatro. Non é necesario

repeti-la influencia que en todos exerceu *Casa de muñecas*, pero si algúns dos efectos externos máis notables. Shaw escribiu para o teatro comedias realistas, de grande axilidade de diálogo e notable carga crítica contra as inxustizas, a hipocrisía e outras tachas da burguesía inglesa. *Hombre y superhombre* (1903) parte de formulacións evolucionistas, e *Pigmalión* (1914), aínda que elabora o mito do creador que quere dar vida á súa criatura, explica a forza que pode exercer a educación para as clases humildes. Outro irlandés, o citado Wilde, poeta que resultou maldito para o puritanismo británico, trazara o maior ataque contra a burguesía con *La importancia de llamarse Ernesto* (1895), comedia na que desenvolve tódalas convencións posibles do xénero. Perfecta adecuación das modernas teorías relativistas á comedia moderna supuxo J. B. Priestley que, con *El tiempo y los Conway* (1937) principalmente, revelou as posibilidades que desempeña o tempo dramático en relación co espacio (o público, no terceiro acto, coñece dos personaxes máis do que eles mesmos saben). Einstein conseguira o premio Nobel en 1922 polos seus estudos publicados en 1915 co nome de *Teoría de la relatividad generalizada*.

Por conseguinte, o século XX presenta a elección entre a comedia realista, renovada nos seus contidos e non nas súas formas, e unha alternativa que se chamará vangarda, en sucesivas e moi diversas caras. A pintura e a música quizais foran os marcos nos que se desenvolveu de maneira máis decisiva





*Prometeo*. Dirección: Jacques-Dalcrose. Decorado: Appia, 1910.

esta renovación, aínda que a súa recepción tardara en ser aceptada. *Las señoritas de Avignon* (1906), de Picasso, xurdía do Art Nouveau, movemento que se identifica en moitas das súas bases co Modernismo. En 1909 apareceu o movemento futurista de Marinetti, ó tempo que Francia asistía á primeira manifestación colectiva cubista. *Madame Butterfly* (1904), de Puccini, fracasaba en Milán, mentres que *La viuda alegre* (1905), de Lehar, triunfaba en Viena. O teatro non desaproveitaba a oportunidade de mostra-la súa cara alternativa. Jarry dera o seu grito contra o naturalismo zolesco, en 1896, xunto a Lugné-Poe e Paul Fort, enfrontándose abertamente a Antoine, a pesar da súa achega fundamental do concepto de cuarta parede. Gordon Craig lanzaba as súas ideas en *The art of theatre* (1905), mentres que Alemaña prohibíalle actuar á súa amante, Isadora Duncan. Adolphe Appia insistiu no concepto de facer un teatro teatral, que tivese

como punto de partida a convención que Zola desdenara. *La puesta en escena del drama wagneriano* (1895) deu paso á idea de espacio rítmico, matizada polo autor en *La reforma de la puesta en escena* (1904). A luz colaboraba a un moderno concepto de posta en escena, como algo vivo e cambiante, apartado das vellas e inmovilistas solucións<sup>5</sup>.

*La interpretación de los sueños* (1899), de Freud, e as secuelas subsecuentes, abría vías para a imaxinación das distintas formulacións estéticas deses anos. A teoría do coñecemento da natureza humana a través do subconsciente latente nos soños foi ben coñecida por Nietzsche e Rainer Maria Rilke. Tamén afectou a Strindberg, que se iniciou no expresionismo con *El camino de Damasco* (1898), configurando un modelo de heroe que carece de anécdotas. O seu itinerario iníciase nos soños. A escena échese de berros, de violencia, de accións físicas. É a apertura ó futurismo e da reacción de Meyerhold fronte ó realismo de Stanislavski. As obras tenden á esquematización: chegará a máquina como símbolo máximo dunha nova concepción do mundo. Meyerhold<sup>6</sup> tentaba romper de vez co convencionalismo do teatro burgués. Para el, a escenografía non podía enganar na súa imitación da realidade. A súa idea de *convención consciente* aclara definitivamente os seus principios anti-naturalistas. Propuxo o “punto de ironía dunha situación” que desemboca

<sup>5</sup> Estes e outros creadores da época están amplamente estudiados por Bentley [1976].

<sup>6</sup> En España ofrecéronse os seus textos máis significativos en dous volumes, Meyerhold [s/d] e Meyerhold [1972].





*El inspector*, de Gogol. Dirección: Meyerhold. Teatro Meyerhold, 1926.

no constructivismo. O seu problema foi, unha vez máis, poder contar con actores preparados para o efecto. De novo a teoría ía demasiado por diante da práctica, ó contrario do que sucedeu no clasicismo.

Se a liña imaxinativa na plástica —lonxe do modelo figurativo que romperan os pintores parisienses de entre séculos, e que Picasso ratificaría unha vez si e outra tamén— se multiplicaba en innumerables *ismos*, a música non había ficar atrás nesa carreira en dereitura ó imaxinativo. Debussy estreaba *El martirio de San Sebastián* (1911) ó tempo que Richard Strauss facía o propio con *El caballero de la rosa* (1911), en Dresde. Niyinsky presentaba en Francia o *Preludio a la siesta de un fauno* (1912), de Debussy, mentres que Stravinsky fracasaba no seu primeiro intento parisiense de dar a coñecer *La consagración de la primavera* (1913). Por aquel entón, o teatro musical consolidárase como primeira forza teatral nun incipiente Broadway neiorquino. *Peter Pan* (1905), de James M. Barrie, foi un

dos seus éxitos pioneiros (con 263 representacións) e Zeigfeld Folies encontraba unha atractiva combinación de música e baile. Entrementes España daba dous compositores de categoría internacional, Falla e Granados. O primeiro, co seu sorprendente *El amor brujo* (1915), mentres que o segundo estreaba *Goyescas* (1916) en Nova York.

Nesta liña de busca de novas formas, Maeterlink presentaba en Bruxelas *El pájaro azul* (1908), Lugné-Poe estreaba *La anunciación de María* (1912), de Claudel, e Copeau inauguraba o Vieux-Colombier (1913), respectuoso pero firme grito contra o naturalismo de moda. Isadora Duncan seguía actuando polos escenarios europeos unha sorte de danza rítmica non culminada por poses estáticas codificadas. As vangardas principiaron o seu baile particular con supostos estéticos non recoñecibles máis que por uns poucos iniciados. Entre aquelas cabe cita-las experiencias de Apollinaire, Mallarmé, Villiers de l'Isle Adam ou Maeterlink. Só Claudel soubo conectar cun público real, a pesar dos seus supostos simbolistas. Outras alternativas contra a onda da convención habían vir de países sen tradicións teatrais.

## 2. A INFLUENCIA DA PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL

A Primeira Guerra Mundial supuxo un impulso e, asemade, un freo ó desenvolvemento das anteriores


tendencias escénicas. Impulso porque os movementos artísticos proliferaron de xeito extraordinario, en sucesivas formas que agredían as distintas opcións do vello realismo. Freo, xa que ningún deses impulsos chegou ó fondo da cuestión: substituí-las vellas estruturas da comedia convencional. Esta continuaba cun formidable desenvolvemento, pois asumía as novidades máis permeables da innovación, aquelas que eran do agrado dun público cada vez máis estratificado. Por outro lado, os horrores da Gran Guerra abrírono o camiño cara á frivolidade e o desexo irrefreable de pasalo ben. América empezou a importar novos ritmos e bailes que axiña pasaron ós escenarios de Europa. Mentres, o cine buscaba voz. En 1927, *El cantor de jazz* converteuse na primeira película sonora, aínda que Al Jolson, pouco ou nada dado á práctica do novo ritmo, maquillado de negro representaba a imaxe da intolerancia racista.

Atopámonos cun período no que: 1) o progreso industrial chegaba ó teatro mediante avances técnicos que revolucionaban a vella maquinaria escénica; 2) consolidábase a figura do director de escena, como grande innovación do século, con cometidos que superaban os do antigo *regisseur* ou director artístico; 3) a información axilízase de contínuo, a través da letra impresa, pero tamén do documental filmado, de modo que os creadores se ven influídos polas novidades que procedían de


calquera lugar do mundo; 4) o cine ía gañando pouco e pouco a batalla do público, ó rebaixa-los prezos das localidades e populariza-los seus produtos. Todas estas circunstancias enriquecen o campo da escena conforme avanza o século, malia ó terrible cataclismo que supuxo a guerra mundial.

Por uns anos, ser anovador non vai supor ningún desdouro na consideración social do autor, todo o contrario; é respectado e reverenciado, a pesar da súa escasa repercusión comercial. A guerra asistiu ás *pinturas metafísicas* de De Chirico (1915), á exposición *dadá* en Zúric (1916), á primeira edición de *Retrato de un artista adolescente* (1916), de Joyce, e ó que Le Corbusier chamou *Después del cubismo* (1918). Gordon Craig<sup>7</sup> continuou publicando as súas teorías na revista *La Marioneta* (1918), así como o tratado teórico *El teatro en marcha* (1919). Meyerhold definiría o seu *Octubre teatral* (1920) para publicar, a seguir, *El trabajo del actor* (1922), contestación absoluta ó naturalismo stanislavskiano. Reinhardt e Piscator abrían a porta ó moderno traballo de dirección, con montaxes cheas de imaxinación, nas que a utilización da nova luminotecnia sería elemento esencial. Brecht iniciábase na escritura dramática con *Baal* (1918), texto que lembra a Rimbaud. En 1925 tivo lugar a primeira grande exposición surrealista; entre os artistas figuraban Picasso e Miró. Este novo movemento reclamaba “o funcionamento real do pensamento en

7 Un recente estudio da súa achega encontrámolo en Grande Rosales [1997].



*La zapatera prodigiosa*, de García Lorca. Dirección: Francisco Enríquez. Decorado: Emmanuele Luzzati. Teatro de la Fenice, Venecia, 1959.



*El señor Puntilla y su criado Matti*, de Brecht. Dirección: Antón Krilla. Theater der Stadt, Bonn, 1956.

ausencia de todo control exercido pola razón e á marxe de calquera preocupación estética ou moral<sup>7</sup>. André Breton encabezaba esa tendencia. A mostra cinematográfica máis representativa dela foi *Un perro andaluz* (1928), de Luis Buñuel, mentres que a teatral sería unha obra que non se había representar ata cincuenta anos despois, *El público* (1936), de Federico García Lorca.

A liña realista crebaba por parte do grande innovador das linguaxes teatrais do século XX, Bertolt Brecht<sup>8</sup>. O seu acerto foi uni-la súa capacidade de director escénico, debedor das formas populares do teatro como o cabaré, e unha grande aptitude como poeta. A obra de Brecht, iniciada no simbolismo, atravesa tódolos modelos xenéricos ata conforma-lo concepto de *teatro épico*, que segue a ter como base o realismo pero que achega unha fragmentación inhabitual ata o momento. Para el, a

acción debe ser oscilante (non crecente), cada escena terá sentido de seu (non está en función da seguinte), mentres que a tensión dramática se espacia por toda a obra e non só ó principio ou final do acto. A súa teoría conduce ó rexeitamento das emocións que perturbaban unha toma de conciencia ante os problemas que ofrece o texto. De aí que lle pida á escena un curioso concepto de *estrañamento* ou *distanciamento*. Así se logra presentar “algo estraño ó mundo do cotián, do evidente, do esperado”.


Maior sorpresa levaron os espectadores de 1921 cando un italiano, Luigi Pirandello, estreou *Seis personajes en busca de autor*. O autor, con 53 anos, iniciárase serodiamente na literatura aínda que axiña definira un novo modelo de drama no que a convención teatral (paredes do escenario, tremoia, a propia sala) facía parte do drama. A

<sup>8</sup> Entre os moitos estudos sobre a obra do dramaturgo alemán recomendamos Dort [1973] e Sánchez [1992].

intelectualidade toda saudouno con interese, a súa influencia foi lenta pero progresivamente importante, porque a súa arte era tan inimitable que houbo que deixar pasar anos para que a súa sombra fora tanxible<sup>9</sup>. Ese carácter innovador curiosamente non chocou con Mussolini, que chegaba ó goberno en 1922, permitía o voto feminino un ano despois e subvencionaba un Teatro das Artes dirixido polo propio Pirandello desde 1925. Era o tempo da primeira redacción de *Mi vida en el arte* (1925), de Stanislavski, cando un mozo e elegante autor inglés chamado Noël Coward estreaba *La fiebre del heno* (1925), e o cine, aquela inicial arte de barraca de feira, producía dúas películas fundamentais que lle habían abrir enormes posibilidades na súa consideración como arte. Unha, *La quimera del oro*, dirixida e interpretada por Charles Chaplin, cómico inglés chegado anos atrás a Hollywood desde Londres, e outra, *El acorazado Potemkin*, mostra do realismo socialista soviético, asinada por Eisenstein. Poucos anos despois, Gropius deseñaba o edificio da Bauhaus<sup>10</sup> (1926), en Dessau, Brecht lograba o seu primeiro grande éxito en Berlín, *La ópera de los dos centavos* (1928), con música de Kurt Weill, Ravel estreaba o seu *Bolero* en París e Gershwin, *Un americano en París* (1928), en Broadway. En España, Falla presentara en Sevilla *El retablo de Maese Pedro* (1923), Pilar Millán Astray triunfaba con *La tonta del bote* (1925), Dalí facía os decorados para

*Mariana Pineda* (1927), de García Lorca, e os irmáns Machado conseguían un grande éxito con *Las adelfas* (1928).

Os movementos culturais de entre guerras mantiveron o conflito desas dúas ramas irreconciliables que eran o teatro comercial e o de vangarda. Dúas ramas que se identifican de xeito admirable no exemplo de Federico García Lorca, aínda que optase claramente pola primeira cando trataba de comunicarse cun público maioritario. No terreo do novo realismo destacaba un dramaturgo norteamericano, o primeiro que se pode considerar como tal na súa historia, chamado Eugene O'Neill; o seu sangue irlandés explica determinados débitos a autores como Synge ou Yeats. Este autor conseguía inaugurar unha descoñecida tradición escénica, na que un certo realismo psicolóxico aglutinaba formas naturalistas, simbolistas e expresionistas. Conforma unha dramaturxia vigorosa, coma o novo país do que xorde, cheo



*Moon of Caribbees*, Eugene O'Neill. Dirección: James Light. Provincetown Playhouse.

<sup>9</sup> Ver a propósito, *Pirandello y su teatro*, de Monner [1947].

<sup>10</sup> Schlemmer e outros [1975] fan un conciso estudio e descrición do teatro da Bauhaus.

de aventureiros, mariños, mulleres desarragadas, non exento de referencias clásicas, como amosa a súa admiración por Esquilo na descomunal *A Electra le sienta bien el luto* (1931). Con *Largo viaje hacia la noche*, estreada en 1956, tres anos despois da súa morte, propuxo a creación dun teatro testemuñal, catártico respecto ós seus demoños familiares, do que non serán alleos Arthur Miller (sobre todo o de *Después de la caída*, 1964), e case todo de Tennessee Williams. A dramaturxia americana chegara con forza á escena universal. Creadores como Elmer Rice, Clifford Odets ou Thornton Wilder proporcionaban novos matices a un especial naturalismo americano. O último non esquece a sombra de Pirandello no seu memorable *Nuestra ciudad* (1938).

Non obstante, por momentos pareceron aumenta-las alternativas ó modelo de comedia comercial. Ó teatro de verso, que seguía cultivando Claudel (*El libro de Cristóbal Colon*, 1930), uníriase o do inglés Eliot (*Asesinato en la catedral*, 1935), que resucitaba o drama litúrxico co seu correspondente coro, e o propio García Lorca, coa citada *Mariana Pineda*. Tamén o verso era utilizado por Brecht en moitas das súas obras, aínda que de maneira parcial. Mentres, Antonin Artaud, desde o seu Teatro Alfred Jarry, fundado en 1926, poñía en práctica outra forma de ritualismo escénico a través do concepto de *teatro da crueldade*. En 1931 viu o teatro Balínés en París e creu cegamente nos

poderes máxicos do teatro, “xogo perpetuo de espellos que van desde unha cor ata un aceno, e desde un berro a un movemento”. En 1935 estreou sen éxito *Los Cenci*, adaptación de Shelley e Stendhal, probablemente polas esixencias da primeira actriz e asemade productora. Ó tempo que se dedicaba á interpretación, sobre todo en cine, publica textos teóricos de interese, entre eles *El teatro y su doble*<sup>11</sup> (1938).

Estamos nun momento conflictivo no que se alterna a conquista social que supuxo interpretar *Porgy and Bess* (1935), de Gershwin, só con actores negros, a triunfante convencionalidade de *Me and my girl* (1937), en Londres, a supervivencia da *Lulú* de Wedeking, estreada en Zúric con música de Berg (1937), con significativos éxitos na pantalla debidos a James Whale (*Frankenstein*, 1931), o famoso *King-Kong* (1933), o humor absurdo dos irmáns Marx (*Una noche en la ópera*, 1935), ata a chegada da cor co primeiro grande éxito da industria de Hollywood: *Lo que el viento se llevó* (1939).

Eses anos previos ó maior conflito bélico do século viron a morte de grandes renovadores da escena, como un ignorado Valle-Inclán, en 1936, o mesmo ano ca Pirandello, Unamuno e García Lorca, ou Stanislavski, en 1938, despois de deixar ben fonda a semente da súa docencia nos Estados Unidos. Eses anos outorgaron unha nova función á experiencia escénica. En España, e durante a súa guerra civil (1936-

11 Seguimo-la edición de Gallimard, de 1964.

-1939), o teatro convértese en incesante vehículo de propaganda para ámbolos bandos, aínda que o seu talante estético foi a penas considerable.

### 3. A ARTE DRAMÁTICA DESPOIS DA SEGUNDA GUERRA MUNDIAL

---

A primeira metade do século XX, aquela que chega á Segunda Guerra Mundial, ve tantas renovacións, tantos regresos á convención teatral, tantos experimentos sobre o mundo da creación en xeral, e da escena en particular, que semella que a arte dramática ía ser quen a ofrecer novos ángulos no tratamento dos problemas do home do século XX. A guerra veu por algo máis ca un choque de ideoloxías: no afán de dominar economicamente o mundo bateron conceptos tan rotundos como o afán expansionista de Alemaña, inaceptable para as potencias aliadas. A pintura *El grito* do noruegués Munch é a máis clara referencia ó desconcerto do home contemporáneo. A primeira bomba atómica fora experimentada en terra xaponesa.

Hollywood empezaba a dicta-la súa lei como ampla e complexa industria, que se servía da guerra para lanzar unha publicidade sobre a afouteza e valía do espírito norteamericano, e tiña como obxectivo ir alén das fronteiras da ficción. En 1940 estréase ese monumento ó antifascismo que foi *El gran dictador*, de Chaplin. Ó ano seguinte, 1941, Orson Welles inaugura a súa carreira con *Ciudadano Kane*, unha

advertencia sobre as grandes fortunas que dominaban o mundo. O teatro seguía pola tradición da comedia burguesa, aínda que trala guerra se tinxa dun tipo de denuncia que alcanza tódolos estamentos da sociedade. Tal circunstancia advírtese no enxeño e humor de Noël Coward, a elegancia de Terence Rattigan ou a obsesión pola defensa da conciencia individual de Priestley. En *Sueño de un día de verano* (1949), este último autor enfrontaba o mundo inxenuo dun primitivo país coa ameaza atómica da posguerra. En Francia, a crítica social materialízase en Giraudoux, para quen “el teatro no es un teorema, sino un espectáculo; no una lección, sino un filtro. Debe entrar menos en nuestra mente que en nuestra imaginación y nuestro sentimiento y por esa razón, a mi juicio, le es indispensable el arte del escritor” (Mignon [1973], páxs. 50-51). Aínda que tiña conseguido xa grandes éxitos antes do 39, como *Intermezzo* (1933) ou *No habrá guerra en Troya* (1935), *La loca de Chaillot* (1945) é a gran denuncia sobre a invisible ameaza da paz cotiá.

Noutra orde estética, pero con similares compoñentes estruturais, Jean-Paul Sartre estreaba, en 1943, o seu primeiro drama, *Las moscas*. Temas como a liberdade do home ou o seu compromiso político, sobrevoaban por riba dun aparente ensaio sobre traxedias clásicas; como fixera Anouilh coa súa *Antígona* (1944), propoñendo o vello mito á luz do París dominado. É o ano de *A puerta cerrada* (1944), na que Sartre manexa a convención escénica



para golpea-lo espectador co peche absoluto de tres personaxes nunha habitación de hotel. O autor, para demostra-la súa oposición á convención reinante trala contenda mundial, rexeitou o Nobel de Literatura concedido en 1964. O teatro tomara un cariz político, que o manterá vivo durante unha posguerra de amaños na que triunfaba o espírito militar. Algúns heroes da guerra rexerán o novo sistema: De Gaulle, en Francia; Tito, en Iugoslavia; Eisenhower, nos Estados Unidos. Na mesma liña de compromiso, Camus ofrecía un teatro de escasa tremoia, diálogos cargados de intencións e sistemático espírito existencialista. *El malentendido* (1945), cumio da súa obra, foi estreada o día seguinte da liberación de París. *Los justos* (1949) ofreceu con maior entidade o tema da desesperación e dunha inxustiza sempre difícil de exercer.

Aínda que semellaba que a guerra deixara ferido un teatro incapaz de reflecti-lo estado en que quedara Europa, vemos nos anteriores exemplos que non foron poucos os que consolidaron sistemas expresivos fundamentais para a historia da representación. Brecht, canso de viaxes e exilios, atopou no Berliner Ensemble, en 1949, o lugar onde repousa-la súa propia teoría estética e ideolóxica. Estas viron a luz en *El pequeño Organon*, publicado un ano antes, auténtica recompilación de tódalas ideas que chegara a experi-

mentar ó longo da súa traxectoria. Logo dalgunhas xiras por importantes cidades europeas, actuando en París en 1954, o autor de *Vida de Galileo* morría en 1956, precisamente durante os ensaios da citada obra. Por esas alturas Europa empezaba a lle dar un recoñecemento que non tivo en vida.

Contra a metade do século chegaba a moda dos festivais internacionais durante os veráns. Edimburgo e Aviñón comezaron as súas actividades en 1947. Un ano antes, unha política de descentralización en Francia dera pé a mostra-lo feito teatral asociado a artistas que popularizasen a arte. É o caso de Gérard Philipe, actor principal de Jean Vilar<sup>12</sup> na aventura da vella cidade dos Papas. Ou de Laurence Olivier, nomeado *sir* pola raíña ese mesmo 1947. Os festivais facíanse en lugares onde, á vez que se daban a coñecer monumentos do país, puideran verse obras dos grandes clásicos. A mensaxe que se transmitía era que as guerras nunca acabarían coa cultura. Mais para que estes festivais se celebrasen era fundamental a contribución do sector público. En Francia, a IV República reorganizou a actividade escénica. Subvencionábanse as *óperas primas* dos novos autores, favorecíase a calidade, creábase unha rede de teatros en provincias, ou, cando non había, modernas *casas de cultura*. En Inglaterra fundábase, en 1940, o Council for the Encouragement of Music an the Arts,

12 As ideas de Vilar reflíctense con precisión en *De la tradición teatral*, 1972. A edición orixinal, *De la tradición théâtrale*, está publicada por Gallimard, en 1955.



que, con pequenas axudas iniciais rompía a norma da primacía do sector privado. En 1946 constitúese o Arts Council of Great Britain. Un ano despois, o Bristol Old Vic combinaba o repertorio habitual con obras clásicas. E en 1963 créase o National Theatre, baixo a dirección de Laurence Olivier. En España, ó que rematou a guerra nacen os teatros nacionais, con modelos que procedían da experiencia alemana. Foron dous, Teatro Español e Teatro María Guerrero, e ambos estaban en Madrid, marcando claramente unha política centralista que, co tempo, intentará mitigarse gracias ós chamados Festivais de España.

As posibilidades de renovación da vella maquinaria teatral multiplicáronse, ó entrar o sector público na produción escénica. Grandes teatros e grandes producións enarboraron a bandeira da espectacularidade, xunto co tópico que outorgaba á escena un importante papel na cultura universal. Pero o perigo do cine, como competidor, era cada vez máis evidente. Os grandes creadores, Welles, Coward, Cocteau, Visconti, Eduardo de Filippo, o propio Laurence Olivier, preferiron as cámaras ós escenarios. O cine absorbía os guións dos mellores dramaturgos do momento (Rice, Rattigan, Miller, Williams...), aínda que é preciso engadir que Hollywood se viu sometido a unha das súas épocas máis negras e dolorosas, a chamada *caza de bruxas*, que iniciou en 1946 o senador McCarthy, levou máis de trescentos profesionais ás listas negras para seren

acusados de simpatizantes do comunismo.

A influencia máis importante para o teatro viría da necesidade de darlle outro sentido á interpretación, debido ás esixencias que a pantalla trouxera. O uso xeneralizado do primeiro plano, o sonoro, a actuación en espazos naturais, desterrou de vez os vellos procedementos declamatorios. En 1947 inaugurouse o Actors Studio, en Nova York, como consolidación da idea de dar contido teórico á incesante práctica de busca da verdade. Stanislavski estaba detrás desta escola, fundada por Elia Kazan, Cheryl Crawford e Robert Lewis. Mentres, o cine italiano rompía moldes neste terreo. Ó non ter actores de cine, sácaos de onde pode. O *neorrealismo* de posguerra mostroulles ós intérpretes ademáns, risos e acenos da rúa. *Ladrón de bicicletas*, de Vittorio de Sica, é de 1948. Ó tempo, Europa intentaba saír da vella norma actoral sen o conseguir. A escola clásica aínda se percibía no cine inglés dos corenta, pero moito máis no francés e o español, cheo de afectación. Pouco a pouco irán saíndo do erro. Italia (Rossellini, Lattuada, Visconti, Zampa, o citado De Sica) foi espello dos novos realizadores hispanos (Bardem, Berlanga, Nieves Conde), e Francia preferiu imitar Hollywood co policial negro e as aventuras de espadachíns. Algúns anos despois, a *Nouvelle Vague*, mesmo sen agocha-la súa admiración polo cine americano, volveu a cara á Europa, cargando de intelectualidade as súas películas. *Le*

*Beau Serge* (1958), de Claude Chabrol, e *A Bout de Soufle* (1959), de Jean Louis Godard, foron os títulos iniciais máis significativos. Desde 1953, un novo personaxe viña asomándose ás pantallas, *Monsieur Hulot*, a pintoresca creación de Jacques Tati.

En 1951, cando se producía a presenza do grupo de pintura tachista (Mathieu, Pollock...), Dalí pronuncia en Madrid a súa conferencia *Picasso y yo*. Acababa de pintar *Dalí a la edad de seis años, cuando creía que era una niña, levantando la piel del agua para ver un perro dormido a la sombra del mar* (1950). Algúns anos antes alcanzárase o expressionismo abstracto na arte. En 1954, Xenakis compoñía *Metasteis* con ordenador. Nos Estados Unidos iniciábase o *pop art*, coas composicións de Andy Warhol e as grandes viñetas de Roy Lichtenstein. A música moderna empezaba a calar de maneira decisiva na xuventude, creando mitos ós que seguir coas súas modas e hábitos sociais. En 1954, un mozo de Tupelo, Missisipi, chamado Elvis Prestley, gravaba o seu primeiro disco. Ó cantante chamáronlle o rei do *rock and roll*. Ese ano, Mattise morría ós 84 anos. En 1961, un Bob Dylan novo entusiasmaba o público de Nova York co seu estilo *folk*. Mentres, ese mesmo ano, os chamados *novos realistas* plásticos (Tinguely, Klein, Christo...) expoñían as súas obras. Dous anos despois, Chagall pintará a cúpula da Ópera de París.

O único referente escénico, certo e claro, seguía a se-lo realismo, coa tinteura social e política antes citada. A pos-

guerra non daba ofrecido novas vías estéticas. París entoaba o seu canto do cisne como capital do teatro durante séculos. Coma se quixera vingarse contra esa situación, ofrecía unha escena despoxada dos seus elementos constituintes básicos, aqueles que o definiron como arte desde Aristóteles. Eugène Ionesco primeiro, Samuel Beckett despois, inventaron o teatro menos teatro de tódolos tempos: o *antiteatro*. *La cantante calva* (1949) descubriu unha obra na que a acción xa non era núcleo esencial da estrutura escénica, nin o personaxe, o habitual ente definidor de contidos humanos. *Esperando a Godot* (1953) supuxo para o teatro o que *Ullises*, de Joyce, para a narrativa, non sendo casual que o seu autor, Samuel Beckett, fora antigo secretario do novelista. As estreas destas obras resultaron especialmente conflictivas. O que ofrecían estaba nos antípodas de canto durante máis de vintecatro anos se viña entendendo como teatro. Sen embargo, estes peculiares dramas eran intelixentes combinacións de palabras que, en efecto, ó non servir para nada —como tampouco serviran para evitar catástrofes como a guerra— supoñían o máis rotundo exemplo da incomunicación contemporánea. Anos despois, Martin Esslin [1972] definiu este teatro como do *absurdo*. A pesar dos seus elementos constitutivos realistas, a dificultade da súa descodificación relegouno a posicións vangardistas, é dicir, só para iniciados. O español Fernando Arrabal animou este movemento coa formación do *grupo pánico*, en 1962.

Tampouco non acadou notoriedade entre o público.

#### 4. O TEATRO DESDE 1968<sup>13</sup>

A partir de 1968 o teatro tomou conciencia dunha crise que, en certo sentido, cuestionaba o concepto de convención. Todo procedía da propia crise que atravesaba a sociedade, reflectida de xeito directo na manifestación do 7 de maio dese ano, na que trinta mil estudantes se enfrontaron á policía de París. A revolta empezara por unha protesta xeneralizada contra a guerra do Vietnam, signo evidente dun abuso do poder militar non acorde cos tempos. Similar exercicio demostrou o exército soviético que, ese mesmo ano, invadía Praga. O pacifismo encarnado no movemento *hippy* foi a inmediata resposta. A militancia política estaba á orde do día. Por iso o Arco de Triunfo asistiu, aquel emblemático mes de maio, ó canto multitudinario da *Internacional*. Algúns anos antes, o San Francisco Mime Troupe inventara o chamado *teatro da guerrilla*, proposta na que a política era elemento central, pois trataban temas como a guerra, a ecoloxía, o servicio militar ou a liberación da muller.

En 1968, Inglaterra poñía fin a un longo período de censura, máis ou menos tolerante. Un grupo de rock, The Beatles, adiantaba desde Liverpool

o inconformismo da época. En 1963 gravaran *Please Please Me*. Nos anos seguintes espertaron un extraordinario furor. En 1969, *Hair* leva ós escenarios de Londres o primeiro nu total. En *¡Oh, Calcuta!* (1969), o nu esténdese a tódolos intérpretes. Latinoamérica comeza a espertar no teatro, que será un dos seus principais aliados para combater políticas dictatoriais. Os festivais de Manizales, Caracas e Bogotá marcan a necesidade de contactar con Europa e os movementos máis radicais. Pero tamén algunhas daquelas dramaturxias deron exemplos tan representativos como as tentativas de creación colectiva proposta polo colombiano Enrique Buenaventura, ou o espectáculo brasileiro *Macunaima* (1978), dirixido por Antunes Filho, por unha compañía que desde entón levará o nome daquel grande éxito, contemplado en festivais de todo o mundo.

A arte debatíase entre a protesta e o inconformismo. Os grandes intérpretes non chegaban a vivi-lo seu éxito. As drogas impedían en moitas ocasións. Jimi Hendrix morre ós 27 anos, o mesmo ano en que os Beatles se disolvían, 1970. Algúns máis tarde, o rei Prestley falecía en Memphis ós 42 anos, tamén por sobredose. A música dos setenta evolucionaba cara ó *heavy metal*, e a súa alternativa, o *glam rock*, que anuncia un cambio cara a certo neorromanticismo nos oitenta. A tecnoloxía chegaba en todo o seu esplendor ós

<sup>13</sup> Para obter datos para este epígrafe foron fundamentais os primeiros *Cuadernos de Teatro* da Universidade de Málaga, así como o seguimento da revista *El Público*, do Centro Nacional de Documentación Teatral do Ministerio de Cultura.

escenarios, aínda que fora para concertos. A comedia imitaríao no seu momento, aínda que para iso tivera que cambia-lo nome ó xénero. Esa superación técnica empezaba a verse con normalidade nas pantallas. A ciencia-ficción había se-lo medio idóneo. Con *La guerra de las galaxias* (1977), de George Lucas, conseguiuase un grande éxito de público. Como tamén ocorreu con *Alien* (1979), de Ridley Scott, e *E. T.* (1983), de Steven Spielberg. Ó tempo, as novas técnicas de gravación abrían-lles o camiño ás mellores orquestras para experimenta-lo son dixital, un dos maiores logros do século. En 1979, a Orquestra Filharmónica de Viena efectúa unha gravación co novo procedemento.

Ó cine saíralle un competidor forte, a televisión, que en principio non era máis ca unha cómoda alternativa na información de imaxes. Fora experimentada en 1929, cando a BBC empezou a emitir programas diarios. Despois da Segunda Guerra Mundial, os fogares americanos enchéronse destes aparellos que, na súa popularidade, facilitaron a chegada de vellos filmes e outros realizados para ese medio. En 1950 había sete millóns e medio de televisores nos Estados Unidos. En Europa popularizouse ó longo dos sesenta, e os seus espectadores empezaron a roubarlle tempo ás artes da representación. Moi pronto, determinadas series retiñan familias enteiros diante do televisor. A competencia era un feito.

A moda do teatro do absurdo prolongárase durante uns poucos anos,



*La conferencia de los pájaros*. Dirección: Peter Brook, 1979. Festival de Aviñón, 1979.

nos sesenta, xusto os que a escena necesitou para tentar saír da súa crise de identidade. Crise que, por primeira vez na historia, procedía do propio público, que cuestionaba que o teatro seguira estancado nas súas vellas convencións. O espectador dos sesenta empezaba a darlle as costas. O teatro morría. Kantor, pintor e director polaco iniciado na práctica do *happening*, chegou a definir un teatro que chamaba *da morte*. O seu primeiro manifesto é de 1959, pero as súas producións máis significativas foron *La clase muerta* (1957) e *Wielopole, Wielopole* (1980), que se viron nos escenarios de todo o mundo. Barrault, Strehler, Ronconi, Brook, os grandes creadores de finais de século, resucitan formas e textos do pasado. Outro polaco, Jerzy Grotowski péchase en 1959 nun laboratorio para facer representacións para corenta persoas. Pensa que pode haber teatro sen vestuario, sen decorado, sen luces e ata sen texto. Como nunca pode ser é sen actores e público. O actor xustifica a idea fundamental da súa proposta: esíxelle

que testemuñe, que comunique a súa vida interior. A súa teoría resúmese no seu artigo *Hacia un teatro pobre* (1965). Un grupo de Nova York, o Living Theatre, iniciado en 1948, chegou a converterse nun suceso na Europa dos sesenta. Representaron a vida do home, do seu pasado e mais do presente, con rituais constituídos por movementos e sons dos corpos. Bread an Puppet alternaba os seus espectáculos en escenarios coa rúa, sorprendendo con actores que son bonecos e recrutando espectadores inhabituais. O feito supoñía unha gran ruptura contra o teatro literario, xa que os seus personaxes propiciaban a escena antinarrativa. O Open Theatre, fundado tamén en Nova York, en 1963, propoñía novas formas expresivas que se opoñían ás motivacións psicolóxicas de Stanislavski, *The serpent* (1968) foi un “ritual —sonidos, gestos, danza y mimo— que relaciona el *Génesis* con los horrores del mundo actual” (Miralles [1974], páx. 99).

O público empezara a aceptar movementos marxinais, elevados ás veces á categoría de comerciais. Un creador de orixe universitaria, Bob Wilson, asombrou no Festival de Nancy cun extraordinario espectáculo visual, *La mirada del sordo* (1971), que rompía con toda medida temporal das acostumadas, abundando no teatro de imaxes. O exemplo cundiu e o visual empezou a tomar corpo nos escenarios das décadas seguintes. Lindsay Kemp extraía simbolicamente toda a maxia de *Flowers* (1978), de Genet. Nese

desenvolvemento do espectacular, os escenarios resultaban pequenos, polo que houbo que pasar ás rúas como espacios novos. En España a moda catapultouna Comediants, con habituais presencias en festivais internacionais, e, anos despois, en 1983, La Fura dels Baus, que apostaron por abertas transgresións a todo o que ata daquela era considerado como linguaxe teatral. Para isto, como a inmensa maioría de grupos e compañías da fin de século, o apoio nas novas tecnoloxías resulta fundamental. O teatro incorporara o microprocesador, tanto no avance da iluminación coma no son. As posibilidades son totais para os novos creadores.

Na liña do alternativo fundaméntase o chamado *teatro contemporáneo*, que non é senón unha actualización do teatro experimental, en tanto que faculta un espacio para a investigación e a imaxinación. Leva o concepto de minimalismo á escena, con producións nas que todo xira arredor dunha especie de obxectos que teñen sempre función escénica concreta. A palabra serve só para subliñar movementos, acenos, ruídos, ademáns que completan as evolucións dos actores. En 1991, e en Amsterdam, ten lugar o *Touch time*: xornadas de teatro experimental a cargo do grupo Mickery. Pero as posibilidades desta nova tendencia son moi amplas: desde o teatro-danza (Pina Bausch) ata as formas de anti-teatro (as chamadas *performance*: Karen Finley, Laurie Anderson), pasando polo teatro xestual (no que o mellor exemplo sería




*Dimonis, Comediants, 1989. Teatro de rúa.*

La Fura dels Baus), teatro físico (Vim Vandekeybus, Corsetti), teatro rítmico ou teatro complexo. A arte escénica navega hoxe con imaxes nas que combina as artes visuais contemporáneas (pintura-instalación), música, ruídos, ritmos e comunicacións non verbais. Para José Antonio Sánchez [1994], “la aceptación de la multiplicidad, como la asunción de la complejidad, no implica la proclamación fácil del *todo vale*. Al contrario, exige estar mucho más atento al gesto, a la disposición, al compromiso que subyace a la creación” (páxs. 18-19).

En tanto, o mundo debátese nunha cada vez máis evidente separa-

ción da riqueza, sen que as artes dean conta de tan dolorosa realidade. En 1984 a televisión mundial mostrou imaxes desoladoras da fame en Etiopía. Anos despois virían novas similares de Sudán. A estas alturas do século, non hai cine nin teatro que dea expresado con maior verismo tan terrible situación. Só a solidariedade de cantantes e grupos de música consegue paliar-lo mal. *Do they know it's Christmas* recadou en 1984, gracias a Bob Geldof e corenta músicos que traballaron de balde, máis de mil millóns de pesetas. E o exemplo continuou. A caída do muro de Berlín, en 1989, e o comezo da debacle do sistema comunista, foron noticias capaces de competir nesta fin de século. A





Público congregado nunha sala contemporánea. Teatro San Martín, Bos Aires, 1988.

guerra fría puxera o seu punto final. O grupo británico Pink Floyd celebrouno en 1990 cun concerto gratuíto en Berlín co significativo título de *The Wall*. Por outra parte, a caída do muro suxire unha nova arquitectura, na que o Museo Guggenheim, en Bilbao, deseñado por Frank Gehry, e inaugurado en 1997, aparece como a obra máis representativa das últimas décadas.

Coma se dun pesadelo se tratase, o teatro remata o século cunha busca incesante do tempo perdido, unha busca da palabra. Claro está que non volverá ser, ou usarse, como se fixo a principios de século, nin sequera no seu ecuador, cando se debatía entre o absurdo e o compromiso social. A pala-

bra finisecular está cargada de efectos ou, por mellor dicir, a palabra completa o efecto. A finais dos oitenta, este protagonismo pódese resumir en tres diferentes exemplos de escrituras que manteñen en común o coidado pola palabra. Tres autores de tres dramaturxias con amplo radio de difusión: Francia, Alemaña e os Estados Unidos. Bernard-Marie Koltés (1948-1989) con *En la soledad de los campos de algodón* (1986), dirixida e interpretada por Patrice Chéreau, presenta un “repertorio de signos tácitos, sobrentendido y diálogos de doble sentido entre proveedor y cliente” (*El Público*, febreiro 1991. *Memoria de una década*, páx. 43). Anteriormente, outra produción do



mesmo autor, *Combate de negro y de perros* (1983), impactara en toda Europa. A palabra de Koltés “se convierte en vehículo privilegiado de la acción y el dibujo de los personajes es de rotunda consistencia”, segundo Pérez Coterillo [1989]. Heiner Müller (1929-1995), discípulo directo de Brecht, que estrea e dirixe desde os anos cincuenta, chega ós oitenta como “el dramaturgo de mayor poder verbal, y el más riguroso y exigente tanto en lo político como en lo teórico, del espacio germanohablante”, segundo Genia Schulz. Grande innovador das modernas formas da traxedia, para el a palabra é “precario y poderoso condensador de energía histórica” (Jorge Riechman [1999], páx. 46). As súas obras máis recoñecidas son *Hamletmaschine* (1977), *Quartett* (1981) e *Muerte de Alemania en Berlín* (comezada en 1956 pero reescrita en sucesivas versións). David Mamet (n. 1947) comeza no teatro, pasa en seguida a escribir guións de películas e mesmo as dirixe. A mestizaxe entre cine e escenario produce unha peculiar escritura a base de reiteracións, xogos de situación e rupturas temporais. A súa axilidade verbal contrasta coa súa tendencia á quietude, coma en Chejov, un dos seus recoñecidos mestres. *American Buffalo* (1977), *Edmond* (1983), *Glengarry glen ross*<sup>14</sup> (1984) e *Oleanna* (1994) son algunhas das obras máis representativas do autor norteamericano.

O século remata coa represión xenófoba da antiga Iugoslavia, a reaparición dos nacionalismos, as migracións dos países pobres cara ós ricos e a consolidación do imperio dos ordenadores. A arte instalouse en cómodos sofás, escasamente comprometidos co seu contorno. A globalización tende á comprensión das linguaxes, polo que os máis aptos para a inmediata comunicación (música, expresión corporal, danza) gañan a batalla da oferta. O que conduce a un tipo de xeneralización que tende á corrección formal. Ó final do século, desestímase as propostas políticas por anticuadas. Os artistas parecen axeitarse ás circunstancias. Ó teatro, como arte máis vella, só lle queda o camiño de resistir coas súas propias armas: a palabra e a súa capacidade de suxestión. Para a convencionalidade ten xa un medio que serve en por si: a televisión.

## BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

- AA. VV., *The Cambridge Guide of World Theatre* (ed. Martin Banham), 1988.
- Artaud, A., *Le théâtre et son double*, Gallimard, 1964.
- Bentley, E., *The Theory of the Modern Stage*, Penguin, 1976.
- Corvin, M., *El teatro nuevo*, Barcelona, Mini-Tau, 1973.

<sup>14</sup> Esta obra, xunto con *Casa de juegos*, foi editada por Cátedra, Letras Universales, Madrid, 2000, cunha ben informada introducción de Catalina Buezo.

- Dort, B., *Lectura de Brecht*, Barcelona, Seix Barral, 1973.
- \_\_\_\_\_, *Tendencias del teatro actual*, Madrid, Ed. Fundamentos, 1975.
- Esslin, M., *The Theatre of the Absurd*, Anchor Books, 1961.
- Grande Rosales, M. A., *La noche esteticista de Edward Gordon Craig. Poética y práctica teatral*, Universidad de Alcalá, 1997.
- Lukacs G., e outros, *Polémica sobre el realismo*, Barcelona, ed. Buenos Aires, 1982.
- Meyerhold, *Textos teóricos* (ed. J. A. Hormigón), Madrid, Alberto Corazón ed., vol I s/d e vol II, 1972.
- Mignon, P. L., *Historia del teatro contemporáneo*, Madrid, Guadarrama, 1973.
- Miralles, A., *Nuevos rumbos del teatro*, Barcelona, B. Salvat de Grandes Temas, 1974.
- Monner Sans, J. M., *Pirandello y su teatro*, Bos Aires, Losada, 2ª ed., 1959.
- Oliva, C., e F. Torres Monreal, *Historia básica del arte escénico*, Madrid, Cátedra, 1ª ed., 1990.
- Pérez Coterillo, M., intr. a *Combate de negros y perros*, de Koltès, teatro 3, El Público, Madrid, 1989.
- Revista *El Público*, Centro Nacional de Documentación Teatral, Madrid.
- Riechmann, J., intr. a *Teatro Escogido 1 de Heiner Müller*, Madrid, Primer Acto, 1990.
- Salvat, R., *El teatro de los años 70*, Barcelona, Ed. Península, 1974.
- Sánchez, J. A., *Dramaturgias de la complejidad: sobre la génesis de la nueva escritura escénica*, Cuadernos de Teatro 3, Universidad de Málaga, 1994.
- \_\_\_\_\_, *Brecht y el expresionismo*, Universidad de Castilla/La Mancha, 1992.
- Schlemmer, O., e outros, *Il teatro del Bauhaus*, Turín, Giulio Einaudi, 1975.
- Serreau, G., *Histoire du "nouveau théâtre"*, Ed. Gallimard, 1966.
- Stanislavski, C., *La construcción del personaje*, Madrid, Alianza Ed., 1975.
- Szondi, P., *Teoría del drama moderno. Tentativa sobre lo trágico*, Barcelona, Ensayos/Destino, 1978.
- Toporkov, V. O., *Stanislavsky dirige*, Bos Aires, Fabril Ed., 1961.
- Vilar, J., *De la tradición teatral*, Bos Aires, La Pléyade, 1972.
- Zola, É., *El Naturalismo*, Barcelona, Ed. Península, 1972.



## CONTRIBUCIÓNS CINEMATOGRAFICAS A UN SÉCULO QUE REMATA

---

Ángel Luis Hueso Montón\*  
Universidade de Santiago  
de Compostela

Con relativa frecuencia a centuria que rematou ten sido definida como 'século da imaxe'; esta expresión, utilizada adoito coloquialmente, pode levarnos a unha concepción equivocada se a aplicamos dunha maneira radical e pensamos que o século XX foi o único no que as representacións icónicas acadaron unha alta notoriedade. Pola contra, se relativizamos esta afirmación, pódenos servir como punto de partida para comprendérmo-la importancia que tiveron as imaxes animadas (e en concreto as cinematográficas) ó longo dos últimos cen anos.

É un feito incuestionable que o cine ocupa un lugar significativo no conxunto da sociedade contemporánea; sen chegar ós límites da cinefilia, que no seu radicalismo roza o absurdo, ninguén pode negar que a presenza das imaxes nas nosas vidas e o consumo que facemos delas reviste unha singularidade moi especial.

Sendo isto certo, non podemos parar nunha mera constatación senón que é preciso reflexionarmos sobre a

súa importancia concreta e sobre aqueles aspectos que fixeron que ó longo dos anos fora consolidándose como unha das formas de espectáculo máis difundidas deste século, á vez que unha manifestación chea de facetas merecentes de estudio. De acordo con isto analizaremos en primeiro lugar algunhas das contribucións coas que este medio colaborou na consolidación dunha nova mentalidade para detérmolos posteriormente naqueles vínculos especialmente relevantes entre a imaxe animada e o contexto social no que xorde.

### CONTRIBUCIÓNS A UNHA NOVA VISIÓN DO MUNDO

---

O primeiro que destaca cando nos aproximamos á análise do mundo cinematográfico é o seu profundo carácter espectacular. Desde o seu nacemento, o cine sempre estivo claramente vinculado ó mundo do espectáculo, así que é esta a súa faceta máis popular e a que

\* Catedrático de Historia do Cine.

lle permite establecer un nexa máis forte e permanente coa xente.

Neste mesmo concepto de *espectáculo* atopamos xa algúns trazos singulares. A universalidade que o preside, e que se foi reafirmando ó longo de todo o século, plásmase sobre todo en dous aspectos: o xeográfico e o social. Se no primeiro encontramos unha dispersión ó longo e ó ancho do globo, de forma que non hai zona del onde o cine non se atope presente en maior ou menor grao, a mención social fainos constatar un achegamento a tódolos ámbitos humanos, sen distinción de razas, crenzas ou educación. Pode ser significativo lembrar en relación con estes aspectos cómo durante moitas décadas a cinematografía de maior produción mundial foi a hindú, que cos seus diferentes tipos de películas quixo chegar á gran diversidade de grupos sociais que coexisten no seu conxunto.

Desta maneira podemos recoñecer que, ó longo de todas estas décadas, o cine consolidouse como un dos espectáculos con acceso a un maior número de persoas, aínda que non podemos esquecer que pola súa propia dinámica interna e a dos medios audiovisuais no seu conxunto, nos últimos anos se produciron unha serie de cambios radicais nas fórmulas de exhibición que viñan desenvolvéndose desde o principio de século. De aí que no momento actual o maior contacto coa

imaxe cinematográfica e os seus espectadores se produza, non nas pantallas, senón a través dos medios electrónicos (fundamentalmente televisión e vídeo en tódalas súas modalidades).

Tendo isto en conta podemos facer nosas as consideracións de Walter Benjamin sobre a evolución artística, cando falaba do nivel masivo dos espectadores e afirmaba que “la cantidad se ha convertido en calidad”<sup>1</sup>; esta reflexión paréce nos moi pertinente ó contempla-la evolución do propio cine e recoñecer que a busca masiva de público indiscriminado se converteu nunha das máximas aspiracións deste medio. Non podemos esquecer que desde formulacións moi distintas da socioloxía da arte se incidiu neste carácter masivo do cine, de tal forma que se resalta o feito de que o cine adquire ben axiña o trazo distintivo de ser unha arte para un público de masas, culminando así un proceso que se ía precipitando desde finais do século XIX e que continuaría de xeito crecente en todo século XX.

Sen embargo, dentro do que supón ese feito radical, xorden unha serie de matices que non se poden desdeñar: se é indubidable que o espectador é considerado dunha forma xenérica e indiscriminada, temos de recoñecer asemade a súa profunda singularidade, a súa unicidade ante as imaxes que percibe e valora desde o seu individualismo (lembrémo-la coñecida frase

1 Walter Benjamin, “La obra de arte en su época de reproductibilidad técnica”, en *Discursos interrumpidos I*, Madrid, Taurus, 1975, páx. 52.

segundo a cal “cada espectador ve a súa película”).

Porque non podemos esquecer que un dos trazos profundos que posúe o cine é o formidable poder se suxestión que absorbe por completo a persoa que se sitúa perante as imaxes; o home abandona as súas actividades, preocupacións ou pensamentos para verter toda a súa sensibilidade e ilusión nun mundo que coa súa seducción o arrastra fóra dos ámbitos do cotián.


É esta dialéctica entre o carácter comunitario do espectáculo e a profunda individualidade do espectador, unha das primeiras contribucións do cinematógrafo á estrutura social do século XX, tendo en conta que conforme avanzou este período ámbolos trazos foron adquirindo unha maior complexidade, de xeito que se, por unha parte, se intenta conseguir un público cada vez máis numeroso e fiel ós dictados da imaxe, por outra búscanse as preferencias de cada espectador que desta forma se chega a considerar como último e singular destinatario de cada filme.

Pero este mundo do cine posúe, en paralelo a este matiz espectacular, outra serie de trazos que incidiron de xeito radical na visión que o home do século XX desenvolveu tanto de si mesmo coma do contorno no que se desenvolve.

Nada desdeñable é o carácter de *manifestación artística propia e representativa desta época* que foi medrando ó longo de todo este tempo; porque

unha das súas peculiaridades é a especial fusión que se dá entre técnica e estética, aspectos que sempre foron unidos no mundo da arte, pero que alcanzan un nivel especial cando nos referimos ó cine.

Os continuos avances que se produciron durante todo o século tiveron, en primeiro lugar, unha repercusión na propia linguaxe do medio, pero de forma case inmediata foron utilizados desde unha perspectiva máis rica e complexa, aquela que leva a lograr un sentido da beleza. A frase dun teórico



*Ciudadano Kane* (1940, Orson Welles). Unha das obras máis importantes desta manifestación artística chamada cine.


como Francastel cando dicía “Pienso en el cine. La técnica pura ha hecho posible reproducir el movimiento. Pero esta gran conquista se habría agotado pronto sin el apoyo de la fantasía, o más exactamente del arte, que ha venido a ofrecerle programas a realizar”<sup>2</sup>, ponnos de manifesto que o home se atopa ante unhas imaxes cheas de complexidade e que lle ofrecen múltiples posibilidades expresivas.

Esta situación do cine nun punto equidistante entre as artes plásticas e as funcionais é a que dotou dunha especial singularidade para o home contemporáneo que non vía nel unha expresión de elite e arredada do mundo cotián, senón que, pola contra, respondía a moitas das súas inquiredanzas e era testemuño da súa propia realidade, na que coexisten, coma no cine, as débedas mutuas entre a mera industrialización e o profundo carácter artístico<sup>3</sup>.

Porque non debemos esquecer en ningún momento (e isto adquire especial singularidade nun tempo de clara aceleración tecnolóxica como o que vivimos no final do milenio), que no cine os avances técnicos adquiren un relevo tan singular que se convierten no motor dunha depuración estética e narrativa que é percibida polo espectador dunha maneira sinxela e inmediata; pénsese por exemplo o que supuxeron logros tan singulares como o son

ou a cor que, ademais de condicionantes técnicos e industriais, abriron camiños de riqueza estética dunha maneira progresiva.

Pero esta arte dotada de tanta complexidade tamén contribuíu á creación dun *novo concepto da imaxe*. Se xa desde as súas orixes o cine estaba condicionado polo desexo de transmitir a sensación de movemento e así o



Tres fotografías de 2001: *Una Odisea en el espacio* (1968, Stanley Kubrick). O ritmo crecente do movemento e a inmersión nos espazos infinitos.

<sup>2</sup> Pierre Francastel, *La realidad figurativa I. El marco imaginario de la expresión figurativa*, Barcelona, Paidós, 1988, páxs. 73-74.

<sup>3</sup> Jean Mitry, *Estética y psicología del cine I. Las estructuras*, Madrid, Siglo XXI, 1978, pág. 25.



logrou, aínda que dun xeito elemental debido ós condicionantes técnicos do momento, ó longo da súa existencia foi ofrecéndolles ós espectadores un mundo cargado de dinamismo, dun ritmo crecente no que os elementos básicos desa imaxe animada (o tempo e mailo espacio) adquirirían un novo sentido.

Será precisamente a *nova concepción do tempo e o espacio* xurdida da imaxe cinematográfica a que adquirirá unha especial repercusión na configuración do home contemporáneo, aquel que se foi consolidando ó longo da centuria e que encara o inicio dun novo milenio cunhas inquietudes practicamente ilimitadas.

Ó longo desta época o cine manipulou os elementos espacio-temporais cunha liberdade total, de forma que os espectadores foron asimilando uns códigos e unhas posibilidades expresivas moi amplas; a linealidade narrativa rompeu de múltiples maneiras e os avances que se foron alcanzando consolidáronse de xeito irrenunciable de cara ó futuro. Pero, ademais, non podemos pasar por alto o feito de que sucesivas xeracións foron asimilando estes novos conceptos desde a súa infancia, de forma que viñeron a ser consubstanciais coa súa maneira de entendo-lo mundo.

Isto pode constatarase, igualmente, ó contempla-las interrelacións do mundo cinematográfico con outras formas expresivas coetáneas, pois as achegas que procedían da imaxe animada vímolos presentes non só en manifesta-

cións fortemente narrativas como as literarias, senón noutras moitas (musicais, cómic, televisión, etc.) propias deste longo ciclo.

Pero non se trata unicamente de que o espacio e o tempo adquiran unhas posibilidades manipuladoras excepcionais, senón que ó tempo que os estamos dotando dun novo sentido, estámolo facendo cunha imaxe que está nun *presente continuo* para o espectador.

Creemos que é esta unha das claves ontolóxicas máis importantes de cara ó home contemporáneo, pois non se trata só de que poidamos ofrecer tempos moi diferentes (pasado, futuro, oníricos, futuribles, etc.) e espazos arredados dos reais (desde os claramente fantásticos ata a distorsión daqueles que son facilmente recoñecibles), e que o espectador os perciba como tales, senón que ademais o impacto sobre o receptor é maior pois lógrase a través dunhas imaxes que se presentan con total proximidade.

É indubidable que, coma en tódolos procesos narrativos, tamén no cine hai que recorrer a determinados códigos que permitan ter conciencia de que nos encontramos ante unha transición espacio-temporal (se na literatura era o uso dos tempos verbais, no noso caso serán a imaxe detida, o *flo* ou outros diversos recursos); pero isto non é obstáculo para que de maneira ineludible o espectador se encontre ante unhas imaxes que se lle ofrecen en presente e



que como tales adquiren o sentido da proximidade e do cotián.

As consecuencias que poden derivar desta nova visión espacial e temporal sobre o home contemporáneo son moi amplas e diversas; en primeiro lugar, e como conclusión máis inmediata, o espectador percibe un cambio nas estruturas que presidiron durante séculos o ritmo temporal e a sensación espacial da humanidade. Se tradicionalmente o home se vía condicionado polas súas propias limitacións físicas, mercé á imaxe en movemento pode abranguer un mundo moito máis amplo ca aquel que o rodea (prodúcese unha auténtica redución espacial e xeográfica a niveis que non son controlables) e ademais manipulalo con total liberdade e posibilidades ilimitadas.

No campo temporal, a superación das restricións propias do ser humano conduce a un cúmulo de novas opcións que gardan unha estreita relación coas que se producen no espectáculo cinematográfico, de forma que podemos pasar dunha sensación de aceleración máxima (algo profundamente arraigado a nivel vital no home dos nosos días) á dilatación ou á comprensión dos acontecementos de acordo cos nosos sentimentos ou estados anímicos.

Pero esta sensación de *presente continuo* na que se sitúa o espectador contemporáneo ten outra serie de consecuencias que de xeito imperceptible, pero inexorable, foron condicionando a propia concepción que do mundo ten o

home actual. Así, podemos destacar que a nova visión da realidade que se ofrece como totalmente próxima, converte o espectador en copartícipe das vivencias doutros seres e en coprotagonista dos acontecementos que, desta maneira, adquiren unha nova perspectiva tanto no nivel individual como colectivo. Esta situación reviste unha dimensión ilimitada ó adquirir carta de natureza noutros medios audiovisuais que desta forma facilitaron unha interconexión cada vez maior entre os homes e unha presenza 'case real' do individuo en calquera tipo de acontecemento.

De maneira similar, esta proximidade do contorno que rodea o home facilitou unha visión distinta da propia realidade e de diversos factores (opinións, crenzas) que están presentes nos acontecementos. O home atópase de contino perante unhas imaxes que lle amosan formas de vida, personaxes que se relacionan entre si, sucesos que inciden nas vivencias; e todo isto estruturado dunha forma narrativa, o que desenvolveu unha visión especial dos acontecementos: o home contemporáneo é profundamente narrativo, busca unha fórmula sucesiva dos feitos, preocúpase por atopalos nexos (sobre todo pola relación causa-efecto) ante os sucesos, aplica ás súas actividades e ó xeito de presentalas unha sucesión encadeada, e todo isto para someter a un control o máis férreo posible o que ten diante dos seus ollos.

Tampouco non podemos esquecerlo feito de que esta narratividade que

envolve tódolos aspectos da vida ten como un dos soportes máis importantes a 'repetición' das imaxes<sup>4</sup>, que polas súas propias características poden ser reiteradas ata a súa destrución física. Esta posibilidade, que en principio puidera semellar intranscendente, adquire unha importancia significativa, pois afixo os espectadores a consideraren as imaxes cun alto grao de subsistencia (isto poderíamos constatalo na persistencia de determinados filmes por riba do paso dos anos) que se difundiu en ámbitos moi diversos da realidade social.

Todo isto lévanos a reafirmar dunha forma radical a repercusión das imaxes cinematográficas tanto sobre o home, considerado individualmente, como sobre a sociedade no seu conxunto. Porque é moi interesante recordar agora, no cambio de século, as palabras que escribiu Luigi Chiarini e mediados da centuria:

La primera mitad de este siglo quedará ciertamente caracterizada, entre otras cosas, por el nacimiento y afirmación de este nuevo medio de comunicación, cuyo alcance trasciende los límites de la expresión artística e incluso del espectáculo. Sea cual fuere su suerte futura... no hay duda de que el espíritu del cine, que ha instaurado una nueva civilización visual, seguirá sobreviviendo a través de los cambios de formas que aporten las permanentes revoluciones técnicas.<sup>5</sup>

É indubidable que aquelas afirmacións, profundamente vinculadas ó impacto que producira determinado

tipo de películas nos anos centrais do século, adquiren especial significación no momento presente, xa que botan luz sobre as transformacións das últimas décadas e permiten constata-la gran repercusión das imaxes animadas no conxunto da sociedade.

## O CINE, TESTEMUÑO DA SOCIEDADE

Se nos parágrafos anteriores considerámo-las achegas do cine á creación dunha nova concepción do mundo, isto debe conducirnos en paralelo a considerar que esas mesmas imaxes se producen nunhas condicións moi precisas, inseridas nunha realidade social concreta que é, pola súa vez, a súa impulsora máis clara.

A afirmación de que as imaxes cinematográficas se producen en íntima conexión co mundo social determinado necesita certas matizacións sobre o sentido en que se realiza; de ningunha maneira pensamos que exista unha relación causa-efecto entre a sociedade e o mundo do cine, de xeito que o extremismo do vínculo nos leve a pensar que determinadas circunstancias orixinen sempre o mesmo tipo de películas.

Pola contra, estimamos que esta relación é moi rica e plural, vai alén dun determinismo estricto e posúe unha gran variedade de posibilidades; desta concepción é de onde deriva o

4 Román Gubern, *Mensajes icónicos en la cultura de masas*, Barcelona, Lumen, 1974, pág. 17.

5 Luigi Chiarini, *El cine, quinto poder*, Madrid, Taurus, 1964, pág. 15.



*Lo que el viento se llevó* (1939, Victor Fleming). Ás veces os testemuños sociais transcenden os límites cronolóxicos dunha etapa.

noso convencemento de que o cine é un 'testemuño' da sociedade, pero cunha diversidade de matices que fai que non poidamos velo dunha forma simplista, senón con niveis de implicación moi diferentes e sempre interesantes para poder coñecer mellor o noso século. Ademais, considerámo-lo carácter testemuñal nun dobre nivel cronolóxico: un inmediato, en canto os filmes aparecen próximos ós acontecementos, coetáneos con aquilo que sucede; pero, á vez, hai un testemuño a medio prazo en canto que a sociedade volve sobre eses sucesos e os reinterpreta de acordo coa visión dese momento preciso. Esta

dobre perspectiva parécenos moi interesante pois demostra que a preocupación por determinados temas do noso século non é só ocasional senón que pode transcende-los límites cronolóxicos dunha etapa.


Tendo estas circunstancias en conta poderíamos facer unha enumeración moi ampla de filmes e situacións sociais, que iría moito máis alá dos límites deste traballo; pola contra, coidamos que abondará con seleccionar algúns grandes momentos ou aspectos do século XX, á vez que facemos mención de películas que testemuñan a singularidade destas situacións.

En primeiro lugar podemos empezar por uns acontecementos tan recoñecibles como son os *conflictos armados*. É indubidable que o século que rematou foi testemuña dunha serie de enfrontamentos armados dunha crueza e efectos sociais verdadeiramente impresionantes; non é anecdótico o feito de que por primeira vez se fale de 'guerras mundiais' pola súa repercusión que supera os ámbitos nacionais, pero a isto súmase o feito de que conflitos que se poderían considerar limitados na súa localización xeográfica (guerras de Corea ou Vietnam) tiveron unha transcendencia mundial de acordo co reduccionismo espacial que comentabamos máis arriba.

Son moi numerosas as películas nas que ficaron testemuñadas estas conflagracións pero, á vez, non podemos esquecer que foron obras que deixaron constancia de maneiras ben distintas da crueza da guerra, o seu influxo sobre as persoas (tanto militares coma civís), a violencia que chega a facerse consubstancial cun xeito de vela vida e de actuar, ou mesmo os sentimentos positivos que poden xurdir no medio de circunstancias totalmente adversas.

É significativo que desde películas producidas sobre a Primeira Guerra Mundial se consagrasen unha serie de modelos que logo foron seguidos reiteradamente, como sucedía en *El gran desfile* (The Big Parade, 1925, King Vidor), *La gran ilusión* (La grande illusion, 1937, Jean Renoir) ou *Senderos de gloria* (Paths of Glory, 1957, Stanley

Kubrick); a partir destas pautas foron moitas as obras (tanto documentais como de ficción) verbo da Guerra Civil española, a Segunda Guerra Mundial, a de Corea, as guerras de descolonización (digna de lembranza é unha obra como *La batalla de Argel*, La battaglia di Algeri, 1966, Gillo Pontecorvo, na que se define a guerra urbana e contraterrorista), o conflito de Vietnam, dunha transcendencia social que ficou reflectida en filmes como *Apocalypse Now*, 1979, Francis F. Coppola, chegando ata as loitas máis próximas á nosa actualidade como a desintegración da antiga Iugoslavia nos anos noventa (*Underground*, 1995, Emir Kusturica, auténtico



*Apocalypse Now* (1979, Francis Ford Coppola) reflecte a transcendencia do conflito de Vietnam.



político sobre a evolución histórica desa terra).

Pero, en paralelo, non podemos esquece-la diversidade de *réximes políticos* que tiveron o seu arraigo ó longo do século XX e configuraron unha variedade de opcións que debuxaron un crebacabezas de consecuencias xigantescas e por veces impredecibles. É indubidable que non todos tiveron a mesma expresión cinematográfica nin un tratamento de intensidade cuantitativa e cualitativamente semellante; pero a través dun abano de películas moi diversas entre si, podemos chegar a intuí-la forza deses movementos durante este longo período.

De acordo cos criterios apuntados anteriormente, neste caso é moi interesante diferencia-las obras coetáneas daquelas que xorden con posterioridade, xa que dese xeito se evidencia o vínculo favorable a determinadas ideoloxías ou a crítica que unicamente pode xurdir ó cambia-las circunstancias históricas.

Non nos pode sorprender que os réximes totalitarios marcaran o mundo da imaxe animada co seu férreo control en tódolos niveis; de aí derivaron multitude de obras no mundo do nazismo alemán, do fascismo italiano, do franquismo español máis ríxido, da autarquía ou do comunismo soviético; este último, pola súa dilatada traxectoria, ofrece unha diversidade que denota o paso por épocas de exaltación revolucionaria (*Octubre*, Oktjabr, 1927, Sergei

M. Eisenstein), de consagración do 'realismo socialista' (*Chapaiev el guerrillero rojo*, Chapaiev, 1934, Sergei e Giorgi Vassiliev), a crítica ó stalinismo (*La confesión*, L'aveu, 1979, Costa Gavras) ou o desexo dos anos cincuenta (*Cuando pasan las cigüeñas*, Latjat Zhuravli, 1958, Mihail Kalatozov).

Nas últimas décadas puidemos seguir constatado cómo o cine se facía testemuña dos acontecementos políticos e das ideoloxías subxacentes neles, con exemplos tan claros como a crítica interna ó propio desenvolvemento do comunismo que atopabamos nunha obra tan significativa como *El hombre de hierro* (Czlowiek z zelaza, 1981, Andrzej Wajda), testemuño do principio da fin co auxe do sindicato Solidariedade, ou as numerosas obras que reflectiron as consecuencias da caída do muro de Berlín e as transformacións acaecidas tanto na propia Alemaña coma na desaparecida Unión Soviética.

No mundo americano atopamos contrastes que evidencian a diversidade de fórmulas políticas que se foron producindo naquel continente ó longo do século. Desde a defensa dos grandes principios do mundo democrático estadounidense que fixo Frank Capra en diversas películas dos anos trinta (*El deseo de vivir*, Mr. Deeds goes to Town, 1936 ou *Caballero sin espada*, Mr. Smith goes to Washington, 1939, por exemplo) cargadas de bos sentimentos e dunha simplicidade próxima á inxenuidade, ata as obras que defenderon o mundo revolucionario cubano sobre todo nos anos sesenta e setenta (bos



*El acorazado Potemkin* (1925, Sergei M. Eisenstein). Narración sublime dun movemento revolucionario na Rusia zarista de principios do século XX.

exemplos serían *Lucía*, 1968, Humberto Solás, ou *Memorias del subdesarrollo*, 1968, Tomás Gutiérrez Alea), sen esquece-los testemuños críticos das ditaduras do Cono Sur, sobre todo a orixinada polo golpe de Augusto Pinochet (*La batalla de Chile*, 1975-1978, Patricio Guzmán) ou as fortes repercusións sobre tódalas capas da sociedade da ditadura militar na Arxentina (*Los chicos de la guerra*, 1984, Bebe Kamin ou *La historia oficial*, 1985, Luis Puenzo).

Pero se cadra un dos trazos máis ricos e representativos do século XX foran as numerosas e profundas *crises*

*sociais* que se viviron con grande crueza e con fortes repercusións sobre grupos moi amplos da sociedade. A enumeración de todas elas convertería este traballo nunha lista sen fin, por iso mencionaremos só algunhas das máis significativas.

Sempre se resaltou a singularidade dos anos vinte como un período no que se empezan a concretar algunhas das claves da nova sociedade deste século (masificación progresiva, cambios nas estruturas familiares tradicionais, crecente protagonismo laboral da muller, estruturas económicas moi



Charles Chaplin é recoñecido por tódalas xeracións posteriores de cineastas como un dos máis grandes actores e directores.



febles e ligadas en todo o mundo, etc.) e podemos encontrar múltiples filmes que, en distintos países, ofrecen testemuño de todo isto. Desde as comedias dirixidas por Cecil B. De Mille que exemplifican os novos códigos matrimoniais, ata as diversas obras con tendencias distintas (expresionismo, *kammerspiel*, nova obxectividade) ofrécenno-las complexas situacións dunha sociedade convulsa como a alemá da República de Weimar.

Tampouco non podemos esquecer achegas individuais que reflexionaban sobre o sentido desta década, como son os casos de *El gran Gatsby* (The Great Gatsby, 1973, Jack Clayton) sobre a magnífica novela de Scott Fitzgerald, *Y el mundo marcha* (The Crowd, 1928, King Vidor) co contraste entre as ilusións da mocidade e a dureza da realidade cotiá, ou *Scarface, El terror del hampa* (Scarface, Shame of the Nation, 1932, Howard Hawks), magnífico testemuño da criminalidade xurdida a raíz da implantación da Lei seca.

Pero non debemos perder de vista que moitas destas situacións se ofrecerán cun maior radicalismo na década dos trinta, recollendo as consecuencias da gran crise de 1929. Se unha obra como *Las uvas de la ira* (The Grapes of Wrath, 1940, John Ford) chegou a converterse no paradigma das películas sobre a crise económica no mundo rural, podemos afirmar que *Tiempos modernos* (Modern Times, 1936, Charles Chaplin) é un dos mellores exemplos desa mesma crise no medio urbano e do impacto que produciu naquela

sociedade o mecanismo levado ás súas derradeiras consecuencias.

Todas estas claves alcanzan unha expresión maior nos anos inmediatos á fin da Segunda Guerra Mundial. O exemplo do neorealismo italiano pasou por riba do tempo e permanece aínda hoxe como un dos modelos de cine social máis representativos do século que rematou; películas como *Ladrón de bicicletas* (Ladri di biciclette, 1948, Vittorio de Sica), *Germania, anno zero* (1947, Roberto Rossellini) ou *Arroz amargo* (Riso amaro, 1948, Giuseppe de Santis) seguen estudiándose como modelos dunhas imaxes que con gran sinxeleza, pero cunha forza e un impacto indubidables, ofrecen unha visión inmediata da sociedade italiana da época.

Con esquemas semellantes en xeral, aínda que a través dunha gran diversidade de fórmulas, ofrécese a profunda transformación que viven os anos cincuenta no mundo occidental; a aparición de novas xeracións que desde a súa xuventude buscan camiños diferentes será un dos problemas máis vivos do momento, o cal se plasmará en múltiples exemplos na cinematografía con personaxes como James Dean e Marlon Brando ou grupos de diversa repercusión como os reflectidos no *free cinema* británico ou na *nouvelle vague* francesa.

Podemos, por outra banda, lembrar-la importancia que tiveron ó longo do século (e seguen tendo hoxe) circunstancias sociais doadamente

recoñecibles como son as emigracións de todo tipo. Existen no cine magníficos testemuños desta diversidade de movementos, tales como a procura de América como a terra de promisión (*América, América*, 1963, Elia Kazan; *El Padrino II*, *The God Father*, part II, 1974, Francis F. Coppola) ou o traslado á cidade co que isto supón de ruptura dos esquemas sociais rurais (*Surcos*, 1951, José Antonio Nieves Conde; *Rocco y sus hermanos*, *Rocco e i suoi fratelli*, 1960, Luchino Visconti).

Nas últimas décadas adquiriron especial relevancia os grandes desprazamentos que desde os países máis deprimidos economicamente se producen cara ós máis desenvolvidos, contando con bos testemuños icónicos como son *Lamérica*, 1994, de Gianni Amelio, sobre a crise do pobo albanés; *Las cartas de Alou*, 1990, de Montxo Armendáriz, na que recolle a presenza da poboación africana en España; *My Family*, 1995, de Gregory Nava, sobre os problemas de integración dos chicanos nos Estados Unidos, e moitas outras similares en cinematografías especialmente sensibilizadas con este tema como a francesa ou a alemana.

Nesta mesma liña de testemuños sociais é interesante resaltar cómo o cine mantivo unha relación peculiar co mundo médico durante todo o século. As películas foron vehículos nos que se plasmaba a preocupación por determinado tipo de doenzas, entre as que destacaron a principios de século o alcoholismo e as enfermidades venéreas; así, difundíronse filmes entre grupos

sociais moi concretos (os soldados, por exemplo) nos que se expoñían os perigos deste tipo de males.

Máis adiante atopámonos con tendencias singulares, como é a preocupación pola psiquiatría e a súa difusión popular nas décadas dos corenta e cincuenta, que deixaron testemuños cinematográficos memorables, como *Recuerda* (*Spellbound*, 1945, Alfred Hitchcock) ou anos máis tarde *Alguien voló sobre el nido del cuco* (*One flew over the cuckoo's nest*, 1975, Milos Forman) na que estaba presente outro tema interesante como é a preocupación polas institucións hospitalarias. Nos últimos anos dedicouse unha atención crecente á inquietude pola difusión da sida entre amplos grupos de poboación e as posturas do resto dos cidadáns ante este problema (filmes como *Philadelphia*, 1993, de Jonathan Demme ou *Los amigos de Peter*, *Peter's Friends*, 1992, de Kenneth Branagh, serían exemplos disto).

O carácter testemuñal no cine vai alén dos acontecementos concretos para plasmarse tamén en relación coas *grandes ideas do pensamento* que moven a sociedade; é indubidable que isto se acha dun xeito subxacente nun gran número de filmes (moitos dos que citamos anteriormente serven de modelo) pero tamén se nos presenta dunha forma explícita noutras moitas películas.

Os enfoques de forte carga relixiosa tiveron cabida nas imaxes cinematográficas, de forma que principios fun-

damentais do cristianismo como a confianza na providencia (*Francesco giullare di Dio*, 1959, Roberto Rossellini), a comunión dos santos (*Los ángeles del pecado*, *Les anges du peché*, 1943, Robert Bresson), a vida alén da morte (*Jesús de Montreal*, *Jésús de Montréal*, 1989, Dennys Arcand), a comprensión da dor do outro (*Gritos y susurros*, *Viskningar och rop*, 1972, Ingmar Bergman) ou a forza da fe por riba da realidade cotiá (a sempre recordable *La palabra*, *Ordet*, 1955, Carl Th. Dreyer) ofrécese ó home do noso tempo con gran proximidade.

Xunta estas hai outras ideas contemporáneas que as películas plasmaron: un mundo persoal cargado de dificultades como é o que responde ós principios do existencialismo que levou ás súas imaxes Micheangelo Antonioni (*Las amigas*, *Le amiche*, 1955 ou *Desierto rojo*, *Deserto rosso*, 1964, por citar só algún dos seus filmes), a fraternidade por riba das diferencias de raza, idade ou cultura (*Dersu Uzala*, 1974, Akira Kurosawa), a loita de clases como motor da historia (*Novecento*, 1976, Bernardo Bertolucci), o hedonismo e en concreto o pracer da comida (*La gran comilona*, *La grande bouffe*, 1973, Marco Ferreri), a xenofobia e o racismo (*Adiós muchachos*, *Au revoir, les enfants*, 1987, Louis Malle), o uso das drogas e o consumismo total dalgúns mozos de hoxe (*Historias del Kronen*, 1994, Montxo Armendáriz ou *La carnaza*, *L'appât*, 1994, de Bertrand Tavernier) e moitas outras obras que nos deixaron exemplos sempre memora-

bles de cómo o home se sente impulsado por unha serie de principios.

Como culminación destas reflexións sobre o carácter testemuñal do cine, e a pesar do desexo de non sermos exhaustivos, debemos mencionala profunda relación, en tódolos niveis, que se constata entre as imaxes animadas e *o mundo cultural*. Os nexos que se estableceron ó longo destes cen anos entre tódalas facetas da literatura (teatro, novela, conto, poesía) e o cine reborda calquera tipo de enumeración e é algo doadamente perceptible para un espectador cun mínimo de sensibilidade; non podemos considerar soamente a mera adaptación, senón que debemos lembrar que os vínculos que se crearon entrámbalas expresións narrativas acadaron unha pluralidade de matices que abrangue todo tipo de campos.

Xunto a isto está a tantas veces estudiada relación entre as imaxes e os movementos vangardistas, que encontraron nelas unha forma de innegable forza e que respondía ás súas formulacións de ruptura e renovación estética. Se o expresionismo vai intimamente unido a *El gabinete del doctor Caligari* (*Das Kabinett des Dr. Caligari*, 1911, Robert Wiene), qué dicir das obras buñuelianas *Un chien andalou* (1929) e *L'âge d'or* (1930) e do testemuño que representan das claves máis singulares e atractivas do surrealismo, xunto do reflexo que quedou nas imaxes de movementos como o futurismo ou a abstracción.



Buñuel, fotografado por Man Ray no ano 1929. Buñuel é por excelencia o director do surrealismo.

Pero neste matiz testemuñal que estamos a resaltar agora, hai un aspecto que nos interesa destacar: o feito de que o cine se converteu no vehículo a través do cal puidemos coñecer, malia o paso do tempo, con toda a súa forza e con esa proximidade que comentabamos anteriormente, a artistas que doutro xeito só nos serían accesibles por información escrita. Casos significativos (e que se citaron en reiteradas ocasións) son os de grandes actrices do teatro como Sarah Bernhardt ou Francesca Bertini, ou actores como Laurence Olivier, sen esquecer películas dunha alta singularidade como *El mis-*

*terio Picasso* (Le mystère Picasso, 1956, Henri-Georges Clouzot) ou *El sol del membrillo* (1991, Víctor Erice) nos que vemos traballando dous pintores españois tan importantes como Picasso e Antonio López.

## DIRECTORES E PELÍCULAS PARA UN SÉCULO

Queremos remata-las nosas consideracións sobre a singularidade do cine dentro do contexto do século XX facendo unha reflexión que pode parecer moi simple pero que, ó noso xeito de ver, adquire unha especial importancia; trátase da valoración das contribucións individuais.

Das páxinas anteriores cremos que se deduce a forte pegada que as imaxes cinematográficas deixaron sobre sectores moi amplos da sociedade contemporánea; unha persoa poderá ser máis ou menos consumidora desas imaxes, pero é incuestionable que consideradas socialmente marcaron, e seguen facéndoo, de forma significativa algúns momentos da nosa existencia.

Pero a isto únese a contribución que representan algúns cineastas e determinadas obras do acervo cultural deste século; o mesmo que sucede con outras manifestacións humanas, por moi diferentes que sexan as súas características, sabemos que o cine colaborou á configuración do conxunto do que se considera como a bagaxe desta era, ese núcleo de coñecementos e trazos que calquera persoa

minimamente culta debe recoñecer como propios do contexto no que vive.

Ó longo de todas estas décadas foron numerosas as contribucións, pero manténdonos dentro do principio de moderación enumerativa que aplicamos ata aquí, podemos destacar algún cineasta que, malia a ter desenvolvido o seu traballo principalmente na primeira metade do século, foi recoñecido polas xeracións posteriores; é o caso de Charles Chaplin, un home que marcou dun modo profundo moi diferentes grupos humanos e demostrou a riqueza e 'seriedade' que pode te-lo mundo da comicidade.


Tampouco podemos esquecer directores que responderon co seu cine a unha serie de códigos moi estruturados, de xeito que os facían doadamente recoñecibles para o público; personalidades como John Ford ou Alfred Hitchcock (vinculados de maneira radical ó *western* e ó suspense, respectivamente) superaron os límites do cine comercial e realizaron reflexións de gran profundidade sobre o home en situacións moi concretas.

Canda eles traballaron cineastas que, cunha forte individualidade, loitaron durante toda a súa vida por transmitir visións persoais de gran riqueza e suxestión; Luis Buñuel, Orson Welles ou Luchino Visconti serían magníficos exemplos de cómo as imaxes cinematográficas adquiren unha gran complexidade e unha interrelación con outros ámbitos culturais (surrealismo,

mundo teatral, e en concreto Shakespeare, o mundo operístico e por extensión o conxunto dos elementos da posta en escena, respectivamente).

E en relación co máis achegado a nós podemos lembrar dous personaxes que, mesmo sendo moi discutidos e discutibles, sen embargo posúen unha serie de trazos de valor: Woody Allen e Steven Spielberg representan dous modelos radicalmente distintos de entende-lo cine, pero o impacto que as súas películas (sobre todo consideradas como un conxunto homoxéneo) produciron sobre as últimas xeracións do século son un bo testemuño da importancia do cine nestes anos.

Ó lado dos cineastas pódense citar algúns filmes que ó longo do século XX destacaron como cimas inalcanzables ou puntos de referencia para toda persoa que se achega á suxestión da imaxe: *El acorazado Potemkin* (Bronenozet Potiomkin, 1925, Segei M. Eisenstein), *Lo que el viento se llevó* (Gone with the Wind, 1939, Victor Fleming), *Ciudadano Kane* (Citizen Kane, 1940, Orson Welles), *2001: Una odisea del espacio* (2001: A Space Odyssey, 1968, Stanley Kubrick), *Muerte en Venecia* (Morte a Venezia, 1971, Luchino Visconti) e *Apocalypse Now* (1979, Francis F. Coppola) forman un conxunto de obras que, dentro da súa pluralidade, demostra as posibilidades do cine para conseguir crear un mundo propio e transmitilo cun alto nivel de seducción ós espectadores.



Buñuel, Hitchcock, Spielberg e Woody Allen. Cuatro directores significativos para un século.



## BIBLIOGRAFÍA

- Allen, R., e D. Gomery, *Teoría y práctica de la Historia del Cine*, Barcelona, Paidós, 1995.
- Andrew, J. D., *Las principales teorías cinematográficas*, Madrid, Rialp, 1992.
- Bazin, A., *¿Qué es el cine?*, Madrid, Rialp, 1966.
- Bordwell, D., J. Staiger, e K. Thompson, *El cine clásico de Hollywood: estilo cinematográfico y modo de producción hasta 1960*, Barcelona, Paidós, 1997.
- Burch, N., *El tragaluz del infinito. Contribución a la genealogía del lenguaje cinematográfico*, Madrid, Cátedra, 1987.
- Casetti, F., *Teorías del cine. 1945-1990*, Madrid, Cátedra, 1994.
- Ferro, M., *Historia contemporánea y cine*, Barcelona, Cátedra, 1994.
- Gomery, D., *Hollywood: el sistema de estudios*, Madrid, Verdoux, 1991.
- Gubern, R., *Mensajes icónicos en la cultura de masas*, Barcelona, Lumen, 1974.
- \_\_\_\_\_, *La mirada opulenta. Exploración de la iconosfera contemporánea*, Barcelona, Gustavo Gili, 1987.
- Hueso, A. L., *El cine y el siglo XX*, Barcelona, Ariel, 1998.
- Morin, E., *El cine o el hombre imaginario*, Barcelona, Seix Barral, 1972.
- Rosenstone, R. A., *El pasado en imágenes. El desafío del cine a nuestra idea de la historia*, Barcelona, Ariel, 1997.
- Sadoul, G., *Histoire Générale du Cinéma*, París, Denoël, 1946-1975.
- Scott, J. F., *El cine, un arte compartido*, Pamplona, EUNSA, 1979.
- Sorlin, P., *Sociología del cine: la apertura para la historia del mañana*, México, FCE, 1985.
- VV. AA., *Historia General del Cine*, Madrid, Cátedra, 1995-1998, 12 vols.
- Wyver, J., *La imagen en movimiento. Aproximación a una historia de los medios audiovisuales*, Valencia, Filmoteca de la Generalitat Valenciana, 1992.







## UNHA REFLEXIÓN SOBRE A MÚSICA DO SÉCULO XX

*Roberto Relova Quinteiro\**  
 Conservatorio Superior de Música  
 Vigo

### INTRODUCCIÓN

O século XX comeza de forma case espectacular en case todo o que se refire ó mundo das artes. A música vese implicada nun torrente de acontecementos que van marca-las diferentes sensibilidades dos compositores e do público en xeral, e por suposto a eterna busca dunha comunicación entre obra de arte, creador e receptor. O público asistirá asombrado a cambios de actitudes, de linguaxes, de conceptos que aínda hoxe rompen os esquemas do oínte do ano 2000. Esta idea relaciónase perfectamente con outra: os consumidores de música 'clásica' (prefiro a denominación de culta) do noso século oíron case con exclusividade a produción do XIX e como moito, dos inicios do XX. É moi rechamante que compositores como Alban Berg, Arnold Schoenberg, etc., se consideren autores 'contemporáneos', con todo o que leva consigo de pexorativo.

Outra idea fundamental para reflexionar sobre a nosa época pasada

é, sen dúbida ningunha, que as músicas que tiveron un impacto social sobre a poboación son as denominadas populares: jazz, pop, rock, etc. Os esforzos feitos polos dirixentes culturais e compositores para achegárense ó gran público son, en diferentes casos e momentos, desmesurados e case falidos, xa que o erro é de base e inamovible: separa-lo concepto de cultura do de educación. Nesta dirección e coa implantación na última década da reforma educativa no Estado español (LOXSE), a música entra por primeira vez no sistema educativo, e non queda á marxe como historicamente viña sucedendo, e materias como Jazz ou Flamenco aparecen dentro das ensinanzas do novo Grao Superior nos conservatorios superiores de música. E xa no plano da auténtica necesidade formativa do alumnado, a nova lei articula o seu obxectivo arredor da orquestra e propón un 'freo' ós conservatorios, que se converteran en centros de ensino musical case dirixido ó piano, a guitarra e en moi menor medida á corda, tan necesaria nas nosas orquestras.

\* Catedrático de Estética e Historia da Música.

Non ocorría así en Europa, onde se desenvolveu verbo da música unha tradición histórica envexable e que actualmente vive dese pasado que marcou definitivamente a dinámica das ensinanzas musicais e a súa respectiva cultura. Países como Francia, Alemaña, Italia ou Inglaterra consideraron a música como un elemento técnico dentro da educación e non estético como ocorreu en España. Por iso, en gran parte destes estados a música céntrase na educación do neno e separa a formación de futuros músicos dos non profesionais que só desexan achegarse á música como unha forma máis de vivi-lo ocio.

En España, ata a entrada da LOXSE, calquera persoa podía estudar música sen tela como un obxecto claro do seu futuro, ou simplemente por entretemento; o curioso é que só os conservatorios recibían toda esta po-boación de estudantes, co cal o fracaso foi estrepitoso. Aínda hoxe, a práctica instrumental está separada das ensinanzas universitarias; é comprensible que a Universidade, logo de observa-lo lamentable estado dos conservatorios nos anos setenta e oitenta, non desexase integrar nos seus mapas de titulacións este tipo de ensinanzas. Só o Estado e as cuestións políticas, creo, deben considerarse responsables desta situación de atraso na educación e cultura musical na sociedade española, pois países cunha escasa tradición —Noruega por exemplo—, en pouquí-simo tempo están a unha altura realmente envexable. Ata 1972 a educación

musical en Noruega estivera en mans de conservatorios privados nas grandes cidades, sen intervención estatal e sen ningún tipo de bolsas ou axudas ós estudantes de música. Os grandes talentos estaban destinados a marchar ó estranxeiro para formarse. Os propietarios do conservatorio de música de Oslo doaron os edificios, incluídos tódolos instrumentos e equipamento, ó Estado noruegués. Iniciouse así un enorme labor para crear un plan de estudos, e o Estado preocupouse de adquirir conservatorios privados rexionais. Estes centros están ou ben dentro do sistema de escolas universitarias rexionais, ou ben forman parte da Universidade; os estudos máis avanzados realízanse na Escola Superior de Oslo, que ofrece unha licenciatura. Hoxe en día, co aproveitamento dos recursos que ofrecía o propio pobo e mais con vontade política, conseguiu ser un dos países máis importantes do mundo en cuestións musicais, tanto que a Orquestra da Radio Nacional de Noruega se converteu nunha das mellores dentro do actual panorama interpretativo.

É un exemplo que invita á reflexión. E non só é Noruega: Portugal, desde a incorporación á Comunidade Europea, coñeceu un crecente desenvolvemento da educación musical e posiblemente estea nun nivel superior ó do noso Estado. Portugal preocupouse de desenvolve-la música en tódolos ámbitos e mesmo se arriscou coa posta en funcionamento dos centros integrados, nos cales unha persoa nova pode

realiza-los seus estudos obrigatorios e compaxinalos á vez cos de música no mesmo centro, co cal, o ensino ten uns rendementos excepcionais e chega a ser de notable calidade.

As perspectivas en España son realmente boas, sempre que se potencien as escolas de música, os centros integrados e se desenvolva por parte das administracións educativas unha especial sensibilidade cara a este tipo de ensinanzas. Os conservatorios de grao medio e superiores loitan pola profesionalización dos músicos, nunhas condicións, ás veces, lamentables.

Orquestras, coros, discos, intérpretes, publicidade, concertos, bandas sonoras, crítica, etc., serían temas merecentes dun tratamento pormenorizado, pero resulta aquí imposible reflexionar sobre todo isto.

## 1. ¿CANDO COMEZA O NOSO SÉCULO MUSICAL?

O ano 1600 é a data máis cómoda para iniciar-lo estudio do principio do Barroco musical europeo. Arredor desta data comezan a aparecer síntomas importantes dun novo cambio na estruturación da linguaxe musical, pois tanto antes coma despois de 1600 se consolida lentamente o que van ser as novas formas musicais, teatrais, etc. O ano 1900 é unha data con moitas posibilidades. É evidente que hai que marcar un territorio espacial e cronolóxico, pero resulta difícil. O paso é gradual, e a herdanza do XIX, espectacu-

lar, por iso se moveu aparentemente con certa lentitude. É importante sinalar que a nova música se basea en supostos técnicos e estéticos moi diferentes.

Creo que é fundamental nos cambios, e como punto de partida, o que marca Arnold Schoenberg (1874-1951) contra 1907, cando decide romper co sistema tonal tradicional. Tamén podería ser considerada como a figura clave para pecha-lo ciclo creativo da música do século XIX, aínda que eu, e desde o punto de vista estético, o compartiría con Richard Strauss (1864-1949) ou polo menos con certa parte da súa obra que se desenvolve na primeira década do século XX. Os grandes compositores que van ter unha influencia determinante nos acontecementos do novo século nacen no anterior: C. Debussy (1862-1918), M. Ravel (1875-1937), B. Bartok (1881-1945), I. Stravinsky (1882-1971), A. Webern (1883-1945) e A. Berg (1885-1935).

## 2. DO XIX Ó XX: A TRANSICIÓN

Xa case desde os inicios do establecemento do sistema tonal, moitos compositores tiñan dúbidas sobre a súa validez; cuestionábase, aínda que parecía existir un relativo acordo para que as cousas seguisen un camiño fácil para o oído humano. Pero a gran construción tonal non se derrubaba. É certo e moi importante que existían desexos de cambios relacionados coa tonalidade e a estética da composición, e

posiblemente son estes desexos os que nos unen directamente coa ligadura establecida entre o século XIX e o XX, e por suposto coa súa clara vinculación creativa.

Non é só a tonalidade separada. Son os novos ritmos, a creación dun espacio novo e dun novo son para un novo desprazamento no tempo; e mesmo se desenvolve unha nova capacidade auditiva do ser humano, á vez que se complica a alma do home.



Retrato de Richard Strauss no Wagnermuseum de Bayreuth.

Resulta imposible separala heranza do XIX dos novos acontecementos. Á fin e ó cabo, compositores como Bach, Mozart, Beethoven, Schubert coinciden nunha busca, que de forma desesperada continúa en Wagner coas súas construcións musicais e estéticas.

Gustav Mahler (1860-1911), para moitos o elo derradeiro da gran cadea sinfónica dunha serie de autores austro-alemáns, mestura na súa conflictiva personalidade un amor polo pasado e unha constante renovación pola expresión. Director exemplar e compositor que enche as súas obras dun lirismo excepcional, de feito na súa produción sinfónica introduce a experiencia vocal de forma extraordinaria. A súa súa como director de orquestra de Richard Strauss (1864-1951) —o mesmo ca Mahler— pasou a entrar plenamente no mundo do mito da interpretación musical. Gran coñecedor dos recursos orquestrais, é desde o meu punto de vista un dos creadores máis impactantes dos primeiros anos do século XX e un verdadeiro nostáxico da tradición europea. Con *Salomé* (1905) e *Electra* (1908), óperas dun só acto, Strauss desenvolve unha forza indescritible na orquestra: as bases tonais sofren unha tensión que as arrastra ó bordo da ruptura, así como a intensidade da evolución musical que complica cos argumentos das propias óperas. A música de Strauss en *Salomé* e *Electra* trata de representa-las obsesión das súas personaxes femininas. E aquí entramos de cheo nun dos aspectos máis interesantes: a presenza e importancia da muller

en obras dunha singular transcendencia para o devir dos acontecementos musicais. Desde a *Isolda e Brunilda* de Richard Wagner ata a *Lulú* de Alban Berg, a atención dos compositores e libretistas céntrase na poderosa forza creativa e poliédrica que ten a alma feminina. É evidente que a traxedia grega e as teorías de Freud teñen moito que ver con isto e cunha sociedade que acepta na arte a determinación do ser humano.

Strauss e o seu libretista Hugo von Hofmannsthal non son alleos ó pasado proposto por Wagner. A importancia vocal, musical e dramática que a muller ten (escenas finais de *Tristán e Isolda* e *O ocaso dos deuses*) marcan unha serie de condicionantes que á hora da representación nos estremecen.

Salomé obsesiónase de xeito enfermizo polo desexo sexual de posuí-lo amor de Juan. Unha expresionista escena final co monólogo de Salomé diante da cabeza de Juan (a obra baséase na do propio Oscar Wilde) susténtase cunha música na que a tonalidade, aínda controlada, se arreda a límites extremos. A sucesión progresiva dos acordes (igual que en *Electra*) condúcese cara ós momentos coloristas, sen que sexa unha preocupación o discurso lóxico e definitorio da propia tonalidade.

As disonancias e o cromatismo extremo non facilitan a claridade das bases harmónicas triádicas. *Electra*, o mito do desexo da vinganza, artículase baixo estas compulsivas obsesións e

sanguentos momentos que nos envolven nun estado de violencia psicolóxica, case imposible de sosteer: a orquestra ruxe coma un animal, o mesmo que *Electra*, que non atopa repouso en ningún momento: o seu sufrimento lévaa a desfalecer.

O nivel de saturación cromática e fluctuación tonal destas dúas óperas abre —¿ou pecha?— un camiño no que se ten que decidir se se continúa ou non nel, pois é imposible seguir sen romper algunhas das bases do sistema tonal, xa debilitado abondo. Strauss decide non seguir e moitos criticaron esta actitude por considerala un claro retroceso. Público e crítica non souberon valorar na súa xusta medida o que estaba a ocorrer coas emocións que suscitaba na escena, acostumados a un repertorio lírico e con personaxes moito máis humanos (*Traviata*, de Verdi, *Norma*, de Bellini, etc.); atopáronse ante unha nova dimensión da alma. Os perfís psicolóxicos de Salomé e *Electra* marcan non só a nova sensibilidade do público, tamén dos futuros personaxes. Se comparamos unha personaxe de Puccini, *Mimí* (*La Bohème*), antes da chegada das heroínas straussianas, con outra do mesmo autor, posterior, *Turandot*, observaremos que converte a soprano dramática nunha nova enferma mental obsesionada con vingala morte da súa avoa. *Turandot* permanece aparentemente fría coma o xeo ante os crimes que ela mesma desencadea. Aínda que é certo que xa con *Tosca*, Puccini perfilaba un tipo de personaxe conflictivo desde o seu máis profundo interior.

Pero a innovación straussiana ficaba agochada baixo as aparencias dos monstros femininos. Algo semellante lle ocorreu a Stravinsky: a súa música case pasa inadvertida en *A consagración da primavera* pola espectacularidade do ballet mais pola provocadora coreografía de Nijinsky. Debussy (1862-1918) favorece, polo seu mundo musical (medieval e outras culturas), unha sonoridade sen precedentes, xa non só no plano da orquestra como tal, tamén noutros instrumentos, como é o caso do piano, á vez que hai unha evocación poética dos sentimentos, entre as impresións e as atmosferas. Debussy dá creado un novo concepto de melodía, que se basea no que el mesmo denominou arabescas: curvas naturais, melodía libre, son algunhas das definicións posibles para unha música que se conduce desde o 'exterior'.

Dentro desa transición é posible non mencionar a Busoni, Reger, Satie ou Scriabin.

### 3. A MÚSICA ATONAL E O CAMIÑO CARA Ó SISTEMA DODECAFÓNICO

Schoenberg (1871-1951) probablemente é unha figura que continúa por un camiño de necesaria lóxica; o seu impacto na creación musical do XX é de máxima importancia. Establecer en qué punto o compositor se despoxa do concepto tradicional da tonalidade é un pouco arriscado, xa que nalgunhas obras encontramos fronteiras ou límites difíciles de determinar. Entre 1907-

-1908 ocorren feitos que marcan o proceso atonal. Os tons non harmónicos levarán o oínte a non detecta-lo contexto triádico existente, xa que se perde o seu movemento cara á resolución tonal. Hai logo unha emancipación da disonancia: os conxuntos harmónicos disonantes son series libres, así, estes acordes xa non se relacionan cos fundamentos triádicos consonantes máis sinxelos.

Outro aspecto importantísimo dentro da proposta de Schoenberg é que xa non existe unha referencia funcional que se sosteña para o resto dos tons: créase un novo e libre espacio. Logo dun proceso creativo, de reflexión e experimentación, Schoenberg chega a un período no que desenvolve propostas tan interesantes como *Erwartung* (*A espera*), un monodrama de vinte minutos para soprano e orquestra, atonal e atemático. A historia céntrase nunha muller que agarda encontrarse nun bosque co seu amante. No transcurso da obra, a protagonista parece tolear ó non se reunir con el, por fin topa o seu cadáver. A música dinamízase desde unha formulación libre de ideas?, e cun carácter mutante. Non sabemos qué vai ocorrer, o noso oído está en continua tensión.

Entre Schoenberg e o pintor W. Kandinsky estableceuse unha relación na que observamos un interesante paralelismo das súas obras e ideas.

Webern (1883-1945) é outra das personalidades clave no proceso da música atonal. O compositor, herdeiro



dunha tradición, igual ca Schoenberg, abandónaa despois dun proceso de reflexión e experimentación. Sempre se fala na súa obra da tendencia á brevidade, a concisión e a transparencia musical. Obras importantes son as *Seis pezas para orquestra, Op. 6, Cinco lieder, Op. 3*, etc.

En canto a Alban Berg (1885-1935), a súa obra, tanto instrumental coma vocal, marca, posiblemente, 'un' dos finais de dúas tradicións: a moderna e a tardo romántica. Para esta reflexión do XX interesa incidir nas súas óperas *Wozzeck* e *Lulú*. Xa comentaba máis arriba a importancia que tiña a presenza da muller na ópera de finais do século XIX e inicios do XX. Ademais, creo que son dúas obras que resultan verdadeiramente apaixonantes dentro da produción do noso tempo. O rigor, a percepción formal e o equilibrio de Alban Berg na súa música son impecables.

A orquestra en *Wozzeck* é empregada en poucas ocasións na súa totalidade. Berg ten moi presentes as ensinanzas do mestre Schoenberg e o seu selo camerístico, por exemplo do *Pierrot lunaire* ou a sinfonía de cámara *Op. 9*. En *Wozzeck* atopamos unha escritura orquestral fragmentada e con refinamento tímbrico espectacular; recorre a elementos moi concretos e mesmo non dubida en introducir instrumentos pouco tradicionais na orquestra como son o piano desafinado, a guitarra, o acordeón e a celesta. En *Lulú* chegamos a unha nova consideración do amor: fuxir do inferno do amor, busca-la libe-

ración do amor. Lulú é unha personaxe que nos envolve na súa desesperación e no concepto do demo do amor e do anxo da morte. A fatalidade e maila morte son a esencia desta ópera que marca todo un fito no XX. Dunha riqueza orquestral e un desenvolvemento de máximo equilibrio, Berg introdúcenos no seu mundo sonoro que vén marcado pola propia realidade expresionista e a tradición do seu mestre, pero que non renuncia á función dos elementos técnico-creativos e estéticos da súa concepción. Lulú é a grande e última personaxe feminina musical do noso século, con ela péchase un ciclo musical e estético que, coído, aínda non produciu tódalas súas consecuencias. Berg entrará no século XXI como un dos máis grandes 'clásicos'. De feito, as representacións de *Lulú*, o seu concerto para violín e orquestra ou a súa obra para piano son cada vez máis interpretados.

Arredor destes tres compositores, Schoenberg, Webern e Berg, desenvólvese o expresionismo como un camiño de lóxica evolución desde as bases e presupostos da música de finais do século pasado. Dalgunha forma, foi decisiva a amizade que Arnold Schoenberg mantivo cos pintores expresionistas alemáns, especialmente cos compoñentes do grupo *Der Blaue Reiter* (O xinete azul). En 1911, expóñense traballos deste grupo en Múnic e o propio Schoenberg incluíu os seus cadros. Músicos e pintores interrelacionáronse nunha busca da expresión na que achan solucións verdadeiramente

transcendentais. As obras deste período manifestan unha tendencia a reduci-lo son á súa esencia máis pura. A música atonal abrirá as portas á abstracción, que a conducirá cara á codificación dodecafónica da linguaxe musical.

#### 4. OS OUTROS CAMIÑOS

---

A obra de Stravinsky (1882-1971) escapa a un ríxido esquema de encaдрamento; a súa produción pasa polo século recollendo tódalas posibilidades que a el lle interesan. Desde logo que a división da súa obra en períodos resulta moi cómoda, pero pouco crible a estas alturas. *A consagración da primavera* (1913) pasa a ser un exemplo desa espectacular relación que viviron as artes nos primeiros anos do XX. *A consagración* é unha obra que se basea na acentuación e en breves fragmentos melódicos e simples que evocan as cancións folclóricas, e que chegan a producir unidades máis extensas e complicadas. O trazo rítmico nesta obra é unha cuestión altamente significativa, pasaxes nas cales se muda case arreo de medida. Debe recordarse aquí a última parte de obra, a "Danza do sacrificio", onde se suceden de forma extrema os ditos cambios. O son desa partitura, unha das máis célebres do noso século, radica no tratamento que ten a orquestra: un xigantesco instrumento de percusión. O concepto e a propia definición que lle dá Stravinsky ó seu traballo dentro da tonalidade, áchase no sentido da centralidade tonal e no

principio básico da atracción polar, sustentado por un conxunto referencial de notas que serven como centro do material que o forman e que xiran arredor deles, incluso o crean. Diatonismo, cromatismo, son cuestións tamén de máxima importancia que nos axudan a coñecer-la formulación creativa e estética deste xenio do XX.

Compositores como Bartok, Rachmaninov, os futuristas, Janacek, Kodaly, Sibelius, Nielsen ou Ravel, axudan a compoñer-lo marco creativo e xeográfico da produción musical do século XX. É difícil en poucas liñas realizar unha reflexión sobre a súa importancia.

Moitos destes autores ós que nos referimos mostran ó longo da súa vida diferentes transformacións lóxicas como ocorre co dodecafonomismo (por exemplo, Schoenberg, Berg) ou posturas máis radicais ou conservadoras. Neste sentido, sería necesario volver consideralas novas actitudes que se toman dentro de obras xa comentadas (*Lulú*, *Wozzeck*).

#### 5. ESPAÑA

---

En España, a produción musical céntrase en gran medida na zarzuelística. Cumpriría un profundo estudio xa que actualmente, gracias ó desenvolvemento musicolóxico dos últimos vinte anos, pódense ter criterios e elementos novos para desenvolver unha nova observación dos acontecementos que marcan a fin de século.



Manuel de Falla, de Vázquez Díaz; Teatro Real de Madrid.

Sen dúbida os tres músicos máis importantes desta época son Isaac Albéniz (1860-1909), Enrique Granados (1867-1916) e Manuel de Falla (1876-1946). Este último é considerado como o máis importante da primeira metade do XX e nada alleo á máis pura tradición da riqueza folclórica do seu país e das tendencias que vivía a música europea a comezos do século. Obras como *Noches en los Jardines de España* (1915) ou as *Siete canciones populares españolas para voz y piano* (1915), demostran unha destreza compositiva na que se unen tradición, modernidade e orixinalidade. O seu coñecemento da músi-

ca antiga española e o seu xeito de integralo nas súas obras (*Concierto para clave*, 1926) é asombroso. A súa obra *Atlántida*, unha gran cantata escénica —rematada polo seu alumno Ernesto Halffter baseándose no material que deixou o propio Falla— demostra o gran sentido dramático e lírico que tiña o seu autor.

Joaquín Turina (1882-1949) sucede, *a priori*, en importancia a Falla, pero hai que destacar compositores como Roberto Gerhard (1896-1970) que ofrece un traballo de enorme interese para a cultura europea: o seu mundo sinfónico, operístico e obras como *La peste*, poñen de manifesto un dos creadores máis importantes que España ofreceu nesta segunda xeración.

Xa no plano de máxima actualidade destacan compositores como Joaquín Rodrigo, Luis de Pablo, Carmelo Bernaola, Cristobal Halffter, Tomás Marco, Xavier Montsalvatge, Antón García Abril..., que se ven altamente implicados co seu mundo: os dereitos humanos, o pacifismo, etc., e a medida que discorre o tempo desde a chegada da democracia a España, diferentes obsesións que se enmarcan dentro dunha tradición culta.

## 6. A CREACIÓN CONTEMPORÁNEA EN GALICIA

Coido que é moi importante ressaltalos actuais creadores galegos, xa que son un exemplo do dinamismo que leva vivindo Galicia desde 1980. É ben certo que compositores como Rogelio

Groba ou Juan Trillo tiveron unha relevante importancia nos diferentes campos da música galega. Pero considero moi apaixonante poder mencionar autores galegos que demostran o enorme interese que teñen pola comunicación e a creación nesta fin de século.

Enrique Macías (Vigo, 1958-1995), autor autodidacta, consegue situarse con éxito na vangarda europea. O seu catálogo esténdese por unha estética complexa que abrangue obras electroacústicas, conxuntos instrumentais, instrumentos sós e orquestra. *Clamores y alegorías* (1995), obra póstuma, foi encargada para ser estreada no Festival Internacional de Canarias o 24 de xaneiro de 1996.

Manel Rodeiro, un dos máis novos expoñentes, tende a creacións camerísticas e conxuntos instrumentais onde tamén desenvolve unha técnica autodidacta, de grande emoción intimista, recorre á expresión máis fermosa na procura da beleza. O seu labor céntrase outrosí no eido da investigación e da educación. Como responsable do Departamento de Música no Centro de Arte Contemporánea Galega (CEGAC) en Santiago de Compostela, desenvolveu unha intensa actividade sen precedentes en Galicia, que se caracterizou pola difusión da música contemporánea a través de interesantísimos seminarios, *master class*, concertos e as Xornadas de Música Contemporánea que situaron Santiago nun nivel europeo no traballo de divulga-

ción e investigación da música do noso tempo.

Manuel Balboa (A Coruña, 1958) é un músico considerado como artesán dentro do seu propio tempo; creador de óperas, música sinfónica, instrumental, bandas sonoras..., obtivo o recoñecemento do público. Músico culto, admirador da tradición wagneriana e straussiana, foxe de etiquetas e sofre as influencias dos músicos máis importantes do XX. Así como outros mozos que triunfan ante o público de concerto: Xavier de Paz, Juan Vara, Juan Durán. Interesantes propostas son as que desenvolven Antón Pulido (1971), Paulino Pereiro (1957), Xavier Arias Bal (1964), Xesús González (1965), Canco López (1964) ou Eligio Vila.

Un capítulo á parte merece, como homenaxe póstuma, o desaparecido prematuramente Xan Viaño (1960-1991). Desde 1985 e 1986 participa nos campos internacionais de Villafranca del Bierzo, onde procura novos vehículos de expresión. Coñece a Cristóbal Halffter, Bernaola e Tomás Marco, que lle encarga máis adiante unha composición para estrear nos festivais de música de Alacante. Os diferentes premios e recoñecementos que obtén e as súas viaxes, case sempre productoras dun efecto máxico (Bayreuth, Granada, Cuenca, etc.), situaban a Xan nun lugar de privilexio e respecto. Nas súas obras hai un inquietante mundo de intimidadas e atmosferas, introdúcense diferentes campos experimentais da man de Vaggione e de D. Teruggi. As súas últi-

mas composicións caracterízanse polo expresionismo e a admiración pola obra de A. Schoenberg: *Nubes blancas* é densa, dramática, cun tema utilizado na súa obra para piano *Visións serias* (editada pola Universidade de Santiago). Por fin encontraba o camiño. No manuscrito de *Nubes blancas* continúa a segunda parte que titula *Nubes grises*; a súa escritura é de cor vermella, as grafías están nalgún momento moi debilitadas, semellan case dun neno que desesperadamente quere expresarse antes dun inesperado final.

Galicia vive, non só no eido da creación, un aparente ascenso: tres orquestras de importancia, festivais de música, conservatorios estatais, sociedades filharmónicas, etc., que prometen novos tempos para o acontecer musical.

## 7. INGLATERRA E A MÚSICA ANGLOAMERICANA

Walton, Britten e Tippett abren un renacemento musical no seu país que conecta con compositores anteriores como por exemplo G. Holst.

É Benjamin Britten (1913-1976) unha das personalidades máis poderosas deste século e que domina xunto con Tippett a escena musical inglesa nos anos posteriores á Segunda Guerra Mundial. Britten é un grande amante e coñecedor da tradición e a historia do seu país, que plasma nas súas obras dunha forma realmente asombrosa, como

ocorre en *Gloriana*, *Soño dunha noite de verán*, etc. Da súa produción creativa destaca *Peter Grimes*, ópera complexa que segue aparentemente unha tradición conservadorista. O personaxe, gracias a un tratamento musical innovador, consegue emocionalo público malia a ser un sádico. Moitos historiadores ven nesta ópera claras influencias de Alban Berg pola atmosfera que se crea arredor dela e o pesimismo que nos inspira a trama. En 1961, compón o seu famoso *Réquiem de guerra*.

Dentro dos Estados Unidos de América, destacan Copland e a presenza do francés Varés.

Villa-Lobos representa a xeración de músicos de América Latina, que consegue fama internacional baseando a súa música nos elementos nacionais. Este músico brasileiro defínese como autodidacta e defensor da cultura popular, e combina a aprendizaxe da música tradicional brasileira cos elementos máis innovadores que chegan de Europa, por iso o converten nun músico con certo carácter ecléctico. Entre 1930 e 1945 compón as *Bachianas brasileiras* onde mestura o carácter popular da música brasileira con aspectos estilísticos da obra de Bach. Chávez e Ginastera forman xunto con Villa-Lobos o conxunto de autores máis importante e destacado e conseguiron que a súa música se escoite en Europa.



Messiaen entre os seus alumnos de París.

## 8. A CREACIÓN MUSICAL DESPOIS DA SEGUNDA GUERRA MUNDIAL (A MÚSICA SERIAL)

Posiblemente nos atopemos nunha etapa de nova creatividade. Os acontecementos políticos e sociais que se viviron no século marcan de vez unha estraña ruptura, crítica, con todo o anterior, sen poder desligarse das cuestións máis candentes que Schoenberg, Webern e Debussy desenvolveran. Francia, dentro do serialismo, ocupa un lugar de relevo na dinámica

das posicións na segunda metade do XX.

Oliver Messiaen, figura clave do noso pasado máis inmediato, é considerado como un profesional dun rigor extraordinario na súa obra. A súa tendencia asenta en trata-las características individuais do son musical: timbre, dinámica, melodía e ritmo, potenciándoas e desenvolvéndoas. É fundamental a súa idea do cambio no concepto —inusual— do ritmo, que nos conduce a unha música sen medida. En 1935 utiliza a súa particular visión en *A Natividade do Señor*, onde desenvolve un grupo de sucesións rítmicas moi complexas. Outra achega de Messiaen é o que se denomina o ritmo non retrógrado, é dicir, un ritmo no que as sucesións de duracións permanecerán iguais se se len desde o principio ou se se comeza polo final. O autor encontra unha fonte destacada na música hindú e as súas características rítmicas e unha admiración profunda polos sons da natureza. A todo isto engadirémo-lo seu interese polo canto gregoriano. Pero, sen dúbida, un traballo de investigación como base creativa é o que leva a cabo co estudio dos cantos dos paxaros, que transforma dotándoos dun material musical (*O espertar dos paxaros*, 1953). Obras como *O cuarteto para a fin dos tempos* (1940) e a sinfonía *Turangalila* (1948) pasan a se converter nos piares dunha nova estética creativa e indispensables na historia do século XX.

Pierre Boulez (1925) busca na súa música poder expresa-lo seu contido



poético e sensual por medio dunha rigorosa organización dos elementos sonoros. A súa sorprendente obra, *O martelo sen dono* (1954) desenvólvese a partir do determinismo matemático. Xa en obras como *Polifonía X* (1951) ou *Estructuras* (1952), Boulez aplicou o concepto de serie xeneralizada.

En Alemaña, a figura máis destacada do serialismo é Stockhausen (1928), en América, Milton Babbitt (1916); o propio Stravinsky amosa un grande interese pola evolución da música serial, que intenta plasmar nalgúns momentos das súas obras.

## 9. AS NOVAS PAISAXES SONORAS

A partir de 1948 iníciase unha das grandes revolucións do século. Despois de trescentos anos dunha lóxica continuidade nos instrumentos musicais, unha nova perspectiva na utilización das fontes sonoras cambia a produción musical revolucionando o modo no que o compositor desenvolve e experimenta a súa propia concepción. O músico abandona a súa mesa de traballo e o seu piano para se instalar nun novo espazo: primeiro, o estudio radiofónico e, máis tarde, segundo a evolución, o estudio electroacústico. Observaremos cómo de forma gradual os instrumentos tradicionais sofren un intento de renovación á vez que se introduce a electricidade para xerar son, desde os futuristas italianos, ondas martenot, a ondolina, que inciden na posible asociación dos instru-

mentos e a nova xénese de sons. Importante é o desenvolvemento tecnolóxico que se asocia á reprodución sonora e a acumulación de material electrónico e mecánico de reprodución e xeración de son nas emisoras de radio, onde se podían experimentar novos procedementos por parte de persoas sumamente arriscadas no futuro da creación.

Establécense dúas liñas mestras: a concreta, representada por Pierre Schaeffer e Pierre Henry, en París, na Radio Francesa, a partir de 1948; e a electrónica, que ten como principais representantes a Herbert Eimert e Karlheinz Stockhausen na Radio de Colonia a partir de 1950.

Schaeffer concibiu o son como unha fonte abstracta de creación; un ruído ou unha fonte instrumental podían servir en tanto que obxecto de comunicación utilizando a particularidade de separar o son da súa orixe. A proposta de Stockhausen baseábase principalmente na cuestión instrumental, buscando unha extensión do mundo instrumental a novos procedementos de produción sonora. As dúas correntes compartían a ausencia do instrumentista como xerador sonoro e a dependencia dunha tecnoloxía que co tempo e as necesidades melloraba substancialmente.

Diferentes países demostrarán un crecente interese polos acontecementos desenvolvidos en Alemaña e Francia que, pola súa vez, actuaban como puntos de especial reunión de persoas



interesadas en experimenta-las novas correntes, e que ven nacer obras xa clásicas dentro do repertorio do século XX, como o *Gesang der Jünglinge* de Stockhausen ou o *Voile d'Orphée* de Henry. Os avances e a difusión desta música emprenden, ademais, un camiño cara á investigación musical, por iso Schaeffer creará o Groupe de Recherche en Musique Concrète en 1955 e o Groupe de Recherches Musicales en 1958, nos que se traballa a integración de actividades relacionadas como a creación contemporánea, a investigación tecnolóxica e o pensamento músico-teórico.

A principios dos anos setenta comeza a seguinte xeración que se implica directamente co desenvolvemento dos ordenadores e a aparición dos convertedores dixital analóxicos, que permiten a descrición dos sons numericamente, co cal se afonda aínda máis no proceso sonoro e no control dos sons e as súas posibles combinacións. O ordenador dos oitenta facilitou aínda máis o labor do compositor, que tiña tamén ó seu alcance os sintetizadores dixitais, que permitían o principio da modulación de frecuencia e a simulación de sons acústicos instrumentais. O uso do *sampling*, procedemento de gravación de pequenas mostras sonoras de sons acústicos reais en memorias rápidas que poden ser lidas e traspostas a partir dun teclado, terá unha difusión importantísima neste proceso. A chegada do MIDI (código común de comunicación entre os distintos fabricantes de sintetizadores, *samplers* e

outros aparellos) permite unha libre comunicación de informacións entre distintos sistemas e garante unha descrición común da información. Os anos noventa continúan cun aumento da capacidade das técnicas dos sistemas e do tratamento do son e da modificación do son en tempo real. Xa desde os comezos dos medios electroacústicos se desenvolveron dúas tendencias: primeiro a que utiliza os medios tecnolóxicos, en vista da expansión do mundo instrumental, xa como xeración de novos sons que mesturarán con outros producidos por instrumentos tradicionais, ou ben como elemento que interactúa co accionar dos instrumentistas, analizando e reaccionando en función dos que estes executan; e segundo, a escola que utiliza a tecnoloxía coa finalidade de traballa-lo son co fin de realizar músicas nas cales a construción sonora constitúe o elemento motor, organizado segundo unha concepción morfolóxica do son na cal as características estruturais e espectrais son máis importantes cós parámetros clásicos de altura e duración.

Contra 1972 aparece un novo termo relacionado coa música electroacústica, música *acusmática*, que permite agrupar aquelas músicas que voluntariamente fan abstracción do intérprete. Nesta situación asistimos a un cambio total de situación auditiva: o concerto perde o intérprete como elemento motor e o auditor atópase somerxido dentro do fenómeno sonoro percibindo imaxes complexas de sons articulados conformadores do fenómeno musical


(Daniel Teruggi: *Poética electrónica*). Edgar Varèse (1885-1965) vai influír directamente en todo o proceso creativo a partir de 1945, vinculado ó mundo da música concreta e electroacústica. John Cage, músico californiano, é obxecto dun crecente recoñecemento como creador e como pensador do feito musical do noso tempo. Nas súas obras, a indeterminación é moi significativa e quizais a liberdade do compositor se ve reducida. Existen composicións nas que se observan as superposicións sonoras que se realizan durante a manifestación da obra. É importante sinala-la influencia da filosofía budista na súa vida e creación musical. Outras das grandes obsesións son as intervencións nos instrumentos tradicionais (piano preparado) ou o silencio dentro da música. O seu cuestionamento do material sonoro clásico debía conducilo a desbotar igualmente os aspectos discursivos da herdanza musical. Existen propostas, por exemplo, varios instrumentos poden ter que toca-la súa parte sen se preocupar un do doutro, mentres que certas accións, non medidas, confiren a esta parte unha variabilidade considerable. Esta maneira de facer demostra un optimismo moi estendido, unha confianza case cega nas virtualidades significativas do real.

Luigi Nono é posiblemente un dos compositores máis emblemáticos da segunda metade do século XX; italiano nado en 1924 e morto en 1990, inicia unha etapa de afondamento persoal nas técnicas serialistas. Compón *Il*

*canto sopeso*, a obra máis importante do seu catálogo dos anos cincuenta. Interesado na música electroacústica, comeza a frecuenta-lo estudio de fonoloxía da RAI para manter ó cabo unha relación co estudio de música electrónica da Fundación Heinrich Ströbel de Friburgo.

Iannis Xenakis é un claro expoñente da relación entre música, ciencia e arquitectura. Matemático e arquitecto, colaborou con Le Corbusier e intereseouse por encaixar tipos de cálculos matemáticos a deseños visuais para os seus proxectos arquitectónicos. As súas teorías e experiencias relaciónanse directamente coa teoría da probabilidade que reflicte en obras como *Duel* (1959) e *Stratégie* (1962), nas que se establece unha especie de competición entre dous grupos instrumentais.

A fin de século caracterízase por unha crecente admiración e posibles combinacións entre os achados dos grandes compositores. Innovación, reacción, crise da modernidade, etc., son algunhas das posturas que indican a fin e o comezo dun espacio cronolóxico difícil de limitar e mesmo de comprender. A experiencia aconsella realizar unha construción positiva do momento que actualmente vivimos, a creación contemporánea é menos contemporánea ca na época de Bach ou Mozart, e isto abre o debate sobre o afastamento dos nosos compositores actuais (un exceso de intelectualidade neles) do público que foxe de escoitar música actual, e que, é ben certo, está cheo de prexuízos á hora de se enfron-



Os Beatles e Frank Zappa, dúas importantes tendencias da música rock.

tar cunha audición de Boulez ou de Luis de Pablo.

Unha das posturas creativas máis interesantes que viviu o século XX é a xeración de compositores que se enmarcan na chamada música espectral (Murail, Grisey) e que é definida por Anne Sedes da seguinte forma:

La aportación espectral revelaría más bien una síntesis de los conocimientos todavía sumarios en los años setenta, relativos a los datos acústicos y su vinculación con la música, alimentados por otra parte por la experiencia del estudio electroacústico y por la informática balbuciente. Esta síntesis será después aplicada a la escritura y al instrumentarium del momento, gracias a una aproximación más fina al dato sonoro, haciéndose eco de las vías previamente esbozadas, entre otros por Varese, Ligeti, Xenakis o Stockhausen ("Generaciones espectrales... porvenires...", *Revista de Música Doce Notas*, 1997).

## 10. REFLEXIÓN E FINAL

O jazz, o rock, o pop e as manifestacións musicais denominadas populares son sen dúbida as que tiveron o impacto social de primeira orde na dinámica dos acontecementos culturais do século XX. O que moitos amantes da música clásica descoñecen é que bastantes autores dos que falamos se relacionaron con estas formas de expresión, desde a tradición máis culta no ámbito do popular, ata a visión particular do jazz dalgúns destes compositores que o incorporaron ás súas obras.

En 1967, o compositor Luciano Berio escribía nun artigo a súa admiración polas tendencias progresistas dos grupos rockeiros como os Beatles. Pero a música contemporánea tamén influíu en autores ou figuras do rock tan importantes como Frank Zappa; o pro-

pio Boulez dirixiu e gravou obras deste músico moderno, e non só iso, os avances da música electroacústica deixáronse sentir na proxección da de consumo habitual. Son moitas as tendencias que se imbricaron co son dunha sinfónica; o rock sinfónico, a música minimalista, a propia banda sonora, etc. Pero tamén é certo que cada vez existe unha maior demanda dos instrumentos tradicionais da orquestra, por exemplo na música folk, o violín, o piano, a frauta son case sempre invitados de honra nos concertos dos grupos folk e de música étnica. O século XX péchase coa desesperada busca da autenticidade.

Se realmente hai que falar dunha revolución no que se refire ó consumo de música, esta é a que se levou a cabo desde os anos setenta, coa nova perspectiva da investigación musicolóxica: o descubrimento das sonoridades de etapas anteriores. Xa antes da década dos setenta, existía a preocupación por interpreta-la música barroca: Monteverdi, Haendel, Bach, Mozart, desde unha perspectiva historicista, é dicir, coas formulacións interpretativas dela e instrumentos conservados ou copias destes. Buscábase a sonoridade do XVII e do XVIII coa maior fidelidade posible. Esta postura chocaba coas vellas escolas de instrumentistas, directores de orquestra e do público que non estaba afeito a escoitar estas músicas con diferentes afinacións e con instrumentos orixinais, e incluso a cantantes que rescataban do pasado técnicas antigas para o canto e novas voces, como a do contrateno. Britten sabía moito

diso. Os anos oitenta foron de asentamento e xa contra a fin dos noventa é impensable non contar con estas orquestras ou solistas nas programacións dos grandes auditorios, que romperon cos esquemas dos máis conservadores. Pódese falar, pois, dunha nova sensibilidade auditiva que se afianzará de forma espectacular no século XXI.

Dentro do marco deste número especial da REVISTA GALEGA DO ENSINO, o século XX é obxecto dun balance. Preferín a reflexión ante máis de cen anos de intensa creatividade, que os converten nun dos períodos máis arripiantes da época moderna en Occidente. Instaleime no que considere, nun primeiro momento, os detonantes dunha etapa e despois nos que consolidan, e posiblemente deseñan, os diferentes camiños desde finais dos setenta ata os primeiros anos do século XXI.

Son anos de axitación e dispersión creativa. Un compositor da nosa época, non só ten problemas estéticos e comunicativos, senón que se enfronta a unha sociedade de agresivo consumo, onde triunfa a música de escasa calidade e, o que é máis perigoso, a unha verdadeira crise de público da que calquera dirixente cultural europeo é consciente. A música 'cult' encamiñouse cara ó doado e falso brillo cultural daqueles que a utilizan como un éxito de prestixio social. Por iso, entre outras cousas, a ópera triunfa como espectáculo, ou se fundan orquestras que non teñen un claro futuro nin

definido obxecto. As xerencias de orquestras en toda Europa e América programan cada vez máis concertos didácticos para escolares ou os chamados en familia, para ir preparando un público que encha os seus auditorios e escoite no futuro as súas orquestras. É aquí precisamente onde entra de cheo a articulación da música dentro da educación, desde os inicios ata a formación do adulto. Se é certo que hai crise, dubido que sexa de creación, pero si de comunicación co receptor. A responsabilidade está na propia educación da nosa sociedade.

#### BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA

- Adorno, T., *Introduction à la sociologie de la musique*, Xenebra, Contre-champs Éditions, 1994.
- Arias, J., e outros, *Máis alá. Panorama da música galega*. X Xornadas de Música Contemporánea, V Centenario da Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, Servicio de Publicación da Universidade, 1995.
- Carreira, X. M., e M. Balboa, *150 anos de música galega*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Gabinete Técnico de Presidencia, Servicio de Publicacións, 1979.
- Lanza, A., *El Siglo XX. Tercera parte*, en *Historia de la Música*, Madrid, Ediciones Turner, Col. Turner Música, vol. 12, 1986.
- López, J., *La música de la modernidad*, Barcelona, Anthropos, 1984.
- \_\_\_\_\_, *La música de la posmodernidad*, Barcelona, Anthropos, 1988.
- Salveti, G., *El siglo XX. Primera parte*, en *Historia de la Música*, Madrid, Ediciones Turner, Col. Turner Música, vol. 10, 1984.
- VV. AA., "La música en nuestros días", *Revista de Occidente*, núm. 151, Madrid, 1993.
- VV. AA., *Poética Electrónica*, Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións do Centro Galego de Arte Contemporánea, 1995.
- VV. AA., "La encrucijada del soporte en la creación musical", *Revista Doce Notas*, Preliminares núm. 2, Madrid, 1998.
- VV. AA., *O centro integrado de música*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 1999.





# *Premios Nobel*





## PREMIOS NOBEL DE LITERATURA

Ano	Laureados	Motivos
1901	René François Armand, pseudónimo: Sully Prudhomme	“en especial recoñecemento da súa obra poética, que dá testemuño dun elevado idealismo, de perfección artística e dunha rara combinación das calidades do corazón e mais do intelecto”
1902	Christian Matthias Theodor Mommsen	“o máis grande mestre vivo da arte da literatura histórica, con especial referencia á súa monumental obra <i>Unha historia de Roma</i> ”
1903	Bjørnstjerne Martinus Bjørnson	“como tributo á súa poesía nobre, magnífica e versátil, que sempre se distinguiu tanto pola frescura da súa inspiración como pola rara pureza do seu espírito”
1904	Frédéric Mistral	“en recoñecemento da fresca orixinalidade e inspiración auténtica da súa produción poética, que reflicte fidedignamente o escenario natural e o espírito nativo do seu pobo, e, a maiores, o seu importante traballo en filoloxía provenzal”
	José Echegaray y Eizaguirre	“en recoñecemento das numerosas e brillantes obras que, dun xeito persoal e orixinal, recuperaron as grandes tradicións do drama español”
1905	Henryk Sienkiewicz	“polos seus destacados méritos como escritor épico”
1906	Giosuè Carducci	“non só en consideración da súa profunda erudición e da súa investigación crítica, senón, e sobre todo, como tributo á enerxía creativa, a frescura do estilo e a forza lírica que caracterizan as súas obras mestras poéticas”
1907	Rudyard Kipling	“en consideración ó poder de observación, a orixinalidade da imaxinación, a virilidade das ideas e o notable talento para a narración que caracterizan as creacións deste autor mundialmente famoso”
1908	Rudolf Christoph Eucken	“en recoñecemento da súa sincera busca da verdade, o seu penetrante poder de reflexión, a súa amplitude de miras e a calor e a forza de representación cos que, nas súas numerosas obras, reivindicou e desenvolveu unha filosofía idealista da vida”
1909	Selma Ottilia Lovisa Lagerlöf	“en agradecemento do elevado idealismo, a vívida imaxinación e a percepción espiritual que caracterizan as súas obras”
1910	Paul Johann Ludwig Heyse	“como tributo á consumada arte impregnada de idealismo, que demostrou durante a súa longa carreira producti-

		va como poeta lírico, dramaturgo, novelista e escritor de narracións curtas de renome mundial"
1911	Maurice (Mooris) Polidore Marie Bernhard Maeterlinck	"en agradecemento das súas polifacéticas actividades literarias, e especialmente das súas obras dramáticas, que se distinguen pola rica imaxinación e a fantasía poética que revelan, ás veces á guisa de conto de fadas, unha profunda inspiración, mentres, dun xeito misterioso, apelan ós sentimentos propios do lector e estimulan a súa imaxinación"
1912	Gerhart Johann Robert Hauptmann	"sobre todo en recoñecemento da súa produción fructífera, variada e sobresaliente no eido da arte dramática"
1913	Rabindranath Tagore	"polo seu verso profundamente sensible, fresco e fermoso, co que, cunha arte consumada, converteu o seu pensamento poético, expresado nas súas propias palabras en inglés, nunha parte da literatura occidental"
1915	Romain Rolland	"como tributo ó alto idealismo da súa produción literaria e á simpatía e o amor pola verdade cos que describiu diferentes tipos de seres humanos"
1916	Carl Gustaf Verner von Heidenstam	"en recoñecemento da súa significación como destacado representante dunha nova era da nosa literatura"
1917	Karl Adolph Gjellerup	"pola súa poesía variada e rica, que se inspira en altos ideais"
	Henrik Pontopidan	"polas súas descrições auténticas da vida actual en Dinamarca"
1919	Carl Friedrich Georg Spitteler	"en especial agradecemento da súa épica, <i>Primavera olímpica</i> "
1920	Knut Pedersen Hamsun	"pola súa obra monumental <i>Froitos da terra</i> "
1921	Jacques Anatole Thibault, pseudónimo: Anatole France	"en recoñecemento da súa brillante obra literaria, que se caracteriza pola nobreza do seu estilo, unha profunda simpatía humana, elegancia e un auténtico temperamento galo"
1922	Jacinto Benavente	"polo xeito feliz co que lle deu continuación ás ilustres tradicións do drama español"
1923	William Butler Yeats	"pola súa poesía sempre inspirada, que, cunha forma altamente artística, expresa o espírito de toda unha nación"
1924	Wladyslaw Stanislaw Reymont	"pola súa gran épica nacional <i>Os labregos</i> "
1925	George Bernard Shaw	"pola súa obra marcada tanto polo idealismo como pola humanidade; a súa sátira estimulante caracterízase a miúdo por unha fermosura singularmente poética"

1926	Grazia Madesani (nada Deledda), pseudónimo: Grazia Deledda	“polas súas obras inspiradas nos ideais, que, con claridade plástica, retratan a vida na súa illa de orixe, e que, con profundidade e simpatía, tratan dos problemas humanos en xeral”
1927	Henri Bergson	“en recoñecemento das súas ideas ricas e vivificantes e da brillante arte coa que foron presentadas”
1928	Sigrid Undset	“principalmente polas súas poderosas descrições da vida no Norte durante a Idade Media”
1929	Thomas Mann	“principalmente pola súa gran novela <i>Os Buddenbrook</i> , que foi gañando constantemente en recoñecemento como unha das obras clásicas da literatura contemporánea”
1930	Sinclair Lewis	“polo seu xeito vigoroso e gráfico de describir e a súa habilidade para crear, con agudeza e humor, novos caracteres”
1931	Erik Axel Karlfeldt	“A poesía de Erik Axel Karlfeldt”
1932	John Galsworthy	“pola súa distinguida arte narrativa que acada a súa forma máis elevada en <i>A saga dos Forsythe</i> ”
1933	Ivan Alekseievich Bunin	“pola arte estricta coa que lles deu continuidade ás tradicións clásicas rusas en prosa”
1934	Luigi Pirandello	“pola súa audaz e enxeñosa revitalización da arte dramática e escénica”
1936	Eugene Gladstone O'Neill	“polo poder, a honestidade e as profundas emocións das súas obras dramáticas, que encarnan un concepto orixinal da traxedia”
1937	Roger Martin du Gard	“polo poder artístico e a autenticidade cos que representou, no seu ciclo novelístico <i>Os Thiebault</i> , os conflitos humanos e mais algúns aspectos fundamentais da vida contemporánea”
1938	Pearl Walsh (nada Sydenstricker), pseudónimo: Pearl Buck	“polas súas descrições ricas e autenticamente épicas da vida labrega na China e polas súas obras mestras biográficas”
1939	Frans Eemil Sillanpää	“pola súa profunda comprensión do mundo labrego do seu país e a arte exquisita coa que retratou o seu modo de vida e a súa relación coa natureza”
1944	Johannes Vilhelm Jensen	“pola rara forza e a fertilidade da súa imaxinación poética, coa que se combina unha curiosidade intelectual de amplas miras e un estilo audaz e refrescantemente creativo”

1945	Lucila Godoy y Alcayaga, pseudónimo: Gabriela Mistral	“pola súa poesía lírica que, inspirada en poderosas emocións, converteu o seu nome nun símbolo das aspiracións ideais de todo o mundo latinoamericano”
1946	Hermann Hesse	“polos seus escritos inspirados, que, mentres crecen en audacia e penetración, exemplifican os clásicos ideais humanitarios e as altas calidades estilísticas”
1947	André Paul Guillaume Gide	“polos seus escritos extensos e artisticamente significativos, nos que as condicións e os problemas humanos se presentaron cun amor valente pola verdade e unha aguda penetración psicolóxica”
1948	Thomas Stearns Eliot	“polas súas contribucións sobresaíntes e pioneiras á poesía actual”
1949	William Faulkner	“pola súa contribución poderosa e artisticamente única á moderna novela americana”
1950	Earl Bertrand Arthur William Russell	“en recoñecemento da súa variada e significativa obra, na que defende os ideais humanitarios e a liberdade de pensamento”
1951	Pär Fabian Lagerkvist	“pelo vigor artístico e a auténtica independencia de pensamento cos que, na súa poesía, procura atopar respostas ás eternas cuestións ás que se enfronta a humanidade”
1952	François Mauriac	“pola profundidade espiritual e a intensidade artística coas que, nas súas novelas, penetrou no drama da vida humana”
1953	Winston Leonard Spencer Churchill	“pola súa maestría na descrición histórica e biográfica e mais pola brillante oratoria coa que defendeu os elevados valores humanos”
1954	Ernest Miller Hemingway	“pola súa maestría na arte narrativa, recentemente demostrada en <i>O vello e o mar</i> , e pola súa influencia no estilo contemporáneo”
1955	Halldór Kiljan Laxness	“pola súa vívida forza épica, que renovou a grande arte narrativa de Islandia”
1956	Juan Ramón Jiménez	“pola súa poesía lírica, que, na lingua española, constitúe un exemplo de alta espiritualidade e pureza artística”
1957	Albert Camus	“pola súa importante produción literaria, que, cunha clarividente sinceridade, ilumina os problemas da conciencia humana nos nosos tempos”
1958	Boris Leonidovich Pasternak	“pola súa importante obra de poesía lírica contemporánea e no eido da gran tradición épica rusa”

1959	Salvatore Quasimodo	“pola súa poesía lírica, que, cunha fogosidade clásica, expresa a trágica experiencia da vida nos nosos propios tempos”
1960	Alexis Léger, pseudónimo: Saint-John Perse	“pola voo elevado e a imaxinería evocadora da súa poesía, que, dun xeito visionario, reflicte as condicións do noso tempo”
1961	Ivo Andric	“pola forza épica coa que recolleu temas e representou destinos humanos collidos da historia do seu país”
1962	John Steinbeck	“pola súa obra realista e imaxinativa, que combina un humor cordial e unha aguda percepción social”
1963	Giorgos Seferiadis, pseudónimo: Giorgo Seferis	“pola súa eminente obra lírica, inspirada nun profundo sentimento cara ó mundo da cultura helena”
1964	Jean-Paul Sartre	“pola súa obra, que, rica en ideas e chea de espírito de liberdade e de busca da verdade, tivo unha influencia de longo alcance sobre a nosa época”
1965	Michail Aleksandrovich Sholokhov	“pola forza artística e a integridade coas que, na súa épica do <i>Don</i> , lle deu expresión a unha fase histórica na vida do pobo ruso”
1966	Shmuel Yosef Agnon	“pola súa arte narrativa profundamente característica, con motivos da vida do pobo xudeu”
	Nelly Sachs	“pola súa sobresaliente obra lírica e dramática, que interpreta o destino de Israel cunha forza conmovedora”
1967	Miguel Ángel Asturias	“pola súa vívida obra literaria, profundamente enraizada nos trazos característicos e as tradicións nacionais dos pobos indios de América Latina”
1968	Yasunari Kawabata	“pola súa maestría narrativa, que, cunha gran sensibilidade, expresa a esencia da mente xaponesa”
1969	Samuel Beckett	“pola súa obra, que —con novas formas para a novela e o drama— adquire a súa grandeza nas privacións do home moderno”
1970	Aleksandr Isaevich Solzhenitsyn	“pola forza ética coa que continuou as indispensables tradicións da literatura rusa”
1971	Pablo Neruda	“por unha poesía que, coa acción dunha forza elemental, recrea o destino e os soños dun continente”
1972	Heinrich Böll	“pola súa obra, que, a través da súa combinación dunha ampla perspectiva do seu tempo e dunha capacidade sensible para a caracterización, contribuíu a renova-la literatura alemana”

1973	Patrick White	“por unha arte narrativa épica e psicolóxica, que introduciu un novo continente na literatura”
1974	Eyvind Johnson	“por unha arte narrativa, clarividente verbo dos países e dos tempos, ó servicio da liberdade”
	Harry Martinson	“por unha obra que atrapa unha pinga de xeadas e reflicte o cosmos”
1975	Eugenio Montale	“pola súa característica poesía, que, cunha gran sensibilidade artística, interpretou os valores humanos baixo o signo dunha idea sobre a vida sen ilusións”
1976	Saul Bellow	“pola comprensión humana e a sutil análise da cultura contemporánea que aparecen combinadas na súa obra”
1977	Vicente Aleixandre	“por unha obra de creación poética que ilumina a condición do home no universo e na sociedade actual, e que á vez representa a gran renovación das tradicións da poesía española de entreguerras”
1978	Isaac Bashevis Singer	“pola súa apaixonada arte narrativa, que, coas raíces nunha tradición cultural polaca e xudía, revive as condicións humanas universais”
1979	Odysseus Alepoudhelis, pseudónimo: Odysseus Elytis	“pola súa poesía, que, contra o pano de fondo da tradición grega, representa con forza sensual e clarividencia intelectual a loita do home moderno pola liberdade e a creatividade”
1980	Czeslaw Milosz	“quen, cunha clarividencia inflexible, expresa a condición exposta do home nun mundo de graves conflitos”
1981	Elias Canetti	“por unha obra marcada por unha ampla visión, a riqueza das ideas e o poder artístico”
1982	Gabriel García Márquez	“polas súas novelas e narracións curtas, nas que o fantástico e o realista se combinan nun mundo de imaxinación ricamente composto que reflicte a vida e os conflitos dun continente”
1983	William Golding	“polas súas novelas, que, coa perspicacia da arte narrativa realista e a diversidade e universalidade do mito, iluminan a condición humana no mundo de hoxe”
1984	Jaroslav Seifert	“pola súa poesía, que, dotada de frescura, sensualidade e rica inventiva, proporciona unha imaxe liberadora do espírito indomable e a versatilidade do home”
1985	Claude Simon	“quen, na súa novela, combina a creatividade do poeta e do pintor cunha profunda conciencia do tempo na descrición da condición humana”

1986	Wole Soyinka	“quen, cunha ampla perspectiva cultural e con manifestacións poéticas, recrea o drama da existencia”
1987	Joseph Brodsky	“por unha literatura universal, imbuída de claridade de pensamento e intensidade poética”
1988	Naguib Mahfouz	“quen, a través de obras ricas en matices —ora perspicazmente artísticas, ora evocadoramente ambiguas—, formou unha arte narrativa árabe de alcance universal”
1989	Camilo José Cela	“por unha prosa rica e intensa, que, cunha compaixón contida, forma unha desafiante visión da vulnerabilidade do home”
1990	Octavio Paz	“por unha literatura apaixonada de amplos horizontes, que se caracteriza por unha intelixencia sensual e unha integridade humanística”
1991	Nadine Gordimer	“quen, a través da súa magnífica obra épica, foi —con palabras de Alfred Nobel— de gran beneficio para a humanidade”
1992	Derek Walcott	“por unha obra poética de gran luminosidade, sostida nunha visión histórica, produto dun compromiso multicultural”
1993	Toni Morrison	“quen, en novelas caracterizadas por unha forza visionaria e un sentido poético, revive un aspecto esencial da realidade americana”
1994	Kenzaburo Oe	“quen, con forza poética, crea un mundo imaxinado no que a vida e o mito se condensan para formaren unha imaxe desconcertante das actuais dificultades humanas”
1995	Seamus Heaney	“por unha obra de beleza lírica e profundidade ética, que exalta os milagres diarios e o pasado vivo”
1996	Wisława Szymborska	“pola poesía que, con irónica precisión, lle permite ó contexto histórico e biolóxico ve-la luz en fragmentos de realidade humana”
1997	Dario Fo	“quen emula os bufóns medievais cando fustriga a autoridade e defende a dignidade dos reprimidos”
1998	José Saramago	“quen, con parábolas sostidas na imaxinación, a compaixón e a ironía, nos posibilita continuamente, unha vez máis, aprehender unha realidade enganosa”
1999	Günter Grass	“quen, coas súas divertidas fábulas negras, retrata a face oculta da historia”



## PREMIOS NOBEL DA PAZ

Ano	Laureados
1901	Jean Henri Dunant Frédéric Passy
1902	Élie Ducommun Charles Albert Gobat
1903	William Randal Cremer
1904	Instituto de Dereito Internacional
1905	Bertha Sophie Felicita von Suttner (nada Kinsky von Chinic und Tettau)
1906	Theodore Roosevelt
1907	Ernesto Teodoro Moneta Louis Renault
1908	Klas Pontus Arnoldson Fredrik Bajer
1909	Auguste Marie François Beernaert Paul Henri Benjamin Balluet d'Estournelles de Constant
1910	Axencia Internacional Permanente da Paz
1911	Tobias Michael Carel Asser Alfred Hermann Fried
1912	Elihu Root
1913	Henri La Fontaine
1917	Comité Internacional da Cruz Vermella
1919	Thomas Woodrow Wilson
1920	Léon Victor Auguste Bourgeois
1921	Karl Hjalmar Branting Christian Louis Lange
1922	Fridtjof Nansen
1925	Austen Chamberlain Charles Gates Dawes

1926	Aristide Briand Gustav Stresemann
1927	Ferdinand Buisson Ludwig Quidde
1929	Frank Billings Kellogg
1930	Lars Olof Nathan (Jonathan) Söderblom
1931	Jane Addams Nicholas Murray Butler
1933	Norman Angell (Ralph Lane)
1934	Arthur Henderson
1935	Carl von Ossietzky
1936	Carlos Saavedra Lamas
1937	Edgar Algernon Robert Gascoyne Cecil
1938	Oficina Internacional Nansen para os Refuxiados
1944	Comité Internacional da Cruz Vermella
1945	Cordell Hull
1946	Emily Greene Balch John Raleigh Mott
1947	<i>The Friends Service Council (The Quakers)</i> <i>The American Friends Service Committee (The Quakers)</i>
1949	John Boyd Orr of Brechin
1950	Ralph Bunche
1951	Léon Jouhaux
1952	Albert Schweitzer
1953	George Catlett Marshall
1954	Oficina do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados
1957	Lester Bowles Pearson
1958	Georges Henri Pire

- 1959 Philip J. Noel-Baker
- 1960 Albert John Lutuli
- 1961 Dan Hjalmar Agne Carl Hammarskjöld
- 1962 Linus Carl Pauling
- 1963 Comité Internacional da Cruz Vermella  
Liga das Sociedades da Cruz Vermella
- 1964 Martin Luther King Jr.
- 1965 Fondo de Emerxencia Internacional das Nacións Unidas para a Infancia (Unicef)
- 1968 René Cassin
- 1969 Organización Mundial do Traballo
- 1970 Norman Bourlaug
- 1971 Willy Brandt
- 1973 Henry A. Kissinger  
Le Duc Tho
- 1974 Seán Mac Bride  
Eisaku Sato
- 1975 Andrei Dmitrievich Sakharov
- 1976 Betty Williams  
Mairead Corrigan
- 1977 Amnistía Internacional
- 1978 Mohamed Anwar Al-Sadat  
Manachem Begin
- 1979 Teresa de Calcuta
- 1980 Adolfo Pérez Esquivel
- 1981 Oficina do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados
- 1982 Alva Myrdal  
Alfonso García Robles
- 1983 Lech Walesa
- 1984 Desmond Mpilo Tutu

- 1985 Físicos do Mundo para a Prevención da Guerra Nuclear
- 1986 Elie Wiesel
- 1987 Óscar Arias Sánchez
- 1988 Forzas internacionais de mantemento da paz das Nacións Unidas
- 1989 Tenzin Gyatso (o decimocuarto Dalai Lama)
- 1990 Mikhail Sergueievich Gorbachov
- 1991 Aung San Suu Kyi
- 1992 Rigoberta Menchú Tum
- 1993 Nelson Mandela  
Frederik Willem de Klerk
- 1994 Yasser Arafat  
Shimon Peres  
Yitzhak Rabin
- 1995 Joseph Rotblat  
Conferencias de Pugwash sobre Ciencia e Asuntos Internacionais
- 1996 Carlos Filipe Ximenes Belo  
José Ramos-Horta
- 1997 Campaña Internacional para a Prohibición das Minas Persoais  
Jody Williams
- 1998 John Hume  
David Trimble
- 1999 Médicos sen Fronteiras







# *Normas para os autores*





## NORMAS PARA OS AUTORES

---

*Comité de Redacción*

Os profesores interesados en remitir estudos, prácticas, recensións de libros ou noticias para a súa publicación na *Revista Galega do Ensino* (RGE) deberán aterse ás seguintes indicacións, tendo en conta que non se aceptarán os traballos que non as respecten:

1ª) As colaboracións serán inéditas. Consistirán en investigacións teóricas ou prácticas relacionadas co ensino. Deben presentar especial interese para calquera dos tres niveis —primario, secundario, universitario—integrados no contido multidisciplinar da RGE. Preferiranse os traballos dun só firmante e non se aceptarán os asinados por máis de dous. O nome e os apelidos do autor, seguidos do do centro docente ou institución onde traballe, figurarán debaixo do título. As recensións darán noticia de libros de actualidade (enténdese do mesmo ano en que se envían á Revista) e nelas o nome, apelidos e centro do autor poranse ó final. Cando se trate dunha primeira colaboración, indicaranse, en folio á parte nome, centro, enderezo e teléfono. Axuntarase un breve currículo (15 a 20 liñas).

2ª) Os autores presentarán os traballos en disquete, acompañados de copia impresa en letra Courier tamaño 12, paso non compensado. Cada páxina debe ter 2.275 matrices (caracteres + espazos en branco), o que equivale a folios Din A4 de 35 liñas con 65 matrices por liña.

### **Aplicacións soportadas.**

Ficheiros de texto.

Sempre que sexa posible, o ficheiro deberá estar almacenado en formato *Word 97 para Windows*.

*Word 97 para Windows* soporta ficheiros de:

*Word Perfect* ata a versión 5.x para *MS.DOS* e *Windows*,

*Microsoft Publisher 2.0*

E ficheiros *MS.DOS* e *ASCII*

*Word Perfect 5.1* para *MS-DOS*.

*QuarkXPress 3.3* para *Power Macintosh*

*Postscript* con formato *MAC* ou *PC*.

Follas de cálculo:

O xestor de follas de cálculo utilizado é *Excel 97* para *Windows*.

Soporta conversión desde formato.

*Lotus 1-2-3,*  
*QuattroPro/DOS,*  
*Microsoft Works,*  
*dBASE,*  
 versións anteriores de *Excel*.

Bases de datos:

O xestor de base de datos é *Acces 97* 2.5 para *Windows*. Os ficheiros con formato *dBASE* son recoñecidos pola aplicación.

3ª) Os orixinais deberán estar correctamente redactados e puntuados, e escritos, se for posible, en lingua galega. A RGE, que seguirá as normas oficiais do idioma galego, incluso nas opcións preferidas por elas, resérvase a capacidade de facer correccións de estilo, maiormente naqueles puntos que poidan resultar escuros ou ambiguos. Non se usará letra negra (grosa). A cursiva ou as comiñas deberán responder ás convencións internacionais. Toda sigla ha de ser desenvolvida entre parénteses a primeira vez que se cite nun traballo. Exemplo: RAG (Real Academia Galega).

4ª) Así mesmo, a RGE prégalles ós autores o envío de ilustracións de boa calidade, en cor ou en branco e negro (fotografías, fotocopias, mapas, debuxos, gráficos). Para a publicación das recensións é imprescindible a fotocopia da cuberta do libro.

5ª) Os traballos terán a extensión seguinte (cítanse a mínima e a máxima en folios Din A4, entendendo incluídos cadros e esquemas): “Colaboracións Especiais”, 15-25; “Estudios”, 10-25; “Prácticas”, 6-15; “Recensións”, 3-5; “Noticias”, 1-4.

6ª) No caso de estaren divididos en apartados e subapartados, os orixinais han ir acompañados do correspondente índice, organizado con cifras ou letras. Este índice non se publicará.

7ª) O Comité de Redacción decidirá a conveniencia da publicación dos traballos, que serán avaliados por especialistas nas materias de que se trate.

8ª) Os colaboradores da RGE recibirán unha ficha, que cubrirán cos seus datos e o seu perfil académico e profesional.

9ª) A cada autor dun traballo publicado na RGE enviaránselle tres exemplares dela e vinte e cinco separatas.

10ª) Os estudos con notas presentarán estas preferentemente a pé de páxina.

11ª) As referencias bibliográficas que aparezan no corpo do traballo disporanse abreviadamente segundo un dos modos seguintes, máis adiante detallados:

(A. Parrilla, *La integración...*, p. 18)  
 — sistema europeo:

(Parrilla, 1992a, 18) — sistema americano:

Debe terse en conta que o sistema europeo prefere a substitución das referencias bibliográficas incrustadas no corpo do traballo por chamadas e notas a pé de páxina, nas que non hai orde alfabética e os nomes dos autores figuran antes dos apelidos; nelas adoitan usarse as referencias bibliográficas cos datos editoriais completos.

O sistema americano permite suprimir as notas a pé de páxina cando son exclusivamente bibliográficas, polo que resulta indispensable unha bibliografía final na que se detallen tódolos datos.

12ª) A bibliografía consultada como base das colaboracións colocárase ó final delas, ordenada alfabeticamente polos apelidos dos autores, seguidos dos seus nomes, completos ou abreviados coa letra inicial; despois poñeráse coma ou dous puntos. Debe entenderse que, feita calquera destas eleccións, non se mesturará coa outra.

Utilizárase sangría francesa, é dicir, sangraráanse tódalas liñas, agás a primeira de cada entrada.

Os títulos de libros, revistas e xornais irán en letra cursiva; os de capítulos de libros, de artigos aparecidos en revistas e xornais, ou de traballos en libros colectivos poñeráse entre comiñas, indicando a continuación o xornal, revista ou libro en que se integran.

Escribíranse logo tódolos datos editoriais, sempre pola mesma orde: lugar de edición, editorial, ano (se non se citou antes, segundo o sistema americano) e, se se desexa, colección. No caso das revistas abonda con poñer o número e o ano; no de xornais, a data completa.

Indicárase o número da edición do libro, abreviadamente ou voado, só cando non sexa a primeira.

Sinaláranse as páxinas que comprenden o capítulo ou o artigo ós que se fai referencia.

Cando se citen dous ou máis traballos dun autor, ordenáranse cronoloxicamente, pero o apelido e o nome só aparecerán na primeira entrada: nas seguintes substituíranse por un trazo longo ó que seguirá, sen puntuación intermedia, o título que corresponda.

Elixido un sistema (o europeo ou o americano), non se mesturará co outro.

Pregábase un uso atento e rigoroso da puntuación, tal como se observa nos exemplos que seguen. Os apartados, que aparecen aquí por razóns de claridade, non se reproducirán na lista de referencias bibliográficas, que debe compoñerse con atención exclusiva á orde alfabética.

Reitérase, así mesmo, que esta orde non se respecta nas notas a pé de páxina, nas que os nomes propios van antepostos ós apelidos. En todo caso, os números xa publicados da RGE poden servir de guía para estas ou outras dúbidas.

## SISTEMA EUROPEO

### A) LIBROS dun só autor:

Goldstein, A., *Prescription for child mental health and education*, New York, Pergamon, 1978.

Parrilla, A., *La integración escolar y los profesores*, Madrid, Cincel, 2ª ed., 1992 (ou 1992ª).

Tarrío Varela, A., *Literatura galega. Aportacións a unha Historia crítica*, Vigo, Xerais, 1995.

## B) LIBROS de varios autores:

Cando os autores son dous ou tres, só se inverte o nome do primeiro. Se son máis de tres adóitase citar só o primeiro, seguido de "e outros". Se foran moitos e ningún deles figurase como coordinador, editor, director, recompilador, etc., utilizaranse as siglas AA.VV. ou VV. AA. (Varios Autores).

Ares Vázquez, M. Carme, e outros, *Diccionario Xerais da Lingua*, Vigo, Xerais, 1986.

López Casanova, A., e E. Alonso, *El análisis estilístico. Poesía /Novela*. Valencia, Bello, 1975.

Santamaría, Andrés, Augusto Cuartas e Joaquín Mangada, *Diccionario de incorreccións, particularidades y curiosidades del lenguaje*, Madrid, Paraninfo, 1995.

VV. AA., *Comprensión lingüística en estudiantes de Primaria y ESO*, Madrid, Ministerio de Educación y Cultura, 1996.

\*\*\*

## C) ARTIGOS aparecidos en revistas e xornais:

Laín Entralgo, P., "¿Generación del 98?", *El País*, 26-XI-1996, pp. 13-14.

Siguán, M., "O ensino bilingüe. Unha perspectiva de conxunto", *Revista Galega do Ensino*, 1, 1993, pp. 13-30.

Theilgaard, A., "Aggression and the XYY personality", *International Journal Law & Psychiatric*, 6, 1983, pp. 413-421.

\*\*\*

## D) CAPÍTULOS de libros dun só autor:

Moreno Báez, E., "Manierismo y Barroco", en *Reflexiones sobre el 'Quijote'*, Madrid, Prensa Española, 1971<sup>2</sup>, pp. 107-125.

\*\*\*

## E) TRABALLOS en publicacións colectivas (libros de varios autores, dictionarios, enciclopedias, actas, misceláneas...):

Fernández Mosquera, S., "Quevedo y los emblemas: una comunicación difícil", en S. López Poza (ed.), *Literatura emblemática hispánica. Actas del I Simposio Internacional*, A Coruña, Universidade, 1996, pp. 447-459.

Oliveira, A. Resende de, "Pai Gómez Charinho", en G. Tavanni e G. Lanciani (eds.), *Diccionario de Literatura Medieval Galega e Portuguesa*, Lisboa, Caminho, 1993, pp. 502-503.

Requejo Osorio, A., "Desarrollo Comunitario y Educación", en J. M. Quintana (coord.), *Iniciativas sociales en educación informal*, Madrid, Rialp, 1991, pp. 349-360.

## SISTEMA AMERICANO

O sistema americano permite unha maior brevidade debido ás referencias bibliográficas intercaladas no corpo do traballo e ó aforro de notas a pé de páxina. Na bibliografía todo se pon igual ca no europeo, con excepción da data, que figura entre parénteses despois do nome do autor. Cando se mencionen varios

libros dun autor publicados no mesmo ano, usaranse letras minúsculas comezando polo *a*. Daremos só algúns exemplos elixidos entre os dos apartados anteriores:

A)

Parrilla, A. (1992a): *La integración escolar y los profesores*, Madrid, Cincel, 2ª ed.

Tarrío Varela, A. (1995): *Literatura galega. Aportacións a unha Historia crítica*, Vigo, Xerais.

B)

López Casanova, A., e E. Alonso (1975): *El análisis estilístico. Poesía/Novela*, Valencia, Bello.

C)

Siguán, M. (1993): “O ensino bilíngüe. Unha perspectiva de conxunto”, *Revista Galega do Ensino*, 1, 13-30.

D)

Moreno Báez, E (1971<sup>2</sup>): “Manierismo y Barroco”, en *Reflexiones sobre el ‘Quijote’*, Madrid, Prensa Española, 107-125.

E)

Oliveira, A. Resende de (1993): “Pai Gómez Charinho”, en G. Tavanni e G. Lanciani (eds.), *Diccionario de Literatura Medieval Galega e Portuguesa*, Lisboa, Caminho, 502-503.

13ª) Nas RECENSIÓNS deben figurar sempre os mesmos datos e pola mesma orde:

**Título:** *Letra cursiva minúscula.*

**Autor:** Nome e apelidos.

**Traductor:** Cando sexa pertinente.

**Editorial:** Nome dela, lugar e ano de edición.

**Colección:** Se a hai e desexa mencionarse.

**Núm. pp.:** Número de páxinas.

**Tamaño:** Número de cm de alto por número de cm de largo.

14ª) Os repertorios de NOVIDADES EDITORIAIS respectarán as indicacións bibliográficas descritas.

15ª) Enténdense como NOTICIAS as que informen sobre investigación, educación e ensino. Poderán anunciarse congresos, cursos, certames, bolsas, actos culturais, etc., sempre que sexa coa anticipación conveniente e non resulten desfasadas no momento da aparición da RGE.

Así mesmo, mediante breves resumos, pódense dar NOTICIAS de acontecementos recentes: congresos, cursos, exposicións, estreas teatrais, concertos e actos culturais diversos.

16ª) O Comité de Redacción resérvasse a facultade de introduci-las modificacións que estime oportunas na aplicación das normas publicadas. Os orixinais non serán devoltos.



